

MEMORIA TOMO II
VOLUME 3





MEMORIA

TOMO II VOLUME 3

CONTIDO

I.	CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE	7
II.	CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN	115
III.	CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL	293
IV.	CONSELLERÍA DO MAR	429



CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

SECCIÓN 13

I. ESTRUCTURA ORGÁNICA E COMPETENCIAS

I.1. ESTRUCTURA ORGÁNICA

A Presidencia da Xunta de Galicia aprobou o Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia. Posteriormente aprobouse o Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das Consellerías da Xunta de Galicia.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, para o exercicio das súas competencias e o cumprimento dos seus fins, baixo a superior dirección da súa persoa titular estrutúrase nos seguintes órganos superiores e de dirección:

- Secretaria Xeral Técnica.
- Secretaria Xeral da Lingua.
- Dirección Xeral de Cultura.
- Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.
- Dirección Xeral de Xuventude.

Quedan adscritos a esta Consellería, sen prexuízo da súa personalidade xurídica propia, as seguintes entidades públicas instrumentais:

- A Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC).
- A Fundación do Sector Público Autonómico Camilo José Cela.
- A Fundación do Sector Público Autonómico Cidade da Cultura de Galicia.
- A Fundación do Sector Público Autonómico Museo do Mar de Galicia.

Nas cidades da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra existe unha dirección territorial da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude cuxo ámbito de competencia se estende ao territorio da respectiva provincia.

Así mesmo, están adscritos a esta consellería, co carácter, misión e funcións establecidos nas súas respectivas normas reguladoras os órganos colexiados seguintes:

- A Comisión Mixta Xunta de Galicia-Igrexa Católica, regulada polo Decreto 84/2017, do 3 de agosto.
- O Consello Superior de Valoración de Bens Culturais de Interese para Galicia, regulado polo Decreto 122/2012, do 10 de maio.
- A Comisión Técnica de Arqueoloxía, regulada polo Decreto 93/2017, do 14 de setembro.

- Consello Asesor dos Camiños de Santiago regulado polo Decreto 93/2017, do 14 de setembro.
- A Comisión Técnica de Etnografía, regulada polo Decreto 60/2008, do 13 de marzo.
- A Comisión de Seguimento e Impulso do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, creada polo Decreto 58/2006, do 30 de marzo.
- A Comisión Interdepartamental da Xunta de Galicia para a Normalización Lingüística, creada polo Decreto 258/2006, do 28 de decembro.
- O Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia, regulado polo Decreto 190/2013, do 19 de decembro.
- O Consello Coordinador de Publicacións da Xunta de Galicia e a Comisión Permanente de Publicacións, regulados polo Decreto 196/2001, do 26 de xullo, polo que se regulan as publicacións da Xunta de Galicia.
- O Consello Asesor do Libro, regulado polo Decreto 178/2007, do 13 de setembro.
- O Consello Asesor do Centro Galego de Arte Contemporánea.
- O Consello de Avaliación Documental, regulado polo Decreto 15/2016 do 14 de xaneiro.
- O Consello de Arquivos, regulado no Decreto 25/2016 do 3 de marzo polo que se regula a súa composición e o funcionamento.
- A Comisión Interdepartamental da Ribeira Sacra, creada polo Decreto 105/2020, do 9 de xullo.
- A Comisión de Toponimia, regulada polo Decreto 174/1998, do 5 de xuño.
- O Consello de Centros Museísticos de Galicia, regulado polo Decreto 202/2022, do 10 de novembro, polo que se regula a súa composición e funcionamento.
- O Consello Galego de Acción Voluntaria e o Observatorio Galego de Acción voluntaria, creados pola Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria.
- O comité Galego de Políticas de Xuventude, creado pola Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia.
- O Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia e o seu Observatorio Galego de Xuventude, creados pola Lei 6/2012, do 19 de xuño.
- Os Consellos Territoriais de Patrimonio Cultural de Galicia regulados polo Decreto 93/2017, do 14 de setembro.

I.2. COMPETENCIAS

I.2.1. DA CONSELLERÍA

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude de acordo co Decreto 146/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica é o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponden as competencias e funcións en materia de promoción e difusión da cultura; a protección do patrimonio cultural de Galicia e dos Camiños de Santiago; a promoción e o ensino da lingua galega, así como a dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia e a xestión das actuacións en materia de xuventude, participación e voluntariado. Todo isto de conformidade co establecido na Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de autonomía de Galicia, e nas demais normativa que sexa de aplicación.

O exercicio destas funcións e competencias desenvólvese a través de:

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

Exercerá as funcións e competencias establecidas na Lei 16/2010, do 17 de decembro de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia así como outras que lle sexan delegadas ou encomendadas pola persoa titular da Consellería e as restantes que lle atribúa o ordenamento xurídico, entre elas as seguintes:

- a) O asesoramento e a coordinación de todos os órganos, servizos e entidades instrumentais adscritos á Consellería.
- b) A emisión dos informes e a realización dos estudos técnicos e xurídicos correspondentes aos asuntos de que coñezan a Consellería ou as entidades públicas instrumentais adscritas a ela.
- c) A remisión dos asuntos que deban someterse ao Consello da Xunta de Galicia ou ás súas comisións delegadas.
- d) O seguimento da tramitación e rexistro dos convenios, acordos, protocolos e declaracións subscritos no ámbito competencial da Consellería, así como a tramitación e execución dos convenios, plans, obras, actuacións e convocatorias de subvencións nas materias competencia doutros órganos superiores e de dirección da Consellería, con cargo aos créditos da Secretaría Xeral Técnica.
- e) Exercer as funcións correspondentes á persoa encargada da sección do Rexistro de Fundacións de Interese Galego na Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.
- f) A representación da Consellería nos órganos colexiados que exerzan funcións relacionadas coas súas competencias.
- g) Velar polo cumprimento da lexislación de igualdade no traballo entre homes e mulleres.

- h) A suplencia temporal, nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade, así como nos casos en que sexa declarada a abstención ou recusación, das persoas titulares dos órganos superiores e dos órganos directivos da Consellería a que se refire a disposición adicional cuarta.

SECRETARÍA XERAL DA LINGUA

A Secretaría Xeral da Lingua é o órgano superior en materia de promoción e ensino da lingua galega e de dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia, e ten como obxectivos impulsar o desenvolvemento e a aplicación da lexislación derivada do artigo 5 do Estatuto de autonomía de Galicia.

En particular, correspóndelle exercer as competencias e funcións seguintes:

- a) Promover, impulsar e elaborar propostas lexislativas e regulamentarias que potencien a normalización lingüística e o fomento do uso da lingua galega.
- b) Cooperar coa Comisión Interdepartamental da Xunta de Galicia para a Normalización Lingüística e impulsar e coordinar as medidas de política lingüística dos departamentos da Xunta de Galicia mediante a achega do soporte técnico necesario.
- c) Programar e desenvolver medidas para o fomento do uso do idioma galego nos diferentes eidos sociais e económicos de Galicia, co fin de incrementar a dispoñibilidade de produtos e servizos en galego.
- d) Planificar e desenvolver campañas e medidas de fomento do uso, coñecemento e difusión do galego dentro e fóra do territorio lingüístico galego.
- e) Promover, coordinar e desenvolver a política de investigación que favoreza a normalización lingüística nas súas diferentes manifestacións, especialmente no eido do léxico e da terminoloxía.
- f) Emitir informe sobre os proxectos de disposicións normativas de carácter xeral que promovan os departamentos da Xunta de Galicia sobre a normalización do uso do galego ou sobre a política lingüística en xeral.
- g) Establecer o marco metodolóxico de referencia e os plans e programas para o ensino do galego ás persoas adultas, de acordo coas directrices do Consello de Europa en materia de ensino de linguas.
- h) Colaborar co Consello de Europa e con outros organismos nacionais e internacionais en relación cos procesos para a defensa, a aprendizaxe, o ensino e a avaliación das linguas.
- i) Convocar e administrar as probas e expedir os certificados de coñecemento de galego.
- j) Convocar e administrar as probas e os certificados de tradución e interpretación xurada doutras linguas para o galego e viceversa, así como autorizar as habilitacións directas destes, cando proceda, e a súa inscrición no Rexistro oficial de profesionais da tradución e interpretación xuradas doutras linguas para o galego e viceversa.

- k) Promover o diálogo, a cooperación e a colaboración con outras institucións competentes en materia de política lingüística.
- l) Promover accións para impulsar a aplicación transversal do principio de igualdade por razón de xénero no eido da política lingüística e o fomento do uso da lingua galega.
- m) Coordinar e impulsar accións en materia de toponimia.
- n) Calquera outra competencia ou función que lle sexa delegada ou encomendada pola persoa titular da Consellería.

DIRECCIÓN XERAL DE CULTURA

A Dirección Xeral de Cultura é o órgano directivo ao que lle corresponde exercer as competencias en materia de promoción da cultura.

En particular, correspóndelle exercer as competencias e funcións seguintes:

- a) As vinculadas á defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego, de acordo co artigo 32 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de autonomía para Galicia.
- b) Promover o acceso universal, igualitario e inclusivo á cultura.
- c) O fomento e a promoción da produción literaria, as artes visuais, a danza, a música e as artes escénicas, coreográficas e audiovisuais.
- d) A dirección e coordinación das atribucións da Consellería en materia de promoción da lectura e do libro, así como nas materias de bibliotecas, arquivos e centros museísticos.
- e) A protección do patrimonio documental, bibliográfico e museístico de Galicia.
- f) A coordinación e supervisión das actuacións do Centro Galego de Arte Contemporánea.
- g) Calquera outra competencia e función que lle sexa delegada ou encomendada pola persoa titular da Consellería.

DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL

A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural correspóndelle a dirección e coordinación das actuacións da Consellería en materia de patrimonio artístico, histórico, arqueolóxico, paleontolóxico, arquitectónico, etnolóxico, antropolóxico, industrial, científico e técnico en toda as súas manifestacións, e, especialmente, as seguintes funcións:

- a) A protección, conservación, acrecentamento, difusión e fomento do patrimonio cultural de Galicia, así como a súa investigación, valorización e transmisión ás xeracións futuras.

- b) A delimitación e protección dos Camiños de Santiago en Galicia, así como a elaboración de anteproxectos normativos que os afecten.
- c) A xestión dos asuntos relacionados co réxime xurídico de protección do patrimonio cultural, en coordinación coa Secretaría Xeral Técnica.
- d) A tramitación e xestión dos procedementos de clasificación do patrimonio cultural de Galicia, coa declaración de ben de interese cultural e inclusión no Catálogo. Xestión do Censo do patrimonio cultural de Galicia. Difusión do patrimonio cultural de Galicia.
- e) A promoción e xestión das actuacións arqueolóxicas relacionadas coas competencias da Dirección Xeral.
- f) A emisión de informes, acordos ou resolucións dos procedementos e intervencións que afecten a protección do patrimonio cultural, conforme a normativa vixente.
- g) A realización de informes e estudos que sexan requiridos polas autoridades competentes e, en particular, o informe e asesoramento ás autoridades administrativas, cando sexa solicitado, en materia de protección e conservación do patrimonio cultural, e na adopción das medidas cautelares, correctivas e sancionadoras que se xulguen convenientes.
- h) A promoción, dirección e xestión das obras de conservación e restauración do patrimonio cultural promovidas pola Consellería.
- i) A realización das actuacións necesarias para o exercicio da potestade expropiatoria e do dereito de adquisición preferente en asuntos relacionados co patrimonio cultural.
- j) A preparación e xestión de convenios e protocolos relacionados coas competencias da Dirección Xeral.
- k) A elaboración e edición de publicacións de carácter científico, cultural, educativo e divulgativo relacionadas co patrimonio cultural.
- l) A proposta de programas e accións de formación, difusión e xestión relacionados co patrimonio cultural.
- m) A formulación das correspondentes propostas contables dos expedientes tramitados con cargo aos orzamentos asignados ao seu centro directivo.
- n) A dirección do Plan Territorial Integrado dos Camiños de Santiago, así como dos instrumentos de ordenación do territorio que teñan por obxecto a protección dos seus valores culturais.
- o) Calquera outra función análoga que lle sexa encomendada.

DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE

A Dirección Xeral de Xuventude é o órgano directivo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao cal lle corresponde exercer as competencias en materia de xuventude, participación e voluntariado. En particular, correspóndenlle as seguintes funcións:

- a) A xestión das actuacións en materia de xuventude, así como as políticas xuvenís de carácter interdepartamental e de apoio ao desenvolvemento da actividade xuvenil.
- b) A planificación en materia de xuventude, especialmente a través do Plan estratéxico de xuventude de Galicia, así como a coordinación na elaboración, na execución e na avaliación das políticas transversais de xuventude.
- c) O fomento da participación da xuventude na vida social.
- d) A coordinación e a supervisión do funcionamento das instalacións xuvenís, tanto as propias da Consellería como as dependentes doutras entidades, e a prestación da asistencia técnica necesaria para dar un servizo de calidade.
- e) O fomento da mobilidade xuvenil, dos intercambios xuvenís, tanto no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia coma no resto do Estado e no ámbito internacional.
- f) A organización e o funcionamento do Instituto da Xuventude de Galicia e, no seo deste, da Escola Galega de Xuventude.
- g) O seguimento na xestión da Rede galega de información xuvenil e a súa promoción e desenvolvemento, en coordinación cos centros de información da Administración xeral do Estado e das comunidades autónomas, velando pola prestación dun servizo innovador e de calidade.
- h) A coordinación das funcións informativas e de documentación dos servizos da Rede galega de información xuvenil e a coordinación dos servizos prestados na Rede galega de centros de xuventude, os Espazo Xove.
- i) A xestión do Rexistro autonómico das entidades xuvenís, nos termos que establece a Lei 6/2012, de xuventude de Galicia, e todas aquelas actuacións que deriven da aplicación da citada lei.
- j) A dirección e a xestión das actuacións en materia de voluntariado, a elaboración e o seguimento dos instrumentos de planificación, de rexistro, da xestión dos órganos colexiados, e todas aquelas actuacións en aplicación da Lei galega 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria.
- k) A elaboración do anteproxecto de orzamento e a memoria de funcionamento correspondente ao órgano, así como a súa xestión, seguimento e avaliación.
- l) Impulsar a aplicación da perspectiva de xénero nas materias da súa competencia.

Os reais decretos polos que se aprobaron os traspasos de funcións e servizos en materia de cultura son os seguintes:

- Real decreto 1634/1980, do 31 de xullo, de traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia, entre outras, de cultura.
- Real decreto 1706/1982, do 24 de xullo, de consolidación de traspasos efectuados na fase preautonómica á Xunta de Galicia.

- Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, de traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura.
- Real decreto 3356/1983, do 28 de decembro, sobre valoración definitiva e ampliación de medios adscritos aos servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura e adaptación dos transferidos na fase preautonómica.
- Real decreto 1531/1989, do 15 de decembro, sobre ampliación de medios persoais e orzamentarios traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura (bibliotecas, arquivos e museos).
- Real decreto 2167/1994, do 4 de novembro, sobre ampliación das funcións e dos medios adscritos aos servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura (Muralla de Lugo e Castro de Viladonga).
- Real decreto 2168/1994, do 4 de novembro, sobre ampliación de medios adscritos aos servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura (museos).
- Real decreto 2169/1994, do 4 de novembro, sobre ampliación das funcións e os medios adscritos aos servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura (puntos de información cultural).
- Real decreto 1825/1998, do 28 de agosto, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma en materia de execución da lexislación sobre propiedade intelectual.

I.2.2. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAI

De acordo cos fins que lle atribúe a súa lei de creación (Lei 4/2008, do 23 de maio), ten por obxecto o impulso e a consolidación do tecido empresarial no sector cultural galego.

As súas competencias esténdense á totalidade das actividades culturais e artísticas desenvolvidas por creadores individuais e empresas, na procura dunhas industrias culturais dinámicas, competitivas e innovadoras e, en particular:

- Impulsar a creación e o desenvolvemento de empresas que produzan bens e servizos culturais.
- Favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia como elemento singularizador no mercado.
- Promover a distribución e a comercialización dos produtos culturais dentro e fóra do noso país.

- Contribuír á mellora na preparación e cualificación artística, técnica e empresarial dos recursos humanos.
- Estimular a creación, avivar o talento e a capacitación e incitar ao recoñecemento social e económico de artistas e autoras e autores no proceso de produción.

Os estatutos foron aprobados polo Decreto 150/2012, do 12 de xullo e modificados polo Decreto 53/2021 do 18 de marzo.

1.2.3. DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

A FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia acolle nos seus espazos servizos e actividades destinados á preservación do patrimonio e á memoria, ao estudo, á investigación, á experimentación, á produción e á difusión nos ámbitos das letras e o pensamento, a música, o teatro, a danza, o cine, as artes visuais, a creación audiovisual e a comunicación, á vez que alberga proxectos como a Biblioteca de Galicia, o Arquivo de Galicia ou o Museo-Centro Gaiás.

A Cidade da Cultura de Galicia (CdC) constitúese como un espazo de vangarda arquitectónica que debe ser tamén un centro cultural e artístico de emprendemento punteiro pola innovación dos seus contidos. Nese senso, concíbese a CdC como unha plataforma de proxectos para o desenvolvemento da cultura e da sociedade galega e ao servizo dela que busca crear oportunidades e dinamizar o conxunto do sistema cultural galego a través do impulso e a proxeción da cultura nun senso amplo, innovador e internacional, co que tamén imprimir un polo de dinamización económica, crecemento e emprego.

A FUNDACIÓN CAMILO JOSÉ CELA

A Fundación Camilo José Cela, situada en Iria Flavia, localidade natal do escritor, foi constituída en 1986 polo Premio Nobel padronés co principal propósito e vontade de gardar todos os seus manuscritos, libros e documentos persoais, xunto coas obras artístico-pictóricas e diversas coleccións de todo tipo, conformando todo iso un legado cultural, artístico e persoal visible e accesible para as persoas que a visitan ou para o persoal de investigación.

No ano 2012, a Xunta de Galicia decretou o “carácter público” da fundación, pasando a estar baixo a tutela directa da Administración Autonómica e denominándose desde entón Fundación Pública Galega Camilo José Cela.

A Fundación ten por obxecto promover o estudo da obra de Camilo José Cela e conservar o seu patrimonio cultural, humano e aínda anecdótico, procurando estender o coñecemento xeral da devandita obra e patrimonio, así como de todas aquelas actividades dirixidas ao fomento da cultura.

Para isto, a fundación:

- Conserva o legado de CJC (máis de corenta e cinco mil volumes), fomenta o seu coñecemento e promove o seu estudo e difusión.
- Desenvolve as súas actividades principalmente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, aínda que non se establece límite xeográfico ou político algún para a súa actuación.
- Realiza todo tipo de actividades referidas ao ámbito da cultura en xeral e ao literario e artístico en particular.

A FUNDACIÓN MUSEO DO MAR DE GALICIA

A Fundación Museo do Mar de Galicia foi constituída o 30 de decembro do 2002 con sede en Vigo. Por Orde de 26 de febreiro do 2003 (D.O.G núm. 52 do 14 de marzo do 2003) foi recoñecida de interese cultural, estando adscrita á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que exerce plenamente o protectorado sobre ela. Constitúese ó mesmo tempo como fundación do sector público autonómico e como fundación de interese galego.

O Museo do Mar de Galicia, segundo establecen os seus estatutos, ten por obxecto primordial a xestión e dirección do Museo do Mar de Galicia. Sen prexuízo disto poderase igualmente ocupar en fomento, organización, xestión ou desenvolvemento e difusión de actuacións culturais, científicas, didácticas, socioeconómicas ou calquera outras análogas de interese xeral que, a iniciativa propia ou a proposta doutras institucións, fundacións ou organismos se estime que conduzan a potenciar ou favorecer o desenvolvemento socio-cultural, científico ou económico en Galicia.

Entenderase, entre outras, como actuacións comprendidas dentro do descrito obxecto fundacional:

- A recompilación ou depósito, conservación e análise de fondos documentais de relevancia histórica ou cultural, en calquera tipo de soporte.
- O fomento e difusión de actividades de investigación que poidan contribuír á consecución de fins da Fundación.
- Velar pola catalogación, protección, conservación, investigación e mellora dos bens móbiles e inmóbiles que integren o seu patrimonio, en especial, aqueles con un valor histórico significativo.

- A exhibición ordenada dos seus fondos así como a organización periódica de exposicións científicas e divulgativas acordes ó obxecto da Fundación.
- A promoción, colaboración ou organización de cursos, grupos de traballo, simposios i eventos similares relativos ós fins da Fundación, así como ao desenvolvemento dunha actividade didáctica respecto ós seu contidos.
- A elaboración e publicación de catálogos e monografías dos seus fondos.
- A colaboración con outras institucións, empresas ou persoas na realización de actividades aíns á Fundación, nos termos que se establezan nos correspondentes acordos ou convenios.
- A xestión da Illa de San Simón.

No concemente ó ámbito de actuación do Museo do Mar de Galicia conta con recursos procedentes das súas actividades ordinarias, as transferencias de financiamento da Xunta de Galicia, as vendas de entradas ao Museo, as vendas de artigos relacionados coas súas actividades expositivas e os ingresos por alugueres de instalacións, así como as axudas, subvencións e doazóns percibidas de distintas entidades.

O Museo do Mar de Galicia desenvolve as súas actividades nos edificios propiedade da Xunta de Galicia, destinado ao Museo do Mar de Galicia.

A Fundación tamén xestiona o réxime de visitas, custodia a programación didáctica e xeneral do Centro Arqueolóxico do Areal-Salinae, situado en Vigo, na rúa Rosalía de Castro.

II. PRINCIPAIS LIÑAS DE ACCIÓN

II.1. DA CONSELLERÍA

A. LIÑAS DE ACCIÓN PREVISTAS NO ÁMBITO CULTURAL.

As liñas de acción previstas desde a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia están dirixidas a reforzar os alicerces ben asentados e definidos da cultura galega nos seus diferentes ámbitos, a mellorar e amplificar o que entre todos e todas vimos edificando ao longo da construción histórica e contemporánea da cultura galega.

As liñas de actuación que conforman a política cultural son a base da planificación das actuacións e dos programas concretos impulsados desde os distintos departamentos que conforman a área de cultura da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

O Goberno galego aprobou (Consello da Xunta do 26 de xaneiro de 2023) o Plan Xeración Cultura, un plan que nace co reto de establecer un amplo marco de traballo neste contexto de pospandemia, que achegue ferramentas concretas e liñas de actuación para:

- Garantir o acceso universal á cultura.
- Impulsar o talento.
- Apostar pola modernización das infraestruturas culturais.
- E xuntar esforzos desde a colaboración público-privada para reforzar a xeración de riqueza e benestar.

O Plan Xeración Cultura deseñouse nun contexto no que é necesario seguir co crecemento do sector e prepararse para afrontar novos retos nun escenario pos-Xacobeo, celebración que apoiou dun xeito determinante a xeración de oferta e de demanda cultural nestes últimos anos.

O Plan Xeración Cultura está estruturado en 5 eixos tractores e inclúe unha batería de 57 accións, 6 plans sectoriais e a entrada en vigor de 2 leis:

5 eixos tractores:

- Acceso universal á cultura.
- Apoio á creación e aos novos talentos.
- Innovación, dixitalización e modernización.
- Infraestruturas e legado cultural.
- Proxección exterior, internacionalización e formación.

Para visibilizar a posta en marcha das previsións da cada liña estratéxica, fórmulanse as seguintes liñas de actuación transversais:

I) A DINAMIZACIÓN DA CULTURA COMO SERVIZO Á CIDADANÍA

En primeiro lugar, desenvólvense proxectos e programacións culturais que inciden na promoción e na difusión cultural coa finalidade de, por unha banda, apoiar a distribución e estimular o acceso de bens, servizos e produtos culturais galegos dentro e fóra da Comunidade autónoma e, por outra banda, buscan incentivar a presenza, a participación e a diversificación de públicos e garantir o acceso a unha oferta cultural diversa e de calidade por parte da cidadanía.

Galicia conta, por exemplo, cun servizo bibliotecario público, cunha rede de museos de xestión autonómica, con arquivos históricos e cun conxunto de actuacións destinadas ao tecido cultural local que permiten deseñar unhas políticas culturais centradas na atención das necesidades da cidadanía mediante o deseño de estratexias culturais inclusivas. Trátase dun obxectivo que se persegue favorecendo o desenvolvemento, a cohesión social e o equilibrio territorial.

E nesa estratexia entran as accións de posta en valor do patrimonio cultural local. Tamén os esforzos de participación activa da cidadanía neste espazo central de convivencia que é a cultura. Aí entra o apoio aos programas de traballo artístico cos colectivos desfavorecidos e o apoio a proxectos de linguaxes de vangarda, escasamente programados e que van axudar a abrir novos camiños colectivos. E aí entra tamén o esforzo de formular programacións pluridisciplinares que favorezan os transvasamentos de públicos, que non é máis que abrir as portas das diferentes artes para dalas a coñecer.

Exemplos de actividades incluídas nesta liña de acción son os seguintes:

I. No ámbito da dinamización da cultura galega:

- Apoiar a difusión da oferta cultural por todo o territorio de Galicia mediante programacións propias e en colaboración con outras entidades públicas e privadas.
- Elaborar as propostas para impulsar a creación cultural e promover e difundir a cultura nos seus diversos ámbitos.
- Colaborar no impulso ao labor das fundacións culturais, federacións, asociacións e outros colectivos culturais para programar, organizar e coordinar actuacións propias e en colaboración nas actividades de innovación e dinamización da cultura.
- Poñer en práctica medidas de apoio a creadores/as culturais e a súa participación nas programacións culturais.
- Colaborar co mantemento, ampliación e mellora da rede de equipamentos culturais públicos de Galicia, espallados por todo o territorio: centros culturais, bibliotecas, museos, arquivos, auditorios etc.

2. No ámbito do libro, a lectura e as bibliotecas de Galicia:

- Promover o libro con programas de apoio aos diferentes axentes do sector, a través de liñas de subvención, de convenios de colaboración ou de actividades directas: axudas á edición e á tradución, celebración das feiras do libro de Galicia, apoio aos creadores literarios e ás fundacións de autor etc.
- Dinamizar a lectura e o espazo bibliotecario con programas e actividades articulados con esa finalidade: axudas para a mellora das coleccións, actividades singulares, elaboración de materiais, voluntariado cultural nas bibliotecas, clubs de lectura, etc.
- Mellorar o sistema bibliotecario de Galicia, a través da actualización do servizo das bibliotecas centrais territoriais, da dotación de novos fondos e da mellora das coleccións das bibliotecas municipais, así como as bibliotecas móbiles da Xunta.
- Impulsar a actividade da Biblioteca de Galicia, cabeceira da rede de bibliotecas que, ademais de albergar as publicacións vinculadas con Galicia e de acoller numerosas actividades, promove a difusión dos seus fondos a través de exposicións e xornadas formativas e informativas. e a recollida e preservación das publicacións en formato físico e dixital a través do Depósito Legal.
- Aumentar os fondos dispoñibles en Galiciana, a biblioteca dixital de Galicia, a súa incorporación a Galiciana-Patrimonio Dixital de Galicia e a mellora da accesibilidade aos seus recursos.
- Levar a cabo unha formación sectorial cun plan para reforzar as competencias do persoal da rede de bibliotecas.
- Desenvolver as directrices de deseño e planificación da política bibliotecaria en aplicación da Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia e do seu desenvolvemento normativo a través do mapa de bibliotecas e dos decretos de desenvolvemento da lei.
- Impulsar a conservación do patrimonio bibliográfico mediante a implantación dunha política que facilite a conservación e o control bibliográfico dos documentos e a súa difusión e consulta a través da aplicación das novas tecnoloxías de dixitalización e integración en proxectos supranacionais.
- Coordinar e supervisar o cumprimento da lexislación de depósito legal e participar activamente da recollida e preservación das publicacións electrónicas galegas.

3. No ámbito dos arquivos:

- Garantir o acceso da cidadanía aos arquivos e á información neles contida, protexer o patrimonio documental de Galicia, a regulación do ciclo vital dos documentos (calquera que sexa o medio ou soporte en que sexan producidos ou recibidos) e os procesos técnicos a el asociados.
- Impulsar o sistema arquivístico de Galicia a través de novos ingresos de fondos documentais, das melloras nos arquivos dependentes da Xunta de Galicia (reparacións nos edificios dos arquivos históricos, novos equipamentos), da restauración de documentos, das axudas para a conservación e do acceso ao patrimonio dos arquivos e formación.

- Desenvolver as directrices de deseño e planificación da política arquística e documental en aplicación da Lei 7/2014, de 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia e do seu desenvolvemento normativo.
 - Avanzar no desenvolvemento do Plan de Arquivos da Xunta de Galicia, aprobado en 2022.
 - Potenciar Galiciana. Arquivo Dixital de Galicia.
 - Impulsar a actividade do Arquivo de Galicia, co desenvolvemento da súa tarefa corrente de estudos de identificación, valoración e selección de series documentais da Xunta de Galicia.
4. No ámbito dos museos:
- Coordinar o sistema galego de museos e das distintas redes que o integran, así como a inspección dos museos galegos e o seu patrimonio cultural.
 - Xestionar os museos de titularidade autonómica adscritos a esta consellería, e os de titularidade estatal de xestión transferida á Comunidade Autónoma de Galicia.
 - Propoñer unha programación propia e colaborar con proxectos museísticos externos para propiciar unha actividade expositiva e de investigación nos museos de Galicia.
 - Desenvolver as directrices de deseño e planificación da política museística en aplicación da Lei 7/2021, de 17 de febreiro, de museos e outros centros museísticos de Galicia, e do seu desenvolvemento normativo.
5. Nos ámbitos das artes visuais, escénicas e musicais:
- Difundir a música mediante o apoio ás orquestras galegas profesionais (Orquestra Sinfónica de Galicia e Real Filharmonía de Galicia); a outros proxectos sinfónicos e de cámara; ás programacións líricas; ás propostas máis contemporáneas e experimentais; á música antiga; á ampliación das programacións operísticas; á promoción das músicas populares; o apoio ás programación de baile e música tradicionais e populares; ás agrupacións corais; etc.
 - Apoiar a actividade das galerías de arte e dos profesionais da creación artística contemporánea.
 - Ofertar unha programación diversa e accesible de festivais e outros formatos de difusión cultural.
 - Potenciar a ofertar e o acceso á cultura nos ámbitos rurais.
 - Fomentar o diálogo entre o ámbito formativo e a programación cultural.
 - Difundir as artes escénicas profesionais e afeccionadas.
6. No que atinxe á Cidade da Cultura de Galicia:
- Impulsar a pola promoción e difusión da cultura en cumprimento dos obxectivos marcados no segundo Plan estratéxico Gaiás 2021-2027, desenvolvendo unha actividade e programación atractiva e xeradora de valor para a sociedade e o sector cultural e creativo, mediante unha programación cultural diferenciada cun enfoque 360º no apoio

ao sector cultural e creativo, estendendo as manifestacións culturais á contorna natural e Bosque de Galicia, explorando as relacións entre cultura, territorio e paisaxe.

- Consolidar a Cidade da Cultura de Galicia como rótula do sector cultural galego, afianzando o programa de residencias artísticas, prestando asistencia e recursos nas súas áreas de actividade e erixíndose en produtores de contidos de calidade, especialmente expositivos, para outros espazos culturais e promovendo traballo colaborativo con entidades galegas, nacionais internacionais e cos profesionais galegos que desenvolven a súa actividade no exterior. Especialmente, colaboración cos centros e proxectos de investigación residenciais na Cidade da Cultura de Galicia (INCIPIIT, AGADIC, CiEDIX, Proxecto Nos, ...).
- Impulso aos procesos de investigación, innovación e formación no sistema cultural galego. Gaiás como impulsor de proxectos culturais, creativos e dixitais de excelencia, facilitador de coñecemento en ámbitos tecnolóxicos e non tecnolóxicos. Neste senso, no ano 2025 ademais da continuidade de contidos expositivos relacionados coa realidade virtual e inmersiva, prevese, a finais do ano 2025, o remate da edificación do novo Centro de Artes Dixitais de Galicia. Neste último centro,, desenvolveranse actividades innovadoras de apoio á creación dixital, á investigación en torno ás novas disciplinas artísticas, e á formación e soporte para creadores e artistas en distintos campos da industria cultural e creativa. Fomentarase a cultura dixital mediante distintas tecnoloxías innovadoras no eido da arte dixital, simuladores, realidade aumentada, representacións inmersivas do patrimonio natural e cultural, tecnoloxías innovadoras para videoxogos e calquera outra que xurda de carácter experimental.
- Fortalecer o posicionamento do Gaiás como recurso turístico, polo seu valor arquitectónico, cultural, verde, e de espazo de calidade. Produto turístico de alto valor cunha comercialización excelente, baseado na arquitectura, a conectividade física e virtual, a natureza, os servizos e unha programación de actividades con capacidade de atracción e extensión da visita. A Cidade da Cultura como un día máis en Santiago de Compostela e en Galicia, complementario co Xacobeo o e os produtos turísticos tematizados. Proxectos como a mellora da accesibilidade universal ou mellora dos puntos de información e recepción e os servizos aos que poderá acceder durante estadía o visitante, establécense como orientadores das actuacións do ano 2025.
- Desenvolvemento de proxectos que contribúan a potenciar a eficiencia enerxética na Cidade da Cultura de Galicia.

2) AS ESTRATEXIAS DE PROXECCIÓN EXTERIOR DA CULTURA GALEGA.

A proxección exterior da cultura galega é outra das liñas de actuación prioritaria dentro da anunciada actualización da estratexia de cultura, este apartado terá un tratamento prioritario. Traballaremos en espazos concretos, fundamentalmente en establecer pontes de diálogo con Portugal e en establecer alianzas cos países de América próximos no lingüístico, tanto de fala cas-

telán como brasileira, fundamentalmente no ámbito audiovisual e musical; e no caso de Portugal, principalmente no ámbito escénico, musical, audiovisual, editorial e das artes plásticas.

Daráselles continuidade ás liñas de axuda empresarial para acudir aos principais mercados e feiras do sector audiovisual no mundo. Consensuaremos co sector os mercados nos que facer algunha misión conxunta nos ámbitos musical e escénico, tal e como se fixo no ano 2024 ca presenza de profesionais galegos ou na Feira Alemá de Danza de Tanzmesse.

As políticas de difusión e promoción exterior das industrias culturais galegas artículanse en dous eixes de acción prioritarios: a presenza nos encontros internacionais (en colaboración con outras entidades e asociacións profesionais dos diferentes sectores culturais); e o apoio á difusión e distribución exterior dos produtos culturais.

Apoiar a proxección do libro e da literatura a través das feiras internacionais do libro, do catálogo de libros infantís e xuvenís en versión trilingüe para a súa distribución nestas feiras do libro, ou das axudas ás traducións literarias, o proxecto de Pórtico da Literatura Galega en inglés, ou a colección Galician Classics tamén en inglés.

Apoiar a internacionalización das industrias culturais mediante o apoio económico e loxístico ás empresas galegas nos mercados audiovisuais, de liñas de axudas para a distribución de espectáculos escénicos e musicais e a presenza nas principais feiras e mercados do mundo entre outros proxectos.

Proxectos de cooperación transfronteiriza: Programa Nortear Galicia-Rexión Norte de Portugal (literatura, bibliotecas, intercambio de proxectos expositivos etc.); colaboración co Eixo Atlántico (bienal de pintura, difusión musical etc.) continuaremos co encontro de coprodución entre as produtoras galegas e portuguesas, que tantos froitos están dando.

En liña con estes obxectivos, no ano 2025, Agadic continuará a darlle un apoio estable, a través dun convenio, á feira de música Mumi, para o fomento do intercambio musical entre Galicia e Portugal e que ten lugar en Tui e Valença do Miño, conxuntamente; constituíndo un exemplo perfecto de cooperación transfronteiriza para a internacionalización da nosa cultura. No ámbito do audiovisual, seguiremos coa dinámica de organizar accións de promoción do audiovisual galego naqueles festivais internacionais de referencia no que haxa unha presenza destacada do noso sector, como foi no 2024 o Festival de Málaga.

A través do Centro Dramático galego continuaremos coa estratexia de participación en proxectos internacionais, xa sexa a través de coproducións, programas formativos ou proxectos europeos de máis longo percorrido como o Phoné.

Por outra banda, a Cidade da Cultura de Galicia no Gaiás constitúe un proxecto cultural, tecnolóxico e emprendedor aberto á cidadanía e aos xestores culturais e creativos do conxunto de Galicia. Ao innegable valor arquitectónico do Gaiás debe engadirse o seu papel como dinamizador da vida cultural no que se vén configurando desde 2012 coa posta en marcha do seu se-

gundo Plan estratéxico Gaiás 2021-2027, coa realización de múltiples actividades en varias disciplinas, encontros e foros de artistas e creadores, exhibicións, concertos de diversos formatos, sen esquecer a colaboración con entidades de todo tipo na cesión de espazos para o uso externo.

No ámbito do emprendemento e da innovación, consolidouse o labor do Centro de Emprendemento no impulso de actividades e empresas, tanto no eido da produción, creación, conservación, difusión e comercialización de proxectos e iniciativas relacionadas coas novas tecnoloxías, reforzándose para o exercicio 2025 mediante accións de titorización, formación e apoio a xóvenes emprendedores e creadores co fin de favorecer a creatividade cultural.

No que atinxe á programación cultural, continuarase cos formatos e proxectos xa consolidados como “Escenas do Cambio”, en canto festival escénico contemporáneo con especial fincapé no eido galego e internacional; ou como os programas de residencias artísticas e de apoio á creación “Atardecer no Gaiás”, “Cidade Imaxinaria”, “Nadal no Gaiás” ou “Brinca Gaiás”.

Seguirá impulsándose o Bosque de Galicia, convertendo así a ladeiras do Gaiás no gran pulmón verde da cidade de Santiago de Compostela, ao mesmo tempo que se definen estes espazos como lugares de lecer e deporte. Do mesmo xeito xa está en marcha o funcionamento do Edificio Fontán, que alberga servizos para impulsar a investigación e a xestión nas tres universidades galegas e nas institucións destinadas ao estudo do patrimonio, especialmente do Camiño de Santiago.

3) A CONSERVACIÓN, POSTA EN VALOR E DINAMIZACIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL

Outra das principais liñas de actuación pública establecidas en materia de cultura é a protección, difusión, conservación e posta en valor do patrimonio cultural.

Á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, correspóndelle a dirección e coordinación das actuacións naqueles bens mobles, inmobles ou manifestacións inmateriais que, polo seu valor artístico, histórico, arqueolóxico, paleontolóxico, antropolóxico, arquitectónico, etnolóxico, industrial, científico e técnico, documental ou bibliográfico, deban ser considerados como de interese para a permanencia, recoñecemento e identidade da cultura galega a través do tempo.

Así, no que atinxe ao patrimonio cultural, as actuacións fundamentais a realizar serán as seguintes:

- Protección, conservación, acrecentamento, difusión e fomento do patrimonio cultural de Galicia, así como a súa investigación, valorización e transmisión ás xeracións futuras.
- Delimitación e protección dos Camiños de Santiago en Galicia, así como a elaboración de anteprojectos normativos que os afecten.
- Xestión dos asuntos relacionados co réxime xurídico de protección do patrimonio cultural.

- Tramitación e xestión dos procedementos de clasificación do patrimonio cultural de Galicia coa declaración de ben de interese cultural e inclusión no Catálogo. Xestión do Censo do patrimonio cultural de Galicia.
- Promoción e xestión das actuacións arqueolóxicas relacionadas coas competencias da dirección xeral.
- Emisión de informes, acordos ou resolucións dos procedementos e intervencións que afecten a protección do patrimonio cultural, conforme a normativa vixente.
- Promoción, dirección e xestión das obras de conservación e restauración no patrimonio cultural promovidas pola consellería.
- Realización das actuacións necesarias para o exercicio da potestade expropiatoria e do dereito de adquisición preferente en asuntos relacionados co patrimonio cultural.
- Preparación e xestión de convenios e protocolos relacionados coas competencias da Dirección Xeral.
- Elaboración e edición de publicacións de carácter científico, cultural, educativo e divulgativo relacionadas co patrimonio cultural.
- Proposta de programas e accións de formación, difusión e xestión relacionados co patrimonio cultural.
- Dirección do Plan territorial integrado dos Camiños de Santiago así como dos instrumentos de ordenación do territorio que teñan por obxecto a protección dos seus valores culturais.

Unha das principais liñas estratéxicas de carácter permanente é a promoción e a realización de intervencións dirixidas á conservación dos bens integrantes do patrimonio cultural galego máis significativos, en especial os BIC. Promovendo intervencións en bens do Patrimonio Mundial e dos Camiños de Santiago así como en bens protexidos, de titularidade pública ou da Igrexa católica, pertencentes ao patrimonio artístico (retablos e pinturas murais entre outros), arquitectónico (bens da arquitectura defensiva, relixiosa e civil, incluída as manifestacións das primeiras vangardas e o movemento moderno), arqueolóxico, ao patrimonio da enxeñería e as obras públicas e ao patrimonio etnolóxico, industrial e científico e técnico e ás coleccións museográficas. De forma especial prestarase atención ao Plan de Catedrais e o Plan de Ribeira Sacra.

Esta dirección xeral tamén é responsable dos procedementos vinculados co réxime xurídico de protección do patrimonio cultural, da xestión das candidaturas a Patrimonio Mundial (UNESCO), das declaracións de BIC, do catálogo e censo do patrimonio. Tamén lle corresponde elaborar os informes en materia de patrimonio cultural que poidan ser requiridos polas autoridades competentes.

Así mesmo, encárgase da delimitación dos Camiños de Santiago en Galicia, a protección deles na súa dobre vertente de conservación material, recuperación, e fomento do coñecemento e da potenciación dos valores sociais, espirituais e solidarios propios dos camiños.

Tamén é a responsable de promover, coordinar e xestionar as actuacións dirixidas a velar pola protección, conservación, coidado, promoción e difusión do patrimonio moble de Galicia, e do patrimonio inmaterial.

Por iso, impulsaranse as programacións para a posta en valor do patrimonio cultural, que reforcen o seu aprecio e goce por parte da cidadanía, e actividades que poñan en relación a educación e o patrimonio cultural, buscando achegar o coñecemento e o interese por este acervo común ás novas xeracións.

4) O IMPULSO DAS INDUSTRIAS CULTURAIS GALEGAS

O capital creativo de Galicia, que se desenvolveu dun xeito constante ao longo da historia, conta neste momento cun activo cultural de grande importancia que reflicte a evolución dunha sociedade actual e modernizada, que abre camiños de entendemento e de futuro cunha enorme forza e confianza.

A consellería asume o compromiso de apoiar as correntes nadas na sociedade e de vertebralas en prol dun desenvolvemento coordinado e integral, para acadar, sobre a base do interese e da responsabilidade da cidadanía, un sector económico emprendedor, capaz de se lanzar á procura de novos públicos e de novos mercados, para o que a Consellería de Cultura, Língua e Xuventude incentiva novos proxectos e promove accións innovadoras dentro do tecido cultural.

O inicio desta década estivo marcado pola pandemia da Covid-19, o seu efecto no sector cultural, particularmente nas artes escénicas e na música, e as medidas postas en marcha para contribuír á súa recuperación e ao fortalecemento das estruturas empresariais.

A etapa post-Covid foi unha intensa aprendizaxe tanto para o sector como para a administración pública xa que abríronse novas canles de actuación e comunicación para permitir o desenvolvemento de novas liñas de traballo, novas formas de relacionarse, de colaborar e, en definitiva, de afrontar conxuntamente os retos que depara o futuro do sector cultural.

Neses anos púxose de relevo a importancia crecente da industria cultural e a súa influencia no tecido socioeconómico galego, con indicadores claramente positivos como o crecemento do emprego cultural, o gasto das familias en cultura ou incremento da oferta de produtos, bens e servizos culturais tal e como se recolle nos informes de coxuntura do Consello da Cultura Galega, entre outros.

Pero esta recuperación non afectou por igual a todos os segmentos do amplo sector cultural, polo que AGADIC deseñou a implementación de medidas que abranguen toda a cadea de valor do sector, dende a creación ata a exhibición e promoción, poñendo o acento aquelas iniciativas que o propio sector considera prioritarias e aproveitando as oportunidades derivadas

de novas fontes de financiamento e programas específicos como o REACT-UE ou o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Estas experiencias serviron para trazar novas estratexias en campos como o audiovisual, coa nova liña de realización de rodaxes audiovisuais ou no fomento da actividade cultural en áreas non urbanas que será unha das liñas que cobrará importancia no 2025.

Os orzamentos do 2025 permitirán que Agadic continúe co apoio ao ámbito escénico a través de convocatorias de liñas de axuda á creación, festivais, salas privadas e difusión e distribución de produtos culturais. Esta difusión e distribución atopa especial relevancia na programación estable que proporciona a Rede Galega de Teatros e Auditorios coa incorporación de novos espazos e a difusión cultural en todo o territorio a través do programa cultura no camiño.

A través do Centro Coreográfico Galego, implementarase unha nova quenda de proxectos de coprodución, prioridade incluída no plan de danza, elaborado en colaboración co sector e que seguirá a ser a guía nas nosas políticas neste ámbito.

O Centro Dramático continuará coas producións propias, as coproducións e toda a rede de relacións nacionais e internacionais que estamos a tecer durante estes anos, co obxectivo de que todas estas relacións beneficien ao sector privado.

Agadic seguirá impulsando o ámbito audiovisual a través das principais axudas dirixidas á produción, desenvolvemento, talento, festivais e feiras e mercados, así como a incorporación das axudas ao desenvolvemento de videoxogos, un sector que ten un gran potencial de crecemento. Un ano máis participaremos no proxecto europeo European Writers Club, para a creación dun clube europeo de guionistas, onde Galicia teña unha presenza destacada. A Filmoteca de Galicia continuará no 2025 o seu labor de difusión audiovisual e coa actividade de recuperación e arquivo filmico. No ano 2025 continuaremos coa liña innovadora para a realización de rodaxes a Galicia a través de incentivos económicos e de accións de promoción en mercados.

Por último, no ámbito musical desenvolveremos programas de apoio aos principais festivais de música galegos, en coordinación con outros departamentos da Xunta de Galicia, como a Axencia de Turismo, e a exportación dos nosos artistas, a través da liña de distribución. O desenvolvemento do talento musical será unha das prioridades do 2025, ao por no noso foco, unha nova edición das axudas para o fomento do talento musical.

Como iniciativa máis transversal, e tras a exitosa experiencia de “territorio cultura” convocaremos unha edición das axudas ao fomento da actividade cultural en áreas non urbanas, que se financiará con fondos finalistas do Ministerio de Cultura e achegas de fondos propios.

Esta situación pon de relevo a importancia da industria cultural e a súa influencia no tecido socioeconómico galego, polo que AGADIC debe seguir priorizando liñas de actuación que permitan a consolidación das estruturas que os propios axentes sociais e entidades xeren, co desenvolvemento de accións que afirmen o traballo das empresas culturais, dos creadores e creadoras

e o establecemento de canles de cooperación e colaboración con outras administracións, e coas asociacións e federacións culturais que teñan interese pola cultura galega, así como, colaborar no desenvolvemento das artes escénicas e musicais e das actividades audiovisuais, así como a posta en práctica de medidas de apoio para o colectivo de artistas e creadores que incrementa e a súa participación en programas culturais galegos ou de especial interese para a expansión da nosa cultura, cunha especial protección á danza.

Os anos 2023-2024 supuxeron a finalización da gran maioría dos proxectos postos en marcha por Agadic con financiamento procedente de fondos europeos, tanto do Feder RE-ACTUE para o desenvolvemento do Hub audiovisual e industria creativa, como do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (MRR), que no ano 2024 rematará coa execución das iniciativas vinculadas á aceleración empresarial cultural. Foron anos de intensa actividade administrativa, que contribuíu a que o sector recuperara, e incluso aumentara, as cifras de actividade e emprego previas á pandemia.

No ámbito das industrias culturais en 2025 renovaremos as nosas convocatorias de axudas e programas, para a industria cultural en todos os ámbitos.

No ámbito escénico seguiremos coas convocatorias de creación, festivais e difusión e distribución, liña esta última que terá un importante incremento con respecto aos exercicios precedentes, respondendo así á crecente internacionalización da nosa escena. Seguiremos potenciando a programación estable que proporciona a Rede Galega de Teatros e Auditorios coa incorporación de novos espazos e a difusión cultural en todo o territorio a través do programa cultura no camiño. Tamén implementaremos, a través do Centro Coreográfico Galego, as medidas incluídas no plan de danza, elaborado en colaboración co sector. No ano 2024 celebraremos o 40 aniversario da creación do Centro Dramático Galego, para o que elaboraremos unha programación especial.

Agadic seguirá impulsando o ámbito audiovisual a través das principais axudas dirixidas a toda a cadea de valor: produción, desenvolvemento, talento, festivais e feiras e mercados, así como a incorporación das axudas ao desenvolvemento de videoxogos, un sector que ten un gran potencial de crecemento. Por iso, no 2025 realizaremos a primeira convocatoria con fondo propio dirixida a apoiar o tecido empresarial no eido dos videoxogos. Un ano máis participaremos no proxecto europeo European Writers Club, para a creación dun clube europeo de guionistas, onde Galicia teña unha presenza destacada.. A FilMOTECA de Galicia continuará no 2025 a súa dixitalización, así como o labor educativo e de difusión do audiovisual. A Galicia Film Commission estará totalmente activa no ano 2025, coa plataforma tecnolóxica creada especificamente para esta finalidade xa rematada, cunha nova convocatoria de incentivos económicos para rodaxes en Galicia, así como as primeiras accións de promoción audiovisual baixo ese paraugas.

Por último, no ámbito musical volveremos convocar a liña de axudas á programación das salas de concertos, con carácter bienal, continuaremos cos programas de apoio aos principais

festivais de música galegos e a exportación dos nosos artistas, a través da liña de distribución. Fomentaremos á difusión interior da creación cultural a través do programa Cultura no Camiño.

Dentro do plan de convenios incluiremos, un ano máis, o apoio á actividade das principais asociacións do sector, tan necesarias para o tecido cultural como para a administración, no seu labor de ponte entre ambos. Así mesmo, os distintos premios de teatro, música e audiovisual terán en este plan a súa reserva de crédito, así como proxectos estratéxicos para a cultura galega, como a Mostra de Teatro de Ribadavia.

B. LIÑAS DE ACCIÓN PREVISTAS NO ÁMBITO DA LÍNGUA

O programa 151A –Fomento da lingua galega– concreta o plan de actuación sectorial e transversal de fomento do coñecemento e do uso da lingua galega que se desenvolverá a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística durante o ano 2024.

O obxectivo xeral consiste en difundir a conveniencia de empregar a lingua galega nos distintos eidos da sociedade propiciando un clima que favoreza o uso cotián do galego nos diferentes sectores da sociedade, a través de diversas iniciativas de formación, normalización e promoción do galego que buscan impulsar a incorporación desta lingua a calquera ámbito social, económico, cultural e educativo.

De xeito transversal, as liñas de actuación previstas para o ano 2024 incidirán en accións concretas que se impulsarán e/ou reforzarán a través de programas, accións e campañas dirixidas á sociedade en xeral, ás familias, ao alumnado dos centros educativos, ao público xuvenil, familiar e infantil e a colectivos específicos como son os neofalantes. As accións descritas para atender ás necesidades do programa son tamén acaídas para incorporar no seu desenvolvemento principios sociais, como son: a igualdade de trato, o respecto á diversidade, a prevención contra a violencia de xénero e outros valores asociados, como é o caso da protección do patrimonio cultural a través de ferramentas tecnolóxicas e dixitais orientadas a preservar a tradición do patrimonio cultural galego e, ao mesmo tempo, potenciar a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación.

Para desenvolver este obxectivo xeral, teranse en conta os seguintes aspectos específicos:

- Cómpre aprender a valorar o feito lingüístico galego, garantindo que a lingua galega se poida utilizar en todo tipo de situacións e contextos.
- É necesario prestixiar o uso do idioma galego, conseguindo para este idioma máis funcións sociais, máis espazos de uso e unha presenza meirande en sectores estratéxicos da sociedade galega actual.
- É preciso dotar a lingua dos recursos lingüísticos e técnicos apropiados para poder ser utilizada en todo tipo de ámbitos sociais e institucionais.

Para levar a cabo o obxectivo xeral apuntado anteriormente, é preciso desenvolver liñas de acción que estean vinculadas con diferentes obxectivos operativos.

Obxectivo operativo: difundir a conveniencia de usar o galego nos diferentes sectores da sociedade e fomentar que a lingua galega sexa útil e de uso cotiá en calquera circunstancia e lugar. Este obxectivo considéranse imprescindible para o proceso normalizador e para deseñar as medidas de actuación que sexan necesarias para conseguir unha actitude máis favorable cara á lingua galega e difundir a conveniencia de empregala nos distintos eidos da sociedade con especial atención a franxa de poboación máis nova, o tecido económico empresarial e as súas relacións comerciais cos países de fala portuguesa, a mocidade, o núcleo familiar e outros colectivos sociais con necesidades específicas, como son os neofalantes.

No ano 2025, a Secretaría Xeral da Língua continuará desenvolvendo as que veñen sendo as súas principais liñas de traballo nos últimos anos, centrando os seus esforzos máis importantes en promover a idea de que a lingua galega é útil en calquera ámbito e para todas as funcións.

Malia que nunca antes tivera o idioma galego un grao tan alto de coñecemento por parte da poboación, a súa situación aínda precisa mellorar en determinados ámbitos nos que a súa presenza resulta insuficiente. Con tal obxecto, a Secretaría Xeral da Língua está impulsando unha serie de iniciativas orientadas a crear actitudes positivas cara á lingua propia de Galicia e ampliar os seus usos na sociedade.

De acordo con isto, a Secretaría Xeral da Língua quere conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e maiores espazos de uso na sociedade civil do século XXI. Agora ben, unha planificación lingüística é algo moi distinto a outros proxectos planificadores, porque a súa executora vai ser toda a cidadanía nas súas empresas, nos seus lugares de traballo, nas súas relacións sociais, nas súas familias e na escola. En definitiva, depende absolutamente do entusiasmo e vontade da cidadanía á que vai dirixido lograr os obxectivos nel establecidos. Por iso, a Secretaría Xeral da Língua, consciente da importancia de que favorecer o prestixio e o uso da lingua galega é unha tarefa de todos, e non só das institucións, traballa para estender unha visión afaible, moderna e útil do galego, para o converter na lingua habitual de comunicación, tanto formal como informal e eliminar os prexuízos que aínda existen sobre esta lingua.

O resultado que se pretende conseguir é difundir a conveniencia de empregar a lingua galega nos distintos eidos da sociedade prestando especial atención á franxa de poboación máis nova, á mocidade, ao núcleo familiar, á escola, aos neofalantes, ao tecido económico empresarial e ás súas relacións comerciais cos países de fala portuguesa e, así mesmo, a calquera outro colectivo social con necesidades específicas para propiciar un clima que favoreza o uso cotiá do galego.

Accións concretas para o ano 2025:

- I. Iniciar unha estratexia de acción para reimpulsar o Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico tendo en conta que rematou a súa vixencia no ano 2020 e promover, así mesmo, unha liña de acción planificadora para realizar un diagnóstico e, no seu desenvolvemento,

mento, un plan de acción concreto para dinamizar o ámbito da mocidade por ser un sector da poboación fundamental para a pervivencia do idioma.

En calquera dos ámbitos identificados no parágrafo anterior resulta conveniente aliñar as necesidades e intereses dos colectivos que os conforman con accións en curso impulsadas pola SXL relacionadas coa intelixencia artificial e as tecnoloxías lingüísticas, o sector audiovisual e as plataformas telemáticas con contidos culturais, divulgativos, formativos e de teleformación, de divertimento e de ocio, entre outros. Tamén aliñaranse as necesidades dos intereses do mundo da lusofonía e do neofalantismo coa acción do goberno para executar accións concretas de dinamización da lingua galega no ámbito lusófono e outras dirixidas a mocidade nos lugares que eles frecuentan no seu tempo de ocio e nas redes sociais. Estas accións constituirán unha aposta estratéxica por este colectivo social, dado que son as mozas e mozos os chamados a garantir o futuro da lingua galega. Facilitarémolos á xente nova que opte pola lingua propia de Galicia en todos os ámbitos da súa vida. Con este fin, daráselle visibilidade ao galego en todas as áreas de acción relacionadas coa mocidade, e moi especialmente na comunicación dixital e redes sociais.

2. Darlle continuidade as liñas de traballo iniciadas no ano 2020 para incrementar os contidos dun repositorio de proxectos lingüísticos e culturais en lingua galega denominada, Tece Redes en Galego. No ano 2024 a convocatoria perseguirá a finalidade de incrementar o uso do galego na infancia e na xuventude e nas súas familias para paliar a ruptura da transmisión interxeracional do galego no ámbito familiar e atender, así mesmo, ás necesidades das persoas neofalantes entre a xuventude adulta que elixe voluntariamente o idioma galego como lingua vehicular para o desenvolvemento das accións comunicativas da súa vida cotiá. Desta forma, impulsarase tamén que os profesionais autónomos, as empresas e as cooperativas do tecido económico cultural e artístico vinculado ao proceso de dinamización lingüística e cultural en lingua galega sexan quen de mostrarlles ao público infantil e xuvenil e ás súas familias o seu talento creativo en forma de servizos presenciais de carácter cultural, lúdico ou de formación non regrada en galego, deseñados especificamente para o público destinatario, en atención á súa idade e ás súas circunstancias vitais, preferencias e inquietudes culturais, formativas e de ocio e promover unha planificación estratéxica para executar os servizos presenciais contratados a través da convocatoria e que cheguen ás persoas destinatarias coa finalidade de multiplicar o seu alcance.

Os servizos presenciais musicais ou escénicos desenvolveranse gratuitamente en espazos públicos, abertos ou pechados, a través dos circuitos culturais da Consellería de Cultura, Língua e Xuventude (Rede de bibliotecas públicas, Rede de museos e de arquivos, instalacións e salas de exposicións da Cidade da Cultura), dos concellos e entidades que conforman a Rede de dinamización lingüística (RDL) que na actualidade forman parte dela 25 entidades de base local e de índole cultural.

3. A Lusofonía como oportunidade para o galego en diferentes ámbitos culturais e lingüísticos, así como no sector empresarial e nas relacións comerciais e profesionais. Aproveitaranse as fortalezas do galego no mundo lusófono para planificar a nova estratexia de dinamización da lingua galega no sector económico e empresarial que xurde das relacións entre Galicia e Portugal. Desta forma, actualizaranse as liñas de acción do PDLGTE, que tivo vixencia ata

o ano 2020, no que se refire as relacións comerciais en ámbitos territoriais cunha lingua de comunicación común. O ano 2025 será un momento importante para que Galicia sexa a comunidade autónoma de referencia lusófana en España.

4. Impulsar proxectos e programas que faciliten a creación de ferramentas, plataformas telemáticas e produtos audiovisuais de calidade en lingua galega ao alcance da cidadanía no ámbito de actuación da promoción lingüística e das tecnoloxías da comunicación e da información aplicadas á aprendizaxe de competencias lingüísticas en galego e, así mesmo, orientadas a promover a transición dixital para poñer en valor o patrimonio cultural galego ou prover de contidos interactivos lúdicos, formativos ou de entretemento as plataformas dixitais.

4.1 Plataforma dixital da Lingua Galega para a formación en liña e comezo das tarefas de adaptación e dos procesos tecnolóxicos necesarios para promover que a realización de exames e probas de capacitación dos cursos CELGA ou de linguaxes específicos sexan en liña mediante medios telemáticos.

Durante o ano 2025 continuaremos avanzando para a posta en marcha dunha plataforma dixital que permita demostrar a competencia nos distintos niveis de coñecemento da lingua galega mediante medios telemáticos, o que facilitará o acceso ás probas con independencia do lugar onde se viva. Polo que respecta á formación darémolle continuidade ás tarefas de actualización da plataforma telemática para impartir cursos de formación, tanto os relativos ao Celga como os de linguaxes específicos. Os cursos en liña permiten que as persoas reciban formación lingüística dos diferentes niveis Celga sen necesidade de asistencia presencial, o que facilita que poidan facer os cursos persoas que non teñen posibilidade de acudir a un centro físico, polas súas circunstancias persoais, profesionais ou xeográficas. Os cursos de linguaxe administrativa e xurídica teñen a súa base no Plan xeral de normalización lingüística e teñen como finalidade que o persoal funcionario de todas as administracións públicas estea capacitado para realizar en galego o seu traballo profesional, mellorando a súa competencia técnica en galego, polo que é necesario atender a numerosa demanda que hai todos os anos.

Noutro aspecto relacionado cos cursos de formación lingüística desde a perspectiva da avaliación dos coñecementos para a súa certificación, o ano 2025 será importante para iniciar os procesos tecnolóxicos e as adaptacións necesarias para avaliar os coñecementos e certificar as competencias lingüísticas do nivel Celga que corresponda así como doutros cursos de linguaxes administrativos ou xurídicos mediante medios telemáticos sen que o examinador e as persoas aspirantes teñan que comparecer fisicamente nun lugar determinado.

4.2 Plataforma interactiva de educación non formal complementaria da educación regrada en lingua galega

Para favorecer contidos audiovisuais en galego para incrementar os fondos dunha plataforma interactiva que, con carácter complementario da educación regrada, contribúa a mellorar a experiencia formativa de nenos e nenas en idade escolar (de 6 a 16 anos) e, así mesmo, promover repositorios de contidos lúdicos e de entretemento de calidade directamente elaborados para o público infantil e que sirvan para mellorar a súa expe-

riencia educativa. Para tales efectos, o repositorio TeCe Redes, será unha ferramenta complementaria para dotar de contidos esa plataforma interactiva e dixital dos recursos formativos e da educación regrada.

Esta acción enmarcase no Plan de acción para o impulso dos contidos dixitais de Galicia e abrírase a porta á produción en galego de produtos audiovisuais de calidade e, tamén, facilitaríase a dobraxe a nosa lingua de obras e contidos de calidade e de recoñecemento xeral para o público infantil.

4.3 Proxecto Galicia Nomeada de toponimia en liña.

A Secretaría Xeral da Língua asumiu no segundo semestre do ano 2022 ás competencias relativas á coordinación e impulso en materia de toponimia. Estas competencias que, con anterioridade, as exercía outro órgano superior da Xunta de Galicia, incorpóranse ao bloque competencial da SXL e, iso implicará asumir, ademais de competencias propias para impulsar a aprobación do novo Nomenclátor de Galicia polo Parlamento, a coordinación dos traballos necesarios para a súa constante revisión e actualización. Os eixos de traballo para 2025 son:

- Nomenclátor de Galicia: está previsto publicar o Nomenclátor de Galicia actualizado en substitución do aprobado no ano 2003 e continuar co desenvolvemento da App colaborativa, que se denomina Galicia Nomeada e que se pode descargar en aplicativos móbiles dende o portal da Toponimia de Galicia (toponimia.xunta.gal).
- Colaboración co Instituto de Estudos do Territorio(IET) en relación co Plan Galego de Cartografía e Información Xeográfica(PGCIX).

GALICIA NOMEADA: melloras no ano 2025.

- Implementar un novo buscador avanzado ou filolóxico que permita facer buscas de topónimos segundo criterios filolóxicos e poder xerar con eses datos táboas e mapas para ilustrar traballos de investigación dos lingüistas.
- Cargar novas capas de información cartográfica e xeográfica, entre elas as fotos aéreas do PNOA 2022, para dispoñer dun maior nivel de zoom á hora de introducir topónimos puntuais ou en zonas onde existe unha gran densidade de nomes.
- Melloras no deseño da plataforma.
- Implementar o novo Nomenclátor de entidades de poboación en Galicia Nomeada cando este se aprrobe no Parlamento de Galicia.
- Publicar unha nova versión actualizada da app Galicia Nomeada para os novos dispositivos móbiles no sistema Android e IOs.

PORTAL TOPONIMIA DE GALICIA: melloras no ano 2025:

- Unificar as tres webs que existen sobre a toponimia de Galicia nun único portal: a de consulta do Nomenclátor; a de Galicia Nomeada e o portal Toponimia de Galicia.
- Novo deseño da web acorde coa imaxe corporativa dos portais da Xunta de Galicia.

- Seguir dotando de contidos o portal Toponimia de Galicia. Creación dunha pestana nova para xogos de toponimia.

OUTRAS ACTIVIDADES RELACIONADAS COA TOPONIMIA

- Organización de eventos, conferencias, xornadas e convocatorias vinculadas a este ámbito de acción, tal como Toponimízate e convocatorias vinculadas a este ámbito de acción tales como a presentación do novo Nomenclátor de Galicia á sociedade.
- Realización dunha unidade didáctica de Galicia Nomeada para que traballen con ela nos centros educativos de forma pedagóxica para o cumprimento dos obxectivos curriculares de cada etapas educativa.

5. Programas específicos de apoio a neofalantes.

A incorporación e atención de neofalantes ao noso sistema lingüístico é unha prioridade de actuación para o ano 2025.

6. Programas de dinamización da lingua galega no ámbito familiar.

Potenciaranse programas específicos de promoción e dinamización lingüística orientados ás familias para promover a transmisión interxeracional do idioma galego sobre todo en ámbitos urbanos (FalaRedes, Nadal en rede, etc).

7. Colaboracións e campañas de difusión relacionadas co proxecto Nos de Intelixencia Artificial.

Dentro da actividade colaborativa que promove a SXL a través de convenios de colaboración con outras institucións sen ánimo de lucro relacionadas cos procesos de normalización e dinamización da lingua galega e, nomeadamente coas Universidades, cobra especial relevancia a continuidade dos traballos para o desenvolvemento do proxecto Nós.

Nos últimos anos, o impulso da presenza da lingua galega no desenvolvemento dixital xa quedou recollido na estratexia tecnolóxica da Xunta de Galicia, tanto na Axenda Dixital 2014, gal, como na posterior Axenda Dixital de Galicia 2020. Neste ámbito realizáronse importantes esforzos para dotar o galego de ferramentas tecnolóxicas (tradutores automáticos, dicionarios en liña, plataformas en liña para a difusión do coñecemento da lingua galega etc.) e poñelas á disposición do conxunto da cidadanía a través de iniciativas como os recursos lingüísticos do portal web <https://www.lingua.gal> da Secretaría Xeral da Língua da Xunta de Galicia e, outros, promovidos por diversas institucións e entidades públicas ou privadas. Porén, a situación do galego no contexto dixital non é equiparable a outras linguas como o inglés ou o castelán, polo que precisa dun impulso decidido que a sitúe como lingua de uso convencional nos recursos tecnolóxicos de uso común pola sociedade e para acadar que o galego dea un paso decidido cara adiante no eido das tecnoloxías intelixentes, o “Proxecto Nós” e a súa estratexia de intelixencia artificial ao servizo da lingua galega, aliñarse tamén cos principios inspiradores da nova Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia RIS3 2021-2027, para lles dar respostas ás demandas e ás necesidades da sociedade.

No ano 2025, ao abeiro deste proxecto poñerase en marcha unha campaña de captación de voz a nivel galego para a súa difusión e divulgación polos diferentes concellos de Galicia.

O Proxecto Nós é un proxecto de País, transversal e colaborativo no que xa están a colaborar diferentes administracións, entidades sociais e empresas de Galicia máis, para seguir avanzando e garantir o seu correcto funcionamento, será necesaria a colaboración de milleiros de persoas de diferentes formas. A máis importante será a través da doazón de voz. Para que as máquinas sexan quen de nos entenderen cando falamos en galego e de nos responderen na nosa lingua, é necesario dispor de grandes cantidades de datos de voz e texto. É esencial que un banco de voces integre falantes de distintos xéneros, idades, variedades dialectais e rexistros, co fin de representar toda a riqueza da nosa lingua. Por tal motivo, resulta imprescindible contratar os traballos relacionados coa recolleita de voz en galego para a creación dun banco de voces no marco do proxecto Nós. Con esa finalidade será chave o deseño e execución dunha campaña de difusión e divulgación da captación de voces por todo o territorio co obxectivo de recoller o máximo volume de voz posible no período de realización.

Dentro do deseño da campaña de captación de voz resulta imprescindible establecer dúas liñas diferenciadas aínda que interconectadas entre si: unha campaña de captación en liña e outra campaña de captación física. En ambos os dous casos a recollida de voces levarase a cabo a través da plataforma Common Voice co propósito de democratizar as tecnoloxías da fala e os obxectivos finais da campaña que se identificarán nos pregos que rexan a contratación correspondente serán os seguintes:

- a) Dar a coñecer entre o conxunto da poboación galega o Proxecto Nós e a campaña de recollida de voz.
- b) Dar a coñecer a importancia de doar voz en galego e as diferentes canles para poder facelo.
- c) Recoller o máximo de horas posibles de voz e ter mostras suficientes das diferentes variantes dialectais do galego.
- d) Así mesmo poñerase en marcha o traductor GAIO utilizando a tecnoloxía desenvolta no proxecto Nós.

C. LIÑAS DE ACCIÓN PREVISTAS NO ÁMBITO XUVENTUDE E O VOLUNTARIADO

As liñas de acción a seguir pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado para o ano 2024 son as seguintes:

- Desenvolver as accións contempladas no novo Plan Estratéxico de Xuventude de Galicia, instrumento que establecerá o marco de actuación plurianual nas políticas de xuventude.

- Contar cunha normativa actualizada no eido da información xuvenil, das instalacións xuvenís, das actividades de educación no tempo libre infantil e xuvenil e da formación neste ámbito.
- Apoiar e desenvolver programas que reforcen a empregabilidade e as competencias profesionais dos/as mozos/as, contribuíndo á mellora da súa formación mediante a adquisición de experiencia profesional para a súa incorporación ao mercado de traballo, ao tempo que se apoia a adquisición de competencias, destrezas e habilidades desde o ámbito da educación non formal.
- Consolidar un ecosistema de colaboración entre os ámbitos educativo (universidades, centros de formación profesional...), da administración pública e empresarial que, baixo unha idea de traballo en rede, fomenten a mentorizaxe e o apoio á retención de talento en Galicia.
- Favorecer que a mocidade poida realizar estadías formativas en empresas de sectores estratéxicos de Galicia para ampliar as súas oportunidades de inserción laboral.
- Fomentar espazos nos que a mocidade desenvolva a capacidade de dialogar e debater arredor de temas do seu interese para medrar así no emprego de ferramentas democráticas.
- Fomentar a posta en valor do Talento Mozo da nosa comunidade autónoma a través de iniciativas que premien e distingan traxectorias vitais excelentes e/ou sobresaíntes dos mozos e mozas galegos en distintos ámbitos, e favorecer tamén a súa difusión.
- Promover a integración no mercado de traballo das persoas mozas, facilitándolles a obtención do permiso de condución como recurso de mobilidade vinculado ao seu acceso a un posto de traballo.
- Favorecer a emancipación das persoas mozas, contribuíndo ao desenvolvemento dos seus proxectos de vida autónoma, mediante a prestación de axudas económicas para a asunción dos gastos que lles supón independizarse nunha vivenda propia, sexa en alugueiro ou en propiedade, distintos da renda de alugueiro ou prezo de adquisición.
- Achegar á mocidade actividades que ofrezan alternativas para un tempo libre educativo, formativo e responsable ao longo de todo o ano. Neste sentido, procurarse consolidar programas desenvolto como Primavera Xove, Outono Xove e similares.
- Poñer en marcha outras experiencias de participación en programas para a adquisición de habilidades e coñecementos que axuden a completar o desenvolvemento persoal e futura formación profesional dos mozos e mozas galegos.
- Apoiar e asesorar as accións de mobilidade xuvenil e intercambios con outras Comunidades Autónomas e con outros países.
- Potenciar e ampliar as vantaxes e beneficios para a mocidade galega derivados do programa Carné Xove, toda vez que xa se ten facilitado a súa obtención e uso entre a mocidade ao ser enviado de xeito gratuíto a todos os mozos e mozas de entre 12 a 30 anos, facilitando tamén o seu emprego a través da posta en marcha do carné dixital e dunha APP específica.
- Continuar impulsando un plan de formación anual para a mocidade e para o persoal técnico que traballa con ela en distintos ámbitos, adaptando as opcións formativas aos canais dixitais.

- Reforzar a comunicación, información e asesoramento á xuventude naqueles ámbitos que lle son de interese a través, entre outros mecanismos, da Oficina virtual de asesoramento e orientación para a xuventude.
- Seguir promovendo novas estratexias para impulsar a participación xuvenil, tanto formal como informal, co fin de coñecer as inquietudes e demandas da xente moza para así artellar novas medidas e programas que dean resposta aos retos vindeiros.
- Fomentar no conxunto da xuventude a mentalidade emprendedora, o seu espírito de liderado, o desenvolvemento das súas capacidades creativas, a innovación e as expresións culturais e artísticas, entre outros.
- Facilitar a adquisición dos certificados de educación non formal en materia de xuventude para a súa posterior inclusión no currículo.
- Seguir traballando na mellora dos espazos xuvenís para convertelos en referentes para a mocidade galega.
- Mostrar á sociedade a realidade cuantitativa e cualitativa da acción voluntaria en Galicia e a importancia da implicación das persoas voluntarias no desenvolvemento do progreso social.
- Fortalecer e optimizar as diferentes áreas de actuación da acción voluntaria, no marco sociosanitario, social, ambiental, tecnolóxico, cultural e educativo e de promoción do medio rural, en colaboración e coordinación cos departamentos da Xunta que teñan atribuídas as competencias específicas nas distintas materias.
- Consolidar o Plan de Formación nas distintas áreas de actuación e campos de coñecemento da acción voluntaria, con especial énfase naqueles eidos que demanden maior compromiso social e de mellora asistencial comunitaria.
- Reforzo de programas orientados a colaborar e apoiar a sectores sociais máis sensibles e vulnerables como incentivo e soporte holístico da realidade social existente neste momento.
- Desenvolvemento da nova Estratexia de Acción Voluntaria para os vindeiros anos consonte cos principios a acadar polo Plan Estratéxico de Galicia.
- Seguir impulsando o recoñecemento e traxectoria a nivel individual e colectiva da acción voluntaria, así como daqueles proxectos innovadores nas diferentes áreas sociais mediante a consolidación dos Premios Galicia de Acción Voluntaria.
- Impulsar programas de voluntariado que promovan habilidades e aptitudes na adquisición de experiencias, destrezas e hábitos que faciliten afrontar futuros retos vitais e sociais.
- Fomentar a participación social e as accións de voluntariado que permitan implementar os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) no avance da xustiza social e nun horizonte medioambiental sostible.
- Desenvolver as accións de voluntariado orientadas ao recoñecemento do Camiño de Santiago como elemento patrimonial e cultural de transcendental importancia na nosa sociedade.
- Consolidar as diferentes liñas de axuda a entidades de acción voluntaria en materia de voluntariado xuvenil, voluntariado sénior e para entidades sociais orientadas ao recoñecemento social da labor das entidades de acción voluntaria e das persoas voluntarias.

- Incidir na certificación das experiencias voluntarias das persoas voluntarias e no seu valor como documento acreditativo de educación non formal.
- Impulsar o voluntariado cultural interxeracional, poñendo o foco no recoñecemento do talento de persoas maiores e novas, na realización de actividades orientadas ao coñecemento e difusión do patrimonio cultural e patrimonial co que contamos.
- Consolidar o voluntariado ambiental interxeracional como elemento revitalizador e de reforzo da conciencia medioambiental, de intercambio e ampliación de coñecementos e de visibilización do noso rico patrimonio a través da mirada de diferentes xeracións.
- Consolidación da colaboración coas tres universidades públicas galegas no marco da realización de convenios de colaboración para o recoñecemento de créditos aos seus estudantes pola participación en proxectos de voluntariado.

II.2. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS

Véxase o indicado no apartado correspondente ao impulso das industrias culturais galegas.

II.3. DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

Véxase o indicado no apartado correspondente a estratexias de internacionalización da cultura.

III. ORZAMENTO DE GASTOS POR PROGRAMA

III.1. PROGRAMAS DE GASTO

III.1.1. PROGRAMA 151A - FOMENTO DA LINGUA GALEGA

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Fomento do uso do galego nos diferentes sectores da sociedade, a través de diversas iniciativas de formación, normalización e promoción do galego que buscan impulsar a incorporación desta lingua a calquera ámbito social, económico, cultural e educativo.

Durante o ano 2025 cómpre ter en conta dúas circunstancias de especial consideración:

Despois de vinte anos as circunstancias sociolingüísticas de Galicia mudaron considerablemente, polo que debemos acadar un Consenso Social polo Lingua no que teña cabida o contexto actual, polo que poñeremos en marcha unha serie de actividades e campañas que atraian o interese dos distintos sectores sociais para fomentar a súa colaboración e achegas a ese encontro exposto polo Goberno Galego e que propicie un clima social axeitado para desenvolver políticas sumamente efectivas dentro dun proceso normalizador, polo que renovaremos o Plan xeral de Normalización da lingua Galega de data 22 de setembro de 2004. Dito Plan debemos renovalo e actualizalo sobre todo en aspectos como as tecnoloxías, a comunicación, a sociedade e o neofalantismo. Tamén é necesario renovar o Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico (PDLGTE) que está prorrogado e rematou a súa vixencia no 2020, e tamén o Plan de dinamización de lingua galega entre a mocidade (PDLGM) que tiña como vixencia ata o ano 2022.

Así mesmo, segundo o previsto no artigo 7 apartado m) do Decreto 146/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, publicado no DOG número 101 do 27 de maio de 2024, á Secretaría Xeral da Lingua asumirá competencias relativas á coordinación e impulso en materia de toponimia. Estas competencias que, con anterioridade exercía outro órgano superior da Xunta de Galicia implicou asumir novos retos con gastos asociados ao funcionamento da Comisión de Toponimia, á publicación do novo Nomenclátor e ao impulso doutras liñas de traballo iniciadas en exercicios económicos anteriores como é o desenvolvemento da Plataforma de Galicia Nomeada do Portal de Toponimia para recompilar a microtoponimia galega e outras actividades formativas e divulgativas.

A consideración do Proxecto Nós, de intelixencia artificial ao servizo da lingua galega, como unha liña de acción prioritaria coa finalidade de xerar e compilar unha ampla variedade de recursos lingüísticos dixitais de calidade en galego, gratuítos e, en código aberto, para que poidan ser empregadas por empresas e institucións. Esta liña de acción favorecerá, ademais a creación dun ecosistema de empresas tecnolóxicas que farán posible o desenvolvemento destes proxectos.

Todas estas circunstancias levan aparelado a necesidade de prever liñas de gasto en diferentes conceptos e subconceptos orzamentarios do programa de gasto 151A e que poden afectar a diferentes capítulos de gasto (gastos de persoal, bens correntes e servizos, transferencias correntes, transferencias de capital, etc.).

Exposto o que antecede, o deseño dos eixes de traballo da SXL para o ano 2025 son os seguintes:

1. Iniciar unha estratexia de acción para acadar un Consenso Social pola Lingua e actualizar o Plan xeral de normalización da lingua galega de 22 de setembro de 2004, así como reimpulsar o Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico (PDLGTE) e promover, así mesmo, unha liña de acción planificadora para realizar un diagnóstico e, no seu desenvolvemento, un plan de acción concreto para dinamizar o ámbito da mocidade (PDLGM) por ser un sector da poboación fundamental para a pervivencia do idioma.

En calquera dos ámbitos identificados no parágrafo anterior resulta conveniente aliñar as necesidades e intereses dos colectivos que os conforman con accións en curso impulsadas pola SXL relacionadas coa intelixencia artificial e as tecnoloxías lingüísticas, o sector audiovisual e as plataformas telemáticas con contidos culturais, divulgativos, formativos e de teleformación, de divertimento e de ocio, entre outros. Tamén aliñaranse as necesidades dos intereses do mundo da lusofonía e do neofalantismo coa acción do goberno para executar accións concretas de dinamización da lingua galega no ámbito lusófono e outras dirixidas a mocidade nos lugares que eles frecuentan no seu tempo de ocio e nas redes sociais. Estas accións constituirán unha aposta estratéxica por este colectivo social, dado que son as mozas e mozos os chamados a garantir o futuro da lingua galega. Facilitarémolles á xente nova que opte pola lingua propia de Galicia en todos os ámbitos da súa vida. Con este fin, daráselle visibilidade ao galego en todas as áreas de acción relacionadas coa mocidade, e moi especialmente na comunicación dixital e redes sociais.

2. Darlle continuidade as liñas de traballo iniciada no ano 2020 para incrementar os contidos dun repositorio de proxectos lingüísticos e culturais en lingua galega denominada, Tece Redes en Galego. No ano 2025 a convocatoria perseguirá a finalidade de incrementar o uso do galego na infancia e na xuventude e nas súas familias para paliar a ruptura da transmisión interxeracional do galego no ámbito familiar e atender, así mesmo, ás necesidades das persoas neofalantes entre a xuventude adulta que elixe voluntariamente o idioma galego como lingua vehicular para o desenvolvemento das accións comunicativas da súa vida cotiá. Desta forma, impulsarase tamén que os profesionais autónomos, as empresas e as cooperativas do tecido económico cultural e artístico vinculado ao proceso de dinamización lingüística e cultural en lingua galega sexan quen de mostrarlles ao público infantil e xuvenil e ás súas familias o seu talento creativo en forma de servizos presenciais de carácter cultural, lúdico ou de formación non regrada en galego, deseñados especificamente para o público destinatario, en atención á súa idade e ás súas circunstancias vitais, preferencias e inquietudes culturais, formativas e de ocio e promover unha planificación estratéxica para executar os servizos

presenciais contratados a través da convocatoria e que cheguen ás persoas destinatarias coa finalidade de multiplicar o seu alcance.

Os servizos presenciais musicais ou escénicos desenvolveranse gratuitamente en espazos públicos, abertos ou pechados, a través dos circuítos culturais da Consellería de Cultura, Llingua e Xuventude (Rede de bibliotecas públicas, Rede de museos e de arquivos, instalacións e salas de exposicións da Cidade da Cultura), dos concellos e entidades que conforman a Rede de dinamización lingüística (RDL) que na actualidade forman parte dela 251 entidades de base local e de índole cultural.

3. A Lusofonía como oportunidade para o galego en diferentes ámbitos culturais e lingüísticos, así como no sector empresarial e nas relacións comerciais e profesionais. Aproveitaranse as fortalezas do galego no mundo lusófono para planificar a nova estratexia de dinamización da lingua galega no sector económico e empresarial que xurde das relacións entre Galicia e Portugal. Desta forma, actualizaranse as liñas de acción do PDLGTE, que tivo vixencia ata o ano 2020, no que se refire as relacións comerciais en ámbitos territoriais cunha lingua de comunicación común. O ano 2025 será un momento importante para que Galicia sexa a comunidade autónoma de referencia lusófona en España.
4. Impulsar proxectos e programas que faciliten a creación de ferramentas, plataformas telemáticas e produtos audiovisuais de calidade en lingua galega ao alcance da cidadanía no ámbito de actuación da promoción lingüística e das tecnoloxías da comunicación e da información aplicadas á aprendizaxe de competencias lingüísticas en galego e, así mesmo, orientadas a promover a transición dixital para poñer en valor o patrimonio cultural galego ou prover de contidos interactivos lúdicos, formativos ou de entretemento as plataformas dixitais.

4.1 Plataforma dixital da Lingua Galega para a formación en liña e comezo das tarefas de adaptación e dos procesos tecnolóxicos necesarios para promover que a realización de exames e probas de capacitación dos cursos CELGA ou de linguaxes específicos sexan en liña mediante medios telemáticos.

Durante o ano 2025 continuaremos avanzando na implementación e fortalecemento da plataforma dixital que permita demostrar a competencia nos distintos niveis de coñecemento da lingua galega mediante medios telemáticos, o que facilitará o acceso ás probas con independencia do lugar onde se viva. Polo que respecta á formación darémoslle continuidade ás tarefas de actualización da plataforma telemática para impartir cursos de formación en versión en liña e en versión de autoaprendizaxe, tanto os relativos ao Celga como os de linguaxes específicos (linguaxe xurídico e linguaxe administrativo, nivel medio e superior). Os cursos en liña permiten que as persoas reciban formación lingüística dos diferentes niveis Celga sen necesidade de asistencia presencial, o que facilita que poidan facer os cursos persoas que non teñen posibilidade de acudir a un centro físico, polas súas circunstancias persoais, profesionais ou xeográficas. Os cursos de autoaprendizaxe facilitan o acceso a formación durante todo o ano, e non están supeditados a que se faga a convocatoria e a un número de prazas determinado, o que amplía a oferta formativa en todos os niveis. Os cursos de linguaxe administrativa e xurídica teñen a súa base no Plan xeral de normalización lingüística e teñen como finalidade que o persoal

funcionario de todas as administracións públicas estea capacitado para realizar en galego o seu traballo profesional, mellorando a súa competencia técnica en galego, polo que é necesario atender a numerosa demanda que hai todos os anos.

Noutro aspecto relacionado cos cursos de formación lingüística desde a perspectiva da avaliación dos coñecementos para a súa certificación, o ano 2025 será importante para iniciar os procesos tecnolóxicos e as adaptacións necesarias para avaliar os coñecementos e certificar as competencias lingüísticas do nivel Celga que corresponda así como doutros cursos de linguaxes administrativos ou xurídicos mediante medios telemáticos sen que o examinador e as persoas aspirantes teñan que comparecer fisicamente nun lugar determinado. Isto xa se está a facer noutras linguas, como é o caso de español a través do Instituto Cervantes. Implantar esta modalidade de avaliación a distancia vai facilitar que os solicitantes que non poden acudir as probas presencias teñan ocasión de participar nos procesos de acreditación do coñecemento da lingua galega.

4.2 Plataforma interactiva de educación non formal complementaria da educación regrada en lingua galega.

Para favorecer contidos audiovisuais en galego para incrementar os fondos dunha plataforma interactiva que, con carácter complementario da educación regrada, contribúa a mellorar a experiencia formativa de nenos e nenas en idade escolar (de 6 a 16 anos) e, así mesmo, promover repositorios de contidos lúdicos e de entretemento de calidade directamente elaborados para o público infantil e que sirvan para mellorar a súa experiencia educativa. Para tales efectos, o repositorio TeCe Redes, será unha ferramenta complementaria para dotar de contidos esa plataforma interactiva e dixital dos recursos formativos e da educación regrada.

Esta acción enmarcase no Plan de acción para o impulso dos contidos dixitais de Galicia e abrírase a porta á produción en galego de produtos audiovisuais de calidade e, tamén, facilitaría a dobraxe a nosa lingua de obras e contidos de calidade e de recoñecemento xeral para o público infantil.

4.3 Proxecto de Toponimia de Galicia.

A Secretaría Xeral da Lingua asumiu no segundo semestre do ano 2022 ás competencias relativas á coordinación e impulso en materia de toponimia. Estas competencias que, con anterioridade, as exercía outro órgano superior da Xunta de Galicia, incorporáranse ao bloque competencial da SXL e, iso implicará asumir, ademais de competencias propias para impulsar a aprobación do novo Nomenclátor de Galicia polo Parlamento, a coordinación dos traballos necesarios para a súa constante revisión e actualización. Os eixos de traballo para 2025 son:

- Proxecto Galicia Nomeada e Nomenclator de Galicia: No ano 2025 está previsto publicar o Nomenclátor de Galicia actualizado en substitución do aprobado no ano 2003 e continuar co desenvolvemento da App colaborativa, que se denomina Galicia Nomeada e que se pode descargar en aplicativos móbiles dende o portal da Toponimia de Galicia (toponimia.xunta.gal).

- Colaboración co Instituto de Estudos do Territorio(IET) en relación co Plan Galego de Cartografía e Información Xeográfica(PGCIX) no relativo a:

01. Información da revisión do Nomenclátor de Galicia. Toponimia oficial das provincias, concellos, parroquias e lugares correspondente aos traballos de actualización feitos pola Real Academia Galega(RAG) e pendentes de aprobación.

02. Revisión do Nomenclátor Geográfico de España.

O Nomenclátor Geográfico Nacional require a revisión das denominacións oficiais referenciadas xeograficamente que se utilizan na cartografía oficial. A finalidade deste traballo é a harmonización do Nomenclátor Geográfico Básico de España(NBGE) e os Nomenclátors Xeográficos de cada unha das Comunidades Autónomas. É necesario acometer a tarefa de revisión lingüística por parte da Secretaría xeral da Lingua da toponimia menor de Galicia relacionada cos elementos da orografía e hidrografía para a integración desta información cartográfica no modelo de datos do NBGE que sigue as especificacións Inspire.

As tarefas de revisión concretaranse nos topónimos relativos a orografía, hidrografía e litoral e que o IGN presenta como dúbidas lingüísticas.

03. Acceso ás bases de datos correspondentes a Plataforma Galicia Nomeada da Secretaría xeral da Lingua.

No marco de actuación do Programa de Cooperación Interreg V A España – Portugal (POCTEP 2014-2020), que se incardinan no proxecto 0358 GEOAR-PAD "Patrimonio cultural da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal", a Secretaría Xeral da Lingua o Instituto de Estudos do Territorio, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Real Academia Galega uniron esforzos para impulsar a recolleita da microtoponimia mediante a plataforma de Galicia Nomeada que permite a incorporación de nomes por parte de moitos usuarios e integra parte das bases existentes.

Faise necesario a integración desta información toponímica da Plataforma Galicia nomeada no Nomenclator Xeográfico de Galicia(NXG) en proceso de elaboración.

04. Revisión por parte da Secretaría xeral da Lingua da toponimia procedente doutras fontes (Catastro, Inventarios de Patrimonio, etc.) para aumentar a súa densidade na Base Topográfica de Galicia 5K.

Neste senso, é fundamental a formación dunha base toponímica única, que en coordinación coa base de datos de Galicia Nomeada se poida contar cun Nomenclátor Xeográfico de Galicia (NXG), como modelo de datos harmonizado que recolla a toponimia resultado das achegas procedentes da colaboración conxunta das distintas institucións públicas e particulares, e permita a súa continua actualización e bo uso.

Outras actividades relacionadas coa toponimia:

- Organización de eventos, conferencias, xornadas e convocatorias vinculadas a este ámbito de acción, tales como: a presentación do novo Nomenclátor de Galicia á sociedade.
- Realización dunha unidade didáctica de Galicia Nomeada para que traballen con ela nos centros educativos de forma pedagóxica para o cumprimento dos obxectivos curriculares de cada etapas educativa.

5. Programas específicos de apoio a neofalantes.

A incorporación e atención de neofalantes ao noso sistema lingüístico é unha prioridade de actuación para o ano 2025.

6. Programas de dinamización da lingua galega no ámbito familiar.

Potenciaranse programas específicos de promoción e dinamización lingüística orientados ás familias para promover a transmisión interxeracional do idioma galego sobre todo en ámbitos urbanos (FalaRedes, Nadal en rede, etc.).

7. Colaboracións e campañas de difusión relacionadas co proxecto Nos de Intelixencia Artificial.

Dentro da actividade colaborativa que promove a SXL a través de convenios de colaboración con outras institucións sen ánimo de lucro relacionadas cos procesos de normalización e dinamización da lingua galega e, nomeadamente coas Universidades, cobra especial relevancia a continuidade dos traballos para o desenvolvemento do proxecto Nós.

O Proxecto Nós é un proxecto de País, transversal e colaborativo no que xa están a colaborar diferentes administracións, entidades sociais e empresas de Galicia máis, para seguir avanzando e garantir o seu correcto funcionamento, será necesaria a colaboración de milleiros de persoas de diferentes formas. A máis importante será a través da doazón de voz. Para que as máquinas sexan quen de nos entenderen cando falamos en galego e de nos responderen na nosa lingua, é necesario dispor de grandes cantidades de datos de voz e texto. É esencial que un banco de voces integre falantes de distintos xéneros, idades, variedades dialectais e rexistros, co fin de representar toda a riqueza da nosa lingua. Por tal motivo, resulta imprescindible contratar os traballos relacionados coa recolleita de voz en galego para a creación dun banco de voces no marco do proxecto Nós. Con esa finalidade será chave o deseño e execución dunha campaña de difusión e divulgación da captación de voces por todo o territorio co obxectivo de recoller o máximo volume de voz posible no período de realización.

Tamén, aproveitaremos a realización das probas Celga para a recollida de voces dos participantes que así o autoricen, feito que xa se levou a cabo con ocasión das probas realizadas nos meses de maio e xuño, con alta participación dos asistentes.

8. Actividade colaborativa da SXL a través de convenios de colaboración con outras institucións sen ánimo de lucro relacionadas cos procesos de normalización e dinamización da lingua galega. Continuarase esta actividade con outras entidades, tales como a RAG, Universidades, Fundación Galicia-América, etc.

9. Convocatoria de axudas a Entidades Locais, a entidades Editoriais, para fomentar o uso da lingua galega.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Toda a poboación en xeral e, en particular, colectivos específicos:

A poboación adulta en Galicia e no exterior, o núcleo familiar de convivencia, o publico infantil, a mocidade, os neofalantes e outros colectivos con necesidades especiais (neofalantes, alumnado da ensinanza obrigatoria, universidade, empresas, etc.).

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A gran parte dos programas, plans e accións necesarios para desenvolver as políticas activas de promoción e de sensibilización a prol da lingua galega.

No ano 2024, en atención aos obxectivos operativos do programa realizáronse diferentes actuacións:

- I. Fomentar o uso do galego nos diferentes sectores da sociedade, principalmente nos sectores considerados prioritarios e estratéxicos (tecido económico, xuventude, lusofonía):
 - Continuación dos programas de dinamización lingüística para as franxas de idade máis novas: como, por exemplo, “Nós tamén creamos”, “FalaRedes”, 21 días co galego e+.
 - Coñecemento da situación actual do galego nos distintos ámbitos da sociedade, a través do Observatorio da Lingua Galega.
 - Convocatoria de axudas para a edición de recursos didácticos curriculares para niveis -non universitarios.
 - Convocatoria de subvencións ás entidades locais de Galicia para fomentar o uso da lingua galega, apoiando a creación, mantemento e reforzamento dos servizos lingüísticos e a realización de programas de dinamización lingüística, nos ámbitos municipal e supramunicipal.
 - Actuacións e afianzamento da Rede de dinamización lingüística (RDL), entre a Xunta de Galicia e as entidades locais, e outras de diversa procedencia (culturais, etc.).
 - Sinatura de convenios con entidades dos diversos sectores sociais para a realización de actuacións de normalización lingüística.
 - Creación e difusión de recursos en galego, tales como tradutores, paquetes ofimáticos, correctores, dicionarios ou vocabularios en liña.
 - Convocatoria de axudas para fomentar o uso do galego nos medios de comunicación impresos e nos seus portais web.

- Desenvolvemento de diversos proxectos de investigación a través do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- 2. Ampliar o coñecemento do galego por parte da cidadanía:
 - Colaboración co Instituto da Lingua Galega, coa Real Academia Galega e coas universidades galegas, así como co Instituto Cervantes.
 - Convocatoria de cursos de formación e probas Celga, acreditativas do coñecemento do idioma galego.
 - Realización de xornadas de formación para o profesorado colaborador da Secretaría Xeral da Lingua.
 - Reforzo da oferta formativa en lingua galega para os profesionais ao servizo das administracións.
 - Oferta de asesoramento lingüístico a través do servizo da Secretaría Xeral da Lingua.
- 3. Incrementar a proxección da lingua e da cultura galegas fóra da comunidade de Galicia:
 - Convenios con universidades de diversos países para desenvolver actividades de difusión da lingua e da cultura galegas.
 - Coordinación das actividades formativas no exterior a través dunha rede de centros de estudos galegos.
 - Colaboración coa Junta de Castilla y León para continuar o proceso de incorporación do galego nos plans de estudo dos centros de ensino primario e secundario.
 - Colaboración con centros de Cataluña (proxecto Galauda), Londres, Caracas, etc.
 - Colaboración con centros docentes de latinoamérica nos que exista alumnado de orixe galego para a impartición de docencia de lingua galega e realización de actividades vinculadas a nosa cultura.
 - Colaboración coa Casa de Galicia en Madrid para levar a cabo cursos e actividades de lingua e cultura galegas, que están a ter moita demanda.
 - Fomento da colaboración entre gobernos en materia de política lingüística.
 - Participación na Rede europea para a promoción da diversidade lingüística (NPLD), e na "Asociación de instituciones evaluadoras de lenguas de Europa" (ALTE).
- 4. Desenvolvemento de campañas específicas de dinamización lingüística:
 - Campaña anual de celebración das Letras Galegas e outras efemérides de especial significación.
 - Campañas de dinamización lingüísticas dirixidas aos concellos e outras entidades que conforman a Rede de dinamización lingüística en datas determinadas do nadal ou durante a época estival de vacacións escolares.

Calquera das accións previstas nos apartados anteriores terán continuidade no ano 2025.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O referente normativo básico da actuación establécese no artigo 3.2 da Constitución Española sobre a oficialidade das linguas do Estado nas respectivas comunidades autónomas, e no artigo 5 do Estatuto de autonomía para Galicia onde se define que a lingua propia de Galicia é o galego e que os poderes públicos de Galicia potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa.

Eses mesmos mandatos son reiterados no Estatuto de Autonomía para Galicia (art. 27º.20) e desenvolvidos na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, e tamén no Decreto 221/1990, do 22 de marzo, polo que se crea a Comisión Coordinadora para a Normalización Lingüística, onde se establece a necesidade de coordinar as accións promovidas polos distintos estamentos da Administración autonómica para planificar as liñas xerais de actuación externa e interna en materia de normalización lingüística, así como o obxectivo de promover o uso social da lingua galega a través de distintas accións por parte da Administración.

O Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega aprobado por unanimidade do Parlamento de Galicia o 21 de setembro de 2004, que, a modo de marco referencial e partindo dun concepto globalizador, permite, de forma planificada, a concreción e actualización dos grandes obxectivos de política lingüística expresados na Lei de normalización lingüística de 1983.

No marco do ensino non universitario, a lexislación concrétese no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo, cuxa adecuación á Lei de normalización lingüística ten sido avalada favorablemente polas sentenzas do TSXG corrixido para a súa aplicación mediante as instrucións interpretativas dítadas para tal fin.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

O programa I51A –Fomento da lingua galega– pretende cumprir os obxectivos que prevé a Lei de normalización lingüística e o Plan xeral de normalización da lingua galega, así como os diferentes plans e estratexias que se deseñaron no tempo para promover intervencións determinadas e fomentar que a lingua galega sexa útil e de uso cotiá en calquera circunstancia e lugar.

Estes obxectivos considéranse imprescindibles para o proceso normalizador e para deseñar as medidas de actuación que sexan necesarias para conseguir unha actitude máis favorable cara á lingua galega, e difundir a conveniencia de empregar a lingua galega nos distintos eidos da sociedade prestando especial atención a franxa de poboación máis nova, así como o tecido económico empresarial e as súas relacións comerciais cos países de fala portuguesa, a mocidade, o núcleo familiar, e outros colectivos sociais con necesidades específicas, como son os neofalantes.

No marco de actuación da Estratexia Dixital 2030, preténdese promover estratexias de acción colaborativas para potenciar a dixitalización do galego e equiparar o seu uso en todo tipo

de soportes dixitais e o seu desenvolvemento en recursos tecnolóxicos presentes e futuros que permitirán colocar o galego na vangarda da Intelixencia Artificial IA), nomeadamente naquelas áreas relacionadas coas tecnoloxías lingüísticas (TL) e, de modo xeral, na sociedade e a economía dixitais. O proxecto Nós, no ámbito lingüístico, é un proxecto de país, unha oportunidade para impulsar unha Galicia mellor e unha cultura de vangarda que reforce a fortaleza do sector a través da súa lingua de comunicación.

De acordo con isto, a Secretaría Xeral da Lingua quere conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e maiores espazos de uso na sociedade civil do século XXI. Agora ben, unha planificación lingüística é algo moi distinto a outros proxectos planificadores, porque a súa executora vai ser toda a cidadanía nas súas empresas, nos seus lugares de traballo, nas súas relacións sociais, nas súas familias. En definitiva, depende absolutamente do entusiasmo e vontade da cidadanía á que vai dirixido lograr os obxectivos nel establecidos. Por iso, a Secretaría Xeral da Lingua, consciente da importancia de que favorecer o prestixio e o uso da lingua galega é unha tarefa de todos, e non só das institucións, traballa para estender unha visión afable, moderna e útil do galego, para o converter na lingua habitual de comunicación, tanto formal como informal, e eliminar os prexuízos que aínda existen sobre esta lingua.

O resultado que se pretende conseguir) é difundir a conveniencia de empregar a lingua galega nos distintos eidos da sociedade prestando especial atención a franxa de poboación máis nova, así como o tecido económico empresarial e a súas relacións comerciais cos países de fala portuguesa, así mesmo, a calquera outro colectivo social con necesidades específicas para propiciar un clima que favoreza o uso cotiá do galego.

Accións concretas para o ano 2025:

1. Iniciar unha estratexia de acción para acadar un Consenso Social pola Lingua.
2. Actualizar o Plan xeral de normalización da lingua galega de 22 de setembro de 2004.
3. Reimpulsar e actualizar o Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico (PDLGTE) e promover, así mesmo, unha liña de acción planificadora para realizar un diagnóstico e, no seu desenvolvemento, un plan de acción concreto para dinamizar o ámbito da mocidade (PDLGM) por ser un sector da poboación fundamental para a pervivencia do idioma.
4. Darlle continuidade as liñas de traballo iniciada no ano 2020 para incrementar os contidos dun repositorio de proxectos lingüísticos e culturais en lingua galega denominada, Tece Redes en Galego.
5. Impulsar proxectos e programas que faciliten a creación de ferramentas, plataformas telemáticas e produtos audiovisuais de calidade en lingua galega.
 - 5.1 Plataforma dixital da Lingua Galega para a formación en liña e autoaprendizaxe e comezo das tarefas de adaptación e dos procesos tecnolóxicos necesarios para promover que a realización de exames e probas de capacitación dos cursos CELGA ou de linguaxes específicos sexan en liña mediante medios telemáticos.

Durante o ano 2025 continuaremos avanzando na implementación e fortalecemento da plataforma dixital que permita demostrar a competencia nos distintos niveis de coñecemento da lingua galega mediante medios telemáticos, o que facilitará o acceso ás probas con independencia do lugar onde se viva. Polo que respecta á formación darémoslle continuidade ás tarefas de actualización da plataforma telemática para impartir cursos de formación en versión en liña e en versión de autoaprendizaxe, tanto os relativos ao Celga como os de linguaxes específicos (linguaxe xurídico e linguaxe administrativo, nivel medio e superior). Os cursos en liña permiten que as persoas reciban formación lingüística dos diferentes niveis Celga sen necesidade de asistencia presencial, o que facilita que poidan facer os cursos persoas que non teñen posibilidade de acudir a un centro físico, polas súas circunstancias persoais, profesionais ou xeográficas. Os cursos de linguaxe administrativa e xurídica teñen a súa base no Plan xeral de normalización lingüística e teñen como finalidade que o persoal funcionario de todas as administracións públicas estea capacitado para realizar en galego o seu traballo profesional, mellorando a súa competencia técnica en galego, polo que é necesario atender a numerosa demanda que hai todos os anos.

Noutro aspecto relacionado cos cursos de formación lingüística desde a perspectiva da avaliación dos coñecementos para a súa certificación, o ano 2025 será importante para iniciar os procesos tecnolóxicos e as adaptacións necesarias para avaliar os coñecementos e certificar as competencias lingüísticas do nivel Celga que corresponda así como doutros cursos de linguaxes administrativos ou xurídicos mediante medios telemáticos sen que o examinador e as persoas aspirantes teñan que comparecer fisicamente nun lugar determinado. Isto xa se está a facer noutras linguas, como é o caso de español a través do Instituto Cervantes. Implantar esta modalidade de avaliación a distancia vai facilitar que os solicitantes que non poden acudir as probas presencias teñan ocasión de participar nos procesos de acreditación do coñecemento da lingua galega.

5.2 Plataforma interactiva de educación non formal complementaria da educación regrada en lingua galega.

Para favorecer contidos audiovisuais en galego para incrementar os fondos dunha plataforma interactiva que, con carácter complementario da educación regrada, contribúa a mellorar a experiencia formativa de nenos e nenas en idade escolar (de 6 a 16 anos) e, así mesmo, promover repositorios de contidos lúdicos e de entretemento de calidade directamente elaborados para o público infantil e que sirvan para mellorar a súa experiencia educativa. Para tales efectos, o repositorio TeCe Redes, será unha ferramenta complementaria para dotar de contidos esa plataforma interactiva e dixital dos recursos formativos e da educación regrada.

Esta acción enmarcase no Plan de acción para o impulso dos contidos dixitais de Galicia e abrírase a porta á produción en galego de produtos audiovisuais de calidade e, tamén, facilitaría a dobraxe a nosa lingua de obras e contidos de calidade e de recoñecemento xeral para o público infantil.

5.3 Proxecto de Toponimia de Galicia.

No ano 2025 está previsto publicar o Nomenclátor de Galicia actualizado en substitución do aprobado no ano 2003 e continuar co desenvolvemento da App colaborativa, que se denomina Galicia Nomeada e que se pode descargar en aplicativos móbiles dende o portal da Toponimia de Galicia (toponimia.xunta.gal).

GALICIA NOMEADA: melloras no ano 2025:

- Implementar un novo buscador avanzado ou filolóxico que permita facer buscas de topónimos segundo criterios filolóxicos e poder xerar con eses datos táboas e mapas para ilustrar traballos de investigación dos lingüistas.
- Cargar novas capas de información cartográfica e xeográfica, entre elas as fotos aéreas do PNOA 2022, para dispoñer dun maior nivel de zoom á hora de introducir topónimos puntuais ou en zonas onde existe unha gran densidade de nomes.
- Melloras no deseño da plataforma.
- Implementar o novo Nomenclátor de entidades de poboación en Galicia Nomeada cando este se aprobe no Parlamento de Galicia.
- Publicar unha nova versión actualizada da app Galicia Nomeada para os novos dispositivos móbiles no sistema Android e IOs.

TOPONIMIA no ámbito lingüístico e cartográfico:

- Colaboración co Instituto de Estudos do Territorio(IET) en relación co Plan Galego de Cartografía e Información Xeográfica(PGCIX) no relativo a:
 - Información da revisión 2021 do Nomenclátor de Galicia. Toponimia oficial das provincias, concellos, parroquias e lugares correspondente aos traballos de actualización feitos pola RAG e pendentes de aprobación.
 - Revisión do Nomenclátor Geográfico de España. As tarefas de revisión concretarase nos topónimos relativos a orografía, hidrografía e litoral e que o IGN presenta como dúbidas lingüísticas.
 - Acceso ás bases de datos correspondentes a Plataforma Galicia Nomeada da Secretaría xeral da Lingua. Faise necesario a integración desta información toponímica no Nomenclator Xeográfico de Galicia(NXG) en proceso de elaboración.
 - Revisión de toponimia procedente doutras fontes (Catastro, Inventarios de Patrimonio, etc.) para aumentar a súa densidade na Base Topográfica de Galicia 5K.

PORTAL TOPONIMIA DE GALICIA: melloras no ano 2025:

- Unificar as tres webs que existen sobre a toponimia de Galicia nun único portal: a de consulta do Nomenclátor; a de Galicia Nomeada e o portal Toponimia de Galicia.
- Novo deseño da web acorde coa imaxe corporativa dos portais da Xunta de Galicia.

- Seguir dotando de contidos o portal Toponimia de Galicia. Creación dunha pestana nova para xogos de toponimia.

OUTRAS ACTIVIDADES RELACIONADAS COA TOPONIMIA:

- Organización de eventos, conferencias, xornadas e convocatorias vinculadas a este ámbito de acción, tales como: a presentación do novo Nomenclátor de Galicia á sociedade
- Realización dunha unidade didáctica de Galicia Nomeada para que traballen con ela nos centros educativos de forma pedagóxica para o cumprimento dos obxectivos curriculares de cada etapa educativa.
- Programas específicos de apoio a neofalantes.
- A incorporación e atención de neofalantes ao noso sistema lingüístico é unha prioridade de actuación para o ano 2025 e está previsto a súa continuidade ata o exercicio do 2026.
- Programas de dinamización da lingua galega no ámbito familiar.
- Potenciaranse programas específicos de promoción e dinamización lingüística orientados ás familias para promover a transmisión interxeracional do idioma galego sobre todo en ámbitos urbanos (FalaRedes, Nadal en rede, etc.).
- Colaboracións e campañas de difusión relacionadas co proxecto Nos de Intelixencia Artificial.

Dentro da actividade colaborativa que promove a SXL a través de convenios de colaboración con outras institucións sen ánimo de lucro relacionadas cos procesos de normalización e dinamización da lingua galega e, nomeadamente coas Universidades, cobra especial relevancia a continuidade dos traballos para o desenvolvemento do proxecto Nós.

No ano 2025, ao abeiro deste proxecto continuarase coa campaña de captación de voz a nivel galego para a súa difusión e divulgación polos diferentes concellos de Galicia.

Dentro do deseño da campaña de captación de voz resulta imprescindible establecer dúas liñas diferenciadas aínda que interconectadas entre si: unha campaña de captación en liña e outra campaña de captación física. En ambos os dous casos a recollida de voces levarase a cabo a través da plataforma Common Voice co propósito de democratizar as tecnoloxías da fala e os obxectivos finais da campaña que se identificarán nos pregos que rexan a contratación correspondente serán os seguintes:

- Dar a coñecer entre o conxunto da poboación galega o Proxecto Nós e a campaña de recollida de voz.
- Dar a coñecer a importancia de doar voz en galego e as diferentes canles para poder facelo.
- Recoller o máximo de horas posibles de voz e ter mostras suficientes das diferentes variantes dialectais do galego. Tamén, aproveitaremos a realización das

probas Celga para a recollida de voces dos participantes que así o autoricen, feito que xa se levou a cabo con ocasión das probas realizadas nos meses de maio e xuño, con alta participación dos asistentes.

- Outras accións de continuidade no ámbito de actuación da SXL no eido formativo, dinamizador e normalizador da lingua galega.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc.)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

O programa I51A, no desenvolvemento das súas actividades de dinamización lingüística, formación e investigación promove e incide positivamente no emprego dunha linguaxe e imaxes non sexistas, inclusivas, igualitarias, plurais e non estereotipadas, para achegar a súa mensaxe a toda a cidadanía e incrementar o coñecemento e o uso social da lingua galega.

Os indicadores con relevancia de xénero máis importantes se concretan como segue:

- a) Os contidos e a docencia dos cursos de lingua galega para todos os niveis (incluíndo as linguaxes específicas, a administración xeral, local e de xustiza, etc.) nos que se presta unha especial atención ao fomento da utilización non sexista do galego, empréganse sempre termos xenéricos (persoal colaborador, persoas responsables, etc.), mesmo nas xornadas formativas sempre se inclúe unha epígrafe referida á linguaxe non sexista. O mesmo acontece coas probas de avaliación, onde se adaptan os textos para acadar textos inclusivos e non sexistas.

- b) A utilización dunha linguaxe e imaxes inclusivas está presente nas publicacións e traballos de investigación que produce, edita e financia a Secretaría Xeral da Lingua, ademais de aquelas outras nas que colabora directamente.
- c) No ámbito da promoción, baste citar que un dos parámetros de valoración das obras que se presentan á convocatoria anual de subvencións para a edición de recursos curriculares en lingua galega, para niveis non universitarios, é precisamente se, de maneira transversal aos obxectivos, competencias e contidos abordados, o material promove: “A igualdade entre as persoas, sexan do sexo, raza, relixión, procedencia, lingua ou condición social que sexan”.
- d) No ámbito da dinamización lingüística e do impulso de proxectos presencias e dixitais para a súa contratación ao abeiro da convocatoria do repositorio Tece Redes en galego a base 3.5, prevé que: De xeito transversal, os proxectos poderán incluír principios e valores que fomenten a igualdade entre homes e mulleres, o respecto á diversidade e á diferenza, a integración da perspectiva de xénero, o fomento de accións positivas e o uso da linguaxe non sexista, a solidariedade, a accesibilidade na cultura e calquera dos obxectivos de desenvolvemento sostible propostos pola Asemblea Xeral de Nacións Unidas e que inspiran as actividades da axenda cultural galega, como a fin da pobreza, fame cero, saúde e benestar, accións polo clima, educación de calidade, paz, xustiza, concordia ou institucións sólidas.

Obsérvase unha aceptación significativa e crecente por parte das mulleres cara ás actividades que se veñen desenvolvendo a través do programa I5IA.

Persoas destinatarias de cursos: no que vai do ano 2024 temos 2.325 asistentes e un 56 % do alumnado son mulleres. No que respecta os cursos de autoformación, temos actualmente máis de 7.000 participantes, dos que o 55% son mulleres.

Probas para acreditar o coñecemento en lingua galega (CELGA): un 59 % das persoas presentadas son mulleres.

Persoas destinadas nos Centros de Estudos Galegos conveniados en universidade fóra de Galicia: de 25 persoas lectoras, 16 son mulleres.

En distintos programas de dinamización lingüística que leva a cabo a Secretaría Xeral da Lingua no que vai de ano, como: Sesións de teatro, concertos, etc. prodúcese unha maior participación feminina.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	X
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a coresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	X
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓN.

A Secretaría Xeral da Lingua programa e executa actividades dirixidas ao conxunto da cidadanía, sen diferenciación por sexos, co obxecto de lograr máis e mellores espazos de uso para o galego, velando en todas as súas iniciativas por utilizar una linguaxe igualitaria, plural e non estereotipada das funcións das mulleres e homes na sociedade. Por esta razón, non conta con actividades concretas para as que se poida fixar un orzamento específico.

Con todo, de acordo cos orzamentos aprobados, dedica todos os anos fondos das diferentes aplicacións orzamentarias e, fundamentalmente, do capítulo VI para afianzar accións que incorporen a transversalidade de xénero e o principio de igualdade efectiva entre mulleres e homes (Mínimo 300.000 euros).

Cómpre subliñar a adquisición de obras literarias que poñen en valor o traballo das mulleres, así como espectáculos de pequeno formato que fomenten medidas de acción positivas que contribúen a erradicar os desequilibrios de xénero presentes nas distintas dimensións da vida das persoas, ademais de programas de acción dirixidas ao ámbito educativo (Equipos de Dinamización da Lingua Galega en centros educativos) para avanzar na consecución real da igualdade entre homes e mulleres.

Exemplos:

- 21 días co galego e +: Programa no que o alumnado de diferentes centros educativos falará só en galego dentro e fóra do centro durante 21 días, co fin de impulsar a oralidade en galego; durante o seu desenvolvemento realiza tarefas e vídeos que se difunden no seu blog e nas RR SS sobre diferentes temas, entre eles os relacionados co fomento da igualdade.
- Convocatoria para a elaboración de proxectos de innovación educativa en dinamización Lingüística. Nos que se valoran as medidas para fomentar a igualdade.
- Programa e certame Nós Tamén Creamos!
- No botón dos EDLG na páxina web da SXL existe unha sección de recursos para celebrar o Día Internacional da Muller, o Día contra a Violencia de Xénero. Tamén se difunden recursos para celebrar o Día da Muller e a Nena na Ciencia.
- Premio Fina Casalderrey de literatura infantil pola igualdade.
- Obradoiro de Regueiras no ciclo Elas son Artistas.
- Exposición Juana de Vega, Condesa de Espoz y Mina (1805-1872). Esta exposición busca completar o perfil de Juana de Vega, unha muller que lonxe de limitarse ao seu papel, primeiro de “esposa de “ e logo de “viuva de”, foi capaz de marcar un perfil propio e de transgredir as fronteiras culturais e de xénero que balizaban unha sociedade construída a partires de criterios masculinos.
- Libros con temática feminista como pode ser: Juana De Vega, Mulleres de Rocha e area, Exeria, A muller medieval, escritos feministas, etc.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

O programa é mixto con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes para a utilización dun galego non sexista, tentando transmitir unha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade. Moitas actividades que se están a desenvolver parten da premisa de favorecer actitudes de total igualdade entre ambos os dous sexos.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

O número de bolseiras do Centro Ramón Piñeiro no ano 2024 e de 21 persoas, 16 mulleres e 5 homes. O número de persoas lectoras nas universidades, tanto dentro como fóra de Galicia é de 25 persoas dos que 16 son mulleres.

- a) Persoas destinatarias de cursos: no que vai de exercicio, ano 2024, convocáronse 39 cursos Celga, 6 de Lingua e Cultura galegas e 40 cursos de linguaxes específicas o que fai un total de 84 cursos, cun total de 2.325 alumnos, dos que mais do 50 % son mulleres.
- b) Persoas participantes nos cursos de autoaprendizaxe: actualmente máis de 7.000 persoas están a desenvolver os cursos de autoaprendizaxe Celga, e o porcentaxe de mulleres supera o 50%.
- c) Probas para acreditar o coñecemento en lingua galega (CELGA): No que vai de exercicio 2024 realizouse unha convocatoria de probas Celga nos meses de maio e xuño, na que estaban matriculadas 2.161 persoas, das que 1.275 foron mulleres. En novembro haberá unha segunda convocatoria e estimase que o porcentaxe de asistencia de mulleres superará o 50%.
- d) En distintos programas de dinamización lingüística que levou a cabo a Secretaría Xeral da Lingua no ano 2024 obsérvase en todos os casos maior participación feminina. Do público asistente máis do 50% son mulleres.

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN. EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.

A perspectiva de xénero esta presente en todas as actividades que se promoven dende a SXL con fins divulgativos, formativos ou doutra índole da lingua galega. Exemplos poden ser, entre outras, as accións destinadas ao ámbito educativo a través dos EDLG, como o programa 21 días co galego e+, Nos tamén Creamos! ou diferentes campañas nas que de forma transversal procurase darlle relevancia a perspectiva da igualdade de xénero e outros valores universais.

Nos convenios que a SXL asina con outras entidades ou institucións, se polo seu obxecto resulta conveniente realizar estatísticas ou estudos en desenvolvemento das actividades do convenio recóllese unha cláusula para desagregar datos separadamente en función do sexo das persoas afectadas en cumprimento do disposto na Lei 13/ 2021, de 20 de xullo, pola que se modifica o Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral da Lingua

III.1.2. PROGRAMA 312F – PROGRAMAS DE SOLIDARIEDADE

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

O programa engloba unha serie de medidas encamiñadas a promover e impulsar accións de voluntariado en diferentes áreas de actuación tales como a sociosanitaria, social, ambiental, tecnolóxica, cultural educativa que inciden de xeito significativo na mellora da contorna e no desenvolvemento comunitario e, por outra banda, aspira a garantir a inclusión social e os dereitos básicos das persoas máis desfavorecidas e vulnerables dentro dun marco favorecedor da acción solidaria como elemento de cohesión enriquecedor tanto a nivel persoal como social.

Pretende así mesmo, incidir na formación das persoas voluntarias e das persoas responsables da xestión das entidades de voluntariado facilitando programas formativos que axuden a un mellor desenvolvemento da súa labor no eido da solidariedade e a participación social dentro do

marco legal e de recoñecemento dos dereitos e obrigas que lle corresponden a cada unha das entidades implicadas.

Persegue a promoción da cultura da solidariedade impulsando a participación cidadá na realización de accións de voluntariado e participación, a través de campañas de sensibilización e apoio, incidindo na igualdade entre homes e mulleres co obxectivo de acadar unha maior participación dos homes nas accións voluntarias.

Busca a implantación do recoñecemento social da labor das persoas voluntarias que faga visible a súa achega á sociedade en xeral e o das entidades de acción voluntaria como rede organizativa, a través das diferentes liñas de axudas e a través dos Premios Galicia de Acción Voluntaria.

Promove e fomenta a creación dunha rede de voluntariado orientada a apoiar necesidades sociais mediante accións coordinadas e específicas, permitindo deste xeito a optimización dos recursos públicos e privados na execución dos programas.

Impulsa igualmente, de xeito transversal aquelas accións orientadas ao fomento da igualdade entre mulleres e homes e a promoción e difusión da lingua galega.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Considérase imprescindible a formación e especialización tanto das persoas voluntarias como das persoas xestoras das entidades de acción voluntaria, para optimizar os recursos dos que dispoñen unhas e outras na proxección dunha sociedade máis solidaria.

Do mesmo xeito, o aumento da demanda de intervención por parte dos colectivos en dificultade fai necesario máis que nunca a promoción e recoñecemento desta actividade para conseguir unha maior participación da poboación en xeral nestas actividades, incidindo na incorporación de maior número de persoas á acción voluntaria.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O programa ten carácter universal dirixíndose a toda a sociedade susceptible de realizar accións de voluntariado como elemento fundamental de cohesión social e desenvolvemento comunitario.

Ademais, é preciso reforzar a colaboración coas entidades de acción voluntaria de carácter privado, a través de axudas que lles permitan desenvolver as súas actividades habituais con persoas voluntarias de calquera rango de idade. Contarase tamén coas ditas entidades para a posta en marcha do Plan anual de Formación do Voluntariado.

O colectivo de persoas maiores ten gañado en autonomía nos últimos anos, pero cada vez son máis os que prefiren vivir nos seus domicilios coa proximidade de servizos sociais adaptados ás súas necesidades.

Por outra banda, conforman un grupo poboacional con experiencia en determinados campos que é preciso recuperar e recoñecer, transmitindo as ditas vivencias ás xeracións máis novas e viceversa. Neste sentido, o voluntariado social interxeracional supón unha boa ferramenta para consolidar experiencias vitais entre persoas maiores e novas que logo poderán ser proxectadas nun contexto social e territorial.

Así mesmo, sabemos que é moi importante revitalizar as zonas rurais, toda vez que estes territorios supoñen unha boa oportunidade de asentamento viable e de proxección destes coñecementos entre xeracións que se orienten á consolidación de proxectos vitais e profesionais vinculados ao territorio.

Por outra banda, o voluntariado ambiental interxeracional permitirá reforzar a conciencia medioambiental, intercambiar e ampliar coñecementos ademais de visibilizar o noso rico patrimonio a través da mirada de diferentes xeracións.

Así mesmo, tamén se fomentarán as accións de carácter voluntario arredor do Camiño de Santiago co fin de axudar a difundir e preservar este ben patrimonial, cultural, relixioso e fenómeno social de primeira orde.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Na actualidade existen 1131 entidades inscritas no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia, calculándose que preto de 73.347 persoas voluntarias colaboran dun xeito ou doutro, nos programas que estas desenvolven. Os programas de formación desenvolvidos pola Dirección Xeral de Xuventude, dende 2009 permitiron formar a máis de 33.825 (datos ata final de 2023) persoas voluntarias e amósanse como un instrumento válido e de absoluta vixencia para mellorar as accións desenvolvidas por estas, optimizar a súa xestión e mellorar a preparación das persoas voluntarias de cara o exercicio do voluntariado.

As liñas de axudas aos programas de concellos e mancomunidades de municipios permitiron atender dende o ano 2009, 1012 solicitudes de axudas (das que foron concedidas en total 846) para desenvolver os seus programas de voluntariado, sendo o importe medio das axudas de 3.295,94 euros por proxecto e ano. Así mesmo, dende o ano 2009 atendéronse 2.772 solicitudes de axudas para programas realizados polas entidades de acción voluntaria (das que foron concedidas un total de 2.347 cunha axuda media de 2.057,98 euros).

No ano 2011 creouse o programa de Voluntariado Xuvenil para a promoción do voluntariado entre os mozos e mozas, e que ten como obxectivo principal impulsar a súa incorporación

ás entidades de acción voluntaria. Este programa xa permitiu achegar a 5.955 (datos finais ata 2023) mozos e mozas aos programas de acción voluntaria desenvolvidos polas entidades locais e entidades de acción voluntaria, ao entenderse como un instrumento axeitado para a implicación da sociedade na acción voluntaria.

Os últimos datos cos que contamos, correspondentes ao exercicio 2023, ao abeiro do programa de Voluntariado Xuvenil, reflicten 14 solicitudes de entidades locais e 40 de entidades de acción voluntaria, entre as que se solicitou un importe de 265.993,73 euros, do que 60.240 euros foron de entidades locais e 205.753,73 euros de entidades de acción voluntaria.

Outra liña de axudas foi destinada a entidades de acción voluntaria de carácter privado das que houbo, no 2023, un total de 151 solicitudes entre as que se solicitou un importe de 416.269,13 euros.

No ano 2019 unha nova liña de axudas foi destinada á promoción do voluntariado entre as persoas maiores de 55 anos, o Programa Voluntariado Sénior, que ten como obxectivo principal impulsar programas de atención e acompañamento de persoas maiores que viven soas nos seus fogares coa implicación de persoas voluntarias na intervención dun envellecemento activo e saudable, afrontando o cambio demográfico mediante un enfoque positivo centrado no potencial do colectivo de persoas maiores. Ao abeiro deste programa, no ano 2023 tivemos 10 solicitudes de entidades locais e 27 de entidades de acción voluntaria, entre as que se repartiu un importe de 69.770 euros, dos que 21.000 euros foron para as entidades locais, e 48.770 euros a entidades de acción voluntaria.

Para o ano 2025 preténdese manter as tres liñas de axudas, tanto as destinadas ás entidades de acción voluntaria como as destinadas aos concellos, consolidando o fomento da acción voluntaria entre colectivos de todas as idades.

Dentro do marco de fomento da acción voluntaria continuaremos promovendo o recoñecemento da labor das entidades de acción voluntaria e das persoas voluntarias, mantendo a orde de Premios Galicia de Acción Voluntaria como mecanismo de visibilización e gratificación da entrega realizada.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O programa desenvolverase dentro do marco normativo vixente, establecido pola Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria e a súa normativa de desenvolvemento. En canto aos instrumentos de planificación, unha vez finalizado o período de vixencia da Estratexia de Acción Voluntaria 2016-2018 prorrogada, nestes momentos estase ultimando a elaboración da nova Estratexia de Acción Voluntaria 2023-2027 atendendo ao disposto en materia de voluntariado no Plan Estratéxico de Galicia 2021-2030, xa que moitos dos seus indicadores pódense reforzar grazas á acción voluntaria partindo do feito de que o voluntariado constitúe unha

competencia concorrente e transversal en moitos eidos sociais e ambientais, polo que resulta indispensable contribuír a vincular as medidas e actuacións relacionadas coa acción voluntaria coas medidas e actuacións do PEG coa finalidade de promover a complementariedade e reforzar a coherencia.

Neste senso e en relación co OE 1.2.2 Mellorar a calidade de vida da xuventude galega, mellorando as súas competencias e capacidades, incrementando o seu benestar e impulsando a participación e o voluntariado, pretendemos seguir impulsando a emisión de certificados de experiencias voluntarias como elemento curricular facilitador de mellora dunha futura empregabilidade das xeracións mozas, así como fomentar a participación en proxectos e programas de voluntariado aumentando a implicación e o compromiso dos sectores sociais e das persoas voluntarias na mellora social e do medio.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

O programa ten por finalidade principal a sensibilización da sociedade galega en materia de voluntariado, e na igualdade de xénero, así como a formación das persoas voluntarias e dos responsables da xestión das entidades de voluntariado.

Do mesmo xeito persegue a promoción da cultura da solidariedade impulsando á cidadanía a participar nas accións voluntarias a través de campañas de información e apoio e incidindo na participación dos homes na acción voluntaria.

Aposta por Incidir na participación dos mozos e mozas e promove a certificación das actividades de voluntariado e a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X

Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Promoción do voluntariado e apoio ás entidades que desenvolven programas no eido da igualdade entre homes e mulleres, na incorporación de homes ao mundo do voluntariado e no eido do acompañamento a vítimas da violencia de xénero.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	X
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

- Priorizar nas ordes de axudas aquelas entidades que desenvolvan programas relacionados coa promoción da igualdade de xénero.
- Apoiar cos medios técnicos dispoñibles a incorporación de voluntarias e voluntarios nos programas que neste eido desenvolvan as entidades de acción voluntaria que así o demanden.
- Promocionar a incorporación de homes aos programas de voluntariado.

Estas medidas están destinadas á sociedade en xeral.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Prevese a mellora da implicación social e corresponsabilidade entre homes e mulleres coa finalidade de acadar un desenvolvemento pleno das persoas no ámbito do traballo, afectivo, familiar, persoal, de ocio... mantendo o equilibrio nas distintas dimensións da vida e así contribuír á mellora do benestar social, a saúde e a capacidade de traballo persoal.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

O éxito das medidas radica na súa universalización ao aplicarse tanto a homes como mulleres xa que do que se trata é de promover a igualdade de oportunidades entre ambos sexos evitando os efectos perversos e a discriminación que no ámbito social se produce ao ser as mulleres as que maioritariamente se implican.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Xuventude

III.1.3. PROGRAMA 313A - SERVIZOS Á XUVENTUDE

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Este programa tenta levar a cabo un conxunto de actuacións dirixidas a atender as necesidades e intereses dos mozos e mozas galegos/as, creando as condicións favorables para que a xuventude desenvolva as súas capacidades, aproveite o seu potencial e o seu talento, traballe e participe activamente na sociedade e en condicións de igualdade desde a perspectiva de xénero.

Principalmente se tratará de facilitar a adquisición daquelas habilidades e aptitudes vinculadas á mellora da súa empregabilidade e inserción no mercado laboral. Para isto, poñeranse en marcha distintos mecanismos como liñas de axuda específicas en distintos ámbitos, orientadas sobre todo a temas de participación xuvenil en proxectos e actividades de educación non formal como paso previo ao emprego así como á adquisición de habilidades e coñecementos que axuden a completar o desenvolvemento persoal e futura formación profesional dos mozos e mozas galegos; tamén programas de asesoramento, mentorízaxe e contacto directo co ámbito profesional a través de estadías formativas en empresas; convocaranse accións formativas empregando ferramentas dixitais; accións de orientación e información no eido do emprego ou da vivenda; de posta en marcha de programas de mobilidade xuvenil; accións para premiar e visibilizar o talento mozo; de fomento do asociacionismo e da información xuvenil; de ampliación das vantaxes e beneficios vinculados aos carnés de servizos para os mozos e mozas; de orientación e prevención de condutas de risco, etc., sempre en igualdade de oportunidades entre mozos e mozas.

Así mesmo, tamén se promoverán actividades que ofrezan alternativas á mocidade para un tempo libre educativo, formativo e responsable ao longo de todo o ano e traballarase para mellorar os espazos xuvenís co obxectivo de convertelos en referentes para a mocidade galega.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O programa inclúe accións e medidas dirixidas ao colectivo da poboación xuvenil da Comunidade Autónoma de Galicia, entendida como a poboación con idades comprendidas entre os 14 e 30 anos, se ben, excepcionalmente, se amplían determinadas accións á poboación con idade inferior ou superior a esta.

Algunhas actuacións están dirixidas ás entidades, colectivos e perfís profesionais que traballan coa poboación xuvenil.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A mocidade segue a constituír un dos colectivos de atención prioritaria para o goberno galego no actual contexto económico e demográfico. Temos que falar dunha tendencia xeneralizada segundo a cal se acrecenta o proceso de envellecemento da poboación. Os mozos e mozas caracterízanse por ter un número reducido de fillos e a idades tardías. A crise consolidou a tendencia clásica á tardía emancipación residencial e familiar da poboación nova: a mocidade desexa emanciparse, pero con estabilidade.

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo os últimos datos dispoñibles no Instituto Galego de Estatística, conta cun total de 398.316 persoas con idades comprendidas entre os 14 e os 30 anos, o que representa o 14,76% do total da poboación galega, superando o número de mozos o de mozas en 8.832 persoas. As franxas de idade de 14 a 18 anos e de 27 a 30 anos concentran o maior número de persoas mozas: un 29,91% e un 24,39%, respectivamente.

En consonancia coa distribución do conxunto da poboación galega, conséntase unha concentración de persoas novas nas provincias do eixo atlántico (A Coruña e Pontevedra son as que máis poboación nova teñen). A poboación moza total diminuíu na última década en preto de 80.000 persoas, o que supón unha redución do 11,08%.

A situación da mocidade no eido laboral é un aspecto central no que atinxe ao desenvolvemento persoal e á traxectoria vital das persoas, e de modo especial, en termos de emancipación. En comparanza coa poboación xeral, a mocidade presenta unha menor taxa de ocupación e maiores taxas de inactividade e desemprego.

As debilidades veñen dadas pola falta de formación práctica da mocidade en moitos casos, pola temporalidade e inestabilidade do seu emprego. Prológanse, así mesmo, os anos dedicados ao estudo e a completar a formación en moitos casos, se ben no outro extremo están os mozos e mozas con escasa formación.

A pandemia tivo consecuencias sobre a saúde emocional da poboación galega: os efectos psicolóxicos do confinamento tiveron un impacto na vida cotiá da cidadanía e moi especialmente nalgúns colectivos vulnerables e sectores de poboación, como a mocidade, particularmente na adolescencia.

Se ben, son moitas e de peso as fortalezas dos mozos e mozas de hoxe en día: o seu potencial e capacidades, o seu bo nivel formativo, o seu dinamismo e compromiso, a actitude positiva e optimismo sobre o futuro, flexibilidade, o seu bo estado de saúde en xeral e interese en levar unha vida saudable, etc. E entre as oportunidades están o fácil acceso á información, a

expansión das novas tecnoloxías e especialmente de internet e redes sociais na actualidade, o apoio institucional do colectivo, etc.

A realidade social da xuventude esixe unha renovación das políticas globais que transcendan os tradicionais enfoques centrados só no ocio e o tempo de lecer, accións en todo caso que é importante impulsar desde un punto de vista educativo, formativo e responsable, co obxectivo de conseguir manter unha programación constante ao longo de todo o ano. Pero a maiores, continuarase impulsando a autonomía e a participación real dos mozos e mozas na sociedade, apoiando as accións vinculadas á mellora da empregabilidade xuvenil e das súas competencias e habilidades adquiridas a través da educación non formal como factor clave para o incremento do seu benestar. Tamén se apostará por impulsar novos canais de información, apoio e asesoramento á mocidade co obxectivo de dar a coñecer todas as opcións e oportunidades que teñen á súa disposición.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O programa desenvólvese no marco da normativa vixente no ámbito da xuventude, constituída pola Lei de xuventude de Galicia, a Lei 6/2012, do 19 de xuño, e en tanto non se publique a súa normativa de desenvolvemento, segue vixente o Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude e o Decreto 58/2012, do 12 de xaneiro, de modificación do anterior para a súa adaptación á Directiva de servizos.

Así mesmo, está previsto o desenvolvemento do novo Plan Estratéxico de Xuventude de Galicia, que constituirá a folla de ruta das políticas públicas en materia de xuventude na Comunidade Autónoma de Galicia para os vindeiros anos.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

O fin último que se quere conseguir a través deste programa é mellorar a calidade de vida da xuventude galega e incrementar o seu benestar en condicións de igualdade. E para conseguir isto poñeranse en marcha unha serie de iniciativas e accións coas que se pretende incidir indirectamente na consecución dese obxectivo final. O resultado que se quere alcanzar é ampliar as posibilidades de acceso da xuventude ao mercado laboral así como aos distintos bens e servizos en igualdade de condicións para homes e mulleres, creando máis oportunidades para eles e elas, mellorar o seu acceso á sociedade e garantir unha participación o máis plena posible na mesma en condicións de igualdade.

Para lograr iso vaise tratar de atender a necesidades e problemas concretos da mocidade a través de distintos mecanismos de actuación. Entre estes mecanismos, a educación non formal é un ámbito formativo que cada vez adquire maior relevancia tendo en conta a súa incidencia

no marco das competencias requiridas polo dinámico e globalizado mercado laboral. Os estudos realizados evidencian que é clave para o emprego da mocidade xa que capacita a mozas e mozos con experiencias e competencias que non sempre se poden adquirir na educación formal (Comisión Europea).

Deste xeito, poñeranse en marcha distintas convocatorias de axudas específicas, medidas para o fomento das iniciativas e proxectos xuvenís, axudas para favorecer estadias formativas en empresas e/ou a mobilidade vinculadas coa empregabilidade de mozos e mozas, programas de formación e mentoring destinados a favorecer a transición da vida académica á laboral das persoas mozas; mecanismos para ofrecer asesoramento e apoio, en especial no ámbito psicosocial; axudas para premiar e visibilizar a creatividade, o talento mozo e traxectorias vitais excelentes en distintos ámbitos, así como para facilitar o acceso a un recurso de mobilidade e autonomía tan importante como é o carné de conducir.

Neste sentido, seguiranse desenvolvendo programas de educación non formal como paso previo ao mercado de traballo, así como actuacións para ofrecer á mocidade alternativas de lecer educativo e responsable, accións formativas diversas en ámbitos de interese para a xuventude incidindo especialmente na ampliación de aptitudes e coñecementos recoñecidos como necesarios para o mercado laboral; accións de apoio ao asociacionismo xuvenil como instrumento fundamental de cara á consecución dunha cidadanía activa e participativa; potenciación da información xuvenil como facilitadora do coñecemento dos recursos para a mocidade e posta en marcha de novas vías de comunicación da Administración e os mozos e mozas; actuacións cara ao profesionalismo do sector do tempo libre, e tratando de conseguir na atención á mocidade a debida coherencia nas políticas e accións dirixidas a mozas e mozos.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc.)	

Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	
--	--

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Os destinatarios do programa son os mozos e mozas galegos sen distincións por razón de xénero, se ben se trata dun colectivo cada vez máis diverso. Existen estudos para o conxunto da poboación xove de España que constatan unha serie de variables como que a redución nas taxas de emancipación ten sido maior entre os homes que entre as mulleres, o que podería estar indicando que os homes atrasan a emancipación ata atopar un traballo, mentres que no caso das mulleres, a pesar das dificultades laborais se independizan para formar parella e familia (Baseado nun informe nacional de Xuventude).

Tamén se constata que en xeral as mulleres xoves tardan máis que os homes xoves en atopar emprego e que é maior a porcentaxe de varóns que reciben axuda dos pais que a porcentaxe de mulleres.

Segue sendo tamén máis elevada a proporción de mulleres totalmente dependentes con respecto aos varóns e a media de ingresos mensuais das mulleres é máis reducida que a dos homes.

Tamén se evidencia desigualdade de xénero en relación coa presenza das mulleres novas no ámbito científico e tecnolóxico, con presenza de estereotipos sexistas de cara á elección da carreira académico-profesional.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	

Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	X
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Non existen actividades previstas especificamente destinadas a este ámbito, posto que a promoción da igualdade de xénero é transversal en toda a programación que se desenvolve.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Espérase unha participación igualitaria por xénero nos distintos programas e accións levadas a cabo, así como achegar a cultura da igualdade á nosa xuventude a través de todas as actuacións enmarcadas no programa.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Xuventude

III.1.4. PROGRAMA 431A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE CULTURA

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

A través do presente programa de gasto, a Secretaría Xeral Técnica levará a cabo as tarefas de dirección, coordinación e soporte básico dos servizos comúns e centros administrativos dependentes da consellería na área cultural. Do mesmo xeito, desenvolverá actuacións xerais de apoio técnico, administrativo e orzamentario, así como funcións de coordinación na prestación dos servizos de carácter transversal do departamento. Figuran neste programa os créditos precisos para o correcto funcionamento e desenvolvemento da actividade propia desta consellería, entre os que se atopan os gastos en bens correntes e servizos, a adquisición e reposición de mobiliario e útiles, a reparación dos bens inmoables administrativos e demais actuacións tendentes ao mantemento ou mellora das dependencias de traballo.

Outras actividades comprendidas no presente programa son, entre outras, a xestión do persoal, a tramitación e execución do gasto corrente e de investimentos asociados ao funcionamento dos servizos administrativos, tanto centrais como periféricos; a realización de tarefas de xestión económico-administrativa; o impulso, a modernización e a informatización dos seus servizos centrais e periféricos; a realización de estudos e traballos técnicos en temas comúns e xerais da consellería e demais actividades de apoio que lle sexan encomendadas, así como a tramitación de toda a produción normativa.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Mediante o presente programa de gasto preténdese dar cobertura ás necesidades en materia de persoal e demais gastos precisos para o correcto funcionamento dos servizos da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude no eido cultural, tales como arrendamentos de locais, reparacións, subministracións, comunicacións, transporte, seguros ou tributos; en resumo, todos os gastos necesarios para o correcto e eficiente desenvolvemento dos servizos, co fin de renovar e modernizar os espazos e medios materiais para o desenvolvemento das funcións por parte do persoal da consellería e mellorar os sistemas de información, incorporando os avances tecnolóxicos para unha xestión administrativa mais transparente e eficaz, que persegue o constante cumprimento dos principios de simplificación, claridade, boa fe, imparcialidade, confianza lexítima e proximidade á cidadanía que deben presidir en todo momento a organización desta consellería e das súas entidades instrumentais.

Dentro deste programa, levarase a cabo o impulso, coordinación e seguimento de programas destinados á innovación, á cultura e ao turismo no ámbito dixital e da internacionalización. Asemade, realizaranse actuacións de planificación e desenvolvemento de plans e programas de formación, perfeccionamento e actualización no ámbito funcional de la Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, cando no estean atribuídos a outros órganos da Consellería.

Este programa de gasto tamén dará soporte á coordinación das estratexias e programas respecto das políticas públicas para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, así como ás atribucións como unidade encargada da xestión da seguridade da información e protección de datos e ás funcións de xestión das obrigas de publicidade activa, de transparencia da actividade administrativa e do bo goberno da Consellería e dos seus órganos e entidades dependentes.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As actuacións enmarcadas no presente programa van dirixidas aos órganos administrativos e persoal da Consellería.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

O presente programa comprende a ordenación, xestión e administración ordinaria dos asuntos relativos ao persoal da consellería, e introduce dende a súa orixe unha maior racionalidade e transparencia no desenvolvemento competencial e de xestión das súas funcións. O obxectivo é acadar unha administración moderna e próxima, para o que se optimizan os recursos materiais e humanos mediante a implantación de novos sistemas e procedementos de xestión e se actúa de soporte básico para a execución do resto dos programas da consellería, co fin último de acadar unha maior calidade, efectividade e racionalidade na prestación de servizos públicos á cidadanía.

Por outra banda, e tendo en conta o actual escenario económico, cómpre executar as actuacións que integran este programa optimizando os recursos dispoñibles con criterios de eficacia e eficiencia, e baixo os principios de economía e racionalización do gasto público, mantendo intacta a calidade na prestación dos servizos destinados ao persoal da administración e á sociedade en xeral, proporcionando e difundindo información constante, clara e obxectiva sobre as nosas actuacións, potenciando a accesibilidade para facilitar o coñecemento por parte da cidadanía das xestións que resulten de seu interese e fomentando e favorecendo a participación da cidadanía nos asuntos públicos e no deseño e mellora dos servizos públicos.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia.
- Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

- Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e o sector público autonómico de Galicia.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia.
- Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.
- Decreto 146/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.
- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público.
- Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade do programa é o correcto funcionamento e unha axeitada coordinación dos servizos centrais e periféricos no eido da cultura, tanto no que respecta a medios humanos como aos materiais e de organización, e actuar de soporte básico para a execución do resto dos programas da consellería, coa finalidade de acadar unha maior racionalidade e axilidade administrativa e afondar na modernización dos procedementos e dos servizos prestados á cidadanía por parte da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e, en xeral, da administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico.

Os obxectivos que se pretender conseguir co obxectivo estratéxico do Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2022-2030 deste programa de gasto (OE. 4.03.01) consisten en mellorar a eficiencia na cobertura financeira das necesidades correntes, tanto dos servizos centrais como territoriais da consellería, relacionadas cos servizos xerais de cultura e contribuír a promoción e difusión do patrimonio cultural de Galicia como recurso turístico.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
---	--

Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc.)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	x

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica

III.1.5. PROGRAMA 432A - BIBLIOTECAS, ARQUIVOS, MUSEOS E EQUIPAMENTOS CULTURAIS

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Este programa ten como obxectivo contribuír á mellora dos equipamentos culturais e das Institucións culturais de referencia (bibliotecas, arquivos e centros museísticos de Galicia), non só como centros de conservación do coñecemento e memoria cultural, senón como infraestruturas e servizos básicos para asegurar o dereito constitucional de acceso á cultura e as responsabilidades atribuídas polo Estatuto de Autonomía de Galicia á Xunta de Galicia en relación coa conservación, protección e difusión da cultura galega. Neste programa tamén se inclúe o financiamento dos gastos correntes e de capital da Fundación Museo do Mar de Galicia.

Na Estratexia da Cultura Galega 2021 defínese a Liña Estratéxica 4 para o fortalecemento da función social das institucións e entidades da cultura, co obxectivo de contribuír á consolidación das bibliotecas, arquivos, museos e entidades culturais de Galicia como centros indispensables para a conservación e difusión do saber e da memoria cultural e como servizos culturais básicos para asegurar o dereito constitucional de acceso á cultura e as responsabilidades atribuídas aos poderes e institucións públicas en relación coa conservación, protección e difusión da cultura propia de Galicia.

E no Plan Xeración Cultura, aprobado polo Goberno galego en 2023, inclúense entre os seus obxectivos estratéxicos o de mellorar o acceso á cultura dos galegos/as con independencia

da súa situación persoal e en todo o territorio, tanto urbano como rural; e o de mellorar as infraestruturas culturais e do legado material e inmaterial.

En relación coas bibliotecas, estas constitúen un dos eixes culturais básicos da sociedade actual, xa que facilitan o achegamento da cidadanía á información e á cultura. Os servizos bibliotecarios permiten un acceso gratuíto e en igualdade ao libro e á lectura e, cada vez máis, son espazos centrais da dinamización cultural de vilas e cidades. Os clubs de lectura, as charlas, as exposicións ou os obradoiros son só algunhas das actividades que están a facer das bibliotecas lugares de referencia cultural para a cidadanía. Ademais, co obxectivo de ofrecer un servizo de calidade e que responda ás necesidades dos usuarios e usuarias, a renovación bibliográfica é constante, así como os investimentos en actualización tecnolóxica.

En 2025, continuarase coa integración de máis bibliotecas na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia nun sistema unificado de xestión e na implantación do carné único, válido para recibir servizos en calquera das bibliotecas da Rede. Ademais, unha vez aprobado o segundo Mapa de Bibliotecas Públicas de Galicia en 2022, pónense en marcha medidas de mellora, entre elas a implantación dun servizo de bibliotecas móbiles, que xa está funcionando dese 2023 en 20 concellos de menos de dous mil habitantes que carecen deste servizo; prevese a súa implantación en dez concellos máis da provincia de Ourense. E amplíanse os informes propostos polo Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia, incrementando as actividades de dinamización bibliotecaria e cultural nas bibliotecas da Rede; a ampliación do catálogo colectivo do patrimonio bibliográfico de Galicia; o mantemento e ampliación dos fondos dixitalizados e a diversificación das súas categorías na Biblioteca Dixital de Galicia (Galiciana); e a recolección e a constitución de repositorios para o Depósito Legal de publicacións electrónicas. Ademais, a plataforma de préstamo de libros dixitais GaliciaLe amplía os seus fondos dixitais tanto en libros como en audiovisuais galegos (longametraxes, curtas e documentais). Ademais, a Biblioteca de Galicia desenvolve un programa específico de actividades de difusión cultural ao longo de todo o ano.

Outro ámbito de relevancia é o apoio ao libro galego, tanto no ámbito territorial de Galicia coma na súa difusión no exterior, en especial a súa transformación tecnolóxica e o cambio do sistema de difusión e distribución das publicacións da Xunta de Galicia e dos seus organismos dependentes a través da Librería Institucional. No contexto do Plan Xeración Cultura da Xunta de Galicia, aprobouse o Plan de Impulso ao Libro Galego, conformado por 11 medidas coas que a Xunta pretende contribuír á dinamización do sector do libro, promover a lectura e adaptarse á transformación dixital, para o cal conta cun investimento de 3M€.

Xunto ás liñas de actuación que xa están consolidadas, e que valoramos que se revelaron eficaces para o sector ao longo destes anos, procúranse agora novos proxectos e áreas de actuación que complementen e reforcen o papel do libro e da lectura, e do conxunto de axentes implicados, na sociedade galega. Para avanzar nestes novos proxectos, enúncianse os seguintes obxectivos xerais para o sector do libro de Galicia:

- Continuar co apoio á creación para facilitar a xeración de talento arredor do libro galego.
- Ampliar a difusión e distribución do libro en Galicia para achegar o libro ao público lector.
- Consolidar a literatura infantil e xuvenil galega como ferramenta para crear e fidelizar público lector desde as primeiras idades.
- Incidir na ampliación da porcentaxe de poboación lectora.
- Favorecer especialmente a lectura en lingua galega.
- Reforzar o papel das bibliotecas públicas como aliadas do libro, da lectura e dos creadores/as de contidos.
- Difundir fóra de Galicia o libro galego e os creadores/as e profesionais do sector.

Outras actuacións de difusión cultural vinculadas ao libro son a realización de campañas para dar a coñecer as novidades editoriais en formato físico e dixital en colaboración con outras institucións públicas e privadas, a utilización de recursos tecnolóxicos que permitirán que as novidades editoriais en galego cheguen ás bibliotecas públicas a demanda e en paralelo ao mercado, a creación de roteiros literarios virtuais, e o apoio decidido ás feiras do libro de Galicia, en colaboración coa Federación de Librarías de Galicia, entre outras iniciativas. Con respecto á difusión internacional da edición e do libro que se realiza en Galicia, participouse en cinco citas das máis relevantes feiras internacionais do libro (Boloña, Bos Aires, Líber, Frankfurt e Guadalaxara), nas que se deron a coñecer os creadores e creadoras galegos e a súa obra editada en Galicia.

En relación cos arquivos, o obxectivo estratéxico céntrase en desenvolver os servizos nos arquivos públicos. O desenvolvemento das competencias en materia de patrimonio documental, que afectan, entre outros, a todos os documentos das administracións públicas desde o mesmo momento da súa produción, implica prestar especial atención á xestión documental e ao desenvolvemento do sistema de arquivos de Galicia, e procurar así que as actuacións que se acometan se concreten nun mellor funcionamento da administración, na garantía do acceso á información contida nos documentos e na conservación e difusión do patrimonio documental.

Prestarase especial atención aos arquivos propios e xestionados de forma directa pola Xunta de Galicia, con especial atención ao investimento de reposición nos edificios, no desenvolvemento de programas que favorezan o seu funcionamento técnico en materia de identificación e avaliación documental, descrición, dixitalización, conservación preventiva ou restauración, e na elaboración e execución de proxectos de difusión que incrementen a presenza destes centros no seu medio social.

Continuaranse os esforzos dirixidos a favorecer unha mellor integración dos arquivos de interese galego que non sexan de titularidade autonómica no sistema de arquivos de Galicia. Procurarase así mellorar non soamente as infraestruturas destes centros, tanto os de carácter público -especialmente municipais e universitarios-, coma os de carácter privado -eclesiásticos, de fundacións, de asociacións sen fins de lucro ou de particulares-, senón tamén incorporalos de

forma efectiva ao sistema desde o punto de vista técnico e informativo, para o que se lles proporcionará apoio, asesoramento e recursos informáticos que favorezan o coñecemento e acceso dos cidadáns aos seus fondos. Ademais, o Arquivo de Galicia levou a cabo un programa anual de actividades para darlle visibilidade desde a Cidade da Cultura de Galicia ás súas liñas de acción.

No referente aos museos, prevese como obxectivo estratéxico a dinamización da función social dos museos e centros de interpretación. A Xunta de Galicia xestiona unha rede de museos e centros expositivos a través dos cales realiza un labor fundamental de conservación e difusión dunha parte relevante do patrimonio cultural de Galicia. Para dinamizar os seus fondos, os museos contan cunha extensa programación de actividades dirixidas a distintas franxas de poboación, que lles permite dar a coñecer os seus bens, abrirse cada vez máis ao conxunto da cidadanía e converterse nunha plataforma activa de dinamización da oferta cultural; unha actividade que inclúe visitas guiadas e investigación, pero tamén cursos, obradoiros, xornadas, conferencias, presentacións, días de portas abertas, programación audiovisual, musical e de artes escénicas etc., ademais de exposicións artísticas de diferente natureza.

Ademais, cómpre ter en conta a aprobación da Lei 7/2021, do 17 de febreiro, de museos e outros centros museísticos de Galicia, o cal supón un punto de inflexión no traballo coordinado e colaborativo arredor dos centros museísticos de Galicia, sexa cal sexa a súa titularidade e temática.

O obxectivo é acadar un maior coñecemento e unha mellor conservación do patrimonio moble galego, para poder protexelo, interpretalo e difundilo á sociedade, como portador de valores que informan da esencia da cultura galega ao longo do tempo. O seu campo de acción é o patrimonio cultural moble, depositado nos museos, e sempre vinculado e contextualizado no seu ámbito xeográfico e no seu contexto histórico.

Con esas finalidades, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude desenvolve a xestión dos museos de titularidade autonómica adscritos e os de titularidade estatal de xestión transferida á Comunidade autónoma. Realiza a tramitación e informes dos procedementos para a creación de museos e coleccións visitables, a actualización e control do rexistro e o censo de museos de Galicia e o inventario do patrimonio moble custodiado nos museos galegos, así como o control dos movementos, restauracións e reproducións dos seus bens integrantes. Asume tamén labores de apoio e asesoramento técnico nas materias de patrimonio moble e de museos e a programación, coordinación e xestión das actuacións en materia de incremento, conservación, documentación, investigación e difusión do patrimonio custodiado e interpretado nos museos e noutros equipamentos culturais. Entre as súas funcións tamén se atopa a taxación de bens culturais de carácter museístico con fins administrativos e a xestión para o incremento do patrimonio moble depositado nos museos propios e xestionados por adscrición ou depósito e as súas diferentes formas de ingreso.

Levarase a cabo tamén, con cargo a este programa, o mantemento das liñas prioritarias de actuación que se citan a seguir:

- Continuidade da política de axudas para traballos de documentación, conservación e difusión en museos propios pero tamén, e singularmente, de concellos, padroados, entidades e asociacións de carácter público ou privado etc. Debe notarse que esta é unha demanda política e social constante, sobre todo no que afecta ao valor e á función social do patrimonio documental e moble de Galicia.
- Execución de investimentos nos edificios e infraestruturas dos museos propios, concertados ou xestionados pola Xunta de Galicia, para cumprir coas funcións propias encomendadas: a conservación, a restauración, a difusión, a documentación e a investigación.
- Investimentos en proxectos de investigación e documentación das coleccións dos museos para a súa difusión na rede, a través das webs dos museos propios e dos portais do sistema galego de museos, e da Administración do Estado para os museos de titularidade estatal e xestión transferida.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Con este programa preténdese levar a cabo a consolidación, ampliación e mellora dos servizos existentes en materia de bibliotecas, arquivos, museos e equipamentos culturais así como a súa ampliación para atender as necesidades das persoas usuarias e dos públicos da cultura. Así mesmo, promóvese a realización de actividades que dean a coñecer o patrimonio cultural que albergan estes centros. Trátase, en definitiva, da responsabilidade pública de atender e proporcionar á sociedade galega hábitos e posibilidades de lecer e de información, a través da creación, mantemento e enriquecemento continuo. Así mesmo inclúese a promoción do libro galego, a través do apoio á empresa editorial galega, a realización de feiras e demais actuacións de promoción da lectura.

Polo que respecta ao Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2022 - 2030, o obxectivo estratéxico deste programa consiste en fortalecer a programación e os servizos dispoñibles nas bibliotecas, arquivos, museos e centros de interpretación, para lograr a participación activa da cidadanía como usuaria destes servizos e como consumidora dunha oferta cultural de calidade.

E polo que respecta ao Plan Xeración Cultura búscase fortalecer a misión, programación e servizos dispoñibles nas infraestruturas culturais básicas (bibliotecas, arquivos, museos e centros de interpretación) para lograr a máxima participación activa da cidadanía, non só como usuarios destes servizos e como consumidores dunha oferta cultural de calidade, senón tamén como creadores culturais activos.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Os obxectivos e actividades integradas neste programa van destinados a toda a poboación galega, de todas as idades e de calquera estrato social ou laboral, así como a persoas investiga-

doras, asociacións socioculturais e outras entidades públicas ou privadas que desenvolvan actividades nas materias que son obxecto do presente programa.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

En materia de bibliotecas, a Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, establece un marco lexislativo adecuado para as novas necesidades das bibliotecas galegas, que debe garantirle á sociedade servizos bibliotecarios de calidade. Con posterioridade á publicación da lei, estase a levar a cabo o correspondente desenvolvemento regulamentario mediante os decretos ou as ordes que especifican e desenvolven os principais aspectos da lei. Así mesmo, a Lei recolle no seu articulado a obriga da realización do Mapa de bibliotecas públicas de Galicia, o primeiro aprobado en 2016 e o segundo en 2022. O mapa recolle as necesidades reais de lectura pública, e sobre estas establecerá o tipo de servizo que corresponde a cada poboación.

Cómpre destacar a atención especial que debe dárseles ás bibliotecas dixitais e á preservación e difusión do patrimonio bibliográfico. En Galicia está funcionando desde o ano 2008 Galiciana, a biblioteca e arquivo dixital de Galicia, como unha biblioteca que incorpora e ofrece máis de 6.700 obras dixitalizadas, o que supón máis de 1.900.000 imaxes.

En canto ao libro galego e ao libro en xeral, pártese dunha produción ampla de libro galego que precisa de expansión, rendibilidade, fomento e adaptación ás novas tecnoloxías. Hai que salientar o apoio á dixitalización do libro galego a través da plataforma de préstamo de libro electrónico GaliciaLe, da Biblioteca Dixital de Galicia, da súa difusión internacional nas principais feiras do libro do mundo e da Librería Institucional da Xunta de Galicia, escaparate para a distribución e venda da produción editorial da Administración autonómica.

No que respecta aos arquivos, coa Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia, cóntase co soporte normativo para desenvolver de forma integral o sistema e os diferentes subsistemas que o integran. A posta en marcha dos consellos superiores previstos na Lei 7/2014, concretamente o Consello de Arquivos de Galicia e o Consello de Avaliación Documental, fai posible abordar unha serie de tarefas imprescindibles a planificación dos espazos arquivísticos, a mellora da cooperación entre administracións ou a optimización da dobre vertente dos arquivos: administrativa e patrimonial.

No que respecta aos museos, a Lei 7/2021, do 17 de febreiro, de museos e outros centros museísticos de Galicia desenvolve o marco normativo para levar a cabo unha planificación, coordinada e colaborativa, cos museos de Galicia para afondar nas finalidades de conservación, de investigación e de difusión que, entre outras, teñen estes centros culturais para a cidadanía.

Finalmente, a posta en marcha das previsións do Plan Xeración Cultural e do Plan de Impulso do Libro Galego ha permitir dispoñer dun documento estratéxico que delimite as principais liñas de acción e as prioridades do investimento cultural nos próximos anos.

DEFINICIÓ DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 17/2006, do 27 de decembro, do libro e da lectura de Galicia.
- Lei 5/2012, de 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia.
- Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia.
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno
- Lei 7/2021, do 17 de febreiro, de museos e outros centros museísticos de Galicia.
- Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.
- Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

No eido das bibliotecas e do libro, búscase coordinar a Rede de bibliotecas públicas de Galicia e impulsar o seu desenvolvemento, en especial difundir e potenciar o traballo da súa biblioteca de cabeceira, a Biblioteca de Galicia. Conformada unha importante rede de bibliotecas públicas de Galicia, hai que incidir, xa non tanto na creación de novos centros, coma na mellora, modernización e planificación dos existentes, ofrecendo servizos de calidade á cidadanía e aproveitando as novas tecnoloxías para a súa difusión social. Poñeranse en marcha novos programas que permitan achegar servizos bibliotecarios ao territorios con especiais dificultades polos que ata agora carecían deste servizo. Impulsaranse programas de difusión dos fondos de publicacións galegas, dándolle relevancia especial á hemeroteca e á dixitalización e difusión da prensa histórica galega. Galiciana, a biblioteca virtual de Galicia, incrementará as súas obras e diversificará os seus contidos co obxecto de acubillar contidos virtuais non accesibles ata agora. Tamén se incrementará o Catálogo Colectivo do Patrimonio Bibliográfico de Galicia, que se incorporará a Galiciana-Patrimonio Dixital de Galicia.

Manterase e potenciarase a realización de actividades culturais e de animación e fomento da lectura para dar a coñecer as coleccións das bibliotecas, coa actualización, renovación e incremento dos fondos e da diversidade de recursos en todo tipo de soportes, co fin de optimizar

os recursos existentes mediante a súa oferta non só no recinto físico da biblioteca, senón tamén nun contorno virtual.

Procurarase, así mesmo, lograr a rendibilidade e a xeneralización do uso do libro galego pola sociedade, incrementando a súa presenza a través de canles virtuais e novos recursos en liña para as persoas usuarias das bibliotecas públicas que permitan poñer ao seu dispor as novidades editoriais de xeito inmediato á súa incorporación ao mercado. Outro xeito de fomento do libro é a realización de campañas de difusión en colaboración co resto dos actores vinculados ao mundo do libro. Por outra banda, destaca o apoio e reforzo do libro galego no que atinxe á súa presenza nos grandes acontecementos culturais e feiras internacionais, cun propósito de expansión e de intercambio coas restantes culturas do mundo contemporáneo. Tamén reforzase o seu achegamento ás persoas lectoras mediante o apoio á celebración de feiras do libro en diferentes localidades de Galicia. Potenciarase tamén a colección da Librería Institucional da Xunta de Galicia e realizaranse as melloras tecnolóxicas que faciliten o seu uso tanto pola cidadanía coma polas librarías.

No que respecta aos arquivos, búscase coordinar o Sistema de Arquivos de Galicia e, para conseguir ese obxectivo xeral, prográmanse actuacións e investimentos. Búscase con elas mellorar as instalacións e os equipamentos que son sedes dos arquivos, pero tamén contribuír a un mellor servizo á cidadanía mediante accións coordinadas nos eidos da informatización, a dixitalización de acordo con normas internacionais e a difusión, que ademais incorporen de forma efectiva o patrimonio documental galego ás grandes redes de coñecemento e de acceso á cultura de ámbito europeo e mundial.

Os resultados que se pretenden conseguir co obxectivo estratéxico do Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2022 - 2030, deste programa de gasto son o incremento da participación da sociedade nas actividades das bibliotecas, dos arquivos, dos museos e dos centros de interpretación, así como o aumento da oferta dos seus servizos, contidos e produtos.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	

Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	X
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

O ámbito prioritario de actuación deste programa de gasto é o sector cultural galego, no que participan os homes e mulleres desde dúas perspectivas ben diferenciadas: por unha banda, no acceso e participación nos diversos servizos e produtos culturais xerados; por outra banda, como empregados e empregadas do sector cultural.

Neste sentido, se temos en conta as principais fontes cuantitativas máis recentes (por exemplo, o Anuario de Estatísticas Culturais 2022, publicado polo Ministerio de Cultura e Deporte; e o informe A Muller na Cultura Galega (I), publicado en 2014 polo Observatorio da Cultura Galega do Consello da Cultura Galega), podemos observar que os datos recollidos apuntan, en sentido xeral, a un aumento da participación das mulleres no ámbito cultural, ao tempo que se constatan diferenzas entre os sexos tanto no acceso á cultura como no desempeño de profesións e de actividades profesionais vinculadas ao sector cultural.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	x
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	

Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	X
Outros (especificar)	

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES

Coa realización das actividades descritas, preténdese avanzar na incorporación da perspectiva de xénero no ámbito cultural, promovendo o acceso da muller ás manifestacións culturais e á empregabilidade no sector, garantindo o acceso á cultura de toda a poboación sen que existan diferenciacións polo feito de ser muller ou home.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Cultura

Secretaría Xeral Técnica

III.1.6. PROGRAMA 432B - FOMENTO DAS ACTIVIDADES CULTURAIS

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Os obxectivos deste programa céntranse en desenvolver as grandes liñas de actuación para o apoio á cultura galega, de xeito que se propicie un compromiso da sociedade galega e das institucións para facer da cultura un dos elementos centrais da vida da nosa sociedade e da súa imaxe no mundo. Neste programa tamén se inclúe o financiamento dos gastos correntes e de capital de AGADIC, da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, da Fundación Cela, do Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela e do Consorcio para a Promoción da Música da Coruña.

Cómpre indicar que este programa de gasto estará aliñado coas liñas e obxectivos estratéxicos delimitados no Plan Xeración Cultura aprobado polo Goberno galego en 2023, para garantir a máxima difusión da actividade cultural en todo o territorio de Galicia e entre toda a cidadanía, ademais de asentar un tecido social e empresarial significativo e produtivo nos sectores da cultura galega.

Este compromiso baséase nos seguintes puntos, sobre os que xirarán as actividades que se desenvolvan:

- Fortalecer a cultura galega no marco dunha concepción dinámica e plural da cultura, coa renovación, actualización e ampliación de horizontes e a adaptación aos novos tempos e aos distintos ámbitos culturais nos que se insire Galicia, nos planos nacional, europeo e mundial, dentro do diálogo e intercambio enriquecedor con outras realidades culturais; e propiciar a dinamización da lingua galega a través da cultura.
- Desenvolver as estruturas, os equipamentos e os recursos necesarios para facer posible a distribución e a visibilidade da cultura. Procúrase unha actuación sólida, que integre os estamentos con calidade profesional suficiente e que atendan as necesidades da poboación galega e dos sectores que basean a súa actividade, directa ou indirectamente, na captación dun público autóctono ou visitante, sobre o que pivota unha parte importante da economía galega.
- Crear as medidas para manter a cultura galega como marca de calidade de Galicia. Potenciarase a difusión e circulación exterior dos produtos culturais e a súa identificación de orixe, para os converter así en carta de presentación de Galicia.
- Contribuír ao fomento, promoción e difusión do sector audiovisual, dos videoxogos e contidos interactivos e do patrimonio audiovisual e fotográfico galego.

Dentro das súas actividades atópanse, entre outras: o impulso á creación e o desenvolvemento de empresas que produzan bens e servizos culturais; o incremento da comercialización e competitividade dos produtos culturais galegos dentro e fóra do noso país; a creación de plans formativos para a mellora na cualificación artística, técnica e empresarial dos recursos humanos das empresas do sector cultural, e o fomento da creación, mellora e modernización tecnolóxica de infraestruturas e equipamentos dos axentes culturais.

O programa de teatro, música e danza desenvolve as distintas modalidades das artes escénicas. Nel poténcianse novos proxectos dentro das actividades dos circuítos culturais, en cooperación cos concellos de Galicia, incorporando aos concellos que así o soliciten. Trátase de realizar unha oferta cultural ampla e repartida, xeográfica e demograficamente, para facilitar o acceso e a recepción na poboación galega da cultura propia do país en todas as súas manifestacións.

Dentro deste programa, inclúese o financiamento dos gastos de funcionamento, das actividades e dos investimentos do CGAC (Centro Galego de Arte Contemporánea), un centro de creación artística que, tras cumprir 30 anos de existencia, leva a cabo un labor museístico, con colección artística propia e un traballo de documentación, difusión e exhibición da creatividade

contemporánea dos artistas galegos e de fóra da nosa comunidade, en diálogo coas tendencias existentes na Galicia actual. Inclúese tamén o financiamento dos gastos correntes e de capital do Centro Dramático Galego, a unidade de produción teatral da Xunta de Galicia que acaba de cumprir 40 anos desde a súa creación, para continuar co seu labor de xeración de oportunidades para os profesionais galegos e de apertura de mercados para o sector privado e neste 2025 desenvolverá unha intensa actividade na que destacarán as dúas producións propias, centradas no ámbito do teatro e do circo. O Centro Coreográfico será quen se encargue de impulsar as medidas incluídas no Plan de Danza, con especial atención ao programa de coproducións, a difusión, a internacionalización e a formación.

No que atinxe á Cidade da Cultura de Galicia, incorporase, ademais do financiamento dos seus gastos correntes e de persoal, a dotación orzamentaria vencellada á execución da obra e equipamento para o Centro de Artes Dixitais de Galicia, sendo previsible que comece a funcionar a inicios do 2026. Este novo equipamento situará á Cidade da Cultura á vangarda da arte tecnolóxica e permitirá aproveitar a ventá de oportunidade que ofrecen as artes dixitais como motor cultural e económico, en termos de xeración de empresas innovadoras, ferramenta para preservar e divulgar o patrimonio e para elevar a calidade do sistema educativo.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

En definitiva, a finalidade deste programa é garantir o acceso á cultura de toda a poboación galega, a través do fomento da produción de bens culturais, e incidir na creación de hábitos de consumo cultural, aumentar a profesionalización e a fortaleza dos distintos ámbitos sectoriais que comprenden as industrias culturais, incrementando as capacidades do sector para a creación de emprego e promover e difundir a cultura galega de carácter profesional.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Os obxectivos e actividades integradas neste programa van destinados á poboación galega en xeral, para que poidan acceder a ela toda a cidadanía, teñen polo tanto un carácter universal. Ten como destinatarios directos a concellos e asociacións e outras entidades sen ánimo de lucro, que poderán recibir axudas para levar a cabo actividades culturais, ou ben realizar obras e equipamentos nos espazos e edificios dedicados as elas.

Por outra banda, a través da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) o programa diríxese ás empresas, colectivos profesionais, entidades locais e entidades sen ánimo de lucro dos distintos ámbitos incluídos nos distintos subsectores da cultura: as artes escénicas, o audiovisual, e a música. En xeral, toda a poboación galega como destinataria final do acceso á cultura.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Para avaliar a situación de partida, temos que facer referencia en primeiro lugar a tremenda influencia negativa que supuxo no sector cultural (en realidade en toda a vida do país) a chegada en 2020 do Covid-19 e as súas necesarias medidas de distanciamento social.

O impacto previsto era dunha dimensión tan enorme, que tivemos que repensar a situación de partida de novo, nada, ou case nada, do que había antes permanece como era, e os apoios e as dinámicas dos distintos subsectores mudaron. O plan de reactivación dos sectores culturais e turístico posto en marcha en abril de 2020 polo goberno galego, veu dar resposta a esta situación.

Esta situación continuou no ano 2021 e 2022, no que comezaron a levantarse as restricións de reunións, pero manténdose criterios para a limitación de capacidades segundo a situación sanitaria en cada momento.

Podemos dicir que o ano 2023, foi un ano de plena recuperación da actividade e o emprego no sector cultural que, arroxou, segundo os informe do Consello da Cultura Galega, mellores datos que aqueles que tivera en 2019.

Nestes anos (2021-2024), máis alá das medidas comprendidas no Plan de Reactivación cultural, dende a administración galega puxemos en marcha múltiples programas de axudas financiados con fondos europeos, tanto os incluídos no Hub audiovisual e industria creativa, como os derivados do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (MRR) xestionados por Agadic.

Dentro dos primeiros temos que destacar o fondo de atracción de rodaxes audiovisuais, as axudas para o financiamento de paquetes de proxectos audiovisuais, as axudas ás salas de exhibición cinematográfica, así como as axudas á programación das salas de concertos e ao desenvolvemento de carreiras profesionais no ámbito musical ademais dunha liña novidosa de carácter transversal para a capitalización das empresas culturais favorecendo a adquisición de bens e servizos de inmovilizado.

Dentro do segundo programa, o financiado cos fondos MRR, Agadic xestionou catro liñas de actuación: as axudas para ás empresas de exhibición cinematográfica dirixidas á transformación dixital da empresa así como a campañas de promoción e difusión; as axudas para a melloras das infraestruturas de espazos dedicados ás artes escénicas e a música; as axudas para ampliar e diversificar a oferta cultural en áreas non urbanas “territorio cultura” e as aceleradoras culturais de proxectos musicais e de artes escénicas.

O trienio 2021-2023 foi un período intenso de deseño de novas estratexias de acompañamento ao sector, como o Hub audiovisual e industrias creativas ou os programas de axudas enmarcados no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia ambos os dous financiados con fondos europeos, que permitiron abrir liñas de traballo experimentais dirixidas tanto á concepción de creación de novos produtos culturais como ao mantemento das estruturas produtivas

das empresas do sector co obxecto de posibilitar a súa capacitación e consolidación na procura dunha transición tecnolóxica verde e sostible, tanto na xestión como no inmovilizado e activos.

Estas experiencias permitiron consolidar os casos de éxito como o fondo de atracción de rodaxes audiovisuais, que é unha das liñas principais a manter no 2025, cunha nova orientación máis aperturista que permita a realización de rodaxes audiovisuais de gran formato en Galicia.

Outras experiencias positivas foron: as aceleradoras culturais tanto para o ámbito de formacións musicais de carácter emerxente como para os proxectos de artes escénicas; os proxectos culturais en áreas non urbanas “Territorio Cultura”; a liña de axudas para a promoción e difusión de proxectos musicais profesionais ou a renovación e mellora das infraestruturas das Artes Escénicas e Musicais.

A xestión dinámica dos fondos MRR permitiu que no 2024 se publicasen novas convocatorias como as axudas á dixitalización das salas de cinema ou as axudas para a mellora das infraestruturas públicas e privadas de AAEE e música que rematará no 2025.

A estas liñas extraordinarias uníronse, no ano 2024, as liñas e programas habituais da Axencia nos distintos ámbitos:

- Escénico: axudas á creación, distribución, festivais e os programas de difusión da Rede Galega de Teatros e Auditorios e cultura no camiño. Neste ámbito cobra especial relevancia a actividade do Centro Dramático Galego, que no 2024 cumpriu 40 anos de existencia. Destacar, así mesmo, o impulso que recibiu o Plan Integral de Danza no 2023, a través de diferentes medidas, entre as que destaca a licitación dunha coprodución que se estreou no 2024. o centro coreográfico impulsou tamén a presenza da nosa danza na feira alemá de Tanzmesse ou na Fira de Manresa, na que completouse a misión cunha boa representación musical.
- Audiovisual. Desenvolvéronse as liñas xa consolidadas de axudas ao sector, como son produción, talento, festivais, apoio á internacionalización das nosas empresas e as accións de promoción nos principais mercados nos que o audiovisual galego estivo presente. Como novidade este ano publicamos unha nova edición da liña de atracción de rodaxes, dotada con 2 millóns de euros. A Filmoteca de Galicia continuou co seu labor de conservación e difusión do noso audiovisual.
- Música. Volveuse a financiar, en colaboración coa Axencia Turismo de Galicia, os principais festivais do sector en Galicia. Apoiamos a presenza dos artistas galegos e as empresas no exterior. No 2024 tivemos unha presenza especial na Fira de Manresa e seguimos a apoiar proxectos estratéxicos como a feira MUMI.

No ano 2025 continuaremos coas liñas de actuación que se revelaron importantes para a consolidación dos sectores culturais profesionais, será un ano no que iniciaremos un proceso de autoavaliación das nosas políticas e programas, a través da actualización da estratexia da cultura, o que marcará as liñas para os vindeiros anos.

Será en todo caso este 2025 un ano no que continuaremos coas novas liñas postas en marcha últimamente, como as axudas para o desenvolvemento do talento musical, as axudas de territorio cultura ou as axudas a videoxogos, que non fomos capaces de publicar no 2024.

Isto non implica que non haxa novidades na actividade a desenvolver, xa que se porán en marcha programas que se revelaron importantes para o sector e o mundo cultural en xeral, tales como:

- A Rede Galega de Música ao vivo, cumprirá o seu segundo ano de funcionamento, polo que haberá que avaliar o funcionamento de este circuito para a difusión da música galega, con vistas a continuar ou non con este sistema nos anos 2025-26.
- Axudas para atracción de rodaxes, vinculadas ao gasto que estas rodaxes efectúan en Galicia, un programa iniciado co Hub audiovisual cun balance positivo.
- Desenvolveremos algunhas iniciativas vinculadas ao rural, como o programa territorio cultura que tivo uns resultados moi positivos.

A AGADIC ten por obxecto, no ámbito do fomento da cultura galega e do apoio á creación e innovación cultural, impulsar e consolidar o tecido empresarial no sector cultural galego, coope-rando na achega de factores produtivos, no fomento da oferta de bens e servizos e na asignación de ingresos suficientes e estables.

Entre as súas funcións destácanse:

- Impulsar a creación e o desenvolvemento de empresas que produzan bens e servizos culturais, prestándolles especial atención ás industrias culturais que xeren mecanismos de produción eficientes e que subministren no mercado bens culturais de amplo consumo.
- Favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia como elemento diferenciador no mercado e os que acheguen á cultura galega innovacións creativas e ofertas de calidade de novas estéticas e linguaxes artísticas.
- Promover a distribución e comercialización dos produtos culturais dentro e fóra de Galicia, fomentando a captación de público e facilitando o acceso da cultura galega a novos mercados internacionais.
- Contribuír á mellora na preparación e cualificación artística, técnica e empresarial dos recursos humanos, impulsando plans formativos acordes coas necesidades profesionais das empresas do sector.
- Estimular a creación, avivar o talento e a capacitación e incitar ao recoñecemento social e económico de artistas e autoras e autores.
- Fomentar a creación, o mantemento e a utilización de infraestruturas e equipamentos por parte das e dos axentes culturais.

- Impulsar a cooperación e o asociacionismo entre os traballadores e traballadoras e as empresas dos distintos sectores culturais, así como as medidas do sector profesional galego para aumentar a súa presenza e competitividade nos mercados culturais, en especial, no apoio ás exportacións de bens e servizos culturais galegos.
- Adoptar programas que potencien as sinerxías entre o desenvolvemento empresarial das actividades culturais e outros fins públicos como a protección do patrimonio natural, material e inmaterial, a contribución ao desenvolvemento territorial e o fomento da educación, do emprego, da integración social e da investigación.
- Facer estudos e plans estratéxicos sobre o sector cultural, así como difundir a información sobre os recursos destinados ás empresas culturais en calquera ámbito.

Coa actividade desenvolvida a través da AGADIC preténdese incidir nestas funcións tendo en conta o complicado contexto actual, e futuro, co aventurado efecto que terá a invasión de Ucraína para a economía europea.

Desde a AGADIC, continúaase coa política de coordinación coas entidades locais, que contribúe a deslocalización, da oferta cultural de xeito que se garanta o acceso de toda a poboación a unha programación cultural de calidade.

Neste sentido, preténdese continuar coas políticas de financiamento das distintas redes, a rede galega de teatros e auditorios, cultura no camiño e rede galega de salas de música ao vivo, e a rede galega de salas, que constitúen unha parte importante da oferta cultural da comunidade. A colaboración cos concellos, salas de artes escénicas e de concertos e da AGADIC, contribuirán a incidir na descentralización xeográfica da cultura.

Esta distribución de espectáculos ven complementada coas axudas á distribución, pero que fundamentalmente está orientada a que as nosas empresas culturais reciban os apoios para acudir a feiras ou mercados, participar en festivais ou montar xiras no exterior.

Tamén vai continuar o apoio firme aos distintos festivais que se celebran en Galicia, para o cal continuarán as liñas de subvencións específicas para os distintos eventos audiovisuais, musicais e de artes escénicas ademais do patrocinio a través do programa Fest Galicia.

Nos últimos anos, AGADIC leva apoiando o sector mediante produción de espectáculos de artes escénicas, produción de distintos formatos audiovisuais, apoio ao desenvolvemento de proxectos audiovisuais como fase previa á produción e apoio ao talento co obxecto de contribuír ao fortalecemento do sector. En 2024, por primeira vez, con financiamento de fondos propios, convocarase dunha liña específica para os videoxogos e contidos interactivos.

Todo o anterior seguirá en marcha sen esquecer o labor de produción, dinamización do sector e establecemento de alianzas estratéxicas que se desenvolve a través do Centro Dramático Galego, e do labor do Centro Coreográfico Galego, que se encargará do desenvolvemento

das principais medidas acordadas co sector dentro do plan integral de danza (PID), apoio e formación e a produción para o sector da danza.

Finalmente, debemos destacar a colaboración público-privada - coa sinatura de convenios de colaboración con entidades sen ánimo de lucro que teñen por finalidade, precisamente, realizar actividades de carácter cultural que sirvan aos fins da axencia e contribúan á consecución dos seus obxectivos, así como o financiamento dos principais premios dos sectores musical, teatral e audiovisual en Galicia.

Así mesmo, e desde a integración da Filmoteca de Galicia na AGADIC, esta axencia tamén desenvolve accións de fomento, difusión e promoción do sector audiovisual e multimedia e do patrimonio audiovisual galego e das artes da imaxe.

O sector audiovisual está a configurar o noso patrimonio histórico e cultural, polo que debe ser obxecto da correspondente difusión e promoción, a través das canles de comunicación existentes.

Nesta liña, a AGADIC, a través da Filmoteca de Galicia, desempeña un importante labor polas súas funcións, tanto de recuperación, catalogación e custodia das obras (cinematográficas, videográficas e fotográficas) que conforman o noso patrimonio audiovisual, como na promoción e difusión do mesmo (programación, proxeccións, mostras, exposicións etc.). Tamén desde este organismo lévanse a cabo diversos programas formativos como Cine en Curso, Fotografía en Curso, CGAI Junior, etc. seguiremos neste ano traballando para a posta a disposición de todos os galegos dos contidos da filmoteca de Galicia dunha forma áxil e sinxela.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 6/1999, do 1 de setembro, do audiovisual de Galicia.
- Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais.
- Decreto 176/2011 polo que se modifica o 196/2001 polo que se regulan as publicacións da Xunta de Galicia.
- Lei 5/2012, de 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia.
- Decreto 150/2012, do 12 de xullo, polo que se aproban os estatutos de AGADIC, modificado polo Decreto 53/2021, do 18 de marzo.
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.
- Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia.
- Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.
- Decreto 146/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Incentivar as manifestacións e representacións artísticas no eidos do teatro, a música e a danza, mediante a creación dos espazos necesarios, ben coa mellora das infraestruturas socioculturais xa existentes naqueles concellos que non dispoñan das infraestruturas axeitadas para levar a cabo a programación cultural do ente local, ben a través de convenios ou convocatorias de axudas, nos concellos onde as necesidades de reforma, mellora ou dotación son imprescindibles para poder ofrecer unha oferta cultural de calidade consonte as demandas sociais.

A través do Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC), que en 2023 celebrou o seu 30 aniversario, procúrase contribuír á dinamización do panorama artístico actual e reflexionar sobre a diversidade das conformacións culturais na sociedade contemporánea. Desde a súa creación en 1993 o CGAC amosou as liñas directrices da arte das últimas décadas mediante as exposicións retrospectivas de artistas recoñecidos internacionalmente ao carón de exposicións dedicadas a difundir a arte galega, incluíndo tanto autoras e autores xa consagrados coma os máis emerxentes. Ademais dun espazo expositivo, o CGAC é un centro dinámico e multidisciplinar no que se celebran ciclos de conferencias, obradoiros impartidos por artistas e incursións no campo da música, as artes escénicas e o cinema, que permiten a participación activa do público e favorecen o intercambio de ideas entre profesionais de distintos ámbitos.

A través da AGADIC aumentarase a oferta e a demanda de produtos culturais, mediante a consolidación dos circuitos culturais establecidos por AGADIC, mantendo e actualizando a Rede Galega de Música ao Vivo, a Rede Galega de Teatros e Auditorios, A Rede Galega de Salas e o programa Cultura no Camiño.

Incidirase tamén, fundamentalmente a través da convocatoria de liñas de axudas, no apoio a feiras e festivais, que dinamicen o mercado e faciliten a distribución de produtos culturais. Neste ámbito atópanse as subvencións aos festivais de carácter profesional celebrados en Galicia e de interese estratéxico para o sector, destinados ás persoas físicas e xurídicas de carácter privado,

domiciliadas en Galicia ou con establecemento operativo nesta comunidade, así como ás entidades locais galegas.

Promoverase a presenza dos produtos culturais galegos nos mercados exteriores, para o cal a AGADIC levará a cabo accións de internacionalización como a presenza nos principais mercados internacionais do sector audiovisual ou a convocatoria das axudas á distribución exterior. Nos ámbitos musical e escénico avanzaremos no debullo dun número de feiras ás que acudir conxuntamente co sector, ou nas que realicemos accións específicas, como os casos de Bime e Womex en música no 2023.

Apoiarase a produción e a coprodución, tanto no eido das artes escénicas como no do sector audiovisual, mediante a convocatoria das correspondentes liñas de axudas. Así, no eido da actividade escénica subvencionarase a produción de espectáculos, separando as empresas de nova creación das máis consolidadas e a danza do resto das artes escénicas. Manteremos a categoría de axudas trianuais, tan valorada polo sector.

No ámbito audiovisual, subvencionarase as producións e coproducións galegas en lingua galega con decidido contido artístico e cultural, así como a creación audiovisual para o desenvolvemento e promoción do talento audiovisual galego, será este ano de volver darlle un incremento as axudas a produción audiovisual.

Os resultados que se pretenden conseguir co obxectivo estratéxico do Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2022-2030, deste programa de gasto é estimular a produción cultural e a súa distribución, apoiando a innovación cultural e a transversalidade da creatividade nos sectores produtivos, facilitando o acceso á cultura da cidadanía e avanzando na súa proxección exterior e internacionalización. Apoiar a industria de contidos culturais, dende a artesanía ata o audiovisual, para que aproveite as oportunidades que ofrece un mercado global e dixitalizado.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	

Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	x
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

O ámbito prioritario de actuación destes programas de gasto é o sector cultural galego, no que participan os homes e mulleres desde dúas perspectivas ben diferenciadas: por unha banda, como consumidores e consumidoras dos diversos produtos culturais xerados; por outra banda, como empregados e empregadas do sector cultural.

Neste sentido, se temos en conta as principais fontes cuantitativas máis recentes (por exemplo, o Anuario de Estatísticas Culturais), Estatísticas Culturais 2018, publicado polo Ministerio de Cultura e Deporte; e o informe A situación das traballadoras dos sectores audiovisual e das artes escénicas en Galicia, publicado en 2019 polo Observatorio da Cultura Galega do Consello da Cultura Galega, podemos observar que os datos recollidos apuntan, en sentido xeral, a un aumento da participación das mulleres no ámbito cultural, ao tempo que se constatan diferenzas entre os sexos tanto no acceso á cultura como no desempeño de profesións e de actividades profesionais vinculadas ao sector cultural.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	X
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	x
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	

Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	x
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	X
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS

Ante a constatación de que nos diferentes ámbitos en que se estrutura o ámbito cultural galego a presenza dos homes segue a ser superior á das mulleres, a Dirección Xeral de Cultura pretende promover a participación e o emprego feminino no sector cultural e, por iso, nas convocatorias de axudas valora, entre os criterios para a súa concesión, a presenza das mulleres nos proxectos. No mesmo sentido, promoverase a presenza equilibrada de mulleres e homes nas programacións artísticas contratadas desde o departamento. Así mesmo fomentárase a presenza equilibrada de mulleres e homes na composición das comisións de valoración de axudas e seguirase a traballar para evitar o uso sexista e excluínte da linguaxe.

En particular, a AGADIC pretende promover o emprego feminino no sector cultural e por iso, nas convocatorias de axudas valora, entre os criterios para a súa concesión, a presenza das mulleres nos proxectos. Así, trátase de fomentar a dirección feminina no caso da produción de artes escénicas, valorándose expresamente esta circunstancia coa asignación dunha puntuación específica. No caso das producións audiovisuais, promóvese a presenza feminina no equipo creativo outorgando unha puntuación específica a aqueles proxectos nos que a participación das mulleres naquel sexa superior ao 50%. Ademais, puntúase a dirección integramente a cargo dunha muller. Estas discriminacións positivas xa deron resultado nos anos anteriores, por exemplo, nas últimas axudas resoltas, as de 2023, o 85% dos proxectos tiñan unha maioría de participación feminina e o 50% estaba dirixido por mulleres.

Por outra banda, seguirase a traballar para evitar o uso sexista e excluínte da linguaxe.

Tamén se evitará a difusión de imaxes que contribúan a perpetuar os estereotipos sexistas, e incidirase na promoción daqueles contidos que contribúan a facer notar a presenza da muller en ámbitos nos que aínda non están representadas de xeito paritario.

Promoverase a presenza da muller nas actividades desenvolvidas pola AGADIC, de xeito que o acceso ás súas actividades sexa máis equitativa entre homes e mulleres.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Coa realización das actividades descritas, preténdese avanzar na incorporación da perspectiva de xénero no ámbito de actuación da Dirección Xeral de Cultura e AGADIC, promovendo o acceso da muller ás manifestacións culturais e á empregabilidade no sector, garantindo o acceso á cultura de toda a poboación sen que existan diferenciacións por cuestións de xénero.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Cultura

Axencia Galega de Industrias Culturais

Fundación Cidade da Cultura de Galicia

Fundación Cela

III.1.7. PROGRAMA 433A - PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO, ARTÍSTICO E CULTURAL

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Este programa pretende a posta en valor do patrimonio cultural galego en todas as súas manifestacións, tanto en Galicia coma no exterior. Contempla unha serie de actuacións coas que a consellería persegue a protección, conservación, investigación, acrecentamento difusión e fomento do patrimonio histórico, artístico, arquitectónico, paleontolóxico, arqueolóxico, etnolóxico, industrial, científico, documental e bibliográfico de interese para Galicia.

Concretaranse en medidas dirixidas a:

- Coordinar a elaboración dos informes sectoriais sobre os instrumentos de planeamento urbanístico e ordenación do territorio, en calquera dos seus trámites.

- Coordinar a redacción e tramitación do Plan Territorial Integrado dos Camiños de Santiago, así como outros que teñan por obxecto a protección dos seus valores culturais.
- Asesorar e, de ser o caso, colaborar, na elaboración de instrumentos de planeamento urbanístico ou de ordenación do territorio promovidos pola Xunta de Galicia e outras administracións públicas, que poidan redundar na mellora da protección do patrimonio cultural.
- Elaborar os documentos técnicos e instrucións que teñan por obxecto homoxeneizar os criterios de protección do patrimonio cultural nos documentos urbanísticos e de ordenación do territorio.
- Elaborar, actualizar e difundir os criterios de intervención nas contomas dos bens e, de ser o caso, nas áreas de amortecemento, así como a súa integración nos documentos de planeamento urbanístico e de ordenación do territorio.
- Tramitar e informar os procedementos de autorización das intervencións que afecten os Camiños de Santiago e xestionar a participación do Consello Asesor dos Camiños de Santiago como órgano asesor nos devanditos procedementos e nos relativos aos documentos para a súa identificación e protección.
- Tramitar os expedientes de autorización das intervencións sobre o patrimonio cultural de titularidade da Igrexa Católica, e xestionar a participación da Comisión Mixta Xunta de Galicia - Igrexa Católica como órgano asesor.
- Elaborar propostas normativas e disposicións xerais que afecten a protección do patrimonio cultural e a súa xestión.
- Promover e coordinar a información relativa ás medidas de accesibilidade, protección e fomento do patrimonio cultural de Galicia.
- Elaborar, actualizar e difundir os criterios de intervención nos territorios históricos dos Camiños de Santiago e colaborar na súa integración no Plan territorial integrado dos Camiños de Santiago.
- Vixiar os bens de calquera natureza integrantes do patrimonio cultural de Galicia, para a súa protección e conservación.
- Tramitación dos procedementos sancionadores por infraccións da normativa vixente en materia de protección do patrimonio cultural, e realización de informes encamiñados a determinar e avaliar os danos producidos nel, así como a proposta á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de adopción de medidas cautelares.
- Comprobación do cumprimento das normas, resolucións e ditames emanados da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
- Control do rexistro das transaccións realizadas polas persoas ou entidades dedicadas ao comercio de bens integrantes do patrimonio cultural e do cumprimento dos requisitos para o exercicio desta actividade.
- Promoción, xestión e coordinación das actuacións de prevención, conservación, restauración e posta en valor do patrimonio inmovible de interese artístico, histórico, arquitectónico, etnográfico, científico e técnico.

- Seguimento, control e supervisión das actuacións de conservación e restauración dos retablos, das pinturas, murais e outros bens culturais de interese artístico, histórico ou etnográfico, como os cruceiros, os petos de ánimas ou a decoración escultórica da arquitectura.
- Prestación de apoio e asesoramento técnico, cando así proceda, en proxectos e actuacións que afecten o patrimonio cultural inmobile.
- Elaboración, dirección e coordinación de informes, proxectos, estudos, traballos de investigación e de difusión relacionados coa conservación e as intervencións sobre o patrimonio cultural inmobile, así como supervisión e dirección técnica e facultativa das actuacións, cando así proceda.
- Promoción, xestión e coordinación das actuacións de prevención, conservación, restauración e posta en valor do patrimonio arqueolóxico.
- Coordinación do programa de posta en valor do patrimonio arqueolóxico da Rede galega de patrimonio arqueolóxico.
- Prestación de apoio e asesoramento técnico, cando así proceda, en proxectos e actuacións que afecten o patrimonio arqueolóxico.
- Elaboración e coordinación de informes, estudos, traballos de investigación e de difusión relacionados coa conservación e intervencións sobre o patrimonio arqueolóxico.
- Manter, actualizar e xestionar o Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia, o Catálogo do patrimonio cultural de Galicia e o Censo do patrimonio cultural de Galicia.
- Coordinar a elaboración de propostas de clasificación do patrimonio cultural de Galicia ou a súa inclusión no Censo.
- Tramitar os expedientes de declaración de ben de interese cultural e de inclusión no Catálogo do patrimonio cultural de Galicia desde as actuacións preparatorias ata a súa conclusión.
- Promover traballos para identificar, documentar e investigar as manifestacións do patrimonio cultural inmaterial de Galicia e as súas medidas de salvagarda.
- Delimitar os Camiños de Santiago en Galicia.
- Elaborar medidas para a identificación e difusión do patrimonio cultural galego.
- Informar e colaborar nos procedementos relativos ás figuras de protección e difusión nacionais e internacionais que en materia de patrimonio cultural se desenvolvan no ámbito territorial da Comunidade Autónoma.
- Coordinar as intervencións para a protección, conservación e posta en valor da Paisaxe Cultural da Ribeira Sacra desde o punto de vista da salvagarda dos seus valores culturais e coordinar e promover os trámites e traballos administrativos, técnicos e científicos relacionados coa candidatura a Patrimonio Mundial.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A protección, conservación, investigación, aumento e difusión do patrimonio histórico, artístico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, etnográfico, industrial, científico e técnico, documental e bibliográfico de interese para Galicia.

Para o ano 2025 continuarase co desenvolvemento do Plan Estratéxico para a conservación e a restauración do patrimonio cultural de Galicia 2021-2030. Dentro desta liña de actuación vaise a seguir atendendo a obxectivos operativos relacionados coa conservación das catedrais galegas, a conservación dos mosteiros, conventos e abadía; a conservación dos monumentos relacionados cos Camiños de Santiago, especialmente aqueles declarados BIC e a conservación do patrimonio cultural da Ribeira Sacra, entre outros. Asemade vaise continuar atendendo á conservación e restauración dos retablos, pinturas murais e bens artísticos significativos así como á debida investigación e posta en valor do patrimonio arqueolóxico galego.

En relación coa protección, conservación e posta en valor da Ribeira Sacra vaise continuar traballando no reforzo e mellora de aqueles aspectos relacionados cos atributos que testemuñan o Valor Universal Excepcional destes ámbito, no marco do documento de candidatura para a súa inclusión na Lista do Patrimonio Mundial, con especial interese nos aspectos relacionados coa auga e a súa significación e presenza na configuración, caracterización e construción desta senlleira paisaxe cultural.

Neste eido vaise a seguir a impulsar e desenvolver o Plan de Xestión da Paisaxe Cultural da Ribeira Sacra, ao que se van incorporar novas liñas de traballo a prol da investigación, catalogación, conservación e posta en valor dos bens relacionados coa utilización da auga como un elemento configurador e determinante na construción da paisaxe cultural.

Continuarase co desenvolvemento do Plan específico de intervencións para a Muralla de Lugo, e vaise completar a redacción do plan de xestión deste senlleiro monumento, incluído na Lista do Patrimonio Mundial e xestionado pola Xunta de Galicia, iniciando o seu desenvolvemento e aplicación.

A planificación estratéxica de Galicia ten por principal obxectivo estratéxico a protección, conservación, posta en valor e difusión do patrimonio cultural galego, aplicando criterios de sustentabilidade, compromiso coas políticas necesarias para evitar ou mitigar o cambio climático, o respecto polo medio ambiente, a accesibilidade universal e o aliñamento cos criterios da Nova Bauhaus Europea.

Este programa conta con axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) vinculada ao Programa Operativo do FEDER para o período 2021-2027. Este plan atende aos seguintes obxectivos específicos: OE46. O reforzo do papel da cultura e o turismo sostible no desenvolvemento económico, a inclusión social e a innovación social e vaise aplicar no seguinte campo de intervención: CII 66. Protección, desenvolvemento e promoción do patrimonio cultu-

ral e os servizos culturais. No ano 2025 está previsto continuar coas actuacións desenvolvidas ao abeiro deste programa.

Para a selección de operacións vanse ter en conta os seguintes criterios:

- Maior nivel de protección cultural dos bens obxecto das actuacións.
- Urgencia e necesidade das obras proxectadas cando a súa non execución ou atraso poida supoñer a perda dun ben relevante.
- Proxectos sobre bens de uso ou destino público, ou que teñan establecido un réxime de acceso público ou que se prevexa establecelo unha vez rematada a actuación, con independencia do seu titular.
- Proxectos nos que se prioricen os principios de conservación e restauración e respecto polos materiais e técnicas construtivas tradicionais, así como o respecto polo medio no que se sitúan as edificacións.
- Proxectos de maior valor arquitectónico e/ou con calidade técnica en restauración ou que incorporen e desenvolvan técnicas de conservación preventiva relevantes.
- Proxectos sobre bens culturais que sexan referencia dunha vila, cidade ou rexión e sexan considerados focos ou referentes de atracción turística.
- Proxectos que crean vínculos entre a natureza, o patrimonio cultural e o turismo.
- Proxectos que contarán con plans de financiamento complementarios.

Entre as actuacións máis significativas das previstas atópanse as intervencións nas catedrais galegas, como son as intervencións previstas na catedral de Tui para o desenvolvemento do Museo Catedralicio e Diocesano, na Catedral de Lugo e na de Ourense, nas está previsto actuar na conservación das súas fábricas de pedra, na catedral de Mondoñedo conservando as estruturas lígneas da cuberta e colaborando na mellora da súa iluminación, sen esquecer a de Santiago de Compostela. Vaise así, continuar o desenvolvemento do ambicioso programa de restauración que se está desenvolvendo ao abeiro do Plan de Catedrais.

Asemade, está previsto actuar, entre outros bens declarados BIC e catalogados, no Colexio de Nosa Señora a Antiga de Monforte (Lugo), o Santuario da Peregrina en Pontevedra; igrexas rurais como a de Flariz en Monterrei ou Esposende en Cenlle na provincia de Ourense e a Igrexa da Venerable Orden Terceira na cidade da Coruña (A Coruña).

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Os obxectivos e actividades integradas neste programa van destinados ao patrimonio cultural, de xeito que as actuacións a realizar van dirixidas a achegar o seu coñecemento á sociedade e facilitar o acceso universal a el.

O beneficiario directo deste programa é a poboación galega, con carácter universal, e de forma especial as colectividade locais que interactúan acotío cos bens do patrimonio cultural na súa vida diaria, así como as xeracións vindeiras para os que se salvagarda e acrecenta este patrimonio.

Tamén se dirixe, dunha forma indirecta, aos turistas e visitantes que se acheguen a Galicia e aos bens protexidos, con unha motivación e interese cultural na súa viaxe. No caso dos bens incluídos na Lista do Patrimonio Mundial, o colectivo que se beneficia é a humanidade no seu conxunto.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Este programa ocúpase do apoio e difusión do patrimonio histórico galego en todas as súas manifestacións, tanto en Galicia coma no exterior. Tamén a través deste programa a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude persegue a conservación e difusión do patrimonio histórico, artístico, arquitectónico, paleontolóxico, arqueolóxico, etnolóxico, industrial, científico e técnico, documental e bibliográfico de interese para Galicia, así como dos camiños históricos a Santiago e a mellora do coñecemento sobre os bens e das ferramentas xurídicas e administrativas de protección como medios e instrumentos imprescindibles para o acrecentamento, difusión e salvagarda do patrimonio cultural.

Coa finalidade de protexer os bens de patrimonio cultural establecéronse diversos procedementos que esixen autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para as intervencións, tanto no propio ben como no seu contorno ou na súa zona de amortecemento. Como consecuencia do gran número de bens declarados bens de interese cultural e catalogados a instrución de novembro de 2017 clarifica as intervencións que non precisaban autorización da dirección xeral.

Así mesmo, en aplicación do artigo 65 da LPCG continuarase asinando convenios de habilitación cos concellos que reúnan os requisitos esixidos nese texto legal,coa finalidade de que poidan autorizar as intervencións que se refiran a bens catalogados integrantes do patrimonio arquitectónico ou etnolóxico e as súas contornas de protección e zonas de amortecemento.

Continúase a traballar no acrecentamento do patrimonio cultural galego incorporando novos bens ao Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia e ao Rexistro de Bens de Interese Cultural Galegos. Segue a avanzarse na tramitación das candidaturas da Ribeira Sacra e Illas Cíes-Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia para a súa futura inclusión na Lista do Patrimonio Mundial da Unesco.

No que atinxe á conservación do patrimonio cultural o programa vai dar continuidade as liñas de actuación que se veñen desenvolvendo nos exercicios anteriores. Así atende á debida conservación dos bens culturais públicos que son propiedade da Xunta de Galicia e á cola-

boración coas administracións públicas, a Igrexa Católica e o resto dos propietarios na debida conservación do seu patrimonio cultural, entendendo que representa un recurso senlleiro para o desenvolvemento social, turístico e económico dos territorios e para mellorar a calidade de vida das persoas que os habitan.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- Decreto 42/2024, de 14 de abril, polo que se establece estrutura orgánica da Xunta de Galicia.
- Decreto 146/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude (DOG núm. 101, 27 de maio de 2024).
- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno
- Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público.
- Decreto 93/2017, de 14 de setembro, polo que se regula a composición e funcionamento dos consellos territoriais de Patrimonio Cultural de Galicia, do Consello Asesor dos Camiños de Santiago e da Comisión Técnica de Arqueoloxía.
- Decreto 84/2017, do 3 de agosto, polo que se regula a composición e funcionamento da Comisión Mixta Xunta de Galicia-Igrexa Católica.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei 4/2019, de 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade e estratexia do presente programa é o da protección, a conservación, a restauración, o incremento e posta en valor do patrimonio cultural galego.

Preténdese o recoñecemento das peculiaridades propias do patrimonio cultural de Galicia para a súa protección e difusión, e aplicando os procedementos e instrumentos específicos para garantir a súa conservación, así como o réxime sancionador para corrixir as infraccións que afectasen o patrimonio cultural galego, obrigando a reposición cando esta sexa posible.

O primeiro paso para a protección do patrimonio e o da súa identificación, localización e clasificación. Cos procedementos de catalogación ou declaración como bens de interese cultural

a preténdese non só o seu recoñecemento, se non tamén establecer a súa delimitación e o establecemento de medidas de protección, conservación e difusión.

En liña co anterior, outra liña estratéxica a seguir é achegar o coñecemento do patrimonio cultural á sociedade e facilitar o acceso universal a el por todos os medios que proporciona a técnica e as tecnoloxías da información. Deste xeito contribúese a concienciar á sociedade en xeral e a todos os sectores implicados, na necesidade de defender e conservar o patrimonio cultural.

De igual xeito, os plans e proxectos de obras do patrimonio procuran estimular a súa revalorización e garantir a conservación deste recurso cultural, turístico e de desenvolvemento social limitado, fráxil e non renovable.

Os resultados que se pretenden conseguir co obxectivo estratéxico deste programa de gasto son o incremento do patrimonio cultural de Galicia e mellora do seu estado de conservación e a situación e condicións de acceso a el por parte da cidadanía.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc.)	x
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	X
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	X
Outros (especificar)	

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

IV. CADROS DE OBXECTIVOS POR PROGRAMA

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Programa: 151A FOMENTO DA LINGUA GALEGA		
Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial		
Prioridade de Actuación: PA03 - Potenciar a cultura e a lingua galega como elementos clave para construír unha sociedade inclusiva e cohesionada e que contribúa á calidade de vida da cidadanía		
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E04 - Fomentar e difundir o uso do galego nos diferentes sectores da sociedade, principalmente nos considerados prioritarios e estratéxicos, e desenvolver actividades de formación do galego		
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental		
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)		
OI03 - Transferencias internas		
0001 - Continuar co proceso de normalización lingüística en desenvolvemento do Plan xeral de normalización da lingua galega.		
0002 - Accións de fomento do uso da lingua galega na sociedade apoiando a creación, mantemento e reforzamento dos servizos lingüísticos e a realización de programas de dinamización lingüística.		
0003 - Estudos e investigación en materia lingüística		
0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico		
	Indicador	Valor Previsto
P00022	- Actuacións de formación e dinamización social do galego	3.474
P00067	- Convenios e/ou acordos asinados	124
P00450	- Axudas concedidas para o fomento da lingua galega	968
P227.H	- Participantes en accións de formación. Homes	2.115
P227.M	- Participantes en accións de formación. Mulleres	2.460
Programa: 312F PROGRAMAS DE SOLIDARIEDADE		
Eixe: E1 - Eixe 1. O reto demográfico		
Prioridade de Actuación: PA02 - Mellorar a atención ao benestar e á calidade de vida das familias		
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E02 - Mellorar a calidade de vida da xuventude galega, mellorando as súas competencias e capacidades, incrementando o seu benestar e impulsando a participación e o voluntariado		
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental		
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)		
0004 - Fomentar a participación xuvenil nos programas de voluntariado e aproveitar o coñecemento e a experiencia das persoas maiores nun marco de convivencia e intercambio das vivencias con persoas novas, promovendo a inscrición das experiencias das persoas voluntarias que faciliten a certificación das actividades realizadas.		
	Indicador	Valor Previsto
P233.H	- Participantes en proxectos de voluntariado. Homes	524
P233.M	- Participantes en proxectos de voluntariado. Mulleres	851
Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial		
Prioridade de Actuación: PA02 - Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante		
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E02 - Impulsar a inclusión social e laboral das persoas en situacións de vulnerabilidade, pobreza ou exclusión social e loitar contra calquera forma de discriminación ademais de garantir a igualdade de oportunidades e o acceso aos servizos públicos da poboación retornada e inmigrante		
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental		
0002 - Diseñar e desenvolver de programas especificamente dirixidos a atender factores de vulnerabilidade e a súa interseccionalidade en persoas e grupos desfavorecidos		
Programa: 313A SERVIZOS Á XUVENTUDE		
Eixe: E1 - Eixe 1. O reto demográfico		
Prioridade de Actuación: PA02 - Mellorar a atención ao benestar e á calidade de vida das familias		
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E02 - Mellorar a calidade de vida da xuventude galega, mellorando as súas competencias e capacidades, incrementando o seu benestar e impulsando a participación e o voluntariado		
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental		
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)		
0001 - Fomentar e apoiar os programas de prácticas formativas e de mobilidade transnacional, para a mellora da cualificación e para facilitar o acceso ao mercado laboral dos mozos e mozas.		

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

0002 - Impulsar a participación dos mozos e mozas en actividades de educación non formal que permitan a adquisición de competencias e habilidades altamente valoradas polos empregadores.	
0003 - Promover novas iniciativas e alternativas educativas e saudables a mocidade para o seu tempo libre, a través de programas de ocio educativo e espazos seguros, divertidos, formativos e favorecedores da transferencia de valores e coñecemento.	
Indicador	Valor Previsto
P1025H - Persoas mozas que reciben axudas. Homes	1.420
P1025M - Persoas mozas que reciben axudas. Mulleres	1.551
P1026H - Participantes en programas de xuventude. Homes	4.764
P1026M - Participantes en programas de xuventude. Mulleres	7.246
Prioridade de Actuación: PA03 - Mellorar o acceso á vivenda e as súas condicións de habitabilidade	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Mellorar o acceso á vivenda en propiedade ou en aluguer dos fogares, principalmente para a mocidade e as persoas en situación de vulnerabilidade, e dar cobertura a aquelas situacións que se atopan en risco de perda da súa vivenda habitual	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0002 - Articular programas para facilitar a adquisición de vivendas, principalmente polas persoas menores de 35 anos.	
Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial	
Prioridade de Actuación: PA02 - Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E02 - Impulsar a inclusión social e laboral das persoas en situacións de vulnerabilidade, pobreza ou exclusión social e loitar contra calquera forma de discriminación ademais de garantir a igualdade de oportunidades e o acceso aos servizos públicos da poboación retornada e inmigrante	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0002 - Diseñar e desenvolver de programas especificamente dirixidos a atender factores de vulnerabilidade e a súa interseccionalidade en persoas e grupos desfavorecidos	
Programa: 431A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE CULTURA	
Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial	
Prioridade de Actuación: PA03 - Potenciar a cultura e a lingua galega como elementos clave para construír unha sociedade inclusiva e cohesionada e que contribúa á calidade de vida da cidadanía	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Estimular a produción cultural e a súa distribución, apoiando a innovación cultural e a transversalidade da creatividade nos sectores produtivos, facilitando o acceso á cultura da cidadanía e avanzando na súa proxección exterior e internacionalización. Apoiar á industria de contidos culturais, dende a artesanía ata o audiovisual, para que aproveite as oportunidades que ofrece un mercado global e dixitalizado	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0004 - Accións de mellora e ampliación da rede de infraestruturas de comunicación e radio-difusión	
0005 - Contribuír á conservación da riqueza cultural de Galicia	
Indicador	Valor Previsto
P00076 - Entidades beneficiadas.	18
P00124 - Nº de actividades de divulgación.	45
Programa: 432A BIBLIOTECAS, ARQUIVOS, MUSEOS E EQUIPAMENTOS CULTURAIS	
Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial	
Prioridade de Actuación: PA03 - Potenciar a cultura e a lingua galega como elementos clave para construír unha sociedade inclusiva e cohesionada e que contribúa á calidade de vida da cidadanía	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Estimular a produción cultural e a súa distribución, apoiando a innovación cultural e a transversalidade da creatividade nos sectores produtivos, facilitando o acceso á cultura da cidadanía e avanzando na súa proxección exterior e internacionalización. Apoiar á industria de contidos culturais, dende a artesanía ata o audiovisual, para que aproveite as oportunidades que ofrece un mercado global e dixitalizado	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0007 - Establecer liñas de apoio a creadoras e creadores que permita consolidar profesionais e un tecido empresarial con capacidade de crear produtos de calidade, tamén exportables.	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E02 - Fortalecer a programación e os servizos dispoñibles nas bibliotecas, arquivos, museos e centros de interpretación, para lograr a participación activa da cidadanía como usuaria destes servizos e como consumidora dunha oferta cultural de calidade	

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento) 0001 - Promoción da lectura e a produción de libros en galego. Elaboración dun Plan da Lectura de Galicia e mellora do sistema de acceso aos servizos bibliotecarios a través da virtualización e automatización dos servizos da Rede de Bibliotecas de Galicia. 0002 - Xestión do sistema de arquivos de Galicia. Potenciar a súa actividade e un funcionamento máis operativo 0003 - Preservar e promover as actividades e os contidos dos museos e centros de interpretación do patrimonio cultural. Reforzar as labores de conservación e mellora nos museos co fin de incrementar a oferta cultural dos mesmos. 0004 - Accións formativas destinadas a persoas con titulacións asociadas ao traballo neste tipo de espazos (bibliotecas, arquivos, museos, etc.). 0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico	
Indicador	Valor Previsto
P00150 - Actividades culturais planificadas e executadas nas bibliotecas, museos e arquivos, así como nos centros de interpretación	3.027
P00336 - Bibliotecas dotadas con fondos bibliográficos	300
P219.H - Persoas usuarias da rede de bibliotecas de Galicia. Homes	490.000
P219.M - Persoas usuarias da rede de bibliotecas de Galicia. Mulleres	320.000
Programa: 432B FOMENTO DAS ACTIVIDADES CULTURAIS	
Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial	
Prioridade de Actuación: PA03 - Potenciar a cultura e a lingua galega como elementos clave para construír unha sociedade inclusiva e cohesionada e que contribúa á calidade de vida da cidadanía Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Estimular a produción cultural e a súa distribución, apoiando a innovación cultural e a transversalidade da creatividade nos sectores produtivos, facilitando o acceso á cultura da cidadanía e avanzando na súa proxección exterior e internacionalización. Apoiar á industria de contidos culturais, desde a artesanía ata o audiovisual, para que aproveite as oportunidades que ofrece un mercado global e dixitalizado	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento) OI03 - Transferencias internas 0001 - Estimular a oferta de contidos nos ámbitos da cultura e a demanda de ditos contidos por parte da cidadanía. Mellorar a calidade da oferta cultural para as máis pequenas e pequenos e, sobre todo, para a mocidade, que están moi afastados da oferta cultural do país. 0002 - Fortalecer o tecido cultural de base e o tecido das industrias culturais e creativas galegas. Apoiar a formación das persoas creadoras que permita consolidar profesionais con capacidade de crear produtos de calidade tamén exportables. 0003 - Desenvolver desde a Cidade da Cultura de Galicia un programa interdisciplinar de acción cultural contemporánea; e impulsar unha estratexia de innovación do sistema cultural e creativo da nosa comunidade. 0004 - Accións de mellora e ampliación da rede de infraestruturas de comunicación e radio-difusión 0005 - Contribuír á conservación da riqueza cultural de Galicia 0007 - Establecer liñas de apoio a creadoras e creadores que permita consolidar profesionais e un tecido empresarial con capacidade de crear produtos de calidade, tamén exportables.	
Indicador	Valor Previsto
P00155 - Actuacións e programacións culturais desenvolvidas	612
P00158 - Axudas concedidas ás artes escénicas, á música e ao sector audiovisual	404
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E02 - Fortalecer a programación e os servizos dispoñibles nas bibliotecas, arquivos, museos e centros de interpretación, para lograr a participación activa da cidadanía como usuaria destes servizos e como consumidora dunha oferta cultural de calidade	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico	
Programa: 433A PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO, ARTÍSTICO E CULTURAL	
Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial	
Prioridade de Actuación: PA03 - Potenciar a cultura e a lingua galega como elementos clave para construír unha sociedade inclusiva e cohesionada e que contribúa á calidade de vida da cidadanía	

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Estimular a produción cultural e a súa distribución, apoiando a innovación cultural e a transversalidade da creatividade nos sectores produtivos, facilitando o acceso á cultura da cidadanía e avanzando na súa proxección exterior e internacionalización. Apoiar á industria de contidos culturais, dende a artesanía ata o audiovisual, para que aproveite as oportunidades que ofrece un mercado global e dixitalizado

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

0001 - Estimular a oferta de contidos nos ámbitos da cultura e a demanda de ditos contidos por parte da cidadanía. Mellorar a calidade da oferta cultural para as máis pequenas e pequenas e, sobre todo, para a mocidade, que están moi afastados da oferta cultural do país.
0005 - Contribuír á conservación da riqueza cultural de Galicia

Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E03 - Protexer, conservar, poñer en valor e difundir o patrimonio cultural de Galicia como un recurso vivo e accesible

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

0001 - Protección do patrimonio cultural coa incorporación ao mesmo de bens que posúan valores culturais por medio do acrecentamento e desenvolvemento do Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia e o Rexistro de Bens Declarados de Interese Cultural (BIC) e impulsando o desenvolvemento de catálogos dos instrumentos de planeamento urbanístico e ordenación do territorio.

0002 - Conservación, restauración, rehabilitación e posta en valor dos bens que integran o patrimonio cultural con especial atención aos bens declarados de interese cultural máis senlleiros como as catedrais, os BIC relacionados cos camiños de Santiago, os xacementos arqueolóxicos de titularidade pública máis relevantes e os bens culturais que caracterizan a paisaxe cultural da Ribeira Sacra.

0003 - Difusión e ampliación do coñecemento sobre o patrimonio cultural.

0005 - Fomentar a "I+D+i cultural" dentro dun marco xurídico adecuado. Impulsar, promover e fomentar o emprego das TIC e as novas tecnoloxías nas actuacións de protección, conservación, difusión e valorización do patrimonio cultural.

Indicador	Valor Previsto
MRR003 - Descrición e dixitalización	20
P00184 - Obras e proxectos de conservación, restauración, protección e promoción do patrimonio cultural	44

V. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

Programas	Servizos			
	01	02	03	04
151A-Fomento da lingua galega		11.964		
431A-Dirección e servizos xerais de cultura	11.605			
432A-Bibliotecas, arquivos, museos e equipamentos culturais	2.783		27.355	
432B-Fomento das actividades culturais			29.247	
433A-Protección e promoción do patrimonio histórico, artístico e cultural				22.160
Total	14.388	11.964	56.602	22.160

(Orzamento axustado)(Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

Programas	Capítulos						
	I	II	III	IV	VI	VII	Total
151A-Fomento da lingua galega	2.420	137		3.448	5.386	573	11.964
312F-Programas de solidariedade	337	171		1.744	46	200	2.498
313A-Servizos á xuventude	6.600	6.294		7.438	1.622	200	22.154
431A-Dirección e servizos xerais de cultura	5.629	2.814	10	60	1.941	1.150	11.605
432A-Bibliotecas, arquivos, museos e equipamentos culturais	18.096	2.783		1.648	5.203	2.408	30.138
432B-Fomento das actividades culturais	3.712	1.373		16.219	7.371	17.428	46.103
433A-Protección e promoción do patrimonio histórico, artístico e cultural	7.976			233	10.008	3.943	22.160
Total	44.770	13.573	10	30.791	31.577	25.901	146.622

(Orzamento axustado)(Miles de Euros)

DISTRIBUCIÓN ORGÁNICA

01 SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	5.601	5.629	0,5
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	5.598	5.598	0,0
Cap. III - Gastos financeiros	10	10	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	60	60	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	1.941	1.941	0,0
Cap. VII - Transferencias de capital	1.150	1.150	0,0
Total	14.360	14.388	0,2

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

02 SECRETARÍA XERAL DA LINGUA	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	2.326	2.420	4,0
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	137	137	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	3.448	3.448	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	4.565	5.386	18,0
Cap. VII - Transferencias de capital	573	573	0,0
Total	11.049	11.964	8,3

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

03 DIRECCIÓN XERAL DE CULTURA	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	17.705	18.096	2,2
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	794	730	-8,1
Cap. IV - Transferencias correntes	15.731	16.454	4,6
Cap. VI - Investimentos reais	7.880	10.410	32,1
Cap. VII - Transferencias de capital	10.687	10.912	2,1
Total	52.797	56.602	7,2

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

04 DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	7.611	7.976	4,8
Cap. IV - Transferencias correntes	233	233	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	12.314	10.008	-18,7
Cap. VII - Transferencias de capital	2.189	3.943	80,1
Total	22.348	22.160	-0,8

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

05 DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	6.701	6.937	3,5
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	5.864	6.465	10,2
Cap. IV - Transferencias correntes	5.649	9.182	62,6
Cap. VI - Investimentos reais	262	1.668	537,1
Cap. VII - Transferencias de capital	200	400	100,0
Total	18.676	24.652	32,0

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

A1 AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	3.525	3.712	5,3
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	642	642	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	1.413	1.413	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	3.364	2.164	-35,7
Cap. VII - Transferencias de capital	8.244	8.925	8,3
Total	17.189	16.856	-1,9

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

SERVIZOS	2024	2025	% Var.
01 SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	14.360	14.388	0,2
02 SECRETARÍA XERAL DA LINGUA	11.049	11.964	8,3
03 DIRECCIÓN XERAL DE CULTURA	52.797	56.602	7,2
04 DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL	22.348	22.160	-0,8
05 DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE	18.676	24.652	32,0
A1 AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS	17.189	16.856	-1,9
Total	136.418	146.622	7,5

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

Consellería, Organismos Autónomos, Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento e Axencias Públicas Autonómicas

	Consellería		00.AA , EE.CC.AA. e Axencias		Trans. Internas		Consolidado	
	2024	2025	2024	2025	2024	2025	2024	2025
Cap. I - Gastos de persoal	39.945	41.059	0	3.712	0	0	0	44.770
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	12.394	12.930	0	642	0	0	0	13.573
Cap. III - Gastos financeiros	10	10	0	0	0	0	0	10
Cap. IV - Transferencias correntes	30.534	34.992	0	1.413	0	5.614	0	30.791
OPERACIÓNS CORRENTES	82.883	88.991	0	5.767	0	5.614	0	89.144
Cap. VI - Investimentos reais	26.962	29.413	0	2.164	0	0	0	31.577
Cap. VII - Transferencias de capital	26.406	28.065	0	8.925	0	11.088	0	25.901
OPERACIÓNS DE CAPITAL	53.368	57.478	0	11.088	0	11.088	0	57.478
Total	136.251	146.469	0	16.856	0	16.703	0	146.622

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

Medios Persoais

Cons. Cultura, Lingua e Xuventude	2025
Altos Cargos	6
Persoal Funcionario	616
Subgrupo A1	224
Subgrupo A2	122
Subgrupo C1	85
Subgrupo C2	89
Agrupacións profesionais	96
Persoal Laboral	279
Grupo I	32
Grupo II	20
Grupo III	32
Grupo IV	97
Grupo V	98
TOTAL	901

Medios Personais

Axencia Galega das Industrias Culturais	2025
Altos Cargos	1
Persoal Funcionario	20
Subgrupo A1	6
Subgrupo A2	5
Subgrupo C1	5
Subgrupo C2	2
Agrupacións profesionais	2
Persoal Laboral	45
Grupo I	4
Grupo II	6
Grupo III	18
Grupo IV	15
Grupo V	2
TOTAL	66

Entidades Públicas Empresariais, Consorcios, Sociedades Mercantís e Fundacións do Sector Público Autonómico

Fundacións do sector público autonómico	Explotación	Capital
Fund. Públ. Cidade da Cultura de Galicia	10.775	4.250
Fundación Camilo José Cela	378	
Fund. Museo do Mar	1.187	
Total	12.339	4.250

(Miles de Euros)



CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

SECCIÓN 14

I. ESTRUCTURA ORGÁNICA E COMPETENCIAS

I.1. ESTRUCTURA ORGÁNICA

O Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración Igualdade indica que para o desempeño das súas funcións dispón dos seguintes órganos superiores e de dirección.

1. Conselleiro/a.
2. Secretaría Xeral Técnica.
3. Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais.
 - a) Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego.
 - b) Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social.
4. Secretaría Xeral da Emigración.
5. Dirección Xeral de Comercio e Consumo.
6. Direccións territoriais.

Quedan adscritos as esta Consellería:

- O Organismo autónomo Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia.
- O Ente Público Consello Galego de Relacións Laborais.
- Instituto Galego do Consumo e da Competencia.

Ademais quedan adscritas a esta consellería as seguintes Fundacións:

FUNDACIONES:

- Fundación Pública Artesanía de Galicia.
- Fundación Exposición e Congresos da Estrada.
- Fundación Feiras e exposicións de Lugo.
- Fundación Feiras e Exposicións de Ourense.
- Fundación Instituto Feiral da Coruña.
- Fundación Galega da Formación para o Traballo.
- Instituto Feiral de Vigo.

I.2. COMPETENCIAS

I.2.1. DA CONSELLERÍA

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración é o órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao cal, ademais daquelas competencias e funcións establecidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, lle corresponden, de conformidade co Estatuto de autonomía e coa Constitución:

- a) Propor, deseñar, coordinar e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito laboral e do emprego, que engloba, ente outras, as competencias en materia de políticas activas de emprego, emprendemento, emprego autónomo, cooperativas e outras entidades de economía social, formación para o emprego, orientación e colocación, intermediación laboral, así como política laboral, relacións laborais, seguridade e saúde laboral, e responsabilidade social empresarial.
- b) Promover e impulsar o diálogo social na Xunta de Galicia, como elemento clave para facer fronte aos retos do emprego, sen prexuízo da súa transversalidade e das áreas competenciais do resto das consellerías.
- c) As relacións e o apoio ás persoas e ás comunidades galegas no exterior, así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento.
- d) A promoción de medidas que favorezan o retorno a Galicia dos galegos residentes no exterior e faciliten a súa integración na sociedade galega.
- e) A planificación, coordinación e control do comercio interior e exterior, artesanía e consumo.

O exercicio destas funcións e competencias desenvólvese a través dos seguintes centros xestores determinados polo Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración Igualdade:

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

Baixo a superior dirección da persoa titular da Consellería, consonte o artigo 29 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, a Secretaría Xeral Técnica exercerá as competencias e funcións nel establecidas, así como aquelas outras que lle sexan delegadas ou encomendadas pola persoa titular da consellería e as restantes que lle atribúa o ordenamento xurídico.

Polo tanto, corresponde á Secretaría Xeral Técnica velar polo correcto funcionamento operativo dos servizos administrativos de toda a Consellería, asumindo a coordinación da xestión económica e da contratación, as remuneracións do persoal, o apoio xurídico, os arquivos e en

xeral a coordinación con calquera departamento da Consellería en todas as cuestións transversais.

SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

Como órgano superior da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, corresponde-lle á Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais as funcións seguintes:

- a) A participación na elaboración e deseño das estratexias e políticas públicas de emprego dos correspondentes plans anuais de fomento do emprego digno, así como a formulación de propostas de inclusión de medidas e programas concretos neles.
- b) A participación na elaboración e deseño de estratexias, instrumentos e medidas que contribúan a evitar situacións de falta de estabilidade do emprego ou poidan conducir á diminución da actividade.
- c) A dirección, coordinación, control e execución das competencias da comunidade autónoma en materia de apoio, fomento e mantemento do emprego, traballo autónomo, cooperativas e economía social, apoio á integración laboral das persoas con discapacidade ou en situación de vulnerabilidade e formación profesional para o emprego en toda a súa extensión.
- d) A dirección das competencias da comunidade autónoma en materia de emprendemento e a coordinación das atribuídas a outros órganos, así como a promoción de políticas públicas e programas que impulsen, promociónen e apoién a cultura emprendedora.
- e) A convocatoria e a execución de calquera outra axuda ou actuación derivada de plans estatais, autonómicos ou europeos que contribúan á creación de emprego, por conta propia ou allea, e ao seu mantemento, ou que sexan autorizados mediante acordo do Consello da Xunta.
- f) A dirección e xestión das funcións atribuídas á Consellería en materia de fomento do emprego en colaboración coas administracións e institucións públicas e con entidades sen ánimo de lucro.
- g) O exercicio das competencias atribuídas pola normativa reguladora dos órganos colexiados de asesoramento e participación en materia de emprego e de persoas traballadoras autónomas e de entidades de economía social.
- h) A elaboración do anteproxecto de orzamento e a memoria de funcionamento do órgano superior, así como a súa xestión, seguimento e avaliación.
- i) A dirección, a coordinación, o control e a execución das competencias da comunidade autónoma en materia de relacións laborais, seguridade e saúde laboral, responsabilidade social empresarial, promoción do emprego de calidade e, en concreto, o exercicio de funcións en materia de lexislación laboral e en prevención de riscos laborais, e todas aquelas que como autoridade laboral debe desenvolver en virtude das competencias que lle corresponden á Consellería.

- j) O impulso e o desenvolvemento das políticas de igualdade laboral e de medidas de conciliación corresponsable da vida persoal, familiar e laboral nas empresas.
- k) A coordinación e o impulso do diálogo social en Galicia.
- l) As competencias funcionais sobre a Inspección de Traballo e Seguridade Social en materia laboral e de prevención de riscos laborais asignadas á Comunidade Autónoma de Galicia, así como as de coordinación coa Administración xeral do Estado para a execución dos plans de actuación da Inspección de Traballo e Seguridade Social.
- m) O coñecemento e a resolución dos recursos de alzada interpostos contra as resolucións ditadas nos procedementos tramitados polos órganos territoriais para a imposición de sancións nas materias laborais, de prevención de riscos e por obstrución do labor inspector, de conformidade co Decreto 70/2008, do 27 de marzo, sobre distribución de competencias entre os órganos da Administración autonómica galega para a imposición de sancións nas materias laborais, de prevención de riscos e por obstrución do labor inspector, e calquera outra competencia atribuída por este.
- n) Promover e adoptar as accións necesarias para aplicar o principio de igualdade entre mulleres e homes no ámbito das políticas autonómicas en materia de emprego, relacións laborais, traballo autónomo, economía social e formación.
- o) A coordinación do Centro de Orientación, Emprendemento, Acompañamento e Innovación da Comunidade Autónoma de Galicia, previsto no Real decreto 818/2021, do 28 de setembro, polo que se regulan os programas comúns de activación para o emprego do Sistema nacional de emprego, sen prexuízo das competencias que lle correspondan á Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego.
- p) A dirección e a coordinación da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego e da Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social, dependentes dela.

Baixo a dirección e dependencia da Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais estarán a Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego e a Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social.

DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN E CUALIFICACIÓN PARA O EMPREGO

Á Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, tal e como establece o Decreto 147/2024, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, corresponderanlle a dirección, coordinación, programación e xestión das actuacións da Consellería en materia de formación profesional para o emprego en toda a súa extensión, incluídos os graos A, B e C da Lei orgánica 3/2022, do 1 de marzo, sen prexuízo das competencias da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e en coordinación con ela, de cualificación profesional, intermediación e orientación laboral, promoción da empregabilidade e, singularmente, as seguintes funcións:

- a) O deseño, a planificación e a execución das medidas dirixidas á prestación dos servizos previstos na Carteira común de servizos do Sistema nacional de emprego e na Estratexia española de activación para o emprego, a confección e a execución do plan anual de fomento do emprego digno, así como a formulación de propostas de inclusión de medidas e programas concretos.
- b) A dirección, programación e xestión das funcións atribuídas á Consellería en materia de formación para o emprego, formación no traballo, cualificacións e recualificacións profesionais ao longo da vida laboral, intermediación no mercado de traballo, colocación e orientación laboral, así como a estatística, a análise e a prospectiva do mercado de traballo.
- c) O deseño e o desenvolvemento de instrumentos de planificación no ámbito da formación profesional dos graos A, B e C en coordinación co resto de departamentos da Xunta de Galicia.
- d) A programación, o seguimento, o control e a xestión dos programas de formación no traballo.
- e) O exercicio das competencias para o reforzo da capacidade de actuación do Servizo Público de Emprego de Galicia, a súa modernización, infraestrutura, recursos humanos e materiais e soporte técnico.
- f) A coordinación da participación das entidades colaboradoras, con e sen ánimo de lucro, na execución e desenvolvemento dos servizos de políticas activas de emprego, a través da colaboración público-privada.
- g) A programación, o seguimento, o control e, de ser o caso, a xestión dos programas integrais de capacitación para a mellora da inserción laboral.
- h) A coordinación da xestión e supervisión do funcionamento dos centros de formación, tanto propios como dependentes doutras entidades, así como a prestación da asistencia técnica necesaria para o correcto desenvolvemento das súas actividades, sen prexuízo das competencias atribuídas á Secretaría Xeral Técnica.
- i) As funcións de execución relativas ao cumprimento das obrigas das empresas e das persoas traballadoras e, de ser o caso, o exercicio da potestade sancionadora nas materias relativas ao emprego e ao desemprego.
- j) As funcións que lle correspondan á Consellería en materia de expedición de certificados profesionais, certificados de competencia profesional ou das acreditacións parciais de competencia.
- k) A resolución dos procedementos de inscrición e acreditación ou, de ser o caso, de baixa no Rexistro de Centros e Entidades de Formación para o Emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido na súa normativa reguladora, así como a autorización dos centros previstos no Real decreto 115/2017, do 17 de febreiro, polo que se regula a comercialización e manipulación de gases fluorados e equipamentos baseados neles, así como a certificación dos profesionais que os utilizan, e polo que se

establecen os requisitos técnicos para as instalacións que desenvolven actividades que emiten gases fluorados, sen prexuízo das competencias doutros órganos directivos.

- l) O exercicio das competencias atribuídas pola normativa reguladora dos órganos colexiados de asesoramento e participación en materias da competencia da Dirección Xeral.
- m) A elaboración do anteproxecto de orzamento e a memoria de funcionamento do seu centro directivo, así como a súa xestión, seguimento e avaliación.
- n) A expedición e rexistro das habilitacións profesionais, sen prexuízo das competencias doutros órganos directivos.
- o) O exercicio das competencias previstas no Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual, sen prexuízo das que lles corresponden a outras administracións competentes.

DIRECCIÓN XERAL DE TRABALLO AUTÓNOMO E ECONOMÍA SOCIAL

A Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social, como órgano de dirección directamente dependente da Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais, exercerá as funcións seguintes:

- Asumirá as competencias de apoio ao emprendemento durante todas as fases da actividade emprendedora, tanto as actuacións necesarias para o comezo da actividade como a súa realización efectiva posterior, e incluírá a implementación e mantemento, con servizos de asesoramento, mentoría (mentoring), así como de apoio económico ou doutra índole, ao crecemento e o mantemento do emprego, e cantas funcións lle sexan atribuídas por parte da persoa titular da Secretaría Xeral e, en particular, a coordinación coas restantes direccións xerais da Consellería, así como cos outros centros directivos ou organismos da comunidade autónoma en todo canto se trate de actuacións vinculadas ao emprendemento, crecemento e mantemento de emprego.
- A planificación, a coordinación, a execución e o control das competencias da comunidade autónoma en materia de cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego e empresas de inserción, e as relacións coas súas organizacións representativas, así como a promoción e o fomento da economía social, sen prexuízo das competencias doutras consellerías en materias relativas ás distintas tipoloxías de entidades.
- A dirección e a coordinación dunha única rede de emprendemento, distribuída por todo o territorio de Galicia, da cal formarán parte os medios e instrumentos que hoxe en día xa existen ou que se encontran en proceso de creación.
- A prestación, a coordinación e a asistencia á persoa titular da Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais.
- A coordinación con outros órganos ou entidades das actuacións que contribúan a evitar a falta de estabilidade do emprego, ou poidan conducir á diminución da actividade.

- A xestión directa e indirecta e a coordinación da Rede de polos de emprendemento e apoio ao emprego de Galicia.
- O impulso e a coordinación dos espazos de cotraballo (coworking) e viveiros que permitan acelerar e posicionar no mercado pequenas empresas e contar cun único instrumento integrador de empresas xeradoras de emprego de calidade.
- O impulso e coordinación da Rede de persoal técnico de emprego de Galicia (Xatemplo).
- O impulso e a coordinación do emprego xuvenil, así como o fomento do emprendemento no eido educativo nas súas distintas modalidades, en coordinación coa consellería competente en materia de educación.
- A coordinación dos servizos e unidades de emprendemento e iniciativas emprendedoras.
- Impulso e a coordinación da creación e desenvolvemento de produtos e procesos innovadores, no marco do emprendemento makers da nosa Comunidade.
- A colaboración e a coordinación das diferentes actuacións con outros axentes territoriais, organismos, institucións públicas e privadas de ámbito nacional, autonómico e local vinculadas ou que realicen actividades de fomento ao emprendemento e apoio ao emprego.
- En xeral, apoiar e promover calquera tipo de actividade que contribúa á mellora do emprendemento de Galicia.
- A elaboración do anteproxecto do orzamento e a memoria de funcionamento do seu centro directivo, así como a súa xestión, seguimento e avaliación.
- Os servizos de información, asistencia e coordinación á persoa titular da Secretaría Xeral en todo canto se trate de actuacións vinculadas ao crecemento e consolidación de emprego.

SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN

Correspóndenlle as competencias en materia de emigración e retorno establecidas de conformidade co Estatuto de autonomía e coa Constitución así como pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia:

- a) Propor, deseñar, coordinar e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito laboral e do emprego, que engloba, ente outras, as competencias en materia de políticas activas de emprego, emprendemento, emprego autónomo, cooperativas e outras entidades de economía social, formación para o emprego, orientación e colocación, intermediación laboral, así como política laboral, relacións laborais, seguridade e saúde laboral, e responsabilidade social empresarial.

- b) Promover e impulsar o diálogo social na Xunta de Galicia, como elemento clave para facer fronte aos retos do emprego, sen prexuízo da súa transversalidade e das áreas competenciais do resto das consellerías.
- c) As relacións e o apoio ás persoas e ás comunidades galegas no exterior, así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento.
- d) A promoción de medidas que favorezan o retorno a Galicia dos galegos residentes no exterior e faciliten a súa integración na sociedade galega.
- e) A planificación, coordinación e control do comercio interior e exterior, artesanía e consumo.
- f) O Rexistro de Galeguidade e o Asento de Galegas e Galegos do Exterior.
- g) A coordinación dos órganos de participación das comunidades galegas e, en particular, do Consello de Comunidades Galegas e da súa comisión delegada
- h) A execución das previsións contidas no capítulo V do título II da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, e as previstas na Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia.

Igualmente, asume as competencias que atribúe ás comunidades autónomas a Lei 40/2006, do 14 de decembro, do Estatuto da cidadanía española no exterior e en xeral, as que melloren o benestar social e a calidade de vida da cidadanía galega no exterior e como órgano superior da Administración da comunidade autónoma no ámbito da emigración e do retorno, as recollidas na Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galeguidade.

Así mesmo, o Decreto 49/2024, do 16 de xuño, adscribe as delegacións exteriores da Xunta de Galicia á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, a través da Secretaría Xeral de Emigración.

DIRECCIÓN XERAL DE COMERCIO E CONSUMO

Á Dirección Xeral de Comercio e Consumo correspóndelle a planificación, a coordinación e o control das competencias da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración en materia de comercio interior e exterior, artesanía e consumo; a planificación e o desenvolvemento das estruturas comerciais, feiras, mercados e lonxas, agás as pesqueiras en primeira venda; a tutela e a coordinación das actividades das cámaras oficiais de comercio, industria e navegación e a intervención en materia de prezos sobre os cales deba pronunciarse a Comisión de Prezos de Galicia.

I.2.2. DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS

INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA- ISSGA

De conformidade coa súa Lei de creación e os seus Estatutos , o obxecto do Issga é a xestión e a coordinación das políticas que nas materias de seguridade, hixiene e saúde laboral establezan os poderes públicos da comunidade autónoma para a mellora das condicións de traballo, co obxecto de eliminar ou reducir na orixe os riscos inherentes ao traballo, sen prexuízo das competencias directas da autoridade laboral neste ámbito e das competencias atribuídas a outros departamentos da Xunta de Galicia.

A súa actuación está vinculada á Estratexia de Seguridade e Saúde no Traballo de Galicia: Horizonte 2027, e tamén a Estratexia española de SST, na que forman parte as CCAA, e marco estratéxico da Unión Europea en materia de seguridade e saúde no traballo); e, anualmente, ao Plan de actividades do Issga, que se diseña xuntos cos interlocutores sociais na procura do máximo consenso coas organizacións empresarial e sindicais de ámbito autonómico e outras unidades directivas da Xunta de Galicia que teñen presenza no órgano colexiado de goberno do ISSGA.

INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO E DA COMPETENCIA

O Instituto Galego do Consumo e da Competencia créase polo Decreto 118/2016, do 4 de agosto, como organismo autónomo adscrito á Consellería competente en materia de consumo, en virtude da autorización contida no artigo 38 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico. Actualmente este organismo está adscrito á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración en aplicación do artigo 10 do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

Dentro deste organismo, configúrase a Comisión Galega da Competencia como órgano colexiado independente, de carácter permanente e consultivo, con competencia para aplicar a Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, segundo os criterios establecidos pola Lei 1/2002, de coordinación de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas en materia de defensa da competencia.

Os fins xerais e obxectivos básicos do Instituto Galego do Consumo e da Competencia son a defensa, protección, promoción e información dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias, e a garantía, promoción e preservación dunha competencia efectiva nos mercados no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, na perspectiva de conseguir a máxima eficiencia económica e a protección e o aumento do benestar dos consumidores e consumidoras.

As competencias do Instituto Galego do Consumo e da Competencia, son as seguintes:

- Orientar, formar e informar as persoas consumidoras e usuarias sobre os seus dereitos e a forma de exercelos e de difundir o seu coñecemento, co fin de que se teñan en

conta e se respecten por todos aqueles que interveñan no mercado e por aqueles ós que poida afectar directa ou indirectamente en relación cos bens e servizos.

- Potenciar o establecemento e desenvolvemento das organizacións de consumidores e usuarios e asesoralos tecnicamente.
- Atender as consultas e reclamacións dos consumidores galegos para tentar resolvelas a través da mediación e a arbitrase de consumo.
- Exercer a capacidade sancionadora e correctora do mercado, mediante a iniciación, instrución e tramitación dos expedientes sancionadores que correspondan, para corrixir as infraccións detectadas.
- Realizar as tarefas de control de mercado que inclúen a investigación de denuncias, campañas de inspección e actuacións de oficio.
- As competencias relacionadas coa a rede de alerta de produtos industriais postos a disposición dos consumidores.
- Promover e levar a cabo os estudos que permitan unha adecuada prognose da problemática do consumo, así como levar a cabo ensaios comparativos, análises de laboratorio e, en xeral, todos os procedementos técnicos que se precisen para o mellor coñecemento dos bens, produtos e servizos que se lle oferten ás persoas consumidoras.
- Elaborar e difundir información para facilitarlle ás persoas consumidoras e usuarias a elección, con criterios de racionalidade, dos bens, produtos e servizos xenéricos máis axeitados ás súas necesidades.
- Impulsar a formación da cidadanía, propoñéndolles aos organismos competentes a adopción de programas de educación para o consumo nos distintos graos do ensino e realizar as actuacións necesarias para asegurar que a dita formación sexa permanente.
- Asesorar á Xunta de Galicia no desenvolvemento da normativa de todos os aspectos que afecten ou poidan afectar ás persoas consumidoras e usuarias, promovendo a elaboración de normas para a súa defensa, achegándolle a información necesaria para este fin.
- Cooperar coas administracións públicas, atendendo de xeito especial as oficinas municipais de información ás persoas consumidoras e usuarias con aquelas outras entidades de semellante ámbito de competencias por supoñer o servizo máis próximo ao cidadán. Asesoralas tecnicamente e colaborar con elas.
- Poñer en coñecemento dos organismos competentes da Administración propostas e iniciativas en relación coas funcións e competencias do Instituto.
- Exercer as funcións de instrución e resolución dos expedientes vinculados coa competencia (artigos 1, 2 e 3 da Lei 15/2007), de colaboración e coordinación con outras autoridades da competencia e cos órganos xurisdicionais en Galicia, de control de axudas públicas, de arbitrase, consultivas, de promoción da competencia e de asesoramento e representación.
- Exercer os demais fins que se lle encomenden, na súa función de protección das persoas consumidoras e usuarias.

1.2.3. DAS ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS DE CONSULTA OU ASESORAMENTO

CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

Regúlase por Lei 5/2008, do 23 de maio (DOG do 11/06/2008), que o configura como ente de diálogo institucional entre sindicatos e asociacións empresariais e como órgano consultivo e asesor da comunidade autónoma nas materias relativas a súa política laboral.

Conta con personalidade xurídica e patrimonio de seu e actúa con plena autonomía funcional para o cumprimento dos fins que ten encomendados pola súa lei reguladora. Está adscrito organicamente á consellaría competente en materia de traballo.

Desde o 1 de xaneiro de 2011, data da entrada en vigor da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA), o Consello pasa a ser unha entidade pública instrumental de consulta ou asesoramento. A súa regulación axústase á súa normativa específica e ás prescricións da referida Lei relativas aos organismos autónomos (disposición adicional sexta, apartado 2, da LOFAXGA).

O Consello é un lugar permanente para o diálogo entre os interlocutores sociais galegos, cara a consecución de acordos que permitan avanzar na solución dos problemas das relacións laborais.

As competencias do Consello veñen relacionadas no artigo 3 da Lei 5/2008, do 23 de maio, reguladora do Consello.

“Artigo 3.-Funcións.

1. No desenvolvemento das súas funcións, o Consello Galego de Relacións Laborais actúa con autonomía respecto da Xunta de Galicia e de calquera outra institución da Comunidade Autónoma de Galicia.
2. Serán funcións do Consello Galego de Relacións Laborais as seguintes:
 - a) Elaborar e remitirles, por propia iniciativa, estudos e informes aos departamentos da Administración autonómica e de calquera outra institución da comunidade autónoma e formularlles propostas en materia de política laboral.
 - b) Emitir ditames sobre os proxectos normativos dos organismos e departamentos da Administración autonómica e doutras institucións da comunidade autónoma en materia laboral, que lle serán solicitados preceptivamente.

O prazo para a emisión dos ditames será de trinta días hábiles cando se trate de borradores de anteproxectos de lei e de decretos, e de quince días hábiles cando se trate de normas regulamentarias de rango inferior. Para o efecto de cumprir axeitadamente os devanditos prazos constituirase un Comité Delegado do Pleno para a emisión de

ditames, coas funcións, a composición e as características que se establezan por acordo do Pleno.

- c) Fomentar e ampliar a negociación colectiva dentro do respecto ao principio de autonomía colectiva consagrado no artigo 37.1º da Constitución española e impulsar unha axeitada estrutura dos convenios nos ámbitos territorial e sectorial.
- d) Preparar e redactar propostas relativas a acordos laborais e recomendarlles a súa aplicación ás organizacións empresariais e sindicais.
- e) Promover e facilitar a mediación e arbitraje nos conflitos laborais, por pedimento das partes interesadas. Para tal fin, poderá efectuar propostas, recomendacións e ofrecemento de arbitaxes ou mediacións, en especial respecto dos conflitos de ampla repercusión na comunidade autónoma.
- f) Promover a creación de comisións paritarias, nos diversos ámbitos de negociación colectiva, coa composición e as competencias que este determine.
- g) Solicitar e recibir dos órganos competentes da Administración autonómica e de calquera outra institución da comunidade autónoma tanta información precise para o desempeño das súas funcións.
- h) Xestionar os acordos que lle sexan encomendados polas entidades recoñecidas como interlocutoras sociais.
- i) Desenvolver as funcións que o Real decreto 718/2005, do 20 de xuño, polo que se aproba o procedemento de extensión de convenios colectivos, establece nos artigos 6 e 7.2º.
- j) Aprobar o informe anual sobre a situación sociolaboral na comunidade autónoma e o plan e a memoria anuais sobre a actuación do Consello Galego de Relacións Laborais.
- k) Aprobar a creación das comisións de traballo e as súas competencias."

En relación coa función sinalada na letra c), o Consello -a través do seu Observatorio de Negociación Colectiva- desenvolve un tratamento técnico e estatístico que permite a explotación, a análise científica e a obtención dun diagnóstico axeitado da realidade negocial galega. Así mesmo, estuda o contido dos convenios colectivos e traslada as conclusións ás respectivas comisións negociadoras e fai propostas de mellora, para adaptalos ás novas situacións e realidades do mercado de traballo.

En desenvolvemento da función encomendada na letra e), o Consello xestiona os procedementos de conciliación-mediación e arbitraje contemplados no Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflitos de Traballo (AGA), asinado polos sindicatos e organizacións empresariais que o integran, procedementos que facilitan a consecución de acordos en materia de relacións laborais.

Así mesmo, o Consello desenvolve un importante labor de estudo sobre temas variados da nosa realidade social e propicia o debate sobre os aspectos desa realidade que resulten de maior interese en cada momento, mediante a organización de cursos, xornadas e foros semellantes.

Por outra banda, promove a implantación de cláusulas de igualdade entre homes e mulleres nos convenios colectivos e fomenta a elaboración de plans de igualdade a través da Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade entre Mulleres e Homes na Negociación Colectiva. Esta comisión, adscrita organicamente ao Consello Galego de Relacións Laborais, é un órgano de asesoramento, control e promoción da igualdade por razón de xénero na negociación colectiva galega.

O Consello é a sede doutro órgano colexiado: a Comisión Tripartita Galega para a inaplicación de convenios colectivos, creada polo Decreto 101/2015, do 18 de xuño. A Comisión Tripartita é competente para coñecer das solicitudes presentadas polas empresas e representantes legais das persoas traballadoras para dar solución ás discrepancias xurdidas por falta de acordo sobre a inaplicación das condicións de traballo presentes no convenio colectivo de aplicación. A secretaria do Consello é a secretaria da dita Comisión.

Finalmente, creáronse novos órganos colexiados nos que se esixe a presenza do Consello Galego de Relacións Laborais:

- O Observatorio Galego de Dinamización Demográfica, órgano colexiado de asesoramento, colaboración institucional e participación social en materia de demografía no ámbito da Comunidade Galega, creado por Decreto 104/2016, do 28 de xullo, en cuxo artigo 6.4.b) figura, como vogal, unha persoa en representación do Consello Galego de Relacións Laborais.
- O Observatorio Galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero, órgano colexiado, consultivo e de participación social do colectivo LGTBI, que quere promover a igualdade real e efectiva deste colectivo, contribuír ao coñecemento da realidade da diversidade e identificar as “necesidades e barreiras que impiden o pleno desenvolvemento” dos seus dereitos. O proxecto de Decreto polo que se crea este Observatorio contempla, no seu artigo 10.1.b) que forme parte do mesmo, como vogal, unha persoa en representación do Consello Galego de Relacións Laborais.

1.2.4. DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA DA FORMACIÓN PARA O TRABALLO - FUNGATRA

A FUNGATRA mantén dous órganos diferenciados, de goberno e de xestión.

O órgano de goberno, administración e representación da Fundación é o Padroado.

COMPOSICIÓN

A Administración da C.A. de Galicia, a través da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, e as organizacións sindicais e empresariais.

ESTRUTURA

- Presidente/a: Titular da D.X. de Formación e Cualificación para o Emprego.
- Vogais: 6 en representación da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, 3 representantes das organizacións sindicais e 3 representantes empresariais.

FACULTADES DO PADRAO

Están contidas no artigo 19 dos seus Estatutos, destacamos as seguintes:

- Impulsar e difundir entre empresarios/as, traballadores/as o sistema de formación para o emprego.
- Elaborar un informe anual e de estatísticas sobre formación para o emprego no ámbito da C.A.
- Colaborar na elaboración dos proxectos de normativa reguladora da concesión de axudas públicas para financiar as distintas iniciativas de formación continua.

O Órgano de xestión, a estrutura técnica é como segue:

- Dir. Xerencia: Órgano unipersoal de xestión da Fundación (posto nomeado polo Padroado a proposta do Presidente/a).
- Dpto. Técnico: Formado por 4 técnicos.
- Dpto. Administración: Formado por 2 administrativos.

Para o cumprimento dos seus fins, o Padroado, determina as actividades que debe realizar a Fundación en cada momento. De modo enunciativo, se sinalan as seguintes:

- Propoñer criterios orientativos para a elaboración de plans e actuacións de mellora en materia de formación para o emprego e recomendacións para a negociación colectiva.
- Contribuír ao impulso e difusión entre empresarios e traballadores do sistema de formación para o emprego; darlles asistencia e asesoramento para a súa incorporación ao mesmo, así como o apoio técnico aos órganos administrativos competentes na orientación dos mesmos.
- Execución das funcións de xestión, seguimento, apoio técnico e avaliación das políticas en materia de formación para o emprego.
- Subscribir contratos e desenvolver convenios de colaboración e partenariado con persoas físicas ou xurídicas, institucións públicas ou privadas para o cumprimento dos seus fins.

- Elevar as propostas normativas e de procedemento e xestionar cantas actividades deleguen ou encomenden á Comisión Galega de Formación Continua e á D.X. de Formación para o Emprego e Orientación.
- Elaborar e propoñer estudos e informes técnico-xurídicos sobre o sistema de formación para o emprego no marco do Sistema Nacional das Cualificacións Profesionais.

Para o desenvolvemento das actividades técnicas de xestión o Padroado da Fundación, na sesión ordinaria nº 3 do 22 de decembro de 2008, aprobou a encomenda de xestión que se recolle na Orde do 27 de xaneiro de 2009 da antiga Consellería de Traballo.

FUNDACIÓN PÚBLICA ARTESANÍA DE GALICIA

A Fundación Pública Artesanía de Galicia é unha entidade sen ánimo de lucro, dependente da Consellería de Economía, Industria e Innovación. Foi creada no ano 2003 co obxectivo de contribuír ao desenvolvemento do sector artesan galego no seu conxunto, para o que leva a cabo diversas liñas de actuación relacionadas coa promoción, a formación e a divulgación.

Segundo se recolle no artigo 7 dos seus estatutos, a Fundación Pública Artesanía de Galicia ten como fin a consecución dos seguintes obxectivos:

- a) Dotar ao sector artesanal de Galicia dos profesionais e dos técnicos que necesite, mediante unha formación especializada e de perfeccionamento, incidindo especialmente no deseño, a innovación, a aplicación de novas tecnoloxías e a xestión.
- b) Potenciar o desenvolvemento económico do colectivo artesanal, asesorando ao sector na mellora das súas estruturas e procesos produtivos e comercializadores.
- c) Aproveitar a dimensión e potencial formativo e educativo orientado tanto aos profesionais como ao público en xeral, dando a coñecer os oficios, os seus produtos e informando da súa oferta.
- d) Crear un fondo documental que preste soporte a un eficaz, e na actualidade imprescindible, servizo de información e asistencia técnica.
- e) Recuperar, documentar e asegurar a pervivencia das actividades artesanais que pola súa tradición ou calidade singulares se consideren parte integrante do patrimonio artesanal de Galicia.
- f) Promover a artesanía de Galicia en todas as súas vertentes, poñendo especial énfase na vinculación da actividade artesanal cos hábitos comerciais ao uso, mellorando e promovendo a presenza dos produtos artesanais de Galicia nos mercados.
- g) Programar e xestionar as actuacións que dende a administración autonómica se acometan en materia de formación, arquivo, información, investigación e promoción sobre

artesanía de Galicia. A Fundación levarao a cabo no marco das correspondentes encomendas que lle poida efectuar a Administración autonómica.

- h) Mellorar a calidade técnica e artística dos produtos artesanais de Galicia.
- i) Dar acollida ás manifestacións máis significativas que mostren o variado mundo da creación artesanal de Galicia.

FUNDACIÓN INSTITUTO FEIRAL DA CORUÑA - IFECO

- Padroado.

O Padroado é o órgano de goberno, representación e administración da Fundación, e exercerá as funcións que lle corresponden con suxeición ao disposto no ordenamento xurídico e nos seus estatutos.

Corresponde ao Padroado cumprir os fins fundacionais e administrar con dilixencia os bens e dereitos que integran o patrimonio da Fundación mantendo plenamente o seu rendemento e utilidade e executar as funcións que lle correspondan con suxeición ao disposto no ordenamento xurídico e nos seus estatutos.

- Presidente.

O Presidente do Padroado ostentará as seguintes atribucións:

- a) Exercer a representación da Fundación ante toda clase de persoas, autoridades e entidades públicas ou privadas.
- b) Exercitar as accións xudiciais e administrativas, podendo conferir poderes a tal fin, previo acordo do Padroado, ou adoptar, en caso de urxencia, estas accións, dando conta ao Padroado para a súa ratificación na primeira sesión que se celebre.
- c) Convocar as sesións do Padroado e presidir as mesmas. Dirixir os debates e dirimir os empates co seu voto de calidade.
- d) Executar os acordos adoptados, podendo para isto realizar toda clase de actos e asinar aqueles documentos necesarios para tal fin.
- e) Autorizar a asistencia doutras persoas ás reunións do Padroado en calidade de acompañantes dos seus membros, se a súa presenza se xulga conveniente pola natureza das cuestións a debater.
- f) Exercer cantas outras lle correspondan conforme ás disposicións legais e regulamentarias, aos Estatutos e ás normas que os desenvolvan.

- O Secretario.

Corresponde ao Secretario/a do Padroado:

- a) A certificación dos acordos do Padroado co visto bo do Presidente/a.
- b) Efectuar a convocatoria das sesións do Padroado por orde do/a Presidente/a, así como a citación dos seus membros.

- c) Asistir ás reunións do Padroado.
 - d) Conservar a documentación da fundación e reflexar debidamente no libro de actas do Padroado o desenvolvemento das reunións.
 - e) Velar pola legalidade formal e material das actuacións da Fundación e todas aquelas outras que expresamente lle sexan atribuídas.
 - f) Calquera outra inherente á condición de secretario/a ou prevista nos estatutos da fundación.
- O Director Xerente.
O director xerente é o responsable das funcións ordinarias de administración e xestión da Fundación, exercendo as facultades delegadas polo Padroado e previstas nos estatutos.
Son funcións do director xerente:
 - a) Executar e facer cumprir os acordos do Padroado.
 - b) A execución do Plan Actuación anual da Fundación e a avaliación dos seus resultados, dando conta ao Padroado.
 - c) O exercicio das funcións ordinarias de xestión económico-financeira, elaborar os anteprojectos de orzamentos, efectuar os gastos e pagamentos, elaborar as contas anuais e a contabilidade e aquelas outras que se deriven das funcións propias do seu cargo.
 - d) A xestión económica da Fundación, nos termos e condicións atribuídas polo Padroado.
 - e) A administración do patrimonio de acordo coas atribucións conferidas polo Padroado.
 - f) Desenvolver a política de persoal deseñada polo Padroado.
 - g) Exercer as facultades encomendadas ou delegadas polos órganos de goberno.

COMPETENCIAS

- Obxecto e Fins.
A Fundación ten por obxecto a promoción e o fomento da actividade económica, comercial, industrial, turística, agroindustrial, deportiva, cultural, educativa e social e calquera outra que teña por obxecto o desenvolvemento destes sectores en Galicia.
- Actividades fundacionais.
Para a consecución dos fins mencionados no artigo anterior, a Fundación poderá realizar as seguintes actividades:
 - A celebración periódica de certames, feiras e exposicións de carácter sectorial ou multisectorial de ámbito internacional, nacional, autonómico, provincial ou local.
 - A xestión do recinto feiral de exposicións con criterios de racionalidade e eficiencia procurando a diversificación e compatibilidade de usos e servizos.
 - Realización de actividades formativas ou celebración de eventos de carácter profesional, cultural e calquera outra actuación relacionada cos fins fundacionais.

- Calquera outro que afecte ou incida nos fins fundacionais.
- Liberdade de actuación.
O Padroado terá plena liberdade para determinar as actividades da Fundación, dirixidas á consecución de aqueles obxectivos concretos que, a xuízo de aquel e dentro do cumprimento dos seus fins sexan os mais adecuados ou convenientes en cada momento, de acordo cos criterios de imparcialidade, non discriminación e sostenibilidade.

FUNDACIÓNS FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE LUGO

A Fundación Feiras e Exposicións de Lugo foi constituída o 29 de decembro de 1992 con enderezo social en Lugo e un fondo dotacional de 1.455.678,96 euros. Con data 31 de decembro de 2023 a dotación fundacional ascende a 3.145.458,36 euros.

Os socios fundadores teñen as seguintes porcentaxes de participación segundo acordo de Padroado celebrado o día 21 de xuño de 2023:

- Consellería de Economía, Emprego e Industria: 43,83 %.
- Deputación Provincial de Lugo: 35,68 %.
- Concello de Lugo: 20,39 %.
- Confederación de Empresarios de Lugo: 0,1 %.

Os órganos básicos de decisión da Fundación son: o Presidente e o Padroado; os órganos básicos de xestión administrativa, o Secretario e o Xerente; e os de xestión económica-financeira, o Tesoureiro-contador, que recae na figura do Secretario.

Desde a súa constitución, o Padroado marcouse como obxectivos esenciais a promoción de actividades agropecuarias, agroalimentarias, agroindustriais, comerciais, sociais, educativas e culturais, así como calesquera outras que teña por obxecto a promoción e o desenvolvemento dos sectores produtivos de Galicia, o profesional do sector agrario, industrial e pesqueiro e a elevación do nivel de vida no medio urbano e rural.

A Fundación Feiras e Exposicións de Lugo é propietaria do Pazo de Feiras e Congresos de Lugo e dedícase fundamentalmente a organización de feiras e ao aluguer destas instalacións para a celebración de eventos. Este recinto constitúe un dos principais centros de negocio da cidade de Lugo, non só porque se realizan exposicións senón pola súa capacidade de albergar calquera iniciativa empresarial.

As feiras asóciase ás distintas formas de actividade de promoción e teñen na actualidade unha crecente importancia como actividade de marketing. Representan unha fonte de crecemento económico para os ámbitos territoriais onde se localizan, que leva á creación e desenvolvemento de infraestruturas por parte das organizacións das políticas de desenvolvemento rexional.

En particular, son obxectivos desta Fundación:

- A promoción e fomento de feiras e exposicións de calquera ámbito, local, provincial, autonómico, nacional e ata internacional, e particularmente a promoción e fomento da feira de Lugo.
- A promoción de salóns monográficos, certames técnicos, industriais, comerciais, agrícolas ou gandeiros.
- Exposicións comerciais e técnicas a desenvolver en Lugo, na súa provincia e en calquera ámbito territorial, ata internacional.
- Promover museos comerciais ou técnicos nos mesmos ámbitos, palacios de congresos e exposicións.
- Cantas manifestacións comerciais ou técnicas, de calquera tipo, se promovan, tanto nos entes integrados na Fundación como por entidades particulares que redunden no beneficio do comercio, industria e navegación da provincia no seu conxunto.
- A realización de toda clase de obras e actos que sexan necesarios para os fins pretendidos.
- Cantas actividades culturais ou de outro orde que puideran servir para apoio e desenvolvemento das actividades feirais, exposicións e demais, contempladas nos estatutos fundacionais.
- Calquera actividade que afecte ou incida en calquera forma e ámbito cos intereses xerais ou peculiares, efectivos ou expectativas, da Fundación ou das entidades que a integran.

FUNDACIÓN FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE OURENSE

A Fundación esta dirixida por un Padroado, composto por un Presidente, catro vicepresidentes e 12 membros máis, en representación de diferentes entidades que o integran. As facultades do Padroado son:

- Exercer o goberno, a representación, inspección, vixilancia e orientación da Fundación.
- Interpretar e desenvolver os estatutos e, si é o caso, adoptar acordos sobre a súa modificación, de acordo cos requisitos establecidos na lexislación vixente.
- Fixar as liñas xerais sobre a distribución e aplicación dos fondos dispoñibles entre os fins da Fundación.
- Nomear apoderados xerais ou especiais, outorgar poderes así como a revogación dos mesmos.
- Elaborar e aprobar o plan de actuación e aprobar as contas anuais que serán obxecto de presentación ao protectorado.
- O acordo de fusión, extinción ou liquidación da Fundación.

- Aprobar o cadro de persoal e o sistema de retribucións de acordo coa normativa vixente logo de informe previo e favorable dos centros directivos competentes en materia de orçamentos e de función pública.
- Aprobar as bases que rexerán os procesos selectivos e convocar as probas para o acceso á condición de persoal laboral fixo da Fundación.
- Adoptar os acordos de disposición e gravame sobre bens mobles e inmoables e dereitos que constitúen o patrimonio da Fundación.
- Actuar como órgano de contratación da Fundación.
- Asinar os acordos e/ou convenios que considere de interese para a mellor consecución dos fins da Fundación.
- Acordar o exercicio das accións e excepcións que considere oportunas. Así como os recursos e reclamacións xurídicas e administrativas, en defensa dos dereitos e intereses da Fundación.
- Acordar a apertura e o peche dos seus centros, oficinas ou delegacións.
- En xeral, cantas outras funcións deba desenvolver para a administración e goberno da Fundación.

FUNDACIÓN INSTITUTO FEIRAL DE VIGO - IFEVI

A Fundación Instituto Feiral de Vigo – IFEVI, inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, constituíuse, sen ánimo de lucro, en escritura autorizada por notario o 6 de maio de 1998 na cidade de Vigo.

Os seu obxectivo é destinar e afectar un patrimonio á realización, sen ánimo de lucro, de fins xerais de interese galego no ámbito sectorial ao que súa denominación e fins se contraen.

En xeral son fins desta Fundación a promoción de actividades comerciais, industriais, agro-industriais, sociais, educacionais, culturais e calquera outra que teña como obxecto a promoción e desenvolvemento destes sectores en Galicia, o nivel profesional de tódolos sectores da actividade económica, contribuíndo con isto á elevación do nivel de vida do medio urbano e rural.

Ao obxecto de cumprir os seus fins, a Fundación poderá:

- a) Establecer as estruturas organizativas pertinentes.
- b) Facilitar intercambios de información mutua.
- c) Constituír servizos de asesoramento e organizar xornadas de estudio e orientación.
- d) Dirixirse aos poderes públicos coas iniciativas oportunas e solicitar que sexa ser oída na elaboración da normativa legal ou regulamentaria que afecte aos sectores da economía galega.
- e) Promover estudos e publicacións.

- f) Organizar representacións culturais: musicais, coreográficas ou análogas.
- g) Organizar exposicións, conferencias, coloquios, cursos ou seminarios.
- h) Calquera outro que afecte ou incida nos fins estatutariamente establecidos.

A Fundación esta dirixida, gobernada e administrada por un Padroado, composto por un Presidente, I vicepresidente e I3 membros máis, en representación de diferentes entidades que o integran. As facultades do Padroado son:

- a) Interpretación, desenvolvemento e, no seu caso, modificación dos estatutos e tramitación perante ao protectorado.
- b) Aprobación dos orzamentos e aceptación de subvencións.
- c) Aprobación dos regulamentos de réxime interior e de servizos.
- d) Determinación do réxime de xestión dos servizos.
- e) Aprobación do cadro de persoal e as súas variacións correspondentes.
- f) Nomeamento e separación, tras o expediente, do director xeral e aprobación do nomeamento do persoal directivo.
- g) Aprobación de tarifas.
- h) Aprobación de operacións de crédito, acudindo ao crédito oficial, ao público ou a préstamos de entidades bancarias ou de aforros e concretar operacións de tesourería.
- i) Adquisición, administración e disposición de bens mobles e inmoables.
- j) Nomeamento dos censores de contas e aprobación destas.
- k) Aprobación dos certames e calendario anual de feiras e salóns que organizará a fundación con suxeición á lexislación vixente.
- l) Outorgar os dereitos que correspondan sobre instalación de servizos que se establezan no recinto feiral, así como as súas condicións económicas e técnicas.
- m) Aprobación das memorias de cantas manifestacións feirais se realicen nas instalacións da fundación.
- n) Entender e resolver en cantas cuestións lle sexan sometidas polo Comité Executivo.
- o) Suspensión de acordos do Comité Executivo.
- p) Admisión de novos membros, nas súas distintas modalidades, e separación destes.
- q) O exercicio de accións en nome da fundación ante calquera órgano xudicial, arbitral ou administrativo, en todas as súas instancias, xurisdicións e graos, e outorgar poderes para o efecto.
- r) Transformación da fundación e tramitación perante o protectorado.
- s) Aprobación da orde de substitución do seu presidente en casos xustificadas polos vicepresidentes en períodos anuais correspondéndose cos exercicios fiscais da Institución.
- t) Fixas as liñas xerais sobre a distribución e ampliación dos fondos dispoñibles entre as finalidades da fundación.

- u) Acordar a apertura e peche dos seus centros, oficinas e delegacións.
- v) Nomear apoderados xerais ou especiais, outorgar poderes así como a revogación dos mesmos.
- w) Aprobar o plan de actuación e as contas anuais que será obxecto de presentación ao protectorado.
- x) Delegar as súas facultades nun ou máis patróns, excepto as indelegables recollidas no artigo II dos presentes Estatutos.

FUNDACION DE EXPOSICIÓNS E CONGRESOS DE A ESTRADA

O órgano de goberno da Fundación é o Padroado que é un órgano, representación e administración da Fundación que executará as funcións que lle corresponden con suxeición ao disposto no ordenamento xurídico e nos estatutos.

Os órganos básicos decisorios son: Comité Executivo, Xerente, Secretario-Letrado e Tesoureiro-Contador.

O Padroado estará integrado polo presidente titular e por catorce membros. A presidencia do Padroado osténtaa o Conselleiro que ostente as competencias en materia de Comercio da Xunta de Galicia e os catorce membros son:

1. Pola Xunta de Galicia, dous membros nomeados pola Consellería competente en materia de comercio.
2. Polo Excmo. Concello da Estrada: o seu alcalde e dous membros máis do seu pleno.
3. Pola Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Vilagarcía de Arousa: o seu Presidente e dous membros máis do seu Pleno.
4. Pola A.C.E: o seu Presidente e dous membros máis do seu órgano de goberno.
5. Pola Excm. Deputación Provincial de Pontevedra e dous membros máis do seu órgano de goberno.

Correspóndelle ao Padroado cumprir os fins fundacionais e administrar con dilixencia os bens e dereitos que integran o Patrimonio da Fundación, mantendo o rendemento e utilidade dos mesmos.

II. PRINCIPAIS LIÑAS DE ACCIÓN

II.1. DA CONSELLERÍA

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

Como responsable da xestión das súas propias unidades administrativas ten como obxectivo a mellora permanente das súas actuacións, avaliando e planificando en calquera caso respostas ás novas necesidades que se produzan e procurando que os servizos administrativos funcionen da forma máis óptima posible.

SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

- Xestionar o Rexistro de Asociacións Profesionais de Persoas Traballadoras Autónomas da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Desenvolver accións para promover a creación de emprego, a consolidación e o mantemento do emprego e da actividade económica.
- Promover e impulsar medidas que contribúan a consolidación das persoas traballadoras autónomas e a mellora da súa competitividade.
- Fomentar o autoemprego individual mediante a dotación de recursos específicos para o emprendemento así como cun esforzo singular no ámbito da formación, do asesoramento e do acompañamento de proxectos.
- Posta en marcha dunha Estratexia de Emprego Xuvenil que incida na mellora da empregabilidade das persoas mozas así como da súa calidade de vida.
- Desenvolver e xestionar as medidas de fomento da contratación e de apoio ao autoemprego das persoas mozas sen ocupación laboral e sen desenvolver actividades educativas e formativas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil.
- Mellorar a capacitación dos maiores de 45 anos e parados de longa duración para o acceso ao emprego ou ao emprendemento a través de programas específicos.
- Divulgar, fomentar e apoiar as iniciativas empresariais de base tecnolóxica.
- Promover a inserción laboral de persoas en risco de exclusión a través de itinerarios personalizados, como medida para a plena integración social.
- Desenvolver e xestionar as medidas activas de emprego programadas no marco da estratexia europea para o emprego, a estratexia española para a activación do emprego e o Plan Anual de Política de Emprego que conduzan a crear empregos estables e de calidade e, consecuentemente, á redución da taxa de desemprego e da temporalidade no mercado de traballo galego.
- Potenciar e favorecer as iniciativas empresariais xeradoras de emprego que responda a sectores de enerxías renovables, xestión de residuos non perigosos, tecnoloxías e economía

circular, nas zonas rurais e pequenos núcleos urbanos, con especial énfases nas mulleres e persoas mozas.

- Promover medidas para acadar mellores taxas de emprego, especialmente mediante o establecemento de actuacións específicas para aqueles colectivos con especiais dificultades de acceso ao mercado de traballo: as mulleres, as persoas con discapacidade, as persoas que pertencen aos colectivos en risco de exclusión social, as persoas desempregadas que esgotaran as prestacións ou os subsidios de desemprego, as persoas desempregadas de longa duración as persoas desempregadas maiores de 45 anos, as persoas desempregadas mozas, especialmente aquelas que nin teñen unha ocupación nin se están a formar, e as persoas emigrantes retornadas.
- Impulsar a cultura emprendedora potenciando a xeración de emprego a través de fórmulas de autoemprego, apoiando especialmente o esforzo dos traballadores e das traballadoras autónomas.
- Ofrecer ás persoas traballadoras autónomas apoios económicos nos seus primeiros anos de actividade para a súa consolidación apostando deste xeito por este colectivo xa que o autoemprego individual estase a demostrar como unha vía eficaz para reincorporarse ao mercado de traballo. Así mesmo, e como un nicho de emprego, fomentárase, a través de incentivos, a contratación indefinida de persoas desempregadas por parte das persoas traballadoras autónomas acadando deste xeito o dobre obxectivo de apostar polos traballadores e traballadoras autónomas como dinamizadores da economía galega e como motores da xeración de emprego.
- Potenciar e favorecer as iniciativas empresariais xeradoras de emprego que respondan a sectores e actividades emerxentes ou a necesidades non cubertas no territorio de implantación co fin de impulsar a creación e consolidación de actividades económicas e de emprego preferentemente nas zonas rurais e pequenos núcleos urbanos, así como no entorno da investigación e da innovación tecnolóxica.
- Facilitar a integración laboral das persoas con discapacidade, a través da súa constitución como persoas traballadoras autónomas, ou ben incentivando a súa contratación por parte das empresas ordinarias.
- Favorecer a inserción socio laboral das persoas traballadoras pertencentes a colectivos en risco de exclusión social incentivando a súa contratación - Ofrecer á mocidade galega, a través das medidas da garantía xuvenil, a oportunidade de adquirir unha experiencia laboral que mellore a súa situación no mercado de traballo.
- Promover o progresivo incremento da participación da muller no mercado de traballo ata lograr unha equiparación de ámbolos dous sexos. Para isto profundarase nas políticas diferenciadoras a prol do emprego feminino, ben a través de accións e programas específicos, ben mediante a súa definición como colectivo preferente ou a través de sobre incentivos cando se trate de programas xerais.
- Establecer medidas de discriminación positiva, a través de actuacións específicas e prioritarias nas medidas horizontais, ás mulleres que sofren violencia de xénero, dándolles a oportu-

nidade de acceder ou reincorporarse ao mercado de traballo a través dos programas de incentivos á contratación por conta allea e de fomento do autoemprego.

- Promover medidas activas de emprego implementadas en colaboración coas entidades locais e entidades sen ánimo de lucro para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social, dirixidas ao fomento do emprego, coa dobre finalidade de dinamización e xeración de novas actividades e de mellora da empregabilidade das persoas traballadoras desempregadas participantes, facilitando a súa posterior inserción laboral.
- Consolidar a rede de técnicos de emprego de Galicia potenciando o seu papel como actores decisivos na implantación das diferentes medidas de políticas activas de emprego na súa zona de actuación, principalmente das políticas relacionadas coa creación de actividade empresarial, contribuíndo co seu traballo á localización de recursos ociosos e infrautilizados cara á promoción económica dos concellos galegos, identificando novas actividades económicas e posibles emprendedores.
- Promover medidas para acadar mellores taxas de emprego, especialmente mediante o establecemento de actuacións específicas para aqueles colectivos con especiais dificultades de acceso ao mercado de traballo: as persoas con discapacidade, as persoas que pertencen aos colectivos en risco de exclusión social, as persoas desempregadas que esgotaran as prestacións ou os subsidios de desemprego, as persoas desempregadas de longa duración as persoas desempregadas maiores de 45 anos, as persoas desempregadas mozas, especialmente aquelas que nin teñen unha ocupación nin se están a formar, e as persoas traballadoras con contratos temporais.
- Desenvolver unhas relacións laborais sólidas para acadar un emprego de calidade.
- Promover o diálogo e a concertación social mediante o establecemento de canles permanentes de participación entre o Goberno da Xunta de Galicia e os axentes económicos e sociais máis representativos da Comunidade Autónoma Galega a través do impulso ao Diálogo Social.
- Desenvolvemento da RSE nas empresas coas seguintes actuacións principais:
 - Implantar unha cultura empresarial de responsabilidade social a través da Estratexia Galega de Responsabilidade Social Empresarial 2022-2024.
 - Incentivar ás Pemes para que implanten o concepto da Responsabilidade Social Empresarial (RSE), como determinante das condicións para que o emprego sexa de calidade a través da Estratexia Galega de Responsabilidade Social Empresarial 2022-2024.
- Consolidar a igualdade no ámbito laboral entre homes e mulleres:
 - Fomentando os plans de igualdade na empresa, mediante incentivos ás Pemes para a implantación destes Plans e de medidas de conciliación da vida familiar, laboral e persoal, flexibilidade horaria, así como medidas tendentes a eliminar a infrarrepresentación feminina nas empresas galegas.
 - Impulso e implantación de medidas de loita contra a brecha salarial.
 - Potenciar a formación en igualdade laboral a través do campus virtual de igualdade e Relacións Laborais.

- Apoio a posta en marcha e funcionamento de Gabinetes de asesoramento e impulso da Igualdade Laboral.
- Axudas a persoas traballadoras afectadas por ERES e ERTES nas súas distintas modalidades.
- Axudas previas á xubilación ordinaria no sistema da seguridade social, ás persoas traballadoras afectadas por procesos de reestruturación de empresas.
- Medidas de apoio ás organizacións sindicais e asociacións empresariais:
 - Apoio ás organizacións sindicais para levar a cabo as súas funcións propias e para a promoción do funcionamento dos seus gabinetes técnicos así como aos plans de formación de cadros e delegadas e delegados sindicais.
 - Compensacións económicas previstas na Lei de Participación Institucional ás organizacións sindicais e empresariais máis representativas de Galicia.
 - Potenciar a Formación nos contidos da negociación colectiva e do de diálogo social.
- Apoio ás persoas desempregadas pertencentes a sectores económicos de especial relevancia na nosa comunidade autónoma, tales como os sectores do téxtil, naval, automoción, construción, entre outros.
- Mellora no coñecemento e aplicación na prevención de riscos laborais:
 - Potenciar unha formación de calidade en materia de prevención de riscos laborais e a consolidación dunha cultura preventiva na sociedade galega a través de axudas.
 - Mellorar e facilitar o cumprimento efectivo da normativa sobre prevención de riscos laborais, así como a súa vixilancia e control a través de axudas.

DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN E CUALIFICACIÓN PARA O EMPREGO

- Desenvolver o modelo de Servizo Público de Emprego de Galicia atendendo a unha maior eficacia na intermediación laboral, establecendo sistemas de xestión que faciliten os trámites tanto ás persoas desempregadas como ás empregadoras, mellorando o sistema público de intermediación laboral articulado a través das oficinas de emprego, elevando a calidade dos servizos ofertados e prestados ás persoas desempregadas, o que redundará, sen dúbida, na mellora das ratios de intermediación e na consecución de maiores graos de satisfacción das empresas que as utilizan e converténdooas en ferramentas verdadeiramente útiles para eles, impulsando, no seo do diálogo social, unha norma que complementa a carteira común dos servizos do Sistema Nacional de Emprego desenvolvida no Real decreto 438/2024, do 30 de abril, polo que se desenvolven a Carteira Común de Servizos do SNE e os servizos garantizados establecidos na Lei 3/2023, do 28 de febreiro, de emprego, e que regule os servizos que se prestan, a quen van dirixidos, quen e como se prestan e cal é o fin último que se persegue, partindo da base de que a rede de Oficinas de Emprego do Servizo Público de Emprego de Galicia presta un servizo integral ás persoas demandantes de emprego desempregadas, ás persoas ocupadas na procura da mellora de emprego e ás persoas empregadoras e empresas.

- En coherencia co acordo acadado entre o Servizo Público de Emprego Estatal e as comunidades autónomas no seo da Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais, procurárase a adopción dunha nova estratexia para a mellora na aplicación das políticas activas de emprego, orientada a mellorar a capacidade de inserción profesional, en particular dos máis novos.
- Nesta liña desenvolveranse as medidas activas de emprego programadas no marco da Estratexia Europea para o Emprego, a Estratexia Española de Apoio Activo ao Emprego, prevista no artigo 12 da Lei 3/2023, do 28 de febreiro, de Emprego, o Plan Anual para o Fomento do Emprego Digno, e os acordos, no campo da colaboración institucional e do diálogo social e político, que conduzan a crear empregos estables e de calidade e, consecuentemente, á redución da taxa de desemprego e da temporalidade no mercado de traballo galego. Todo isto nun modelo deseñado e baseado na activación laboral mediante a corresponsabilidade, entendendo isto como o establecemento dun compromiso de actividade na busca e mellora de emprego por parte das persoas demandantes, así como a loita contra a fraude nas prestacións e contra o emprego non declarado.
- Integrar as accións de adecuación de perfís profesionais e orientación nas distintas áreas funcionais de emprego, establecendo a cooperación entre as oficinas de emprego do Servizo Público de Emprego, os seus centros colaboradores e demais actores do mercado laboral, de xeito que todas as persoas demandantes de emprego poidan ser atendidas de maneira personalizada e en igualdade de condicións dun xeito eficiente.
- Consolidar a realización de itinerarios personalizados de inserción como ferramenta básica de atención aos colectivos máis desfavorecidos ou de difícil inserción, prestando especial atención as persoas traballadoras que esgotaran as súas prestacións.
- Potenciar as accións de orientación laboral e asesoramento ao autoemprego, e posta en marcha de novas políticas activas de emprego para determinados colectivos con dificultades no acceso ao emprego a través dos Programas Integrados de Emprego de Galicia.
- Reforzar o enfoque preventivo das políticas activas de emprego coa fin de reducir o paro de longa duración a través de medidas de políticas activas de emprego: programas mixtos de formación e emprego.
- Apoiar a través das políticas activas a incorporación ou reincorporación ao mercado de traballo dos colectivos con especiais dificultades de inserción laboral.
- Impulsar a creación e consolidación de actividades económicas e de emprego nas zonas rurais e núcleos urbanos pequenos, orientar os programas mixtos de formación e emprego para que respondan tamén a estas novas actividades, procurando o carácter integral destas actuacións tendo en conta as características xeográficas e de poboación da comunidade autónoma galega, nunha estratexia de cooperación institucional das administracións territoriais, para dinamizar o emprego e o desenvolvemento local.
- Acadar emprego de calidade mediante a cualificación das persoas traballadoras e a mellora das condicións de empregabilidade a través do fomento das políticas activas e preventivas no mercado laboral galego.

- Conseguir que o investimento en formación profesional para o emprego responda aos cambios rápidos e constantes que teñen lugar no noso entorno produtivo, coa finalidade de manter actualizadas as competencias das persoas traballadoras e de aumentar a competitividade das nosas empresas.
- Avanzar na investigación e desenvolvemento das cualificacións e da formación asociada, especialmente a formación para o emprego e os novos certificados profesionais, en colaboración coas demais administracións estatais e autonómicas e os axentes sociais.
- Potenciar a formación profesional para o emprego dirixida prioritariamente á poboación activa desempregada, mellorando a súa cualificación e, polo tanto, as súas perspectivas de inserción laboral a través dunha oferta formativa axeitada ás necesidades do mercado de traballo.
- Consolidar, desenvolver e potenciar as accións de formación profesional para o emprego dirixida prioritariamente ás persoas traballadoras ocupadas, como elemento fundamental para a mellora da capacitación profesional e a recualificación das persoas traballadoras da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Potenciar a programación propia de cursos de formación profesional para o emprego en colaboración con outros departamentos da administración co obxecto de aproveitar ao máximo os centros e recursos dispoñibles na rede pública.
- Potenciar a programación de accións formativas dirixidas a persoas traballadoras desempregadas e ocupadas consistente en formación técnica e certificación oficial en produtos, servizos e metodoloxías TIC, e poñer en valor e priorizar as accións formativas detectadas no seo da Axenda Galega de Capacidades para o Emprego.
- Promover e potenciar os estudos técnicos e publicacións centrados esencialmente no campo das necesidades de formación profesional para o emprego, busca de emprego e orientación laboral e promoción do autoemprego, analizando as demandas dos sectores produtivos da economía galega e as súas cualificacións específicas.
- Potenciar a programación de accións formativas dirixidas á obtención dos certificados profesionais e promover e facilitar a adquisición das competencias clave requiridas para poder acceder aos cursos de formación para o emprego.
- Fomentar a cualificación e a recualificación da poboación activa a través de accións formativas adaptadas ás necesidades do sistema produtivo coa colaboración das entidades representantes dos sectores con máis necesidades de formación da comunidade autónoma.
- Afrontar o reto da impartición da formación profesional para o emprego na modalidade de teleformación ou na modalidade presencial a través da aula virtual, o cal permite a mellor conciliación dos horarios. A estes efectos, ponse a disposición das entidades de formación para o emprego dun Campus Virtual de Formación para o Emprego que permite a impartición da formación mediante aula virtual.
- Consolidar a xestión da formación profesional para o emprego coa introdución das medidas que, de ser o caso, se consideren oportunas no sistema informático que lles permita unha

xestión máis áxil das accións formativas aos centros de formación, tanto da rede pública autonómica como privados ou de administración local.

- Consolidar a función de intermediación entre oferta e demanda de emprego, coordinando e adaptando o seu funcionamento ao sistema de información dos servizos públicos de emprego, que permite a transparencia do mercado de traballo a nivel nacional, facilitando a mobilidade xeográfica dos demandantes.
- Mellorar a función de intermediación laboral, incrementándoa cunha atención específica e de calidade tanto as persoas demandantes de emprego como as persoas empregadoras.
- Potenciar a mobilidade das persoas demandantes de emprego a través da rede EURES (European Employment Services) mediante dous aspectos básicos:
 - Achegamento das ofertas de traballo existentes noutros países da Unión Europea aos demandantes da comunidade autónoma.
 - Atención ao mercado laboral transfronteirizo para facilitar a mobilidade das persoas traballadoras entre Galicia e Portugal a través da oficina de coordinación do EURES TRANSFRONTEIRIZO GALICIA-NORTE DE PORTUGAL e dos Conselleiros/as EURES Transfronteirizos das provincias de Ourense e Pontevedra.
- Promover a formación dos técnicos e persoal do Servizo Público de Emprego de Galicia, atendendo, non so a súa reciclaxe profesional nas materias de xestión propias das políticas activas de emprego, senón tamén en todas aquelas materias sensibles que teñan relación coa atención aos cidadáns e que deriven nunha xestión eficiente, moderna e próxima ao cidadán.
- Promover oportunidades de aprendizaxe durante toda a vida con atención específica a determinados colectivos, que faciliten o recoñecemento da cualificación daquelas etapas ou períodos que por circunstancias persoais e/ou profesionais se viron interrompidas ou supuxeron unha pausa no seu desenvolvemento profesional.
- Promover a implantación dos novos certificados profesionais en Galicia dentro da oferta de formación para o emprego.
- Garantir a expedición de certificacións persoais para a manipulación de gases fluorados e autorizar aos centros para impartir a formación relativa a eles de xeito máis áxil e eficiente.
- Desenvolver accións de observación e de prospección que proporcionen información sobre a evolución do mercado de traballo en Galicia, ocupacións e perfís profesionais, co obxectivo de mellorar a eficacia das políticas activas de emprego e, en particular, a oferta de formación para o emprego.
- Impulsar a formación profesional dual, promovendo a modalidade contractual de formación e aprendizaxe, entendida como o conxunto de accións e iniciativas formativas que teñen por obxecto a cualificación profesional das persoas, combinando os procesos de ensinanza e aprendizaxe na empresa e no centro de formación.
- Promover a impartición e seguimento de accións formativas non financiadas por fondos públicos conducentes á obtención de certificados profesionais.
- Reducir a proporción de mozos/as que non están empregados e non cursan estudos nin reciben capacitación.

- Axustar a oferta formativa para as persoas traballadoras desempregadas ás necesidades do sistema produtivo co obxectivo de que adquiran as competencias requiridas polo mercado laboral e mellorar a súa empregabilidade.
- Avanzar na mellora da actualización da oferta formativa que permita dar resposta aos retos das innovacións tecnolóxicas.
- Deseñar liñas estratéxicas de atracción e captación de talento incorporando persoas migrantes de xeito efectivo e contribuíndo así a afrontar o reto demográfico en Galicia ao tempo que paliar a falta de man de obra nos sectores produtivos galegos.

Partindo destes obxectivos, as grandes liñas de acción da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego para o exercicio orzamentario 2025 van ser as seguintes:

- Xestión das políticas activas de emprego no marco da Estratexia Europea para o Emprego, a Estratexia Española de Apoio Activo ao Emprego, o Plan Anual para o Fomento do Emprego Digno (PAFED).
- Adopción de medidas dirixidas á mellora da inserción e reinserción laboral e para acadar mellores taxas de emprego, especialmente mediante o establecemento de actuacións específicas para aqueles colectivos con especiais dificultades de acceso ao mercado de traballo: persoas mozas sen cualificación, maiores de 45 anos, parados de longa duración, persoas que esgotaran as prestacións e subsidios por desemprego, persoas con discapacidade, mulleres, inmigrantes, emigrantes retornados, inmigrantes en situación irregular e persoas en risco de exclusión social, especialmente beneficiarios da Renda de Integración Social de Galicia.
- Xestión das políticas activas de emprego no ámbito da colaboración entre administracións e axentes sociais.
- Consolidación da rede de información, orientación e busca de emprego, integrada nos diferentes programas e medidas de políticas activas de emprego, como instrumento de achegamento entre os demandantes e as necesidades reais do mercado de traballo.
- Modernización do Servizo Público de Emprego co obxectivo de facilitar un servizo áxil e eficaz tanto para as persoas demandantes de emprego como para as persoas empregadoras mediante a mellora permanente das instalacións (rede de oficinas de emprego, Centro de Orientación, Emprendemento e Innovación para o Emprego e centros de formación), a consolidación de sistemas multicanal de atención e o afondamento no uso e implantación de ferramentas innovadoras baseadas en intelixencia artificial e aprendizaxe automática para o apoio á toma de decisións en materia de orientación laboral, emprendemento, intermediación e formación para o emprego.
- Desenvolver, a través da Axenda Galega de Capacidades para o Emprego, accións estratéxicas innovadoras e integrais, para a mellora das capacidades e para atraer e reter talento, promovendo a aprendizaxe permanente ao longo da vida e impulsando novas vías de ofertas formativas de máis curta duración e flexibles que poidan dar lugar a microcredenciais.

- Implantar as novas especialidades de formación profesional para o emprego segundo as necesidades manifestadas polo tecido empresarial no seo da Axenda Galega das Capacidades para o Emprego.
- Desenvolvemento dunha política integral e coordinada de formación e emprego que englobe a orientación, o asesoramento, a formación, a avaliación e acreditación de competencias, o fomento de iniciativas empresariais, os incentivos á contratación, a economía social, os programas de cooperación e outras medidas innovadoras que contribúan á consecución da creación de emprego e de riqueza.
- Promover estudos de diagnose e caracterización do mercado laboral en Galicia co fin de ter perspectivas tanto cuantitativas como cualitativas da evolución da demanda, da oferta e da contratación das profesións no mercado de traballo galego.
- Participar de xeito activo na elaboración de novas cualificacións profesionais do Catálogo nacional de estándares de competencias profesionais e no proceso de configuración das ofertas formativas dos graos A, B e C do Sistema de Formación Profesional.
- Xestionar e rexistrar o procedemento de expedición das distintas certificacións persoais para a comercialización e manipulación de gases fluorados e equipamentos baseados neles.
- Impulsar o labor da Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo como entidade instrumental que actúe para favorecer a formación das persoas traballadoras, tanto en situación de desemprego como ocupadas, mellorando a súa capacitación profesional e promoción persoal, a través das diferentes liñas de actuación programadas pola Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, especialmente naqueles casos de formación específica para persoas traballadoras ocupadas.

DIRECCIÓN XERAL DE TRABALLO AUTÓNOMO E ECONOMÍA SOCIAL

As principais liñas de acción a desenvolver son:

- A planificación, a coordinación, a execución e o control das competencias da Comunidade Autónoma en materia de cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego e empresas de inserción, e as relacións coas súas organizacións representativas, así como a promoción e o fomento da economía social, sen prexuízo das competencias doutras consellerías en materias relativas ás distintas tipoloxías de entidades.
- O impulso do funcionamento do Consello Galego de Cooperativas, creado pola Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, e do Consello da Economía Social de Galicia, creado pola Lei 6/2016, do 4 de maio, da economía social de Galicia.
- A coordinación de accións conxuntas e a promoción da colaboración en rede de institucións, organizacións e entidades no marco da Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social, creada polo Decreto 225/2012, do 15 de novembro.

- A elaboración da proposta do anteproxecto do orzamento anual correspondente ao seu programa de gasto, a súa xestión, seguimento e avaliación, así como a elaboración de estatísticas nas materias da súa competencia.
- A coordinación coas direccións territoriais na tramitación dos expedientes e procedementos competencia da Subdirección Xeral.
- A planificación e a coordinación na preparación dos contratos e convenios de colaboración que se subscriban con outras entidades nas materias competencia da Subdirección Xeral.
- A planificación e a coordinación na preparación, xestión e tramitación das axudas e subvencións en materias de competencia da Subdirección.
- A elaboración, a promoción e a difusión de informes, estudos e investigacións sobre cuestións relacionadas con materias de competencia da Subdirección Xeral.
- O apoio e a coordinación da Comisión de Seguimento de Contratos Reservados.
- A información, o asesoramento e a difusión en materia de cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego, empresas de inserción laboral e outras entidades de economía social, así como a elaboración de estatísticas, estudos e informes.
- A xestión e o seguimento dos programas de promoción e divulgación da economía social, especialmente no marco da Rede Eusumo.
- O desenvolvemento das accións de coordinación, apoio e impulso do funcionamento do Consello Galego de Cooperativas e do Consello da Economía Social de Galicia.
- A coordinación e o impulso da administración electrónica nos rexistros de cooperativas, sociedades laborais, empresas de inserción e centros especiais de emprego.
- A xestión do Rexistro de Cooperativas e a coordinación dos rexistros provinciais.
- A xestión do Rexistro Administrativo de Sociedades Laborais.
- A xestión do Rexistro Administrativo de Centros Especiais de Emprego.
- A xestión do Rexistro Administrativo de Empresas de Inserción Laboral.
- A preparación, a xestión e o seguimento dos contratos e convenios de colaboración que se subscriban con outras entidades en materia de promoción da economía social.
- A preparación, a xestión e a tramitación e o seguimento das axudas e subvencións en materias de promoción da economía social.
- A xestión e o seguimento dos programas de fomento do autoemprego colectivo nas entidades de economía social.
- A información, o asesoramento e a difusión en materia de fomento do emprego na economía social.
- A xestión, a coordinación e o seguimento dos programas de fomento da integración laboral das persoas con discapacidade ou en situación de vulnerabilidade en centros especiais de emprego e empresas de inserción.
- A preparación, a xestión, a tramitación e o seguimento das axudas e subvencións en materias de fomento da economía social.

- A preparación, a xestión e o seguimento dos contratos ou convenios de colaboración que se subscriban con outras entidades en materia de fomento da economía social.
- A elaboración de estatísticas, o control e a avaliación dos programas e medidas da súa competencia.
- A programación, a coordinación, a execución, o seguimento, as propostas e a avaliación, o control e, no seu caso, a xestión dos programas e instrumentos específicos que se definan no apoio ao emprendemento.
- O deseño e a xestión dos instrumentos económicos que se definan no apoio ao emprendemento.
- A xestión da Unidade Galicia Emprende como programa transversal de información, orientación e apoio ás persoas emprendedoras.
- A xestión técnica, seguimento e coordinación dos programas de fomento e apoio á Rede do emprendemento.
- A xestión e a coordinación dos distintos servizos de soporte inicial, de consolidación de emprego, a dinamización e o aproveitamento das redes de mentores, así como a coordinación dos servizos específicos de apoio á capacitación e profesionalización das persoas emprendedoras.
- A preparación dos contratos e convenios de colaboración que se subscriban con outras entidades e particulares nas materias competencia da Subdirección Xeral.
- A xestión dos servizos e ferramentas esenciais para persoas emprendedoras.
- Elaboración e xestión dun programa de e-commerce a persoas emprendedoras para novas iniciativas e negocios xa existentes.
- Fixar poboación no rural mediante o emprendemento, como pode ser a través do proxecto FICAR.
- Prestar servizos de márketing e comunicación á comunidade emprendedora así como a súa difusión.
- A realización de actuacións de emprendemento dirixido á xuventude, ás universidades e a asociacións de xoves empresarios.
- A creación do centro de emprendemento, acompañamento e innovación para o emprendemento, que en coordinación cos polos prestará servizo en toda a comunidade autónoma.

SECRETARÍA XERAL DE EMIGRACIÓN

A Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao cal lle corresponden as competencias en materia de Emigración e Retorno.

Á Secretaría Xeral de Emigración correspóndelle a xestión do Programa de gasto 312C, “Servizos Sociais relativos ás Migracións”, que ten como obxecto as actuacións de apoio ós cida-

dáns galegos no exterior e ás entidades galegas asentadas fóra da nosa comunidade autónoma, co fin de fomentar a súa participación na vida social, cultural e económica de Galicia e contribuír á mellora do seu benestar e calidade de vida. Así mesmo, desenvolve as accións encamiñadas á integración social e á inserción profesional e laboral do colectivo de galegos que deciden retornar á súa terra.

En 2025 vaise continuar coas actuacións de apoio tanto ás persoas galegas residentes no exterior que se atopan en situación de precariedade, dependencia ou risco de exclusión social, como ás persoas retornadas que necesitan un soporte económico no momento da súa chegada e que se fan aínda máis imprescindibles no momento actual.

No referente ás políticas de emigración, debemos destacar que na actualidade existen distintos países de Iberoamérica nos que os seus cidadáns están vivindo unha importante situación de precariedade económica e socio asistencial, por canto os sistemas públicos nos seus países de residencia, e máis especialmente en Cuba, Venezuela e Arxentina, non son capaces de dar cobertura suficiente á poboación, polo que na actualidade, as galegas e os galegos residentes nestes países, e especialmente o máis maiores, son o colectivo máis vulnerable e en moitos casos sofren situacións de necesidade e de exclusión social.

É por iso que no 2025, continuaremos ampliando o esforzo para lograr chegar ás galegas e aos galegos residentes no exterior en situación de vulnerabilidade.

Cos programas de axudas sociais de carácter individuais chegamos a máis de 7.000 familias cada ano, números que manteremos para as axudas deste 2025, reforzando o valor individual das axudas. Estes programas están dirixidas ás persoas emigrantes de nacionalidade española e de orixe galega, e a determinados familiares, residentes nos países do estranxeiro, que se encontren en situación de precariedade económica, problemas graves de saúde, situacións de dependencia, discapacidade ou vellez avanzada.

Reforzase novamente as colaboracións con aquelas entidades de carácter social, como residencias de anciáns, centros de día e centros de asistencia socio-sanitaria, coas que chegamos aos galegos máis maiores e vulnerables do exterior. Garantir a presenza destas entidades e a prestación dos servizos é garantía de mellor calidade de vida para moitos dos nosos, dado que sen estas entidades dificilmente Galicia podería axudar a estas persoas. Polos países que se sitúan, sofren o rigor da situación económica destes e os seus procesos inflacionarios, por iso é necesario actualizar as colaboracións en función da evolución de cada país.

A Secretaría Xeral da Emigración desenvolve outro programa destinado ás galegas e galegos residentes no exterior tamén de carácter social, como é o “Reencontros con Galicia”. A finalidade deste programa é a de promover o contacto de galegas e galegos residentes no exterior coa súa terra e coas súas familias, particularmente os de menos recursos económicos, fortalecendo así os vínculos de unión con Galicia, mediante unha viaxe a terra que os viu partir e posibilitando o contacto coas súas familias.

Seguimos moi pendentes de todas as entidades galegas do exterior. A Secretaría Xeral da Emigración fai un importante esforzo de xestión e orzamentario para que reciban un apoio axeitado pola relevancia que teñen como nucleadores das comunidades de galegos presentes nos distintos países, para axudar a garantir a súa permanencia no tempo a pesar dos cambios sociais e xeracionais.

No tocante aos programas formativos, a Secretaría Xeral da Emigración, co obxectivo de potenciar os costumes e tradicións galegas e posibilitar que as persoas galegas que residen no exterior manteñan os vínculos coa cultura de Galicia, convoca anualmente distintos obradoiros formativos de folclore, artesanía, cociña e seminarios de cultura galega, que se realizarán nas entidades galegas do exterior, de xeito que se manteña viva a nosa identidade e se promova a nosa cultura na Galicia exterior.

Tamén é importante destacar o programa formativo Escolas Abertas, destinado ás persoas que imparten docencia nas entidades galegas do exterior (un programa de formación de formadores), para que os profesores que traballan nos distintos centros galegos do mundo, veñan a Galicia a participar nos talleres de especialización co que se lles aporta unha formación altamente especializada e cualificada. No seu regreso aos distintos países, nos que residen e traballan, van a trasladar este coñecemento a miles de alumnos en todo o mundo, ao longo do ano.

A Secretaría Xeral da Emigración tamén continuará a traballar na proxección exterior da cultura galega e do seu patrimonio, como marca recoñecida e valorada, así como na creación de pontes que faciliten a promoción e posicionamento internacional dos nosos produtos culturais e artísticos.

Nesta mesma liña, tamén desenvolvemos o programa Conecta con Galicia Conecta co Camiño Conecta voluntariado, destinado aos máis novos e que ten por finalidade facilitar á mocidade da Galicia exterior o contacto coa realidade galega e o encontro cos seus familiares e que iso permita nun futuro o retorno.

Non se toma a decisión de ir a un lugar que non coñeces, por iso queremos que coñezan Galicia.

Merece un apartado moi destacado falar das competencias e accións en materia de retorno, sobre todo, desde que en decembro de 2022 a Xunta de Galicia aprobou unha nova Estratexia Galicia Retoma, cun período de vixencia de 4 anos, dende o ano 2023-2026, e cun importante avance en liñas e acción, chegando en orzamento a 450 millóns de euros, ampliando a participación de todos os departamentos da Xunta de Galicia. A Estratexia Galicia Retoma converteu ao retorno nun dos piares fundamentais para solucionar o gran problema demográfico do noso territorio. A pretensión deste traballo é que a medio e longo prazo se logre normalizar un fluxo migratorio positivo e sostido no tempo, que xunto coas políticas de natalidade e conciliación, se convertan nos eixos fundamentais para lograr a reversión da nosa pirámide poboacional.

Deste xeito, o Goberno Galego reforza a súa aposta polo retorno e faino sobre os seguintes fundamentos:

- É unha obriga legal, sustentada entre outras normas, polo propio Estatuto de Autonomía de Galicia, que confire aos galegos e galegas do exterior o dereito de volver á súa terra.
- A realidade demográfica de Galicia, que igual que o resto de occidente, vén experimentando nas últimas década un proceso de transformación social que nos conduce a unha importante problemática demográfica, na que o retorno pode xogar un importante papel para reverter o seu sentido negativo.
- É unha oportunidade, que nos ofrece a posibilidade de mellorar tanto a competitividade como a produtividade do tecido empresarial galego.

A Estratexia Galicia Retoma é pioneira no seu prantexamento en todo o Estado Español (e hoxe referente para as demais CCAA), como instrumento capaz de marcar as liñas de traballo de toda unha administración converténdose nunha das políticas estruturais da nosa comunidade autónoma. Tanto é así que a regulación en materia de retorno que estableceron a Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de Impulso Demográfico de Galicia e a Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e a cooperación para o desenvolvemento de Galicia, viñeron a transformar estas políticas de goberno en materia de retorno, nunha política de país, consolidada neste período 23-26.

Por este motivo, debemos facer un importante esforzo, non só para manter os orzamentos destinados ao retorno, senón que debemos seguir impulsando e incrementando a execución destas políticas, non só da Secretaría Xeral da Emigración, senón de todos os departamentos da Xunta de Galicia.

A Secretaría Xeral da Emigración xestiona numerosas accións contidas na Estratexia Galicia Retoma, das que debemos destacar 3 liñas de traballo específicas de axuda económica e dirixidas as familias retornadas de forma exclusiva, e tamén quizais o máis importante, un servizo de acompañamento que é a Oficina Integral de Asesoramento e Seguimento ao Retorno.

O obxectivo principal desta Oficina Integral de Asesoramento e Seguimento ao Retorno é prestar unha atención global e unificada ás persoas galegas retornadas e ás súas familias de cara á súa efectiva integración e que neste próximo ano vaise a ver especialmente reforzada en medios persoais e materiais, o que significa ampliar os servizos que presta, sumando aos xurídicos e sociais, os de orientación laboral e tributario básico. Ademais debemos destacar a posta en marcha xa efectiva cara o próximo ano da “Oficina Itinerante” que chegará a todo o rural galego, o máis preto posible do domicilio dos cidadáns que retornaron recentemente a Galicia e teñen máis dificultades para desprazarse ás oficinas das cidades.

Outra das axudas específicas en materia de retorno da Secretaría Xeral da Emigración son as Axudas extraordinarias galegos retornados. A situación de crise social, económica e política, acrecentada polos importantes procesos inflacionarios en moitos países de América Latina, está

provocando que tamén teñamos un fluxo migratorio dende eses países de familias en condicións de vulnerabilidade. É por iso que estas axudas son máis necesarias que nunca para axudar aos que están a retomar e precisan un aporte económico no momento da súa chegada a Galicia, para favorecer o seu establecemento, cando os recursos son limitados. Estas axudas están destinadas a facer fronte aos gastos extraordinarios da unidade familiar derivados do retorno e concédense por unha soa vez.

Debemos tamén referirnos ás axudas aos galegos retornados emprendedores, que é un programa destinado á promoción dos traballadores autónomos e á creación de emprego dos galegos retornados que complementa outros programas de axudas por parte da Consellería de Emprego e Igualdade. Dende a súa posta en marcha, axudamos ao redor de 700 proxectos.

Outra das relevantes liñas económicas específicas que desenvolve a Secretaría Xeral da Emigración en materia de retorno é o programa BEME -Becas de Excelencia á Mocidade Exterior- que permite cursar máster nalguna das tres universidades de Galicia a galegas e galegos ou descendentes, residentes no estranxeiro. Permite incorporar a Galicia profesionais de alto nivel de cualificación académica, o que supón un aporte moi relevante para o noso sistema produtivo. O próximo exercicio permitirá acadar unha cifra superior ás 2.000 bolsas na historia deste programa. Destacar que no ano 2025 vamos a reforzar estas liñas de becas.

DIRECCIÓN XERAL DE COMERCIO E CONSUMO

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ten ao tecido comercial como un dos seus activos principais necesarios para consolidar e impulsar o crecemento económico.

O sector comercial de proximidade galego está constituído por 28.284 empresas formadas, na maioría dos casos, por menos de 10 persoas traballadoras e atópase nun profundo proceso de transformación nos procesos de venda e nos hábitos de consumo da clientela.

Na actualidade, a inflación está a producir graves consecuencias económicas, tales como o incremento xeneralizado dos prezos e o conseguinte descenso do consumo. Esta situación está a influír dun xeito indubidable na actividade económica e no comportamento dos/as consumidores/as, afectando de forma moi significativa á actividade comercial e, en xeral, á economía das persoas consumidoras.

Esta realidade reforza, se cabe, o compromiso da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, a través da Dirección Xeral de Comercio e Consumo, co comercio retalista para a recuperación e a reactivación da actividade comercial.

A consellería é consciente da importancia social e económica do comercio de proximidade galego e aposta por un sector moi afectado polo contexto actual, o cal ten que adaptarse ás novas tendencias e demandas do mercado e ser parte activa na transformación tecnolóxica e sostible, o que supón un reto e unha oportunidade para o sector.

Este compromiso ten como obxectivo prioritario a innovación, a modernización e a sustentabilidade do tecido comercial galego así como o impulso de medidas que sirvan como canle para o incremento da competitividade do sector comercial.

Estes obxectivos dan resposta ás demandas xeradas, especialmente polas persoas emprendedoras, para impulsar a creación de novas empresas comerciais, dispoñer dun sistema de distribución eficiente que xere plusvalías e consolidar un sector comercial equilibrado, competitivo, rendible, dinámico, diversificado e continuamente adaptado á realidade actual.

Sendo a innovación un dos factores de competitividade empresarial máis importantes, o seu impulso no comercio é unha das principais ferramentas para acadar estes obxectivos, tanto no eido de novos formatos como na creación de produtos e servizos.

Así mesmo, deben procurarse novas estratexias de venda que se axusten as actuais tendencias do mercado e aos novos perfís das persoas consumidoras, situando á clientela no epicentro da actividade comercial.

Por isto, un dos factores a potenciar xunto coa dixitalización, o uso das novas tecnoloxías, as redes sociais e as técnicas de marketing 4.0 é a excelencia e a calidade como factor diferencial clave do comercio de proximidade así como o compromiso co medio ambiente e coa sostenibilidade da actividade comercial, cada vez máis valorados polas persoas consumidoras.

Co obxectivo de acadar un sector comercial forte e competitivo que responda ao concepto Comercio 360, a Dirección Xeral de Comercio e Consumo poñerá en marcha as seguintes liñas de acción:

- Innovación, transformación dixital e modernización do sector comercial: Mellora da competitividade e dinamización do comercio galego, prestando especial atención á dixitalización do sector e ao impulso da súa innovación con novas fórmulas de comercialización, tanto no ámbito urbano coma no rural, dotando ao comercio retalista de competitividade dixital, reactividade e mellora das vendas e do rendemento económico.
- Transformación sostible do comercio físico e da actividade comercial: Actuacións dirixidas a promover modelos de negocio que aposten pola sustentabilidade e a economía circular para unha transformación empresarial que adapte os espazos físicos e os servizos ofertados ás actuais demandas e necesidades das persoas consumidoras, apostando claramente por unha mellora no ámbito da loxística sostible de proximidade.
- Formación para o sector comercial e artesanal: Actuacións dirixidas á posta en marcha de programas formativos que garantan a promoción, o fomento e a modernización do comercio a través da mellora da cualificación e das competencias e habilidades técnico-profesionais das persoas comerciantes, así como programas de formación para garantir o relevo xeracional nos oficios tradicionais artesanais.
- Impulso dos mercados e prazas de abastos e consolidación da rede de Mercados Excelentes de Galicia: Adecuación, revitalización, renovación e mellora dos mercados e

prazas de abastos e equipamentos públicos comerciais municipais, o que constitúe un elemento clave para o desenvolvemento do comercio dada a súa importancia como espazos comerciais vertebradores do territorio e xeradores de riqueza e emprego.

As actuacións desenvolvidas no ámbito comercial resultan imprescindibles, moi especialmente, nos mercados municipais que teñen unha singular significación por constituír espazos de centralidade comercial cunha situación estratéxica que, a miúdo, teñen a capacidade de xerar actividades complementarias ao seu redor, ademais da súa capacidade de dinamización comercial e turística, ao tempo que constitúen unha canle de comercialización moi eficaz de produto fresco de calidade derivado do mar, a horta e a gandería.

En consonancia con isto, por Orde do 4 de xaneiro de 2017 régúlase o procedemento para a obtención do selo de Mercado Excelente na Comunidade Autónoma de Galicia, e o seu outorgamento é a resposta aos retos de modernización e innovación aos que se enfrontan, na actualidade, os nosos mercados e prazas de abastos.

- Promoción e fomento da artesanía galega: Actuacións dirixidas a potenciar a importancia das actividades artesanais en Galicia, a cal reside non só nun plano social, cultural ou patrimonial, senón tamén desde o punto de vista económico como actividades con capacidade de xeración de emprego e riqueza, cunha oferta produtiva moi diversificada que poda responder de xeito eficaz ás esixentes demandas do mercado actual e ás novas tendencias.

Desenvolveranse, así mesmo, estratexias de promoción, impulso e mellora da competitividade do sector artesan que levarán implícitas accións de incremento da comercialización e de potenciación do talento e as habilidades empresariais das persoas artesás, sen descoidar a innovación, o deseño e a cooperación entre diferentes sectores.

II.2. DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS

INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA - ISSGA

A principal misión do ISSGA para o ano 2025 é dar continuidade á execución e coordinación das políticas públicas de seguridade e saúde no traballo que se deseñan e acordan no marco do Diálogo Social do Goberno Galego e que se plasman nas sucesivas estratexias na materia, en concreto o 2025 seguirase a executar a Estratexia de Seguridade e Saúde no Traballo de Galicia; Horizonte 2027.

Nas ditas estratexias establécese o marco de actuación a medio prazo, estruturándose nunha serie de obxectivos, liñas de actuación e medidas que o ISSGA debe desenvolver por si só ou en colaboración con outras unidades administrativas con competencias concorrentes na

materia de prevención de riscos laborais e/ou coa participación de axentes sociais, entidades ou organizacións implicadas no eido laboral, sanitario ou de prevención e a saúde laboral.

Para o ano 2025 a Estratexia, vixente ata o 2027, en Galicia, ten no seu deseño e consenso dos axentes sociais, e configúrase como a folia de ruta a medio prazo para dar resposta ás peculiaridades do tecido empresarial galego nesta materia; a maiores, anualmente, concrétanse as actuacións no Plan de actuación do ISSGA, froito, tamén, do debate e incorporación de achegas das organizacións empresarial e sindicais de ámbito autonómico e doutras unidades da Xunta de Galicia, na procura dun texto que abarque todas as sensibilidade para a súa posterior aprobación po orde da consellería de adscrición do Instituto.

Inciden nesta materia os compromisos acadados coas estratexias a nivel nacional vixente ata 2027 e o previsto no Marco Estratéxico da UE en materia de Seguridade e Saúde no Traballo 2021-2027, que se fixo público pola Comisión Europea o 28 de xuño de 2021.

O marco estratéxico europeo en SST céntrase en tres obxectivos clave para os próximos anos:

1. Anticipar e xestionar o cambio no novo mundo do traballo: para garantir a seguridade e a saúde nos lugares de traballo durante as transicións dixital, ecolóxica e demográfica, a Comisión revisará a Directiva sobre os lugares de traballo e a Directiva sobre o traballo con equipos que inclúen pantallas de visualización e actualizará os valores límite de protección para o amianto e o chumbo. Preparará unha iniciativa a nivel da UE relacionada coa saúde mental no traballo que avaliará os problemas emerxentes relacionados coa saúde mental dos traballadores e presentará orientacións para tomar medidas.
2. Mellorar a prevención de enfermidades e accidentes relacionados co traballo: este marco estratéxico promoverá un enfoque de «visión cero» co fin de eliminar as mortes relacionadas co traballo na UE. A Comisión tamén actualizará as normas da UE sobre produtos químicos perigosos para combater o cancro e as enfermidades reprodutivas e respiratorias.
3. Aumentar a preparación ante posibles futuras ameazas para a saúde: baseándose no aprendido durante a pandemia, a Comisión desenvolverá procedementos de emerxencia e orientacións para o despegue, a aplicación e o seguimento rápidos de medidas no caso de que se produzan outras crises sanitarias no futuro, en estreita cooperación cos axentes da saúde pública.

A Comisión pide tamén aos Estados membros que actualicen as súas estratexias nacionais de saúde e seguridade no traballo para garantir que as novas medidas cheguen ao lugar de traballo.

Neste contexto de políticas en materia de seguridade e saúde laboral e, partindo de que un dos obxectivos estratéxicos da Comisión Europea, traballado en estreita colaboración cos Estados membros e os interlocutores sociais, é garantir un entorno de traballo seguro e saudable

para o conxunto dos traballadores, os principais retos das políticas públicas, que coinciden coas funcións do Issga, son:

- Reforzar a capacidade das microempresas e pequenas empresas, para poñer en marcha medidas efectivas e eficaces para a xestión da prevención dos riscos laborais.
- Mellorar a prevención das enfermidades relacionadas co traballo, combatendo os riscos tradicionais e os novos e emerxentes.
- Impulsar entornos seguros e saudables para o persoal traballador, con intervencións dirixidas aos traballadores de máis idade, así como a sectores ou actividades feminizadas e con prioridade dos sectores de alto risco ou elevada sinistralidade.

Pola súa banda, A Estratexia española de Seguridade e Saúde no Traballo 2023-2027, na que Galicia tivo un papel destacado na súa elaboración e negociación actuando en representación do resto das CCAA, foi aprobada o 14 de marzo de 2023.

Co obxectivo de conseguir a maior eficacia posible na mellora das condicións de seguridade e saúde no traballo e tentar anticiparse e xestionar as posibles ameazas e riscos para a saúde das persoas traballadoras que emerxen co cambiante mundo laboral, esta estratexia foi elaborada ao redor de seis obxectivos estratéxicos:

- Mellorar a prevención de accidentes de traballo e enfermidades profesionais.
- Xestionar os cambios derivados das novas formas de organización do traballo, a evolución demográfica e o cambio climático.
- Mellorar a xestión da seguridade e a saúde nas pemes, unha aposta pola integración e a formación en prevención de riscos laborais.
- Reforzar a protección das persoas traballadoras en situación de maior vulnerabilidade.
- Introducir a perspectiva de xénero no ámbito da seguridade e saúde no traballo.
- Fortalecer o sistema nacional de seguridade e saúde no traballo para afrontar con éxito futuras crise.

Son tamén obxectivos claves a consolidación do ISSGA como o instrumento de execución e de coordinación no eido da prevención dos riscos laborais da Xunta de Galicia para desempeñar un papel aínda máis importante e sistemático na implementación de estratexias das políticas e os recursos públicos dedicados a este ámbito, coa presenza cualificada no instituto dos outros actores implicados (representantes de traballadores e empresarios).

Debe facerse especial incidencia en todas as actuacións do ISSGA nas distintas disciplinas preventivas (seguridade no traballo, hixiene industrial, ergonomía e psicosocioloxía aplicada e medicina do traballo) e na área de formación, documentación e divulgación no seguinte:

- Facilitar o cumprimento da lexislación en materia de saúde e seguridade no traballo, en particular por parte de microempresas e pequenas empresas.

- Incrementar o nivel de cumprimento da lexislación polos órganos técnicos de prevención de riscos laborais, promovendo a coordinación e a colaboración coas unidades directivas con competencias na materia e coa participación dos axentes sociais.
- Formular propostas para facilitar e axilizar a aplicación real e efectiva da normativa en PRL.
- Xestionar o envellecemento da poboación traballadora, os novos riscos emerxentes e a prevención de enfermidades profesionais e enfermidades relacionadas co traballo. Cabe sinalar a importancia da xestión do factor "idade" na prevención de riscos laborais e existe a previsión de efectuar un estudo para formular recomendacións ás empresas e facilitar a adopción de medidas para traballadores e traballadoras de máis de 55 anos.
- Mellorar a recollida de datos estatísticos, desenvolver bases de información e a calidade e fiabilidade dos datos.
- Xestionar a información, formación e o asesoramento técnico, transmitindo o coñecemento derivado de proxectos de investigación e plans de execución en sectores de alto risco ou en empresas con altos índices de sinistralidade. Neste punto é importante destacar a previsión da posta en marcha de campañas de sensibilización con programas por sectores, tanto de alto risco como de alta sinistralidade (construción, pesca...), programas por riscos (químico, biolóxico, trastornos músculo-esqueléticos, psicosociais, emerxentes, etc.) e programas por colectivos (maiores de 55, persoas con discapacidade, formación profesional, sectores feminizados...).
- Promover a saúde no traballo, a disciplina de hixiene industrial, a saúde mental en relación co traballo, así como dar resposta aos riscos xerados pola xeneralización do teletraballo, a dixitalización, o uso de dispositivos móbiles, etc.
- Constituír unidades de referencia en materia preventiva para dar resposta ao entorno laboral a futuras pandemias dende a PRL.
- Mellorar a implicación e a coordinación da saúde laboral e a saúde pública.

A Estratexia de Seguridade e Saúde no Traballo de Galicia; Horizonte 2027, consta na súa introdución con 6 Principios transversais que teñen presenza en todas e cada unha das medidas recollidas para a consecución dos obxectivos; son 6 obxectivos estratéxicos (reforzar o compromiso a especialización técnica e a participación, mellorar a calidade da xestión preventiva, afrontar os novos escenarios de traballo, especial protección para colectivos vulnerables, alto risco elevada sinistralidade, xerar coñecemento especializados nun contexto de transicións e potenciar accións de promoción da saúde no traballo e a consecución do benestar laboral); estes obxectivos desenvólvense en 19 liñas de actuación e estas, á súa vez, en 135 medidas que pretenden ser a resposta a medio prazo para unha real redución da sinistralidade laboral a través dunha eficaz prevención dos riscos laborais.

Ocupan un lugar prioritario e preferente sectores de actividade en riscos tradicionais non resoltos, pero tamén se incide en riscos novos e emerxentes da transformación do mundo do traballo derivados do desenvolvemento tecnolóxico, o cambio climático, a evolución demográfi-

ca e a transición ecolóxica, etc; ademais adoptase unha visión integral da saúde introducindo de xeito separado un sexto obxectivo dedicado á promoción da saúde no traballo.

Cómpre destacar que a referida ESSTG 2027, contempla a visión integral que abarca todas as disciplinas preventivas, a referencia das estratexias europea e española, a análise da sinistralidade en Galicia, a incorporación de novos escenarios derivados de novos riscos e do cambio nas relacións laborais e no mercado do traballo e, moi especialmente, que é un texto froito do diálogo Social no que participaron todos os actores implicados na mellora das condicións de seguridade e saúde nos lugares de traballo.

INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA - IGCC

As principais liñas de acción do Instituto Galego do Consumo e da Competencia para o ano 2025 serán:

- Xeneralización e consolidación da estratexia dixital de protección das persoas consumidoras que inclúe a dixitalización de todos os procesos e as canles de comunicación, na procura da omnicanalidade, a eficacia e a axilidade na atención ao público.
- Reforzo da formación a través da Escola Galega de Consumo e impulso da Aula Virtual.
- Actuacións a prol dun consumo responsable e sostible coherentes coas esixencias dunha nova economía verde compatible co coidado da nosa contorna.
- Consolidación do plan de inspección do comercio electrónico na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Asesoramento ás persoas consumidoras galegas a través de contidos informativos na web, do teléfono de balde co que conta o IGCC, así como de maneira presencial para aqueles casos nos que se requira.
- Impulso a mediación entre as persoas consumidoras e os empresarios e profesionais e implementación dun sistema arbitral de consumo “on line”.
- Modernización do equipamento do Laboratorio de Consumo de Galicia.
- Actuación en materia de control, vixilancia do mercado e seguridade dos produtos industriais.
- Impulso á normativa en materia de consumo, a través do desenvolvemento da Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias.
- Promoción da competencia como medio para lograr unha maior eficiencia económica e estimular a competitividade das empresas.
- Control e asesoramento ás administracións públicas nas actividades que poidan ter incidencia na libre competencia no mercado, tanto desde a perspectiva dos operadores económicos como das persoas consumidoras e usuarias.
- Expansión e consolidación do proxecto de reclamación dixital en materia de consumo, favorecendo a presentación de reclamacións de maneira dixital a partir dun código QR vinculado

aos establecementos, simplificando o procedemento e garantindo unha maior axilidade e eficacia.

- Impulsar a colaboración coas federacións e asociacións en materia de consumo para potenciar a atención das persoas consumidoras e usuarias.
- Reforzar a colaboración coas entidades sociais de Galicia para garantir a protección das persoas consumidoras máis vulnerables.

IL.3. DAS ENTIDADES PUBLICAS INSTRUMENTAIS DE CONSULTA OU ASESORAMENTO

CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

O Consello Galego de Relacións Laborais é o foro de encontro das organizacións sindicais e empresariais máis representativas na nosa comunidade autónoma. O seu obxectivo é conseguir para Galicia unhas relacións laborais modernizadas que permitan avanzar nos retos que se presentan e faciliten os acordos en materia laboral.

Como órgano asesor da Xunta de Galicia en materia de política laboral, elabora, por propia iniciativa, estudos e informes que remite aos departamentos da Administración autonómica e de calquera outra institución da comunidade autónoma, formula propostas e emite ditames sobre proxectos normativos en materia de política laboral.

É tamén o Consello o organismo que promove e fomenta a negociación colectiva a través do seu apoio material e técnico ás mesas de negociación e ás comisións paritarias dos convenios colectivos. O Consello inflúe con eficacia na estruturación da negociación colectiva galega, a través da actuación do seu Observatorio de Negociación Colectiva, na procura de conseguir para Galicia unhas relacións laborais dinámicas, dialogadas e participadas. Contribúe a facilitar a adopción de acordos entre as organizacións empresariais e sindicais a través da negociación colectiva e mediante a formación das persoas negociadoras dos convenios colectivos.

Como promotor da igualdade de xénero nas relacións laborais, o Consello é a sede da Comisión Consultiva Autonómica entre Mulleres e Homes para a Igualdade na Negociación Colectiva, órgano de asesoramento e control na negociación colectiva galega e que preside a persoa titular da Presidencia do Consello. O traballo da Comisión pola promoción da igualdade nese ámbito vese reflectido na publicación de guías de boas prácticas e recomendacións para as partes negociadoras dos convenios colectivos. As ditas publicacións están á disposición de todas as persoas interesadas no portal web do organismo <https://www.cgri.gal/>.

Outra función esencial do Consello Galego de Relacións Laborais, que cada vez cobra máis importancia, para diminuír a conflictividade laboral, é a da xestión dos procedementos de solución autónoma de conflitos laborais previstos no Acordo Interprofesional Galego sobre procedemen-

tos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo (AGA). Deste xeito, facilita a consecución de acordos en materia laboral a través do procedemento de mediación, solicitado polas partes en conflito e dálles a posibilidade de atopar unha solución negociada ou ben de someterse a unha arbitrase ao abeiro do AGA.

Para a consecución destes obxectivos, o Consello continuará en 2025 a desenvolver as seguintes liñas de acción:

1. Elaborar e remitir, por iniciativa propia, estudos e informes aos departamentos da Administración autonómica e de calquera outra institución da comunidade autónoma e formularlles propostas en materia de política laboral, así como asesorar á Xunta de Galicia nesta materia, mediante a emisión de ditames sobre os proxectos normativos que lle son remitidos.
2. Contribuír a mellorar as condicións laborais das persoas traballadoras e a produtividade das empresas a través da promoción e do impulso da negociación colectiva.
3. Facilitar a consecución de acordos en materia laboral, mediante a xestión dos procedementos previstos no AGA para a solución autónoma de conflitos (mediacións e arbitaxes), a formación de persoas que forman parte do rexistro de actuantes e exercen a mediación e a arbitrase, así como mediante a asistencia e o apoio material e técnico ás mesas de negociación e ás comisións paritarias dos convenios colectivos con sede no Consello.
4. Promover a igualdade entre mulleres e homes nas relacións laborais, mediante o fomento da implantación de cláusulas de igualdade de xénero na negociación colectiva, a formación nesta materia de persoas que negocian os convenios colectivos, a elaboración de recomendacións e guías de boas prácticas sobre medidas de igualdade na negociación colectiva e de axuda na elaboración de plans de igualdade.
5. Contribuír á formación de cadros sindicais e empresariais e de persoas negociadoras de convenios colectivos a través da realización de cursos formativos en materia de relacións laborais, así como mediante xornadas de difusión de cuestións de interese e actualidade laboral, xunto á edición de publicacións sobre cuestións de actualidade laboral e social, entre as que destacan o informe anual sobre a situación sociolaboral da comunidade autónoma, os informes sobre a situación da negociación colectiva en Galicia e a Revista Galega de Dereito Social.

Estas liñas de accións desenvólense coas actuacións que se enumeran a continuación.

En relación coa liña 1 :

1.1. Emitir ditame, de carácter preceptivo e non vinculante, sobre os proxectos normativos dos organismos e departamentos da Administración autonómica e doutras institucións da comunidade autónoma en materia laboral, que lle sexan solicitados.

En relación coa liña 2:

2.1. Impulsar unha axeitada estrutura dos convenios nos ámbitos territorial e sectorial, dentro do respecto ao principio de autonomía colectiva consagrado no artigo 37.1 da Constitución

española. Estudar coas partes afectadas a posibilidade de negociar convenios autonómicos para os sectores que se decidan e promover a creación de comisións paritarias nos diversos ámbitos de negociación colectiva.

2.2. Preparar e redactar propostas relativas a acordos laborais e recomendarlles a súa aplicación ás organizacións empresariais e sindicais.

2.3. Apoiar material e tecnicamente e asesorar ás mesas negociadoras e ás comisións paritarias na negociación e nos bloqueos de convenios colectivos e fomentar o diálogo entre organizacións sindicais e empresariais.

2.4. Obter un diagnóstico acertado da realidade negocial en Galicia mediante a xestión do programa informático “Necol” e o seguimento puntual, a través do Observatorio da Negociación Colectiva, dos contidos dos convenios colectivos, as revisións salariais negociadas e a inaplicación dos convenios rexistrados mediante a elaboración periódica de informes.

2.5. Atender e dar resposta ás consultas formuladas por empresas e traballadores e traballadoras relativas á identificación do convenio colectivo de aplicación e redirixir aquelas consultas que así o precisen ao Observatorio da Negociación Colectiva para que, no seu caso, este emita ditame non vinculante en orde a determinar a aplicación ou non dun convenio colectivo vixente a unha empresa ou centro de traballo, sen prexuízo da competencia da xurisdición social.

2.6. Estudar o contido dos convenios colectivos e trasladar as conclusións ás respectivas comisións negociadoras, así como facer propostas de mellora, para adaptalos ás novas situacións e realidades do mercado de traballo.

2.7. Mellorar os contidos dos convenios colectivos a través de recomendacións xerais ás organizacións empresariais e sindicais, cláusulas tipo e guías de boas prácticas.

2.8. Formar ás persoas negociadoras dos convenios colectivos en técnicas de negociación, individual e colectiva, no ámbito laboral, mediante a organización de cursos en colaboración coas universidades galegas.

2.9. Prestar asistencia técnica e asesoramento ás distintas Mesas negociadoras de e Comisións Paritarias de Convenios colectivos no que atinxe aos trámites de rexistro, depósito e, no seu caso, publicación dos acordos acadados polas ditas Mesas e Comisións Paritarias, sen prexuízo das competencias ao respecto da Autoridade laboral.

2.10. Publicar trimestralmente o Boletín do Observatorio Galego da Negociación Colectiva sobre a situación da negociación colectiva en Galicia nese período de tempo.

En relación coa liña 3:

3.1. Promover e facilitar a mediación e a arbitrase nos conflitos laborais, ao abeiro do Acordo Interprofesional Galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo (AGA), por pedimento das partes interesadas. Para tal fin, poderá efectuar propostas, recomendacións e ofrecer arbitrxes ou mediacións, en especial respecto dos conflitos de ampla repercusión na comunidade autónoma.

3.2. Facilitar ás persoas que forman parte do rexistro de actuantes e exercen a mediación e a arbitrase en procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo (AGA), a capacitación axeitada a través de cursos de formación específicos de habilitación e de actualización.

3.3. Xestionar os acordos que lle sexan encomendados polas entidades recoñecidas como interlocutoras sociais.

3.4. Recompilar información actualizada do desenvolvemento do AGA, así como controlar o seu funcionamento e impulsar a súa ampliación, de xeito especial no que se refire á implantación da cobertura de conflitos individuais de traballo.

3.5. Prestar asesoramento e asistencia técnica ás Comisións Paritarias e promover o diálogo entre organizacións sindicais e empresariais.

3.6. Apoiar material e tecnicamente e asesorar ás mesas negociadoras na negociación do convenio colectivo nos sectores que lle soliciten as organizacións sindicais e/ou empresariais e nos bloqueos de convenios colectivos.

En relación coa liña 4:

4.1. Asesorar ás partes negociadoras, cando así o soliciten, na redacción e aplicación de cláusulas que promovan a igualdade entre mulleres e homes nas relacións laborais, co obxectivo de eliminar ou evitar a aparición de cláusulas que impliquen condutas discriminatorias por razón de xénero.

4.2. Estudar os convenios colectivos que lle son remitidos polo departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo, para analizar as cláusulas recollidas en materia de xénero e propoñer recomendacións.

4.3. Desenvolver actividades de formación en igualdade de xénero, nos termos que se acorde, e organizar cursos de formación para persoas negociadoras e xomadas de debate e difusión de cuestións relacionadas coa promoción da igualdade entre mulleres e homes no ámbito das relacións laborais.

4.4. Elaborar recomendacións xerais de boas prácticas e materia de igualdade na negociación colectiva para contribuír á efectiva aplicación do principio de igualdade de trato e de oportunidades na regulación do acceso e das condicións de traballo das persoas traballadoras e para garantir o dereito das mulleres e dos homes á conciliación da vida laboral e familiar, a protección da saúde e a seguridade das mulleres por razóns de maternidade, embarazo e lactación.

4.5. Proseguir cos traballos de difusión e de promoción da aplicación do “Protocolo contra o acoso sexual, laboral, por razón de sexo e identidade nos centros de traballo” aprobado pola CCAINC o pasado 21 de marzo de 2022, co obxectivo de aportar ás partes social e empresarial unha ferramenta máis, a modo de procedemento, que facilite o necesitado consenso nesta materia, que require coñecementos técnicos pero tamén moita sensibilidade, tanto na súa concreción sobre o papel como na súa aplicación posterior.

4.6. Editar e publicar estudos e informes, de ser o caso, e actualizar a guía de boas prácticas en materia de igualdade na negociación colectiva e as preguntas e respostas sobre a negociación de plans de igualdade.

En relación coa liña 5:

5.1. Contribuír a especialización de profesionais en relacións laborais mediante a realización de cursos en colaboración coas universidades galegas, seminarios conxuntos para a formación de cadros sindicais e empresariais e cursos formativos sobre técnicas de comunicación e técnicas de negociación sobre Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a súa aplicación práctica no ámbito do emprego.

5.2. Incentivar o debate na sociedade galega sobre os distintos temas da realidade laboral mediante a organización de diferentes xornadas e seminarios web sobre temas de actualidade e de interese social.

5.3. Realizar unha nova edición do Encontro Galego de Relacións Laborais, que quere ser un espazo de encontro dos interlocutores sociais, a Xunta de Galicia, a universidade e a xudicatura. As súas conclusións, como medidas concretas dirixidas a mellorar a realidade sociolaboral dos galegos e das galegas, serían propostas polo Consello ás institucións competentes, Xunta de Galicia e, de ser o caso, ao Parlamento de Galicia, pola vía que xuridicamente se entenda máis axeitada.

5.4. Continuar coa elaboración e a publicación do Informe anual sobre a situación sociolaboral na Comunidade Autónoma de Galicia, certo instrumento de análise da nosa realidade sociolaboral, así como dos Boletíns de información sociolaboral que recollen os últimos datos dispoñibles con periodicidade trimestral.

5.5. Continuar coa elaboración e publicación do Informe sobre a situación da negociación colectiva en Galicia, así como dos Boletíns trimestrais do Observatorio de Negociación Colectiva. Estas publicacións recollen, con diferentes niveis de exhaustividade, información esencial sobre os convenios asinados e revisados en Galicia e todos os datos de interese sobre a situación da negociación colectiva galega, así como os datos sobre convenios estatais que afectan a traballadoras e traballadores galegos.

5.6. Continuar coa publicación semestralmente da Revista Galega de Dereito Social, de acceso libre en internet, dirixida a difundir entre os colectivos docentes, investigadores e profesionais interesados no mundo laboral a actualidade legal, xurisprudencial e doutrinal na materia, con especial incidencia no marco galego de relacións laborais. Segue a filosofía do acceso aberto ao coñecemento xurídico e promove, ademais, a creación de textos xurídico-laborais en galego para consolidar o seu uso técnico. Actualmente, a revista está magnificamente posicionada e ten unha boa parte dos máximos recoñecementos aos que pode aspirar unha revista xurídica, cunha media de visitas que supera as 13.000 nos últimos 5 anos e cunha clara tendencia ascendente.

5.7. Elaborar estudos monográficos sobre aspectos concretos da negociación colectiva galega e sobre os temas que acorde o Pleno do Consello.

II.4. DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA DA FORMACIÓN PARA O TRABALLO - FUNGATRA

A formación dirixida a persoas traballadoras ten como obxectivo principal que esta sexa axustada ás necesidades do mercado de traballo; especialmente na situación actual e atendendo ás previsións da evolución do emprego, a formación e un dos medios máis relevantes para á adquisición, mellora e actualización permanente das competencias e cualificacións profesionais, favorecendo a actualización de coñecementos ao longo de toda a vida da poboación activa, e conxugando as necesidades das persoas, das empresas, do territorio e dos sectores produtivos.

A Fundación, atendendo ós seus fins, ten previsto que as principais liñas de acción para o ano 2025 continúen sendo:

- A xestión das diferentes convocatorias de axudas e subvencións.
- A elaboración de propostas de mellora (baseadas na análise estatística e cualitativa) e o asesoramento técnico ás persoas usuarias.
- A remodelación, mellora e actualización continua da súa sede electrónica, con modificacións de contidos web e novas ferramentas interactivas de Intelixencia Artificial para a detección temperá de necesidades formativas, a interacción nas Redes Sociais.
- Programas e proxectos de formación específicos para formadores, autónomos, PLD, persoas de menos de 30 e máis de 45 anos, e mulleres.
- Revisión do compromiso de calidade na xestión da FUNGATRA.

FUNDACIÓN PÚBLICA ARTESANÍA DE GALICIA

A Consellería de Economía, Industria e Innovación, segue apostando por un sector artesán forte e capaz de adaptarse ás novas realidades e considerando a artesanía como un valor territorial, patrimonial, cultural e económico que mestura os saberes dos oficios tradicionais coa creatividade, coa necesidade da dixitalización, coa innovación e coa implicación dos artesáns e artesás.

O plan de actuación previsto para o ano 2025 céntrase nos 4 eixes de actuación que responden ás demandas reais dun sector artesán que recolle un incremento cada vez máis acusado dunha nova xeración de artesáns e artesás.

I. ARTESANÍA = EMPRESA

Obxectivos xerais:

- Aposta pola comercialización no eido local, nacional e internacional e o seu posicionamento no mercado actual.

- Reformulación dos sistemas tradicionais de comercialización (presenza física e dixital) e estudo sobre as posibilidades que ofrecen novas formas como a asistencia a feiras especializadas on/offline, a introdución do produto artesán en accións de promoción de Galicia en colaboración con outras institucións, o pulo á realización de showrooms e pop up, a realización de feiras ou mostras de artesanía nas que se combine a promoción e a posta en valor dos oficios artesanais e a venda de produtos artesanais de alta calidade con outros elementos culturais (música, folclore, exposicións, talleres, gastronomía, etc.).

Accións previstas:

I.1. Corazón da Artesanía. XII Encontro da artesanía tradicional e popular de Galicia.

Dende a súa posta en marcha no 2012 é sen dúbida unha cita ineludible no calendario de eventos de interese artesanal de Galicia.

Obxectivos xerais do Encontro:

- Promocionar o sector artesanal e contribuír ao seu posicionamento no mercado actual. A artesanía é unha actividade cunha cota de mercado en crecemento e un sector de prestixio e de alto recoñecemento polo público.
- Recuperar un espazo de valor histórico como é o dos Pendellos de Agolada e dotalo novamente de contidos dinámicos liderado polo sector da artesanía.
- Consolidar este espazo de interrelación dos distintos eidos que conforman a nosa identidade e a posta en valor da nosa artesanía, a música e o baile tradicional ou a gastronomía, e proxectar unha imaxe integral e fiel da cultura tradicional e popular de Galicia no seu conxunto.
- Dinamizar e contribuír ao desenvolvemento económico, cultural, social e turístico desta área xeocéntrica de Galicia, ao tempo que se poñen en valor e se divulgan os seus atractivos turísticos e culturais.
- Fomentar a participación cidadá na cultura tradicional facendo fincapé entre os máis novos estimulando a conservación das nosas tradicións e contribuíndo a garantir a sustentabilidade deste sector.

I.2. Accións de promoción, venda e divulgación da marca Artesanía de Galicia en diferentes escenarios dentro e fóra da nosa Comunidade (on / offline), así como colaboración, asesoramento, divulgación e participación en diferentes actividades artesanais.

Obxectivos xerais: (on / offline)

- A artesanía está a ser considerada como un ben diferencial e cun gran potencial ligado a unha nova realidade e novos valores (consumo de experiencia, patrimonio, consumo Km 0, sustentabilidade e baixa pegada ecolóxica, etc.).
- Ofrecer unha imaxe transversal e de calidade de Galicia (artesanía, gastronomía, patrimonio, cultura e turismo).
- Fortalecer as redes comerciais e a venda directa dirixida ao público en xeral con accións concretas dirixidas a posibles potenciais prescriptores da Artesanía de Galicia.

Accións previstas

Programa para a organización e colaboración en eventos de interese artesanal de comercialización, divulgación e formación co obxectivo de amosarlle á sociedade o valor engadido da artesanía e o valor do produto feito á man en canto á súa creatividade, patrimonio cultural e tradición, destacando:

- Artesanía de Galicia na Ribeira Sacra.
- Artesanía de Galicia no Courel.
- Summer Shop Artesanía de Galicia & D-due, Sanxenxo.
- Participación de Artesanía de Galicia en stands e proxectos institucionais de promoción nacional.
- Participación económica en feiras e eventos de comercialización organizados por outras entidades públicas e privadas.
- Días Europeos da Artesanía.
- Encontros de palilleiras e tecedoras.
- Programa Facemos Marca. Medrando cos artesáns, para favorecer o achegamento da artesanía a futuros profesionais do sector.
- Promoción, difusión e protección da marca Artesanía de Galicia.
- Colaboración e apoio ás tendas da marca Artesanía de Galicia e busca de novas formas de comercialización.
- Aposta pola difusión de Artesanía de Galicia como agasallo promocional.
- Colaboracións, asesoramento e difusión en diferentes accións doutras consellerías da Xunta de Galicia e organismos privados.

I.3. Organización e colaboración en eventos para a recuperación de oficios en extinción.

O impulso á conservación dos oficios artesanais tradicionais forma parte da estratexia da Xunta de Galicia. A recuperación, o mantemento e a divulgación de profesións ancestrais constitúe unha ferramenta de dinamización social e de divulgación da nosa cultura, ademais de establecer referentes para os novos profesionais que se achegan ao sector artesanal galego.

Accións previstas

- XVI Feira de Artesanía do Ferro de Riotorto, Riotorto (Lugo).
- XLV Feira do Viño de Amandi. Olería de Gundivós, Sober (Lugo).
- XI Encontro de Cacharreiros de Niñodaguia, Xunqueira de Espadañedo (Ourense).
- XXV Encontro Internacional de Torneiros da Madeira, Xermade (Lugo).

2. PROFESIONALIZACIÓN, FORTALECIMENTO DO TECIDO PRODUTIVO ARTESÁN E MAIOR VISIBILIDADE DO SECTOR

Obxectivos xerais:

- Formación especializada para a continua profesionalización do sector e captación de novos talentos.
- Aposta pola divulgación e valoración dos oficios para unha maior visibilidade do produto feito á man.

Accións a desenvolver:

2.1 Programa Aprender da Tradición. Oficios e técnicas.

Continuación do programa formativo iniciado en novembro de 2023 para a renovación e a conservación de técnicas e oficios tradicionais destinado á mellora continua dos profesionais da artesanía e á captación de novos talentos para o sector.

Os obxectivos específicos do programa son:

- Capacitar os artesáns e expertos en oficios artesanais para que poidan transmitir os seus coñecementos.
- Facilitar a formación de novas xeracións interesadas en aprender estes oficios e técnicas.
- Fomentar a comercialización de produtos elaborados por artesáns locais e sensibilizar a comunidade sobre a importancia da conservación dos oficios tradicionais.
- Capacitar as persoas artesás e expertas en oficios artesanais para que poidan transmitir os seus coñecementos.
- Revalorizar e darlle visibilidade aos procesos artesanais vinculados aos vellos saberes para ofrecer novos valores.
- Afianzar un sector artesanal competitivo capaz de aglutinar todo o talento artesán.

2.2. Programa de formación especializada para unha profesionalización continua dos profesionais da artesanía en técnicas, procesos e materiais.

2.3. Artesanía na escola. Programa iniciado o pasado ano 2023 que procura divulgar e achegarlle os oficios artesanais aos máis pequenos e pequenas, amosando a artesanía como unha oportunidade profesional de futuro e transmitindo os valores da artesanía que van unidos a un consumo responsable máis consciente e máis sustentable.

O proxecto vertébrase na elaboración de diferentes unidades didácticas monográficas sobre oficios artesanais e nas que se inclúen un libro en papel e material dixital (libro e fichas) explicativos dos oficios protagonizados polos propios artesáns e artesás.

A primeira das unidades didácticas que se publicaron, Eu son zoqueira, é unha unidade centrada na figura de Elena Ferro, responsable do obradoiro Eferro (Merza, Vila de Cruces), e estase a traballar en novas unidades didácticas da ourivería compostelá, do téxtil e da cerámica. Este programa ten carácter de continuidade coa incorporación de novos oficios e tratará de chegar a centros educación infantil, primaria e secundaria de toda Galicia.

3. DIVULGACIÓN

Obxectivos xerais:

- Accións de promoción e publicidade da actualidade e realidade de Artesanía de Galicia.

Accións a desenvolver

3.1. Premios Artesanía de Galicia 2025

O obxectivo desta iniciativa é recoñecer a mellora continua no labor dos profesionais do sector artesan galego e contribuír ao seu desenvolvemento económico e promocional.

Distínguense 3 categorías:

- Premio Artesanía de Galicia 2025

Dotado con 9.000 euros e trofeo acreditativo, premia a obra que representa as liñas desexadas para unha artesanía competitiva no mercado actual como son o deseño, a adaptación ou conservación das técnicas e valores tradicionais máis característicos da nosa artesanía, a incorporación ás tendencias actuais, a innovación, a boa presentación e a calidade da obra tanto nos seus materiais como no desenvolvemento desta.

- Premio Traxectoria 2025

De carácter honorífico e dotado cun trofeo acreditativo, é o recoñecemento á traxectoria profesional consolidada dun/dunha artesan/a galego/a. O premio concédese tendo en conta as propostas dos obradoiros artesanais inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia, asociacións profesionais de artesáns ou outros entes públicos e privados que manteñan relación coa artesanía de Galicia, encargadas de facer a presentación das candidaturas. Valórase a traxectoria recoñecida do/a candidato/a, a súa contribución, posta en valor e promoción da artesanía galega, a calidade dos seus traballos realizados e o compromiso coa divulgación e transmisión pedagóxica dos principais valores positivos no eido da nosa artesanía, o labor de posta en valor do traballo artesanal ao longo da súa vida profesional premiando a súa experiencia.

- Bolsas Eloy Gesto 2025

Dotada con 4.000 euros e diploma acreditativo cada unha. Premia tres candidaturas que presentan unha proposta para a súa formación nun centro de referencia no eido da artesanía e o deseño. Valórase o carácter innovador do proxecto, a transferencia de coñecemento que se pretende acadar con esa formación, a incorporación das novas tecnoloxías, o currículo da persoa candidata e a potencialidade de incorporación desta formación para a elaboración dun produto artesanal innovador.

3.2. Revista Obradoiro de Artesanía 2025

Coordinación da edición anual do número 23 da revista Obradoiro de Artesanía. Escapate da ampla diversidade e riqueza do produto artesan galego, ao tempo que establece unha canle de comunicación do sector coas diferentes liñas de actuación do goberno galego en materia de artesanía, así como unha plataforma de encontro entre a artesanía e outros sectores de interese coma o turismo, a arte, a moda, a arquitectura ou a educación.

3.3. Publicacións especializadas e RRSS

A Fundación elabora periodicamente dossieres, información puntual de obradoiros e dos seus produtos, realiza o seguimento de medios, envío de mailing con información actualizada e utiliza as RRSS (Facebook, Pinterest e Instagram) para a promoción da artesanía e os obradoiros galegos en medios nacionais e internacionais.

A Fundación coordina, promove e difunde a través das RRSS diferentes actuacións de interese para o sector:

- Identificación de puntos de información e consulta sobre instrumentos e axudas ás empresas.
- Programas de apoio ao crecemento: apoio financeiro, asesoramento en acceso a novos mercados e asesoramento empresarial.
- Difusión de tutoriais online.
- Accións de comunicación específica dirixidas a fomentar a cultura exportadora.
- Sesións informativas sobre posibilidades de financiamento.
- Formación para a mellora do deseño web.
- Difusión, publicación e novidades de interese para o sector.
- Difusión de casos de éxito na colaboración.

4. ARTESANÍA INNOVADORA E COLABORATIVA

Obxectivos xerais:

- Innovación, deseño e creatividade como aposta de modernización do sector.
- Sinerxías e pulo á cooperación intra e intersectorial para a creación de novos nichos de mercado para a artesanía. (contract, moda, construción, gastronomía, decoración, ...).

Accións a desenvolver

4.1 Accións de promoción da artesanía entre os sectores non artesáns de maior interese para a cooperación. Accións de difusión do valor engadido dos produtos artesáns e do “saber facer” dos seus profesionais.

Realización de accións de difusión do valor da incorporación da artesanía en relación con elementos como a calidade, a autenticidade e a exclusividade (valores cada vez máis demandados e valorados por un determinado perfil de clientes) como elemento diferencial que outros sectores poden incorporar facilmente en certas liñas da súa produción (liñas gourmet, liñas exclusivas, arquitectura, etc.).

4.2 Accións Artesanía e sustentabilidade, identificadas cos novos hábitos de consumo de produtos responsables, respectuosos, ecolóxicos, slowmade e comercio de proximidade son “o espazo natural” da artesanía. A valoración do uso de materiais sustentables e intelixentes son un factor de innovación do sector.

4.3. Accións de colaboración con Escolas de Arte e Superiores de Deseño, Universidades e deseñadores/as profesionais. A Fundación continuará traballando nestas accións co fin de

crear vínculos entre o alumnado, deseñadores profesionais e obradoiros artesanais durante o exercicio 2025.

4.4 Programa Novos presentes e futuros. O rural como xerador de novas vías de desenvolvemento culturais, sociais, medioambientais e económicas futuras onde se afonda na tradición, deseño e innovación, biomateriais, oficios, recursos locais, ecoloxía e economía circular en colaboración co Espazo Vilaseco, San Cristovo de Mouricios (Chantada).

As actuacións desenvolvidas ata o momento son:

- “Tecendo futuros. Prácticas téxtiles contemporáneas”, no ano 2023.
- “Novas artesanías para novas ecoloxías”, no ano 2024.

PERSPECTIVA DE XÉNERO

A Fundación Pública Artesanía de Galicia dirixe as súas actuacións ao desenvolvemento e promoción do sector artesan. Estas medidas benefician por igual a mulleres e homes, xa que están dirixidas ás artesás e aos artesáns inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía da Xunta de Galicia.

En todas as actuacións da Fundación, as mulleres e os homes están no mesmo punto de partida para acceder ás actividades e aos proxectos que leva a cabo: cursos de formación, participación en feiras de carácter internacional e autonómico, colaboración en campañas de promoción da marca Artesanía de Galicia, difusión de oficios artesanais entre os escolares, etc.

As mulleres e os homes son beneficiarios en igualdade das iniciativas que pon en marcha a Fundación. Os criterios de selección son os vinculados á artesanía, como é o caso de ter o obradoiro rexistrado no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia, o propiedade da Xunta de Galicia.

FUNDACIÓN INSTITUTO FEIRAL DA CORUÑA

A Fundación ten aprobado un plan estratéxico para os vindeiros anos (2023-2028) aprobado polo padroado con catro eixes estratéxicos, nos que desenvolver as súas liñas de actuación:

- Crecemento do ingreso.
Para a consecución deste eixe, se realizarán accións nas seguintes liñas de actuación:
 - Abrir novas liñas de negocio.
 - Incrementar a actividade MICE.
 - Desenvolvemento de feiras e eventos propios.
 - Segmentación e potenciación da comercialización.
 - Actualización de prezos e servizos.

- Fortaleza Financeira.
Para a consecución deste eixe, se realizarán accións nas seguintes liñas de actuación:
 - Novo modelo de conta de resultados.
 - Incorporar KPI específicos para o análise de eventos.
 - Análise de riscos.
 - Optimización dos custos.
 - Planificación das inversións a medio e longo prazo.
- Optimización Operacional.
Para a consecución deste eixe, se realizarán accións nas seguintes liñas de actuación:
 - Dimensionar as equipas de traballo.
 - Desenvolvemento de protocolos operativos.
 - Acordos estratéxicos.
 - Automatización e externalización de procesos non críticos.
 - Control e seguridade.
- Potenciación Produto.
Para a consecución deste eixe, se realizarán accións nas seguintes liñas de actuación:
 - Creación de calendarios de mantemento.
 - Actuación preventiva.
 - Comunicación e marketing, posicionamento de marca.
 - Aproveitamento dos espazos.
 - Innovación experiencia.

FUNDACIÓNS FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE LUGO

O obxectivo da Fundación Feiras e Exposicións de Lugo para o vindeiro ano 2025 é seguir reforzando o desenvolvemento dos diversos sectores estratéxicos produtivos galegos a través de realización de eventos comerciais profesionais ou empresariais para lograr unha dinamización económica que permita incrementar os niveis de crecemento potencial económico, de máis oferta de emprego e de mellor calidade e cunha base nunha modernización e aumento do tecido industrial produtivo que xere unha maior competitividade e sustentabilidade.

Para acadar ditos obxectivos están previstos a realización de 16 eventos coas seguintes características:

- Exposición Nacional e Internacional Canina Este salón que albergará unha espazo dedicada ao concurso morfolóxico canino así como unha zona para a exposición de artigos e servizos relacionados co mundo canino.

- Feira de Multisectorial de Lugo, de carácter público xeral, con periodicidade anual e dirixidas comerciantes pertencen a calquera sector empresarial.
- Salón da Cervexa de Lugo:
- II Edición Feira da Educación, Formación e Emprego. Este evento fomenta e promociona a educación e a formación como dinamizador da sociedade e a economía.
- I Edición de Arduino Day, Salón da Robótica de Lugo. Este evento baséase sobre todo a coñecer a comunidade tecnolóxica, educativa, industrial, artística, ... que medra ó redor compartindo os coñecementos tecnolóxicos.
- XVIII edición do Salonauto Lugo, salón do automóbil e industria auxiliar.
- XVIII edición de Motorocasión, salón do vehículo usado e de ocasión.
- XIV edición de ExpoVerbena, evento no que ten lugar a presentación dunha gran variedade de orquestras que estarán presentes nos multitudinarios festexos de Galicia.
- XVIII edición Equigal, Salón Internacional do Cabalo de Galicia que consta da VI edición de Concurso Nacional de Salto de Obtáculos e XVI Concurso Morfolóxico de Cabalos e Eguas de Pura Raza Española.
- Super campamento verán Lugo. Campamento urbano para nenos de 4 a 12 anos.
- II edición, Torneo Bandua Wargames, Feira de miniaturas e xogos de roll.
- VII edición Caudal Fest. É un festival que ten lugar na época estival no parque do Pazo de Feiras e Congresos de Lugo que ofrece unha gran variedade de artistas de distintos estilos musicais con recoñecemento nacional e internacional.
- XXVII edición de Expolugo A Rural, que alberga un mercado gandeiro, agroalimentario, de artesanía e de maquinaria agrícola.
- XII edición de Caroutlet, Esta mostra albergará unha exposición de máis de 400 vehículos: coches, motos, quads, revistas especializadas, financeiras, seguros, seguros, etc.
- V Fera das distribuidoras Lucenses. Este salón está dirixido a todas as empresas lucenses interesadas en dar a coñecer os seus produtos.
- XXVII edición de Xuvenilugo, salón do Ocio, de carácter lúdico, deportivo e cultural.

Este programa de actividades publicárase na páxina web e levarase a cabo unha campaña de promoción feiral para o reforzo das mesmas.

A duración destes eventos é de tres ou catro días e nove días de montaxe e desmontaxe, con excepción de Xuvenilugo que dura aproximadamente sobre vinte días e o campamento de verán que ten unha duración de dous meses e medio.

Coa realización de feiras comerciais de carácter profesional ou empresarial, a Fundación ten o obxectivo de potenciar o desenvolvemento dos diversos sectores produtivos galegos para lograr unha dinamización económica cun maior crecemento e un aumento do emprego de calidade, acadar unha maior competitividade mediante un impulso da economía, e todo iso acompañado de unha maior cohesión social, benestar e calidade de vida.

As feiras é un dos instrumentos máis efectivos de mercado que ten como finalidade incrementar as oportunidades de negocio e a cota de mercado e mellorar a competitividade dunha empresa, aproveitando ao máximo os contactos que esta adquire cos diferentes públicos, á vez que é unha actividade empresarial. É unha inversión na que se canalizan todas as accións de comunicación, relacións públicas, promoción e imaxe que a empresa realiza. Nun espazo curto de tempo, estas accións se intensifican a un maior ritmo e en presenza dun numeroso público, logrando chegar dunha soa vez tanto a clientes actuais como potenciais, competencia, prensa e incluso ao entorno político, cun aforro importante en custos. Estes encontros tamén se rentabilizan en aprendizaxe, innovación, produtividade, establecemento de alianzas, compartir coñecementos e ideas, creación de valor engadido e un mellor desenvolvemento do networking.

Por outra banda, seguirase realizando o máximo esforzo para ir albergando unha número similar de eventos de diversa índole ao dos anos anteriores, enfocados a reactivar a nosa economía: cursos de formación de desempregados dirixidos a formación e especialización en sectores estratéxicos galegos, congresos e xornadas, encontros entre emprendedores, grupo de compras, etc, así como outros de carácter deportivo e cultural: concertos, galas, encontros deportivos, exposicións, representacións teatrais, etc.

FUNDACIÓN FEIRAS E EXPOSICIÓN DE OURENSE - EXPOurens

OBXETIVO XERAL

A Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense, Expourense, ten como obxectivos a promoción de actividades comerciais, industriais, agroindustriais, sociais, educativas, deportivas, e todas aquelas que potencien o desenvolvemento destes sectores na Comunidade Galega e, en especial, da provincia de Ourense.

APOSTA POLA INTERNACIONALIZACIÓN

En canto á internacionalización fíxase como obxectivo o apoio ás empresas nesta materia e na proxección da súa capacidade innovadora, así como no apoio ós autónomos e ás microempresas na procura de novos clientes e mercados. Dada a experiencia adquirida no contexto pandémico de hai uns anos, séguese a manter accións de carácter híbrido (presencial e dixital) que permitan manter a presenza e contacto con potenciais clientes estranxeiros mediante medios telemáticos.

LABOR SOCIAL

En relación ó labor social que ven desenvolvendo a Fundación dende hai anos, estudaranse novos acordos de colaboración con asociacións ou organizadores que traballen a favor da sociedade dende diferentes ámbitos.

LIÑAS DE TRABALLO

Derivado da instalación da pista de atletismo, e do convenio coa Secretaría Xeral para o Deporte que regula o uso deportivo da mesma, durante os catro meses de inverno levaranse a cabo múltiples actividades deportivas compaxinándoo coa xestión feiral por parte da Fundación . Polo tanto entre os obxectivos para 2025 encóntrase apostar pola comercialización das salas de actos, e incidir en actividades formativas, adaptándonos á infraestrutura dispoñible, así como redeseñar proxectos que poidan complementarse coa ampliación das instalacións levada a cabo durante o ano 2020 que supón un incremento de 400 m2 do espazo expositivo.

Expouse para o ano 2025 ten previsto a realización das feiras que se relatan a continuación. Todas elas son eixos que definen a vida socioeconómica da provincia, nichos de mercado singulares que teñen neste recinto feiral o seu oco e a súa posibilidade de promoción, algunhas a nivel internacional:

FEIRAS:

- 18ª Edición: Previsel "Salón da Prevención e Seguridade Laboral".
- 3ª Edición: Salón de Vehículos clásicos.
- 7ª Edición: Salón do Automóbil- Car Outlet.
- 11ª Edición: Vinisterrae "Salón do viño e licores de galegos de calidade".
- 23ª Edición: Termatalia "Feira Internacional del Turismo Termal".
- 16ª Edición: Salón do Automóbil-Vehículo novo.
- 16ª Edición: Salón do Automóbil- Vehículo de ocasión.
- 26ª Edición: Xantar "Salón Internacional de Turismo Gastronómico".
- 8ª Edición: Sportur Galicia "Feira do Deporte e Turismo Activo".
- 9ª Edición: Antiq Auria "Feira Internacional de Antigüidades".

ACTIVIDADES PARALELAS:

- Symposium Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética.
- Cursos formativos AFD.
- VI Congreso Internacional sobre Auga e Saúde dentro da feira Termatalia, e que contará con expertos a nivel internacional.
- VI Congreso Internacional de Turismo deportivo no marco da feira Sportur Galicia.
- Inspiro- III Encontro Interxeneracional entro o tecido empresarial e o ámbito formativo.

ACTIVADE DEPORTIVA:

(pendente confirmación de outros campionatos en Pista Cuberta de ámbito rexional)

- XIX Copa Xunta de Galicia de Clubs en Pista Cuberta.

- XXXIX Campionato Xunta de Galicia Absoluto e Campionato Xunta de Galicia Sub 23 en Pista Cuberta.
- XXIX Campionato Xunta de Galicia Absoluto e Cto. Xunta de Galicia Sub 23 de probas combinadas en Pista Cuberta.
- XVII Campionato Xunta de Galicia Sub 10-Sub 12-Sub 14 en Pista Cuberta.
- XXXV Campionato Xunta de Galicia Máster en Pista Cuberta e Probas Combinadas.
- XLVII Campionato Xunta de Galicia Sub 20.
- LXVII Campionato Xunta de Galicia Sub 18.
- XXXVII Campionato Xunta de Galicia Sub 16.
- VI Copa Xunta de Galicia Clubs Máster de Pista Cuberta.
- Campionato de España pista cuberta- Sub 16.
- Meeting Internacional de Atletismo.
- Campionato de España de deporte adaptado- Atletismo.
- Rally de Ourense.

Durante o 2025 traballarase nestes eixos:

- Incrementar a rendibilidade do recinto a través do aluguer das nosas instalacións.
- Incrementar a actividade deportiva co máximo rendemento da pista de atletismo.
- Potenciar o valor diferenciador dos nosos espazos para poder ser máis competitivos.
- Posicionar o recinto dentro das empresas organizadoras de eventos.
- Establecer convenios de colaboración con institucións tanto nacionais como internacionais que nos permitan seguir incrementando o labor de internacionalización.
- Fidelización de clientes.
- Traballar na mellora do noso posicionamento a través das redes sociais.
- Estudar a viabilidade de novos proxectos feirais que nos permitan substituír outros que xa non son tan rendibles.
- Revisión de taxas, tanto de aluguer de instalacións como de comercialización das feiras, redeseñándoas, co ánimo de animar á contratación de espazos.
- Consolidamos como recinto feiral de referencia dentro da comunidade de Galicia.
- Internacionalización, Calidade, Innovación, Emprendemento e Formación, serán os eixos principais nos que se incidirá.

FUNDACIÓN INSTITUTO FEIRAL DE VIGO - IFEVI

OBXECTIVO XERAL

A Fundación Instituto Feiral de Vigo - IFEVI, ten como obxectivos a promoción de actividades comerciais, industriais, agroindustriais, sociais, educacionais, culturais e calquera outra que teña como obxecto a promoción e desenvolvemento destes sectores en Galicia, o nivel.

profesional de tódolos sectores da actividade económica, contribuíndo con isto á elevación do nivel de vida do medio urbano e rural.

APOSTA POLA INTERNACIONALIZACIÓN

No ámbito internacional, IFEVI ten unha forte potencia polos eventos que no recinto se desenvolven (Conxemar, Navalía, Mindtech).

LABOR SOCIAL

A labor social de IFEVI coa realización dun evento cunha asistencia de máis de 15.000 visitantes, como é Vigolandia, actividade dedicada ao ocio infantil e familiar.

LIÑAS DE TRABALLO

Durante varios anos, IFEVI aposta pola diversificación da actividade desenvolvida no seu recinto feiral. Para elo e en referencia á actividade deportiva, continúaase na mesma liña de optimizar as instalacións deportivas, de recente creación no pavillón 5 das nosas instalacións, tendo contacto coas diversas federacións deportivas que poidan levar a cabo a súa actividade nestas instalacións.

No ámbito cultural, está previsto para o ano 2025, a celebración dunha exhibición pictórica de carácter nacional e diversos eventos musicais, como os realizados ata a actualidade.

Por parte dos órganos da dirección de IFEVI estase a analizar a creación dun departamento comercial, a fin de que a propia institución poida dedicarse á organización de diferentes eventos, toda vez que este recinto non ten actividade propia.

IFEVI para o ano 2025 ten previsto a realización dos eventos e actividades que se relatan a continuación:

EVENTOS E ACTIVIDADES:

- XVII Galiexpo Motor Show Concello de Vigo.
- XIV Salón del Vehículo Clásico y de Época.
- XXXIV Salón del Automóvil y Motocicleta de Vigo.
- XXV Salón del Vehículo Usado y de Ocasión – Motorocasión.
- Iª Feria de la Construcción e Inmobiliaria de Galicia.
- Aquafuture Spain – III International Exhibition of the Aquaculture Industry.

- Stone Gal – Iª Feria Internacional de la Piedra Natural de Galicia.
- 4ª Edición Mindtech – Metal Industry and Technologies International Trade Fair.
- 3ª Edición Kokoro Japan Expo.
- XXV Feria Internacional de Productos del Mar Congelados.
- 4ª Edición Veganagal - Feria Vegana.
- 17ª Edición Vigobodas.
- 2ª Edición Feria del Hogar.
- Exhibición Drift.
- 13º Motor Ocasión Caroutlet Vigo.
- 21ª Edición Vigolandia – Feria de Ocio Infantil y Familiar.
- 1ª Edición Familyland Festival Park.
- Carrozas de Reis do Concello de Vigo.
- VI Concurso Rondallas Xunta de Galicia.
- Cenas de Gala (privadas y empresariales).
- 2ª edición de Move It Vigo Urban Dance Competition.
- II Festival de Música Electrónica.
- Diversos conciertos e festivais musicais.
- Rodajes cinematográficos, musicais, comerciais, ...
- Cursos de conducción segura.
- Cursos de formación.
- Asambleas de entidades privadas.

ACTIVIDADE DEPORTIVA:

- Diversas actividades deportivas (atletismo, badminton, salto de pértiga, salto de lonxitude, ...) de Federaci3ns, Centros Educativos e Escolas deportivas.

Durante o 2025 traballarase nestes eixos:

- Incrementar a rendibilidade do recinto a través do aluguer das nosas instalacións.
- Incrementar a actividade deportiva co máximo rendemento da pista de atletismo.
- Potenciar o valor diferenciador dos nosos espazos para poder ser máis competitivos.
- Posicionar o recinto dentro das empresas organizadoras de eventos.
- Establecer convenios de colaboración con institucións tanto nacionais como internacionais que nos permitan seguir incrementando o labor de internacionalización.
- Fidelización de clientes.
- Traballar na mellora do noso posicionamento a través das redes sociais.

- Revisión de taxas de aluguer de instalacións có ánimo de impulsar á contratación de espazos.
- Consolidamos como recinto feiral de referencia dentro da comunidade de Galicia.
- Internacionalización, Calidade, Innovación, Emprendemento e Formación, serán os eixos principais nos que se incidirá.

FUNDACIÓN DE EXPOSICIÓNS E CONGRESOS DA ESTRADA

Para o ano 2025 a Fundación Exposicións e Congresos A Estrada prevé a realización das seguintes feiras e celebración de eventos co obxectivo de ocupar o maior número de días do calendario anual, así como comercialización de todos os nosos espazos:

- 37º Feira do Moble de Galicia.
- 13ª Feira de Oportunidades de Comercio.
- 9º Salón do Vehículo de Ocasión.
- 69º Feira de Antigüidades (Marzo), 70º Feira de Antigüidades (Maio) e 71º Feira de Antigüidades (Decembro).
- 4ª Feira Multisectorial ExpoEstrada.
- 11º Salón Motor Classic.
- Aluguer das Instalacións para a organización de distintos eventos.
- Realización de actividades culturais e deportivas nas instalacións.
- Convenio coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade para a impartición do Ciclo de Formación Reglada da Madeira.
- Convenio coa Xunta de Galicia para a realización de actividades de promoción comercial.
- Convenio co Concello da Estrada para a realización de diversas actividades no recinto (tenis, karate, xudo, Festival de baile tradicional Tequexeteldere).
- Organización de Talleres e Xornadas Técnicas para o sector empresarial e público en xeral.
- Dinamización sociocomunitaria con diversos colectivos : amas de casa, mulleres rurais, terceira idade, persoas con discapacidade, etc.
- Aluguer das oficinas que albergan o Viveiro de Empresas.

Perspectiva de xénero:

Tendo en conta que mulleres e homes, estamos a compartir un mesmo contorno social, económico, político e cultural, a Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada, contempla o deseño e execución de todos os seus programas de actuación, tendo en conta a promoción da

igualdade de xénero e de oportunidades entre ambos colectivos, non existindo discriminación nin prevalencia dun sobre doutro.

A entidade considera prioritaria a corresponsabilidade entre os xéneros, sabedores de que, existe un ritmo diferente entre a incorporación do colectivo masculino ó espazo privado e do feminino ó espazo público.

A entidade, trata de limitar, na medida das súas posibilidades, os roles sexuais, tratando en cada evento de integrar as capacidades e intereses de todos e todas.

Os eventos (basicamente certames de promoción económica), están dirixidos a cubrir as necesidades e intereses detectados na cidadanía, promocionando e fomentando en cada un deles a promoción integral de ambos xéneros en igualdade de condicións.

A execución de certames da entidade, promoven a transversalidade de xénero tanto entre os nosos clientes como os nosos usuarios (visitantes fundamentalmente).

Recentemente, sendo coñecedores das desigualdades existentes, estanse a executar programas específicos de promoción do sector feminino (Feira de Labores e encontros de palilleiras), fomentando en todo caso a non discriminando por elo a do colectivo masculino.

Todos os programas financiados dende a Fundación, con cargo aos orzamentos públicos, inciden directa e indirectamente no colectivo de empresarios/as, emprendedores e visitantes. Igualmente e neste senso, os certames xeran un importante impacto socioeconómico no entorno inmediato.

Os certames deseñados, están destinados indistintamente aos diferentes colectivos, sen priorizar ningún deles fronte ós demais (homes, mulleres, discapacitados, etc...).

En ningún dos nosos certames de promoción económica, se contempla a existencia de estereotipos de xénero que limite a participación activa de ningún tipo de colectivo. En todo caso, a participación, é un fiel reflexo da sociedade.

Obxectivos en materia de igualdade de xénero:

- Fomentar a participación de mulleres e homes en igualdade de oportunidades.
- Limitar os roles sexuais así como, os estereotipos que impiden a transversalidade de xénero.
- Promocionar as actividades socioeconómicas en igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
- Incitar á participación activa das mulleres nos diferentes ámbitos sociais e como axentes activos e dinamizadores do desenvolvemento rural.

Conclusión: Os programas executados dende a entidade, son de dobre índole: Programas que financian actuacións que inciden directamente sobre as mulleres e programas que financian gastos xerais en bens e servizos accesibles a toda a poboación.

III. ORZAMENTO DE GASTOS POR PROGRAMA

III.1. PROGRAMAS DE GASTO

III.1.1. PROGRAMA 312C - SERVIZOS SOCIAIS RELATIVOS ÁS MIGRACIÓNS

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

O programa 312C, servizos sociais relativos ás migracións, atende ao obxectivo estratéxico do PEG 2022-2030 " Impulsar a inclusión social e laboral das persoas en situacións de vulnerabilidade, pobreza ou exclusión social e loitar contra calquera forma de discriminación ademais de garantir a igualdade de oportunidades e o acceso aos servizos públicos da poboación retornada e inmigrante", (OE 4.2.2). O seu indicador de resultado é a porcentaxe de solicitudes atendidas sobre as que se acredite unha situación de necesidade.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Este programa inclúe actuacións de apoio ás persoas galegas residentes no exterior e ás entidades galegas asentadas fóra da nosa comunidade autónoma, para que estes participen e compartan a vida social e cultural e económica de Galicia, e contribuír á mellora do seu benestar e calidade de vida, minguada pola actual contorna de crise socio-económica en numerosos países con presenza importante de poboación galega. Así mesmo, a través deste programa desenvólvense accións encamiñadas á procura da integración social e á inserción laboral do colectivo de persoas emigrantes retornadas na nosa sociedade.

O principal obxectivo é asegurar unha vida digna ás persoas galegas que residen no exterior, e á súa descendencia con nacionalidade española, que teñan vinculación con algún concello de Galicia. A maior parte deste colectivo reside nos países Iberoamericanos, cuxa situación socioeconómica tomou nas últimas décadas cara unha senda de carácter negativo, o que deu lugar a unha grande inseguridade e ausencia de sistemas de protección social, en xeral, e para os colectivos máis desfavorecidos en particular.

Polo que se refire ás comunidades galegas como entidades asociativas asentadas fóra do territorio de Galicia, a Secretaría Xeral da Emigración ten como tarefa fundamental a súa preservación. É necesario prestar apoio en todas aquelas que desenvolven actividades de carácter social, asistencial e sanitario. Tamén seguiremos apoiando ás actuacións que realizan estas entidades nas áreas formativas, culturais, informativas, de xuventude e contribuír á promoción e sostibilidade do patrimonio histórico, documental, cultural, artístico e arquitectónico creado por elas ao longo da súa historia.

No eido do retorno, cómpre promover medidas educativas, laborais e sociais que favorezan o retorno a Galicia das persoas galegas residentes no exterior e facilitar a súa integración na sociedade galega. A Secretaría Xeral da Emigración considera de carácter esencial as axudas económicas para aquelas persoas galegas que no momento da súa chegada precisan un soporte facilitador da súa integración na sociedade galega. Tamén resulta de especial interese reforzar a liña de bolsas BEME para ofertar ás persoas galegas universitarias residentes no estranxeiro a posibilidade de adquirir unha especialización académica de máster nunha universidade galega, coa finalidade de ampliar a súa formación e adquirir competencias e habilidades que favorezan a súa inserción e futuro profesional en Galicia. Igualmente, é primordial apoiar o autoemprego e a actividade emprendedora das persoas emigrantes retornadas. Todas estas liñas de acción ampliáanse coas que aportan os distintos departamentos da Xunta de Galicia, en un enfoque integral de toda a Administración Autonómica. Ademais, para conectar ás persoas con todos os instrumentos de axuda ao seu alcance, temos a Oficina de Asesoramento e Seguimento ao Retorno, que estende a súa labor de acompañamento tamén aos aspectos que poidan estar xestionados polas demais Administracións Públicas.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

A actuación da Secretaría Xeral da Emigración diríxese ao colectivo de persoas residentes fóra de Galicia e á súa descendencia, así como ás entidades galegas asentadas fóra de Galicia e recoñecidas nalgunha das categorías da Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galeguidade.

A nosa comunidade autónoma segue a ocupar un lugar destacado a nivel estatal en canto ao volume de persoas retornadas, situándose como a quinta comunidade de España en retorno en termos absolutos en 2022 con 7.957 persoas retornadas, e a segunda se nos referimos ao porcentaxe de persoas emigrantes retornadas. Así mesmo, destas estatísticas despréndese que, en canto á idade, o grupo maioritario de persoas retornadas sitúase dentro do tramo en idade laboral. No 2022, último ano do que se dispón de datos, máis o 82,83 % das persoas retornadas tiñan menos de 65 anos e o 54 % teñen menos de 45 anos.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A análise de datos da presenza da cidadanía galega no exterior que achegan os sistemas estatísticos español, a través do INE, e o galego, a través do Instituto Galego de Estatística (IGE), sinalan un incremento progresivo de persoas galegas residentes no exterior (é dicir, a suma das persoas emigrantes que naceron en Galicia e a da súa descendencia, xa nada no estranxeiro) nos últimos anos, mentres diminúe o número de persoas emigrantes, nadas en Galicia, residentes no exterior. O número total de persoas galegas residentes no exterior -tanto emigrantes como a súa descendencia- é de 534.972 persoas a 1 de xaneiro de 2024, 151.373 máis que en 2009 e 161.453 máis que en 2007, cando entrou en vigor a Lei da Memoria Histórica, principal causa do

aumento do número de persoas que accederon ou recuperaron a nacionalidade española nos últimos anos. Pola contra, o número de persoas emigrantes galegas nadas en Galicia descendeu desde 2009 en 25.712 persoas. Só no último ano esta cifra baixou en 2.861 persoas, mentres o total de persoas galegas residentes no exterior (emigrantes mais a súa descendencia) subiu neste mesmo período en 7.523 persoas.

Os estados con maior presenza de cidadanía galega son os do continente americano, o que, tanto en cifras totais como proporcionalmente, tamén amosa un maior incremento da cidadanía galega dende 2009 (127.106 novos/as cidadáns/ás) fronte a Europa (22.160 novos/as cidadáns/ás). A análise comparativa deste incremento entre a poboación galega residente e nacida en Galicia e a nacida no estranxeiro, é unha mostra clara de que estes incrementos non son consecuencia da saída de persoas galegas desde a nosa comunidade autónoma con destino ao exterior, senón do aumento natural da poboación, do acceso á cidadanía por lei e das transmisións posteriores da cidadanía de pais a fillos/as. En ambos continentes as persoas nadas en Galicia descendentes significativamente.

Outro dato da presenza en América da cidadanía galega nacida en Galicia é o envellecemento da poboación, xa que a porcentaxe de persoas galegas maiores de 65 anos residentes neste continente vai dende máis do 97,82 % de Arxentina, máis do 96 % de Uruguai, o 93,84 % de Cuba, o 94,17 % de Brasil ao 43,75 % dos Estados Unidos de América. Pola contra, a pirámide de idade dos galegos nados no estranxeiro e residentes en América é inversa: rexuenece, contraste especialmente chamativo no caso de países como Venezuela ou México, onde unha importante porcentaxe de poboación galega (nacida no estranxeiro) é menor de 16 anos.

No caso europeo, o incremento da poboación galega residente en Europa prodúcese entre persoas galegas nadas no estranxeiro, cun crecemento sostido dende o ano 2009, derivado de nacementos en familias emigrantes neste continente e por outra banda de persoas galegas nadas noutros países -esencialmente de América- que emigraron a Europa.

Estes datos obrigan a manter os programas destinados aos galegos na diáspora, así como intensificar todos aqueles que favorezan o retorno á nosa terra, non só das persoas galegas emigradas, senón tamén da súa descendencia.

Nas últimas décadas os países da área de Iberoamérica iniciaron un camiño de deterioro dos seus sectores produtivos ocasionado por distintos factores políticos, sociais e económicos, que deixou como consecuencia o paulatino empobrecemento de amplas capas sociais e a diminución dos sistemas de protección social naqueles países nos que estaban desenvolvidos.

Esta situación de precariedade socio asistencial das persoas emigrantes galegas e da súa descendencia directa vén sendo paliada por distintos programas de axudas dende a Secretaría Xeral da Emigración, executado en dúas grandes liñas: axudas directas para atender a persoas con carencia de medios que dean lugar a situación de exclusión social e axudas ás entidades

galegas que dispoñen de centros de atención para os colectivos de persoas galegas, co obxectivo de protección socio sanitaria e con carácter de beneficencia.

A necesidade de dedicar maiores esforzos a este programa ven xerada polo contexto no que se vive nalgúns países de acollida da emigración galega, que derivan nunha situación de precariedade socio asistencial. Cómpre destacar a especial situación de vulnerabilidade que está a atravesar a poboación galega residente en Venezuela, Cuba ou Arxentina.

En canto ás entidades galegas no exterior, son preto de 200 que desde case cada recuncho do mundo, colaboran co Goberno galego na labor de preservación e difusión da cultura e o patrimonio de Galicia por todo o planeta. América concentra o maior número de entidades seguido de Europa. Con todo, España é, de lonxe, o país que máis entidades ten inscritas no Rexistro da Galeguidade.

A Galicia exterior actual é multicultural: a integración social das primeiras xeracións, sumada á formación e educación das segundas e terceiras xeracións plenamente integradas nas sociedades de acollida, achéganos unha base demográfica de poboación galega e descendentes con contribucións culturais de países moi variados. Esta riqueza cultural, social e económica é un valor que é necesario incorporar ás entidades galegas do exterior, como vínculo que fortaleza os lazos vitais, culturais e sociais coa Galicia territorial.

A fortaleza deste programa é a grande vinculación afectiva que manteñen as persoas emigrantes con Galicia: unha rede de sociedades e entidades espalladas por todo o mundo, fundamentalmente en América, que contan a maior parte deles con servizos de protección (sanitarios, residencias de anciáns, centros de día ...) e o carácter de solidariedade e beneficencia cos seus paisanos máis desfavorecidos dos seus fundadores, que aínda perdura. A Secretaría Xeral da Emigración actúa complementando a tarefa que elas mesmas desenvolven.

Un factor que incide positivamente neste programa de gasto é a globalización que nos ofrece a realidade actual da sociedade, a través da poboación galega residente en todos os países que conforman a Galicia exterior, que permite o impulso de actividades de carácter económico e empresarial que fomenten o desenvolvemento e a proxección económica de Galicia no ámbito internacional.

Outra característica apreciable da emigración galega é a súa vontade de retorno. Este feito condiciona que grande parte deste colectivo manteña os vínculos sociais e culturais con Galicia, e demande un apoio por parte da nosa comunidade autónoma á hora de planificar o seu retorno. O Goberno galego é consciente que o noso país dispón dun activo que pode converterse nun dos piares fundamentais para atallar o importante reto demográfico ao que se enfronta a nosa Comunidade: os milleiros de persoas galegas de segundas e terceiras xeracións que residen fóra da Galicia territorial. A Xunta de Galicia vén desenvolvendo de forma transversal, a través das súas consellerías e organismos, políticas destinadas a fomentar o retorno das persoas galegas emigrantes.

Neste sentido, a Secretaría Xeral da Emigración trata de captar para Galicia un retorno emprendedor e de talento entre as primeiras e seguintes xeracións de persoas emigrantes galegas, con vistas a que o retorno da poboación tamén supoña un retorno de capitais en forma de investimento, de riqueza, coñecemento e emprego.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia.
- Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia.
- Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galeguidade, Decreto 66/2014, do 23 de maio de regulación da condición de comunidade galega e de centro colaborador da galeguidade e do Rexistro da Galeguidade e Decreto 111/2015, do 6 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Consello de Comunidades Galegas.
- Lei 40/2006, do 14 de decembro, do estatuto da cidadanía española no exterior.
- Lei 52/2007, do 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas a favor de quen padeceu persecución ou violencia durante a guerra civil e ditadura.
- Estratexia Retorna.
- Estratexia Emigración.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Para o desenvolvemento deste programa, actuarase reforzando as axudas económicas, co obxectivo de paliar as situacións graves de carencia e desprotección en amplos sectores da poboación galega residente no exterior, en especial nos máis sensíbeis a este tipo de situacións como o conformado por persoas maiores, cunha demanda de atención específica de carácter sanitario, farmacéutico e de asistencia social cada vez maior; ou naqueles países que están a atravesar unha difícil situación socioeconómica, como Venezuela ou Cuba, e agora tamén Arxentina e Brasil.

Polo que se refire ás entidades galegas como entidades asociativas, asentadas fóra do territorio de Galicia, que teñen como unha das súas necesidades a súa preservación, é necesario neste próximo ano seguir facendo un esforzo especial para a súa supervivencia xa que están a recuperar as súas actividades. Debemos ademais seguir prestando apoio ás actuacións que realizan estas nas áreas sociais, asistenciais, formativas, culturais, informativas, de xuventude, así como contribuír á promoción e sostibilidade do seu patrimonio de valor histórico, documental, cultural, artístico e arquitectónico, incentivando no actual contexto os de tipo telemático.

A Estratexia Galicia Retorna recolle as novas accións transversais de apoio ao retorno por parte do Goberno galego, que neste programa en concreto céntranse na contribución a paliar as situacións de necesidade económica derivadas do proceso de retorno das persoas galegas retornadas e das súas familias, así como fomentar á súa integración socio laboral na comunidade autónoma, tanto no traballo por conta allea como, de xeito especial, no apoio e acompañamento no emprendemento, facilitando así, instrumentos de atracción profesional de poboación galega residente no exterior. Tamén con información e asesoramento técnico a través dunha plataforma única que é a nosa Oficina de Asesoramento e Seguimento ao Retorno.

Resulta fundamental colaborar no retorno da mocidade do exterior, mediante as axudas no eido académico, co obxectivo de que a sociedade galega se enriqueza cos coñecementos e experiencias profesionais internacionais que acheguen as persoas galegas con formación universitaria, que residen ou naceron no estranxeiro, e que agora retoman a Galicia, ao mesmo tempo que se reforza a súa vinculación coa comunidade autónoma.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

As actividades propias do programa están dirixidas á procurar o benestar e calidade de vida da cidadanía galega no exterior, das entidades galegas asentadas fóra de Galicia e o apoio ás persoas que retornen á nosa comunidade autónoma.

Das cifras do Instituto Nacional de Estatística (INE) relativas ao Padrón de Españóis Residentes no Estranxeiro (PERE) –datos a 1 de xaneiro de 2024 extráese que este colectivo está integrado por un 51,35 % de mulleres polo que os programas da Secretaría Xeral da Emigración están destinados a máis beneficiarios potenciais mulleres ca homes.

Polo que se refire ao ámbito do retorno, a estatística de variacións residenciais de 2022, segundo as fontes do INE, indica que retornaron a Galicia un 46,73 % de mulleres sobre a cifra total de poboación emigrante retornada á nosa comunidade autónoma.

O programa inclúe actuacións específicas dirixidas a persoas emigrantes galegas e retornadas para atender ás mulleres vítimas de violencia de xénero e á súa familia, así como un incentivo especial de apoio ás mulleres galegas que retornen a Galicia para a súa iniciativa emprendedora no mercado laboral, que faciliten a súa integración socio-laboral.

En canto ao papel da muller tanto na Galicia territorial como na exterior está a cobrar un peso cada día maior, que precisa dun apoio firme e constante por parte da Administración, polo que un dos principais obxectivos desta secretaría xeral é promover a integración e participación efectiva das mulleres na vida asociativa e directiva das entidades galegas no exterior –especialmente no que fai referencia aos seus órganos de dirección; se ben estes potenciais axentes son soberanos nas súas decisións e independentes do poder público á hora de orientar as súas políticas a través de campañas de concienciación co compromiso de igualdade nos espazos de representación da galegidade e nas colectividades do exterior.

A Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galegidade, recolle expresamente as actuacións no ámbito da igualdade de xénero entre as mulleres e os homes galegos residente no exterior, e instrumentará as medidas de apoio ás entidades galegas para este fin.

A Estratexia Emigración inclúe nas súas liñas de actuación unha área específica destinada á muller, co obxectivo de promover en coordinación coas entidades galegas no exterior, a realización de foros de debate e outras accións semellantes nas áreas xeográficas de residencia de poboación galega no exterior, e utilizar as conclusións destes congresos para a aplicación de políticas de igualdade e participación da muller no ámbito da galegidade.

No que se refire ao órgano colexiado de representación e de participación das comunidades galegas asentadas fóra de Galicia, na actualidade inclúese un representante do sector público autonómico de Galicia con competencias en materia de muller e igualdade.

As actuacións do programa orzamentario mediranse con indicadores asociados desagregados por sexo, e aqueles que incorporan a perspectiva de xénero: número de congresos, número de obradoiros con contidos de igualdade; número de mulleres vítimas beneficiarias das axudas; porcentaxe de mulleres e homes nos órganos de decisión das comunidades galegas no mundo e porcentaxe de mulleres e homes que participan nas accións formativas, culturais e de reencontros no ámbito da emigración galega.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	X
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	X
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

A Secretaría Xeral da Emigración desenvolverá unha liña de axudas para a promoción do autoemprego e a actividade emprendedora na Comunidade Autónoma de Galicia das persoas galegas retornadas, na que se contribuirá cunha achega económica complementaria para a actividade emprendedora feminina, co obxectivo de impulsar o emprendemento feminino e a mellora do tecido empresarial liderado por mulleres.

- Realización de congresos e seminarios de formación/debate e impulso da participación da muller nas comunidades e entidades galegas do exterior, de cara a fortalecer o movemento asociativo feminino e a presenza, o liderado e a participación das mulleres nas estruturas asociativas en xeral.
- A Secretaría Xeral da Emigración, dentro da convocatoria de axudas económicas individuais para persoas residentes no exterior, contempla unha liña específica de axudas para as mulleres que sufran violencia de xénero, para facilitar unha resposta específica ás mulleres vítimas que se atopen no exterior.
- Outra actuación no ámbito de resposta específica para paliar as situacións de violencia de xénero, desenvólvese a través do programa de axudas extraordinarias a persoas emigrantes galegas retornadas, no que se trata de dar apoio económica ás mulleres vítimas da violencia de xénero incluídas no programa de axudas.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Estímase que coas actuacións deseñadas dende a perspectiva de xénero, se avance cara a unha diminución da fenda de xénero na participación das mulleres das entidades galegas no exterior nos órganos de decisión das asociacións deste ámbito e nos lugares nos que residen, así como unha repercusión no retorno das mulleres galegas a través das accións de fomento, información e inserción laboral na nosa comunidade autónoma.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

O programa 312C -Servizos Sociais relativos ás migracións- no apartado de emigración, executou axudas de carácter socioasistencial e desenvolveu programas sociais e culturais, dos que nunha porcentaxe dun 61,6 % foron mulleres as beneficiarias destas actuacións no ámbito das persoas residentes no exterior.

Na área do retorno, as accións dirixidas ao colectivo en xeral, a porcentaxe de beneficiarias femininas foi dun 63,6 %.

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN. EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.

A Secretaría Xeral da Emigración continuará a traballar coa incorporación da perspectiva de xénero na xestión das actuacións que se financian no programa de gasto 312C -Servizos relativos ás migracións.

Entre as dificultades que se detectan para implantar novas estratexias neste ámbito, a máis significativa é que o colectivo ao que se dirixe á acción do dito programa de gasto é na súa maior parte o de persoas residentes no exterior, polo que radica en numerosos países, coas súas propias leis estatais e regulacións propias nesta materia.

Así mesmo, en canto ao fomento da participación efectiva das mulleres na vida asociativa e directiva das entidades galegas no exterior -especialmente no que fai referencia aos seus órganos de dirección-, detéctanse obstáculos que veñen dados por ser estes órganos colexiados axentes soberanos nas súas decisións e independentes do poder público á hora de orientar as súas políticas directivas.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral da Emigración

III.1.2. PROGRAMA 321A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE EMPREGO

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A finalidade deste programa é dar cobertura ao funcionamento das unidades administrativas vinculadas ós servizos centrais e periféricos dentro das competencias de emprego da Consellería. Deste xeito actúa de soporte básico cara a coordinar e garantir uns recursos humanos, materiais e de organización que permitan acadar maiores cotas de efectividade e racionalidade administrativa.

As características do programa determinan o seu alcance universal entendendo como tal aquel que pretende, aínda que sexa de modo indirecto, garantir a toda a cidadanía unha adecuada xestión dos recursos públicos. Trátase de xerar as condicións para que os principios de eficiencia, racionalidade e obxectividade que presiden o funcionamento de calquera administración pública, sexan unha constante en todas as actuacións desenvolvidas desde as distintas áreas da Consellería.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As características do programa determinan o seu alcance universal entendendo como tal aquel que pretende, aínda que sexa de modo indirecto, garantir a toda a cidadanía unha adecuada xestión dos recursos públicos. Trátase de xerar as condicións para que os principios de eficiencia, racionalidade e obxectividade que presiden o funcionamento de calquera administración pública, sexan unha constante en todas as actuacións desenvolvidas desde as distintas áreas da Consellería..

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Escenario económico marcado pola contención do gasto corrente sen descoidar os servizos públicos esenciais no que se priorizarán as políticas de gasto encamiñadas a potenciar os sectores fundamentais para a recuperación da actividade económica co fin de mellorar a senda de creación de emprego, todo isto encadrado nun compromiso de eficacia e economía que definen o deseño e funcionamento de calquera administración pública.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco de actuación do programa pasa polo establecemento dun sistema de coordinación interna e interadministrativa estable de acordo aos principios inspiradores da Lei 16/2010 do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia, o Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 79/2023, do 22 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica das Vicepresidencias e das Consellerías da Xunta de Galicia, e o Decreto 123/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Con este programa preténdese atender á problemática concreta das distintas unidades administrativas e centros con competencias de emprego da Consellería intentando dar solución inmediata e áxil ás situacións que unha organización destas características exige no marco dunha estratexia de facilitarlle ó administrado, en tanto que destinatario último das súas políticas, unha resposta adecuada ás súas demandas.

Como queda dito, as características do programa permiten definilo como un conxunto de actuacións e recursos dirixido a acadar as condicións para que os principios de eficiencia, racionalidade e obxectividade sexan unha constante en todas as actuacións desenvolvidas desde as distintas áreas da consellería, tratando de garantir a toda a cidadanía unha axeitada xestión dos recursos públicos. Estaríamos diante do que podemos definir como un programa instrumental facilitador de recursos para a consecución de escenarios laborais que permitan unha axeitada definición das liñas de actuación e intervención da consellería.

As actuacións máis significativas a desenvolver con este programa estarían relacionadas con:

- Facilitar a xestión das distintas unidades administrativas tanto a nivel central como periférico.
- A elaboración e difusión multimedia de compilacións normativas, estudos monográficos e calquera tipo de actuación de interese para a cidadanía que ilustren de xeito claro e preciso as liñas en materia de emprego da consellería.
- A definición de programas de información e comunicación en materia laboral na liña de establecer un sistema de información dos servizos e prestacións e uns procedementos administrativos comprensibles e sinxelos.
- A potenciación na difusión e comunicación das liñas das políticas laborais da consellería.
- A racionalización e mellora na tramitación das disposicións normativas en materia laboral da consellería, con especial incidencia nos procedementos de xestión de subvencións.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	

Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	x

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	x
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	x
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	x
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Todo o cadro de persoal da Consellería.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Cumprir no maior grao posible a necesidade de integrar a perspectiva de xénero dentro da Función Pública.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica

III.1.3. PROGRAMA 322A - MELLORA E FOMENTO DA EMPREGABILIDADE

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Este programa está constituído por diferentes medidas no ámbito das políticas activas de emprego que teñen por obxecto mellorar as posibilidades de acceso ao emprego das persoas desempregadas por conta propia ou allea coa finalidade de reducir a taxa de desemprego na nosa comunidade autónoma.

Para a consecución destes obxectivos este programa está constituído polo conxunto de accións e medidas de políticas activas de emprego dirixidos a facilitar información, orientación laboral e a busca de emprego, así como a promover a adaptación da formación e recualificación para o emprego dos traballadores e traballadoras mediante a adquisición de experiencia profesional a través da execución de obras ou a prestación de servizos de interese xeral e social, polos

programas integrados de emprego de Galicia, así como por aquelas outras accións innovadoras e complementarias que se programen, fomentando a participación activa e a mobilidade para a mellora da ocupabilidade e da inserción laboral da poboación en situación de desemprego.

Finalmente, contempla aquelas accións e medidas dirixidas a fomentar o espírito empresarial e a economía social e a establecer mecanismos e ferramentas de asesoramento e acompañamento ás iniciativas emprendedoras para o seu establecemento e nos primeiros momentos da súa andaina.

O desemprego é unha das situacións que máis preocupa á sociedade, o paro de longa duración, os desaxustes entre as necesidades do tecido produtivo e a capacitación das persoas demandantes, as dificultades de incorporación ao mercado de traballo de determinados colectivos, as dificultades con respecto á mobilidade xeográfica e funcional, desequilibrios no mercado laboral, unha excesiva temporalidade na ocupación, etc.

Na actualidade, o Servizo Público de Emprego ten que actuar nun entorno competitivo, complexo e dinámico e ten que situarse no mercado prestando un servizo de calidade ás persoas usuarias, garantindo o carácter público e gratuíto dos seus servizos. A modernización e a dixitalización son habitualmente un pilar do crecemento do Servizo Público de Emprego. A xestión da pandemia do coronavirus Covid-19 confirmou algunhas evidencias que ata este momento só eran ideas máis ou menos aceptadas pola sociedade: tecnoloxía e dixitalización son e serán pezas chave para afrontar calquera desafío económico, sanitario, ecolóxico ou social e, por suposto, laboral.

Este novo obxectivo deste programa está incluído no Plan anual de Fomento do Emprego Digno (PAFED). Debemos redobrar os esforzos para mellorar a comunicación coa cidadanía e co tecido empresarial, tanto no intercambio de información e na transparencia coma na interacción coas empresas e as persoas traballadoras.

Por outra banda as políticas activas de emprego teñen que funcionar como instrumentos incentivadores para a incorporación efectiva das persoas desempregadas ao mercado de traballo, estimulando a busca activa de emprego e a mobilidade xeográfica e funcional.

Partindo destas consideracións e con medidas integradas de distintas políticas activas de emprego e o desenvolvemento dun programa de orientación laboral preténdese prestar un servizo de avaliación e orientación laboral ás persoas desempregadas que se constitúa no instrumento que lles axude a adaptarse continuamente ás condicións do mercado de traballo atendendo tanto ás necesidades das empresas, a través da prospección e xestión das ofertas de traballo, como ás das persoas inscritas, a través de diagnósticos de empregabilidade, itinerarios personalizados e propostas formativas que permitan ás persoas demandantes tomar decisións de xeito máis efectivo.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Este programa está dirixido á mellora da empregabilidade do conxunto das persoas desempregadas ou ocupadas rexistradas na base de datos do Servizo Público de Emprego de Galicia que se atopen nun proceso activo de busca de emprego. Dentro deste colectivo xeral podemos establecer subgrupos prioritarios aos que se prestará especial atención e caracterizados polas súas maiores dificultades para acceder a un emprego, ben sexa polas súas carencias de formación, idade, sexo, discapacidade ou calquera outra circunstancia limitativa: persoas mozas, mulleres, desempregados de longa duración, persoas que esgotaran as prestación ou os subsidios de desemprego, persoas sen cualificación profesional, maiores de 45 anos, con discapacidade ou que pertencen a colectivos en risco de exclusión, en especial as persoas beneficiarias da Renda de Integración Social de Galicia e do Ingreso Mínimo Vital.

Determinadas liñas de actuación materialízanse a través de axudas e subvencións a entidades colaboradoras públicas e privadas sen ánimo de lucro para desenvolver programas de orientación, programas integrados de emprego ou programas mixtos de formación e emprego que poñen en práctica proxectos de utilidade pública ou interese social como instrumento idóneo para promover a creación de novas actividades nas zonas rurais vencellados a novos xacementos de emprego, favorecendo así a mellora das rendas e das condicións de vida e contribuíndo á fixación de poboación no medio rural.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Na seguintes táboas reflíctese a evolución do paro rexistrado e das taxas de desemprego nos últimos anos:

MEDIAS ANUAIS DE PARO REXISTRADO								
2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
233.449	212.558	194.428	174.651	163.219	180.253	163.447	146.167	134.468

TAXA DE DESEMPREGO (MEDIA ANUAL)								
2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
19,31	17,15	15,67	13,34	11,76	12,02	11,54	11,04	9,72

O paro rexistrado (datos en media anual) en Galicia encadeaba ata 2019 seis anos consecutivos de baixada; logo dun pronunciado ascenso en 2020 provocado pola crise da COVID 19, en 2021 recupérase a tendencia anterior á pandemia e Galicia volve a reducir o nivel de paro, situación que se prolonga ata 2023. Do mesmo xeito, a taxa de desemprego viña recortándose progresivamente dende o ano 2014, senda que se ve interrompida en 2020 polas consecuencias da pandemia.

En 2023 consolídase a recuperación económica trala pandemia, feito que tamén se reflicte nos datos de emprego: ao peche do ano, no mes de decembro, os niveis de afiliación á SS e de paro rexistrado acadan valores máximos e mínimos respectivamente: a afiliación á SS medra nun 1,92 % interanual e sitúase en 1.062.283 (a cifra máis alta dos últimos 15 anos para este mes) e o paro rexistrado despois de reducirse interanualmente un 8,94 % acada as 129.504 persoas (a cifra máis baixa nun decembro dende 1996).

Os datos do mercado ao longo deste 2024 continúan na liña de crecemento e amosan resultados non acadados dende os anos de expansión económica previos á crise de 2008: a taxa de paro do 2º trimestre de 2024 redúcese ata o 9,54, a menor taxa de paro nun 2º trimestre dos últimos dezaseis anos, e os niveis de paro rexistrado en xuño de 2024 incluso melloran aos datos precise e supoñen, ata ese momento, un mínimo absoluto na serie dende 1996. En canto aos traballadores afiliados á SS, neste xuño supoñen a cifra máis elevada nun mes de xuño dende o ano 2005.

Non obstante certo é que o noso mercado de traballo ten que reducir o desaxuste que aínda existe entre as competencias da forza de traballo (traballadores/as en activo) e as necesidades dese mercado de traballo, xa que ese desaxuste pon de manifesto un problema dobre: de empregabilidade das persoas e de competitividade da economía galega.

Neste sentido, a mellora da empregabilidade mediante a execución de políticas integradas de emprego, acompañadas dunha atención personalizada a través dun itinerario individual de inserción, son claves para iniciar a saída da situación de desemprego. En concreto, todas as medidas que melloran a formación e capacitación profesional son fundamentais para situar ás persoas desempregadas con opcións de acceder ao mercado de traballo, ou ben de mellorar a posición dentro do mercado de traballo das persoas ocupadas.

ANALISE DAFO

Debilidades:

- A taxa de desemprego, aínda que por debaixo da media do Estado, presenta valores superiores aos da media europea e é especialmente elevada na poboación xuvenil. De feito, a taxa de desemprego nos mozos, en 2023, sitúase 8,4 puntos por riba da taxa de paro total.
- As mulleres seguen a presentar unha fenda con respecto aos homes en canto ao emprego: a taxa de paro feminina en 2023 é superior á masculina en 1,6 puntos, mentres que a taxa de actividade e a taxa de emprego femininas son 8 e 8,1 puntos inferiores, respectivamente, ás masculinas. A súa vez, existe un nesgo notable en canto a parcialidade e temporalidade: en 2023 a taxa de temporalidade feminina acadou o 19,7 %, fronte a un 13,7 % no caso dos homes; as maiores diferenzas danse na taxa de parcialidade, mentres que a porcentaxe de mulleres galegas asalariadas que tiñan xornada parcial foi do 21,4 %, nos homes esta porcentaxe foi do 7,3 %.

- Dificultades de acceso ao emprego doutros colectivos ademais das persoas mozas, como as persoas paradas de longa duración, ou das persoas en risco de exclusión social.
- Alta representatividade do colectivo dos parados de longa duración, en decembro de 2023 supoñen o 50 % de todos os parados inscritos nas oficinas públicas de emprego de Galicia, dentro deles, os que levan en desemprego máis de dous anos supoñen o 67,3 %.
- Escasa empregabilidade das mulleres con menor nivel de formación.
- Baixo nivel de aprendizaxe de idiomas.

Fortalezas:

- A taxa de emprego medida sobre a poboación en idade laboral (16 a 64 anos) mellora a cifra estatal: Galicia: 66,85 %; España: 66,51 % (ano 2023).
- Crecente incorporación da muller ao mercado de traballo: Galicia conta no ano 2023 con 543.000 mulleres ocupadas, despois de ascender no último ano un 2,67 %. Trátase da maior cifra de mulleres ocupadas de toda a serie (INE 2002).
- Crecente nivel de instrución da poboación activa, sobre todo nas mulleres. O 44,74 % dos activos teñen estudos superiores, o 24,13 % acadaron a 2ª etapa da secundaria, o 28,08 % a 1ª etapa da secundaria e o 2,75 % teñen como moito estudos primarios.
- As mulleres están consolidadas no mercado de traballo nos niveis educativos máis altos, cunha tendencia estable: o 55,74 % dos activos con estudos superiores en 2023 son mulleres. Paralelamente nos niveis educativos máis baixos (analfabetos e primarios) o seu peso é inferior (37,80 %), fronte a un peso do 61,94 % do colectivo masculino. Esta situación é o resultado do cambio na estrutura da man de obra feminina cara un nivel cada vez máis elevado de cualificación.
- Proceso de diálogo social.
- Introducción de medidas como a potenciación das accións formativas de competencias clave que permitan o acceso aos certificados profesionais o cal impacta en maiores posibilidades de emprego aos grupos menos cualificados e excluídos do mercado laboral.
- Maior porcentaxe de mulleres nas accións e plans de formación para o emprego.
- Extensa rede de centros de formación para o emprego, con capacidade e experiencia e plataforma de Campus Virtual de Formación para o Emprego.
- Posta en marcha de medidas destinadas ás persoas desempregadas en xeral, pero tamén a determinados colectivos especialmente afectados pola dificultade de acceder ou volver a un emprego.
- Demanda dun determinado tipo de competencias por parte do mercado de traballo superior á oferta de persoas en activo que poden ter esas competencias, que dean resposta aos cambios producidos polas transicións dixitais e verde.

Ameazas:

- O abandono educativo temperán que, sen prexuízo da súa evolución favorable, aínda é elevado: a taxa de abandono educativo temperán en 2023 en Galicia (9,1), menor que a de España (13,7), e tamén lixeiramente inferior á da UE27 (9,5).
- Envellecemento demográfico que pode levar a un estancamento da poboación activa. Galicia en 2023 é a comunidade autónoma co 2º índice de envellecemento máis alto do Estado, despois de Asturias.
- Desánimo e desmotivación entre as persoas paradas de longa duración e os mozos e mozas fronte ao mercado de traballo. Soamente un 13,2 % dos parados de longa duración conseguiron un contrato de traballo en 2023. No paro de longa duración son maioritarios os colectivos máis vulnerables: mulleres, maiores de 54 anos e persoas con baixos niveis educativos.
- Perda de capital humano por prolongación do desemprego.
- O desemprego xuvenil.

Oportunidades:

- A conxuntura actual de mellora nos datos de emprego.
- A oferta formativa deseñada a partir dos resultados da Axenda Galega de Capacidades para o Emprego.
- A regulación que establece Lei Orgánica 3/2022, de 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional.
- A regulación que establece o Real decreto 694/2017, do 3 de xullo, polo que se desenvolve a Lei 30/2015, de 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de Formación Profesional para o Emprego no ámbito laboral.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

As distintas liñas de actuación financiadas a través deste programa artéllanse a través das correspondentes ordes de subvencións e dos outros instrumentos legais previstos no artigo 32.3 da Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de Emprego, e no marco dos seguintes documentos de planificación e normas:

- Real decreto 438/2024, do 30 de abril, polo que se desenvolven a Carteira Común de Servizos do Sistema Nacional de Emprego e os servizos garantizados establecidos na Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de emprego.
- Orde anual do Ministerio de Traballo e Economía Social pola que se distribúen territorialmente, para a súa xestión polas comunidades autónomas con competencias asumidas, subvencións do eido laboral financiadas con cargo aos presupostos xerais do estado.

- Real decreto 818/2021, do 28 de setembro, polo que se regulan os programas comúns de activación para o emprego do Sistema Nacional de Emprego.
- Plan Estratéxico de Galicia.
- Estratexia Española de Apoio Activo ao Emprego.
- Plan Anual para o Fomento do Emprego Digno (PAFED).
- Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, que establece o Sistema de Garantía Xuvenil.
- O Programa Operativo FSE Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A través deste programa preténdese:

- O desenvolvemento dun programa de información e orientación laboral destinado a mellorar as posibilidades de acceso ao emprego das persoas desempregadas, a través da elaboración de itinerarios profesionais personalizados, atendendo ás circunstancias persoais das persoas demandantes así como ás condicións do mercado e da estrutura socioeconómica do territorio onde se pretende atopar ese emprego.
- Ofrecer un sistema áxil de información que permita coñecer as persoas usuarias o seu nivel de cualificación e potencialidades, contribuír ó desenvolvemento local mediante asesoramento ás empresas, detectar as necesidades, xerar unha oferta de servizos ao autoemprego e xerar unha cultura emprendedora.
- Desenvolvemento de ferramentas e procedementos que promovan e melloren a inserción laboral da poboación activa no noso mercado de traballo, procurando a mellora da información dispoñible e a cualificación dos nosos traballadores segundo as necesidades do tecido empresarial.
- Mellorar a capacidade dos traballadores e traballadoras desempregadas na busca dun novo emprego, priorizando no seu acceso os colectivos con maiores dificultades, ben sexa pola súas características de formación, idade, sexo, discapacidade ou calquera outra circunstancia limitativa; ben sexa pola perda inminente de cobertura na súa protección social, facilitando a aqueles que esgotaran as prestacións e subsidios por desemprego unha nova oportunidade laboral mediante a adquisición e reorientación das súas competencias, a adquisición de experiencia profesional, así como a obtención de recursos de subsistencia económica para eles e as súas familias, ao mesmo tempo que, mediante o seu traballo subvencionado en actividades de interese xeral e social, contribúen tamén á mellora das condicións de vida no rural e nas vilas e cidades e á mellora e recuperación do medio ambiente e de espazos naturais protexidos.
- Favorecer a incorporación e permanencia da xente nova no mercado de traballo, mediante actuacións específicas dirixidas a mellorar a súa empregabilidade ao abeiro das actuacións encadradas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.

- Remover os atrancos que dificultan a promoción do emprego feminino de xeito que a participación das mulleres nas políticas activas de emprego sexa superior aos homes para o que se xestionarán programas específicos a favor das mulleres e consideraranse colectivos prioritarios nas políticas activas horizontais.
- Facilitar a integración laboral ás persoas con calquera tipo de discapacidade física, psíquica ou sensorial, mediante o establecemento de medidas que fomenten e faciliten o seu acceso ao emprego.
- Facilitar a integración laboral ás persoas en risco de exclusión social, especialmente ás beneficiarias da Renda de Integración Social de Galicia ou do Ingreso Mínimo Vital, mediante o establecemento de medidas que fomenten e faciliten o seu acceso ao emprego.
- Facilitar a mobilidade transfronteiriza na Eurorexión Galicia-Norte de Portugal, a través do EURES Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal, proporcionando información sobre as ofertas e demandas de emprego na Eurorexión, sobre a lexislación dos dous países en materia laboral, fiscal e social, e sobre as condicións de vida e de traballo en ambos lados da fronteira.
- Apoiar e fomentar o espírito emprendedor a través do establecemento de ferramentas de apoio, asesoramento e difusión da cultura emprendedora e da innovación e que faciliten e poñan ao alcance dos potenciais emprendedores o coñecemento e os medios materiais establecidos polos distintos estamentos públicos e privados para a posta en marcha de iniciativas emprendedoras e proxectos empresariais que, sendo innovadores, promovan a creación de novos postos de traballo vencellados aos novos xacementos de emprego, preferentemente entre mozos desempregados no medio rural, local e no entorno universitario e contribúan a diversificación do tecido produtivo, garantindo un desenvolvemento económico sostido en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e incrementando o ritmo de creación de empresas.
- Contribuír ao necesario equilibrio e solidariedade con aqueles territorios mais desfavorecidos na implementación das diferentes medidas de políticas activas de emprego.

Realizaranse as seguintes actividades co obxecto de conseguir estes obxectivos:

- Establecemento de medidas dirixidas a mellorar a empregabilidade e a apoiar a inserción ou reinserción no mercado de traballo dos traballadores e traballadoras desempregados, especialmente daquelas con maiores dificultades de inserción laboral: os que pertencen a colectivos en risco de exclusión social, os mozos, as mulleres, as persoas paradas de longa duración, as persoas demandantes que esgotaran as súas prestacións, as persoas demandantes de primeiro emprego, as persoas con discapacidade, os inmigrantes e os que estean en situación de risco de exclusión social, especialmente as persoas beneficiarias da Renda de Integración social de Galicia.
- Elaboración de itinerarios integrados de inserción personalizada, definindo plans individuais adaptados ás necesidades e características das persoas destinatarias e atendendo á súa situación persoal, familiar e sociolaboral.

- Posta en marcha de programas integrados de emprego con intermediación laboral que combinen distintas políticas activas de emprego.
- Instrumentación de actuacións específicas para a mobilidade e o apoio ao seguimento das accións de mellora da empregabilidade definidas nos itinerarios de inserción.
- Implementación de programas que faciliten a adquisición de experiencia profesional e de formación en alternancia das persoas desempregadas, especialmente daquelas con especiais dificultades de inserción, mediante os programas mixtos de formación e emprego.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Este programa está constituído por todas aquelas medidas de políticas activas de emprego que teñen por obxecto mellorar as posibilidades de acceso ao emprego das persoas desempregadas, por conta propia ou allea, e a adaptación da formación e recualificación para o emprego dos traballadores e traballadoras así como aquelas outras destinadas a fomentar o espírito empresarial e a economía social e a establecer mecanismos e ferramentas de asesoramento e acompañamento ás iniciativas emprendedoras para o seu establecemento e nos primeiros momentos da súa andaina.

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, tendo en conta que é un dos piares básicos das directrices establecidas na Estratexia Europea para o Emprego, incide na necesidade de reforzar a política de igualdade entre homes e mulleres, porfiando na integración da igualdade de xénero e en mellorar as perspectivas e oportunidades das mulleres en xeral, articula un conxunto

de incentivos dirixidos a garantir o principio de igualdade entre homes e mulleres e facilitar tanto o acceso ao mercado de traballo coma a permanencia nel. Estas medidas tradúcense fundamentalmente na definición das mulleres como colectivo beneficiario das axudas e na consideración das mulleres como colectivo preferente no acceso ás mesmas.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	X
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

As mulleres son colectivo preferente en todas as medidas incluídas neste programa de gasto, en concreto, nos programas integrados de emprego e nos programas mixtos de formación e emprego.

Nas convocatorias de axudas para o desenvolvemento de programas integrados de emprego resérvase unha partida económica para programas dirixidos exclusivamente a mulleres.

No que respecta ao desenvolvemento das accións de información, orientación e busca de emprego, as mulleres desempregadas serán un colectivo prioritario no direccionamento automático das persoas demandantes polo que se asignan cada semana as citas cos técnicos de orientación.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

A previsión é unha participación final dun sesenta por cento de mulleres dentro do conxunto de persoas desempregadas participantes nas medidas activas de emprego incluídas neste programa de gasto.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego

III.1.4. PROGRAMA 322C - PROMOCIÓN DO EMPREGO, DO EMPREGO AUTÓNOMO E DO MERCADO DE TRABALLO INCLUSIVO

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

1. Este programa ten como finalidade principal intervir na creación de emprego, fundamentalmente a través de incentivos aos principais actores nese proceso de creación de emprego: as persoas empresarias e emprendedoras, incluíndo partidas específicas para fomentar a xeración de emprego das mulleres, das persoas mozas, das persoas retomadas e estranxeiras, das persoas desempregadas con especiais dificultades de inserción no mercado laboral, das persoas con discapacidade, e das persoas en risco de vulnerabilidade.
O programa persigue ademais o mantemento e consolidación do emprego a través do mantemento da actividade económica.
2. Así mesmo, trátase de potenciar o desenvolvemento de programas de cooperación e colaboración con entidades públicas e privadas sen ánimo de lucro como instrumento idóneo para fomentar a creación de novas actividades, da adquisición de experiencia profesional de persoas desempregadas e, tamén de novos empregos nas zonas rurais, vencelladas a novos xacementos de emprego, favorecendo unha mellora nas rendas e, consecuentemente, nas condicións de vida no medio rural, contribuíndo tamén á fixación de poboación nesas zonas rurais.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

- O programa ten un carácter horizontal sendo o as beneficiarias finais del as persoas desempregadas.
- Dentro deste colectivo xeral establécense varios colectivos específicos, por ser os que presentan maiores dificultades de inserción laboral e que necesitan medidas que apoiem a igualdade de oportunidades e integración laboral, buscando facilitar a súa incorporación ou reincorporación ao mercado de traballo: mulleres, mocidade, persoas con discapacidade, ou persoas que pertencen aos colectivos en situación ou en risco de exclusión social (incluída unha liña específica para persoas perceptoras da RISGA, persoas desempregadas que esgotaran as prestacións ou os subsidios de desemprego, persoas desempregadas de longa duración, persoas desempregadas maiores de 45 anos, ou persoas emigrantes retomadas e persoas estranxeiras.
- É salientable o colectivo das persoas desempregadas mozas menores de 30 anos, e dentro deste colectivo o das persoas mozas que nin traballan nin reciben unha acción de formación ou educación aos que van dirixidas as medidas de fomento da contratación e do autoemprego.

- En canto aos colectivos beneficiarios directos das axudas, son:
 - as persoas emprendedoras que creen o seu propio posto de traballo.
 - as empresas, e as pequenas iniciativas empresariais xeradoras de emprego.
 - as entidades sen ánimo de lucro que xeren postos de traballo e aquelas que realicen labores de emprego con apoio para persoas con discapacidade na empresa ordinaria.
 - as entidades públicas e privadas sen ánimo de lucro que potencien o desenvolvemento de programas de cooperación e colaboración.
 - as empresas, especialmente as que estean a investir en investigación e innovación xerando emprego especialmente para persoas mozas.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Na seguinte táboa reflíctese a evolución do paro rexistrado nos últimos anos, expresado en valores medios anuais:

MEDIAS ANUAIS DE PARO REXISTRADO										
2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
276.007	256.960	233.449	212.558	194.428	174.651	165.308	180.253	163.446	146.167	124.385

Como pode observarse a evolución presenta datos que indican a inversión da tendencia, cunha mellora e diminución da media anual de paro a partir do 2014, que se ve interrompida no ano 2020 a causa da Covid-19.

No ano 2021 pódese apreciar unha recuperación significativa, de xeito que os valores indican unha nova tendencia á baixa do paro rexistrado antes da crise provocada pola Covid-19, baixa que se consolida claramente en 2023.

Neste sentido, os programas de incentivos á contratación, os programas de apoio ao autoemprego e ao emprendemento individual, e os programas de integración laboral das persoas con discapacidade e en risco de exclusión social son políticas que xunto coas medidas de mellora da empregabilidade dos traballadores e das traballadoras galegas son clave para iniciar a saída da situación de desemprego.

Así mesmo a actual situación require a adopción de medidas que contribúan o mantemento do emprego e a actividade económica. E programas de impulso e apoio que permitan afrontar a nova situación económica.

ANÁLISE DAFO

Debilidades:

- O elevado número de persoas paradas en Galicia que levan un ano ou máis nesa situación.
- A elevada taxa de desemprego dos maiores de 45 anos.
- O baixo nivel de medidas de conciliación da vida laboral e persoal nas pemes galegas.
- Maiores dificultades nas zonas máis rurais para o desenvolvemento de iniciativas emprendedoras.
- Falta de espírito emprendedor e de remuda xeracional.
- Elevada inestabilidade no emprego, alta taxa de temporalidade, de xeito especial entre os mozos e as mozas.
- Dificultades de acceso ao mercado de traballo doutros colectivos, ademais das persoas mozas, como serían as persoas paradas de longa duración, co consecuente desenganche do mercado laboral, ou as persoas en risco de exclusión laboral e social.
- Escasa empregabilidade da mocidade, especialmente das mulleres con menor nivel de formación.

Ameazas:

- Envellecemento da poboación galega, que afecta tanto á poboación activa como á ocupada.
- Falta de tecido empresarial no ámbito rural.
- Falta de espírito emprendedor e obstáculos burocráticos e administrativos para aquelas persoas que o teñen.
- Dificil inserción no mercado de traballo das persoas paradas de longa duración e dos mozos e mozas.
- Perda de capital humano por prolongación do desemprego.
- Falta de conciliación da vida laboral coa vida persoal, especialmente no ámbito do sector privado.
- Dificultade de trasladar con axilidade a recuperación económica á asignación dos recursos.
- Dificultade económica creada pola situación arrastrada dende a pandemia e agravada pola invasión rusa en Ucraína (incremento dos custos enerxéticos, encarecemento das materias primas agrícolas e minerais).

Fortalezas:

- Diminución importante do número de persoas desempregadas no último horizonte temporal observado.
- Mellora na contratación indefinida e tempo completo.

- Uso de medios telemáticos para a realización de trámites co SPEG.
- Existencia de capacidades investigadoras e de xeración de coñecemento.
- Marco regulador das relacións laborais modernizado.
- Posta en marcha de medidas destinadas ás persoas desempregadas en xeral, pero tamén a determinados colectivos especialmente afectados pola dificultade de volver acceder a un emprego, ou mesmo pola falta de oportunidades para acceder ao seu primeiro posto de traballo.
- Existencia de procedementos e metodoloxías de traballo consolidadas así como contar con persoal cualificado e con experiencia na xestión.

Oportunidades:

- Demanda de novas ocupacións, cualificacións e perfís profesionais derivados da evolución tecnolóxica, e desenvolvemento de postos de traballo en novos sectores e áreas: novos xacementos de emprego, emprego verde, sectores tecnolóxicos, I+D+i, sector turístico; economía baixa en carbono, economía mariña e marítima e crecemento azul.
- Emprego autónomo como fórmula para a reincorporación ao mercado de traballo, especialmente para as persoas maiores de 45 anos.
- Impulso, dinamización e crecemento das empresas e o emprendemento entre a sociedade galega.
- Gran potencial do sector comercial como xerador de emprego, especialmente entre as mulleres e a mocidade.
- O interese da comunidade científica e tecnolóxica por chegar ao mercado a través do emprendemento.
- Capacidade de resiliencia do sector servizos, o que maior volume de emprego aglutina na Comunidade Autónoma, con especial posibilidade de desenvolvemento nas zonas intermedias de poboación.
- Incentivos á contratación que permitan atender as demandas do tecido produtivo.
- Dixitalización da empresa galega o cal requirirá novos perfís profesionais e novas oportunidades de emprego.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

As distintas liñas de actuación financiadas a través deste programa artéllanse a través das correspondentes ordes de convocatoria de subvencións no marco dos seguintes documentos de planificación e normas:

- Real decreto 438/2024, do 30 de abril, polo que se desenvolve a Carteira Común de Servizos do Sistema Nacional de Emprego e os servizos garantidos establecidos na Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de Emprego.

- Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de Emprego.
- Lei 6/2022, do 31 de marzo, de modificación do Texto Refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, para establecer e regular a accesibilidade cognitiva e as súas condicións de esixencia e aplicación.
- Real decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.
- Real decreto 818/2021, do 28 de setembro, polo que se regulan os programas comúns de activación para o emprego do Sistema Nacional de Emprego.
- Programa FSE+ Galicia 2021-2027.
- Plan de Garantía Xuvenil Plus 2021-2027.
- Orde anual do Ministerio de Traballo e Economía Social pola que se distribúen territorialmente, para a súa xestión polas comunidades autónomas con competencias asumidas subvencións do eido laboral financiadas con cargo aos Presupostos Xerais do Estado.
- As distintas normas estatais que regulan as liñas básicas dos programas de axudas de fomento do emprego financiados con fondos finalistas.
- Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, competitividade e eficiencia, que establece o Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.
- Plan Anual de Políticas de Emprego (PAPE) 2024.
- Plan Estratéxico de Galicia 2021-2030.
- Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A través deste programa e tendo en conta dun xeito transversal a igualdade de oportunidades entre os homes e as mulleres, preténdese:

- A adquisición de experiencia laboral, mediante o desenvolvemento de habilidades formativas, para a súa integración no mercado de traballo.
- Que as persoas desempregadas atopen un posto de traballo por conta allea.
- Que as persoas traballadoras cun contrato temporal acaden a súa estabilidade no emprego.
- Mellorar a empregabilidade da mocidade galega a través da posta en marcha dunha Estratexia de Emprego Xuvenil que incida na mellora da súa empregabilidade e da súa calidade de vida, permitíndolles a adquisición de experiencia profesional mediante incentivos a súa contratación.
- Que as persoas desempregadas creen o seu propio posto de traballo a través das fórmulas de autoemprego.

- Apoiar e fomentar o traballo autónomo dirixido ao establecemento e desenvolvemento de iniciativas económicas e profesionais por conta propia.
- Que as persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social se integren social e laboralmente.
- Que as persoas mozas se incorporen, por conta propia ou allea, e de xeito efectivo ao mercado de traballo.
- Que as mulleres reciban axudas específicas, de maior contía económica, que contribúan no obxectivo de igualdade de oportunidades.
- Fomentar a creación de emprego no rural galego, incrementando a través de nova fórmulas e metodoloxías, a posta en marcha de novas empresas e a revitalización do rural.
- Mellorar a capacidade dos traballadores e traballadoras desempregadas na busca dun novo emprego, priorizando no seu acceso aos colectivos con maiores dificultades, ben sexa pola súas características de formación, idade, sexo, discapacidade ..., ben sexa pola perda inminente de cobertura na súa protección social, facilitando a aqueles que esgotaran as prestacións e subsidios por desemprego unha nova oportunidade laboral mediante a reorientación das súas competencias e a adquisición de experiencia profesional, ao tempo que, mediante o seu traballo subvencionado en actividades de interese xeral e social, contribúen á mellora das condicións de vida no rural e á mellora e recuperación do medio ambiente e de espazos naturais protexidos.
- Facilitar a integración laboral ás persoas con calquera tipo de discapacidade física, psíquica ou sensorial, mediante o establecemento de medidas que fomenten e faciliten o seu acceso ao emprego.
- Facilitar a integración laboral ás persoas en risco de exclusión social, especialmente ás beneficiarias da Renda de Integración Social de Galicia e beneficiarios do programa de activación para o emprego, mediante o establecemento de medidas que fomenten e faciliten o seu acceso ao emprego.
- Mantemento da actividade económica e do emprego.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	

Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	x
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

As mulleres son un grupo de poboación prioritario para a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración en relación ao global das políticas activas de emprego, e así se reflicte na totalidade de liñas de axudas á contratación (tanto por parte de empresas privadas como de entidades sen ánimo de lucro ou corporación locais) e de axudas ao emprego autónomo, nas que a condición de muller está primada con porcentaxes maiores de axuda, de maneira que a perspectiva de xénero está presente de maneira permanente.

A través das accións deste programa, que conta tanto con liñas específicas de apoio ás mulleres ao tempo que integra nas restantes a dimensión de xénero, preténdese acadar unha maior participación das mulleres no mercado laboral, dado que a súa taxa de actividade e de ocupación é menor ca dos homes e a súa taxa de desemprego é máis alta ca dos homes.

Dos datos de paro rexistrado a decembro 2023, o desemprego das mulleres supoñían un 15,5 % máis que o dos homes, de maneira que segue sendo preciso implementar medida de discriminación positiva como as que figuran no orzamento 2025.

As potenciais persoas beneficiarias das accións deste programa, o as persoas desempregadas.

Tomando como referencia os datos de decembro de 2023 a situación en que se atopan as mulleres é a que segue:

TOTAL PARO REXISTRADO	HOMES		MULLERES	
129.504	54.711	42,24 %	74.793	57,76 %

O paro feminino descendeu no ano 2023 con respecto ao 2022, cuxa situación era:

TOTAL PARO REXISTRADO	HOMES		MULLERES	
142.222	59.848	42,08 %	82.374	57,92 %

Pero seguen existindo máis de 15 puntos de diferenza entre homes e mulleres en situación de desemprego.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	x
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	x
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	x
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	x
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	x
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	x
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	x
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	x
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

- Incentivos á contratación por conta allea: Dirixidos fundamentalmente a empresas, persoas empregadoras e tamén a asociacións cando actúan como empregadoras.
DESTINATARIA: Toda a sociedade, non obstante conta cunha partida orzamentaria específica dirixida a mulleres.
- Incentivos ao autoemprego e ás iniciativas empresariais: Dirixidos ás persoas autónomas
DESTINATARIA: toda a sociedade.

- Incentivos á integración laboral dos colectivos vulnerables: Dirixidos a persoas con discapacidade ou en risco de exclusión.
DESTINATARIA: toda a sociedade.
- Incentivos ás entidades públicas e privadas sen ánimo de lucro para potenciar o desenvolvemento de programas de cooperación e colaboración.
DESTINATARIA: toda a sociedade.

Todas estas actuacións contemplan nos seus incentivos incrementos económicos específicos para as mulleres en situación de desemprego ademais dos propios das súas circunstancias persoais.

MEDIDAS ESPECÍFICAS DE CONCILIACIÓN

1. Establecemento de axudas ás pequenas e medianas empresas galegas para a introdución de medidas de organización flexible do tempo de traballo (flexibilidade horaria, de xornada, quendas, vacacións), o traballo a distancia, a mobilidade xeográfica así como outros beneficios sociais e servizos que faciliten ás traballadoras e traballadores compatibilizar a esfera laboral coa vida persoal e familiar.
Na subvención para axudas a iniciativas de emprego de base tecnolóxica tamén se establecen axudas á conciliación á que poden acollerse homes e mulleres.
2. Consolidación de axudas á conciliación da persoa traballadora autónoma, tanto nos casos de por maternidade ou paternidade, como para o coidado de maiores, menores e persoas dependentes, a través da convocatoria dunha axuda específica, co fin de que se poida contar con apoio laboral durante o permiso de maternidade ou paternidade mediante a subvención á contratación dunha persoa substituta, da subvención á contratación dunha persoa traballadora para tarefas de coidado de maiores, menores e persoas dependentes e/ou unha axuda para o apoio nos custos dos servizos de coidado (centros ou actividades).

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Contribuirase a reducir o diferencial existente entre a taxa de paro feminino e a taxa de paro masculino, a través dun acceso ao emprego en condicións de igualdade.

A previsión é que a través dos programas de axudas deste programa o 50 % da persoas beneficiarias finais do mesmo (persoas desempregadas ou cun emprego precario) sexan mulleres. Este porcentaxe atópase na actualidade nun 45,74 % de mulleres beneficiarias.

Facilitarase o acceso a actividades formativas favorecendo a conciliación da vida persoal, familiar e profesional.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

Todas as liñas de axudas incluídas neste programa de gasto contan con informe de impacto de xénero.

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN. EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.

Todas as liñas de axudas incluídas neste programa de gasto contan con informe de impacto de xénero.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría xeral de Emprego e Relacións Laborais

Dirección Xeral de Emprego Autónomo e Economía Social

III.1.5. PROGRAMA 323A - FORMACIÓN PROFESIONAL DESEMPREGADOS

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O servizo público de emprego está obrigado a desenvolver a súa actividade de cara ás persoas desempregadas, actuando conforme aos principios de igualdade de oportunidades, non discriminación, transparencia, gratuidade, efectividade e calidade na prestación de servizos. E debe prestarlles unha atención que lles permita mellorar as súas competencias e cualificación profesional, mellorando a súa empregabilidade e incrementando as súas posibilidades de inserción laboral. De igual xeito, todas as políticas activas que se desenvolvan deben potenciar nas persoas traballadoras desempregadas unha actitude proactiva estimulando a busca activa de emprego, de xeito que esas políticas actúen como instrumentos incentivadores para a incorporación efectiva das persoas desempregadas ao mercado de traballo.

De xeito particular, desenvolveranse accións e medidas destinadas a mellorar a empregabilidade das persoas mozas, tanto das que carecen de cualificación, como daquelas que estando cualificadas atopan dificultades para acceder por primeira vez ao mercado laboral.

Do mesmo xeito, desenvolveranse accións e medidas específicas destinadas a mellorar a empregabilidade das persoas beneficiarias do Subsidio Extraordinario por Desemprego.

Neste contexto, a formación profesional para o emprego convértese no principal factor de impulso da mellora da empregabilidade tanto da poboación desempregada como da poboación ocupada.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

- Persoas traballadoras desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, en especial aqueles colectivos con especiais dificultades de inserción laboral: mozos; mulleres, especialmente as vítimas de violencia de xénero; persoas con discapacidade, parados de longa duración, emigrantes retornados e outros colectivos con dificultades de inclusión, beneficiarios do programa extraordinario de activación para o emprego e persoas mozas beneficiarias do programa de garantía xuvenil.
- Persoas traballadoras ocupadas, dentro dos límites de participación que estableza a normativa estatal aplicable.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Na seguintes táboas reflíctese a evolución do paro rexistrado e das taxas de desemprego nos últimos anos:

MEDIAS ANUAIS DE PARO REXISTRADO

MEDIAS ANUAIS DE PARO REXISTRADO								
2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
233.449	212.558	194.428	174.651	163.219	180.253	163.447	146.167	134.468

TAXA DE DESEMPREGO (MEDIA ANUAL)								
2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
19,31	17,15	15,67	13,34	11,76	12,02	11,54	11,04	9,72

O paro rexistrado (datos en media anual) en Galicia encadeaba ata 2019 seis anos consecutivos de baixada; logo dun pronunciado ascenso en 2023 provocado pola crise da COVID 19, en 2021 recupérase a tendencia anterior á pandemia e Galicia volve a reducir o nivel de paro, situación que se prolonga ata 2022. Do mesmo xeito, a taxa de desemprego viña recortándose progresivamente dende o ano 2014, senda que se ve interrompida en 2020 polas consecuencias da pandemia.

En 2023 consolídase a recuperación económica trala pandemia, feito que tamén se reflicte nos datos de emprego: ao peche do ano, no mes de decembro, os niveis de afiliación á SS e de paro rexistrado acadan valores máximos e mínimos respectivamente: a afiliación á SS medra nun 1,92 % interanual e sitúase en 1.062.283 (a cifra máis alta dos últimos 15 anos para este mes) e o paro rexistrado despois de reducirse interanualmente un 8,94 % acada as 129.504 persoas (a cifra máis baixa nun decembro dende 1996).

Os datos do mercado ao longo deste 2024 continúan na liña de crecemento e amosan resultados non acadados dende os anos de expansión económica previos á crise de 2008: a taxa de paro do 2º trimestre de 2024 redúcese ata o 9,54, a menor taxa de paro nun 2º trimestre dos últimos dezaseis anos, e os niveis de paro rexistrado en xuño de 2024 incluso melloran aos datos precise e supoñen, ata ese momento, un mínimo absoluto na serie dende 1996. En canto aos traballadores afiliados á SS, neste xuño supoñen a cifra máis elevada nun mes de xuño dende o ano 2005.

Non obstante certo é que o noso mercado de traballo ten que reducir o desaxuste que aínda existe entre as competencias da forza de traballo (persoas traballadoras en activo) e as necesidades dese mercado de traballo, xa que ese desaxuste pon de manifesto un problema dobre: de empregabilidade das persoas e de competitividade da economía galega.

Neste sentido, a mellora da empregabilidade mediante a execución de políticas integradas de emprego, acompañadas dunha atención personalizada a través dun itinerario individual de inserción, son claves para iniciar a saída da situación de desemprego. En concreto, todas as medidas que aumenten a formación e capacitación profesional son fundamentais para situar ás persoas desempregadas con opcións de acceder ao mercado de traballo, ou ben de mellorar a posición dentro do mercado de traballo das persoas ocupadas.

ANALISE DAFO

Debilidades:

- A taxa de desemprego, aínda que por debaixo da media do Estado, presenta valores superiores aos da media europea e é especialmente elevada na poboación xuvenil. De feito, a taxa de desemprego nos mozos, en 2023, sitúase 8,4 puntos por riba da taxa de paro total.
- As mulleres seguen a presentar unha fenda con respecto aos homes en canto ao emprego: a taxa de paro feminina en 2023 é superior á masculina en 1,6 puntos, mentres que a taxa de actividade e a taxa de emprego femininas son 8 e 8,1 puntos inferiores, respectivamente, ás masculinas. Pola vez que existe un nesgo notable en canto a parcialidade e temporalidade: en 2023 a taxa de temporalidade feminina acadou o 19,7 %, fronte a un 13,7 % no caso dos homes; as maiores diferenzas danse na taxa de parcialidade, mentres que a porcentaxe de mulleres galegas asalariadas que tiñan xornada parcial foi do 21,4 %, nos homes esta porcentaxe foi do 7,3 %.
- Dificultades de acceso ao emprego doutros colectivos ademais das persoas mozas, como as persoas paradas de longa duración, ou das persoas en risco de exclusión social.
- Alta representatividade do colectivo dos parados de longa duración, en decembro de 2023 supoñen o 50 % de todos os parados inscritos nas oficinas públicas de emprego de Galicia, dentro deles, os que levan en desemprego máis de dous anos supoñen o 67,3 %.
- Escasa empregabilidade das mulleres con menor nivel de formación.
- Baixo nivel de aprendizaxe de idiomas.

Fortalezas:

- A taxa de emprego medida sobre a poboación en idade laboral (16 a 64 anos) mellora a cifra estatal: Galicia: 66,85 %; España: 66,51 % (ano 2023).
- Crecente incorporación da muller ao mercado de traballo: Galicia conta no ano 2023 con 543.000 mulleres ocupadas, despois de ascender no último ano un 2,67 %. Trátase da maior cifra de mulleres ocupadas de toda a serie (INE 2002).
- Crecente nivel de instrución da poboación activa, sobre todo nas mulleres. O 44,74 % dos activos teñen estudos superiores, o 24,13 % acadaron a 2ª etapa da secundaria, o 28,08 % a 1ª etapa da secundaria e o 2,75 % teñen como moito estudos primarios.
- As mulleres están consolidadas no mercado de traballo nos niveis educativos máis altos, cunha tendencia estable: o 55,74 % dos activos con estudos superiores en 2023 son

mulleres. Paralelamente nos niveis educativos máis baixos (analfabetos e primarios) o seu peso é inferior (37,80 %), fronte a un peso do 61,94 % do colectivo masculino. Esta situación é o resultado do cambio na estrutura da man de obra feminina cara un nivel cada vez máis elevado de cualificación.

- Proceso de diálogo social.
- Introducción de medidas como a potenciación das accións formativas de competencias clave que permitan o acceso aos certificados profesionais o cal impacta en maiores posibilidades de emprego aos grupos menos cualificados e excluídos do mercado laboral.
- Maior porcentaxe de mulleres nas accións e plans de formación para o emprego.
- Extensa rede de centros de formación para o emprego, con capacidade e experiencia e plataforma de Campus Virtual de Formación para o Emprego.
- Posta en marcha de medidas destinadas as persoas desempregadas en xeral, pero tamén a determinados colectivos especialmente afectados pola dificultade de acceder ou volver a un emprego.
- Demanda dun determinado tipo de competencias por parte do mercado de traballo superior á oferta de persoas en activo que poden ter esas competencias, que dean resposta aos cambios producidos polas transicións dixitais e verde.

Ameazas:

- O abandono educativo temperán que, sen prexuízo da súa evolución favorable, aínda é elevado: a taxa de abandono educativo temperán en 2023 en Galicia (9,1), menor que a de España (13,7), e tamén lixeiramente inferior á da UE27 (9,5).
- Envellecemento demográfico que pode levar a un estancamento da poboación activa. Galicia en 2023 é a comunidade autónoma co 2º índice de envellecemento máis alto do Estado, despois de Asturias.
- Desánimo e desmotivación entre as persoas paradas de longa duración e os mozos e mozas fronte ao mercado de traballo. Soamente un 13,2 % dos PLD conseguiron un contrato de traballo en 2023. No paro de longa duración son maioritarios os colectivos máis vulnerables: mulleres, maiores de 54 anos e persoas con baixos niveis educativos.
- Perda de capital humano por prolongación do desemprego.
- O desemprego xuvenil.

Oportunidades:

- A conxuntura actual de mellora nos datos de emprego.
- A nova oferta formativa deseñada a partir dos resultados da Axenda Galega de Capacidades para o Emprego.
- A nova regulación que establece Lei Orgánica 3/2022, de 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O desenvolvemento do programa artéllase no marco da normativa de aplicación á contratación administrativa e ás subvencións, así como a través da seguinte normativa específica:

- Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional.
- Real decreto 659/2023, de 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional.
- Real decreto 658/2024, de 9 de xullo, polo que se modifican o Real decreto 132/2010, de 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que imparten as ensinanzas do segundo ciclo da educación infantil, a educación primaria a educación secundaria, e o Real decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional.
- Orde EFP/942/2022, do 23 de setembro, pola que se regula a oferta formativa do sistema de Formación Profesional no ámbito laboral asociada ao Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais efectuada polas administracións competentes, se establecen bases reguladoras, así como as condicións para o seu financiamento.
- Lei 3/2023, do 28 de febreiro, de Emprego.
- Real decreto 438/2024, do 30 de abril, polo que se desenvolven a Carteira Común de Servizos do Sistema Nacional de Emprego e os servizos garantizados establecidos na Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de emprego.
- Lei 30/2015, do 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de Formación Profesional para o emprego no ámbito laboral, naquelas disposicións que non se opoñan ao establecido na Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da formación profesional.
- Real decreto 115/2017, do 17 de febreiro, polo que se regula a comercialización e manipulación de gases fluorados e equipos baseados neles, así como a certificación dos profesionais que os empregan e polo que se establecen os requisitos técnicos para as instalacións que desenvolven actividades que emitan gases fluorados.
- Real decreto 694/2017, do 3 de xullo, polo que se desenvolve a Lei 30/2015, de 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de Formación Profesional para o Emprego no ámbito laboral.
- Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados profesionais, do que segue vixente o seu anexo IV.
- Orde TMS/283/2019, do 12 de marzo, pola que se regula o Catálogo de Especialidades Formativas no marco do sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral.
- Orde TMS 368/2019, do 28 de marzo, pola que se desenvolve o Real decreto 694/2017, do 3 de xullo, polo que se desenvolve a Lei 30/2015, de 9 de setembro, pola que se

regula o Sistema de Formación Profesional para o Emprego no ámbito laboral, en relación coa oferta formativa das administracións competentes e o seu financiamento, e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao seu financiamento.

- Orde TMS/369/2019, do 28 de marzo, pola que se regula o Rexistro Estatal de Entidades de Formación do sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral, así como os procesos comúns de acreditación e inscrición das entidades de formación para impartir especialidades formativas incluídas no Catálogo de Especialidades Formativas.
- Orde anual do Ministerio competente en materia de emprego pola que se distribúen territorialmente, para a súa xestión polas comunidades autónomas con competencias asumidas, subvencións do eido laboral financiadas con cargo aos Presupostos Xerais do Estado.
- Resolución anual do Ministerio competente en materia de educación pola que se distribúen territorialmente, para a súa xestión polas comunidades autónomas con competencias asumidas, subvencións do eido da formación profesional dos Grados A, B e C con cargo aos Presupostos Xerais do Estado.
- As distintas normas estatais que regulan as liñas básicas dos programas de axudas de fomento do emprego financiados con fondos finalistas.
- Plan Estratéxico de Galicia.
- Estratexia Española de Apoio Activo ao Emprego.
- Plan Anual para o Fomento do Emprego digno (PAFED).
- Programa FSE + Galicia 2021-2027.
- Axenda Galega de Capacidades para o Emprego.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Resúmese nos seguintes puntos:

- Favorecer a incorporación ao mercado de traballo dos colectivos de difícil inserción especialmente os menores de 30 anos, maiores de 45 anos e aqueles que son persoas desempregadas de longa duración.
- Fomentar o emprego e a estabilidade e intervir eficazmente entre as persoas demandantes e empregadoras.
- Ofrecer un sistema áxil de información que permita coñecer as persoas usuarias o seu nivel de cualificación e potencialidades, contribuír ao desenvolvemento local mediante asesoramento ás empresas, detección de necesidades, xerar unha oferta de servizos ao autoemprego e xerar unha cultura emprendedora.
- Racionalizar e informatizar os procedementos de xestión dos programas de formación para o emprego.

- Continuar coa evolución do sistema de información do Servizo Público de Emprego, empregando as novas tecnoloxías da información e a comunicación.
- Dotar de equipamento aos centros de formación propios para a execución das súas funcións.
- Desenvolver e mellorar as aplicacións web, sobre o mercado laboral galego en diferentes variables significativas (contratos, paro rexistrado, persoas traballadoras afiliadas e empresas).
- Fomentar a calidade e integración da formación profesional a través das convocatorias de competencias clave para ter acceso aos cursos de certificados profesionais, promovendo a flexibilización nas vías de acceso aos recursos formativos para a preparación das probas así como fomentar a realización destas probas ao longo de todo o ano.
- Contribuír ao necesario equilibrio e solidariedade con aqueles territorios mais desfavorecidos, na implementación das diferentes medidas de políticas activas de emprego.
- Realizar unha oferta formativa axeitada ás necesidades do mercado de traballo.
- Consegur que o investimento en formación responda aos cambios rápidos e constantes que teñen lugar no noso entorno produtivo, coa finalidade de manter actualizadas as competencias das persoas traballadoras e de aumentar a competitividade das empresas.
- Fomentar a formación con compromiso de contratación.
- Potenciar as accións formativas máis demandadas polos sectores económicos e produtivos de cada comarca, así como aquelas de carácter complementario, experimental e innovador, no ámbito da formación profesional para o emprego, a formación TIC, en idiomas, e ambiental.
- Desenvolver, a través da Axenda Galega de Capacidades para o Emprego, accións estratéxicas innovadoras e integrais, para a mellora das capacidades e para atraer e reter talento, promovendo a aprendizaxe permanente ao longo da vida e impulsando novas vías de ofertas formativas de máis curta duración e flexibles que poidan dar lugar a microcredenciais.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X

Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

O programa busca prestarlles ás persoas desempregadas unha atención que lles permita mellorar as súas competencias e cualificación profesional, mellorando a súa empregabilidade e incrementando as súas posibilidades de inserción laboral. A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, tendo en conta que un dos piares básicos das directrices establecidas na Estratexia Europea para o Emprego, diante da necesidade de reforzar a política de igualdade entre homes e mulleres, e especialmente co obxecto de mellorar as perspectivas e oportunidades das mulleres de cara a súa inserción laboral, desenvolve unha serie de medidas dirixidas a garantir o principio de igualdade entre homes e mulleres e facilitar tanto o acceso ao mercado de traballo como a permanencia nel.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X

Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	X
Outros Valoración dos Plans de Igualdade en convocatorias de formación para o emprego subvencionadas con fondos públicos.	X

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

- A consideración das mulleres como colectivo preferente no acceso ás accións formativas: nos procesos de selección para o acceso as accións formativas, identificarase ao colectivo "mulleres", especialmente ás "mulleres vítimas de violencia de xénero" de acordo co disposto no artigo 3 do Real decreto 1917/2008, do 21 de novembro, polo que se aproba o programa de inserción sociolaboral para mulleres vítimas de violencia de xénero, como un dos colectivos preferentes, segundo os criterios establecidos na correspondente orde de convocatoria, facilitando deste xeito o seu acceso á formación e incrementando a súa empregabilidade.
- O mantemento de axudas específicas para as mulleres vítimas de violencia de xénero que participen nas accións.
- O mantemento de axudas á conciliación, co obxecto de conciliar a asistencia ás accións formativas co coidado de fillos menores de 12 anos ou familiares dependentes.
- A inclusión, en todas as accións formativas subvencionadas, dos módulos formativos sobre igualdade, nos termos do artigo 26 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da comunidade autónoma en materia de igualdade.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

O establecemento do colectivo “mulleres” como preferente contribuirá a redución da brecha de xénero, favorecendo acadar unha participación igualitaria de homes e mulleres nas accións formativas. Así mesmo, as axudas á conciliación permitirán incrementar o número de mulleres participantes nos cursos, e diminuír a taxa de abandonos.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

Anualmente convócanse probas de avaliación en competencias clave para o acceso aos cursos de formación para o emprego de certificados profesionais de nivel 2 e 3. Na convocatoria do ano 2024 rexistráronse 1.954 solicitudes cun total de 8.497 probas realizadas; desas solicitudes 768 foron realizadas por homes e 1.186 por mulleres (60,70 %) o que amosa que a baixa cualificación segue tendo un sesgo feminino.

Nas accións formativas dirixidas a persoas traballadoras desempregadas participaron no período que vai dende o 1 de xaneiro ao 31 de xullo de 2024 un total de 9.258 mulleres, o que representa unha porcentaxe do 56,19 % do alumnado total.

Se ampliamos a serie de datos a anos anteriores, tomando o intervalo que vai dende o 1 de xaneiro de 2023 até o 31 de xullo de 2024, a cifra de mulleres que participaron nas accións formativas subvencionadas acada un total de 20.087, o que supón un ratio sobre o total de persoas asistentes do 55,05 %.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego

III.1.6. PROGRAMA 323B - FORMACIÓN PROFESIONAL DE OCUPADOS

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Coa finalidade de contribuír á estabilidade de emprego e a cohesión social, este programa pretende tanto a mellora das competencias e cualificacións como a actualización e especialización profesional das persoas traballadoras ocupadas.

Para acadar este obxectivo débese proporcionar ás persoas unha maior motivación para o progreso na súa cualificación profesional e para a mellora das súas competencias e cualificacións, apostando por unha formación que favoreza a aprendizaxe permanente dos traballadores e o pleno desenvolvemento das súas capacidades profesionais.

A formación constitúe un obxectivo estratéxico para reforzar a produtividade e a competitividade das empresas e para potenciar a empregabilidade dos traballadores. Neste contexto débese proporcionar unha formación axeitada ás persoas traballadoras ocupadas nun contexto de transición verde e dixital no escenario posterior á irrupción da pandemia do COVID-19. Así mesmo débese estender a formación das persoas traballadoras ocupadas a ámbitos nos que non estea plenamente introducida.

Consonte ao anterior a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, puxo en marcha a Axenda Galega de Capacidades para o Emprego, coa finalidade de coñecer as necesidades de man de obra do sector produtivo empresarial galego e a partir de aí incentivar a formación axeitada a esas necesidades e así mellorar a competitividade das empresas de Galicia.

Todo isto redundará na mellora da produtividade e competitividade das empresas, e da estabilidade e calidade no emprego.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

- Persoas traballadoras ocupadas para mellorar a súa adaptabilidade o mercado laboral nun contexto de transición verde e dixital impulsado pola aparición da pandemia do COVID-19.
- Persoas traballadoras desempregadas, dentro dos límites de participación que estableza a normativa estatal aplicable.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A estrutura empresarial galega constituída nunha porcentaxe moi elevada por Pemes e microempresas, con dificultades en moitas ocasións para facer fronte á globalización, así como á transformación tecnolóxica, o que afecta ao seu nivel de competitividade, determina que se teña que facer un especial esforzo na cualificación profesional das persoas traballadoras ocupadas galegas. Esta cualificación redundará en facer as empresas galegas máis fortes e competitivas.

Para avanzar neste ámbito de actuación nos últimos anos vense a desenvolver actuacións encamiñadas á adquisición polas persoas traballadoras ocupadas de coñecementos, habilidades e aptitudes ante a crecente incorporación das novas tecnoloxías no mercado laboral así como a instrumentar todas cantas medidas resulten necesarias para posibilitar que os traballadores teñan unha maior capacidade de formación que lles permita adecuarse aos cambios que poidan xurdir ao longo da súa traxectoria profesional.

Cómpre ademais ter en conta a dobre transición verde e dixital e que a pandemia do Covid-19 acelerou esas transicións e trouxo novos desafíos profesionais para moitas persoas que necesitan reciclarse, adquirir novas habilidades ou actualizar as existentes para adaptarse a un mercado que está continuamente transformándose. Por iso cómpre contar cun marco formativo para o emprego que favoreza a integración e a reconversión laboral e contribuír a xerar novas oportunidades laborais.

Dado o peso que no noso tecido produtivo representan os autónomos e emprendedores estívese a apostar por unha formación axeitada ás súas necesidades e demandas, favorecendo deste xeito o emprendemento e o acceso ao autoemprego.

ANÁLISE DAFO

Debilidades:

- Reducido tamaño das empresas que repercute na súa baixa capacidade formadora.
- Baixa internacionalización.
- Desigualdade territorial pola concentración da poboación e da densidade empresarial na franxa costeira.

Fortalezas:

- Proceso de diálogo social.
- Establecemento de instrumentos de colaboración con entidades representativas dos sectores produtivos.
- Extensa rede de centros de formación para o emprego, con capacidade e experiencia e plataforma de Campus Virtual de Formación para o Emprego.

Ameazas:

- Coxuntura inestable no marco económico de referencia.
- Avellentamento da poboación activa e ocupada.
- Perda de capital humano activo en investigación e innovación.

Oportunidades:

- Desenvolvemento de postos de traballo en novos sectores e areas: emprego verde, sectores tecnolóxicos, sector turístico, economía azul...
- A nova regulación que establece Lei Orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional e o Real decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O desenvolvemento do programa artéllase no marco da normativa de aplicación á contratación administrativa e ás subvencións, así como a través da seguinte normativa específica:

- Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional.
- Real decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional.
- Real decreto 658/2024, do 9 de xullo, polo que se modifican o Real decreto 132/2010, do 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan as ensinanzas do segundo ciclo da educación infantil, a educación primaria a educación secundaria, e o Real decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional.
- Orde EFP/942/2022, do 23 de setembro, pola que se regula a oferta formativa do sistema de Formación Profesional no ámbito laboral asociada ao Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais efectuada polas administracións competentes, se establecen bases reguladoras, así como as condicións para o seu financiamento.
- Lei 3/2023, do 28 de febreiro, de Emprego.
- Real decreto 438/2024, do 30 de abril, polo que se desenvolven a Carteira Común de Servizos do Sistema Nacional de Emprego e os servizos garantizados establecidos na Lei 3/2023, do 28 de febreiro, de emprego.
- Lei 30/2015, do 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de Formación Profesional para o emprego no ámbito laboral, naquelas disposicións que non se opoñan ao establecido na Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da formación profesional.

- Real decreto 115/2017, do 17 de febreiro, polo que se regula a comercialización e manipulación de gases fluorados e equipos baseados neles, así como a certificación dos profesionais que os empregan e polo que se establecen os requisitos técnicos para as instalacións que desenvolven actividades que emitán gases fluorados.
- Real decreto 694/2017, do 3 de xullo, polo que se desenvolve a Lei 30/2015, do 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de Formación Profesional para o Emprego no ámbito laboral.
- Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados profesionais, do que segue vixente o seu anexo IV.
- Orde TMS/283/2019, do 12 de marzo, pola que se regula o Catálogo de Especialidades Formativas no marco do sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral.
- Orde TMS 368/2019, do 28 de marzo, pola que se desenvolve o Real decreto 694/2017, do 3 de xullo, polo que se desenvolve a Lei 30/2015, de 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de Formación Profesional para o Emprego no ámbito laboral, en relación coa oferta formativa das administracións competentes e o seu financiamento, e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao seu financiamento.
- Orde TMS/369/2019, do 28 de marzo, pola que se regula o Rexistro Estatal de Entidades de Formación do sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral, así como os procesos comúns de acreditación e inscrición das entidades de formación para impartir especialidades formativas incluídas no Catálogo de Especialidades Formativas.
- Orde anual do Ministerio competente en materia de emprego pola que se distribúen territorialmente, para a súa xestión polas comunidades autónomas con competencias asumidas, subvencións do eido laboral financiadas con cargo aos Presupostos Xerais do Estado.
- Resolución anual do Ministerio competente en materia de educación pola que se distribúen territorialmente, para a súa xestión polas comunidades autónomas con competencias asumidas, subvencións do eido da formación profesional dos Grados A, B e C con cargo aos Presupostos Xerais do Estado.
- As distintas normas estatais que regulan as liñas básicas dos programas de axudas de fomento do emprego financiados con fondos finalistas.
- Plan Estratéxico de Galicia.
- Estratexia Española de Apoio Activo ao Emprego.
- Plan Anual para o Fomento do Emprego digno (PAFED).
- Programa FSE + Galicia 2021-2027.
- Axenda Galega de Capacidades para o Emprego.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

- Favorecer a formación ao longo da vida das persoas traballadoras mellorando a súa capacitación profesional e promoción persoal, proporcionándolles os coñecementos e as prácticas adecuadas aos requirimentos do mercado de traballo e as necesidades das empresas.
- Acadar emprego de calidade mediante a cualificación das persoas traballadoras.
- Conseguir que o investimento en formación responda aos cambios rápidos e constantes que teñen lugar no noso entorno produtivo, coa finalidade de manter actualizadas as competencias das persoas traballadoras e de aumentar a competitividade das empresas, especialmente naqueles sectores máis afectados pola transición verde e dixital.
- Desenvolver, a través da Axenda Galega de Capacidades para o Emprego, accións estratéxicas innovadoras e integrais, para a mellora das capacidades e para atraer e reter talento, promovendo a aprendizaxe permanente ao longo da vida e impulsando novas vías de ofertas formativas de máis curta duración e flexibles que poidan dar lugar a microcredenciais.
- Promover un sistema de perfeccionamento e reciclaxe continua das persoas traballadoras que responda ás necesidades do seu emprego actual ou para a transición a novos empregos e sectores en expansión.
- Fomentar a flexibilidade da oferta de aprendizaxe co fin de capacitar ás persoas para crear itinerarios de aprendizaxe e profesionais personalizados.
- Potenciar a programación de accións formativas dirixidas a persoas traballadoras ocupadas, orientadas á formación técnica e certificación oficial en idiomas e produtos, servizos e metodoloxías TIC.
- Potenciar a cualificación e recualificación da poboación activa naquelas especialidades que sexan detectadas polo tecido produtivo.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	

Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Favorecer a formación ao longo da vida das persoas traballadoras mellorando a súa capacitación profesional e promoción persoal, proporcionando aos traballadores os coñecementos e as prácticas adecuadas aos requirimentos do mercado de traballo e ás necesidades das empresas.

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, tendo en conta que, un dos piares básicos das directrices establecidas na Estratexia Europea para o Emprego incide na necesidade de reforzar a política de igualdade entre homes e mulleres, trata de potenciar cunha serie de medidas, as perspectivas profesionais das mulleres, o seu acceso a empregos de maior cualificación e a súa incorporación a sectores onde aínda ten baixa representación. Trátase de potenciar a igualdade entre homes e mulleres incrementando a permanencia das mulleres no mercado laboral pola vía da mellora da súa cualificación.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X

Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	X

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Incluirase en todas as accións formativas, un módulo sobre igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e sobre corresponsabilidade familiar e doméstica.

Estableceranse, para mulleres desempregadas que participen nas accións formativas, axudas específicas para as mulleres vítimas de violencia de xénero e axudas á conciliación, co obxecto de conciliar a asistencia ás accións formativas co coidado de fillos menores de 12 anos ou de familiares dependentes ata o segundo grao.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

As axudas ás que poderán acollerse as mulleres desempregadas incrementarán a posibilidade tanto de acceso como de finalización das accións formativas.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

Nas accións formativas dirixidas a persoas traballadoras ocupadas desenvolvidas dende o 1 de xaneiro de 2023 até o 31 de xullo de 2024, a cifra de mulleres que participaron nelas acadou un total de 9.398, o que supón un ratio sobre o total de persoas asistentes do 71,36 %.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego

Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo

III.1.7. PROGRAMA 324A - MELLORA DA ORGANIZACIÓN E ADMINISTRACIÓN DAS RELACIÓNS LABORAIS E DA PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

1. En primeiro termino o programa intenta establecer as canles axeitadas avanzar cara un emprego estable e de calidade e contar cunhas relacións laborais sólidas que permitan crear as condicións axeitadas no contorno empresarial e laboral galego.

Dentro desa procura da calidade desenvolveranse actuacións cara a evitar a infrarrepresentatividade das mulleres en determinados sectores, fomento dos plans de igualdade e adopción de medidas que posibiliten a conciliación da vida familiar e laboral, así como racionalización de horarios laborais ou elaboración de plans de mellora da conciliación laboral en sectores empresariais representativos na Comunidade Autónoma de Galicia. Así como incentivos ás pemes para adopción de medidas de conciliación, tales como acordos de teletraballo, flexibilidade horaria, e axudas para investimentos nas pemes co fin de poñer en práctica estas medidas.

2. Por outra banda e dentro das actuacións dirixidas especialmente á parte empresarial dentro das relacións laborais caben destacar:
 - a) Actuacións de fomento da Responsabilidade Social Empresarial (RSE), dirixidas a Pemes (programa Responsabilizate).
 - b) A realización da estratexia galega da RSE (2022-2024).
3. Debido a que as relacións laborais como as que estamos repetidamente sinalando articúlanse dende dúas perspectivas (social e empresarial) promóvese o apoios das organizacións máis representativas:
 - a) Apoio ás organizacións sindicais en cumprimento do establecido na Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical, co fin de fomentar a realización das funcións propias das organizacións sindicais e a promoción do funcionamento dos seus gabinetes técnicos, así como o apoio aos plans de formación de cadros e delegadas e delegados sindicais.

- b) Convenio cos interlocutores sociais integrantes do Diálogo Social.(UGT, CCOO de Galicia, e CEG) para consensuar medidas a prol dunhas relacións laborais, da igualdade laboral, da RSE e dun emprego de calidade.
 - c) Axudas aos interlocutores sociais e empresariais para a Formación en negociación colectiva e en procesos de diálogo social.
 - d) Facer efectiva a participación institucional das organizacións sindicais e empresariais intersectoriais garantindo a participación en igualdade de oportunidades de homes e mulleres, nos órganos de participación da comunidade autónoma, cumprindo así coa Lei 17/2008, de Participación Institucional das organizacións sindicais e empresariais máis representativas de Galicia.
4. Outro dos principais fins deste programa céntrase na materia de prevención de riscos laborais xa que non pode obviarse que en certa forma é unha manifestación importante da calidade da relación laboral por iso prevense as seguintes actuacións:
- a) Axudas destinadas ao fomento da prevención de riscos laborais mediante accións de formación, difusión e sensibilización sobre a normativa e os aspectos máis relevantes da seguridade e saúde laboral entre os distintos sectores afectados(persoas traballadoras, empresariado, entidades representativas, etc.) co obxecto de impulsar a presenza de recursos preventivos na empresa e o fomento dunha auténtica cultura de prevención de riscos no traballo.
 - b) Polo que respecta á seguridade e saúde laboral, potenciar e fomentar a prevención de riscos laborais, así como a acreditación dos Servizos de prevención alleos, e o seguimentos e control dos Servizos de Prevención Propios e Mancomunados.
 - c) Acreditar que as empresas que operan no sector da construción cumpren cos requisitos de capacidade e de calidade da prevención de riscos laborais, o que obriga ao mantemento do rexistro administrativo de empresas acreditadas do sector da construción (REA), que ten como obxectivo que toda empresa que pretenda ser contratada ou subcontratada para traballos nunha obra de construción, deberá estar inscrita no REA, dependente da autoridade laboral onde estea situado o domicilio social da empresa.
 - d) Promover a prevención de riscos laborais nas empresas e centros de traballo e o fomento de boas prácticas para a redución da sinistralidade laboral.
 - e) Desenvolver accións de información, divulgación e formación en materia preventiva.
5. Na materia de igualdade laboral procurarase o fomento da formación e igualdade laboral a través do campus de igualdade e relacións laborais e así mesmo contribuírase a eliminar a discriminación e a fomentar a igualdade entre mulleres e homes nas relacións laborais, mediante actuacións promoción e de control, evitando a discriminación salarial por razón de xénero, implantando medidas contra a brecha salarial.
6. Finalmente procurarase controlar que as empresas cumpran coa normativa laboral, de igualdade de oportunidades e de prevención de riscos laborais o que esixe dunha áxil e eficaz tramitación dos expedientes sancionadores por infraccións laborais así como o mantemento

do rexistro público de sancións, especificando a tipoloxía das sancións e, especialmente, se hai sancións en materia de igualdade de oportunidades.

CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

Acadar unhas relacións laborais modernizadas baseadas na responsabilidade social empresarial (RSE), diminuíndo a conflitividade e a sinistralidade laboral.

O Consello Galego de Relacións Laborais defínese na súa Lei reguladora como un órgano de diálogo institucional entre sindicatos e asociacións empresariais, así como un órgano consultivo e asesor da comunidade autónoma nas materias relativas á súa política laboral. Trátase polo tanto dun ente que serve de marco permanente de encontro das entidades recoñecidas como interlocutoras sociais e como un órgano de diálogo institucional entre elas.

O Consello é o organismo competente en Galicia para promover e facilitar a xestión de mediacións e arbitrxes ao abeiro do Acordo Interprofesional Galego para a solución extraxudicial de conflitos de traballo (AGA), como ferramenta imprescindible para diminuír a conflitividade laboral e para a consecución de acordos nas empresas. O AGA é a ferramenta máis efectiva para evitar directamente a conflitividade e as folgas e facilitar a súa áxil solución.

Así mesmo, a actuación do Consello, dentro do respecto ao dereito á negociación colectiva laboral entre as representacións das persoas traballadoras e a das empresas recollido no artigo 37.1 da Constitución Española, contribúe á mellora das condicións laborais das persoas traballadoras galegas, á produtividade das empresas e ao fomento da igualdade de xénero nas relacións laborais. Respecto deste último punto cómpre poñer en valor o traballo da Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade de Mulleres e Homes na negociación colectiva, que actúa co obxectivo de contribuír a eliminar as discriminacións directas ou indirectas por razón de xénero. O seu labor de asesoramento ás comisións negociadoras facilita a mellora dos contidos dos convenios colectivos e as súas recomendacións, cursos formativos e xornadas divulgativas contribúen á formación en igualdade de xénero de cadros sindicais e empresariais.

Dada a importancia esencial e a forza real dos convenios colectivos, estruturas de apoio á negociación colectiva como o Consello Galego de Relacións Laborais, que unan imparcialidade e capacidade técnica, resultan máis máis necesarias que nunca.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

As actuacións a desenvolver diríxense aos seguintes sectores:

- Empresas, persoas empregadoras, persoas traballadoras, persoas desempregadas, organizacións empresariais e sindicais, órganos de participación, universidades, a sociedade en xeral.

CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

As actuacións a desenvolver diríxense aos seguintes sectores:

- Con carácter universal a toda a poboación en xeral.
- Empresas, persoas empregadoras, persoas traballadoras, persoas desempregadas, organizacións empresariais e sindicais, órganos de participación, universidades, xuventude, infancia, a sociedade en xeral.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

- En Galicia é prioritario o apoio ás empresas e persoas traballadoras galegas, sendo que debemos continuar pola senda de acadar un emprego estable e de calidade e contar cunhas relacións laborais sólidas que permitan crear as condicións axeitadas no contorno empresarial e laboral galego.
- A pesares das actuacións levadas a cabo ao longo destes anos, o grao de coñecemento da RSE por parte das empresas con actividade en Galicia, reforza a idea de que segue necesitándose continuar coas actividades de apoio e titorización das empresas para que implanten na súa xestión os principios da RSE, unha forma de xestión empresarial, amplamente recoñecida como máis competitiva e comprometida coa sociedade, polo que procede impulsar a Estratexia Galega de Responsabilidade Social Empresarial durante esta lexislatura (2022-2024) como continuación do camiño emprendido dende o ano 2019 que ten por obxectivo principal o de que esta filosofía empresarial calle nas nosas empresas.
 - Este pulo realizarase de forma diversa tanto a través de axudas directas como de apoio ao empresario para un mellor coñecemento desta materia (Plan Responsabilízate)
 - Por outra banda, na procura de acadar uns maiores fitos no eido da igualdade laboral considérase necesario proseguir no fomento de medidas como a elaboración voluntaria dos plans de igualdade empresarial ou a instauración dentro das relacións laborais de

medidas de flexibilización horaria ou de teletraballo, así como potenciar a formación neste eido cunha nova ferramenta , o campus virtual de formación en materia de igualdade e relacións laborais, que se constitúe como un instrumento para universalizar o acceso a este tipo de formación por parte dos axentes participantes xa sexan empresarios, traballadores ou axentes sociais.

Finalmente se sigue a estimular a participación das organizacións tanto empresariais como sindicais ao considerarse imprescindibles para a implantación de calquera tipo de medidas na orde social a través de convenios como pode ser o do diálogo social como por ordes de subvencións para apoiar a consolidación de estruturas tales como os gabinetes de prevención de riscos laborais ou de igualdade nas relacións laborais.

ANÁLISE DAFO

- Factores internos:

Debilidades:

- Situación económica adversa para as empresas e o seu persoal.
- Dificultade da Administración para penetrar nos sectores obxecto das accións de RSE.
- Carencias de formación e coñecemento en xestión empresarial baixo os parámetros da RSE.
- Dificultade da administración para penetrar nos sectores obxecto de seguimento das modificacións en materia de Seguridade e Saúde laboral.
- Falta de instrumentos non coercitivos de fomento da adaptación en materia de prevención de riscos laborais dos sectores económicos ás modificacións normativas.
- Persistencia de desigualdades retributivas entre homes e mulleres no ámbito laboral.

Fortalezas:

- Compromiso de axentes sociais e económicos.
- Diálogo social.
- Establecemento de instrumentos de colaboración con organizacións empresariais e sindicais.
- Colaboración con outras administracións.
- Estratexia galega de RSE, 2022-2024.
- Existencia de órganos de Participación Institucional en materia de Seguridade e Saúde Laboral.

- Factores externos.

Ameazas:

- Baixo nivel de concienciación para implantación da RSE do empresariado, maiormente PEME.
- Baixa implantación de medidas de igualdade laboral.

- Existencia de brecha salarial.
- Descoñecemento na sociedade galega sobre o concepto da RSE.
- Baixo nivel de formación do empresariado que reúnen condicións obxectivas para o desempeño da actividade preventiva.

Oportunidades:

- Estratexia Galega de RSE 2022-2024 como punto de arranque.
- A RSE pode actuar como xeradora de emprego e de competitividade empresarial.
- A existencia de grandes empresas galegas que aplican RSE que poden actuar como tractoras das PEMES galegas.
- Disposición das empresas, institucións, colectivos e da sociedade para interactuar coa Administración.
- Dispoñer de persoal cualificado e con experiencia na xestión empresarial.
- Existencia de mecanismos de colaboración e de órganos colexiados de participación institucional.
- Establecemento de instrumentos de colaboración en materia de PRL con organizacións empresariais e sindicais.
- Aproveitar a negociación colectiva para erradicar a brecha salarial.

Debilidades.

- Escaseza de formación específica en técnicas avanzadas de negociación e en igualdade de xénero.

Fortalezas.

- Existencia de procedementos e metodoloxías de traballo consolidadas.

CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

Os cambios realizados nas recentes reformas na lexislación laboral fan constantes remisións á negociación colectiva e aos sistemas de solución autónoma de discrepancias, como son os procedementos de mediación e arbitraje que o Consello Galego de Relacións Laborais xestiona eficazmente ao abeiro do Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflitos de Traballo (AGA). O recurso á intervención do Consello Galego de Relacións Laborais en canto xestor do AGA utilízase cada vez máis pola confianza que lle merece ás partes en conflito e polos bos resultados que amosa. Deste xeito, o número de expedientes tramitados ao abeiro do AGA con respecto aos exercicios anteriores crece de ano en ano, logo de acadar máximos históricos no ano 2023 cun total de 164 expedientes tramitados (número que supera en máis do 15 % o maior número de expedientes tramitados nun ano ata agora).

Respecto da eficacia do procedemento, a porcentaxe de acordos acadados respecto dos expedientes tramitados por este sistema de solución extraxudicial de conflitos de traballo fica preto do 80 % desde a súa implementación. Os beneficios socioeconómicos derivados da xestión dun sistema de mediación e arbitraje que chega a tal porcentaxe de acordos nos conflitos nos que intervéñen xustifican a necesidade de incrementar os medios materiais e humanos á súa disposición.

Polo exposto, é necesario formar ás persoas que exercen a mediación e a arbitraje ao abeiro do AGA, en técnicas avanzadas de mediación, no desenvolvemento de ferramentas telemáticas para as mediacións a distancia (ODR), entre outras actuacións, na procura de ofrecer un servizo a sociedade cada vez máis áxil e eficaz que poda contribuír a acadar novos acordos entre empresas e persoas traballadoras en materia laboral.

Así mesmo, ante os xa mencionados cambios operados na lexislación laboral e de seguridade social, en especial trala aprobación do Real decreto lei 32/2021, do 28 de decembro, e as remisións da lei á negociación colectiva, incrementouse notablemente a demanda de cursos formativos para as persoas negociadoras de convenios colectivos co fin de fomentar o diálogo institucional entre organizacións sindicais e empresariais. Isto fixo necesario neste 2024 e seguirá a ser imprescindible no vindeiro 2025 incrementar o labor de asistencia e apoio técnico ás mesmas negociadoras, así como o número de actividades formativas para mellorar os contidos dos convenios colectivos.

Xunto a este importante labor do Consello, é necesario continuar a traballar eficazmente na organización de xornadas e seminarios para a difusión de cuestións de actualidade de interese laboral e promover o debate social nos colectivos vinculados ao mundo laboral nestas cuestións tan demandadas pola sociedade galega.

Para coñecer a realidade negocial galega resulta da máxima utilidade partir do Informe sobre a situación da negociación colectiva en Galicia, informe que elabora o Consello por encargo do Observatorio Galego de Negociación Colectiva. A 30 de xuño de 2024 existen en Galicia 1.051 convenios colectivos, xa sexan vixentes ou prorrogados tacitamente, que afectan a 541.052 persoas traballadoras. Neste total inclúense tamén os pactos e acordos reguladores de persoal funcionario dos que se ten coñecemento. Asináronse e revisáronse neste semestre en Galicia 86 convenios (48 asinados e 38 revisados), que afectan a 161.109 persoas traballadoras. Destes convenios 31 son de sector (6 asinados e 25 revisados) e afectan a 154.016 persoas traballadoras e 55 son de empresa (42 asinados e 13 revisados) e afectan a 7.093 persoas traballadoras. Asináronse por primeira vez 3 convenios de empresa que afectan a 413 persoas traballadoras. Recollen "pacto de ultraactividade" o 67 % dos convenios de sector asinados e o 81 % dos de empresa. A xornada pactada (media ponderada) nos convenios asinados e revisados que a regulan de xeito anual foi de 1.760,25 horas (1.761,17 horas nos convenios de sector e 1.740,40 horas nos convenios de empresa). O incremento salarial pactado nos convenios asinados e revisados (media ponderada) foi do 3,35 %. Respecto da inflación, este incremento é inferior ao IPC galego que foi do 3,7 % e ao estatal que foi do 3,4 %. Recollen cláusulas de revisión salarial o 43,75 % dos convenios asinados e o 44,74 % dos revisados. Respecto do número de persoas

traballadoras ás que afectan estas cláusulas, a porcentaxe nos convenios asinados é do 33,02 % e nos revisados do 83,16 %. Rexistráronse neste semestre 7 inaplicacións de convenio que afectan a 252 persoas traballadoras.

Os convenios colectivos de ámbito estatal con aplicación en Galicia asinados ou revisados ata xuño foron 47 e afectan a 62.124 persoas traballadoras. Deles 16 son de sector e 31 de empresa. O incremento salarial pactado nestes convenios (media ponderada) foi do 2,48 %, e recollen cláusulas de revisión salarial o 40,74 % dos convenios asinados e o 40 % dos revisados. A xornada pactada (media ponderada) na negociación colectiva estatal con efectos en Galicia neste semestre foi de 1.774,79 horas.

Os convenios colectivos e a negociación colectiva constitúen un elemento esencial das relacións laborais, fonte de dereitos e obrigas, instrumento de paz social, de estabilidade no emprego, e tamén de produtividade e cohesión social. Desde o Consello Galego de Relacións Laborais continuamos a prestar ás persoas traballadoras galegas e á súa representación empresarial e sindical a asistencia técnica e o apoio material necesario que precisan para mellorar os seus contidos, acadar un emprego estable e de calidade e contar cunhas relacións laborais sólidas que permitan crear as condicións axeitadas no contorno empresarial e laboral galego.

ANÁLISE DAFO:

Debilidades:

- Situación económica adversa para quen protagonizar as relacións laborais: persoas empregadoras e persoas traballadoras.
- Escaseza de formación específica en técnicas avanzadas de negociación e en igualdade de xénero por parte das persoas que negocian os convenios colectivos.
- Persistencia de desigualdades retributivas entre homes e mulleres no ámbito laboral.

Fortalezas:

- Existencia de procedementos e metodoloxías de traballo consolidadas.
- Dispoñer de persoal cualificado e con experiencia na xestión.
- Compromiso das organizacións sindicais e empresarial que integran o Consello.

Ameazas:

- Incremento da conflitividade laboral.
- Os novos retos que supón para as relacións laborais a consolidación do teletraballo.
- Existencia de brecha salarial.
- Baixa implantación de medidas de igualdade de xénero nas relacións laborais.
- Escaseza de formación das mesas negociadoras en materia de igualdade de xénero.

Oportunidades:

- Confianza das comisións negociadoras de convenios colectivos no labor de asesoramento do Consello Galego de Relacións Laborais.
- Moi alta porcentaxe de acordos (80 %) nos procedementos de solución extraxudicial de conflitos de traballo.
- Confianza das mesas negociadoras nas actuacións formativas que organiza o Consello Galego de Relacións Laborais.
- Aposta por unha formación eficaz, útil e de calidade, mellorando e actualizando a oferta de actividade formativa levada a cabo por este organismo.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

NORMAS CON RANGO DE LEI

- Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.
- Lei 14/2007, do 30 de outubro, polo que se crea e regula o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia.
- Lei 5/2008, do 23 de maio, pola que se regula o Consello Galego de Relacións Laborais.
- Lei 17/2008, do 29 de decembro, pola que se regula a participación institucional das organizacións sindicais e empresariais máis representativas de Galicia.
- Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Real decreto Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral a garantía de estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.

NORMAS CON RANGO REGULAMENTARIO

- Real decreto 901/2020, do 13 de outubro polo que se regulan os plans de igualdade e o seu rexistro.
- Real decreto 902/2020, do 13 de outubro, de igualdade retributiva entre mulleres e homes (BOE 14 de outubro).
- Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo (REGCON).
- Real decreto 416/2015, do 29 de maio, sobre depósito de estatutos das organizacións sindicais e empresariais.(DEOSE).
- Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención.

- Real decreto 843/2011, do 17 de xuño, polo que se establecen os criterios básicos sobre a organización de recursos para desenvolver a actividade sanitaria dos servizos de prevención.
- Decreto 101/2015, do 18 de xuño, polo que se crea a Comisión Tripartita Galega para a Inaplicación de Convenios Colectivos e se regula o seu funcionamento.
- Decreto 135/2018, do 4 de outubro, polo se institúen os Premios RSE Galicia, modificado polo Decreto 135/2018, do 4 de outubro.
- Decreto 153/2008, do 24 de abril, polo que se crea o Rexistro de coordinadores e coordinadoras en materia de seguridade e saúde nas obras de construción.
- Orde do 15 de maio de 2008, polo que se crea o Rexistro administrativo de empresas Acreditadas sector da Construción (REA) de Galicia.
- Estratexia Galega de RSE. 2022-2024.

CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

- Lei 5/2008, do 23 de maio, pola que se regula o Consello Galego de Relacións Laborais.
- Decreto 145/2008, do 17 de xullo, polo que se ditan normas relativas ao funcionamento do Consello Galego de Relacións Laborais derivadas da entrada en vigor da Lei 5/2008, do 23 de maio, pola que se regula o Consello Galego de Relacións Laborais.
- Resolución do 23 de outubro de 2008, pola que se dispón a publicación do Regulamento interno de organización e funcionamento do Consello Galego de Relacións Laborais.
- Decreto 89/2012, do 8 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica e funcional do Consello Galego de Relacións Laborais.
- Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo (REGCON).
- Resolución do 26 de decembro de 2019 pola que se dispón a publicación do Acordo Interprofesional Galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo (AGA).
- Lei 7/23, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.
- Plan Estratéxico de Galicia 2021-2030.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

A finalidade do programa, na área da mellora das relacións laborais, estrutúrase en base a cinco eixos:

- Eixo 1: Potenciar a mellora da política laboral mediante accións de apoio á empresas e persoas traballadoras, organizacións empresariais e sindicais.
- Eixo 2: Modulación das relacións cos axentes sociais.
- Eixo 3: Fomentar a RSE, mediante accións, entre outras, de formación e difusión.
- Eixo 4: Fomentar políticas de igualdade laboral.
- Eixo 5: Axilizar de maneira eficaz a tramitación administrativa de expedientes competencia desta unidade.

Respecto do eixo 1 cabe sinalar o seguintes medios:

- Deseño e aprobación dun Plan de actuación por obxectivos da Inspección de Traballo e Seguridade Social na comunidade autónoma.
- Deseño de campañas específicas da Inspección de Traballo para vixilancia e control de sectores determinados.
- Axudas á persoas desempregadas en sectores clave da nosa economía.
- Axudas ás centrais sindicais e á participación institucional de sindicatos e organizacións empresariais.
- Axudas a organizacións sindicais e empresariais para a creación e funcionamento de gabinetes de igualdade.

Respecto do eixo 2 como principal medio de actuación cabería sinalar:

- Fomento do diálogo social.

No referente ao eixo 3 as actuacións principais son:

- Aprobación da Estratexia Galega de RSE 2022-2024.
- Apoio e impulso de Redes Transrexionais de cooperación en RSE, e en diálogo social.
- Axudas para implantar a responsabilidade social empresarial (RSE) e a igualdade e a conciliación laboral nas pequenas e medianas empresas, no ámbito da comunidade autónoma.
- Colaboración coas universidades galegas e co CERGI(Centro de Responsabilidade Social, Goberno Corporativo e Protección do Inversor da USC),para a realización de actividades de promoción e divulgación da RSE.
- Elaboración de materiais e recursos para a divulgación, formación e promoción da RSE, con especial atención á presenza redes sociais.

- Impulso e celebración de xornadas, seminarios e actividades de difusión da RSE e de Igualdade laboral.
- Sensibilizar á sociedade galega sobre os principios e valores da RSE sobre as súas potencialidades, especialmente entre a xuventude, así como dotar de maior visibilidade ás empresas que fan RSE.
- Convocatoria dos Premios RSE Galicia.
- Impulso do Observatorio Galego de RSE.

Respecto ao eixo 4:

- Creación e desenvolvemento do campus on line de formación en igualdade laboral.
- Realización de cursos post grado en materia de igualdade laboral.
- Apoiar ás empresas para a realización voluntaria de plans de igualdade no seu seo.

Respecto ao eixo 5:

- Impulso da mellora dos contidos na negociación colectiva, polo Rexistro de Acordos e Convenios Colectivos (REGCON).
- Mellora dos rexistros administrativos, xestionados por esta Unidade.

A súa vez, a finalidade do programa, no ámbito da mellora da Prevención de Riscos Laborais, estrutúrase en tres eixos:

- Eixo 1: Mellora da actividade preventiva, mediante:
 - Integración da actividade preventiva na empresa.
 - Formación do empresariado para desempeñar a actividade preventiva.
 - Fomento do desenvolvemento da actividade preventiva con medios propios. Formación de traballadores/as designados/as.
 - Formación dos representantes dos traballadores/as: Formación específica para delegados/as de prevención.
 - Fomento da constitución de servizos de prevención mancomunados nos sectores de actividade de maior sinistralidade.
 - Promoción de gabinetes técnicos sectoriais nas asociacións empresariais e organizacións sindicais que sirvan como puntos focais de consulta e asesoramento en materia preventiva.
- Eixo 2: Supervisión dos servizos de prevención a través da labor inspectora.
- Eixo 3: Formación, difusión de novidades normativas e promoción de boas prácticas en sectores de alta sinistralidade:
 - Participación en foros de divulgación de carácter sectorial e intersectorial organizados por asociacións empresariais e profesionais e organizacións sindicais.

As actuacións a desenvolver na área de Seguridade e Saúde Laboral ou Prevención de Riscos Laborais diríxense aos seguintes sectores:

- Empresas:
 - Empresas con menos de 10 traballadores, ou 25 nun único centro de traballo, nas que os empresarios ou empresarias desempeñen directamente a actividade preventiva.
 - Empresas con máis de 10 traballadores, ou 25 nun único centro de traballo, que desenvolvan a actividade preventiva con medios propios.
 - Servizos de prevención mancomunados.
 - Servizos de prevención alleos ás empresas.
- Organizacións empresariais:
 - Con programas específicos de prevención de riscos laborais.
- Organizacións sindicais:
 - Gabinetes de seguridade e saúde laboral dos sindicatos.
 - Delegados/as de prevención e delegados/as de persoal nas empresas de menos de 30 traballadores.
- Persoas traballadoras:
 - Persoas traballadoras designadas pola empresa para desenvolver actividades preventivas.
 - Integrantes de servizos de prevención alleos, propios e mancomunados.
- Administración autonómica:
 - Órganos da administración con competencias sectoriais en materia de seguridade e saúde laboral.
- Outros:

Órganos bipartitos nados da negociación colectiva ou de acordos sectoriais con funcións en materia de seguridade e saúde laboral.

CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

A través deste programa e coa actuación do Consello Galego de Relacións Laborais:

- I. Facilitase a consecución de acordos nas empresas e nos sectores que solicitan a asistencia do organismo, mediante a xestión dos procedementos de solución autónoma de conflitos de traballo (mediacións e arbitraxes) previstos no AGA. A mediación laboral supón, sen dúbida, a xestión pacífica da conflitividade laboral de forma rápida, económica e eficaz.

2. Asesórase ás mesas negociadoras sobre a redacción e a aplicación de cláusulas nos convenios colectivos que promovan a igualdade de xénero nas relacións laborais.
3. Elabóranse estudos e informes que se trasladan ás mesas negociadoras e ás organizacións empresariais e sindicais para facilitarlles o coñecemento dinámico e actualizado do noso sistema de relacións laborais.
4. Realízanse actividades de formación, en colaboración coas tres universidades galegas, dirixidas a cadros empresariais e sindicais en materia de negociación laboral e dixitalización das relacións laborais, entre outras.
5. Realízanse actuacións formativas para as persoas que exercen a mediación e a arbitraje ao abeiro do AGA para a aprendizaxe de técnicas avanzadas na solución de conflitos.
6. Desenvólvense xornadas en colaboración coas universidades galegas e cos Colexios de Graduados Sociais galegos, para a difusión e debate social de cuestións de actualidade e de interese laboral que resulta oportuno analizar con detalle.
7. Foméntase o diálogo social entre sindicatos e asociacións empresariais para conseguir unha maior incidencia na mellora do emprego e das condicións laborais.
8. Finalmente, o Consello ditamina preceptivamente os proxectos normativos que lle son remitidos polos organismos da Xunta de Galicia e formula propostas en materia de política laboral.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	X
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

Existe unha clara segmentación pola variable de xénero no mercado de traballo, tanto no referido ao sector de actividade como ás ocupacións das mulleres e homes dentro do mesmo sector. Isto determina, por exemplo, que as cifras de sinistralidade e os tipos de danos sexan diferentes entre ambos sexos. A presenza relativa da muller no mercado laboral aumenta de xeito sostido. Segundo datos do IGE, nos últimos anos, a porcentaxe de afiliación feminina á Seguridade Social en Galicia medrou desde o 42,76 % de 2006 ao 48,27 % en 2014. No ano 2024 a porcentaxe é a maior de toda a serie temporal acadando o 49,18 % o que supera a media do estado que atópase nun 47,26 %. Desde o punto de vista de accidentes laborais, as mulleres sofren moitos menos accidentes. Tanto os índices de incidencia como os de gravidade son moitos menores nas mulleres; isto podía ser predicible en sectores como a pesca ou a construción, onde as mulleres están menos representadas e desenvolven, en xeral, ocupacións de menor risco, pero ocorre tamén nos servizos ou na agricultura, onde non se dan esas diferenzas. Ademais os índices de incidencia de traballadores homes para accidentes leves, graves e mortais son maiores que os das mulleres incrementándose conforme aumenta a gravidade do accidente.

Á situación anterior hai que sumar a dificultade de conciliar familia e traballo, que provoca, en determinadas ocupacións, xunto coas diferenzas fisiolóxicas e anatómicas entre homes e mulleres, que as mulleres teñan máis problemas de saúde que os homes que desenvolven as mesmas tarefas. Todo o exposto obriga a integrar a dimensión da igualdade na prevención dos riscos. Non se pode esquecer tampouco que no artigo 26 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, o lexislador realiza unha diferenciación de xénero en sentido positivo ao regular a protección da maternidade.

CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

Co programa preténdese contribuír a eliminar a discriminación entre homes e mulleres nas relacións laborais e lograr unha igualdade efectiva.

Polo que respecta ao Consello Galego de Relacións Laborais é necesario sinalar que, segundo os datos recollidos no seu informe sobre a situación da negociación colectiva e tomando como referencia as mesas negociadoras dos Convenios colectivos asinados no período, unha vez rematado o primeiro semestre de 2024 continúaase cunha desigual participación de mulleres nas mesas negociadoras de convenios colectivos, tanto por parte das organizacións empresariais (32 mulleres fronte a 79 homes) como por parte das sindicais (96 mulleres fronte a 187 homes). Desde o Consello trabállase para potenciar a participación de mulleres nas mesas de negociación, para o que se fan recomendacións ás mesas negociadoras e se organizan cursos e xornadas en materia de igualdade de xénero.

As persoas destinatarias potenciais son, segundo datos correspondentes que figuran na edición para o ano 2023 do Informe da Situación Sociolaboral de Galicia -informe que elabora este Consello con periodicidade anual e no que se analiza o mercado de traballo en Galicia dende a perspectiva da posición que nel ocupan as mulleres, para contribuír dalgún xeito a reducir as súas dificultades para acceder e manter o emprego, reducir a temporalidade, a desigualdade salarial e as súas dificultades para conciliar a vida persoal, laboral e familiar)- os 15.497 delegados e delegadas sindicais (dos que 6.053 son mulleres, o 39,06 % do total), así como as correspondentes representacións empresariais.

Segundo o informe anual sobre a situación da negociación colectiva en Galicia, en 2023 formaron parte das mesas negociadoras 824 homes e 279 mulleres, que puideron beneficiarse da actuación do Consello.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	X
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	X
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	X
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

Seguen convocándose axudas para apoiar o establecemento de gabinetes de igualdade por partes das organizacións sindicais e empresariais.

Finalmente a través do campus virtual de formación en igualdade procúrase un maior coñecemento e por ende búscase unha maior sensibilidade neste eido dirixíndose esta formación a empresas, traballadores e á sociedade en xeral.

Polo que respecta ás políticas de RSE e de Igualdade laboral, un aspecto clave é acadar que nas empresas se implante de maneira real a igualdade laboral, tendo en conta ademais que se acaban de aprobar os reais decretos 901/2020, do 13 de outubro, de igualdade retributiva entre mulleres e homes (BOE 14 de outubro) que veñen a establecer novas medidas neste ámbito.

Deste modo se establece un programa de axudas para implantar a igualdade laboral a conciliación e a responsabilidade social empresarial en pequenas e medianas empresas, incentivando a implantación voluntaria de plans de igualdade así como a conciliación fomentando a implantación do teletraballo e a flexibilidade horaria e de forma novidosa as inversións en material de traballo que axude a consolidación destes propósitos.

CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

A Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade entre mulleres e homes na negociación colectiva (CCAINC), regulada no capítulo VI da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, e adscrita ao Consello Galego de Relacións Laborais, desenvolve varias actuacións co obxectivo de corrixir as desigualdades que aínda hai en materia de xénero nas relacións laborais. Trátase de actividades de formación dirixidas a persoas negociadoras de convenios colectivos e de plans de igualdade, tanto pola parte sindical como pola parte empresarial. Así mesmo, a CCAINC contribúe ao asesoramento das mesas negociadoras en materia de igualdade de xénero, xa sexan mesas negociadoras de Convenios colectivos como de Plans de igualdade, mediante a elaboración de guías de boas prácticas e recomendacións nas que difunden criterios e pretenden orientar ás ditas mesas para mellorar os contidos e a calidade da negociación colectiva, co obxecto de contribuír á efectiva aplicación do principio

de igualdade de trato e de oportunidades na regulación do acceso e das condicións de traballo das persoas traballadoras.

Os obxectivos das actuacións pódense concretar nos seguintes:

- Incrementar o número de convenios colectivos que introducen no seu articulado cláusulas sobre igualdade entre homes e mulleres.
- Mellorar os contidos e a calidade da negociación colectiva, así como contribuír á efectiva aplicación do principio de igualdade de trato e de oportunidades na regulación do acceso ao emprego e das condicións de traballo das persoas traballadoras.
- Fomentar un uso adecuado da linguaxe de xénero nos convenios colectivos así como nos ditames que se emiten polo Consello sobre os proxectos normativos remitidos pola Xunta de Galicia en materia de política laboral, co obxectivo de consolidar o uso da linguaxe inclusiva nas normas laborais.
- Estudar as cláusulas e medidas de igualdade que se recollen anualmente nos convenios colectivos e facer recomendacións ás mesas negociadoras para melloralas e, no seu caso, axudar na elaboración de plans de igualdade, para promover a igualdade de trato e de oportunidades entre as mulleres e os homes no ámbito laboral.
- Trasladar recomendacións e boas prácticas en materia de igualdade ás persoas que forman parte das mesas negociadoras de convenios colectivos e plans de igualdade, co obxectivo de orientalas para mellorar as cláusulas e medidas de igualdade que neles se recollen.
- Analizar a composición das mesas negociadoras de convenios colectivos e identificar as medidas que se recollen nos convenios en materia de igualdade, co obxectivo de incrementar a presenza das mulleres nas mesas negociadoras que, actualmente, é inferior á dos homes e reforzar a igualdade de trato e de oportunidades no ámbito laboral, datos que se recollen no informe anual sobre a situación da negociación colectiva en Galicia, que elabora o Consello.
- Estudar a situación sociolaboral de Galicia e, particularmente, o mercado de traballo desde a perspectiva da posición que nel ocupan as mulleres, co obxectivo de informar á sociedade e traballar para que se adopten medidas que reduzan as dificultades da muller para acceder e manter o emprego, a temporalidade, a desigualdade salarial e as súas dificultades para conciliar a vida persoal, laboral e familiar.
- Difundir e promover a posta en práctica do “Protocolo contra o acoso sexual, laboral, por razón de sexo e identidade nos centros de traballo” aprobado pola CCAINC o pasado 21 de marzo de 2022, mediante a organización, en colaboración con Universidades, Escolas de Relacións Laborais e Colexios Oficiais de Graduados Sociais, de xornadas e cursos en materia de igualdade de xénero que sirva de estímulo e de difusión da citada ferramenta entre persoas vinculadas co mundo laboral, en particular, cadros sindicais e empresariais.

- Elaborar e difundir guías destinadas ao asesoramento e á resolución de dúbidas á hora de establecer un Plan de igualdade nas empresas.

ACTUACIÓNS DO CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS ENCADRADAS DENTRO DO PLAN GALEGO DE CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE 2018-2021

- MEDIDA 22: ORGANIZACIÓN DUNHA XORNADA ANUAL EN MATERIA DE IGUALDADE.

O Consello organiza, con periodicidade anual, unha xornada sobre temas relacionados coa igualdade de xénero nas relacións laborais, de acceso libre e gratuíto para cadros das organizacións empresariais e sindicais, empresas, traballadores e traballadoras, estudantes, colexios de graduados sociais e, en xeral, a cidadanía interesada, na que normalmente participan a inspección de traballo, persoal docente da Universidade, xuíces e xuízas e na que sempre hai unha mesa de diálogo e debate social integrada por representantes dos sindicatos máis representativos e pola Confederación de Empresarios de Galicia.

Trátase dunha acción de sensibilización, formación e información para xerar conciencia e coñecemento sobre a importancia da conciliación e da corresponsabilidade, entre outras medidas de igualdade.

- MEDIDA 24: IMPULSO Á INCLUSIÓN NA NEGOCIACIÓN COLECTIVA DE CLÁUSULAS TIPO E FÓRMULAS PARA GARANTIR NAS EMPRESAS OS DEREITOS DE CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE.

O Consello impulsa cada ano a inclusión de medidas de igualdade nos convenios colectivos que se rexistran anualmente mediante recomendacións dirixidas ás mesas negociadoras, ás que tamén lles traslada, xunto coa recomendación, o informe emitido polo Servizo de Igualdade da Secretaría Xeral de Emprego e Relacións laborais sobre o convenio colectivo que lles afecta.

- MEDIDA 25: ANÁLISE DOS CONVENIOS COLECTIVOS EXISTENTES QUE INCLÚAN MEDIDAS DE CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE.

O Consello realiza ao longo de cada ano un seguimento dos convenios colectivos existentes e elabora informes e análises sobre aspectos relativos á estrutura e á situación da negociación colectiva galega. No informe analízase con detalle todas as medidas de igualdade recollidas nos convenios, tales como as cláusulas relativas á conciliación da vida laboral e familiar. Actualmente, recollen estas cláusulas a totalidade dos convenios colectivos de sector e o 99 % dos de empresa. Respecto do tipo de cláusulas que conteñen, que melloran ou varían, nalgún aspecto, o sinalado na lexislación vixente, os informes do Consello destacan o contido das cláusulas relativas a permisos, redución de xornada por garda legal ou coidado de familiares, distribución do tempo de traballo, garderías, excedencias, entre outras.

- MEDIDA 30: INCLUSIÓN DE BOAS PRÁCTICAS EN MATERIA DE CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE NA GUÍA DE BOAS PRÁCTICAS EN MATERIA DE IGUALDADE PARA A NEGOCIACIÓN COLECTIVA.

O Consello está a traballar na elaboración dunha nova edición da Guía de Boas Prácticas, elaborada pola Comisión Consultiva Autonómica para a igualdade entre mulleres e homes na negociación colectiva co obxecto de adaptala ás máis recentes novidades lexislativas, e de xeito sobranceiro ao disposto nos Reais decretos 901/2020, regulador dos plans de Igualdade e o seu rexistro, e 902/2020 de igualdade retributiva entre mulleres e homes. A Guía publicarase no vindeiro ano 2025 e incluírá recomendacións en materia de conciliación e corresponsabilidade, así como unha serie de boas prácticas extraídas de cláusulas recollidas nalgúns convenios colectivos e plans de igualdade asinados en Galicia.

- MEDIDA 31: CONSIDERACIÓN DAS MEDIDAS DE CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE NO ESTUDO MONOGRÁFICO SOBRE A APLICACIÓN DO PRINCIPIO DE IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES NA NEGOCIACIÓN COLECTIVA GALEGA.

O Consello publicou un estudo sobre a aplicación do principio de igualdade nos convenios colectivos, baseado na negociación colectiva galega dos anos anteriores, que servirá de base, entre outras cuestións, para a elaboración de consideracións que se trasladarán ás mesas negociadoras e para afondar nos traballos dirixidos á aprobación dun Acordo Interconfederal Galego en materia de igualdade.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

O programa intenta acadar obxectivos que fagan realidade o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes en aspectos tales como a obtención dun mesmo salario pola realización de actividades idénticas tentando así poñer remate á brecha salarial que aínda nestes intres acada unha porcentaxe do dezanove por cento.

Por outra banda inténtase tamén que outros sectores e actividades masculinizados podan ter unha representatividade feminina aceptable.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría xeral de Emprego e Relacións Laborais

Consello Galego de Relacións Laborais

III.1.8. PROGRAMA 324C - PROMOCIÓN DA ECONOMÍA SOCIAL

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Mediante este programa trátase en primeiro lugar de xerar emprego de calidade promovendo iniciativas empresariais baseadas nas persoas e na cooperación baixo os principios e fórmulas da economía social, e prestando especial atención á xuventude, as mulleres e as persoas con discapacidade ou en situación de vulnerabilidade, así como ás iniciativas xeradoras de emprego no rural galego.

Para contribuír ao anterior preténdese tamén mellorar o coñecemento acerca das distintas fórmulas de economía social, achegando á poboación xeral e aos emprendedores en particular, os valores e principios que a sustentan e a formación necesaria para iniciar unha actividade baixo estas fórmulas empresariais.

Finalmente trátase de impulsar a mellora da xestión empresarial e societaria e da competitividade das empresas de economía social e de mellorar as súas posibilidades de financiamento.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Con carácter xeral, as accións previstas neste programa diríxense a toda a poboación. Máis especificamente, diríxense a:

- Persoas desempregadas.
- Mulleres.
- Mozos e mozas.
- Persoas con discapacidade ou en situación de vulnerabilidade social.
- Persoas socias, traballadoras ou directivas de empresas da economía social.
- Persoas traballadoras doutras empresas que desexen transformarse.
- Entidades que desexen transformarse en fórmulas de economía social.
- Entidades de economía social e as entidades asociativas destas.
- Concellos, as súas agrupacións e mancomunidades.
- Universidades.
- Outras entidades sen ánimo de lucro colaboradoras da Rede Eusumo.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

En Galicia existen (datos a 31.12.2023) 1.820 cooperativas activas, ademais de 1.446 sociedades laborais, 130 centros especiais de emprego e 14 empresas de inserción laboral.

Estas entidades, xunto con outras como as mutualidades, asociacións e fundacións con actividade económica, sociedades agrarias de transformación, mancomunidades de montes ou confrarías de pescadores, forman parte da economía social, regulada pola Lei 6/2016, do 4 de maio, da economía social de Galicia, que fixa os obxectivos e principios para o fomento, promoción e apoio a este sector. A lei reconece de interese xeral e social a promoción, o estímulo e o desenvolvemento das entidades da economía social, cuxa importancia vén dada porque contribúe a un modelo económico sustentable no que as persoas son máis importantes que o capital e cuxo motor principal non é a rendibilidade financeira, senón os beneficios para toda a sociedade.

A nova Estratexia Galega de Economía Social EGAES H27 apoia o posicionamento da economía social nos sectores tecnolóxico e dixital, verde, industrial e sostible e promove, entre outras medidas, a presenza feminina e da mocidade na economía social. O documento, que se desenvolve de maneira transversal cos distintos departamentos autonómicos, quere mellorar as competencias das persoas e as capacidades das entidades na economía social, para enfrontar os retos do novo contexto socioeconómico e para consolidar o seu crecemento continuo en Galicia, centrándose especificamente en tres eixos:

1. Persoas: Atraer o talento e mellorar a capacitación das persoas coa finalidade de apoiar a creación e consolidación das entidades de economía social.
2. Entidades/empresas: Transformar e mellorar a capacidade competitiva das entidades de economía social co propósito de facilitar o crecemento sostible e un salto de escala.
3. Gobernanza: Crear unha estrutura de gobernanza que favoreza o contacto e o traballo en conxunto entre todas as entidades que participen na economía social de Galicia.

No cumprimento das súas finalidades, a Consellería Emprego, Comercio e Emigración avogará pola creación, no marco da estratexia, de aceleradoras de emprendemento na economía social, pola cooperación transfronteiriza das persoas emprendedoras e pola consolidación dun espazo de innovación deste modelo, entre outras medidas. E o seu principal obxectivo será crear 3.500 novos postos de traballo baixo o paraugas desta modalidade de negocio e constituír 400 novas entidades.

Neste papel de fomento e promoción cómpre destacar a extensión e consolidación da Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social, que engloba 102 entidades colaboradoras, entre asociacións, fundacións, entidades locais, universidades, cámaras de comercio e outras entidades públicas e privadas.

As actividades prestadas no marco da rede supuxeron desde a súa posta en marcha o asesoramento a máis de 1.300 proxectos asesorados, que supoñen máis de 3.800 persoas pro-

motoras atendidas, así como máis de 1840 actividades de formación, sensibilización e divulgación ás que asistiron máis de 33.350 persoas.

ANÁLISE DAFO

Debilidades:

- Desigual e, nalgúns casos, insuficiente sentido de pertenza á economía social por parte das entidades que forman parte dela.
- Escaseza de estudos globais do seu peso. Falta de cuantificación.
- Gran descoñecemento das fórmulas de economía social como alternativa económica. Identificación con sectores produtivos moi concretos e tradicionais.
- Dificultades para a captación de talento e relevo xeracional.
- Marxe de mellora na xestión empresarial e societaria dos membros das empresas da economía social.
- En xeral, pequena dimensión das empresas de economía social, que dificulta a internacionalización ou a implantación de medidas de mellora da súa competitividade.

Fortalezas:

- As empresas de economía social, e particularmente as cooperativas, adaptáanse mellor adaptación aos períodos de dificultade e teñen un alto índice de supervivencia.
- Son entidades máis igualitarias e contribúen a xerar emprego de calidade.
- Contribúen á fixación de poboación.
- A Rede Eusumo de fomento do cooperativismo e a economía social ten unha ampla implantación que abrangue todo o territorio galego.
- A aceptación entre as entidades de economía social da filosofía de colaboración empresarial, que permite sumar esforzos e mellorar o alcance das actuacións individuais.

Ameazas:

- A preponderancia da cultura empresarial que non ten en conta as fórmulas empresariais que, como a economía social, pivotan sobre a persoa.
- Escaso alcance do coñecemento por parte da sociedade en xeral, así como en particular dos promotores e prescritores do emprendemento (asesores, formadores...) acerca das figuras empresariais da economía social e as súas posibilidades para o emprendemento.
- Insuficiente alcance na sociedade da importancia das empresas de economía social na cohesión social, equidade, integración e benestar social.
- Posibilidade de confusión inducida pola extensión de termos de uso recente con significados non sempre claros, como a economía colaborativa, emprendemento social, economía circular e outros.
- As dificultades de acceso ao financiamento.

- O despoboamento do rural e envellecemento da poboación, unido á falta de relevo xeracional no sector primario.

Oportunidades

- As facilidades para o emprendemento derivadas das vantaxes da participación e da asunción de riscos compartida.
- As actuais tendencias sociais en torno á economía colaborativa e modelos de traballo baseados na cooperación, particularmente entre a xuventude.
- O crecente interese da sociedade por fórmulas económicas e empresariais máis responsables.
- A normativa en materia de cooperativas e sociedades laborais, recentemente modificadas co fin de facilitar a súa constitución, flexibilidade e competitividade.
- O recoñecemento e apoio por parte de todas as Administracións (europea, estatal, autonómica e local), con estratexias para o desenvolvemento do sector recentemente aprobadas.
- A existencia dunha rede específica colaborativa para a promoción da economía social con presenza en todo o territorio galego (Rede Eusumo).
- A actual tendencia de crecemento económico.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 6/2016, do 4 de maio, da economía social de Galicia.
- Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia.
- Decreto 25/2001, do 18 de xaneiro, polo que se regula a organización e funcionamento do Consello Galego de Cooperativas.
- Decreto 430/2001, do 18 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de cooperativas de Galicia.
- Lei 44/2015, do 14 de outubro, de sociedades laborais e participadas.
- Real decreto 2114/1998, do 2 do outubro, sobre rexistro administrativo de sociedades laborais.
- Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.
- Real decreto 2273/1985, do 4 de decembro, polo que se aproba o regulamento de centros especiais de emprego.
- Decreto 200/2005, do 7 de xullo, polo que se regula a autorización administrativa e a inscrición no Rexistro Administrativo de Centros Especiais de Emprego de Galicia, e a súa organización e funcionamento.

- Lei 44/2007, do 13 de decembro, para a regulación do réxime das empresas de inserción.
- Decreto 178/2022, do 15 de setembro, polo que se regula o procedemento para a cualificación das empresas de inserción de Galicia e o seu rexistro administrativo.
- As distintas normas estatais que regulan as liñas básicas dos programas de axudas de fomento do emprego financiados con fondos finalistas.
- Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030.
- Estratexia galega da economía social EGAES H27.
- Axenda social Única de Galicia.
- Plan Anual para o Fomento do Emprego Digno 2024 (PAFED 2024).
- Axenda Galega de Capacidades para o Emprego.
- Programa EMEGA de fomento do emprego feminino.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade deste programa céntrase nos seguintes puntos:

- Creación de emprego a través da promoción do autoemprego colectivo e do apoio ao emprendemento baixo as fórmulas de economía social, con especial atención á xente nova, ás mulleres e ás iniciativas rurais.
- Facilitar a integración laboral das persoas con calquera tipo de discapacidade física, psíquica ou sensorial, ou pertencente a colectivos vulnerables.
- Mellora da competitividade das cooperativas e sociedades laborais, centros especiais de emprego e empresas de inserción, apoiando especialmente a investigación, desenvolvemento e innovación, así como a plena utilización das tecnoloxías da información e as comunicacións.
- Mellorar as capacidades das persoas integradas na economía social para un mellor desempeño profesional e para facer viábel o seu proxecto empresarial.
- Fomento do aproveitamento do talento feminino nas entidades da economía social, para acadar unha maior representatividade nos seus órganos de dirección e xestión.
- Valorización e diferenciación dos produtos e servizos da economía social para mellorar a súa comercialización e internacionalización.
- Sensibilizar a sociedade galega sobre os principios e valores da economía social, sobre as súas potencialidades, especialmente entre a xuventude, así como dotar de maior visibilidade a este sector.
- Consolidación de redes de colaboración para o fomento da economía social, para a colaboración transfronteiriza e para a comercialización e internacionalización.

- Fortalecer o movemento cooperativo e da economía social galega, incentivar os procesos de intercooperación e integración, así como canalizar a súa participación en todos os ámbitos e a presenza institucional a todos os niveis.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

A integración da dimensión da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes é obxecto das competencias autonómicas sobre emprego e relacións laborais, sendo en consecuencia tamén obxecto das actuacións da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

A igualdade é un dos valores nos que se asenta a economía social, que se caracteriza por estar inspirada, entre outros valores, pola promoción da solidariedade interna e coa sociedade, a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a cohesión social, a inserción de persoas con discapacidade e de persoas en risco ou en situación de exclusión social, ou a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

Segundo os datos rexistrados nos boletíns mensuais do paro publicados pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, o número de parados a 31.12.2023 en Galicia ascendía a 129.504, inferior a do ano anterior en 12.718 parados, aínda que esa redución do paro non influíu na proporción de mulleres nesa situación que segue estando entomo ao 58 % das persoas paradas, o que supón 20.082 mulleres paradas máis ca homes. (Fonte datos: <https://ficheiros-web.xunta.gal/cei/estadisticas/2023/dicembro/Boletin-Mensual-Paro-202312.pdf>).

Os incentivos aplicados no ámbito específico do fomento do emprego en economía social, incentívanse con maior contía de axuda a incorporacións de mulleres desempregadas ás coope-
rativas e sociedades laborais, así como a creación de postos de traballo en centros especiais de
emprego e en empresas de inserción, os datos manifestan que é unha medida apropiada para
conseguir que as mulleres alcancen unhas cotas similares aos homes na economía social de Ga-
licia.

Á vista dos resultados, continúa sendo necesario manter este tratamento diferenciado.

Os indicadores clave de produtividade asociados a este programa: SC16 - participantes con
discapacidade; SE01 - Participantes en situación ou risco de exclusión social e P227 - persoas
participantes en accións de formación, son susceptibles de desagregación por xénero.

En relación os indicadores citados, os potenciais beneficiarios deste programa son 3.783 per-
soas con discapacidade (das cales 1.498 son mulleres), 2.786 persoas participantes en accións de
formación (das cales 1.717 son mulleres), 126 persoas en situación ou risco de exclusión social
(das cales 73 son mulleres) e 345 persoas que se incorporan como socios traballadores ou de
traballo, ou a través de fórmulas de autoemprego, a entidades de economía social (das cales 165
son mulleres). (A orixe destes datos son os Indicadores de XUMCO).

Por outra banda, a presenza feminina nos órganos de xestión e dirección das entidades de
economía social segue sendo inferior á que lle correspondería de xeito proporcional á compo-
sición das entidades. Por iso, levaranse a cabo accións que fomenten o acceso das mulleres a
postos de responsabilidade das entidades, a través de accións formativas específicas para este fin.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUAL- DADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	X
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	

Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	X
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	X
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

1. As axudas seguintes increméntanse nun 25 % cando se trata de mulleres:
 - Axudas para a incorporación de persoas socias traballadoras de cooperativas ou sociedades laborais.
 - Axudas para a creación de emprego para persoas con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión en centros especiais de emprego e empresas de inserción laboral respectivamente.
2. Nas axudas do programa ES-Transforma en cooperativas ou sociedades laborais increméntase en 3.000 euros se a entidade está formada na súa maioría por mulleres, por persoas trans e persoas maiores de 45 anos ou menores de 30.
3. Nas axudas para sufragar os gastos de funcionamento das entidades asociativas de cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego e empresas de inserción tense en conta a composición equilibrada do cadro de persoal como un dos criterios de valoración.
4. Nas axudas para proxectos de formación dual en centros especiais de emprego e para a integración laboral de persoas en risco de exclusión tamén se ten en conta como criterio de valoración a composición equilibrada do cadro de persoal da entidade, e ademais, no primeiro deles valóranse as actuacións previstas para a efectiva igualdade de oportunidades entre homes e mulleres no ámbito laboral.
5. Formación específica para promover o acceso das mulleres a postos de responsabilidade nas entidades de economía social.
6. Impulso da formación non presencial e adecuación horaria das accións formativas ás necesidades de conciliación das persoas traballadoras.

7. Formación en valores cooperativos, entre os que cabe destacar o de igualdade entre todas as persoas socias.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

- Contribuirase a reducir o diferencial existente entre a taxa de paro feminino e a taxa de paro masculino, a través dun acceso ao emprego en condicións de igualdade.
- Contribuirase a formar as persoas que integran as empresas de economía social, sexa como socias ou como membros dos equipos directivos, na xestión e toma de decisións baixo criterios de igualdade.
- Facilitarase o acceso a actividades formativas favorecendo a conciliación da vida persoal, familiar e profesional.
- Formarase á poboación en xeral, e ás persoas interesadas en emprender baixo fórmulas de economía social en particular, acerca dos principios e valores da economía social, entre os que destaca o de igualdade.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

No programa APROL economía social, para a incorporación de persoas socias traballadoras a cooperativas ou sociedades laborais, subvencionouse a incorporación de 661 persoas, das que 312 foron mulleres (47,20 %).

Nos programas de incentivos á contratación en empresas de inserción laboral, concedéronse axudas para a contratación de 8 persoas técnicas (3 homes e 5 mulleres), e contribuíuse ao mantemento de emprego para 146 persoas en risco de exclusión (das que 86 son mulleres, o que supón o 58,90 %).

Nos programas de fomento do emprego para persoas con discapacidade a través dos centros especiais de emprego a participación feminina segue sendo baixa, aínda que tende a alza nos postos de nova creación. Así, contribuíuse ao mantemento da actividade laboral de 5685 persoas das que un 39,00 % son mulleres. Destes 3334 son postos indefinidos, dos que 1.290 (un 38,69 % son ocupados por mulleres).

En canto ao programa de formación dual nos centros especiais de emprego, dirixido a persoas con discapacidade intelectual, dos 85 participantes só 30 son mulleres (un 35,29 %). O cociente mellora substancialmente se nos referimos ao persoal técnico subvencionado (xerentes ou persoal de apoio) xa que chega ao 41,58 % das 101 persoas subvencionadas.

En canto ás actividades de asesoramento, formativas ou divulgativas en materia de economía social, en xeral destacan pola alta participación feminina. Cabe destacar:

- prestouse asesoramento especializado, durante o ano 2023, para a posta en marcha ou consolidación de proxectos de economía social a 173 persoas, das que o 61,80 % foron mulleres.
- 538 persoas participaron no exercicio 2023 en actividades formativas para o emprendemento ou mellora de xestión das entidades de economía social, das que o 71,90 % foron mulleres. Cabe destacar aquí que se desenvolveron actividades específicas dirixidas a potenciar o talento feminino en entidades de economía social nas que participaron 50 mulleres.
- 1.530 persoas participaron en 67 actividades de difusión ou divulgación (xornadas, charlas, visitas etc.). Destes participantes o 46,80 % eran mulleres.
- 42 das actividades formativas impartidas no 2023 nas que se combina a formación presencial, en liña e semipresencial.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral Traballo Autónomo e Economía Social

III.1.9. PROGRAMA 581A - ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia, participa no desenvolvemento do Plan Galego de Estatística, mediante a elaboración e difusión da monografía anual da sinistralidade laboral en Galicia, como unha das súas actuacións previstas no plan anual de actuación para o 2025 e na Estratexia de Seguridade e Saúde no Traballo de Galicia: Horizonte 2027.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O colectivo ao que se dirixe esta publicación anual é o tecido empresarial galego, as empresas e o persoal traballador dos centros e lugares de traballo radicados na Comunidade Autónoma de Galicia; destacar a importancia desta publicación para as organizacións sindicais e empresariais galegas, organizacións adicadas ás relacións laborais e a prevención de riscos labo-

rais, universidades, profesionais e medios de comunicación, así como a empresas e traballadores/as das restantes CCAA e a sociedade, en xeral, por ser un instrumento base para o análise e a información das causas e factores que inciden na sinistralidade laboral e polo tanto un indicador para a toma de decisións dende o ámbito técnico, social e político para a redución da sinistralidade relacionada co traballo.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A necesidade de realizar esta actuación ven dada polas funcións do ISSGA entre as que se encontra a obriga da explotación estatística dos datos derivados da tramitación dos partes de accidentes de traballo a través do sistemas telemáticos Delt@ e do PANOTRASS do persoal traballador afiliado á Seguridade Social, que se ven realizando dende o ano 1994 a través da publicación anual da monografía de sinistralidade laboral de Galicia, que inclúe os accidentes de traballo e as enfermidades relacionadas co traballo desglosados segundo o grao da lesión (leves, graves e mortais) e o estudo das variables incorporadas no parte: sectores de actividade, forma de producirse o accidente, natureza da lesión, parte do corpo lesionada, sexo, idade, nacionalidade, cadro de persoal, antigüidade no posto de traballo, hora do día, hora do traballo, día da semana, etc. Tamén se inclúe a variación interanual dos accidentes e os índices de incidencia; así como a análise das patoloxías non traumáticas causadas polo traballo.

Incorpora ademais esta monografía o estudo das enfermidades profesionais comunicadas a través do sistema CEPROSS, para o seu análise e investigación polo persoal técnico do ISSGA.

O tratamento estatístico da sinistralidade laboral constitúe unha técnica xeral analítica de gran rendemento ao permitir o control sobre os parámetros do accidente e da enfermidade profesional e cantas circunstancias poidan incidir naqueles, de tal forma que se poida orientar a actuación das técnicas preventivas. A importancia das estatísticas da sinistralidade laboral reside fundamentalmente en que do seu análise xorden os datos necesarios para determinar as mello-ras nas actuacións preventivas a desenvolver, reflectíndose á súa vez a efectividade e o resultado das medidas preventivas adoptadas.

A magnitude do problema da sinistralidade laboral e o estudo das causas que a provocan, é polo tanto unha das funcións primordiais do ISSGA, dando a coñecer á sociedade unha importante información que axude á toma de decisións no eido da prevención de riscos laborais.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.
- Lei 14/2007, do 30 de outubro, polo que se crea e regula o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia.

- Decreto 165/2014, do 11 de decembro, polo que se aproban os estatutos do organismo autónomo Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia.
- Orde do 24 de xuño de 2008 pola que se dispón o inicio de actividades do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia.
- Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
- Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Estratexia de Seguridade e Saúde no Traballo de Galicia: Horizonte 2027.
- Plan Galego de Estatística 2022-2026.
- Plan de Actuación anual do Issga.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade é presentar a estatística descritiva da sinistralidade laboral en Galicia correspondente ao ano 2023 agrupada en 7 epígrafes:

- Accidentes laborais sen baixa.
- Accidentes laborais con baixa.
- Accidentes laborais mortais.
- Variación interanual dos accidentes con baixa en xornada de traballo ocorridos nos últimos dez anos.
- Índices de incidencia.
- Enfermidades profesionais.
- Patoloxías non traumáticas causadas polo traballo.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	

Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

A información estatística que xurde dos accidentes laborais e das enfermidades profesionais é un instrumento fundamental para a definición de políticas e a toma de decisións en materia de prevención. Desde a perspectiva da igualdade, os datos e o seu tratamento estatístico evidencian a necesidade de facer un enfoque de xénero para comprobar como existe forma distinta de enfermarse e accidentarse entre homes e mulleres, xa sexa como consecuencia das propias diferenzas biolóxicas, ou pola definición u organización social do traballo, que adxudica ás mulleres o desempeño de profesións específicas, cos seus factores de risco predeterminados.

O tratamento estatístico diferenciado da sinistralidade entre homes e mulleres facilita a integración da dimensión da igualdade ao axudar a planificar as actividades preventivas de xeito que se poida acadar un nivel de protección con independencia do xénero. Por isto o estudo dos danos da saúde coa diferenciación por sexo constitúe un instrumento útil para lograr a dita integración.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	

Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Análise da evolución da siniestralidade laboral segundo a variable de xénero	X

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

A extracción e tratamento dos datos de accidentes e enfermidades profesionais, desagregando os datos por sexo, no estudo da sinistralidade laboral do ano 2023 para que se poidan deseñar as medidas de prevención de riscos adecuadas.

Está dirixida a toda a sociedade.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Cumprir no maior grao posible a necesidade de integrar a perspectiva de xénero na prevención de riscos laborais.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia.

III.1.10. PROGRAMA 613A - ORDENACIÓN, INFORMACIÓN E DEFENSA DO CONSUMIDOR E DA COMPETENCIA

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O obxectivo estratéxico deste programa é a defensa, protección, promoción e información dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias, e a garantía, promoción e preservación dunha competencia efectiva nos mercados no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, na perspectiva de conseguir a máxima eficiencia económica e a protección e o aumento do benestar dos consumidores e consumidoras.

Este programa ten os seguintes obxectivos operativos:

1. Financiamento operativo do persoal, instalacións e demais recursos necesarios para garantir os dereitos e intereses das persoas consumidoras e usuarias, de forma especial no relativo á súa información, asesoramento e resolución de conflitos, a través da mediación e a arbitrase de consumo.
2. Reforzo das tarefas de asesoramento ás persoas consumidoras galegas de maneira presencial e a través da web e do teléfono gratuíto co que conta o IGCC.
3. Asesoramento e cooperación coas organizacións de consumidores, entidades locais, operadores económicos e as administracións públicas a todos os niveis.
4. Execución do plan anual de formación e educación en materia de defensa do consumidor/a e da competencia a través da Escola Galega de Consumo.
5. Realización de campañas informativas e de sensibilización, dirixidas ás persoas consumidoras.
6. Promoción e potenciación do sistema arbitral de consumo presencial e "on line".
7. Impulso á normativa en materia de consumo, a través do desenvolvemento da Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, e a través de normativa sectorial e a propia na materia de defensa do consumidor.
8. Actuacións en materia de seguridade dos produtos industriais postos no mercado a disposición das persoas consumidoras e usuarias, de execución obrigatoria por parte da comunidade autónoma en base ao disposto no Real decreto 1801/2003, e mantemento da rede de alerta deste tipo de produtos, en colaboración co Laboratorio de Consumo de Galicia.
9. Potenciación do Laboratorio de Consumo de Galicia.
10. Realización do programa anual de control e vixilancia do mercado, incorporando a dimensión da defensa e promoción da competencia, co obxectivo primordial de defender os lexítimos intereses das persoas consumidoras e usuarias e mellorar a eficiencia dos mercados.
11. Promoción da competencia como medio para lograr unha maior eficiencia económica e estimular a competitividade das empresas.

12. Protección dos consumidores fronte a condutas anticompetitivas e posibles trabas ao funcionamento eficiente dos mercados.
13. Control e asesoramento ás administracións públicas nas actividades que poidan ter incidencia na libre competencia no mercado, tanto desde a perspectiva dos operadores económicos como dos consumidores e usuarios.
14. Impulso á terminación convencional dos expedientes sancionadores, en materia de competencia.
15. Elaboración de informes sobre sectores económicos, tanto de xeito individual como en colaboración con outras autoridades de competencia.
16. Asesoramento e control da actividade das Administracións públicas galegas relacionadas coa libre competencia, a través da emisión de informes sobre os proxectos normativos, que poidan ter algunha incidencia sobre a competencia efectiva nos mercados.
17. Potenciar a solicitude de informes sobre os proxectos de concesión de axudas a empresas con cargo a recursos públicos, en relación cos seus efectos sobre as condicións de competencia e a emisión de informes sobre o impacto das axudas públicas.
18. Desenvolver o plan de inspección do comercio electrónico na Comunidade Autónoma de Galicia, realizando a análise da información legal contida nas páxinas webs e comprobando a seguridade dos produtos comercializados online.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Este programa vai dirixido a toda a poboación da Comunidade Autónoma de Galicia.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Os constantes cambios que se están a producir nos mercados esixen unha adaptación permanente e unha reformulación dos medios habituais de relación entre a administración e as persoas consumidoras, dunha banda no que atinxe ás peticións de asesoramento e de resolución de conflitos e doutra ás actuacións ante condutas anticompetitivas no mercado que igualmente afectan ás persoas consumidoras.

Así mesmo no eido da formación en materia de protección ao consumidor, as novas tecnoloxías da información deben estar presentes coa fin de chegar ao maior número de persoas posibles sen descoidar a importancia da proximidade e a presencialidade coas persoas consumidoras, especialmente das máis vulnerables.

A modificación dos hábitos de consumo en prol da adquisición de produtos en rede, o que comunmente se denomina comercio electrónico, demandan mecanismos de control deste

sector para garantir o cumprimento da normativa en defensa dos consumidores así como para acadar unha maior transparencia do mercado.

Por outra banda, nos últimos tempos, preocupa especialmente a situación de crise enerxética e as repercusións que está a ter nas persoas consumidoras, que precisan, si cabe, dunha maior información e formación dos diferentes cambios que se están a producir na facturación dos subministros.

Todo isto, sen descoidar a importancia de traballar a prol de novas formas de consumo máis responsables e acordes coa sustentabilidade e o coidado da contorna, que impulse os cambios necesarios dende o punto de vista do consumo cara o obxectivo dunha economía verde e respectuosa co medio ambiente.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, autoriza a creación do Instituto Galego do Consumo e da Competencia, como organismo autónomo adscrito á Consellería competente en materia de consumo, tendo como fins xerais e obxectivos básicos a defensa, protección, promoción e preservación dunha competencia efectiva nos mercados no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, na perspectiva de conseguir a máxima eficiencia económica e a protección e o aumento do benestar dos consumidores e consumidoras.

O Programa do Instituto Galego do Consumo e da Competencia para o ano 2025 enmárcase dentro da Estratexia de protección das Persoas consumidoras para o período 2020-2025, que ten como obxectivo dar cumprimento a Nova Axenda Europea da persoa consumidora 2020-2025 contemplando tres ámbitos de actuación:

- Transformación dixital.
- Atención ás persoas consumidoras vulnerables.
- Formación e educación sostible, económica, integral e inclusiva.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade deste programa é dar resposta ás necesidades dos cidadáns e cidadás, potenciando a mediación e a arbitraje de consumo como ferramentas extraxudiciais para resolver as situacións de conflito entre as empresas e as persoas consumidoras, executar campañas de control de mercado, acercar máis a Escola Galega de Consumo aos colectivos máis desprotexidos, e ás asociacións de consumidores, así como trasladar á sociedade os valores da libre competencia e a necesidade de promovelas e defendelas.

O IGCC aposta pola prestación dun servizo de calidade ás persoas consumidoras, un consumo máis responsable a través da formación e a educación e un mercado máis seguro e transparente. Levará a cabo un control oficial no mercado, potenciará a mediación e a arbitraje de consumo e sancionará as condutas non acordes coa normativa sobre persoas consumidoras.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Este programa, está dirixido a todas as persoas consumidoras galegas, facendo desde a Escola Galega de Consumo un especial seguimento da publicidade e da educación para o consumo non sexista, ensinando a comprar a través dos talleres, obradoiros e cursos que nela se imparten aos nenos e nenas galegas.

En relación aos principais ámbitos de actuación do programa, e tendo en conta que a maioría das actuacións e actividades van dirixidas a toda a cidadanía galega, non se detectan diferencias significativas na porcentaxe de mulleres e homes beneficiarias e beneficiarios do programa.

Tendo en conta os resultados de 2023 e a previsión de 2024, resultando que para 2025 se estiman equivalentes, podemos sinalar algún exemplo:

- Persoas usuarias do Programa Cores e Consumo Responde (INFOCONSUMO) por sexo: 40 % homes, 60 % mulleres.

- Concursos escolares GALICONS e CONSUMÓPOLIS por sexo: 40 % homes e 60 % mulleres,

A homoxeneidade nas cifras de persoas usuarias ven dada porque estes programas traballan con centros educativos principalmente, polo que a ratio de homes e mulleres é moi semellante, salvo nos cursos de formación onde destacan as mulleres.

Tamén se detecta unha maior participación das mulleres no programa de concesión de becas de formación en materia de dereitos das persoas consumidoras e seguridade dos produtos. Como exemplo, na convocatoria do exercicio 2024 a participación de mulleres foi maior ao 77%.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Toda a sociedade galega en xeral.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Camiño dunha sociedade non sexista e con igualdade de oportunidade en todos os ámbitos.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Instituto Galego do Consumo e da Competencia- IGCC

III.1.11. PROGRAMA 751A - ORDENACIÓN, REGULACIÓN E PROMOCIÓN DO COMERCIO INTERIOR DE GALICIA

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Comercio:

- Modernizar e incrementar a competitividade do tecido comercial.
- Mellorar a competitividade e a dinamización do comercio e da empresa comercial, prestando especial atención á dixitalización do sector e ao impulso da súa innovación, tanto en novas fórmulas de comercialización como na posta en marcha de proxectos de sostibilidade e protección do medio ambiente no sector comercial.
- Potenciar a transformación empresarial e a adaptación aos cambios do mercado no contexto marcado pola actual situación inflacionista.

- Impulsar a formación e cualificación dos/as profesionais do sector comercial cara acadar un sector forte, competitivo, sostible e moderno.
- Incrementar e potenciar a innovación nas empresas comerciais impulsando a súa presenza en novos formatos, produtos e servizos, identificando ao comercio cun novo concepto conectado coa clientela e as tendencias do mercado.
- Impulsar a modernización das estruturas e espazos comerciais procurando a mellora da imaxe e dos servizos, impulsando tamén a sostibilidade ambiental e fomentando procesos de economía circular no ámbito do comercio.
- Potenciar e revitalizar os mercados e prazas de abastos como espazos comerciais vertebradores do territorio e xeradores de riqueza e emprego, aproveitando a súa situación estratéxica nas vilas e cidades como o mellor escaparate do produto galego de calidade, ademais da súa capacidade de dinamización comercial e turística.
- Apoiar ao asociacionismo comercial como ferramenta de colaboración e cooperación para incrementar a competitividade do comercio de proximidade e a mellora da imaxe das vilas e cidades galegas.
- Incentivar a demanda comercial e potenciar a calidade e a excelencia no tecido comercial e o seu compromiso cos valores sociais e o medio ambiente.
- Impulsar o dinamismo económico do sector comercial mediante o fomento e a promoción do emprendemento así como a consolidación dun sector sostible.
- Impulsar a actividade feiral e a promoción dos produtos galegos.

Artesanía:

- Modernizar o sector artesanal nas súas estruturas produtivas e mellorar a comercialización dos produtos artesanais.
- Mellorar a competitividade das empresas de artesanía mediante un incremento da comercialización dos seus produtos, revalorizando os procesos artesanais vinculados aos vellos saberes para ofrecer novos valores.
- Mellorar as técnicas de xestión e deseño aplicadas á produción artesanal.
- Crear emprego de calidade no sector artesanal galego e afianzar un sector competitivo capaz de aglutinar todo o talento artesan.
- Apostar pola profesionalización continua do sector artesanal especializada en competencias profesionais e competencias transversais.
- Fomentar o relevo xeracional no sector artesanal, promovendo a formación das novas xeracións nos oficios e técnicas máis tradicionais.
- Fomentar e promocionar a identidade corporativa asociada á marca Artesanía de Galicia.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Comercio:

O sector comercial retallista, constituído por un total de 28.284 empresas que dan emprego a 106.577 persoas traballadoras.

Artesanía:

O sector artesanal galego, que conta con 904 obradoiros artesanais.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Comercio:

Na actualidade, a inflación está a producir graves consecuencias económicas, tales como o incremento xeneralizado dos prezos e o conseguente descenso do consumo. Esta situación está a influír dun xeito indubidable na actividade económica e no comportamento dos/as consumidores/as, afectando de forma moi significativa á actividade comercial e, en xeral, á economía das persoas consumidoras.

O sector comercial ten que adaptarse a este contexto de recuperación e reactivación económica, o que implica a súa transformación moi vinculada á modernización e á dixitalización do sector.

Esta situación ten que ser aproveitada para a readaptación do comercio co fin de acadar unha maior competitividade e sustentabilidade, tendo en conta as características territoriais e socioeconómicas de Galicia.

Artesanía:

Actualmente, o sector artesán caracterízase pola disgregación e a atomización, cunha baixa utilización das técnicas de xestión e certas carencias na comercialización dos produtos artesanais.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Comercio:

- Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia.
- Lei 13/2006, do 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia.

Artesanía:

- Lei 8/2023, do 14 de decembro, de artesanía de Galicia.
- Decreto 218/2001, do 7 de setembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de artesanía.
- Orde do 26 de outubro de 2018 pola que se regula a concesión, uso e control da marca de Artesanía de Galicia, propiedade da Xunta de Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Comercio:

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia posúe, entre outras competencias, as referidas ao comercio nos termos recollidos no Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración co dobre obxectivo de, por unha banda, reforzar e transformar o comercio de proximidade, toda vez que exerce un papel cohesionador básico na actividade económica xeral ao revelarse como unha das actividades con maior capacidade de incidencia no entorno urbano e social onde se desenvolve, e, pola outra, manter e crear emprego no sector comercial mediante a transmisión de coñecemento impulsando un sector máis forte, adaptado e competitivo.

Trátase de desenvolver unha estratexia global onde se acade a compatibilidade e o equilibrio entre o próximo e o global, entre a tenda física e a online e, en definitiva, unir a transformación dos espazos comerciais na procura dunha actividade comercial rendible e sustentable.

É o momento de reactivar a actividade comercial e adaptala aos cambios que están a producirse no mercado. As actuacións previstas tentarán mitigar os efectos adversos que a actual situación económica está a provocar e axudarán a crear novas sinerxías e oportunidades empresariais.

As actuacións dirixirán o foco do sector á clientela con criterios medioambientais sostibles que o fagan máis atractivo e competitivo. Incentivarase unha adaptación necesaria mediante a dixitalización, a innovación e a reforma comercial en termos de sustentabilidade, modernidade e comercio de calidade que dinamice, ao mesmo tempo, a actividade comercial das nosas vilas e cidades e mellore a súa imaxe e seguridade.

Neste contexto, o aproveitamento do valor estratéxico do comercio de proximidade urbano e a dinamización da actividade comercial amósanse fundamentais para buscar novas estratexias de incentivación da demanda que favorezan tanto o incremento das vendas como o número das persoas consumidoras. O comercio no rural cobra tamén especial relevancia e, por iso, debe ser obxecto de especial tratamento para trasladar alí as tendencias e necesidades do sector.

En definitiva, o programa ten como finalidade proseguir coa modernización do tecido comercial galego e coa súa adaptación ás novas tendencias do mercado mediante as seguintes actuacións, entre outras:

- Contribuír á construción dun sector comercial máis forte, competitivo e dinámico.
- Revitalizar e fortalecer as prazas de abastos, os centros comerciais abertos e os eixes comerciais.
- Racionalizar e optimizar os recursos dos recintos feirais.
- Mellorar a comercialización dos produtos galegos.

Artesanía:

O citado I 47/2024, do 20 de maio, indica que lle corresponde á Dirección Xeral de Comercio e Consumo a planificación, a coordinación e o control das competencias da consellería en materia de artesanía.

A importancia das actividades artesanais en Galicia non só reside nun plano social ou cultural, co que se adoitan identificar, senón que constitúen actividades con capacidade de xeración de emprego e riqueza desde o punto de vista económico. Abranguen, ademais, unha longa lista de oficios que se traducen nunha oferta produtiva moi diversificada que pode responder de xeito eficaz ás exixentes demandas do mercado actual.

A Dirección Xeral de Comercio e Consumo, consciente da importancia social, cultural, patrimonial e económica da artesanía galega, aposta por un sector artesán forte, competitivo e capaz de adaptarse ás novas tendencias do mercado.

Por isto, un dos obxectivos fundamentais do programa é o desenvolvemento dunha estratexia de promoción, impulso e mellora da competitividade do sector coa modernización e o crecemento das estruturas produtivas, a introdución das novas tecnoloxías, o fomento e divulgación dos produtos artesanais e a potenciación da marca Artesanía de Galicia para a mellor comercialización da artesanía galega mediante as seguintes actuacións, entre outras:

- Contribuír á construción dun sector artesanal máis competitivo e dinámico.
- Acadar unha formación e inserción laboral adecuada.
- Mellorar a comercialización dos produtos artesanais.
- Garantir o relevo xeracional nos oficios tradicionais artesanais.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

A Dirección Xeral de Comercio e Consumo incorporará unha perspectiva de xénero e promoverá a igualdade entre homes e mulleres na licitación dos contratos que teña que levar a cabo co obxecto de promover un marco de relacións laborais que favoreza a racionalización horaria e a conciliación responsable.

En definitiva, promoverase un uso estratéxico da contratación pública a través da aplicación de cláusulas sociais e outros datos específicos relacionados co programa e coa poboación obxectivo das actividades, desagregados por sexo.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	

Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Comercio e Consumo

IV. CADROS DE OBXECTIVOS POR PROGRAMA

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Programa: 312C SERVIZOS SOCIAIS RELATIVOS ÁS MIGRACIÓNS	
Eixe: E2 - Eixe 2. Galicia verde e sostible	
Prioridade de Actuación: PA01 - Fomento dunha economía baixa en carbono baseada en fontes de enerxía máis limpas e menos agresivas co medio ambiente, dando prioridade as fontes de enerxía renovables. Potenciar a eficiencia enerxética en todos os sectores: público, industrial e doméstico	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Mellorar a eficiencia enerxética na edificación, nas infraestruturas e servizos públicos. Avanzar na avaliación e mellora da eficiencia enerxética das empresas, incidindo no que atinxe á intensidade enerxética	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial	
Prioridade de Actuación: PA02 - Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E02 - Impulsar a inclusión social e laboral das persoas en situacións de vulnerabilidade, pobreza ou exclusión social e loitar contra calquera forma de discriminación ademais de garantir a igualdade de oportunidades e o acceso aos servizos públicos da poboación retornada e inmigrante	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0005 - Atención socioasistencial e sociocultural aos cidadáns galegos retornados (ou en proceso de retorno) así coma potenciar o regreso de galegos/as residentes no exterior.	
0006 - Atención ás entidades galegas no exterior para desenvolver os seus programas.	
Indicador	Valor Previsto
P0076D - Entidades galegas do exterior beneficiadas	184
P1027H - Persoas galegas residentes no exterior e retornadas. Homes	6.892
P1027M - Persoas galegas residentes no exterior e retornadas. Mulleres	5.551
Programa: 321A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE EMPREGO	
Eixe: E1 - Eixe 1. O reto demográfico	
Prioridade de Actuación: PA01 - Acadar un nivel de emprego elevado e de calidade, que garanta o equilibrio entre a vida profesional e a privada	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Mellorar a empregabilidade das persoas desempregadas ou inactivas, especialmente entre a poboación xuvenil e aquelas con maiores dificultades de acceso ao mercado laboral, por medio da adquisición de experiencia profesional e da orientación, fomentando a igualdade de oportunidades	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0001 - Fomentar as estratexias de asesoramento personalizado para a inserción no mercado de traballo. Definir procesos de asesoramento eficientes.	
0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico	
Programa: 322A MELLORA E FOMENTO DA EMPREGABILIDADE	
Eixe: E1 - Eixe 1. O reto demográfico	
Prioridade de Actuación: PA01 - Acadar un nivel de emprego elevado e de calidade, que garanta o equilibrio entre a vida profesional e a privada	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Mellorar a empregabilidade das persoas desempregadas ou inactivas, especialmente entre a poboación xuvenil e aquelas con maiores dificultades de acceso ao mercado laboral, por medio da adquisición de experiencia profesional e da orientación, fomentando a igualdade de oportunidades	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0003 - Programas integrados de emprego con intermediación laboral.	
0005 - Mellora da empregabilidade das persoas desempregadas, especialmente de colectivos con maiores dificultades (persoas mozas e persoas paradas de longa duración) mediante políticas activas de emprego, programas de orientación laboral (incluída a igualdade) e programas duais de emprego (con adquisición de experiencia profesional en empresas)	
Indicador	Valor Previsto
SC01.H - Persoas desempregadas, incluídos os de longa duración. Homes	1.799
SC01.M - Persoas desempregadas, incluídos os de longa duración. Mulleres	1.501
Programa: 322C PROMOCIÓN DO EMPREGO, DO EMPREGO AUTÓNOMO E DO MERCADO DE TRABALLO INCLUSIVO	
Eixe: E1 - Eixe 1. O reto demográfico	

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Prioridade de Actuación: PA01 - Acadar un nivel de emprego elevado e de calidade, que garanta o equilibrio entre a vida profesional e a privada

Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Mellorar a empregabilidade das persoas desempregadas ou inactivas, especialmente entre a poboación xuvenil e aquelas con maiores dificultades de acceso ao mercado laboral, por medio da adquisición de experiencia profesional e da orientación, fomentando a igualdade de oportunidades

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

0001 - Fomentar as estratexias de asesoramento personalizado para a inserción no mercado de traballo. Definir procesos de asesoramento eficientes.

0002 - Fomento do emprego das persoas galegas retornadas

0005 - Mellora da empregabilidade das persoas desempregadas, especialmente de colectivos con maiores dificultades (persoas mozas e persoas paradas de longa duración) mediante políticas activas de emprego, programas de orientación laboral (incluída a igualdade) e programas duais de emprego (con adquisición de experiencia profesional en empresas)

0006 - Mellorar os servizos públicos de axuda á inserción: busca de emprego.

0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico

Indicador	Valor Previsto
SC01.H - Persoas desempregadas, incluídos os de longa duración. Homes	865
SC01.M - Persoas desempregadas, incluídos os de longa duración. Mulleres	997
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E02 - Potenciar a formación, adquisición e acreditación de competencias profesionais, fomentando a igualdade de oportunidades. Promover a aprendizaxe permanente e adaptar a cualificación das persoas traballadoras ás necesidades do mercado de traballo	

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico

Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E03 - Aumentar as competencias emprendedoras, impulsar a creación de empresas e iniciativas de traballo por conta propia sustentables e fomentar un mercado de traballo inclusivo

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

0002 - Programas de promoción do emprendemento e apoio ao emprego autónomo.

0003 - Programas de integración laboral de persoas con discapacidade e de colectivos en risco de exclusión social.

0004 - Fomento do emprego no medio rural

Indicador	Valor Previsto
DOC001 - Número de empresas que reciben axudas	270
P227.H - Participantes en accións de formación. Homes	250
P227.M - Participantes en accións de formación. Mulleres	250
P342.H - Persoas beneficiadas (homes)	13
P342.M - Persoas beneficiadas (mulleres)	12
SC01.H - Persoas desempregadas, incluídos os de longa duración. Homes	3.475
SC01.M - Persoas desempregadas, incluídos os de longa duración. Mulleres	3.365
SC16.H - Participantes con discapacidade. Homes	125
SC16.M - Participantes con discapacidade. Mulleres	125
SE01.H - Participantes en situación ou risco de exclusión social. Homes	120
SE01.M - Participantes en situación ou risco de exclusión social. Mulleres	35

Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento

Prioridade de Actuación: PA01 - Mellorar as capacidades de investigación e innovación e a adopción de tecnoloxías avanzadas

Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Fomentar o investimento en I+D+i no sector empresarial, dinamizar a transferencia de coñecemento ao mercado reforzando a colaboración entre os axentes do ecosistema de I+D+i, avanzar na especialización a través da priorización en ámbitos estratéxicos para Galicia, impulsando o liderado empresarial, especialmente das PEMEs, na transformación das ideas innovadoras en produtos e servizos de alto valor engadido, xeradores de crecemento, emprego e benestar. Apoiar o talento emprendedor en todos os ei

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

0002 - Fomentar a cultura de innovación nas empresas establecendo incentivos e programas efectivos de financiamento para I+D+i, especialmente nas PEMES e sectores, nos ámbitos de especialización de Galicia. Mellorar o impulso e seguimento do ciclo innovador de todas as empresas.

0006 - Atraer e manter o talento innovador

Indicador	Valor Previsto
DOC001 - Número de empresas que reciben axudas	100

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Programa: 323A FORMACIÓN PROFESIONAL DESEMPREGADOS	
Eixe: E1 - Eixe 1. O reto demográfico	
Prioridade de Actuación: PA01 - Acadar un nivel de emprego elevado e de calidade, que garanta o equilibrio entre a vida profesional e a privada Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E02 - Potenciar a formación, adquisición e acreditación de competencias profesionais, fomentando a igualdade de oportunidades. Promover a aprendizaxe permanente e adaptar a cualificación das persoas traballadoras ás necesidades do mercado de traballo	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento) OI02 - Transferencias internas O002 - Preparar á poboación mellor para as necesidades formativas que require e requirirá a Industria 4.0, especialmente a través da dinamización, actualización e mellora constante da formación profesional para o emprego para persoas traballadoras, ocupadas e desempregadas. Mellorar a capacitación nas chamadas habilidades brandas (soft skills) e nos coñecementos STEM (ciencia, tecnoloxía, enxeñaría e matemáticas). O005 - Medidas de impulso á formación para persoas desempregadas e fomento de accións formativas vinculadas á obtención de certificados de profesionalidade.	
Indicador	Valor Previsto
P227.H - Participantes en accións de formación. Homes	13.561
P227.M - Participantes en accións de formación. Mulleres	14.835
Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento	
Prioridade de Actuación: PA01 - Mellorar as capacidades de investigación e innovación e a adopción de tecnoloxías avanzadas Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Fomentar o investimento en I+D+i no sector empresarial, dinamizar a transferencia de coñecemento ao mercado reforzando a colaboración entre os axentes do ecosistema de I+D+i, avanzar na especialización a través da priorización en ámbitos estratéxicos para Galicia, impulsando o liderado empresarial, especialmente das PEMEs, na transformación das ideas innovadoras en produtos e servizos de alto valor engadido, xeradores de crecemento, emprego e benestar. Apoiar o talento emprendedor en todos os ei	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
O099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico	
Programa: 323B FORMACIÓN PROFESIONAL DE OCUPADOS	
Eixe: E1 - Eixe 1. O reto demográfico	
Prioridade de Actuación: PA01 - Acadar un nivel de emprego elevado e de calidade, que garanta o equilibrio entre a vida profesional e a privada Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E02 - Potenciar a formación, adquisición e acreditación de competencias profesionais, fomentando a igualdade de oportunidades. Promover a aprendizaxe permanente e adaptar a cualificación das persoas traballadoras ás necesidades do mercado de traballo	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
O001 - Mellorar a cualificación profesional das persoas ocupadas (tanto upskilling como reskilling) e fomento do recoñecemento de competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral. O004 - Actualizar os programas formativos das especialidades da formación profesional para o emprego, consonte os requirimentos dos sectores produtivos, nomeadamente os máis dinámicos, e as necesidades das persoas traballadoras.	
Indicador	Valor Previsto
P227.H - Participantes en accións de formación. Homes	10.487
P227.M - Participantes en accións de formación. Mulleres	18.804
Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento	
Prioridade de Actuación: PA01 - Mellorar as capacidades de investigación e innovación e a adopción de tecnoloxías avanzadas Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Fomentar o investimento en I+D+i no sector empresarial, dinamizar a transferencia de coñecemento ao mercado reforzando a colaboración entre os axentes do ecosistema de I+D+i, avanzar na especialización a través da priorización en ámbitos estratéxicos para Galicia, impulsando o liderado empresarial, especialmente das PEMEs, na transformación das ideas innovadoras en produtos e servizos de alto valor engadido, xeradores de crecemento, emprego e benestar. Apoiar o talento emprendedor en todos os ei	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
O099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico	
Programa: 324A MELLORA DA ORGANIZACIÓN E ADMINISTRACIÓN DAS RELACIÓNS LABORAIS E DA PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS	
Eixe: E1 - Eixe 1. O reto demográfico	

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Prioridade de Actuación: PA01 - Acadar un nivel de emprego elevado e de calidade, que garanta o equilibrio entre a vida profesional e a privada

Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E04 - Consolidar un marco de relacións laborais moderno que facilite unhas condicións de traballo saudables e seguras e favorecer a conciliación da vida laboral, familiar e persoal

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)
 0005 - Promover unha igualdade de oportunidades real para todas as persoas
 0006 - Fomentar o coñecemento en Igualdade laboral
 0008 - Incrementar a consolidación da prevención de riscos laborais e a promoción da saúde nos lugares de traballo.
 0012 - Impulsar propostas relativas a acordos laborais e fomentar a súa aplicación nas organizacións empresariais e sindicais.
 0013 - Promoción da RSE e das Relacións Laborais e accións de formación e información en materia de relacións laborais.
 0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico

Indicador	Valor Previsto
P00325 - Accións de formación e información desenvoltas en materia de prevención de riscos laborais	341
P0076B - Entidades beneficiadas en materia de prevención de riscos laborais	55
P342.H - Persoas beneficiadas (homes)	2.195
P342.M - Persoas beneficiadas (mulleres)	2.225
SOEE17 - Número de empresas que reciben axudas para desenvolver medidas de fomento da igualdade e da conciliación de vida laboral	230
SC05.H - Persoas con emprego, incluídos os traballadores por conta propia. Homes	1.817
SC05.M - Persoas con emprego, incluídos os traballadores por conta propia. Mulleres	1.196

Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial

Prioridade de Actuación: PA02 - Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante

Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E05 - Acadar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, impulsando unha maior e mellor participación das mulleres en todos os ámbitos sociais e profesionais e nos procesos de toma de decisións

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

0005 - Promoción do autoemprego e do emprendemento femininos. Formación específica para mulleres para mellorar a súa empregabilidade e condicións laborais

Programa: 324C PROMOCIÓN DA ECONOMÍA SOCIAL

Eixe: E1 - Eixe 1. O reto demográfico

Prioridade de Actuación: PA01 - Acadar un nivel de emprego elevado e de calidade, que garanta o equilibrio entre a vida profesional e a privada

Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E05 - Promover o cooperativismo e a economía social, como modelo de competitividade empresarial e sustentabilidade económica para xerar empregos de calidade, fomentar o desenvolvemento local, a igualdade de oportunidades ou a inserción no mercado laboral de colectivos en exclusión

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)
 0001 - Incrementar os apoios que reciben por parte das administracións públicas as cooperativas, sociedades laborais, empresas de inserción laboral e os centros especiais de emprego para seguir xogando un papel integrador, sobre todo en zonas rurais.
 0002 - Fomentar as entidades de Economía Social como alternativa estable e de calidade para o emprego e o autoemprego colectivo e fomentar a transformación de empresas en entidades de Economía Social.
 0003 - Apostar polas Entidades de Economía Social para potenciar (dinamizar) e favorecer a saída laboral de mulleres e outros colectivos de exclusión.

Indicador	Valor Previsto
P00171 - Entidades de economía social beneficiadas	616
P190.H - Persoas que se incorporan como socios traballadores ou de traballo, ou a través de fórmulas de autoemprego, a cooperativ	180
P190.M - Persoas que se incorporan como socios traballadores ou de traballo, ou a través de fórmulas de autoemprego, a cooperativ	165
P227.H - Participantes en accións de formación. Homes	1.064
P227.M - Participantes en accións de formación. Mulleres	1.704

Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Prioridade de Actuación: PA01 - Mellorar as capacidades de investigación e innovación e a adopción de tecnoloxías avanzadas Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Fomentar o investimento en I+D+i no sector empresarial, dinamizar a transferencia de coñecemento ao mercado reforzando a colaboración entre os axentes do ecosistema de I+D+i, avanzar na especialización a través da priorización en ámbitos estratéxicos para Galicia, impulsando o liderado empresarial, especialmente das PEMES, na transformación das ideas innovadoras en produtos e servizos de alto valor engadido, xeradores de crecemento, emprego e benestar. Apoiar o talento emprendedor en todos os ei	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico	
Programa: 581A ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA	
Eixe: E5 - Eixe 5. Gobernanza	
Prioridade de Actuación: PA01 - Unha boa administración, que avance na prestación de servizos e xeración de valor engadido á cidadanía, baseada na planificación e a avaliación das políticas públicas. Empregando procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E02 - Xestión orientada a resultados, transparencia e rendición de contas. Unha administración centrada na cidadanía, próxima, áxil e eficaz, que xera confianza baseada na transparencia e rendición de contas	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
Programa: 613A ORDENACIÓN , INFORMACIÓN E DEFENSA DO CONSUMIDOR E DA COMPETENCIA	
Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento	
Prioridade de Actuación: PA03 - Impulsar o crecemento e competitividade das PEMES, a transición industrial e o emprendemento Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Impulsar a creación de novas empresas, a consolidación e crecemento das existentes, a súa internacionalización e fomentar decididamente o espírito emprendedor. Garantir o cumprimento das condicións de seguridade das instalacións no que atinxe á seguridade industrial e de equipamentos industriais e a defensa das persoas consumidoras e usuarias, protexendo a seguridade, a saúde e os seus lexítimos intereses económicos	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0007 - Detección e sanción de condutas anticompetitivas. A promoción da competencia trata de mellorar o entorno competitivo por medio de mecanismos non coactivos, como a elaboración de informes, recomendacións e todos aqueles medios que permitan difundir na sociedade os valores da competencia.	
0008 - Reforzo da protección e defensa das persoas consumidora e dos organismos reguladores da competencia	
Indicador	Valor Previsto
P00045 - Axudas concedidas.	13
Programa: 751A ORDENACIÓN, REGULACIÓN E PROMOCIÓN DO COMERCIO INTERIOR DE GALICIA	
Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento	
Prioridade de Actuación: PA03 - Impulsar o crecemento e competitividade das PEMES, a transición industrial e o emprendemento Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Impulsar a creación de novas empresas, a consolidación e crecemento das existentes, a súa internacionalización e fomentar decididamente o espírito emprendedor. Garantir o cumprimento das condicións de seguridade das instalacións no que atinxe á seguridade industrial e de equipamentos industriais e a defensa das persoas consumidoras e usuarias, protexendo a seguridade, a saúde e os seus lexítimos intereses económicos	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
OI03 - Transferencias internas	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E02 - Incrementar a competitividade das empresas galegas a través da innovación e o desenvolvemento tecnolóxico, apoiar o desenvolvemento de polos de desenvolvemento baseados nas TIC e das habilidades STEM en tódalas fases do proceso educativo, e a competitividade do sector produtivo apostando por produtos de alto valor engadido diferenciados en base ao compoñente tecnolóxico, a calidade a o deseño	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0001 - Mellora da competitividade mediante a incorporación da innovación e as TIC nas empresas, especialmente nas PEMES . Transformar o tecido empresarial nun tecido avanzado, intelixente.	
Indicador	Valor Previsto
P00103 - Investimento privado que acompaña á axuda pública	1.760.000
P0045C - Axudas concedidas ao sector do comercio	1.100

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E03 - Atraer investimento produtivo e fomentar e facilitar a internacionalización das empresas galegas, en especial as PEME

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

0003 - Promocionar a comercialización de produtos galegos de calidade. Promoción da mellora do deseño e transformación de produto e materias primas galegas.

0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico

Indicador	Valor Previsto
DOC001 - Número de empresas que reciben axudas	75
P00103 - Investimento privado que acompaña á axuda pública	65.000
P0045C - Axudas concedidas ao sector do comercio	35

V. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

Programas	Servizos				
	01	02	03	04	05
312C-Servizos sociais relativos ás migracións					22.524
321A-Dirección e servizos xerais de emprego	11.313				
322A-Mellora e fomento da empregabilidade			72.232		
322C-Promoción do emprego, do emprego autónomo e do mercado de traballo inclusivo		111.020		26.904	
323A-Formación profesional desempregados			134.901		
323B-Formación profesional de ocupados			19.827		
324A-Mellora da organización e administración das relacións laborais e da prevención de riscos laborais		15.095			
324C-Promoción da economía social				44.854	
Total	11.313	126.115	226.961	71.758	22.524

(Orzamento axustado)(Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos (continuación)

Programas	Servizos				
	06	80	81	B1	Total
312C-Servizos sociais relativos ás migracións					22.524
321A-Dirección e servizos xerais de emprego					11.313
322A-Mellora e fomento da empregabilidade					72.232
322C-Promoción do emprego, do emprego autónomo e do mercado de traballo inclusivo					137.924
323A-Formación profesional desempregados					134.901
323B-Formación profesional de ocupados					19.827
324A-Mellora da organización e administración das relacións laborais e da prevención de riscos laborais			7.844	1.486	24.425
324C-Promoción da economía social					44.854
581A-Elaboración e difusión estatística			1		1
613A-Ordenación, información e defensa do consumidor e da competencia		7.736			7.736
751A-Ordenación, regulación e promoción do comercio interior de Galicia	21.728				21.728
Total	21.728	7.736	7.846	1.486	497.466

(Orzamento axustado)(Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

Programas	Capítulos						
	I	II	III	IV	VI	VII	Total
312C-Servizos sociais relativos ás migracións	3.846	3.749	29	12.633	606	1.660	22.524
321A-Dirección e servizos xerais de emprego	7.309	2.955			1.049		11.313
322A-Mellora e fomento da empregabilidade	7.140			63.492	1.600		72.232
322C-Promoción do emprego, do emprego autónomo e do mercado de traballo inclusivo	4.873	575	8	114.296	2.095	16.077	137.924
323A-Formación profesional desempregados	29.653	28.913		68.458	7.878		134.901
323B-Formación profesional de ocupados				19.827			19.827
324A-Mellora da organización e administración das relacións laborais e da prevención de riscos laborais	11.675	1.717		8.727	2.107	200	24.425
324C-Promoción da economía social	107	164		38.674	1.699	4.210	44.854
581A-Elaboración e difusión estatística					1		1
613A-Ordenación, información e defensa do consumidor e da competencia	6.125	666		273	648	24	7.736
751A-Ordenación, regulación e promoción do comercio interior de Galicia	1.198			7.002	1.117	12.411	21.728
Total	71.925	38.740	37	333.381	18.800	34.583	497.466

(Orzamento axustado)(Miles de Euros)

DISTRIBUCIÓN ORGÁNICA

01 SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	6.320	7.309	15,7
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	2.955	2.955	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	901	1.049	16,4
Total	10.177	11.313	11,2

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

02 SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	5.003	5.158	3,1
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	311	569	83,0
Cap. III - Gastos financeiros	0	8	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	105.664	110.228	4,3
Cap. VI - Investimentos reais	6.199	1.875	-69,8
Cap. VII - Transferencias de capital	9.200	8.277	-10,0
Total	126.377	126.115	-0,2

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

03 DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN E CUALIFICACIÓN PARA O EMPREGO	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	35.851	36.792	2,6
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	33.801	28.913	-14,5
Cap. IV - Transferencias correntes	153.966	151.778	-1,4
Cap. VI - Investimentos reais	4.847	9.478	95,5
Cap. VII - Transferencias de capital	5.000	0	-100,0
Total	233.464	226.961	-2,8

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

04 DIRECCIÓN XERAL DE TRABALLO AUTÓNOMO E ECONOMÍA SOCIAL	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	4.201	4.337	3,2
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	647	377	-41,7
Cap. IV - Transferencias correntes	50.967	51.414	0,9
Cap. VI - Investimentos reais	2.078	3.419	64,5
Cap. VII - Transferencias de capital	11.177	12.210	9,2
Total	69.070	71.758	3,9

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

05 SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	3.727	3.846	3,2
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	3.749	3.749	0,0
Cap. III - Gastos financeiros	20	29	46,3
Cap. IV - Transferencias correntes	12.133	12.633	4,1
Cap. VI - Investimentos reais	650	606	-6,8
Cap. VII - Transferencias de capital	660	1.660	151,5
Total	20.939	22.524	7,6

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

06 DIRECCIÓN XERAL DE COMERCIO E CONSUMO	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.150	1.198	4,1
Cap. IV - Transferencias correntes	6.933	7.002	1,0
Cap. VI - Investimentos reais	797	1.117	40,2
Cap. VII - Transferencias de capital	11.998	12.411	3,4
Total	20.878	21.728	4,1

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

80 INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	5.842	6.125	4,9
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	666	666	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	273	273	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	648	648	0,0
Cap. VII - Transferencias de capital	24	24	0,0
Total	7.452	7.736	3,8

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

81 INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	6.133	6.340	3,4
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	1.024	1.024	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	482	482	0,0
Total	7.638	7.846	2,7

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

B1 CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	792	819	3,4
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	487	487	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	54	54	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	126	126	0,0
Total	1.460	1.486	1,8

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

SERVIZOS	2024	2025	% Var.
01 SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	10.177	11.313	11,2
02 SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS	126.377	126.115	-0,2
03 DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN E CUALIFICACIÓN PARA O EMPREGO	233.464	226.961	-2,8
04 DIRECCIÓN XERAL DE TRABALLO AUTÓNOMO E ECONOMÍA SOCIAL	69.070	71.758	3,9
05 SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN	20.939	22.524	7,6
06 DIRECCIÓN XERAL DE COMERCIO E CONSUMO	20.878	21.728	4,1
80 INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA	7.452	7.736	3,8
81 INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL	7.638	7.846	2,7
B1 CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS	1.460	1.486	1,8
Total	497.454	497.466	0,0

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

Consellería, Organismos Autónomos, Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento e Axencias Públicas Autonómicas

	Consellería		00.AA , EE.CC.AA. e Axencias		Trans. Internas		Consolidado	
	2024	2025	2024	2025	2024	2025	2024	2025
Cap. I - Gastos de persoal	56.251	58.641	0	13.284	0	0	0	71.925
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	41.463	36.564	0	2.177	0	0	0	38.740
Cap. III - Gastos financeiros	20	37	0	0	0	0	0	37
Cap. IV - Transferencias correntes	342.130	345.627	0	327	0	12.573	0	333.381
OPERACIÓNS CORRENTES	439.864	440.869	0	15.788	0	12.573	0	444.083
Cap. VI - Investimentos reais	15.472	17.544	0	1.256	0	0	0	18.800
Cap. VII - Transferencias de capital	39.315	35.839	0	24	0	1.280	0	34.583
OPERACIÓNS DE CAPITAL	54.787	53.383	0	1.280	0	1.280	0	53.383
Total	494.652	494.251	0	17.068	0	13.853	0	497.466

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

Medios Persoais

Cons. Emprego, Comercio e Emigración	2025
Altos Cargos	9
Persoal Funcionario	1.036
Subgrupo A1	254
Subgrupo A2	377
Subgrupo C1	182
Subgrupo C2	187
Agrupacións profesionais	36
Persoal Laboral	154
Grupo I	72
Grupo II	33
Grupo III	9
Grupo IV	30
Grupo V	4
Grupo VIII	6
TOTAL	1.199

Medios Persoais

Inst. Galego de Consumo	2025
Altos Cargos	1
Persoal Funcionario	123
Subgrupo A1	25
Subgrupo A2	18
Subgrupo C1	57
Subgrupo C2	20
Agrupacións profesionais	3
Persoal Laboral	14
Grupo I	6
Grupo III	4
Grupo IV	4
TOTAL	138

Medios Persoais

Inst. Galego Seguridade e Saúde Laboral	2025
Persoal Funcionario	111
Subgrupo A1	56
Subgrupo A2	21
Subgrupo C1	10
Subgrupo C2	17
Agrupacións profesionais	7
Persoal Laboral	12
Grupo I	1
Grupo III	2
Grupo IV	8
Grupo V	1
TOTAL	123

Medios Persoais

Consello Galego de Relacións Laborais	2025
Altos Cargos	1
Persoal Funcionario	16
Subgrupo A1	2
Subgrupo A2	3
Subgrupo C1	5
Subgrupo C2	5
Agrupacións profesionais	1
TOTAL	17

Medios Persoais

Fund. Galega Fromación para o Traballo	2025
Persoal Laboral	7
Sin Grupo	7
TOTAL	7

Entidades Públicas Empresariais, Consorcios, Sociedades Mercantís e Fundacións do Sector Público Autónomo

Fundacións do sector público autónomo	Explotación	Capital
Fund. Públ. Artesanía de Galicia	1.218	2
Fundación Exposicións e Congresos A Estrada	202	
Fundación Feiras e Exposicións de Lugo	784	46
Fundación feiras e Exposicións de Ourense	1.476	21
Inst. Feiral de A Coruña	659	
Inst. Feiral De Vigo	1.212	60
Fundación Galega Formación para o Traballo	698	3
Total	6.250	132

(Miles de Euros)



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

SECCIÓN 15

I. ESTRUCTURA ORGÁNICA E COMPETENCIAS

I.1. ESTRUCTURA ORGÁNICA

A actual estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural apróbase a través do Decreto 223/2022, do 22 de decembro, (DOG nº 9 de 13/01/2023), modificado polo Decreto 148/2024, do 20 de maio. O artigo 2 do Decreto 223/2022, en consonancia co Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das Consellerías da Xunta de Galicia, fixa a estrutura da consellería cos seguintes órganos superiores e de dirección:

- O/a conselleiro/a.
- Secretaría Xeral Técnica.
- Dirección Xeral de Defensa do Monte.
- Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal.
- Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias.
- Dirección Xeral da PAC e do Control da Cadea Alimentaria.

Ademais, mantense transitoriamente o órgano de dirección seguinte, de acordo coa Disposición Transitoria primeira do Decreto 223/2022:

- Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural.

Quedan adscritos a esta consellería as seguintes entidades públicas instrumentais do sector público autonómico:

- O organismo Fondo Galego de Garantía Agraria.
- O ente público Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.
- O ente público Axencia Galega da Calidade Alimentaria.

I.2. COMPETENCIAS

I.2.1. DA CONSELLERÍA

De acordo co disposto no artigo 1 do Decreto 223/2022, do 22 de decembro (modificado polo Decreto 148/2024, do 20 de maio) polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, esta é o órgano da Administración galega ao cal, baixo a superior dirección da persoa titular do departamento, lle corresponde propor e executar as directrices xerais do

Goberno no ámbito rural, que engloba as competencias en materia de agricultura, gandería, desenvolvemento rural e ordenación comarcal, estruturas rurais, industrias alimentarias, montes, prevención e defensa dos incendios forestais, política agrícola común e control da cadea alimentaria. Estas competencias exerceranse de acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e segundo os termos sinalados pola Constitución española, na forma establecida nese decreto.

O artigo 30.1.3 do Estatuto de Autonomía para Galicia dispón que lle corresponde á Comunidade Autónoma Galega “nos termos do disposto nos artigos 38, 131 e 149.1.11 e 13 da Constitución”, a competencia exclusiva da agricultura e a gandería”.

Por outra banda, o Estatuto de Autonomía de Galicia dispón que lle corresponde á Comunidade Autónoma Galega a competencia exclusiva nas seguintes materias:

- Montes, aproveitamentos forestais, vías pecuarias e pastos, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución. (art. 27, apartado 10).
- Réxime xurídico dos montes veciñais en man común (art. 27, apartado 11).
- O réxime das fundacións de interese galego (art. 27, apartado 26).
- Cámaras de Propiedade, Agrarias, de Comercio, Industria e Navegación e outras de natureza equivalente, sen prexuízo do que dispón o artigo 149 da Constitución (art. 27, apartado 29).

Asemade, Galicia asumiu a competencia exclusiva en materia de cooperativas en virtude da transferencia feita pola Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, ampliando a recollida no artigo 28.7 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

Os reais decretos polos que se aprobaron os traspasos de funcións e servizos producidos ata o momento en materia competencia da consellería son os seguintes:

- Real decreto 2423/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de reforma e desenvolvemento agrario.
- Real decreto 3424/1983, do 28 de decembro, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de investigación agraria.
- Real decreto 244/1985, do 6 de febreiro, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de sementes e plantas de viveiro.
- Real decreto 795/1985, do 30 de abril, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia Sociedades Agrarias de Transformación.

- Real decreto 1632/1985, do 19 de abril, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de laboratorios agrarios e de sanidade e produción animal.
- Real decreto 2165/1994, do 4 de novembro, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de defensa contra fraudes e calidade agroalimentaria.

Indícanse a continuación as competencias distribuídas en cada órgano superior e de dirección en que se estrutura a consellería:

A/O CONSELLEIRO/A

Como persoa titular do órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia é a autoridade superior da consellería e, con tal carácter, está investido das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

A SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

Como órgano de dirección da Consellería do Medio Rural, a Secretaría Xeral Técnica exercerá as competencias e funcións establecidas na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e no Decreto 119/1982, do 5 de outubro, polo que se regulan as funcións das secretarías xerais técnicas das consellerías e todas aquelas que lle sexan encomendadas pola persoa titular da consellería. Ademais, é a autoridade de xestión do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR), sendo, así mesmo, a autoridade rexional de xestión en Galicia do Plan estratéxico da PAC (PE-PAC) 2023-2027, que inclúe os fondos Feaga e Feader. Tamén lle corresponde a coordinación funcional das oficinas rurais.

A DIRECCIÓN XERAL DE DEFENSA DO MONTE

Correspóndelle o exercicio das competencias inherentes ás medidas de prevención e defensa contra os incendios forestais e a vixilancia de incumprimentos:

- a) A coordinación de todas as administracións públicas con competencias en materia de prevención de incendios, garantindo o cumprimento das respectivas obrigas legais.
- b) A avaliación da distribución de competencias vixente e, de ser o caso, propoñer as modificacións que resulten precisas para o axeitado cumprimento das medidas necesarias.

- c) A prestación de colaboración e asesoramento estable aos concellos para o cumprimento das súas obrigas e homoxeneizar os procedementos e actuacións por eles desenvolvidos.
- d) O aseguramento do cumprimento das medidas de prevención contra os incendios forestais recollidas na lexislación vixente e a tramitación dos expedientes sancionadores derivados deses incumprimentos.
- e) A planificación das medidas de prevención de incendios e o seu desenvolvemento, impulsando a realización das tarefas encomendadas ás administracións competentes.
- f) A dirección dos equipos de vixilancia que se ocuparán de velar polo cumprimento das medidas de prevención de incendios forestais e, en especial, no que se refire ás obrigas relativas ás replantacións e ás distancias mínimas legalmente establecidas.
- g) O desenvolvemento do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais dentro de cada Plan de ordenación dos recursos forestais de distrito.
- h) O impulso, comprobación e existencia da elaboración dos Plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais.
- i) O mantemento da orientación aos concellos de ámbito rural co fin de que leven a cabo tarefas de silvicultura, limpeza dos montes e outras tarefas de valorización forestal dentro das medidas de prevención dos incendios forestais.
- j) A coordinación do programa de queimas controladas nos distritos forestais fóra do período de máximo risco a fin de reducir o combustible acumulado no monte, e en colaboración coas poboacións das zonas afectadas, e previa fixación polo miúdo das normas técnicas e funcionais para a súa realización.
- k) A dirección e coordinación das actuacións relativas á investigación dos incendios forestais, a través da unidade encargada desta materia.
- l) A tramitación dos procedementos de reintegro e de perda do dereito ao cobramento de subvencións.
- m) A execución das sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes ditadas sobre as resolucións da súa competencia.

A DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORDENACIÓN FORESTAL

Á Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal correspóndelle o exercicio das competencias inherentes á política forestal, desenvolvendo as medidas relacionadas coa planificación, ordenación, fomento, mellora da produción e conservación dos recursos forestais. De tal xeito, como Administración ou órgano forestal, no ámbito das súas competencias, ten as seguintes funcións:

- a) O impulso da xestión forestal activa e multifuncional do monte galego, cumprindo cos criterios de sustentabilidade, mediante o fomento, segundo a lexislación vixente, da redacción dos instrumentos de planificación, de ordenación e de xestión forestal e o seu

seguimento e control, e a actuación coordinada coa Axencia Galega da Industria Forestal no impulso da actividade económica asociada ao sector forestal.

- b) O fomento da agrupación e o asociacionismo forestal e desenvolver a figura da silvicultura activa. O apoio á xestión forestal sustentable e a silvicultura, para garantir a obtención das diferentes producións forestais en cantidade e calidade, co fin de fornecer a importancia da contribución do sector forestal galego á bioeconomía e á xeración de emprego sustentable, dun xeito especial, no medio rural.
- c) Velar polo coñecemento do medio forestal, baseado nunha información estatística actualizada, e promover a divulgación da cultura forestal.
- d) Garantir que o aproveitamento dos recursos forestais cumpra coa lexislación vixente, a través de procedementos administrativos apoiados na Administración electrónica e na coordinación con outras administracións sectoriais, e facilitar deste xeito a mobilización, comercialización e transformación dos diferentes produtos forestais.
- e) O desenvolvemento, dentro das súas competencias, das medidas que se consideren oportunas para garantir a protección dos bosques das ameazas bióticas e abióticas, empregando métodos de loita integrada contra as pragas e enfermidades e impulsar a silvicultura como ferramenta básica preventiva para mellora do estado fitosanitario das masas forestais.
- f) O establecemento de medidas activas para a contribución dos bosques e das súas producións forestais á mitigación do cambio climático e favorecer accións e medidas para mellorar a resiliencia dos bosques galegos.
- g) A promoción de accións cara a un marco social cooperante coa xestión forestal sustentable que implique o recoñecemento da importancia do traballo dos propietarios e xestores forestais e a súa achega á conservación dos ecosistemas forestais.
- h) O control e certificación de sementes, materiais forestais de reprodución e producións forestais. Favorecer a produción de materiais forestais de reprodución de categorías superiores e nas cantidades necesarias para obter produtos de alta calidade.
- i) A coordinación, tramitación e apoio do Consello Forestal de Galicia.
- j) A tramitación dos procedementos de reintegro e de perda do dereito ao cobramento de subvencións.
- k) A execución de sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes recaídas sobre resolucións da súa competencia.

En relación coas actuacións comprendidas dentro destes ámbitos competenciais, supervisará e inspeccionará os proxectos de obras e a súa execución material, tanto nos supostos de adxudicación como nos de execución pola Administración.

A DIRECCIÓN XERAL DE GANDARÍA, AGRICULTURA E INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS

Correspóndenlle á Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, as seguintes funcións:

- a) A elaboración, a proposta e o desenvolvemento das directrices de política agraria da Consellería en materia de ordenación, fomento e mellora da produción agrogandeira, e executar, entre outras, as medidas de apoio ao sector lácteo e gandeiro de Galicia.
- b) A protección e control da sanidade animal e vexetal, incluíndo a dirección das actuacións de prevención e loita contra os axentes nocivos, así como a definición dos medios de defensa da produción nos cultivos vexetais agrícolas e os seus produtos, incluídos os aproveitamentos de árbores e arbustos para froito, e dos procedementos relacionados coa seguridade alimentaria das producións primarias agrícolas e gandeiras.
- c) A colaboración coa Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal na ordenación do pastoreo e o silvopastoreo orientado ás actividades de produción agroalimentaria e gandeira.
- d) A formación, promoción e fomento do asociacionismo agrogandeiro.
- e) A elaboración, proposta e desenvolvemento das directrices da política agraria en materia de mellora da estrutura das explotacións agrarias.
- f) A ordenación do sector agroindustrial e o fomento da súa actividade de transformación.
- g) A proposta da designación como zonas vulnerables á contaminación por nitratos de orixe agraria e dos programas de actuación derivados desa declaración, de acordo coa normativa aplicable.
- h) A tramitación dos procedementos de reintegro e de perda do dereito ao cobramento de subvencións.
- i) A execución de sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes recaídas sobre resolucións da súa competencia.

A DIRECCIÓN XERAL DA PAC E DO CONTROL DA CADEA ALIMENTARIA

Correspóndenlle á Dirección Xeral da PAC e do Control da Cadea Alimentaria as seguintes funcións:

- a) A colaboración co Fogga na elaboración, proposta e desenvolvemento das directrices de política agraria da Consellería en materia de xestión das axudas da política agraria común (PAC).

- b) A asistencia directa á Subdirección Xeral de Planificación e Coordinación de Fondos Agrarios no exercicio das súas funcións derivadas da condición de autoridade rexional de xestión do PEPAC, no tocante aos fondos Feaga.
- c) A análise e o estudo da situación da cadea alimentaria en Galicia e das/dos axentes que interveñen nela, así como da formación dos prezos e dos custos de produción en cada un dos elos da cadea.
- d) A coordinación das actuacións de inspección e control necesarias para comprobar o cumprimento da normativa de aplicación en materia de cadea alimentaria.
- e) Actuacións en materia de defensa contra os fraudes e os incumprimentos en materia da calidade alimentaria e funcións de coordinación nesta materia.
- f) Materialización de actividades de auditoría, exercendo as funcións previstas no artigo 6 do Regulamento (UE) 2017/625, do 15 marzo de 2017, sobre controis e outras actividades oficiais realizados para garantir a aplicación da lexislación sobre alimentos e pensos, saúde e benestar animal, sanidade vexetal e produtos fitosanitarios.
- g) A execución de sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes recaídas sobre resolucións da súa competencia.

A DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL

Correspóndenlle á Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural as seguintes funcións:

- a) A elaboración, proposta e desenvolvemento das actuacións de fomento do desenvolvemento socioeconómico do territorio rural galego, da dinamización das áreas rurais de Galicia, da formulación de iniciativas e programas de desenvolvemento das zonas rurais e da execución das accións que contribúan á diversificación económica no medio rural.
- b) A coordinación e xestión do Plan de desenvolvemento comarcal e a proposta de configuración das distintas comarcas nas cales se divide o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) A elaboración, proposta e desenvolvemento das directrices da política agraria en materia de mellora e modernización das infraestruturas rurais e do medio rural, mobilidade de terras con vocación agraria e xestión de zonas regables, todo iso sen prexuízo das funcións atribuídas pola Lei 5/2000, do 28 de decembro, á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.
- d) A tramitación dos procedementos de reintegro e de perda do dereito ao cobramento de subvencións.
- e) A execución de sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes recaídas sobre resolucións da súa competencia.

1.2.2. DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS

FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA

Regulado pola Lei 7/1994, do 29 de decembro, e coa denominación actual segundo a Lei 7/2002, do 27 de decembro, de medidas fiscais e réxime administrativo, e polo Decreto 7/2014, do 16 de xaneiro, polo que se aproban os seus estatutos, é un organismo autónomo dos regulados na sección 2ª do capítulo II do título III DA Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. O Fondo Galego de Garantía Agraria está adscrito á Consellería do Medio Rural e ten por obxecto executar as políticas desta consellería, no referente á aplicación das medidas de ordenación, fomento, reestruturación e mellora do sector lácteo e gandeiro, levando a cabo a execución das accións necesarias para a aplicación na Comunidade Autónoma da Política Agraria Común (PAC) e para o funcionamento das distintas organizacións de mercados e a mellora das estruturas agropecuarias; apoiar e promover a mellora e modernización do sector lácteo gandeiro nas diferentes áreas de actuación; promover a participación do sector nas labores de planificación, xestión e financiación dos seus programas de mellora e desenvolvemento.

Conforme ao disposto no artigo 25.bis.I do Decreto 223/2022, introducido polo Decreto 148/2024, á persoa titular da Dirección Xeral da PAC e do Control da Calidade Alimentaria correspóndelle a titularidade da dirección do Fondo Galego de Garantía Agraria.

1.2.3. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural foi creada pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo, configurándose como un instrumento para o fomento e coordinación do desenvolvemento no territorio rural galego para mellorar as condicións de vida e evitar o despoboamento dese territorio. Ademais, de acordo coa modificación introducida pola disposición derradeira terceira da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural posibilitará a creación e ampliación de explotacións agrarias e gandeiras mediante a xestión do Banco de Terras de Galicia e será o órgano competente en materia de desenvolvemento comarcal, que exercerá como instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia para o deseño, a aplicación, a coordinación e o seguimento do Plan de desenvolvemento comarcal. Máis recentemente, a Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, prevé para a axencia novas funcións e dótaa de novos órganos para atendela axeiadamente.

As funcións da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, de acordo coa disposición adicional sexta da Lei 5/2000, modificadas e ampliadas na alínea Un do artigo segundo da Lei 12/2008 quedaron do seguinte xeito:

- Elaborar estratexias e plans integrados de valorización do medio rural, que coordinen actuacións de diversa natureza e contén coa participación dos axentes socioeconómicos públicos e privados.
- Difundir e realizar o seguimento das políticas de desenvolvemento rural aplicables en cada momento.
- Impulsar a formulación e aplicación a nivel comarcal de estratexias de desenvolvemento rural integrado, en especial mediante a dinamización e coordinación dos grupos de desenvolvemento rural encargados da súa execución.
- Articular proxectos de desenvolvemento rural con carácter piloto e innovador, dirixidos ao reforzamento da base produtiva das áreas rurais, á valorización dos seus recursos e á mellora da calidade de vida dos seus habitantes.
- Promover e favorecer a cooperación entre os axentes públicos e privados cuxas actuacións incidan directa ou indirectamente no desenvolvemento das zonas rurais.
- Contribuír ao reforzamento do tecido social e á mellora da capacidade organizativa das áreas rurais.
- Xestionar as medidas e actuacións que se lle encomenden no marco da programación 2014-2020 dos fondos agrarios de desenvolvemento rural.
- Aplicar outras medidas e actuacións que teñan por obxecto, en particular, a dinamización do tecido produtivo e a fixación de poboación nas áreas rurais, realizando as actuacións precisas para promover a igualdade efectiva de mulleres e homes, en aplicación do artigo 30 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes, dos artigos 31.3º e 38.3º da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, e do artigo 30 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- A dinamización comarcal, a través dos centros de desenvolvemento comarcal dependentes da Xunta de Galicia.

Finalmente, despois da reorganización dos instrumentos de xestión do desenvolvemento rural prevista na Lei 15/2010, ademais das funcións sinaladas na Lei 12/2008, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural realizará tamén as seguintes, que lle atribúe a alínea Dous da disposición derradeira terceira da Lei 15/2010:

- Xestionar as medidas e actuacións que se lle encomenden no marco da programación dos fondos agrarios de desenvolvemento rural.
- Xestionar e aplicar as medidas contidas nos programas de desenvolvemento rural sustentable (PDRS), no marco da aplicación da Lei estatal 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sustentable do medio rural, ou da norma que a substitúa, sen prexuízo das competencias que nesta materia teñan outros órganos da Administración autonómica.

- A xestión dos bens e dos dereitos incorporados ao Banco de Terras de Galicia.
- A realización da función do servizo de transmisión mediante arrendamento respecto dos predios rústicos procedentes de explotacións nas que cesase anticipadamente a persoa titular, sen seren cedidas a terceiras persoas.

En relación ás funcións referentes ao Banco de Terras de Galicia, a disposición transitoria segunda da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, tamén lle atribúe á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural o exercicio das funcións xestoras do Banco de Terras de Galicia. Esas funcións están pomenorizadas no artigo 9 da citada Lei 6/2011.

A Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia establece como competencias da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural:

- a) Diseñar e implementar estratexias e plans integrados para o desenvolvemento e a xestión do territorio rural que coordinen actuacións de diversa natureza e contén coa participación dos axentes socioeconómicos públicos e privados, así como a promoción e xestión dos devanditos plans e programas de desenvolvemento.
- b) Supervisar, coordinar e difundir as políticas e estratexias de desenvolvemento rural, en especial as orientadas á recuperación das terras forestais e da superficie agraria útil como base da bioeconomía.
- c) Diseñar, programar e executar as medidas de recuperación e, en xeral, da xestión da terra agroforestal de Galicia a través dos instrumentos previstos nesta lei para tal fin.
- d) Tramitar os procedementos de investigación da propiedade de inmobles de natureza rústica dos que non se teña certeza sobre a súa titularidade, así como a revisión xeométrica e topográfica deses predios no caso de existiren dúbidas sobre a súa configuración e estado.
- e) Articular proxectos de desenvolvemento rural con carácter piloto e innovador, destinados a reforzar a base produtiva das áreas rurais, valorizar os seus recursos e mellorar a calidade de vida dos seus habitantes.
- f) Articular proxectos de xestión de terras agroforestais e de desenvolvemento rural dirixidos directa ou indirectamente a favorecer a prevención e a loita contra os incendios no territorio rural e fronte a pragas e enfermidades.
- g) Promover e fomentar a cooperación entre axentes públicos e privados cuxas actuacións incidan directa ou indirectamente no desenvolvemento das zonas rurais.
- h) Impulsar a formulación e a aplicación a nivel comarcal de estratexias de desenvolvemento rural integrado, especialmente a través da dinamización e coordinación dos grupos de desenvolvemento rural responsables da súa execución.
- i) Promover o desenvolvemento dos catálogos, mapas e demais soportes documentais previstos na lei.

AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA

A Lei 1/2024, do 11 de xaneiro, da Calidade Alimentaria de Galicia, configura a Axencia Galega da Calidade Alimentaria como unha axencia pública autonómica, de conformidade coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e ten a consideración de medio propio e servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

O artigo 8 da Lei 1/2024 dispón que a Axencia Galega da Calidade Alimentaria ten por obxecto:

- a) Operar como instrumento básico de actuación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de protección da calidade alimentaria diferenciada, así como en materia de promoción do consumo dos produtos agroalimenticios en xeral e, en particular, dos acollidos ás distintas figuras de protección da calidade diferenciada.
- b) Investigar e promover o desenvolvemento tecnolóxico no sector alimentario.
- c) Desenvolver as actividades de I+D+I nos sectores agrario, gandeiro e forestal.
- d) Realizar aquelas outras actuacións relacionadas coas actividades anteriores que determine a consellaría de adscrición.
- e) Fomentar, mediante o seu persoal docente e investigador, a formación e a transferencia de coñecemento ao sector agrario.

En materia de calidade alimentaria, a Axencia Galega da Calidade Alimentaria desenvolve as seguintes funcións:

- a) Elaborar as liñas estratéxicas que permitan o impulso do conxunto da calidade alimentaria diferenciada galega como unha actividade que dea rendibilidade aos diferentes elos das respectivas cadeas de valor, procurando o desenvolvemento dunha actividade no territorio que sexa económica, social e ambientalmente sustentable.
- b) Aliñar a evolución das figuras de protección da calidade alimentaria diferenciada galegas aos obxectivos que veñen recollidos pola normativa europea xerada no ámbito do Pacto verde europeo, na procura dun marco alimentario sustentable.
- c) Executar accións destinadas á promoción do consumo dos produtos de calidade diferenciada e crear e xestionar liñas de axuda con ese fin ou co obxecto de fomentar a elaboración e a comercialización destes produtos.
- d) Deseñar a planificación estratéxica da promoción da calidade alimentaria diferenciada galega de xeito coordinado cos consellos reguladores e coas propostas da Mesa da Calidade Alimentaria Diferenciada, sen prexuízo das funcións de planificación dos plenos dos consellos reguladores.
- e) Executar os programas de control oficial relacionados coa comprobación dos requisitos que deben cumprir, antes da súa comercialización, os produtos acollidos a algunha de-

nominación xeográfica de calidade do ámbito agroalimentario, así como os recoñecidos como especialidades tradicionais garantidas. Do mesmo xeito, a Axencia fará o control oficial da produción ecolóxica no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. Estas funcións implican tanto a realización de actividades de control directamente sobre as persoas operadoras coma a supervisión da actividade dos organismos en que se fixese delegación de tarefas de control.

- f) Realizar o control e a certificación das persoas operadoras que pretendan comercializar produtos baixo a marca «artesanía alimentaria» e xestionar o Rexistro da artesanía alimentaria de Galicia.
- g) Supervisar a actividade dos consellos reguladores do ámbito da súa competencia, así como asesoralos no seu funcionamento.
- h) Asesorar os consellos reguladores do ámbito da súa competencia no seu funcionamento, especialmente no caso daqueles que, polo seu reducido número de persoas operadoras ou pola escasa facturación do conxunto desas persoas, teñan dificultades para o cumprimento dos requisitos establecidos nesta lei para o seu recoñecemento como entidades de xestión da correspondente figura de calidade alimentaria diferenciada.
- i) Recompilar e analizar a información estatística relacionada coa actividade produtiva das diferentes denominacións de orixe, indicacións xeográficas protexidas e outras figuras de protección da calidade diferenciada e elaborar informes relacionados con estas producións.
- j) Identificar posibles novas denominacións de orixe ou indicacións xeográficas protexidas do ámbito agroalimentario, caracterizar novos produtos agroalimenticios que sexan susceptibles dun recoñecemento das súa especificidade e apoiar os sectores interesados nos traballos de preparación da documentación precisa para a tramitación da súa inscrición no rexistro europeo. Así mesmo, realizar os trámites necesarios ante a Administración xeral do Estado e ante a Comisión Europea para a inscrición de novas denominacións xeográficas de calidade e os trámites correspondentes á modificación dos pregos de condicións das xa rexistradas.
- k) Realizar as encargas que, no ámbito das súas competencias en materia de calidade alimentaria, lle faga a Administración xeral da Comunidade Autónoma.

En relación coa sustentabilidade da produción alimentaria, a Axencia Galega da Calidade Alimentaria fomentará a identificación e a recuperación de variedades vexetais e de razas animais autóctonas como base para a produción de alimentos de calidade diferenciada. Ademais, aprobará os pregos de condicións da produción sustentable aos cales se refire o artigo 27, autorizará as entidades certificadoras ás cales lles encargue o control deses pregos de condicións e supervisará o seu funcionamento.

Tamén lle corresponde á Axencia Galega da Calidade Alimentaria, en virtude do Decreto 52/2018, do 5 de abril, o desenvolvemento das seguintes funcións en materia de investigación:

- a) Determinar e canalizar as demandas científico-técnicas e analíticas do sector agrario e alimentario de Galicia, tendo en conta as súas necesidades mediante procedementos eficaces de participación dos axentes socioeconómicos afectados nas distintas áreas de traballo.
- b) Impulsar as actividades de I+D+i nos sectores agrario e alimentario de Galicia.
- c) Asesorar á consellería con competencias en materia de medio rural nas funcións de coordinación da investigación en materia agraria.
- d) 4. Promover e executar os traballos de investigación nas materias agrícolas, gandeiras e forestais, tanto respecto das actividades de produción e transformación como respecto do cumprimento das boas prácticas agrarias e outros requirimentos dos procesos produtivos primarios nas explotacións gandeiras, de mellora xenética e sanidade agrícola, gandeira e forestal, as relativas á conservación dos recursos xenéticos, á ecoloxía e silvicultura das especies forestais, á propagación, prevención e defensa contra os incendios forestais e ao impacto das actividades do sector agrario sobre o medio. Para o cumprimento desta finalidade poderá solicitar recursos materiais e humanos que poidan ser asignados por calquera das administracións públicas no marco de plans de investigación e desenvolvemento tecnolóxico e innovación.
- e) Propiciar e facilitar a transferencia e a adopción dos resultados obtidos nas investigacións publicando e divulgando os resultados dos ensaios e proxectos de experimentación, así como a dirección e elaboración das estatísticas en materia agraria en coordinación co Instituto Galego de Estatística.
- f) A través dos seus laboratorios realizará as seguintes funcións:
 - i. Atender a demanda de análises químicas de alimentos, bebidas, solos, fertilizantes, augas de rega e produtos de alimentación animal.
 - ii. Investigar a presenza de residuos de produtos fitosanitarios en alimentos, bebidas e en alimentación animal.
 - iii. Diagnosticar enfermidades e a presenza de pragas nos cultivos herbáceos, leñosos e forestais.
 - iv. Realizar análises no ámbito da sanidade vexetal.
 - v. Emitir certificados de exportación de bebidas e tamén realizar informes e recomendacións que teñan que ver coas análises realizadas.
 - vi. Fomentar a introdución de sistemas de rastrexabilidade e, en xeral, desenvolver todo tipo de actividades que fagan progresar a tecnoloxía, a calidade e a competitividade do sector agroindustrial galego.
 - vii. Establecer fórmulas específicas de recrutamento, formación e actualización do persoal investigador, nos ámbitos agrario e alimentario, así como as de intercambio e colaboración con outros centros de investigación rexionais, nacionais e internacionais.
 - viii. Participar en institucións e foros nacionais e internacionais para a consecución dos fins da Axencia.

- ix. Promover ou participar directamente nas operacións concretas de desenvolvemento nas cales se dean as circunstancias de interese territorial ou estratéxico, insuficiente participación dos axentes socioeconómicos e a necesidade de estruturar ou reestruturar un ámbito produtivo vinculado ao sector alimentario e que lle sexan encomendadas.
- x. Poñer en valor as distintas actuacións tecnolóxicas e investidoras incluídas nos puntos anteriores ou as que deriven do acervo de coñecementos da Axencia, mediante as fórmulas adecuadas de divulgación ou comercialización, así como as de participación e implicación dos distintos subsectores nas actuacións propias, sen menoscabo das funcións de divulgación e promoción que neste ámbito poida desenvolver a consellería de adscrición.
- xi. Conservar o patrimonio xenético tradicional de Galicia das especies de produción agroforestal.
- xii. Promover a mellora xenética do material vexetal de produción agroforestal.
- xiii. Exercer calquera outra función técnica, material ou xurídica que se lle encomende en relación cos seus obxectivos, ou calquera outra que lle atribúa a lexislación vixente, así como realizar os encargos que, no ámbito das súas competencias en materia de investigación, lle efectúe a Administración xeral da Comunidade Autónoma.

Tamén lle corresponden á Axencia Galega da Calidade Alimentaria o desenvolvemento das seguintes funcións en materia de formación:

- a) Desenvolver, mediante as fórmulas adecuadas de divulgación, as distintas actuacións tecnolóxicas e investigadoras incluídas nos artigos anteriores.
- b) Programar a formación agraria, nos seus aspectos de ensinanzas regradas e non regradas, tanto das persoas agricultoras, gandeiras e silvicultoras como das súas asociacións e agrupacións, así como daquelas persoas que queiran acceder no futuro á titularidade ou xerencia de calquera explotación agraria ou forestal.
- c) Coordinar os centros de formación e experimentación agraria.
- d) Coordinar e facer o seguimento dos cursos de formación realizados no ámbito agrario.
- e) Realizar os encargos que, no ámbito das súas competencias en materia de formación, lle efectúe a Administración xeral da Comunidade Autónoma.

1.2.4. DAS SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS, S.A. (Seaga)

Seaga é unha sociedade pública, creada mediante o Decreto 260/2006, do 28 do decembro, para a realización, como medio propio da administración galega, e ao seu servizo, de todo tipo

de actuacións, obras, traballos e prestación de servizos en materias agrícolas, gandeiras, forestais, de desenvolvemento rural, de conservación e protección do medio natural e medioambiental, de acuicultura e pesca, así como os necesarios para o mellor uso e xestión dos recursos naturais e para a mellora dos servizos e recursos públicos, ademais da prevención e loita contra os incendios forestais en particular, e, en xeral, contra as pragas e enfermidades vexetais e animais.

XENÉTICA FONTAO, S.A.

O obxecto social da sociedade anónima Xenética Fontao, S.A., de acordo co Decreto 237/1998, do 18 de setembro, é a prestación de asesoramento e servizos ás persoas tanto físicas como xurídicas e organizacións dedicadas á mellora xenética animal. A través do Decreto 237/1998, do 30 de xullo, fóronlle adscritos os bens e dereitos que integran o Centro de Escolma e Reprodución Animal de Fontao-Lugo.

Mediante Resolución do 6 de outubro de 2014 da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda ordénase a publicación da modificación do Estatutos da sociedade Mercantil pública autonómica Xenética Fontao, S.A. e no seu artigo 3 prevé o seguinte:

Xenética Fontao S. A. terá por obxecto social a prestación de toda clase de asesoramento e servizos ás persoas e organizacións dedicadas á mellora xenética animal, tanto físicas como xurídicas, de dereito público ou privado.

En particular, constituirán parte do obxecto social as seguintes actividades:

- a) A realización de estudos e actividades de servizo en relación coa mellora xenética animal.
- b) A recollida, o mantemento e a distribución de material xenético, así como a prestación de servizos mediante o emprego de biotecnoloxía nos campos da sanidade animal e a produción agropecuaria.

1.2.5. DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE

A Fundación Centro Tecnolóxico da Carne é unha fundación de interese galego, sen ánimo de lucro, dependente da Consellería do Medio Rural, constituída ao abeiro do artigo 34, apartado primeiro, da Constitución Española, e inscrita no Rexistro Público de Fundacións de Interese Galego, o 5 de novembro de 2003.

Dende a súa apertura, a Fundación vén desenvolvendo unha actividade moi significativa no impulso da I+D+i dentro do sector cárnico, como se reflicte na colaboración mantida con diversas entidades públicas e privadas e os numerosos proxectos de innovación promovidos ao abeiro de diferentes convocatorias.

Son fins do Centro Tecnolóxico da Carne (CTC) o desenvolvemento tecnolóxico das empresas relacionadas co sector cárnico, en todos os terreos de actividade e todas as cabanas existentes e en particular: fomentar a investigación e o desenvolvemento en materia cárnica; mellorar as técnicas de xestión produtiva; coordinar a correcta utilización de todos os medios tecnolóxicos existentes en Galicia; asistir ao sector nos procesos de adaptación lexislativa; atender a formación profesional dos recursos humanos; establecer as estruturas organizativas que sexan pertinentes; prestación de servizos oportunos; promover estudos e publicacións; elaboración de normativa legal e regulamentaria.

As liñas de acción do CTC baséanse en catro eixes fundamentais: servizos ás empresas cárnicas; I+D+i no ámbito cárnico; asesoramento e transferencia tecnolóxica ao sector cárnico; e a formación.

II. PRINCIPAIS LIÑAS DE ACCIÓN

II.1. DA CONSELLERÍA

Galicia non pode entenderse sen o seu medio rural e sen a actividade agrogandeira e forestal, que dá vida á súa estrutura socioeconómica. Coma toda dimensión vinculada á realidade financeira, o noso agro non está a ser alleo ao contexto que produciu nos últimos anos a crise sanitaria, e á dificultade económica que esta crise provocou.

Neste senso, a saída da crise no sector agrario ten moito que ver coa capacidade de aplicar de forma eficaz e eficiente as ferramentas que a política agraria común (PAC) pon nas mans dos gobernos e administracións dos Estados e rexións que forman parte da Unión Europea, especialmente daquelas que forman parte do entabado orzamentario que se suxeita a esta política. A súa influencia e capacidade motriz debe ser aproveitada de forma exhaustiva, facendo especial fincapé en asegurar o fortalecemento dos diferentes sectores produtivos naqueles aspectos nos que se están a producir eivas estruturais endémicas que poden lastrar o seu futuro, así como en abordar cuestións conxunturais que ameacen a viabilidade da actividade agrogandeira e forestal.

Así, na aplicación do Plan Estratéxico da PAC 2023-2027, débese promover o investimento produtivo e xerador de riqueza e emprego, apostar por políticas integrais para facer fronte ao reto demográfico e, en definitiva, seguir impulsando aquelas iniciativas que camiñen cara unha maior fixación de poboación no medio rural que facilite a necesaria remuda xeracional.

Deste xeito sinálanse neste orzamento as principais liñas de investimento e apoio das actuacións dirixidas a mellorar a situación económica dos sectores produtivos agrogandeiros e forestais. Mellorar a comercialización e abrir novas vías de promoción dos produtos agroalimentarios galegos de calidade diferenciada, fortalecer a sustentabilidade e competitividade do sector lácteo, cárnico e vitivinícola; diversificar e apuntalar a potencialidade produtiva do monte, recuperar as terras abandonadas e axilizar os procesos de mobilización, previr os incendios forestais e avanzar nos servizos prestados no rural, son eixes fundamentais nos que se centra a aposta dos orzamentos, tendo sempre como acompañamento a achega de ferramentas normativas e o desenvolvemento das mesmas.

Tendo en conta este contexto e estas premisas de actuación, a continuación detállanse as principais liñas de acción da consellería para o ano 2025.

A Consellería do Medio Rural ten como principio fundamental de acción contribuír a que as zonas rurais e os sectores agrícola, gandeiro e forestal participen do progreso social e económico, reducindo as desigualdades entre os territorios e que os sectores primarios se adapten ao contexto dunha economía máis global e competitiva. Tendo en conta estes obxectivos, as liñas básicas de acción da consellería no ano 2025 centraranse na mellora da calidade de vida e a diversificación económica nas zonas rurais, como medio para frear o despoboamento e o en-

vellecemento da poboación; na mellora da renda agraria; na garantía de produción de alimentos sans e seguros e de calidade; na mellora da transformación e a comercialización dos produtos; na innovación tecnolóxica e na valorización do monte.

Para lograr estes obxectivos e desenvolver estas liñas, o orzamento da Consellería do Medio Rural, incluíndo o organismo autónomo e axencias adscritas e ela, medra no ano 2025 preto dun 3,53% con respecto aos orzamentos do ano 2024. As prioridades da consellería na área do Medio Rural para o ano 2025 son as seguintes:

- A mellora da calidade de vida no medio rural, para o que se incidirá, desde unha perspectiva transversal, na mellora dos servizos básicos, incluída a mellora das comunicacións. Isto axudará a seguir fixando poboación no rural, facilitando a necesaria remuda xeracional.
- A adaptación a un contexto nacional e internacional cada vez máis competitivo e a da mellora da competitividade das explotacións agrícolas e gandeiras, mediante a redución dos custos de produción, a elevación das garantías sanitarias e de calidade dos produtos, a incorporación de novas tecnoloxías e a diversificación e transformación da produción.
- A posta en marcha dun Plan de remuda xeracional amplo no que se traballará desde a formación, a incorporación ao agro e a sensibilización, no que os procesos de titorización e asesoramento, así como recursos como o Banco de Explotacións, xogarán un papel fundamental no seu desenvolvemento.
- O impulso das políticas dirixidas ás mulleres rurais: o papel das mulleres seguirase potenciando como protagonistas do tecido produtivo e social galego.
- A mellora da atención á cidadanía do ámbito rural, facilitando as súas xestións coa Administración Autonómica, facendo especial fincapé nas oficinas rurais.
- O avance na mellora da xestión da terra agraria e na axilidade dos diferentes procesos abertos de mobilización, de xeito que se logre unha diminución de custos, un incremento nos ingresos, e unha reforzada protección fronte os incendios forestais, mellorando tamén os sistemas de produción.
- A modernización dos sistemas de regadío en comarcas cunha agricultura intensificada e unha alta demanda de recursos hídricos, permitindo unha xestión sustentable de ditos recursos.
- O apoio á conservación de paisaxes vitivinícolas características e únicas como a da Ribeira Sacra, que xoga un papel fundamental na candidatura a Patrimonio Mundial pola UNESCO.
- O mantemento dos procesos axeitados para mellorar, consolidar e soste os niveis sanitarios das explotacións gandeiras e controlar a calidade e a seguridade das producións, poñendo en marcha medidas que axuden a facer fronte a enfermidades emerxentes.
- O incremento na rendibilidade das producións gandeiras e a recuperación das razas tradicionais, permitindo a implantación de sistemas de produción sostibles.
- O fomento e mellora da transformación e da comercialización dos produtos, como medio para gañar valor engadido nas producións, identificando ao produto galego como sinónimo de produto de calidade diferenciada a través do apoio ás denominacións e indicacións de calidade, así como no marco do selo de Artesanía Alimentaria.

- O impulso das actuacións de formación agroforestal, que irán dirixidas a ampliar a formación práctica ou de maior contacto coa realidade laboral, a deseñar e desenvolver novas ferramentas que consoliden unha oferta formativa que poida chegar a todas as áreas xeográficas do rural galego, á adquisición e actualización de competencias profesionais e accións formativas que optimicen a utilización das TIC aplicadas ao sector e coa finalidade de mellorar as competencias profesionais do sector agrario e forestal, así como impulsar as boas prácticas e conseguir unha maior competitividade profesional no sector.
- A intensificación da I+D+i no sector agrario, mediante actuacións dirixidas a fomentar e impulsar proxectos de innovación como busca de solucións a problemas concretos detectados na nosa comunidade autónoma, así como estudos de carácter básico ou estratéxico para o sector agrario galego relacionadas coa innovación e mellora das producións agroforestal e/ou agroalimentaria.

Estas prioridades terán a súa presenza nas distintas medidas que levará a cabo a Consellería do Medio Rural durante o ano 2025. Así, continuarase coa mellora ao servizo público co desenvolvemento do Plan de mellora das infraestruturas rurais cuxa inversión se estenderá ata o 2026. Os obxectivos fundamentais das diferentes actuacións deste Plan son, por unha parte, dar unha resposta óptima ás demandas actuais da poboación rural en relación aos servizos públicos e, ao mesmo tempo, mellorar as condicións laborais das persoas empregadas públicas que desenvolven as súas tarefas nas ditas oficinas, o que repercute positivamente na relación entre a Xunta de Galicia e o sector primario.

O plan céntrase na modernización da rede de oficinas rurais e as instalacións asociadas ao dispositivo de prevención e defensa contra os incendios forestais e coa administración forestal. É dicir:

- Bases de unidades operativas (BUO).
- Bases aéreas de prevención e defensa contra incendios.
- Centro Integral de Loita contra o lume de Toén.
- Unidade Loxística Central da Dirección Xeral de Defensa do Monte.

Atendendo á mellora continua que se está a realizar en relación ás actuacións de loita contra os incendios forestais, centrarémonos na reformulación da dimensión operativa das accións de loita contra o lume sobre tres eixes fundamentais:

- A coordinación e apoio entre administracións, especialmente coas municipais.
- A continuada profesionalización do dispositivo contra incendios.
- A mellora da concienciación e disuasión mediante a aplicación de medidas punitivas firmes, dos procesos de investigación a través da UIFO e da disposición de medios como a videovixilancia dos nosos montes, sistemas que se seguen ampliando.

PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS

En relación ás actuacións de prevención e defensa contra os incendios forestais, cómpre salientar que a virulencia destes incendios tense incrementado nos últimos anos, dando lugar a unha nova tipoloxía de incendios que require unha atención específica, como os últimos sucedidos na Mariña lucense. Por iso, resulta imprescindible levar a cabo unha planificación integral dos territorios afectados polos lumes que deberá incluír a determinación das infraestruturas necesarias, as discontinuidades no territorio para atenuar os efectos dos incendios (viñedos, pasteiros, masas de frondosas, soutos de castaños, plantacións agrícolas) e a súa localización con criterios de prevención, así como a diversificación de especies arbóreas na recuperación do potencial forestal das zonas afectadas.

Logo dos incendios ocorridos nos dous últimos anos, é prioritario actuar sobre o territorio para avaliar a afectación e evitar a perda do solo de cara a recuperar o ecosistema forestal afectado que repercute no beneficio de toda a poboación, en concreto dos nosos agricultores e gandeiros, e por iso destinarase un total de 18 millóns de € entre os anos 2023 e 2027 para levar a cabo a recuperación integral do territorio afectado polos grandes incendios forestais do ano 2022. Este montante súmase aos 9 millóns de euros destinados por Inditex, a primeira empresa en colaborar co fondo público-privado posto en marcha pola Xunta para anticiparse aos incendios forestais da comunidade. Un proxecto que terá unha duración de tres anos e beneficiará a máis de 100.000 persoas de 26 concellos galegos das comarcas do Courel, Valdeorras, Montemrei, O Barbanza e o Macizo Central Ourense, onde as estatísticas amosan unha concentración recorrente de incendios forestais.

No marco do plan preventivo potenciaranse as infraestruturas defensivas e os plans de distrito e, no de extinción, aplicaranse as últimas tecnoloxías en materia de defensa contra os incendios, cos sistemas de detección e avaliación de incendios dende medios aéreos e novas tecnoloxías de vixilancia e detección con drones, a utilización de sistemas dixitais de radiocomunicación e continuarase coa formación específica do dispositivo, isto concretarase coa instalación de 12 novos centros de vixilancia con 24 cámaras e coa actualización de tódolos centros do sistema.

Por outra parte, ademais de continuar coas campañas de educación forestal, sensibilización social e divulgación, continuarase co impulso ás labores de investigación de incendios forestais, que están a dar resultados moi significativos. Cómpre lembrar que no ano 2021 creouse a Unidade de Investigación de Incendios Forestais (UIFO), cun total de 15 axentes facultativos medioambientais dedicados en exclusiva á investigación das causas e motivacións dos incendios forestais.

Ademais, comenzarase un novo Plan de formación do persoal da Dirección Xeral de Defensa do Monte para o período 2025-2028 e incrementarase o elenco de manobras, talleres e cursos para dar cabida a formación en queimas controladas, manexo de aplicacións cartográficas e de xestión en materia de incendios en dispositivos móbiles, primeiros auxilios e en seguridade das operacións en incendios forestais.

Na mesma liña se contempla a mellora do despregamento e os medios a disposición dos servizos de extinción mediante a renovación da rede de Puntos de Encontro, así como das bases aéreas, para a súa maior eficiencia. A citada mellora na rede abarcará as instalacións para o persoal e o material de prevención e extinción, así como a mellora nas condicións de despregamento e mantemento do parque de vehículos, continuando a renovación de vehículos todoterreo que empregan os axentes forestais e axentes facultativos ambientais, así como a adquisición de furgonetas. Continuarase ademais coa dotación do equipamento de roupa técnica de inverno aos técnicos, axentes e persoal laboral iniciada en 2022 e dotarase do novo acordo marco de subministración de EPI de extinción dirixido a todo o persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais.

Como actuación fundamental que permitirá mellorar o equipamento para a prevención e extinción de incendios, no ano 2025 disporase de ata 3,5 M€ para a adquisición de novas motobombas e de equipos multifunción dirixidos tanto á prevención como a extinción dos incendios forestais. Cómpre salientar que nos últimos 10 anos renováronse 137 vehículos motobomba, o que supón máis do 85% dos vehículos motobomba cos que conta o dispositivo.

Continuarase coa mellora das instalacións e bases do dispositivo de incendios ao longo do territorio galego. Iniciarase a obra da nova base aérea de Lalín con 1,7 M de euros e construíranse novas bases de unidades operativas (BUOs) por 1,1 M de euros previstos nos orçamentos de 2025.

No ano 2025 incrementaranse as actuacións de prevención de incendios, con catro actuacións destacadas:

- a) Convenio con SEAGA e a FEGAMP: asinarase un novo convenio con características semellantes ás contempladas en anos anteriores, mediante o apoio aos concellos para a protección dos núcleos rurais, baseado no principio de colaboración entre administracións. Inclúe a actuación de colaboración técnica e as actuacións materiais sobre o territorio para a xestión da biomasa en faixas secundarias naquelas zonas elixidas cos criterios de priorización establecidos. Os principais puntos a destacar respecto a este convenio son os seguintes:
 - Evolución e mantemento do visor de visualización das faixas secundarias a nivel de parcela, mellorando as opcións dispoñibles a nivel particular ofrecendo novas funcionalidades.
 - Continuarase co desenvolvemento da aplicación específica de xestión para os concellos (Xesbio2) coas prestacións específicas para a integración polos concellos do resultado da revisión de todas as parcelas no ámbito de todas as accións colaborativas que se manteñen coas entidades locais para a prevención e defensa contra os incendios forestais.
 - Forte impulso á planificación preventiva municipal, de xeito que se remate coa aprobación dos plans pendentes, así como de novos concellos que se incorporen.

- Xestión da biomasa e a retirada de especies arbóreas nas faixas secundarias das parroquias priorizadas naquelas parcelas cuxas persoas titulares asinen contratos de adhesión coa empresa pública Seaga.
 - Execución das accións subsidiarias das que é competente a administración local.
 - Xestión da biomasa nas faixas secundarias incluídas no perímetros delimitados polas iniciativas de mobilización de terras (aldeas modelo).
 - Apoio, nos concellos adheridos, a iniciativas veciñais que contribúan ao cumprimento das medidas preventivas nas faixas secundarias.
- b) Orde de axudas para prevención de incendios en montes veciñais en man común e sociedades de fomento forestal: novas convocatorias para control selectivo de combustible, incluíndo control mediante pastoreo, que abarquen as anualidades 2025/2026.
- c) Licitación de dous procedementos abertos, con importe de 4,9 M € para 2025, destinado á realización de tratamentos preventivos e mellora de infraestruturas nos distintos distrito da comunidade autónoma, en función do establecido na planificación da Dirección Xeral de Defensa do Monte, que permita acadar unha rede de infraestruturas preventivas correctamente dimensionada.
- d) Convenios interadministrativos coas distintas entidades locais de Galicia para a participación na prevención e defensa contra os incendios forestais: continuarase en 2025 co esforzo orzamentario en labores preventivos iniciado en 2023, que dotará a este convenio dun importe de 10 M€ para realizar este tipo de accións.

PLANIFICACIÓN E ORDENACIÓN FORESTAL

No ámbito da Planificación e Ordenación Forestal, e tendo en conta o Plan Forestal, continuarase co despregue dunha estratexia de dixitalización e descarbonización (D&D), favorecendo o acceso público á información forestal (estatística forestal) en tempo real.

Continuarase coas de mellora de soutos, a través de convenios con asociacións forestais de xestión conxunta e axudas para novas plantacións de castiñeiros e restauración de soutos. Así, considérase que as actividades asociadas ao aproveitamento do castiñeiro deben ser postas en valor, sendo consideradas de carácter estratéxico dado a potencialidade que este recurso endóxeno de Galicia presenta para os cidadáns, o sector produtivo ou para as propias administracións públicas. Nese sentido, é preciso acadar o compromiso e a colaboración de todos os axentes públicos e privados con competencias, experiencia e capacidade para promover a optimización dun recurso tan relevante para Galicia, co obxectivo final de beneficiar todo o sector que vive do castiñeiro e, en consecuencia, as súas rendas.

No 2025 continuarase co apoio á boa gobernanza de propiedades colectivas, sexan montes de varas ou montes veciñais en man común, mediante a mellora da delimitación (esbozos, deslindes, avinzas) que conduzan a consolidar este tipo de propiedades que afectan a preto dun terzo dos terreos forestais de Galicia (preto de 700.000 ha).

Así mesmo, darase continuidade ao fomento e mantemento do emprego do sector forestal mediante actuacións de forestación e silvicultura, que ademais de valorizar os produtos do monte supoñan unha medida preventiva para diminuír o risco de incendios forestais, especialmente no que atinxe ao apoio decidido desta consellería no ano 2025 para a diversificación do monte galego, mediante a recuperación dos soutos de castiñeiros tradicionais, o fomento da produción de castañas e cogomelos, e a implantación de novas plantacións de castiñeiro destinadas á produción de froito e de madeira.

En relación ás actuacións de adaptación e resiliencia dos nosos montes ao cambio climático, darase prioridade ás seguintes actuacións:

- Fortalecemento das liñas dirixidas a manter e conservar os ecosistemas forestais, con especial atención ao estado fitosanitario dos nosos bosques, tanto de frondosas como de coníferas, coa mellora da rede de control e seguimento do estado de saúde e vitalidade dos ecosistemas forestais.
- Mantemento nesta anualidade do orzamento preciso para desenvolver as liñas dirixidas a manter e conservar a saúde e vitalidade dos ecosistemas forestais, mediante o seguimento, detección e actuación, de ser necesario, fronte a pragas e doenzas que están a minorar e incluso danar gravemente o potencial forestal de determinadas áreas de montes galegos.
- A mellora da produción dos materiais forestais de reprodución có establecemento de novos hortos sementeiros e declaración de novos rodais selectos das principais especies do noso monte.
- A mellora da resiliencia do territorio fronte aos incendios a través da valorización do espazo forestal, mediante a implantación de innovadores modelos de xestión para a mellora das fórmulas organizativas da propiedade forestal minifundista. Os modelos basearanse en tres dimensións: a multifuncionalidade do territorio, a innovación na gobernanza participada (especialmente a nivel de propiedade da terra) e a necesidade de dotar de viabilidade económica os diferentes aproveitamentos.

Para finalizar as liñas principais de actuación no ámbito forestal, rematarase coa aprobación do Decreto do novo contrato voluntario de xestión pública, que substituirá aos actuais consorcios e convenios, segundo o marco normativo establecido na Lei 7/2012 de montes de Galicia.

GANDARÍA, AGRICULTURA E INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS

No marco das competencias relativas á agricultura, a Consellería do Medio Rural fará especial fincapé no fomento da agricultura multifuncional e sostible. Os obxectivos que se perseguen son o apoio á conservación da biodiversidade, o fomento de métodos de produción compatibles coa protección do contorno e a remuneración das funcións territoriais, sociais e ambientais da actividade agraria.

No ano 2025 continuase coa aplicación das intervencións do Plan Estratéxico da PAC 2023-2027 no que se refire as actuacións relacionadas coas explotacións agrícolas con dúas vertentes nos investimentos en explotacións agrarias:

- axudas a investimentos produtivos en explotacións agrarias vinculadas a contribuír á mitigación e adaptación ao cambio climático e o uso eficiente dos recursos naturais.
- axudas a investimentos en modernización e mellora de explotacións agrarias.

Continúase tamén co apoio ao establecemento de agricultores mozos como no PDR 2014-2020 anterior a que se engade a medida de establecemento de novos agricultores, para aquelas persoas que se establezan por primeira vez coa idade comprendida entre os 41 e 55 anos.

Implementarase unha nova intervención relacionada con investimentos no produtivos en explotacións agrarias vinculadas á mitigación do cambio climático, uso eficiente dos recursos naturais, biodiversidade e benestar animal.

Por outra banda, no que se refire ao área de sanidade e produción vexetal, intensificarase a loita contra o uso irregular de produtos fitosanitarios mediante o programa de uso e comercialización de fitosanitarios e o programa de hixiene da produción primaria agraria para detectar a presenza de límites de produtos fitosanitarios excesivos nos alimentos.

Continuarase a loita contras as pragas de corentena coa intención de conseguir erradicar algunhas das presentes no noso territorio: *Bursaphelenchus xylophilus*, *Epitrix*, *Tecia Solanovora*, *Trioza eritreae* e *Arvícola Scherman*.

Por outra parte, no ámbito da xestión do potencial vitícola, aplicarase a reforma da Organización Común de Mercados Agrícolas vitivinícola e o do programa de apoio ao sector, poñendo énfase na política de reestruturación e reconversión do viñado para favorecer as producións de calidade con denominación de orixe, a correcta xestión do potencial vitícola priorizando a recuperación das superficies abandonadas e a promoción dos viños galegos das distintas denominacións de orixe no mercado.

En materia de produción gandeira, fomentase o control leiteiro, para avaliar a calidade produtiva dos animais, e promocionar a mellora xenética, como sistema básico para incrementar a rendibilidade das explotacións, tendo en conta o potencial do sector lácteo galego.

Promovese a utilización dos recursos zoonéticos autóctonos. A conservación de recursos xenéticos autóctonos debe constituír unha prioridade, sendo imprescindible a súa inclusión en sistemas de produción de calidade compatibles co medio ambiente.

Por outra banda, cómpre garantir un nivel axeitado de protección da sanidade animal entendida amplamente (identificación de explotacións e animais, programas de control e erradicación de enfermidades, etc.) e da cadea alimentaria (residuos, hixiene da produción primaria, calidade do leite cru, xestión de subprodutos, pensos, etc.). Trátase de incrementar a rendibilidade das

explotacións mediante a loita contra os axentes nocivos, o control da calidade e a seguridade alimentaria das producións e reducindo ao mínimo o seu impacto no medio de tal xeito que sexan debidamente tratados os residuos e se garanta unha calidade sanitaria para as persoas consumidoras.

Neste contexto, resulta fundamental manter as explotacións gandeiras libres das enfermidades que se consideran erradicadas en Galicia, e ao mesmo tempo abordar o control e/ou erradicación daquelas enfermidades animais obxecto de control oficial que aínda persisten na nosa gandería, e daquelas que apareceron recentemente, como a Lingua azul ou a Enfermidade Hemorráxica Epizootica. Esta actuación debe completarse coa correcta dotación do Laboratorio de Sanidade e Producción Animal de Galicia.

Por outra parte, e tendo en conta que en Galicia existe un total de 19.537 explotacións de carne (incluíndose explotacións de cebo, explotacións de reprodución para carne e de reprodución mixta), que teñen unha media de 22 animais cada unha delas, darase continuidade ao plan estratéxico para mellorar a rendibilidade dos nosos gandeiros, en colaboración con todos os elos da cadea de valor, un sector afectado gravemente pola crise derivada da invasión rusa de Ucraína. Destacan as achegas ás explotacións acollidas ao indicativo de calidade “Temera Gallega” co obxecto de aumentar a súa rendibilidade e potenciar a calidade da produción cárnica.

Por outra banda, refórzanse os programas sanitarios desenvolto polas agrupacións de defensa sanitaria gandeiras e incrementar o número de explotacións integradas nelas, como vía fundamental para o control doutras enfermidades que afectan económica e comercialmente ás nosas ganderías, e tamén como estruturas que poden apoiar á administración na xestión de alertas sanitarias animais.

En materia de industrialización e comercialización, apoíase a creación ampliación e modernización de instalacións situadas en Galicia destinadas á transformación ou a comercialización de produtos agrarios no marco do Plan Estratéxico da PAC 2023-2027. Na Comunidade Autónoma existen 1.700 industrias agrolimentarias, das que 1.000 son empresas que procesan materias primas agrarias procedentes principalmente de explotacións galegas ou empresas de elaboración de produtos de alimentación animal, todas elas de importancia estratéxica para o sector agrario galego.

DESENVOLVEMENTO RURAL

En canto ás actuacións relativas ao desenvolvemento rural, a Consellería do Medio Rural continuará contribuíndo á construción dun territorio rural intelixente, capaz de xerar e incorporar o coñecemento necesario para poñer en valor de forma eficiente e racional os seus recursos e responder aos cambios externos, aproveitando as oportunidades xa existentes e construíndo novas vantaxes competitivas en función das capacidades e identidades propias, todo iso dentro do marco da Acción da Unión Europea en favor dos pobos intelixentes. Con este fin, levarase a

cabo a coordinación das diversas actuacións públicas con incidencia no desenvolvemento rural e na ordenación ou xestión do territorio rural.

No ano 2025 continuarase co apoio á implantación e mellora de servizos á poboación rural, á mellora de infraestruturas de titularidade municipal nos territorios rurais e ás iniciativas de desenvolvemento rural, con especial énfase naquelas vinculadas aos instrumentos de mobilización ou recuperación e posta en valor da terra agraria. Así, fomentarase a recuperación e incremento da superficie agraria útil (SAU) e a mobilización das superficies agrarias infrautilizadas ou en estado de abandono.

Favorecerase o incremento da base territorial das explotacións agrarias, contribuíndo á redución dos custos e á mellora da competitividade das explotacións existentes, así como á creación de novas explotacións, coa vista posta no asentamento da poboación no medio rural e no freo ao abandono, tanto no eido social como agroambiental.

Mellorarase as condicións estruturais, técnicas e económicas das explotacións agrarias en Galicia, fíxase poboación no rural e loitase contra o abandono de terras, anticipándonos deste xeito aos incendios forestais na nosa comunidade. Con isto, créase un entramado viario que permite a mellora das comunicacións, non só entre as fincas e explotacións, senón entre as poboacións.

Así mesmo, continuarase os procedementos de reestruturación parcelaria, mellorando a xestión e axilizando os procedementos.

Finalmente, no ano 2025 incrementarase a posta en disposición para a sociedade - e moi particularmente ao servizo do sector agrario -, de datos, información e ferramentas que redunden nunha mellora do aproveitamento e xestión sostible do territorio, co fin de xerar actividade económica como base para a fixación de poboación no marco dunha realidade territorial complexa.

II.2. DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS

FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA (FOGGA)

Este organismo ten como obxectivos, para o vindeiro exercicio 2025, a xestión eficaz no pagamento dos fondos europeos agrícolas en Galicia, a procura dunha mellora das rendas das persoas agricultoras galegas, así como a contribución á dinamización das zonas rurais desenvolvendo as seguintes actuacións prioritarias:

- Desenvolvemento das funcións inherentes á súa condición de organismo pagador dos fondos europeos agrícolas en Galicia (Fondo Europeo Agrícola de Garantía –Feaga– e Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural –Feader–), autorizando e xestionando o pago

e contabilizando os importes das axudas con cargo aos citados fondos, e exercendo as demais funcións de coordinación, comunicación, auditoras e outras conexas que lle corresponden como organismo pagador.

- Desenvolvemento da xestión das axudas da Política Agraria Común (PAC) en Galicia, tendo en conta o marco normativo da PAC 2023-2027 e as prioridades desta.
- A xestión íntegra das axudas a zonas con limitacións naturais, así como as axudas de agro-ambiente e clima e agricultura ecolóxica prevista no Plan Estratéxico da PAC (PE PAC) 2023-2027.
- Pagamento e contabilización das actuacións incluídas no PDR, financiadas Feader, cuxa fase de autorización e control non se xestiona directamente polo Fogga e para as que a xestión corresponde a outros órganos da Consellería do Medio Rural e outros centros directivos da Xunta de Galicia.
- Pagamento e contabilización, en tanto que organismo pagador, das medidas relativas á apicultura, reestruturación de viñedo, promoción en terceiros países, organizacións de produtores e medidas de investimento financiadas polo Feaga.
- A realización das operacións en réxime de intervención e regulación de mercados por conta do Feaga, entradas, saídas e almacenamento das mercadorías, de acordo coas instrucións ditas segundo a xestión encomendada polo Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA).
- A realización de accións destinadas a mellorar as producións gandeiras e fortalecer con iso a puxanza do sector lácteo galego e cárnico no contexto nacional e europeo, tales como apoiar ás sociedades públicas participadas polo Fogga que operan no sector agropecuario.

II.3. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural créase pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo, como un ente de dereito público dos previstos no artigo 12.1 b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.

A citada lei crea a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural coa finalidade de que sexa o instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia no fomento e na coordinación do desenvolvemento rural galego, para mellorar as condicións de vida e evitar o despoboamento dese territorio.

Coa finalidade de racionalizar e mellorar a coordinación das actuacións da administración autonómica en materia de desenvolvemento rural, a lei de creación da Axencia modificouse mediante a Lei 12/2008, do 3 de decembro, pola que se modifican a Lei 7/1996, do 10 de xullo, de

desenvolvemento comarcal de Galicia, e a Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo, e se racionalizan os instrumentos de xestión comarcal e de desenvolvemento rural.

Así mesmo, a Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, prevé para a Axencia novas funcións e dótaa de novos órganos para atendelas axeitadamente, sendo o instrumento básico de actuación da Administración xeral da comunidade autónoma de Galicia na promoción e na coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego, para mellorar as condicións de vida e evitar o despoboamento dese territorio.

As principais liñas de acción da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural de cara ao ano 2025 son as seguintes:

- Deseño e implementación de estratexias e plans integrados para o desenvolvemento e xestión do territorio rural, que coordinen actuacións de diversa natureza e contén coa participación dos axentes socioeconómicos públicos e privados, así como a promoción e xestión dos devanditos plans e programas de desenvolvemento.
- A supervisión, coordinación e difusión das políticas e estratexias de desenvolvemento rural aplicables en cada momento.
- Deseño, programación e execución das medidas de recuperación e, en xeral, da xestión da terra agroforestal de Galicia a través dos instrumentos legalmente previstos para tal fin.
- A tramitación dos procedementos de investigación da propiedade de inmobles de natureza rústica dos que non se teña certeza sobre a súa titularidade, así como a revisión xeométrica e topográfica deses predios no caso de existiren dúbidas sobre a súa configuración e estado.
- A articulación de proxectos de desenvolvemento rural con carácter innovador, destinados a reforzar a base produtiva das áreas rurais, valorizar os seus recursos e mellorar a calidade de vida dos seus habitantes.
- Desenvolvemento de proxectos de xestión de terras agroforestais e de desenvolvemento rural dirixidos directa ou indirectamente a favorecer a prevención e a loita contra os incendios no territorio rural e fronte a pragas e enfermidades.
- A promoción e fomento da cooperación entre axentes públicos e privados cuxas actuacións incidan directa ou indirectamente no desenvolvemento das zonas rurais.
- Impulso da formulación e a aplicación a nivel comarcal de estratexias de desenvolvemento rural integrado, especialmente a través da dinamización e coordinación dos grupos de desenvolvemento rural responsables da súa execución.
- A promoción e o desenvolvemento dos catálogos, mapas e demais soportes documentais legalmente previstos.
- A contribución ao reforzo do tecido social e á mellora da capacidade organizativa das áreas rurais.
- A aplicación doutras medidas e actuacións que teñan por obxecto, en particular, a revitalización do tecido produtivo e a fixación da poboación nas áreas rurais, realizando as actuacións

precisas para promover a efectiva igualdade de mulleres e homes, de conformidade co artigo 30 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, de igualdade efectiva de mulleres e homes, e cos artigos 42 e 43 do Decreto legislativo 2/2015, do 2 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

- A xestión e aplicación das medidas contidas nos programas de desenvolvemento rural sustentable no ámbito da aplicación da Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sustentable do medio rural, ou da norma que a substitúa, sen prexuízo das competencias que nesta materia teñan outros órganos da administración autonómica.
- A xestión das medidas e actuacións que se lle encomenden no marco da programación dos fondos europeos de desenvolvemento rural.
- A intermediación no arrendamento ou compravenda de explotacións co fin de garantir a continuidade daquelas que, pola idade das persoas titulares, por dificultades na xestión ou por outras circunstancias, deixen ou vaian deixar de ser explotadas polos seus titulares.
- A promoción da xestión sustentable de terras, facilitando a reforma das estruturas do medio rural, especialmente nos espazos agrarios, e posibilitando unha utilización axeitada dos predios con vocación agraria.
- Seguimento do mercado de terras e elaboración dos estudos que sobre este poidan resultar de utilidade para favorecer a mobilidade das terras, e coñecer as condicións de oferta e demanda, prezos e valores de mercado.
- A xestión dos programas con enfoque Leader, no marco do PEPAC 2023-2027, colaborando na xestión dos proxectos promovidos desde os Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR), que incidan na mellora da calidade de vida das comunidades rurais galegas.
- Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas do que se poderán seguir beneficiando, como ata agora, os concellos galegos.
- Medidas para a mellora dos servizos e calidade de vida en pequenos núcleos rurais.
- Axudas a proxectos de dinamización empresarial no medio rural.

Cómpre salientar, de forma máis detallada, as actuacións relativas aos distintos instrumentos previstos na Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia:

1. Instrumentos de mobilización de terras: a través do impulso ao Banco de Terras de Galicia e da Creación do Banco de explotacións.
2. Fomento da declaración permutas de especial interese agrario.
3. Impulso ás ferramentas de recuperación de terras.

AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA

O Plan Estratéxico Galicia 2022-2030 formula as prioridades de actuación e obxectivos estratéxicos que enmarcan o contexto de actuación da Axencia Galega da Calidade Alimentaria. En concreto:

Eixo I: O reto demográfico

PA 1.1: Acadar un nivel de emprego elevado e de calidade, que garanta o equilibrio entre a vida profesional e a privada

OE 1.1.1: Mellorar a empregabilidade das persoas desempregadas ou inactivas, especialmente entre a poboación xuvenil e aquelas con maiores dificultades de acceso ao mercado laboral, por medio da adquisición de experiencia profesional, da formación e da orientación, fomentando a igualdade de oportunidades.

OE 1.1.2: Potenciar a formación, adquisición e acreditación de competencias profesionais, fomentando a igualdade de oportunidades. Promover a aprendizaxe permanente e adaptar a cualificación das persoas traballadoras ás necesidades do mercado de traballo.

Eixo 3: Competitividade e crecemento

PA 3.1: Mellorar as capacidades de investigación e innovación e a adopción de tecnoloxías avanzadas

OE 3.1.1: Fomentar o investimento en I+D+i no sector empresarial, dinamizar a transferencia de coñecemento ao mercado reforzando a colaboración entre os axentes do ecosistema de I+D+i, avanzar na especialización a través da prioridade en ámbitos estratéxicos para Galicia, impulsando o liderado empresarial, especialmente das PEMES, na transformación das ideas innovadoras en produtos e servizos de alto valor engadido, xeradores de crecemento, emprego e benestar. Apoiar o talento emprendedor en todos os eidos (xeración, atracción e retención). Mellorar a xestión administrativa e as sinerxías vinculadas a procesos ou instrumentos de apoio á I+D+i e incrementar a eficiencia na Xestión dos recursos dispoñibles a partir da avaliación do seu rendemento.

OE 3.1.2 Impulsar os centros e institutos de investigación e desenvolver un sistema de transferencia efectivo que permita capitalizar o coñecemento xerado.

PA 3.3: Impulsar o crecemento e competitividade das PEMES, a transición industrial e o emprendemento

OE 3.3.2: Incrementar a competitividade das empresas galegas apostando por produtos de alto valor engadido diferenciados.

PA 3.5: Aproveitar as potencialidades de Galicia cara a un sector primario moderno e competitivo

OE 3.5.1: Aumentar a rendibilidade e a competitividade dos sistemas produtivos das explotacións agro gandeiras e fomentar a súa modernización e diversificación ao tempo que se reduce a pegada da agricultura e gandería no eido medioambiental.

OE 3.5.2: Garantir a prevención, defensa e control da sanidade animal e da protección dos cultivos.

OE 3.5.3: Aumentar a produtividade dos montes galegos e fomento da xestión forestal sostible. Optimizar a gobernanza do monte e a mobilidade das terras, para lograr unha mellora na sustentabilidade e eficiencia das explotacións.

OE 3.5.5: Mellorar a calidade e resultados do ensino relacionado coas actividades agro-forestais e marítimo-pesqueiras para facilitar a incorporación ao mercado laboral e mellorar a profesionalización.

Eixo 4: Cohesión social e territorial

PA 4.1: Promover unha educación inclusiva e de calidade

OE 4.1.3: Elevar a participación na formación profesional dos graos básico, medio e superior, e cursos de especialización, en particular nas modalidades relacionadas co tecido produtivo (DUAL), mellorando a súa calidade, a súa personalización, capacidade de innovación, emprendemento e internacionalización, nunha relación estreita coas empresas e coas competencias necesarias na estrutura produtiva de Galicia.

Pola súa banda, a RIS3 (Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia) do período 2021-2027 tomou como base as experiencias adquiridas no período 2014-2020 e identificou tres grandes retos:

- RETO 1. Modelo de xestión de recursos naturais e culturais baseados na innovación: Modernizar os sectores tradicionais galegos a través da introdución de innovacións que incidan na mellora da eficiencia e o rendemento no uso dos recursos endóxeos e a súa reorientación cara a usos alternativos con maior valor engadido en actividades enerxéticas, agrarias, acuícolas, farmacolóxicas, cosméticas, alimentarias e culturais.
- RETO 2. Modelo industrial baseado na competitividade e no coñecemento Incrementar a intensidade tecnolóxica da estrutura industrial de Galicia, a través das Tecnoloxías Facilitadoras Esenciais e a evolución das cadeas de valor.
- RETO 3. Modelo de vida saudable e envellecemento activo da poboación: Posicionar Galicia como a rexión líder do sur de Europa na oferta de servizos e produtos intensivos en coñecemento relacionados cun modelo de vida saudable e de envellecemento activo.

En base a estes retos os axentes determinaron 3 prioridades de actuación para o período comprendido entre 2021-2027:

- PRIORIDADE I (SOSTIBILIDADE):
Desenvolvemento e aplicación das diferentes solucións científico-tecnolóxicas e de innovación para avanzar na descarbonización das cadeas de valor, a sustentabilidade dos recursos naturais (terra e mar) e patrimoniais de Galicia, xerando ademais oportunidades para a diversificación cara a produtos sustentables competitivos internacionalmente e mellorando o benestar das persoas na Rexión.

- PRIORIDADE 2 (DIXITALIZACIÓN):

Apoio á tecnificación e dixitalización (desenvolvemento e/ou incorporación de tecnoloxías) para impulsar o modelo industrial galego e a xestión e prestación de servizos sanitarios e sociais de calidade, como panca para a transformación resiliente de Galicia.

- PRIORIDADE 3 (ENFOQUE CARA ÁS PERSOAS):

Orientación dos esforzos en I+D+i cara os retos da sociedade en Alimentación, Saúde e Envellecemento Activo, convertendo a Galicia nunha contorna de referencia mundial para o desenvolvemento e test de novas oportunidades científico-tecnolóxicas e empresariais; Galicia Living Lab.

Isto permitiu definir ata 29 ámbitos de intervención prioritarios entre os que cabe destacar algúns directamente relacionados co I+D+i do sector primario agrario, como son, entre outros:

- Biotecnoloxía agraria, mariña, industrial e ecolóxica.
- Biocombustible e enerxías renovables.
- Descarbonización das cadeas de valor.
- Desenvolvemento de téxtiles sostibles.
- Eficiencia enerxética en procesos produtivos, en construción e en mobilidade.
- Materias primas, produtos, envases e embalaxes máis sostibles na cadea de valor alimentaria.
- Turismo e patrimonio cultural sostible.
- Alimentación humana saudable e funcional.
- Saúde animal: veterinaria e alimentación de precisión.
- Tecnificación e dixitalización do sector primario.
- Desenvolvemento de propostas de valor en torno a recursos naturais, patrimoniais, culturais e turísticos.
- Economía circular e simbiose industrial.
- Mellora, preservación, xestión sostible e posta en valor da biodiversidade.
- Innovación e diversificación: calidade e sustentabilidade como base da imaxe de marca.
- Silver economy.

Co fin de dar resposta a estes ámbitos de intervención, foron definidos ata 51 “pre misións”, entendidas estas como o conxunto de campos que con un maior ou menor grao de concreción, polo percorrido que actualmente teñen os nichos prioritarios van permitir iniciar o traballo de definición, desenvolvemento e materialización das misións durante o período de implementación da RIS3 entre 2021 e 2027. Estas “pre misións” están repartidas para cada unha das tres grandes prioridades e fan referencia aos tres grandes retos definidos anteriormente, identificándose varias delas como obxectivos específicos de actuación, entre os que destacan:

Reto 1: Recursos naturais e patrimoniais.

- Prioridade 1:
 - Mellora, preservación e posta en valor da biodiversidade e as especies autóctonas de Galicia: Explotación sustentable e eco sistémica dos recursos naturais de Galicia: pesca e acuicultura, forestais, agrarios, gandeiros e patrimónios.
 - Desenvolvemento de biocombustibles a partir de subprodutos e residuos de pesca e acuicultura, biomasa agraria e forestal e residuos gandeiros.
 - Métodos e prácticas de xestión sustentable.
 - Creación de sumidoiros de CO₂.
 - Xestión sustentable dos recursos hídricos (xestión, aforro, optimización e re utilización).
- Prioridade 2:
 - 2. Agricultura e gandería de precisión.
 - 3. Silvicultura de precisión.
- Prioridade 3:
 - Alimentación de precisión en gandería.

Reto 2: Modelo industrial

- Prioridade 1:
 - Valorización e transformación de subprodutos e residuos dentro de cada cadea de valor estratéxica e entre sectores: aposta pola economía circular e a simbiose industrial.
 - Adaptación das cadeas de valor estratéxicas de Galicia (en cadeas de produción e de produtos) á descarbonización e á redución da pegada de carbono.
- Prioridade 2:
 - Tecnoloxías para a mellora e optimización da produción.
 - Tecnoloxías customer oriented (técnico, agroalimentario, industria transformadora da pesca).
 - Estruturas de testado e ensaio.

Reto 3: Modelo de vida saudable e envellecemento.

- Prioridade 1:
 - Calidade e sustentabilidade bases da imaxe de marca do sector alimentario (agrario, gandeiro, forestal, pesca e acuicultura): produtos de calidade diferenciada e segmento Gourmet.
 - Produtos, envases e embalaxes intelixentes e sustentables: seguridade e rastrexabilidade alimentaria, téxtiles duradeiros, adaptación a novas formas e formatos de consumo e canles de venda.

- Prioridade 3:
 - Alimentación humana: alimentos saudables, funcionais; novos formatos para novos segmentos; novos produtos de valor engadido. Potenciación dos recursos naturais galegos (terra e mar) para o desenvolvemento de alimentos saudables diferenciais.
 - Desenvolvemento do concepto ONE HEALTH.
 - 3.3. Impulso ao papel da nutrición e alimentación na prevención e coidado da saúde.
 - 4.4. Rastrexabilidade e seguridade alimentaria integral.
 - 5.5. Silver Economy: novos produtos e servizos para o mercado sénior e pre sénior-alimentación, farmacia, cosmética, etc.

Na anualidade 2023 iniciouse a identificación e definición das misións concretas a impulsar durante a vixencia da RIS3 e a súa selección basearanse nas condicións de viabilidade, do volume de recursos necesarios para conseguir os resultados efectivos, da existencia de axentes con capacidade tractora, entre outros. A I+D+i agraria deberá estar presente nas misións que dean resposta aos 3 retos planeados e moi particularmente no relativo á xestión de recursos naturais (reto 1) e o modelo de vida saudable e envellecemento activo da poboación (reto 3), segundo as prioridades xa remarcadas.

De xeito coherente cos Plans, o Decreto 52/2008, do 5 de abril, define a razón de ser da Axencia, a súa misión, que non é outra que contribuír ao desenvolvemento do sector agroalimentario galego a través do impulso integrado de tres elementos claves: a I+D+i, a transferencia de coñecementos e a produción de calidade diferenciada. Da conxunción ordenada destes principios debe resultar un sector primario máis rendible, rexuvenecido e á vangarda da recuperación dos espazos rurais e o impulso demográfico. Para tal fin, a norma atribúe á Axencia funcións en materia de calidade alimentaria, en materia de investigación agraria e alimentaria, e en materia de formación profesional, regrada e non regrada.

Con estas premisas o Contrato de xestión da Axencia, aprobado polo Consello da Xunta de 02/12/2021, define os obxectivos particulares a acadar en nove áreas funcionais:

- Certificación e protección da calidade diferenciada.
- Promoción da calidade diferenciada.
- Investigación agropecuaria.
- Investigación forestal.
- Investigación en materia de viticultura e enoloxía.
- Transferencia.
- Capacidade analítica.
- Formación.

Para acadar estes obxectivos a Axencia conta con trece centros espallados pola xeografía galega: seis centros de formación e experimentación agroforestal que imparten ciclos de formación profesional de grao medio e superior, dous centros de investigación, catro estacións de experimentación e un laboratorio agrario e fitopatolóxico. O mantemento destes centros en condicións de operatividade óptima require dun importante esforzo en conservación.

O desenvolvemento e execución dos obxectivos asociados ás áreas funcionais determinan e xustifican as necesidades orzamentarias da Axencia. En particular, en 2025 continuarán a impulsarse as seguintes liñas de acción principal:

En materia de calidade alimentaria

- Elaboración e tramitación dos decretos de desenvolvemento da Lei 1/2024, do 11 de xaneiro, da calidade alimentaria de Galicia;
- Elaboración e aprobación dun novo grupo de normas técnicas de artesanía alimentaria;
- Actuacións de certificación e control dos produtos galegos de calidade diferenciada;
- Consolidación da canle web “experiencias de calidade” como ferramenta esencial na promoción dos produtos agroalimentarios galegos de calidade diferenciada e impulso dos circuitos curtos de comercialización;
- Posta en marcha das novas liñas de axuda para a incorporación de agricultores a réximes de calidade e para a promoción no marco do Plan Estratéxico da PAC;
- Accións tendentes a mellorar a posición comercial dos produtos galegos de calidade diferenciada a través da presenza en feiras e eventos expositivos.

En materia de investigación

- Construción, equipación e posta en funcionamento dos edificios auxiliares do Banco de Xermoplasma do CIAM;
- Apoio ao investimento en I+D+i a través de proxectos de investigación e programas de colaboración público-privada entre os centros da Axencia e diferentes entidades, no marco definido polos plans de I+D+i rexionais, estatais e internacionais correspondentes (INTERREG, LIFE, H2020, etc.);
- Realización de actividades de transferencia de tecnoloxía, formación e divulgación en colaboración coa Consellería do Medio Rural e outras institucións do sector agroalimentario;
- Labores de I+D+i, conservación e mellora de recursos xenéticos agrarios e forestais existentes nos bancos de xermoplasma dos centros coordinados pola Axencia Galega da Calidade Alimentaria no marco das medidas do PDR de Galicia 2014-2020 e do Plan Estratéxico da PAC 2021-2027;
- Realización de análises oficiais, informativas e de ensaios científicos;

- Mellora das infraestruturas de apoio á investigación dos centros de investigación agraria e laboratorios de servizo da Consellería do Medio Rural coordinados pola Axencia Galega da Calidade Alimentaria;
- Mellora da operatividade dos centros e laboratorios sinalados en canto a dotación de maquinaria, equipamento científico-tecnolóxico e a calidade das tecnoloxías de información e comunicación destes, para facilitar a súa conexión en rede;
- Consolidación e posta a disposición do sector da ferramenta Fitovit no ámbito da viticultura galega e estudo da súa extensión a tratamentos fitopatolóxicos e agricultura 4.0;
- Reforzo e estabilización da contratación de persoal investigador, coa adaptación dos cadros de persoal ao establecido polo Decreto 12/2024, do 11 de xaneiro, polo que se regula a organización, a promoción e a carreira profesional do persoal de investigación de carácter laboral nos organismos de investigación da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

En materia de formación profesional

- Ampliación e actualización da oferta formativa da rama agraria;
- Reforma da residencia do CFEA de Sergude;
- Automatización da expedición dos certificados de profesionalidade e competencias habilitantes;
- Mellora das infraestruturas dos Centros de Formación e Experimentación Agroforestal dependentes da Axencia Galega da Calidade Alimentaria;
- Impulso do programa de transferencia de coñecementos.

II.4. DAS SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS, S.A.

O Decreto 260/2006, do 28 de decembro, publicado no DOG do 18 de xaneiro de 2007, autorizou a creación da sociedade pública Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A.

Os Estatutos foron modificados en diversas ocasións para ampliar o seu obxecto social, adaptalos á Lei de Contratos do Sector Público e introducir modificacións do cadro do persoal. A última modificación foi autorizada por acordo do Consello da Xunta de 4 de agosto de 2022.

No exercicio 2025, a sociedade continúa co proceso de diversificación das súas actividades e a consolidación dun modelo de xestión pública, con vinculación íntegra coa Administración da comunidade autónoma Galega. Seaga realiza cantos encargos lle sexan ordenados polas distintas consellerías e outras entidades pertencentes ao sector público autonómico, e dun xeito programado as seguintes:

- A realización de traballos de obra preventiva e de restauración forestal, a asistencia técnica na redacción dos instrumentos de planificación forestal, así como a colaboración en traballos silvícolas en montes ordenados baixo xestión da comunidade autónoma.
- A contribución nos programas de sanidade vexetal e noutros programas de loita contra pragas, enfermidades ou de mitigación dos efectos na saúde pública causados por especies invasoras.
- A realización de todos os traballos relativos á xestión da biomasa e a prevención de incendios forestais.
- A colaboración en actuacións de infraestrutura e equipamentos para o medio rural dentro da estratexia de mellora da calidade de vida dos concellos rurais e do reequilibrio territorial.
- A realización de traballos nos espazos naturais protexidos de Galicia xestionados pola administración da comunidade autónoma.
- A participación nos programas de restauración de espazos degradados e de xestión de residuos.
- A colaboración en tarefas de control e rexeneración dos recursos pesqueiros e marisqueiros.
- A prestación de servizos relacionados coa produción agropecuaria e a participación en programas de mellora da calidade agroalimentaria.
- A colaboración en traballos de prevención e defensa contra incendios forestais, e noutras emerxencias relacionadas co medio rural, do xeito que a Consellería competente estime necesario.

XENÉTICA FONTAO, S.A.

Dentro das actividades principais de Xenética Fontao, S.A., inclúense a produción e a comercialización de doses seminais de gando vacún das razas explotadas en Galicia. Ademais, estanse a diversificar os servizos ofertados mediante o desenvolvemento de tecnoloxías innovadoras reprodutivas que aceleran o progreso xenético da cabana gandeira e da aplicación da biotecnoloxía do ADN no eido da produción e sanidade agropecuarias.

Entre os obxectivos que se pretenden acadar no vindeiro ano 2025 destácanse os seguintes:

- Desenvolvemento do programa de mellora xenética da raza Frisoa en Galicia dentro do Convenio subscrito coa Consellería do Medio Rural.
- Consolidación do Laboratorio de Xenética Molecular, impulsando o investimento en I+D+i co desenvolvemento de proxectos baseados en tecnoloxías moleculares no eido da sanidade e produción animal.
- Posta a punto do programa de selección xenómica da raza Frisoa e aceleración do progreso xenético da mesma en Galicia mediante a combinación con novas biotecnoloxías reprodutivas.

- Mellora da rede de comercialización, co afianzamento dos acordos neste eido e obtención doutros novos que permitan incrementar a xeración de recursos propios.
- Mellora e optimización da produción a través da valoración xenética mediante cruzamento industrial de razas bovinas de aptitude cárnica en Galicia.

II.5. DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE

O Centro Tecnolóxico da Carne (CTC) é unha fundación de interese galega que pretende dinamizar e mellorar a capacidade competitiva do sector agroalimentario de Galicia. A súa misión é dar resposta ás necesidades en I+D+i dos axentes relacionados co ámbito cárnico e alimentario (empresas, administración e sociedade), xerando, transferindo e divulgando coñecemento útil, a través da realización de proxectos de investigación, desenvolvemento tecnolóxico e prestación de servizos de calidade, que impulsen os procesos de innovación tecnolóxica, dende unha perspectiva de desenvolvemento sostible.

Os eixos estratéxicos do CTC son a xeración e desenvolvemento de coñecemento tecnolóxico orientado á competitividade do sector cárnico, a posta en valor e transferencia ao mercado da oferta tecnolóxica do CTC, o desenvolvemento estrutural para eficiencia e a sustentabilidade e a divulgación da innovación tecnolóxica e a comunicación institucional.

As liñas de acción do CTC baséanse en catro áreas fundamentais: a I+D+i no ámbito cárnico; o asesoramento e a transferencia tecnolóxica ao sector cárnico; servizos ás empresas cárnicas e, por último, a formación.

III. ORZAMENTO DE GASTOS POR PROGRAMA

III.1. PROGRAMAS DE GASTO

III.1.1. PROGRAMA 422L - CAPACITACIÓN E EXTENSIÓN AGROFORESTAL

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

No marco das actuacións da formación agroforestal fórmulase unha oferta integral, dirixida especialmente á mocidade e á poboación activa, co obxecto de cualificar profesionalmente tanto á mocidade coma aos profesionais en activo do sector agrogandeiro e forestal, que se desenvolve nos seis centros de formación e experimentación agroforestal cos que conta a Consellería do Medio Rural, e contará coa colaboración doutras unidades dependentes dela.

Os fortes vínculos entre este sistema formativo e o sector produtivo garanten unha oferta flexible adaptada ás necesidades e prioridades das distintas comarcas e sistemas de produción. Deseñaranse actuacións para achegar unha oferta de formación máis completa e diversificada a todas as comarcas de Galicia e, en especial, ás zonas mais desfavorecidas.

A oferta formativa abrangue formación continua ao sector, para a obtención de camés profesionais ou certificados habilitantes, tanto en modalidade presencial como online, ciclos formativos e certificados de profesionalidade da familia profesional agraria.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

De carácter sectorial, as accións de formación están dirixidas a profesionais dos sectores agrogandeiro e forestal, persoas agricultoras, gandeiras e silvicultores, ou con expectativas de incorporación, mozos e mozas e mulleres do rural.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Problemas ou carencias: os cambios económicos, tecnolóxicos e ambientais dan lugar á necesidade de novas cualificacións para todas as persoas implicadas en actividades agroforestais e agroalimentarias. Para obter estas novas competencias e habilidades é necesario ofrecer actividades de temáticas innovadoras tanto de áreas xerais técnicas como económicas, que melloren e complementen o perfil profesional da xente do sector.

A capacitación profesional, en particular daqueles profesionais que se incorporan por primeira vez á actividade agraria, debe servir tamén para mellorar as súas condicións de vida, frear o éxodo rural e asegurar a substitución xeracional no medio rural. A mellora da cualificación dos agricultores e agricultoras, gandeiros e gandeiras, así como de silvicultores e silvicultoras, require tamén que se impulse a actualización da formación do persoal docente e técnico encargado de transmitir os coñecementos para facilitar a adopción de innovacións no sector agroforestal. Outra das debilidades estruturais de Galicia é o envellecemento da poboación, especialmente no rural.

As prioridades fundamentais para este exercicio son:

- Mellorar a cualificación dos profesionais do sector e impulsar a transferencia tecnolóxica para que os resultados das investigacións cheguen ao sector.
- Frear o éxodo rural e asegurar a substitución xeracional no medio rural, con capacitación profesional daqueles que se incorporan por primeira vez á actividade agraria. Así mesmo, debe servir para que a actividade produtiva sexa respectuosa co medio ambiente.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O programa anual de formación continua é desenvolvido polos centros de formación e experimentación agroforestal e por outras unidades técnicas e de innovación dependentes da Consellería do Medio Rural.

O Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020, contemplaba na medida "M01: Accións de transferencia de coñecementos e información" tres submedidas que están dirixidas á formación do sector e á adquisición de novas competencias profesionais. A submedida 1.1. de "apoio ás accións de formación profesional e adquisición de competencias"; a submedida 1.2 de "apoio ás actividades de demostración e ás accións de información" e a submedida 1.3. de "apoio ao intercambio de curta duración da xestión agrícola e forestal e ás visitas agrícolas e forestais".

Na anualidade 2025 iníciase a financiación deste programa no marco do Plan Estratéxico da PAC 2021-2027 e a intervención 7201 contempla para Galicia o desenvolvemento das subintervencións 7201_01 de formación, 7201_02 relativa a campos de demostración, 7201_03 de transferencia, 7201_04 para visitas, 7201_05 de intercambios e 7201_06 de formación de asesores.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A través das subintervencións 7201 de Formación contemplados no Plan Estratéxico da PAC 2021-2027 dáse cobertura ao obxectivo transversal de Modernizar o sector a través do fo-

mento e a posta en común do coñecemento, a innovación e a dixitalización nas zonas agrícolas e rurais, así como promover a súa adopción por parte dos agricultores mediante un mellor acceso á investigación, a innovación o intercambio de coñecementos e a formación, o cal se enmarca dentro do sistema AKIS (Agricultural Knowledge and Innovation Systems).

Así, mellorar a cualificación dos profesionais do sector e impulsar a transferencia tecnolóxica para que os resultados das investigacións cheguen ao sector son prioridades fundamentais para este exercicio, que se desenvolverán a través dos programas de acción anuais.

O programa anual de formación continua para o Agro Galego é desenvolvido fundamentalmente polos centros de formación e experimentación agraria e por outras unidades técnicas dependentes da Consellería do Medio Rural. Tamén participan, sobre todo nas actividades de información, transferencia e demostración, os centros de investigación agraria adscritos a AGA-CAL. A súa planificación deséñase tendo en conta as necesidades do sector nas distintas áreas produtivas, ofrecendo unha oferta formativa que atenda ás necesidades básicas do sector primario agrario, pero ademais integrando unha oferta innovadora, diversificada e adaptada ás distintas necesidades locais e sectoriais e impulsando especialmente o uso das TIC e fomentando as boas prácticas respectuosas co medio ambiente.

Este programa para a mellora do nivel de coñecemento das persoas que traballan no sector agrogandeiro e agroindustrial complementase co Plan de transferencia tecnolóxica que está integrado por accións de divulgación de coñecementos científicos e prácticas innovadoras que ten como obxectivo facilitar a transferencia e a adopción polo sector dos resultados das investigacións realizadas nos centros de investigacións agrarias da Consellería do Medio Rural.

Un aspecto deste programa é a formación de formadores, que ten como obxectivo manter a calidade na prestación dos servizos, continuando a mellora do nivel de formación do persoal docente, técnico e asesor encargado de transmitir os coñecementos aos usuarios e usuarias do ámbito agrario.

Frear o éxodo rural e asegurar a substitución xeracional no medio rural é outro dos obxectivos estratéxicos que se ve apoiado coa capacitación profesional daqueles que se incorporan por primeira vez á actividade agraria. Esta formación continua ofrece distintas orientacións produtivas axeitadas ás distintas zonas de Galicia, e ten en conta os aspectos produtivos nun marco respectuoso co medio ambiente.

Como se indicou anteriormente, estes programas formativos contaron ata a anualidade 2024 con financiamento do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020 "M01: Accións de transferencia de coñecementos e información" integrada por tres submedidas que están dirixidas á formación do sector e á adquisición de novas competencias profesionais, e que foi desenvolvido polos servizos técnicos dependentes da Consellería do Medio Rural, entre os que se inclúe o persoal técnico da propia Consellería e de xeito especial as escolas de formación e experimen-

tación agraria, contando coa colaboración dos centros de investigación, centros tecnolóxicos e entidades asociativas dos sectores agrario, alimentario e forestal.

Estes investimentos non inclúen a formación regrada dos ciclos formativos profesionais da rama agraria impartida nos Centros de Formación e Experimentación Agraria (CFEAs) dependentes da Consellería do Medio Rural e adscritos a AGACAL, que se inclúen noutro programa de gasto.

As actividades pódense desagregar, en relación non exhaustiva, como segue:

- Accións formativas nas áreas prioritarias.
- Cursos de formación e capacitación xeral, que consistirán en dar a formación de base en materias relacionadas co exercicio profesional ou ben dar a formación habilitante necesaria para o desempeño de certas ocupacións profesionais do sector. Tamén se desenvolverá e intensificará a formación empresarial do sector.
- Talleres prácticos de aprendizaxe en materias concretas e sesións de orientación específica destinados a que os participantes adquiren competencias e habilidades a través dunha aprendizaxe práctica en técnicas e procesos para optimizar a produción e o procesado de produtos agrarios, tendo en conta tanto as producións gandeiras como as agrícolas e as transformacións agroindustriais.
- Outras modalidades formativas como conferencias, seminarios temáticos, formacións de curta duración de actualización de coñecementos ou visitas incluídas na programación dos cursos de capacitación e formación, nos seminarios temáticos ou nos talleres prácticos.
- Desenvolvemento e implantación dunha plataforma pública dixital de formación e información online. Impulsarase tamén a formación para a innovación en produtos, técnicas e procesos produtivos do sector agrario.

Accións de apoio as actividades informativas e de demostración, tales como:

- Actividades de demostración: sesión práctica para ilustrar unha tecnoloxía, o uso de maquinaria nova ou significativamente mellorada, un novo método de protección dos cultivos ou dunha técnica específica de produción. Estas actividades poden tomar a forma, por exemplo, de campos de demostración. A actividade levarase a cabo en explotacións ou noutros lugares.
- Accións de información: actividades de difusión de información de interese para o sector primario agrario. Poden tomar a forma de accións de divulgación, congresos, feiras, xornadas de portas abertas, información en medios impresos e electrónicos ou sesións informativas.

Apoio a intercambios de curta duración da xestión agraria e ás visitas de índole agrogandeiro, en concreto:

- Intercambios de xestión agraria a curto prazo que lles permita aos agricultores/as, gandeiros/as e silvicultores/as permanecer noutra explotación da UE co fin de aprender doutro agricultor/a, gandeiro/a ou silvicultor/a; impulsando o intercambio de coñecementos e boas prácticas e descubrir outras formas de facer as cousas.
- Visitas curtas a explotacións ou instalacións agrarias ou agroalimentarias co fin de aprender sobre un tema concreto ou unha práctica específica centrándose nunha cuestión temática e seguindo un enfoque de ensinanza/aprendizaxe.
- Formación de asesores: pretende favorecer a adquisición dos coñecementos máis avanzados no ámbito agrogandeiro e agroindustrial mediante a formación de persoal técnico e asesor da propia Consellería do Medio Rural e persoal adscrito a entidades de asesoramento rexistradas da propia comunidade autónoma. Deste xeito, garántese a transmisión ás explotacións e empresas agrarias primarias que requiran destes servizos de asesoramento.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

As actividades formativas e de transferencia tecnolóxica que se desenvolven no marco deste programa establecen unha priorización para as mulleres do rural (xunto coa mocidade).

En todo caso, dado que o presente programa incide directamente sobre as persoas que traballan no sector agrario, que se cualifican para o desenvolvemento dunha actividade profesional ou melloran a súa formación, pode significar que, pola igualdade de acceso á formación, ou mesmo pola priorización das mulleres fronte aos homes, de haber exceso de demanda, poderíase diminuír a posible fenda de xénero que existira no rural.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesional, así como nas condicións de traballo	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	X
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓN

Toda a sociedade.

Nos programas de formación e transferencia tecnolóxica establécese, entre os criterios de selección das persoas participantes, a priorización das mulleres fronte aos homes no suposto de concorrencia e limitación de prazos. Estas actividades non supoñen incremento do orzamento e están dirixidas tanto a mulleres novas como ás que solicitan formación noutros ámbitos, de calquera idade.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES

As accións desenvolvidas neste programa terán unha especial incidencia ao impulsar accións dirixidas a mozas e mulleres maiores de 41 anos, tanto agricultoras coma con expectativas de incorporación a empresa agraria.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Axencia Galega da Calidade Alimentaria

III.1.2. PROGRAMA 422M - ENSINANZA SECUNDARIA, FORMACIÓN PROFESIONAL E OUTRAS ENSINANZAS

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Co obxectivo de formar profesionais con titulación de FP para a súa incorporación ao mercado de traballo, a Consellería do Medio Rural conta con seis centros de formación e experimentación agroforestal onde impartir ciclos formativos de formación profesional de grao medio e superior das especialidades agrarias. No ano 2025 intensificarase a oferta de formación continua ao sector e tratarase de iniciar a oferta en certificados de profesionalidade da familia agraria e agroalimentaria.

Tendo en conta o carácter práctico da formación impartida nestes centros, é fundamental dotalos dos equipamentos e medios necesarios e atender ás necesidades de renovación das infraestruturas para impartir un ensino de calidade e ao nivel adaptado ás demandas da sociedade e das empresas.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Centros de formación, mocidade e mulleres, profesionais do sector, agricultores e agricultoras, gandeiros e gandeiras, e outros profesionais do sector primario agrario ou da súa primeira transformación agroindustrial con expectativas de incorporación á empresa agraria.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

O obxectivo fundamental para este exercicio orzamentario é atender prioritariamente a facilitar a incorporación no mercado de traballo dos mozos e mozas e de colectivos con dificultades especiais.

No medio rural existe un alto grao de envellecemento da poboación activa do sector agroforestal. Trátase de atraer á mocidade aos centros de formación e experimentación agraria e achegarlles a formación necesaria para desenvolverse nestas actividades.

As características dos centros de formación agroforestal da consellería, que dispoñen de amplos recursos para as prácticas, como fincas, gando, maquinaria, útiles, etc., e onde ademais da formación regrada desenvólvense accións formativas no marco do plan de formación continua dos profesionais, permiten un contacto directo do alumnado co sector ao que se van a incorporar.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Os plans no que se enmarcan as actuacións deste programa son os correspondentes á ensinanza regrada de formación profesional para o sector agrario, os programas de cualificación e o plan galego de actuacións para a mocidade, así como os plans anuais de formación continua para o agro galego.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Con este programa búscase:

- dotar aos centros de formación agraria e forestal das infraestruturas e equipamentos necesarias para a formación continua e a regrada.
- ampliar e mellorar o investimento en capital humano.

Actuacións:

- Implantación de novas ofertas formativas regladas e ampliación das existentes, así como a incorporación de certificados de profesionalidade da familia profesional agraria.
- Impartir ciclos de grao medio e superior de formación profesional nas especialidades agrarias.
- Impartir accións formativas agrarias e agroalimentarias no marco da formación profesional continua.
- Equipamento dos centros necesario para as actividades formativas.

- Realización de accións formativas dirixidas a formadores e formadoras da familia profesional agraria.
- Cursos de seguridade e prevención de riscos laborais especialmente no uso da maquinaria agraria.
- Formación de técnicos e asesores do ámbito agrario.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

As actividades formativas que se desenvolven no marco deste programa establecen o mesmo punto de partida para mulleres e homes, polo que non precisan de especial diferenciación a priori.

En todo caso, dado que o presente programa incide directamente sobre as persoas que traballan no sector agrario, que se cualifican para o desenvolvemento dunha actividade profesional ou melloran a súa formación, pode significar que, pola igualdade de acceso á formación, ou mesmo pola prioridade das mulleres fronte aos homes de haber exceso de demanda, poderíase diminuír a posible fenda de xénero que existira no rural.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	X
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓN

Toda a sociedade.

Nos programas de formación establécense, entre os criterios de selección das persoas participantes, a prioridade das mulleres fronte aos homes no suposto de concorrencia e limitación de prazas, unha vez superadas as probas de selección que procedan e que, en todo caso, respectan a igualdade de xénero. Estas actividades non supoñen incremento do orzamento.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES

As accións desenvolvidas neste programa terán unha especial incidencia ao impulsar accións dirixidas a mozas e mulleres maiores de 41 anos agricultoras así como con expectativas de incorporación.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Axencia Galega da Calidade Alimentaria

III.1.3. PROGRAMA 551A - INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS NO MEDIO RURAL

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O desenvolvemento equilibrado e sostible de Galicia implica a necesidade de actuar en todos os sectores produtivos, facendo competitivo o sector primario, sentando as bases dun desenvolvemento rural con futuro e uns servizos de calidade, na base dun desenvolvemento sostible.

O 95% do territorio galego pode denominarse rural atendendo a súa densidade de poboación e a súa estrutura socioeconómica. A modernización do medio rural é un dos retos máis importantes que ten Galicia.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Este programa está dirixido, por un lado, á poboación do rural, procurando corrixir deficiencias de infraestruturas básicas e dotándolles de servizos públicos de calidade, e por outro lado, ás explotacións agrogandeiras, redimensionando a súa estrutura da base territorial e mellorando as estruturas agrarias, así como investindo na modernización e consolidación dos regadíos existentes.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

É necesario afondar na diversificación económica do medio rural, buscando alternativas novas e complementarias, cun modelo que fixe a poboación ao territorio, baseándose nas seguintes liñas:

- Mellora da calidade de vida da poboación no rural. No rural, son imprescindibles servizos públicos suficientes e de calidade. A poboación rural ten os mesmos dereitos que o entorno urbano a dispoñer de medios e servizos que permitan o desenvolvemento das súas iniciativas empresariais e dunha calidade de vida equiparable ao medio urbano. Neste senso, é necesario investir na mellora de infraestruturas e servizos básicos á poboación.
- Recuperación e posta en valor da terra agraria. O medio rural galego ten que afrontar o forte desafío de avanzar na súa competitividade. Neste senso, é imprescindible un apoio para que as explotacións, por unha parte, logren unha diminución de custos, redimensionando a súa base territorial (proxectos de mobilización da terra) e, doutra, incrementen os seus ingresos, mellorando os sistemas de produción (posta en cultivo de terras improdutivas, modernización e consolidación de regadíos, etc.).

DEFINICIÓ DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Este programa ven a dar cumprimento ao recollido na Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.

Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013 polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello.

Regulamento (UE) 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013 relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e polo que se derroga o Regulamento (CE) 1698/2005 do Consello.

Regulamento (UE) 2021/2115 do Parlamento Europeo e do Consello, do 2 de decembro de 2021, polo que se establecen normas en relación coa axuda aos plans estratéxicos que deben elaborar os Estados membros no marco da Política Agrícola Común (plans estratéxicos da PAC), financiada con cargo ao Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA) e ao Fondo Europeo

Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), e polo que se derrogan os Regulamentos (UE) 1305/2013 e (UE) 1307/2013.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Respecto da liña de mellora da calidade de vida no medio rural, establécense os seguintes proxectos de actuación:

- Proxectos de infraestrutura rural. É necesario investir naquelas zonas do territorio galego nas que, polas graves carencias de infraestruturas básicas, sexa urxente e necesario dotar á poboación rural dun nivel de vida adecuado, aproximándose ao que se ten en ámbitos urbanos.
- Proxectos de modernización de regadíos. Nas comarcas con agricultura intensificada e alta demanda de recursos hídricos, como é o caso da comarca da Limia, é fundamental contar con sistemas de regadío modernos que permitan unha adecuada planificación dos recursos hídricos. Na comarca da Limia existen varias zonas con graves carencias neste ámbito, polo que existe un compromiso do Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación (MAPA), para a inclusión das obras de modernización de regadíos no marco dun convenio entre o MAPA e a Sociedade Mercantil Estatal de Infraestruturas Agrarias S.A. para o ano 2023, dando continuidade aos traballos de modernización iniciados pola Consellería do Medio Rural no ano 2021. Coa posta en marcha do dito proxecto preténdese mellorar a eficiencia no uso da auga de rega, regularizar os recursos hídricos e introducir novas técnicas de rega máis eficientes a nivel de parcela. Ademais, ditas actuacións repercutirán favorablemente na renda agraria e no desenvolvemento da zona, posibilitarán unha agricultura sostible e respectuosa co medio e mellorarán a calidade de vida dos agricultores, reducindo as horas de traballo que estes dedican á rega.

Respecto da liña de mellora da estrutura das explotacións, establécense os seguintes proxectos de actuación:

- Programa de mellora e reordenación das estruturas agrarias. Neste programa, dedicado á reestruturación parcelaria, preténdese:
 - Continuación das políticas de concentración da terra agraria, mellorándoa e seguindo coa tramitación dos procesos en curso.
 - Perfeccionamento dos procedementos de selección de zonas, asociándoas, fundamentalmente, a procesos produtivos, onde as inversións públicas sexan máis efectivas.
 - Promoción de instrumentos para a integración e redimensionamento das explotacións en zonas de concentración parcelaria, prestando ademais especial apoio ao asociacionismo produtivo nelas.

- Axilización e racionalización nos procedementos de concentración, na procura de limitar, no tempo, os custos ou perdas nos que incorren as explotacións durante o procedemento de reestruturación parcelaria.
- Respecto co medio ambiente e o patrimonio de Galicia, na procura de racionalizar o proceso de concentración parcelaria, respectando os valores ambientais das zonas, incluídos nas respectivas declaracións de impacto ambiental, así como os valores patrimoniais existentes dentro das zonas.
- Plan extraordinario de rehabilitación de infraestruturas de concentracións parcelarias co fin de mellorar e acondicionar a rede viaria nas zonas que presentan unha actividade agrogandeira máis intensa.
- Tamén se acometerá calquera actuación que permita a mellora da base territorial das explotacións, aínda que non se realice no marco da concentración parcelaria, como agrupacións, permutas, etc.
- Convenios de colaboración con concellos: neste programa considérase contribuír á colaboración, para incentivar e fomentar o mantemento e limpeza da maleza nas infraestruturas rurais, determinadas fincas e as redes secundarias de faixas de xestión de biomasa.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural

III.1.4. PROGRAMA 551B - ACCIÓNS PREVENTIVAS E INFRAESTRUTURA FORESTAL

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O programa ten como obxectivo o financiamento das competencias da Dirección Xeral de Defensa do Monte en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais:

“Levará a cabo as actuacións encamiñadas á protección e á defensa dos montes contra os incendios forestais, exercendo as funcións de programación, aprobación, execución, avaliación e seguimento dos plans, medidas e accións de defensa dos montes contra os incendios forestais; a elaboración de estudos e análise de causalidade e a coordinación de medios na loita contra os incendios forestais.”

As accións a levar a cabo neste programa deberán buscar, por definición, reducir ao mínimo os danos ecolóxicos, económicos e sociais producidos polos incendios forestais.

Para acadar ditos obxectivos a prevención e defensa contra os incendios forestais céntrase en dúas fronteas:

- a) Redución do número de incendios forestais.
- b) Redución das superficies queimadas.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

A poboación obxectivo do programa ten carácter universal pero tamén sectorial.

É universal porque o conxunto da poboación galega pode verse afectada nun determinado momento pola incidencia dun incendio forestal, polo risco que pode xerar non só sobre os bens de natureza forestal senón tamén sobre as persoas e sobre os bens de natureza non forestal.

Así mesmo, é sectorial porque o problema dos incendios forestais e a súa prevención afecta principalmente ao sector forestal, sector económico estratéxico para Galicia.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A situación dos incendios forestais en Galicia continúa a ser un dos principais problemas no medio natural da comunidade autónoma, especialmente para o seu sector forestal, de carácter

estratéxico dentro da economía galega. Lamentablemente os incendios intencionados así como as negligencias continúan a ser maioritarias dentro das causas que están detrás dos lumes.

As estatísticas de incendios avalían esta situación, se ben é certo que tamén amosan claramente un descenso da media anual do número de lumes, dende os 10.000 de media do período 1995-2005, ata os menos de 2.000 lumes/ano nos derradeiros cinco anos.

Este feito, de manterse á baixa nos próximos anos, podería significar un dato esperanzador de cara ao futuro, acadando medias de lumes por ano similares aos de outras comunidades autónomas, e a posibilitar unha solución ao problema.

A partir de 2017 evidénciase o incremento da intencionalidade en condicións meteorolóxicas extremas. Esta situación mantense e, en 2022, agrávase debido ás condicións meteorolóxicas extremas que se suceden de xeito sostido, con amplos períodos temporais de seca, vento forte e elevadas temperaturas, como reflicten os datos de incendios de maior superficie producidos, que se produciron ademais con gran virulencia.

Fronte a estas situacións, de múltiples lumes simultáneos en condicións meteorolóxicas adversas, é imprescindible o reforzo das medidas estruturais sobre o territorio, garantindo as discontinuidades no arboredo contempladas na normativa, así como os espazos abertos arredor dos núcleos habitados e outras instalacións para garantir unha mellor defensa da seguridade dos galegos. nestas situacións de múltiples lumes simultáneos provocados con intención de queimar en condicións, sobre todo, de ventos fortes.

Cada ano, o desenvolvemento das accións previstas neste programa, tanto as de carácter territorial, mediante traballos de prevención, así como as que se dirixen á poboación, a través da concienciación e da regulación normativa, contribúen a controlar e intentar reducir ao mínimo os efectos negativos que os incendios producen sobre o noso medio natural. A persistencia na execución das accións do programa é fundamental para acadar os obxectivos fixados.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

A prevención e defensa contra os incendios forestais desenvólvese en Galicia no seguinte marco legal e de planificación:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, regulación das bases do réxime local.
- Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia.
- Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes. (B.O.E. nº 280).
- Lei 10/2006, do 28 de abril, pola que se modifica a Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes.

- Lei 21/2015, do 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes.
- Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, modificada pola disposición derradeira primeira da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.
- Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia.
- Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.
- Lei 17/2015, do 9 de xullo, do sistema nacional de protección civil.
- Real decreto 1535/84, do 20 de xuño, sobre a ampliación e adaptación de funcións e servizos do Estado na Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.
- Real decreto 875/1988, do 29 de xullo, polo que se regula a compensación de gastos derivados da extinción de incendios forestais.
- Real decreto 893/2013, do 15 de novembro, polo que se aproba a directriz básica de planificación de protección civil de emerxencia por incendios forestais.
- Real decreto 407/1992, do 24 de abril, polo que se aproba a norma básica de protección civil.
- Decreto 3769/1972, do 23 de decembro, polo que se aproba o regulamento da lei de incendios forestais.
- Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan as medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais.
- Orde do 18 de abril do 2007 pola que se zonifica o territorio con base no risco espacial de incendio forestal.
- Orde do 31 de xullo de 2007 pola que se establecen os criterios para a xestión da biomasa vexetal.
- Resolución do 11 de outubro de 1994, da Secretaría Xeral para a Protección Civil e o Medio Ambiente, pola que se ordena a publicación do plano territorial de protección civil da Comunidade Autónoma de Galicia (Platerga) (DOG nº 236, do 9 de decembro) aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 12 de xullo de 1994, e homologado pola Comisión Nacional de Protección Civil o 30 de setembro de 1994. Polo Decreto 56/2000, do 3 de marzo, foi publicada unha nova revisión (DOG núm. 62, do 29 de marzo de 2000).
- Resolución do 31 de outubro de 2014, da Subsecretaría, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 24 de outubro de 2014, polo que se aproba o Plan estatal de protección civil para emerxencias por incendios forestais.
- Resolución do 28 de maio de 2015 pola que se publica o Plan especial de protección civil ante emerxencias por incendios forestais na Comunidade Autónoma de Galicia (Peifoga).

- Regulamento (CEE) nº 307/97, Diario Oficial das Comunidades Europeas do 17 de febreiro, relativo á protección dos bosques na Comunidade contra a contaminación atmosférica.
- Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013 polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e derrógase o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello.
- Regulamento (UE) 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).
- Regulamento (UE) nº 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013 sobre o financiamento, xestión e seguimento da Política Agrícola Común, polo que se derrogan os Regulamentos (CE) nº 352/78, (CE) nº 165/94, (CE) nº 2799/98, (CE) nº 814/2000, (CE) nº 1290/2005 e (CE) nº 485/2008 do Consello.
- Regulamento de execución (UE) nº 809/2014 da Comisión do 17 de xullo de 2014 polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, as medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade.
- Regulamento delegado (UE) nº 807/2014 da Comisión do 11 de marzo de 2014 que completa o Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e introduce disposicións transitorias.
- Regulamento de execución (UE) nº 808/2014 da Comisión do 17 de xullo de 2014 polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).
- Regulamento (UE) 2017/2393 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de decembro de 2017, polo que se modifican os Regulamentos (UE) 1305/2013 relativo a axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural (Feader), (UE) 1306/2013 sobre financiación, xestión e seguimento da política agrícola común, (UE) 1307/2013 polo que se establecen normas aplicables aos pagos directos aos agricultores en virtude dos réximes de axuda incluídos no marco da política agrícola común, (UE) 1308/2013 polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios e (UE) 652/2014 polo que se establecen disposicións para a xestión dos gastos relativos á cadea alimentaria, á saúde animal e ao benestar dos animais, e relativos á fitosanidade e aos materiais de reprodución vexetal.
- Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga).

- Plans de prevención e defensa contra os incendios forestais de distritos.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Concrétase en actividades específicas que se dirixen a atender os dous obxectivos principais do programa que son: a redución do número de lumes así como da superficie queimada.

Para a consecución destes obxectivos propónse o seguinte:

- Actualización dos estudos espazo-temporais e que evidencian a distribución espacial, temporal e horaria dos lumes ao longo do ano.
- Redefinición das zonas de alto risco de incendios forestais e das zonas de especial vixilancia, onde se realizarán Plans de investigacións policiais e forestais que permitan coñecer a súa casuística de cara a realizar un Plan de ordenación do territorio e dos seus usos e un Plan de resolución de conflitos e conciliación de intereses.
- Determinación das parroquias de alta actividade incendiaria definidas na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia para o seguimento e control exhaustivo de calquera actividade incluída no territorio e intensificación das actuacións de vixilancia e disuasión.
- Desenvolvemento das campañas de educación forestal, sensibilización social e divulgación, dirixidas a cada un dos distintos estratos de poboación e diferenciando, ademais, a poboación urbana e a rural.
- Potenciación do teléfono 085, así como do teléfono de denuncias anónimas de presuntas actividades delituosas incendiarias 900 815 085.
- Desenvolvemento dun novo marco legal sobre a prevención e extinción de incendios forestais, reforzando a súa capacidade para establecer as medidas preventivas que faciliten a loita contra o lume.
- Control do cumprimento das obrigas de xestión de biomásas establecidas na lexislación vixente.
- Desenvolvemento dunha aplicación informática que permita o seguimento e avaliación das actuacións propostas e executadas en base ao plan preventivo da Dirección Xeral de Defensa do Monte.
- Incremento da vixilancia preventiva e disuasoria (policial e forestal en todo o territorio), así como a presión policial nas zonas de alto risco e de especial vixilancia que se definan.
- A mellora e o fortalecemento das capacidades de defensa contra incendios forestais, de interface e sexta xeración, abordarse mediante a creación dun Campus Forestal, co Centro Integral de Loita contra o Lume en Toén (Ourense), que permita dotar aos profesionais dun espazo de traballo adaptado ao desenvolvemento de novos enfoques nun escenario futuro de incendios. Na mesma liña, contéplase a mellora do despregamento e os medios a disposición dos servizos de extinción mediante a renovación da rede de Puntos de Encontro, para a súa maior eficacia. A citada mellora na rede abarcará

as instalacións do persoal e do material de prevención e extinción, e as condicións de despregamento e mantemento do parque de vehículos.

Proponse ademais a realización dos seguintes plans de actuacións:

- a) Plan de detección, disuasión e investigación: vixilancia dos montes, agrupacións de propietarios, de voluntarios, grupos de apoio para as tarefas preventivas e de defensa e convenios de colaboración con distintas asociacións.
- b) O plan contempla os recursos humanos e medios materiais necesarios para desenvolver os traballos de vixilancia, detección e investigación dos incendios por parte do dispositivo da Xunta de Galicia e outras administracións, incluíndo especificamente aos Corpos e Forzas de Seguridade e ás Forzas Armadas, ademais da colaboración dos distintos colectivos, tanto rurais como urbanos, con maior ou menor vinculación ao monte (Federación Galega de Caza, agrupacións de propietarios forestais, agrupacións de voluntarios, grupos de apoio para as tarefas preventivas e de defensa, asociacións de usuarios de todoterreo, asociacións de radioaficionados, etc.) para que tamén realicen no monte tarefas de vixilancia e detección de incendios. Estes colectivos apoiarán ao dispositivo de vixilancia e a súa presenza terá un efecto disuasorio fronte a posibles incendiarios.
- c) Plan preventivo: potenciación das infraestruturas defensivas, fomento da silvicultura preventiva, actualización dos Plans de prevención a nivel autonómico, de distrito e local.
- d) O plan contemplará a identificación de zonas prioritarias de actuación que permitan planificar estratexias que se anticipen aos incendios forestais. Este plan inclúe actuacións e traballos de carácter preventivo, así como a construción e mantemento das infraestruturas defensivas contra incendios, entre os que destacan:
 - A silvicultura preventiva coa xestión do combustible nas zonas de alto risco de incendio e a promoción de queimas controladas de outubro a maio nas zonas de pastoreo.
 - A ampliación e mellora da rede de puntos de auga.
 - A mellora das instalacións e bases de medios aéreos.
 - A construción e mellora de pistas, faixas auxiliares, áreas cortalume e devasas.

Ademais dos investimentos propios da Dirección Xeral de Defensa do Monte, este Plan levarase a cabo tamén a través da participación social mediante un convenio coa Fegamp e Se-aga para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias, mediante convenios coas corporacións locais e mediante ordes de subvencións a comunidades de montes veciñais en man común e SOFOR.

O sistema público de xestión da biomasa comprende:

1. A colaboración financeira da Administración Xeral da Comunidade Autónoma para a xestión da biomasa das parcelas incluídas nas faixas secundarias, nos concellos que se adhiran a este convenio.
2. A realización pola Administración Autonómica da prestación do sistema público de xestión da biomasa nos terreos forestais de propiedade dos particulares mediante a formalización de contratos entre Seaga e os titulares dos montes.
3. A colaboración técnica da Administración Xeral da Comunidade Autónoma e os concellos para o exercicio das competencias que lle corresponden a estes de execución subsidiaria das obrigas de xestión da biomasa e de retirada de especies arbóreas prohibidas reguladas no artigo 22 da Lei 3/2007, por razóns de eficacia e por contar a Administración Autonómica con medios técnicos idóneos para o seu desempeño.

Os convenios coas entidades locais incluírán actuacións lineais de control selectivo de combustible nas beiras de vías e camiños forestais da súa titularidade, de xeito que estas zonas queden limpas da vexetación con maior facilidade de ignición, así como actuacións de control de vexetación en áreas cortalume e faixas de xestión de biomasa de titularidade municipal ou de propietario descoñecido mediante roza, rareo e eliminación de restos e tamén inspección das parcelas incluídas na rede secundaria de faixas de xestión de biomasa.

En relación coas subvencións a comunidades de montes veciñais en man común e SOFOR, establécese a seguinte liña de subvención:

- Subvencións para o control selectivo de combustible:
 - Áreas cortalume.
 - Faixas auxiliares de pista.
 - Roza en rexenerado forestal natural.
 - Roza de penetración, rareo e eliminación de restos das entrefaixas de masas forestais.
 - Mellora de devasas.
- Plan de extinción: Un dispositivo de extinción insuficiente, escasamente profesional ou mal dirixido conduce a graves situacións de risco, a pouco que o dispositivo sexa sometido a certa carga de traballo. Por outra banda, a viabilidade dun espazo forestal sostible e certificado correspóndese cun escenario libre de incendios ou polo menos con certo control. Por isto, un dispositivo de extinción eficaz, profesional e preparado é totalmente imprescindible.
- Continúan as modificacións previstas no dispositivo, no referente ao persoal laboral fixo discontinuo de 7 meses, que no 2025 prestarán servizo durante 8 meses.
- Plan de formación do persoal e Plan de seguridade e saúde na prevención e extinción de incendios forestais.

- Terá a máxima consideración esta formación específica, tanto na realización de traballos preventivos como no desenvolvemento dos traballos de extinción, cunha formación específica e sistemática, incidindo en materia de seguridade e primeiros auxilios.
- Plan de renovación/adquisición de dotacións, equipamento e material de loita contra incendios: dentro das posibilidades das partidas orzamentarias, continuarase coas renovacións de equipamentos e materiais empregados nas tarefas de prevención e de extinción, do parque de motobombas e maquinaria, incorporando cantas novidades se consideren de interese e de mellora.
- Plan de modernización tecnolóxica na defensa contra incendios forestais: O desenvolvemento de tecnoloxías en múltiples campos da técnica ofrece elevadas posibilidades de incorporación á defensa contra incendios forestais para o seu emprego na toma de decisións vinculadas á prevención, detección e extinción dos mesmos.

Entre estes sistemas tecnolóxicos avanzados que se van a estudar podemos distinguir:

- Sistemas de detección de incendios: avaliaranse e incrementaranse os sistemas para a vixilancia, detección temperá, localización e monitorización de incendios forestais.
- Consolidación da rede radio do SPDCIF: continuar coa mellora das radiocomunicacións baseadas na rede de emerxencias na Comunidade Autónoma de Galicia. Os novos sistemas que ofrecen unha maior seguridade e confidencialidade nas radiocomunicacións e unha ampla variedade de facilidades e servizos adicionais aos analóxicos, entre outros: comunicación en dúplex, servizo de datos, chamadas individuais ou en grupo.
- Implementación destas melloras tecnolóxicas no sistema informático de xestión de incendios (Xeocode 3.0).
- Fomento do emprego de RPAS (drons) polo persoal do dispositivo en labores de vixilancia preventiva, investigación e apoio na extinción e, a tal fin, a Dirección Xeral de Defensa do Monte xa está habilitada como operadora de drons.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	

Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X
--	---

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Defensa do Monte

III.1.5. PROGRAMA 561A - PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Este programa ten como finalidade desenvolver as actividades de I+D+i nos sectores agrícola, gandeiro, silvícolas e da industria agroalimentaria, dentro das competencias atribuídas á Consellería do Medio Rural. O sector produtivo agrario ten que reforzar a introdución de novas ideas, adaptación ás demandas e innovacións, polo que o incremento de I+D+i é unha das principais necesidades do sector. Por iso, durante a anualidade 2025 preténdese incrementar as actuacións de desenvolvemento de actividades innovadoras coa participación en novos proxectos, o incremento das actuacións de desenvolvemento tecnolóxico de colaboración público-privada có tecido empresarial agrario e con centros tecnolóxicos e de investigación xunto có impulso da transferencia tecnolóxica.

En liña co que establece o Plan galego de investigación, innovación e crecemento e outros documentos estratéxicos (Comunicación de la Comisión Europea sobre la cooperación de innovación europea "Productividad y sostenibilidad agrícolas", o Plan estatal de investigación científica, técnica e de innovación 2013-2016, etc.) o programa ten como obxectivos no sector agrario:

- O incremento do valor engadido da produción agraria mediante a mellora da eficiencia dos seus procesos produtivos e da calidade diferencial dos seus produtos.
- A implantación de innovacións para reducir a dependencia dos custos dos insumos nas marxes empresariais das explotacións agrarias.
- A mellora da sustentabilidade e seguridade ambiental como condición indispensable do desenvolvemento sectorial, tal e como sinala a política comunitaria.
- O fortalecemento da seguridade agroalimentaria no sector que garante unha cadea de valor dos produtos de gran seguridade para o consumidor e preserve e incremente a estima das producións locais fronte á competencia.

- O mantemento e dotación das infraestruturas da rede de centros de I+D+i e laboratorios de servizo da Xunta de Galicia no ámbito agrogandeiro e agroalimentario.

Dentro do ámbito de desenvolvemento do PDR 2014-2020 levaranse a cabo accións que impulsen a innovación e a cooperación dentro do sector no que terán cabida os distintos actores implicados na cadea de produción, así como entidades relacionadas cos distintos ámbitos de actuación do sector. En concreto, en relación non exhaustiva, levaranse accións de:

- Apoio para o desenvolvemento de proxectos de grupos operativos no marco da Asociación Europea da Innovación (AEI). Esta medida fórmase como apoio para o desenvolvemento de proxectos de grupos operativos da AEI en materia de produtividade e sustentabilidade agrícolas.
- Apoio a proxectos piloto e ao desenvolvemento de novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías, incentivando iniciativas de cooperación en materia agraria e da industria agroalimentaria.
- Desenvolvemento dos programas de Conservación de recursos xenéticos da agricultura e gandería.

No ámbito agrario este programa de gasto trata de dar resposta ás demandas en materia de investigación e transferencia do sector agrario, incluído o agrícola, gandeiro e agroindustrial, e que supoñen en relación non exhaustiva:

- O incremento de forma continua da cantidade e calidade dos produtos agrarios, entendidos como alimentos e materia prima para a industria agroalimentaria de Galicia có fin de contribuír deste xeito á mellora da súa posición competitiva.
- A transferencia do coñecemento científico desenvolvido en todos os ámbitos da produción agraria, incluídas as actualizacións das mellores prácticas agrarias
- O impulso e potenciación dos ecotipos das variedades vexetais e das razas autóctonas galegas e as amplamente incorporadas aos sistemas de produción ou susceptibles da súa incorporación.
- A mellora das producións agrogandeiras tanto cuantitativa como cualitativamente para garantir a seguridade alimentaria da poboación e a promoción da obtención de produtos de calidade diferenciada, incluídas as transformacións agroalimentarias das materias primas para alimentación humana e animal.
- Impulso dos programas de mellora xenética tanto das variedades vexetais dos bancos de xermoplasma como dos rabaños de razas autóctonas e os programas de cruzamento das unidades adscritas á Axencia Galega da Calidade Alimentaria.
- Os estudos e investigacións de sanidade vexetal e animal, especialmente os vinculados a programas sanitarios, así como as técnicas analíticas e de diagnose do ámbito agrogandeiro e agroalimentario, todos eles desenvolvidos nos OPIs (organismos públicos de investigación) e laboratorios de servizo da AGACAL.

- Actividades de investigación e transferencia relativas á seguridade alimentaria, redución do uso de fitosanitarios e antibióticos, a diminución da pegada de carbono e da emisión de gases de efecto invernadoiro nas prácticas agrarias, etc.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

De carácter sectorial. As actuacións van dirixidas ás empresas do sector primario agrario ou da primeira transformación, así como aos centros tecnolóxicos e de investigación.

No ámbito agroalimentario son especial obxectivo deste programa as empresas do sector, tanto industria agroalimentaria como produtores primarios do ámbito agrario (incluídas cooperativas, titulares de explotacións agrarias e as súas asociacións, entidades que amparen produtos con calidade diferenciada, entidades non gubernamentais e privadas con interese demostrado no ámbito agrario, entidades de asesoramento, etc.).

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Cómpre consolidar os organismos públicos de investigación agraria (OPI) e os laboratorios de servizo dependentes da Consellería do Medio Rural para que contén cos medios e co persoal cualificado para desenvolver este tipo de actividades e de incentivar o aumento da competitividade empresarial coa mellora tecnolóxica, a formación e a innovación que son prioridades sinaladas polo Plan Estratéxico de Galicia.

Nunha constante adaptación a un contexto nacional e internacional cada vez máis competitivo, a mellora da competitividade das explotacións agrarias e gandeiras mediante a redución dos custos de produción, a elevación das garantías sanitarias e de calidade dos produtos, a incorporación de novas tecnoloxías e a diversificación da produción son obxectivos primordiais da política agraria na que a investigación aplicada, o desenvolvemento tecnolóxico e a transferencia de novos coñecementos, procesos e tecnoloxías ao sector produtivo deben xogar un papel fundamental.

A produción de vacún de Galicia, tanto en leite como en carne, son un referente no conxunto do Estado. Os recursos xenéticos autóctonos gozan dunha potencialidade xa recoñecida, cun crecemento constante que auguran producións de estima no mercado. Nesta liña, vense traballando no estudo, caracterización e diferenciación das producións gandeiras que permitan a promoción e a consolidación das producións nos mercados e a súa diferenciación comercial, constituíndo así un factor complementario de éxito.

Por outra banda, o sector vitivinícola estase a converter nun eixo produtivo de primeira orde na economía agraria galega. Constátase unha crecente vontade de adaptación das explotacións e das adegas ás novas variedades e técnicas de vinificación que demanda o mercado, así

como a necesidade de adaptar a viticultura galega ás innovacións que xorden neste sector cunha crecente orientación exportadora.

Galicia é unha comunidade cun potencial silvícola no que as producións gandeiras e outras minoritarias (cogomelos, froitos de casca, froitos vermellos, etc.) son produción primaria e a base para frear o éxodo rural e garantir o apego e a fixación poboacional ao territorio, complementado coas producións secundarias que se obteñen polas cortas das producións madeirables que permiten complementar as rendas familiares. Neste senso, o 65% da superficie da comunidade autónoma podería definirse como de produción forestal, no que o 98% corresponde á propiedade privada. Dos 1,9 millóns de hectáreas forestais, ata 545.283 corresponden a pasteiros, pasteiros arbustivos e mato, representando a superficie arborizada o 46,8% da superficie (IGE 2019). Compre por tanto a recuperación da terra agraria coa potenciación das producións agrícolas e gandeiras, para estimular a fixación poboacional que obteña rendas dignas baseadas en producións alimentarias para os humanos e os animais de xeito compatible co entorno e a biodiversidade agraria e baseado nas producións de alta calidade, producións diferenciadas e con incremento das producións ecolóxicas nun contexto de economía de cercanía e circular.

Por tanto, debe afondarse no desenvolvemento científico co fin de avanzar, mellorar e poñer a punto técnicas e protocolos de actuación que doten dunha maior eficacia e eficiencia ás actividades e procesos que se están a desenvolver no agro galego, co fin de aumentar o valor engadido e fortalecer a posición do sector agrario galego nos mercados nacional e internacionais.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

A Lei 2/2005 de calidade alimentaria sinala que un dos principais campos de actuación da Axencia Galega de Calidade Alimentaria será a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico no sector alimentario galego. Preténdese actuar de dinamizador, colaborando coa industria agraria e alimentaria, promovendo e participando directamente en actividades de investigación e desenvolvemento tecnolóxico neste ámbito, así como no eido dos procesos produtivos primarios e integrando as actuacións realizadas a través dos centros de investigación agraria e estacións experimentais anexas da Consellería do Medio Rural, xunto coas do Laboratorio Agrario e Fitopatolóxico de Galicia. A transformación do Ingcal na actual Axencia Galega da Calidade Alimentaria para dar cumprimento ao que establece a Lei 16/2010 de organización e funcionamento da Administración Xeral da Comunidade Autónoma (Lofaxga), e a incorporación dos centros de investigación sectoriais agrarios e do laboratorio agrario e fitopatolóxico, suporá o afianzamento do papel que xoga a devandita Axencia no I+D+i do sector primario agrario galego como entidade instrumental da Consellería do Medio Rural.

A este conxunto súmanse as actuacións do Centro Tecnolóxico da Carne (CTC), fundación de interese público galego que realiza tarefas de investigación aplicada, transferencia tecnolóxica

e prestación de servizos a empresas en materia de produción e transformación agroalimentaria no ámbito dos produtos cármicos e a súa transformación industrial.

Enmárcase tamén neste programa no marco do novo Plan Estratéxico da PAC 2021-2027 unha liña de financiamento para desenvolvemento de novos produtos e sistemas produtivos, liña que ten como obxectivo impulsar a innovación nas empresas, que permita o desenvolvemento de novos produtos transformados, a investigación e formación de novas producións agrarias de alto valor engadido con capacidade de expansión, o aproveitamento da diversidade do material xenético local e a colaboración con outros centros que desenvolvan actividades de investigación relacionadas co sector agrario, incluídos os ámbitos agrícola, gandeiro e da industria agroalimentaria.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

En todas as actividades terán prioridade aqueles proxectos que busquen solucións para adaptar os sistemas produtivos existentes ás novas necesidades da actividade agraria e na industria, e para a diversificación e aumento da eficiencia e calidade dos sistemas de produción, con especial atención ao desenvolvemento do patrimonio xenético autóctono de aptitude agroalimentaria, e aos sectores cármico e lácteo.

Actividades:

- Redacción e realización de proxectos de investigación nas áreas prioritarias definidas polo Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica, do novo plan de investigación, innovación e crecemento 2011-2015 e dos plans estatais e internacionais correspondentes, así como no marco da RIS3 de Galicia. Colaboración nas actividades de transferencia de tecnoloxía, formación e divulgación realizadas pola Consellería.
- Financiamento a través da Axencia Galega da Calidade Alimentaria do gasto de funcionamento vinculado á actividade investigadora dos centros de investigacións agrarias e laboratorios de servizo da Consellería do Medio Rural.
- Programa de mellora das infraestruturas de apoio á investigación da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, mediante a renovación e adecuación de instalacións e equipamento científico-técnico.
- Apoio ás actuacións do CTC, que realiza tarefas de investigación aplicada, transferencia tecnolóxica e prestación de servizos ás empresas en materias de produción e transformación agroalimentaria no ámbito dos produtos cármicos e a súa transformación industrial.
- Colaboración con iniciativas doutros centros e entidades investigadoras que desenvolvan proxectos de interese para o sector agroalimentario galego.

- Plan de dinamización da innovación na industria agraria e alimentaria mediante un programa de axudas á cooperación entre produtores, industria e investigación para o desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías, orientados prioritariamente ás producións de calidade diferenciada, á produción integrada e ecolóxica, ao aproveitamento de subprodutos e as enerxías renovables na agricultura, integrado no Plan Estratéxico da PAC 2021-2027.
- Accións e programas encamiñados o desenvolvemento de novas producións de calidade diferenciada baseadas na tipoloxía e especificidade das variedades vexetais e razas autóctonas. Protección dos recursos xenéticos de base.
- Accións de protección da calidade diferenciada dos sistemas produtivos implantados no sector agroalimentario galego.
- Accións encamiñadas á conservación dos recursos fitoxenéticos agrarios con especial atención ás variedades autóctonas galegas susceptibles de rexistro de dos programas de investigación e conservación de recursos zootécnicos con especial atención ás razas autóctonas galegas, todos eles vinculados aos bancos de xermoplasma adscritos a AGACAL.

No ámbito silvícola as principais finalidades deste programa serán aumentar a cantidade e calidade dos produtos silvícolas entendidos como materia prima da industria de primeira e segunda transformación de Galicia para contribuír con iso a mellorar a súa posición competitiva. Neste sentido adquire especial importancia o apoio á produción gandeira e producións minoritarias (cogomelos, froitos de casca, froitos vermellos, etc.) como producións primarias que constitúen parte da base para frear o éxodo rural e garantir o apego e a fixación poboacional ao territorio, complementado coas producións secundarias que se obteñen polas cortas das producións madeirables que permiten complementar as rendas familiares a través dos programas de investigación liderados polos Centros de Investigación Agraria adscritos á Consellería do Medio Rural.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	

Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	
--	--

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Este programa leva a cabo accións de investigación, desenvolvemento e innovación no sector agrario. Os beneficiarios son a sociedade galega en xeral, no caso de demanda pública de investigación, ou empresas que demandan colaboracións ou servizos en proxectos de I+D+i. Non é doado afrontar estas tarefas dende unha perspectiva de xénero cos beneficiarios potenciais, pero si ter en conta esta dende o punto de vista dos actores do programa.

Dende unha perspectiva de xénero, os actores executores destas accións son investigadores, tecnólogos e persoal de apoio ao I+D+i que, ou ben forman parte dos cadros de persoal dos centros de investigación agraria da Consellería do Medio Rural, ou ben son contratados especificamente para realizar ou colaborar nestes proxectos.

Neste último caso, os procesos selectivos de persoal laboral temporal incorporan nas súas bases previsións legais que garanten unha perspectiva de xénero. Tal é o caso das comisións de selección dos candidatos que son constituídas seguindo o principio de paridade entre homes e mulleres, nos termos establecidos no artigo 36 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes, modificada pola Lei 2/2007, do 28 de marzo, de traballo e igualdade das mulleres de Galicia.

E tamén, en caso de empate, este resolverase a favor da muller no suposto de representación inferior do sexo feminino (entendendo por tal, cando exista unha diferenza porcentual de, polo menos vinte puntos entre o número de mulleres e o número de homes), de conformidade co disposto no artigo 37 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes.

Como obxectivo en materia de igualdade que pode ser de aplicación no desenvolvemento das accións deste programa será acadar, de ser o caso, unha representación equilibrada de homes e mulleres en todas as categorías profesionais do persoal que leva a cabo o programa.

Este obxectivo xa é cumprido en moitas categorías profesionais onde tradicionalmente as mulleres teñen demostrado unha cualificación media superior, como é o persoal de laboratorio (analistas e auxiliares de laboratorio) e, recentemente, no persoal investigador, pola mellor competencia no proceso formativo académico respecto aos varóns.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

As actividades previstas comprenden, nun principio, a todo o sector agrario, incluído o agrícola, gandeiro e o relativo á industria agroalimentaria. Por extensión e dada a súa relevancia, pódese considerar afectada toda a sociedade.

Convocatoria de acceso a financiamento de proxectos de investigación nos que se contemple a igualdade de oportunidades para ámbolos dous xéneros; eliminando aqueles requirimentos que poidan establecer situacións discriminatorias por este criterio.

Uso de linguaxe non sexista nas convocatorias e desagregación dos indicadores de seguimento empregados.

Nas convocatorias de bolsas para a incorporación de persoal nos distintos equipos investigadores procurárase introducir sempre requisitos e cláusulas dirixidas a fomentar a igualdade de oportunidades entre ámbolos dous xéneros.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Respecto dos programas de investigación financiados co programa 56 I A é difícil determinar con exactitude a situación de partida desde a perspectiva de xénero.

En calquera caso, o I+D+i constitúe un factor estratéxico para coñecer o impacto da investigación no desenvolvemento do noso tecido económico, apostando por unha participación paritaria de mulleres e homes de cara a alcanzar unha sociedade do coñecemento saudable e igualitaria.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Axencia Galega da Calidade Alimentaria

III.1.6. PROGRAMA 581A - ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A participación da Consellería do Medio Rural no Plan galego de estatística 2017-2021, aprobado pola Lei 15/ 2016, do 28 de xullo, marca as actuacións en materia estatística.

Recompilar e sintetizar a información relativa ao territorio, os recursos naturais, a estrutura produtiva nas explotacións e as industrias transformadoras do medio rural como base da avaliación da realidade, das necesidades, dificultades e resultados nas áreas relacionadas coas actividades dos sectores agrogandeiro, forestal e alimentario galego.

Manter a periodicidade das operacións definidas co fin de proporcionar datos para análise da súa evolución.

A elaboración das principais estatísticas agrarias son necesarias para a súa remisión ao Ministerio con competencias en materia agraria, que a súa vez deben ser enviadas á Axencia Europea de Estatísticas. Son estas estatísticas as que serven de base para a distribución da PAC.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Poboación xeral, empresas e profesionais do sector. De carácter sectorial incidindo tanto nas actividades agrícolas, gandeiras, forestais, así como agroalimentarias.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O obxectivo deste programa é a execución das operacións estatísticas encomendadas á Consellería do Medio Rural dentro do Plan Galego de Estatística (PGE) aprobado pola Lei 15/2016, do 28 de xullo e das conveniadas co Ministerio de Agricultura, Alimentación e Pesca (MAPA).

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

As estatísticas agrarias configúranse como unha importante ferramenta para a toma de decisións nas estratexias e políticas agrarias e de desenvolvemento rural.

A estratexia deste programa, concrétase na realización destas actividades:

- Realización de estatísticas aprobadas no Plan galego de estatística 2016: explotación do rexistro de avicultura; estatística de sacrificio de gando en matadoiros; estrutura do viñedo de vinificación; enquisa do sector avícola; superficies agrícolas; explotación do rexistro de gando bovino; explotación do rexistro de ovino e cabrún; explotación do rexistro de maquinaria agrícola; explotación do rexistro da agroindustria; prezos agrarios; prezos da terra; prezos do leite; prezos de produtos lácteos en destino; rendementos de cultivos; estatística dos sectores da horta e da flor; utilización de medios de produción na explotación agraria; macro magnitudes agrarias; sector cunícola; sector porcino industrial; repoboación con fondos públicos; incendios forestais; producións forestais; explotación do rexistro de montes veciñais de man común e superficie forestal cuberta por especies.
- Realización das operacións conveniadas co MAPA para a elaboración das estatísticas agregadas a nivel estatal e da UE: actualización dos directorios de ruminantes e porcino; enquisa de vacún, produción e destino do leite; enquisa de ovino; enquisa de porcino; enquisas de salas de incubación; enquisa de sacrificio en matadoiros; capacidade de cultivos; avance de superficies e producións agrarias; enquisa de prezos da terra e canons

de arrendamentos rústicos; prezos e salarios agrarios e prezos de produtos de interese estatal e da UE.

- Realización das estatísticas e estudos relativos ao sector agrario que se lle encomenden, dentro do ámbito das competencias da Consellería do Medio Rural.
- Apoio á obtención e seguimento de prezos e mercados agrarios.
- Publicación dos principais resultados das operacións estatísticas: Anuario de estatística agraria e macro magnitudes agrarias, así como outras que se lle encomenden en materia de difusión de resultados de investigación e experimentación e, en xeral, de transferencia tecnolóxica.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

As estatísticas agrarias non recollen actividades directamente relacionadas coa promoción da igualdade.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Axencia Galega da Calidade Alimentaria

III.1.7. PROGRAMA 711A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DO MEDIO RURAL

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O obxecto deste programa de gasto é o funcionamento e a coordinación dos servizos centrais e periféricos da área do medio rural da Consellería, tanto no que atinxe aos medios humanos como aos materiais e de organización, actuando de soporte básico para a execución do resto dos programas da Consellería e co obxectivo de acadar unha maior calidade, eficacia e eficiencia na prestación de servizos públicos á cidadanía en xeral e, dun xeito particular, ás persoas vinculadas social e economicamente co medio rural de Galicia.

Na execución deste programa de gasto, no exercicio 2024 continuarase, de xeito planificado, coa adecuación de locais e instalacións, e seguirase a renovar e modernizar os medios materiais para o desenvolvemento das funcións do persoal da Consellería, en colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, á que lle corresponde destinar os recursos necesarios para mellorar os sistemas de información e comunicacións, e desenvolver e incorporar os avances tecnolóxicos necesarios para unha xestión administrativa mais transparente e eficaz.

Por outra banda, son obxectivos deste programa a divulgación e promoción dos sectores agropecuario e forestal de Galicia, estimulando a demanda, a divulgación do medio rural en xeral, mellorando a percepción que a poboación ten do mesmo, así como acadar un recoñecemento dos produtos agroforestais polo público en xeral acorde a súa calidade e potencialidade.

De acordo co carácter transversal deste programa de gasto, con cargo ao mesmo fináncianse os servizos de apoio técnico necesarios para a programación, preparación e implementación do PDR de Galicia 2014/2020 e do PEPAC 2023/2027.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Dado que o programa de gasto incide directamente no funcionamento da estrutura administrativa da Consellería de Medio Rural, o colectivo mais afectado son os cidadáns demandantes de servizos prestados pola mesma.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Principais problemas e carencias:

- Necesidade de renovación periódica dos bens de que dispón a Consellería para a prestación de servizos, así como a incorporación de novas tecnoloxías, co fin de axilizar a tramitación e mellorar a calidade do servizo.
- Por outra banda, existe en Galicia unha necesidade de incrementar a valoración da cidadanía polo medio rural.

Definición da situación á que se quere chegar:

- Prestación duns servizos públicos de calidade no marco, na medida do posible, dunha racionalización do gasto público.
- Incremento do coñecemento e a estima, por parte da cidadanía en xeral, da actividade agropecuaria e do medio rural.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Disposicións legais: na execución deste programa veranse afectadas as principais normas de dereito administrativo (procedemento, persoal, xestión orzamentaria, contratación...).

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

As actividades nas que se concreta a estratexia deste programa son as seguintes:

- Xestión do persoal do departamento.
- Tramitación do gasto corrente e investimentos asociados ao funcionamento dos servizos administrativos, tanto centrais como periféricos, así como a realización de tarefas de xestión económico-administrativa.
- Implantación da tramitación electrónica nos procedementos de axudas e autorizacións da Consellería do Medio Rural.
- Realización de estudos e traballos técnicos en temas xerais da Consellería e demais actividades de apoio que lle sexan encomendadas.
- Coordinación dos servizos e centros administrativos dependentes da Consellería
- Tramitación de toda a produción normativa no eido agrario e forestal da Xunta de Galicia.
- Realización de actividades de promoción agraria e difusión de información relativa ao agro e ao desenvolvemento rural.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica

III.1.8. PROGRAMA 712A - FIXACIÓN DE POBOACIÓN NO MEDIO RURAL

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O programa ten como obxectivos contribuír de forma eficaz á diversificación económica, á modernización do tecido produtivo rural, á implantación de medidas de recuperación e posta en valor da terra agraria e á mellora da calidade de vida, desenvolvendo as seguintes actuacións:

- A planificación e ordenación do medio rural mediante o desenvolvemento e aprobación de instrumentos de ordenación integral dos usos dos solos agroforestais. Neste senso, a elaboración do primeiro instrumento de planificación integral, o mapa de usos agroforestais de Galicia, servirá de base para a planificación das actuacións conxuntas dentro das administración públicas, en todo o referente á ordenación e xestión de usos das terras agroforestais.
- O deseño e posta en marcha de programas de actuación integral en ámbitos específicos do territorio rural, a partir da ordenación e planificación dos usos e actividades nestas terras.

- A implantación dos novos instrumentos de mobilización, recuperación e posta en valor da terra agraria abandonada ou infrautilizada.
- Posta en marcha de proxectos que permitan dar resposta á demanda de terras agrarias produtivas por parte das explotacións existentes, así como as necesidades de novos emprendedores.
- Apoio ás novas iniciativas que permitan captar investimentos cara o sector primario galego e funcionen de panca económica no rural.
- A xestión do Banco de Terras de Galicia e outros instrumentos de mobilización e recuperación de terra, coa vista posta no asentamento da poboación no medio rural e o freo ao abandono, tanto no eido social como agroambiental. Dende o Banco de Terras póñense a disposición dos titulares das explotacións gandeiras superficies agrarias produtivas, favorecendo así a redución dos custos e a mellora da súa competitividade.
- O desenvolvemento de mecanismos contemplados na Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, como os polígonos agroforestais ou as aldeas modelo, que dean resposta tanto a necesidade de activación socioeconómica sostible no rural como á prevención dos lumes.
- Fomento da declaración de permutas de especial interese agrario, como un mecanismo especialmente acaído para mellorar a base territorial das explotacións agrarias galegas, calquera que sexa a súa localización no territorio.
- Poñer en marcha unha infraestrutura de datos espaciais do medio rural de Galicia que permita obter a información necesaria para a definición e aplicación dos distintos instrumentos de planificación, así como a ordenación das terras agroforestais. Unha xestión dixital e integral do territorio rural supón un avance que se traduce nunha maior eficacia e eficiencia da Administración.
- A posta a disposición da sociedade e moi particularmente ao servizo do sector agrario, de datos, información e ferramentas que redunden nunha mellora do aproveitamento e xestión sostible do territorio.
- Construír un novo rural, que sexa capaz de reter, atraer e fixar poboación. Para isto buscase potenciar o desenvolvemento de actividades económicas innovadoras, dixitais e sostibles, aliñadas cas políticas europeas e os novos requirimentos de sustentabilidade.
- A contribución á construción dun territorio rural capaz de xerar e incorporar o coñecemento necesario para poñer en valor os seus recursos. Un rural resiliente que responda aos cambios externos, que saiba aproveitar as oportunidades e convertelas en vantaxes competitivas, todo iso dentro do marco da Compra Pública innovadora para aldeas intelixentes
- A análise de emprazamento de obras, estudos de viabilidade, definición de programas funcionais, redacción de memorias e proxectos, así como a supervisión técnica de contratación de obras como a xestión, dirección e coordinación das mesmas, vinculadas a proxectos de recuperación e mobilización de terras para o desenvolvemento rural.

- A execución do Plan de mellora de infraestruturas de titularidade municipal baixo a modalidade de subvencións de concesión directa como contribución directa á mellora de servizos básicos no rural galego e indirectamente á súa diversificación económica.
- Axudas destinadas a actividades empresariais non agrícolas, que permitan a modernización e diversificación destas empresas, así como a creación e desenvolvemento de novas empresas, o fomento do emprego no rural e o desenrolo de explotacións agrícolas empresariais.
- O desenvolvemento de proxectos para actuacións senlleiras polo seu impacto significativo no territorio e nas posibilidades de avance do potencial do mesmo, así como o fomento doutras actuacións senlleiras de mellora do patrimonio rural, prestando especial atención a aquelas actuacións vinculadas aos instrumentos de mobilización ou recuperación e posta en valor da terra agraria.
- A posta en valor, difusión e promoción daquelas iniciativas, desenvolvidas nas zonas rurais galegas, con alto potencial de transferencia cara a outros territorios.
- Conservación e dinamización do contorno rural xerando unha sociedade rural máis viva e cohesionada, mediante a convocatoria dos Premios ao Desenvolvemento Rural da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.
- A contribución ao reforzo do tecido social, prestando especial atención ao papel da muller no rural, non só dende o ámbito social senón tamén dende o ámbito socioeconómico.
- Mellora da capacidade organizativa das áreas rurais, especialmente a través da dinamización e coordinación dos Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR).
- A xestión das medidas e actuacións que se lle encomenden no marco da programación dos fondos de desenvolvemento rural europeos e, particularmente, do programa Leader, colaborando na xestión dos proxectos promovidos dende os GDR, que incidan na mellora da calidade de vida das comunidades rurais galegas.
- A participación activa en proxectos europeos relacionados co desenvolvemento rural, en coherencia coas prioridades da Consellería do Medio Rural, potenciando a presenza desta en Europa e impulsando a participación dos axentes do ecosistema a nivel europeo, a través do apoio de iniciativas nas distintas convocatorias da CE.
- A prestación e apoio técnico ás diversas direccións xerais da Consellería do Medio Rural e entes públicos na elaboración de proxectos e estudos de interese para os obxectivos das mesmas, así como con outras áreas (proxectos e iniciativas europeas).
- A coordinación das actuacións con incidencia no desenvolvemento rural e na ordenación ou xestión do territorio rural dentro da Xunta de Galicia.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

A poboación, as asociacións, entidades e os concellos do ámbito rural galego.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Ao longo das últimas décadas as áreas rurais veñen experimentando en Galicia unha acelerada caída do emprego agrario non compensada con novos postos de traballo noutros sectores económicos. Esta destrución neta de emprego tradúcese no despoboamento e no crecente envellecemento da poboación no rural. A loita contra o envellecemento e o despoboamento rural precisa actuacións que xeren crecemento económico e melloren a calidade de vida neste medio, sen perder de vista os criterios de protección ambiental. Debemos polo tanto afondar en políticas que axuden ao desenvolvemento rural e permitan fixar, cando non recuperar, poboación no mesmo. Nos últimos anos a aposta é, sen dúbida, aplicar políticas de fixación da poboación no medio rural, fomentar iniciativas empresariais que contribúan á creación de emprego no territorio e potenciar a instalación no rural de servizos asistenciais á poboación para favorecer a conciliación laboral e familiar e a atención básica aos colectivos máis desfavorecidos.

Galicia conta cunha produción agraria cunha importante dependencia de insumos externos e xeradora nalgúns casos de residuos contaminantes, sobre a que é preciso actuar. E a iso é ao que tende, entre outras cuestións, a formulación da nova Política Agraria Común (PAC).

O futuro do sector agrario —entendendo por tal o conxunto integrado polo sector agrícola, gandeiro e forestal— pasa pola implementación de producións sustentables, baseadas no respecto medioambiental, que se traduce, por exemplo, nunha produción gandeira baseada no fomento dos sistemas extensivos, ligados ao pastoreo e ao aproveitamento dos recursos endóxenos e compatibles cunha produción forestal ordenada.

A terra constitúe o sustento básico da produción de alimentos a nivel local e rexional, polo que resulta esencial tanto protexer este recurso escaso e non renovable como asegurar o acceso á mesma aos produtores agroalimentarios.

Existen graves problemas na estrutura territorial agraria de Galicia. O proceso de desagrarización reduciu a poboación activa empregada na agricultura a menos da décima parte da que tiña hai 50 anos. Sen embargo, non se produciu un incremento substancial do tamaño das explotacións, mentres que si se experimentou unha notable diminución da superficie agraria útil galega e, en paralelo, un forte incremento do abandono das terras agrarias, que en moitos casos son terras de alta ou moi alta produtividade.

Consecuencia evidente do abandono e da desagrarización resulta ser, sobre todo nunha estrutura xeográfica tan complexa como a galega, a desestruturación na ordenación territorial dos usos agrarios.

O abandono e a inexistencia dunha ordenación territorial dos usos agroforestais é a causa de importantes problemas ambientais e socioeconómicos, entre os que destacan a vulnerabilidade fronte a incendios e a baixa eficiencia das actividades agroforestais.

Por outra parte, ao tempo que existe terra abandonada e, polo tanto, dispoñible, o índice de mobilización –por compravendas ou arrendamentos– das nosas terras agrarias resulta ser moi baixo, comparado con economías do noso contorno. Unha das razóns da inmovilización é o paulatino descoñecemento da localización das propiedades rústicas que teñen as persoas titulares dos predios, conforme van pasando os tempos e as xeracións.

Estando a desenvolver actuacións de planificación e ordenación integral dos usos dos solos agroforestais, así como continuar coa posta en marcha dos instrumentos recollidos na Lei de recuperación da terra agraria de Galicia; por outra banda, ao longo do último ano iniciáronse numerosos procedementos de investigación da titularidade, o que permitiu poder actuar sobre terras produtivas que ata o momento estaban abandonadas. Dende a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural traballouse nas 21 aldeas modelo declaradas e realizáronse actuacións en 34 iniciativas de polígonos agroforestais, nun claro exemplo de desenvolvemento e aplicación de ditos instrumentos.

A implantación de servizos públicos no rural galego amósase como un factor fundamental de desenvolvemento e un requisito para facer do rural un lugar atractivo para o asentamento da poboación e o freo ao despoboamento que lle afecta. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural ten feito unha aposta firme a través de apoios destinados a aplicación destes servizos a través dunha liña de axudas específica que na súa última convocatoria mobilizou cerca de 3 millóns de euros.

Ao mesmo tempo, a consolidación da tendencia á diversificación económica no rural e á modernización do tecido produtivo favorecen ao desenvolvemento sostible e integral do rural galego e á fixación de poboación no territorio rural, polo que cómpre seguir consolidando esta tendencia dende unha clara aposta pola innovación tecnolóxica e a sustentabilidade no rural galego.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, foi creada pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo, configurándose como un instrumento para o fomento e coordinación do desenvolvemento no territorio rural galego para mellorar as condicións de vida e evitar o despoboamento dese territorio. Entre as funcións atribuídas destacan a elaboración de estratexias e plans integrados de coordinación de actuacións de diversa natureza no medio rural e a difusión das políticas e medidas de desenvolvemento rural, a dinamización e coordinación dos Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR).

As funcións da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural previstas nos seus comezos aparecen recollidas no Decreto 79/2001, do 6 de abril, polo que se aproba o Regulamento da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (DOG nº 77, do 20 de abril). Posteriormente modi-

ficáronse polo artigo 2º da Lei 12/2008, do 3 de decembro, pola que se modifica a Lei 7/1996 e a Lei 5/2000 (DOG nº 244, do 17 de decembro), polo apartado dous da disposición derradeira terceira da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG nº 250, do 30 de decembro) así como pola disposición transitoria segunda da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras (DOG nº 205, do 26 de outubro).

Por outra parte, a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia prevé que as normas de organización e funcionamento da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural se adecúen ao disposto na dita lei para as axencias públicas autonómicas.

O Regulamento (UE) 2021/2115 do Parlamento Europeo e do Consello, do 2 de decembro de 2021, polo que se establecen normas en relación coa axuda aos plans estratéxicos que deben elaborar os Estados membros no marco da política agrícola común financiada con cargo ao Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA) e ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e polo que se derrogan os Regulamentos (UE) nº 1305/2013 e (UE) nº 1307/2013, establece as normas que regulan os obxectivos xerais e específicos que deben perseguirse coa axuda da Unión financiada no marco da política agrícola común, os tipos de intervencións e requisitos comúns para que os Estados membros persigan os ditos obxectivos, así como os plans estratéxicos da PAC que deben elaborar os Estados membros, e que establecen as metas, as condicións das intervencións e a asignación dos recursos financeiros, de conformidade cos obxectivos específicos e as necesidades recoñecidas.

Neste contexto, e mediante a Decisión de Execución da Comisión do 31.8.2022 aprobouse o plan estratéxico da PAC 2023-2027 de España para a axuda da Unión financiada polo Fondo Europeo Agrícola de Garantía e o Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (CCI: 2023ES06AFSP001).

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural xestionará no marco de PE-PAC 2023-2027, catro das intervencións contempladas no plan, todas elas con incidencia na mobilidade de terras, na mellora dos servizos básicos en zonas rurais e coa fixación de poboación no medio rural.

A Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia regula a natureza da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural como axencia pública autonómica de conformidade coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia, así como o seu réxime xurídico, o seu financiamento e a xestión do seu patrimonio. Así mesmo, esta lei atribúe á Axencia novas competencias como promover o desenvolvemento dos catálogos, mapas e demais documentos previstos na lei; adquirir, allear, permutar e arrendar predios e edificacións no rural; ou intermediar no arrendamento ou compravenda de explotacións.

A lei 11/2021 reforza o papel do Banco de Terras como instrumento público de intermediación na mobilización da terra agraria, reducindo así trámites administrativos, impulsando a

súa axilización e converténdoo na figura fundamental para o desenvolvemento dos novos instrumentos de recuperación da terra agraria. Así mesmo, créase o Banco de Explotacións co fin de garantir a remuda xeracional e de facilitar o contacto entre persoas titulares de explotacións agroforestais e persoas interesadas nelas. Dentro tamén dos procedementos de mobilización de terras, defínense as permutas de especial interese agrario como un mecanismo especialmente acaído para mellorar a base territorial das explotacións agrarias galegas, calquera que sexa a súa localización no territorio. Tamén relativo ao Banco de Terras de Galicia, xa existente desde 2007, defínese a súa finalidade principal e introdúcese modificacións da estrutura e do funcionamento encamiñadas a mellorar a súa eficiencia e á adaptación ao seu novo rol na mobilización de terras. Pola súa parte, no capítulo III regúlase o Banco de Explotacións de Galicia, de nova creación, que servirá para mediar entre persoas produtoras que pretenden abandonar a explotación e persoas interesadas na súa transmisión, pola vía da compra ou do arrendamento.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

O programa de fixación de poboación no medio rural ten os seguintes obxectivos estratéxicos:

- Potenciar un desenvolvemento económico do rural sostible e un desenvolvemento territorial cohesionado, mediante a diversificación das actividades económicas sostibles no medio rural e do fomento da competitividade das actividades económicas vinculadas ao mundo agroforestal, a través do apoio ás pemes.
- Contribuír á mellora da calidade de vida dos habitantes do rural, a través da creación e consolidación de dotacións, equipamentos, infraestruturas e servizos básicos para o desenvolvemento no medio rural, fomento das novas tecnoloxías da información no medio rural, conservación e uso sostible do patrimonio natural e cultural rural.
- Articular a planificación e coordinación de investimentos no rural e potenciar as sinerxías e os seus efectos multiplicadores das actuacións horizontais.
- Elaborar e aprobar os instrumentos de planificación e ordenación dos usos dos solos agroforestais, así como desenvolver actuacións integrais en ámbitos específicos do territorio rural.
- Implantar as medidas de mobilización, recuperación e posta en valor da terra agroforestal, que permitan aumentar de xeito decisivo o potencial de desenvolvemento do territorio rural galego, especialmente a través do desenvolvemento sostible do sector primario.
- Poñer a disposición da sociedade e do sector agrario a información e os servizos que contribúan a un aproveitamento e xestión eficiente e sostible do territorio desde un punto de vista económico, social e ambiental.

- Contribuír á construción dun territorio rural intelixente aliñado coas políticas europeas potenciando e participando en proxectos europeos que permitan un desenvolvemento dixital e sostible do rural galego.
- Coordinar as diversas actuacións públicas con incidencia no desenvolvemento rural e na ordenación e xestión do territorio rural.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, mediante as súas liñas de axudas, apoia dun xeito transversal as iniciativas das mulleres no rural.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	

Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	X
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	X
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Acordo de colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) para desenvolver medidas previstas no pacto de estado contra a violencia de xénero.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural

III.1.9. PROGRAMA 712B - MODERNIZACIÓN E DIVERSIFICACIÓN DO TECIDO PRODUTIVO RURAL

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O despoboamento do rural é, sen dúbida, un problema estratéxico que a sociedade galega debe afrontar. Neste camiño, parece claro que a produción agropecuaria segue a constituír un pilar imprescindible sobre o que asentar o desenvolvemento do rural. Cómpre apoiar a reestru-

turación dos sistemas produtivos, en aras da mellora da súa competitividade, fomentar o relevo xeracional nas explotacións agropecuarias galegas e establecer medidas complementarias de apoio á renda en zonas con dificultades especiais. Adicionalmente, resulta imprescindible ofrecer apoio a aquelas posibilidades que permiten unha mellora na calidade de vida no rural, como pode ser o establecemento de servizos de substitución.

Este programa financia investimentos nas explotacións dirixidos a mellorar a súa eficacia produtiva; indemnizacións aos agricultores e agricultoras que residan en zonas onde a actividade agraria presenta dificultades especiais, e; o apoio a sistemas produtivos respectuosos co ambiente. Tamén financia o programa de asesoramento, xestión e substitución as explotacións agrarias, así como a contratación de seguros agrarios para cubrir os danos que se poidan producir motivados por desastres naturais.

De xeito particular, seguen a fomentarse os investimentos que reducen os custos de produción, a través de aforros nos sistemas enerxéticos e mediante a xestión axeitada dos recursos propios das explotacións.

No novo período de programación dos fondos europeos agrícolas FEADER PEPAC 2023-2027 inclúense tamén as axudas para as zonas con limitacións naturais, apicultura para a biodiversidade, cultivos sostibles, fomento e xestión sostible de pastos, conversión e mantemento da agricultura ecolóxica, cultivos en perigo de erosión xenética, razas autóctonas e economía circular.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Agricultores e agricultoras, gandeiros e gandeiras que necesitan ponderar a estrutura produtiva das súas explotacións agrarias; que queren establecer métodos de produción máis respectuosos co medio ambiente e mellorar a marxe técnica económica das súas explotacións.

A mocidade que se quere incorporar á actividade agraria é igualmente obxectivo prioritario da atención do programa.

O asesoramento a explotacións agrarias poderá abarcar aspectos relacionados coa mellora da competitividade das explotacións, as obrigacións derivadas dos requisitos legais de xestión e as boas condicións agrarias e ambientais, a conservación da biodiversidade, o uso eficiente da auga e a protección do chan, seguridade laboral ou asesoramento específico para agricultores que se instalen por primeira vez.

Os servizos de asesoramento deberán incluír explicitamente aspectos relacionados coa mitigación e adaptación ao cambio climático. En concreto, e dependendo do tipo de explotación, deberase asesorar en temas relacionados coa protección do chan, captura de carbono, prácticas de pastoreo, xestión de esterco e xurros, cultivos de cobertura, alimentación de gando, uso eficiente da auga, xestión de pragas, etc.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

O agro galego está a vivir unha concentración de explotacións gandeiras, principalmente no sector lácteo. Este proceso vai da man dun incremento da dimensión media das explotacións, que aínda debe mellorar. O esforzo inversor dos agricultores/as galegos/as nos últimos anos está a render resultados positivos nas ratios de rendibilidade; cómpre, polo tanto, manter o apoio a este esforzo.

Non obstante, será necesario traballar na vertebración do sector, promovendo unha presenza máis directa dos agricultores/as no mercado. Neste senso, a formación e asesoramento dos agricultores e agricultoras é unha peza imprescindible no escenario de futuro.

Co obxectivo de manter a poboación agraria en zonas de montaña con especial consideración das zonas da Rede Natura 2000, establécense unha serie de indemnizacións compensatorias para as explotacións destas áreas, así como apoiar a utilización de sistemas produtivos respectuosos co medio ambiente.

DEFINICIÓ DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco normativo básico a respectar é o Programa de Desenvolvemento Rural 2014-2020 e o Plan Estratéxico da PAC 2023-2027 ambos cofinanciados polo FEADER. Ademais o marco normativo a respectar sería o Plan Estatal de Seguros Agrarios Combinados.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A estratexia deste programa concrétese na realización das seguintes accións:

- Plans de mellora nas explotacións. As liñas de axuda existentes perseguen: a mellora da eficacia e sustentabilidade das explotacións agrarias; a mellora das condicións de vida e traballo; a ordenación das producións en función das necesidades de mercado; a adaptación das explotacións para reducir os custos de produción, aforrar enerxía ou incorporar novas tecnoloxías; o cumprimento das normas mínimas en materia de medio ambiente, hixiene e benestar dos animais e a mellora das condicións de hixiene das explotacións gandeiras. As axudas consisten nun apoio económico e financeiro ao investimento que se pretenda realizar na explotación, primando as explotacións en que os titulares sexan mozos e aquelas que radiquen en zonas de montaña ou desfavorecidas.
- Apoio ás pequenas explotacións agrarias e tamén a ferramentas imprescindibles de desenvolvemento dirixidas a buscar a creación de emprego e a xeración de riqueza, un elemento de atractivo para o mantemento da poboación.

- Incorporación de xente moza: o relevo xeracional no agro galego é fundamental para o mantemento das actividades produtivas ligadas ao sector primario, a subsistencia do tecido social no rural e o mantemento da actividade en zonas de difícil subsistencia como zonas desfavorecidas e de montaña.
- Establecemento de novos agricultores maiores de 41 anos para atraelos ao medio rural promovendo o emprego, o crecemento a igualdade de xénero, incluída a participación das mulleres na agricultura, a inclusión social e o desenvolvemento local en zonas rurais.
- Axudas a entidades de aconsellamento: o asesoramento das explotacións é unha ferramenta que axuda en gran medida a que as explotacións poidan acadar os obxectivos da súa actividade, tanto técnico-económicos, sociais así como de cumprimento da normativa de condicionalidade das axudas para o cumprimento dos requisitos legais de xestión e as boas prácticas agrarias e medioambientais. Para facilitar o acceso ao asesoramento das explotacións, e dentro do marco europeo e nacional do Plan Estratéxico da PAC 2023-2027, existen axudas para que as explotacións utilicen os servizos de aconsellamento de entidades recoñecidas pola Consellería do Medio Rural que figuren nun rexistro habilitado a tal fin denominado RESAXEGA.
- Impulso do sector agrogandeiro apoiando as explotacións sostibles e respectuosos medioambientalmente.
- Fomento da implantación de sistemas de produción agrogandeiro respectuosos co medio ambiente e co benestar dos animais.
- Fomento da competitividade e redimensionamento das explotacións agrogandeiras a través da mobilidade de terras.
- Axudas para a contratación de pólizas de seguros agrarios que axuden ao agricultor/a compensar as perdas nas súas colleitas ou nos seus rabaños motivadas polas condicións climáticas adversas ou desastres naturais. O viñado é o cultivo mais sensible ás incidencias meteorolóxicas que se producen durante todo o ano nos ámbitos xeográficos das Denominacións de Orixe Protexidas, orixinando perdas económicas importantes. O obxectivo é favorecer o aseguramento neste sector ata acadar a totalidade das hectáreas das DOP.
- Axudas a agricultores/as e gandeiros/as titulares dunha explotación e que compensarán aos beneficiarios pola totalidade ou unha parte dos custos adicionais e as perdas de ingresos como consecuencia dos compromisos subscritos para a apicultura, a biodiversidade, cultivos sostibles, fomento e xestión sostible de pastos, conversión e mantemento da agricultura ecolóxica, cultivos en perigo de erosión xenética, razas autóctonas e economía circular.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Dende o punto de vista das axudas a determinados tipos de agricultoras/es polas condicións nas que están a desenvolver a súa actividade produtiva, este programa trata de fixar poboación nas zonas rurais desfavorecidas de acordo a criterios xeomorfolóxicos e sociais.

Este tipo de zonas presentan unha menor integración da muller no mercado laboral. A incorporación da perspectiva de xénero nos proxectos do programa supuxo:

- O fomento da integración da muller no mercado laboral a través da discriminación positiva no procedemento para a adxudicación por concorrencia competitiva, das axudas a mulleres que sexan titulares de explotacións mediante a preferencia nos baremos..
- A desagregación por sexo dos indicadores en todas as actuacións.
- A discriminación positiva ás mulleres pola súa participación maioritaria nos consellos directivos das entidades asociativas (Coop e SAT).

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	

Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesional e nas condicións de traballo	
Promoción da plena incorporación das mulleres á sociedade da información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	X
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Todas as accións deste programa de gasto, excepto as correspondentes aos seguros agrarios, enmárcanse no Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia, en adiante PDR, que constitúe unha actuación global sobre toda a sociedade do ámbito rural, primando a equiparación do acceso ao sector agrogandeiro entre homes e mulleres.

Unha das actuacións prioritarias dentro do PDR de Galicia é o asesoramento as explotacións agrarias dentro da medida M02 deste programa. Estas medidas promoven a creación de entidades que realicen unha labor de asesoramento ás explotacións que reciban pagos relacionados coa PAC en distintos ámbitos obrigatorios relacionados coa súa actividade. Ademais deste asesoramento obrigatorio, cada PDR pode establecer aqueles ámbitos nos que se considera necesaria unha labor de asesoramento que vaia máis alá dos requisitos mínimos. No caso do PDR estableceuse como obrigatorio o asesoramento en materia de seguridade laboral e de igualdade de xénero nas explotacións agrarias como forma de potenciar o acceso da muller en igualdade de condicións á titularidade das explotacións nas que tradicionalmente viñan traballando sen que súa actividade fose recoñecida en igualdade de condicións.

Outras actuacións relacionadas coa promoción da igualdade realízase dende a rede de oficinas agrarias comarcais de Xunta, en total 68 espalladas por todo o territorio, informando á poboación feminina agraria rural das posibilidades que as distintas convocatorias de ordes de

axudas da consellería lles ofrece para a súa incorporación ou ben como titulares de explotación a título individual ou a titularidade compartida co seu cónxuxe en réxime de igualdade.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias

Fondo Galego de Garantía Agraria

III.1.10. PROGRAMA 712C - FOMENTO DO ASOCIACIONISMO AGRARIO E DIVULGACIÓN DA TECNOLOXÍA AGRARIA

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O fomento do asociacionismo representa unha ferramenta de grande potencialidade para a reestruturación do sector agrario galego, intervindo positivamente en todos os seus factores de produción, para acadar obxectivos de sustentabilidade económica e medioambiental. Estas vantaxes son especialmente relevantes na mellora dos procesos de produción, xestión e dirección empresarial a nivel da explotación agraria e que, polo tanto, contribúe a unha mellora da rendibilidade, aparte de reportar grandes beneficios na vertente social en canto a calidade de vida, traballo e creación de emprego.

Así o asociacionismo agrario é un impulsor do desenvolvemento rural no seu conxunto e gran dinamizador da economía e da sociedade rural, contribuíndo de forma efectiva a súa fixación no medio.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Ás asociacións de calquera tipo, cooperativas agrarias, cooperativas de explotación comunitaria da terra e SAT, que acrediten ser titulares de explotación agraria.

Ás asociacións, cooperativas agrarias e SAT, que desenvolvan ou pretendan desenvolver actividades na fase de produción agraria.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

As explotacións agrarias atopan dificultades para afrontar o continuo cambio que se produce nuns procesos produtivos e comerciais cada vez mais esixentes, así como para adaptarse a unha moderna estrutura do tempo de traballo e lecer. O asociacionismo representa, neste senso, unha alternativa chamada a converterse no instrumento fundamental no que asentar a futura evolución do desenvolvemento rural do noso modelo agrario e poder afrontar os desafíos que a propia política común comporta.

Outro aspecto chave para unha favorable evolución do sector é a mellora da estrutura na vertente da transformación e comercialización, tendente ao peche dos ciclos produtivos.

A rápida evolución nas dúas últimas décadas do desenvolvemento do subsector de gando vacún, e en especial o do leite, propiciou desequilibrios nos factores de produción que se manifestaron fundamentalmente en problemas de adaptación das estruturas produtivas e da man de obra. Este desequilibrio provocou profundos cambios nos modelos produtivos, con repercusións no abandono de actividades propias do sistema produtivo deste subsector.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia e o Plan Estratéxico da PAC 2023-2027, financiado con fondos comunitarios do Feader, estatais e autonómicos, configura o marco económico do programa. Tamén financian este programas fondos finalistas do estado e fondos Feaga do primeiro pilar da PAC.

En tanto que Galicia ten competencias exclusivas en materia de agricultura, o marco normativo responde ás esixencias comunitarias en materia de axudas de estado e aos condicionantes da normativa sectorial estatal de carácter básico.

Regulamento (UE) 1308/2013, do 17 de decembro, polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Os cambios que supoñen as orientacións da política agraria común (PAC), así como a evolución de todo un complexo conxuntural de carácter socioeconómico, cultural, de mercado a nivel internacional, fai necesario dar pasos máis decididos na dirección dun asociacionismo de maior dimensión, integrado e máis eficiente no desenvolvemento de actividades, con maior capacidade de xerar valor engadido, cunha maior capacidade de diversificación das súas actividades,

maior decisión para afrontar iniciativas na industrialización e comercialización das producións dos seus socios.

Todos estes retos reúnen a necesidade de melloras integrais; transformación profunda na dimensión empresarial, modelos e técnicas de organización e de xestión, cambio nos modelos produtivos, que precisan dunha nova orientación nos modelos e sistemas de formación e información. As posibilidades de diversificación produtiva e de calidade das nosas producións invitan a ser optimistas de cara a mercados cada día máis amplos aínda que complexos, pero ao mesmo tempo abertos a múltiples posibilidades.

Así mesmo, preténdese reforzar a interlocución institucional agraria, articulando mecanismos eficaces de participación do sector agrario coa Administración, asegurando a presenza dos intereses dos produtores/as agrarios/as nos procesos de avaliación e decisión das políticas agrarias e potenciando ás organizacións profesionais agrarias e ás asociacións agrarias pola súa contribución no fomento do sector a través do intercambio de opinións entre a Administración e os produtores e produtoras agrarias.

Ademais das axudas para o fomento das instalacións e equipamentos en común, existen outras para programas operativos que constitúan agrupacións de produtores de froitas e hortalizas, ademais das axudas específicas que fomentan o asociacionismo agrario.

A creación de agrupacións e organizacións de produtores/as nos sectores agrícola, gandeiro e forestal é unha ferramenta fundamental para:

- A adaptación da produción e o rendemento dos produtores que sexan membros de tales agrupacións ou organizacións ás esixencias do mercado.
- A comercialización conxunta dos produtos, incluída a preparación para a venda, a centralización das vendas e o abastecemento aos almacenistas.
- O establecemento de normas comúns relativas á información sobre a produción.
- Outras actividades que poidan realizar as agrupacións e organizacións de produtores, tales como o desenvolvemento de competencias empresariais e comerciais e a organización e acceso a procesos innovadores.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
---	--

Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Nas bases reguladoras existe concorrencia competitiva das axudas, sendo o feito de ser muller, formar parte dunha sociedade ou cooperativa con máis do 50% de mulleres, ou ter un consello reitor con máis dun 40% de mulleres, como feito que diferencia positivamente para puntuar as solicitudes que deben acudir á concorrencia competitiva. Valórase non só a presenza das mulleres nas entidades asociativas, senón tamén a súa presenza en cargos directivos.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesional e nas condicións de traballo	X
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

As axudas destinadas a asociacións e cooperativas teñen como un dos requisitos de concorrencia competitiva o feito de que máis do 50% dos seus integrantes sexan mulleres, ou que nos consellos reitores destas entidades máis do 40% dos seus membros sexan mulleres.

Para iso levaranse a cabo actividades promocionais para favorecer non só a incorporación das mulleres como socias dunha entidade senón que, tamén na maioría delas, se incorporen aos órganos de dirección destas, para que non só realicen unha actividade agraria, senón que tomen contacto co mundo empresarial agrario participando na xestión directa da súa entidade e non só na fase de produción, dando un paso máis na valorización do traballo da muller e a súa imaxe de cara a sociedade.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias

III.1.11. PROGRAMA 713B - ORDENACIÓN DAS PRODUCIÓNS FORESTAIS

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O programa ten como obxectivo o financiamento das competencias da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal en materia de conservación e fomento dos recursos forestais, sustentabilidade da xestión forestal, aproveitamentos; fomento da agrupación de propietarios forestais, mellora e conservación da saúde e vitalidade dos bosques; así como fomento e mellora da produción forestal.

As accións a levar a cabo con este programa perseguen reforzar o potencial forestal dos montes galegos tanto nos seus aspectos medioambientais, como nos produtivos mediante:

- Iniciativas relacionadas coa transición climática e o Pacto Verde Europeo dirixidas a afrontar un necesario escenario de descarbonización. Os fondos vinculados ao Plan de Recuperación e Resiliencia (Next Generation) proporcionarán un apoio moi necesario para poder acadar estes obxectivos en materia de loita contra o cambio climático.
- A ordenación das producións forestais, co fin de acadar un aproveitamento economicamente rendible, socialmente beneficioso e medioambientalmente respectuoso.
- O fomento de liñas de agrupacións de propietarios forestais, compostas dun número de persoas propietarias suficientes para que as superficies agrupadas sexan obxecto dunha xestión forestal sustentable.
- O apoio á boa gobernanza de propiedades colectivas, sexan montes de varas ou montes veciñais en man común, mediante o fomento á xestión profesionalizada é o fomento da delimitación (esbozos, deslindes, avinzas) que conduzan a consolidar este tipo de propiedades que afectan a preto dun terzo dos terreos forestais de Galicia.
- O fomento de investimentos en materia de restauración forestal e silvicultura, entendendo que ditas actuacións supoñen unha fonte continuada de emprego no rural, un aumento do valor engadido das producións e unha medida directamente dirixida cara a prevención fronte a incendios forestais e á loita contra o abandono do rural.
- O fortalecemento das liñas dirixidas a manter e conservar a saúde e vitalidade dos ecosistemas forestais, con especial atención ao estado fitosanitario dos nosos bosques.
- A creación e mellora das empresas de comercialización e transformación de produtos forestais.
- A valoración e unha correcta xestión do monte en todas as súas funcionalidades e producións, dentro do contexto da loita contra o cambio climático.
- A mellora e o aumento da produción dos materiais forestais de reprodución.
- O control e seguimento do estado de saúde e vitalidade dos ecosistemas forestais.
- A consolidación de masas de alta produtividade forestal.
- O fomento da aplicación de modelos silvícolas dirixidos á obtención de madeira de serra en quendas máis longas; para a consolidación e expansión de rexenerados naturais de frondosas.
- A recuperación do potencial forestal afectado por incendios e outras catástrofes naturais.
- O fomento das producións alternativas do monte, como o aproveitamento enerxético da biomasa forestal, o fomento da produción de castañas, cogomelos e outros froitos do monte, así como a recuperación de soutos de castiñeiros tradicionais.
- A creación e mellora de empresas de aproveitamentos forestais e o fomento da certificación forestal.
- Crear sistemas de prevención de incendios mediante a implantación de zonas de pastoreo en MVMC.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Os investimentos orzamentarios deste programa dirixiranse principalmente aos seguintes colectivos:

- As persoas titulares de terreos forestais privados, entendendo por titular tanto a propietarios como a arrendatarios ou xestores, así como os silvicultores e silvicultoras forestais, especialmente aqueles que posúen superficies forestais de pequeno tamaño, urxíndolles para que se acollan a sistemas de xestión agrupada.
- Os titulares das agrupacións de propietarios forestais.
- As comunidades titulares de montes veciñais en man común.
- Os representantes de montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo e outros donos privados de parcelas forestais.
- Os concellos e entidades locais menores titulares de montes.
- As persoas titulares de terreos forestais que posúan contratos administrativos coa Xunta de Galicia para a reforestación, xestión e levanza dos seus predios.
- As empresas do sector forestal, especialmente pemes, microempresas e pequenas e medianas empresas, promovendo o mantemento dos empregos que están a xerar, mellorando as súas estruturas e incrementando a súa competitividade nos mercados.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

O sector forestal en Galicia experimentou un notable crecemento nos últimos anos, cun récord histórico no volume de cortas de madeira en 2022, alcanzando máis de 11 millóns de metros cúbicos. Este aumento veu impulsado principalmente pola xestión privada, que representou o 97,6% das cortas. No entanto, tamén se observaron incrementos significativos nas cortas en montes de xestión pública, especialmente no 2023.

A superficie media das cortas privadas é de 0,75 hectáreas, o que reflicte a fragmentación da propiedade forestal en Galicia. O volume medio de madeira cortada en propiedades privadas foi de aproximadamente 127 metros cúbicos por expediente, mentres que nas áreas públicas foi inferior aos 1.000 metros cúbicos por expediente.

En canto ás especies, os eucaliptos son predominantes, representando máis de 6,2 millóns de metros cúbicos do total cortado, mentres que as coníferas alcanzaron os 4,5 millóns de metros cúbicos. As frondosas caducifolias, en comparación, só supuxeron uns 300.000 metros cúbicos. A distribución por distritos forestais revela unha alta concentración en determinadas áreas, con cinco distritos (tres na provincia da Coruña e dous en Lugo) que superaron o millón de metros cúbicos en 2022. Os distritos Santiago-Meseta Interior e A Mariña Lucense lideran as cortas de eucalipto, mentres que Lugo-Samia destaca nas cortas de coníferas, principalmente *Pinus radiata*, e tamén nas frondosas caducifolias.

A pesar do dominio privado, o papel da xestión pública é relevante para algunhas especies, como o piñeiro, cuxas cortas en montes públicos representan o 30% do total en Galicia, mentres que no caso do eucalipto, esta cifra é apenas do 0,2%. No 2023, as cortas en xestión pública duplicáronse en comparación co ano anterior, especialmente en especies como *Pinus radiata* e *Pinus sylvestris*, mentres que as cortas privadas experimentaron unha redución significativa, especialmente no eucalipto e nas principais especies de piñeiro.

O sector forestal en Galicia ten un forte impacto económico, cunha facturación en 2022 de 2.715 millóns de euros, un máximo histórico desde 2006. A pesar dos incrementos en produción, vendas e facturación desde 2020, o sector tamén enfrenta desafíos. O aumento dos custos de produción, especialmente en enerxía e transporte, está afectando os balances, e no segundo trimestre de 2023 observouse unha caída na demanda e nos prezos.

A cadea de valor forestal tamén mantén un emprego significativo, con máis de 19.000 persoas afiliadas á Seguridade Social en 2023. Con todo, non se recuperaron os niveis de emprego previos á crise financeira de 2007, especialmente nas ramas de transformación da madeira. A estacionalidade no emprego, especialmente no sector de silvicultura e explotación forestal, diminuíu nos últimos anos, o que reflicte unha maior estabilidade no sector.

Segundo o Inventario Forestal Continuo de Galicia (mapa de media resolución 2022), as superficies totais por grupos de especies reflicten que as frondosas teñen a maior extensión, con 634.847 hectáreas. Séguenlle as coníferas con 428.960 hectáreas, mentres que os eucaliptos ocupan 413.086 hectáreas. Finalmente, o grupo “outras” cobre unha área de 6.401 hectáreas, sumando un total global de 1.483.293 hectáreas. Estas cifras inclúen tanto coberturas estables (forestal arborizado e non arborizado, arborado en parcelas non forestais) como áreas en rexeñeración, cortas e superficies afectadas por incendios.

En resumo, o sector forestal galego, aínda que mostra un crecemento sostido no volume de cortas e un importante impacto económico, tamén enfrenta desafíos derivados dos aumentos nos custos de produción e a caída na demanda. O futuro do sector dependerá da súa capacidade para adaptarse a estes cambios, mentres se mantén como un dos piares económicos e laborais de Galicia.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco principal de regulamente que rexe nas actuacións comprendidas no programa 713B é o seguinte:

- En materia de fondos FEADER o Regulamento (CE) 1305/2013 do Parlamento Europeo e o Consello e o Regulamento delegado (CE) 807/2014 da Comisión e demais normativa de desenvolvemento.

- Lei 43/2003, do 21 de novembro, básica de montes e posteriores modificacións (Lei 10/2006 do 28 de abril e Lei 21/2015, do 20 de xullo).
- Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, así como a súa normativa de desenvolvemento.
- Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.
- O Regulamento para a aplicación da Lei 5/1977, do 4 de xaneiro, de Fomento de Produción Forestal, publicado no BOE o 12 de xuño de 1978.
- Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, e as súas modificacións.
- Decreto 45/2011, do 10 de marzo, polo que se regula o fomento das agrupacións de propietarios forestais, os requisitos e cualificación das sociedades de fomento forestal e a creación do seu rexistro.
- Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento rural sostible.
- Real Decreto 752/2010, do 4 de xuño, polo que se aproba o primeiro programa de desenvolvemento rural sostible para o período 2010-2014 en aplicación da Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento rural sostible.
- Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se establecen normas en relación coa axuda aos plans estratéxicos que deben elaborar os Estados membros no marco da política agrícola común (plans estratéxicos da PAC), financiada con cargo ao Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA) e ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e polo que se derrogan o Regulamento (UE) n.º 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello e o Regulamento (UE) n.º 1307/2013 do Parlamento Europeo e do Consello.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

As principais finalidades do presente programa serán:

- Asumir a transición climática que os novos fondos (Next Generation), ligados ao Plan de Recuperación e Resiliencia, van a esixir.
- Impulsar o instrumento básico de planificación forestal, o novo Plan Forestal de Galicia 2021-2040 “Cara á neutralidade carbónica”, para a execución da política forestal.
- Abordar a planificación de ordenación dos recursos forestais de cara a integrala no marco da ordenación do territorio, conseguindo, deste xeito, que a planificación e xestión forestal se conecten co decisivo ámbito da ordenación territorial.
- Establecer e revisar os modelos silvícolas e de xestión forestal así como os referentes de boas prácticas, para a ordenación e o aproveitamento sustentable dos montes, garantindo que non se poña en perigo a persistencia dos ecosistemas e se manteña a capacidade produtiva dos montes.

- Mellorar a contribución do monte galego á conservación da natureza, á biodiversidade e ao patrimonio natural galego dos recursos xenéticos forestais, así como a prestación doutros servizos ecosistémicos relacionados co cambio climático e as enerxías renovables.
- Baixo o principio “conservar xestionando activamente” establecer un conxunto de iniciativas e programas dirixidos á xestión activa de masas de frondosas caducifolias.
- Fomentar a agrupación de propietarios forestais con sistemas de xestión forestal conxunta co fin de acadar unha explotación económica rendible e sostible dos aproveitamentos forestais e a comercialización das producións forestais.
- Promover a boa gobernanza das comunidades de montes veciñais en man común (CMVMC).
- Impulsar e promover a certificación da xestión forestal sustentable mediante sistemas internacionalmente recoñecidos ou validados polas correspondentes entidades de normalización.
- Incrementar a rendibilidade das explotacións forestais dos silvicultores. Afondar no desenvolvemento do status de “silvicultor activo”.
- Aumentar o valor primario e engadido dos produtos forestais a través da implantación, mantemento e mellora dos soutos de castiñeiro destinados á produción de froito.
- Fomentar e manter o emprego do sector forestal mediante actuacións de forestación e silvicultura, que ademais de valorizar os produtos do monte supoñan unha medida preventiva para diminuír o risco de incendios forestais.
- Fomentar a recuperación dos soutos de castiñeiro tradicionais.
- Restauración, conservación e mellora da cuberta vexetal protectora e a ampliación da superficie arborada mediante a restauración hidrolóxico-forestal, tendo cabida dentro deste concepto accións tales como repoboacións forestais protectoras, corrección de canles torrenciais e traballos de conservación e mellora da cuberta vexetal.
- Continuar a fortalecer as liñas dirixidas a manter e conservar a saúde e vitalidade dos ecosistemas forestais, con especial atención ao estado fitosanitario dos nosos bosques mediante o seguimento, detección e actuación, de ser necesario, fronte a pragas e doenzas que están a minorar e incluso danar gravemente o potencial forestal de determinadas áreas de montes galegos. Actuacións concretas en materia de resiliencia e vitalidade dos ecosistemas forestais e na adaptación dos bosques a previsibles alteracións climáticas.
- Impulsar os aproveitamentos forestais en montes de xestión privada, habilitando procedementos áxiles para a tramitación das autorizacións, necesarias así como para o cumprimento das obrigas en materia da legalidade da madeira e produtos baseados en madeira.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc.)	X
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

As mulleres rurais galegas veñen experimentando cambios importantes na súa calidade de vida pero aínda así, seguen a experimentar unha situación de desigualdade derivada da situación demográfica do medio rural (despoboación e dispersión que dificultan, por exemplo, a conciliación), das especiais características económicas e do tecido industrial do rural e das diferenzas na participación laboral de mulleres e homes. Desde a Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal estudárase a adopción de medidas para fomentar a integración das mulleres no mercado laboral.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	

Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA O SEU ORZAMENTO E AS PERSOAS OU ENTIDADES ÁS QUE ESTÁN DIRIXIDAS

O programa está dirixido a todos os beneficiarios potenciais, sen preferencia por cuestión de xénero, agás no caso das axudas aos investimentos en tecnoloxías forestais, procesamento, mobilización e comercialización de produtos forestais, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), nas que se vai a priorizar ás empresas con mulleres xerentes.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal.

Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias.

III.1.12. PROGRAMA 713C - IMPLANTACIÓN DE SISTEMAS PRODUTIVOS AGRARIOS SUSTENTABLES

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A produción agropecuaria representa o activo principal da actividade económica rural, medida tanto en PIB como en emprego. Neste sentido resulta un elemento clave na fixación da poboación no medio rural.

A produción agropecuaria moderna require da aplicación de enfoques sustentables orientados á produción de alimentos de calidade diferenciada que satisfagan a demanda dun mercado plural, esixente e competitivo. Por outra parte, a potenciación das producións alternativas a pequena escala é básica para apoiar a diversificación das actividades agropecuarias e ofrecer a posibilidade de obtención de rendas complementarias a agricultores a tempo parcial. O desenvolvemento das producións alternativas debe axustarse ás potencialidades particulares das distintas áreas territoriais e ao aproveitamento dos recursos xenéticos autóctonos. Ademais, resulta fundamental arbitrar medidas que melloren a produtividade da nosa gandería.

Neste marco, é necesario fomentar o control leiteiro, para avaliar a calidade produtiva dos animais, e promocionar a mellora xenética, como sistema básico para incrementar a rendibilidade das explotacións, así como fomentar a utilización dos recursos zootécnicos autóctonos.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As actuacións no marco deste programa apuntan como beneficiarias últimas ás persoas agricultoras ou gandeiras galegas con actividade produtiva a tempo completo ou parcial. Tamén se establecen medidas de colaboración con centros públicos de investigación.

As medidas de apoio canalízanse fundamentalmente en colaboración coas asociacións de gandeiras e gandeiros, que se converten en catalizadores e protagonistas do proceso de consolidación económica da gandería.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A gandería galega está atravesando por momentos de extraordinaria dificultade. A situación conxuntural de crise económica afecta especialmente a sectores que, aínda sendo artífices de produtos de alta calidade, adoecen de carencias estruturais importantes, en termos de dimensión económica, e non dispoñen dunha capacidade real de incidencia nos mercados: por unha parte,

as persoas gandeiras vense sometidos á alza dos prezos dos INPUT que precisan; por outra, non son quen de participar activamente na fixación dos prezos dos produtos que facturan. Esta situación, que se mantén nos últimos anos, deriva nunha importante redución no número de explotacións gandeiras e nun envellecemento da poboación activa agraria, ante a ausencia dunha renovación xeracional efectiva. Esta circunstancia repercute de xeito directo no fenómeno de despoboamento do rural.

A produción de vacún de Galicia, tanto en leite como en carne, son un referente no conxunto do Estado. Os recursos zootécnicos autóctonos están a acadar unha estima no mercado que cómpre auspiciar. O incremento dos censos das autóctonas galegas constatados nos últimos anos dan fe do éxito da política emprendida de apoio á promoción da calidade e á diferenciación comercial. Cómpre abondar nesta estratexia.

Por outra parte, o sector vitivinícola estase convertendo nun eixo produtivo de primeira orde na economía agraria galega. Constátase unha crecente vontade de adaptación das explotacións ás novas variedades que demanda o mercado ou de reestruturación do seu potencial produtivo para acadar unha dimensión axeitada aos seus dereitos de produción.

A conservación de recursos xenéticos autóctonos é unha prioridade, é imprescindible a inclusión destes recursos xenéticos agrícolas autóctonos en sistemas de produción de calidade compatibles co medio ambiente de cara a mellorar a súa conservación, caracterización e avaliación dentro dos recursos do sector agrario galego.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

En tanto que Galicia ten competencias exclusivas en materia de agricultura, o marco normativo responde ás esixencias comunitarias en materia de axudas de estado e aos condicionantes da normativa sectorial estatal de carácter básico.

Con efectos económicos, este programa finánciase con fondos finalistas do Estado, con fondos propios da Comunidade Autónoma, con fondos Feader, con fondos Feaga e con fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

O programa pretende incrementar o valor e a rendibilidade das producións agrícolas e gandeiras e recuperar as razas gandeiras tradicionais e os recursos fitoxenéticos autóctonos, permitindo a implantación de sistemas de produción sustentables.

A estratexia do programa concrétese nos seguintes plans e accións:

- Programa de recuperación, conservación e fomento de recursos zootécnicos autóctonos gandeiros e a súa valorización nas producións ecolóxicas e de calidade e no aproveitamento de superficies infrautilizadas. O programa desenvolverase coa colaboración das entidades de criadoras/es mediante dúas vertentes: programa de consolidación e diversificación xenética da raza Rubia Galega, e; programa de conservación e recuperación das razas autóctonas galegas en perigo de extinción.
- Programas de aseguramento da calidade e o seguimento da produción leiteira. Vincularanse as actuacións en materia de calidade coa utilización eficiente da ferramenta Letra Q, co obxectivo inequívoco de mellorar a rendibilidade das explotacións participantes no programa e de transmitirle ao consumidor final a garantía de calidade que demanda.
- Programa de mellora xenética do friso galego, coa colaboración das ganderías galegas e de Xenética Fontao.
- Potenciación da diferenciación comercial dos produtos gandeiros. Esta acción inclúe a prestación do servizo de matadoiro móbil.
- Reestruturación e reconversión de viñado.
- Realización de ensaios de avaliación de variedades agronómicas.
- Conservación de recursos fitoxenéticos e impulso do emprego de castes autóctonas.
- Fomento e control da implantación da marca de garantía Leite de Pastoreo de Galicia.
- Fomento da recría de animais de alto valor xenético mediante concursos e poxas e apoio directo aos produtores de razas autóctonas ameazadas.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias

III.1.13. PROGRAMA 713D - MELLORA DA CALIDADE NA PRODUCCIÓN AGROALIMENTARIA

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Malia o prestixio que os produtos agroalimentarios de Galicia teñen nos mercados e entre os consumidores, o sector produtor agrario ten importantes carencias e dificultades estruturais que lles dificulta o acceso aos mercados. A pequena dimensión empresarial e a falta de integración son os factores que mais limitan o seu acceso aos mercados nacionais e internacionais dunha forma competitiva. Por iso é fundamental desenvolver actuacións para promover a comercialización dos produtos agroalimentarios galegos, actuacións que se basearán fundamentalmente na defensa do prestixio da produción agroalimentaria de Galicia, na promoción dos produtos de calidade e no aumento da cota de participación destes produtos no conxunto da produción alimentaria galega.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Produtores, industrias e entidades asociativas e colectivas do sector agrícola, gandeiro e alimentario.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A situación de partida caracterízase por:

- Unhas boas condicións para determinadas producións agrarias nun marco de importantes deficiencias estruturais especialmente causadas pola pequena dimensión tanto das explotacións (produtores) como da industria transformadora e empresas comercializadoras.
- O prestixio nos mercados agroalimentarios e entre os consumidores pola calidade das materias primas.

- Unha serie de produtos inscritos xa no rexistro europeo de produtos de calidade agroalimentarios, e outros con posibilidades de ser tramitados.

Estes son os elementos que fan que a estratexia da diferenciación e a certificación da calidade dos produtos agroalimentarios ante os consumidores sexa básica para a subsistencia dos sectores agrícola e gandeiro, visualizando as pequenas producións, moitas delas artesanais, que doutra forma terían difícil acceso ao mercado.

A meirande parte dos indicativos de calidade afectan a territorios do rural con importantes problemas de despoboamento, por iso, a potenciación das denominacións de calidade incide directamente na fixación da poboación destas zonas, na medida en que favorece a actividade económica e o mantemento e xeración de emprego nesas áreas.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Normativa de calidade diferenciada, DOP, IXP e outras figuras de calidade, en normativa xeral sobre calidade comercial alimentaria.
- Liñas de apoio á calidade alimentaria no marco do PDR 2014/2020 e no marco do Plan Estratéxico da PAC 2023-2027.
- Liñas de apoio ao sector do viño no marco do Programa de apoio do sector vitivinícola español para o período 2019 a 2023 e do Plan Estratéxico da PAC 2023-2027, financiados polo Feaga.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

O sistema de protección dos produtos de calidade a través de denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas e doutras figuras de protección da calidade como os produtos da artesanía alimentaria, a agricultura ecolóxica ou a produción integrada, obrigan ou favorecen que estes produtos se elaboren e transformen na súa área tradicional de procedencia, case sempre zonas rurais, co que o valor engadido xerado queda nese territorio. Estas producións, ademais, melloran as rendas obtidas xa que estes produtos adoitan acadar mellores prezos no mercado.

Velar polo prestixio das denominacións xeográficas de calidade, polo cumprimento das súas disposicións normativas, de que se apliquen os sistemas de control necesarios para garantir a calidade e a orixe dos produtos certificados, precisa de medidas de apoio aos consellos reguladores para o seu desenvolvemento, especialmente no caso dos primeiros anos da súa posta en marcha.

Outra das prioridades estratéxicas do escenario económico actual é a necesidade de abrir novos mercados e para isto establécense liñas de apoio á accións de promoción e comercializa-

ción, en particular no sector do viño, realizadas por empresas individuais ou conxuntas dirixidas á apertura de mercados nacionais e internacionais.

Así mesmo, co obxecto de mellorar o rendemento global das empresas do sector vitivinícola e a súa adaptación ás demandas do mercado, así como a aumentar a súa competitividade, establécense medidas de apoio financeiro aos investimentos en instalacións de transformación e infraestrutura vinícola, así como a estruturas e instrumentos de comercialización.

Actividades:

- Apoio a apertura de novos mercados para as empresas agrarias e alimentarias favorecendo a súa presenza en feiras profesionais de carácter nacional e internacional, tanto con actuacións conxuntas coordinadas pola consellería como co apoio ás accións individuais.
- Realización de actividades de información e promoción de produtos agroalimentarios galegos con calidade diferenciada.
- Apoio aos investimentos no sector do viño e no control e a mellora da calidade dos produtos agrarios.
- Apoio á participación de produtores en programas de calidade diferenciada.
- Programa de promoción dos viños galegos en países de fóra da Unión Europea.
- Apoio á mellora dos mercados agrarios.
- Apoio ás entidades asociativas para a mellora da comercialización das súas producións.
- Preparación, organización e execución de xornadas técnicas e estudos sobre a comercialización dos produtos agrarios e agroalimentarios galegos.
- Apoio financeiro ao funcionamento dos consellos reguladores das denominacións de calidade (denominacións de orixe, indicacións xeográficas e agricultura ecolóxica).
- Execución de actividades relacionadas co control do cumprimento dos requisitos legais sobre calidade comercial da produción alimentaria.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X

Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Aínda que os beneficiarios directos deste programa son fundamentalmente consellos reguladores, asociacións sen ánimo de lucro e empresas agroalimentarias, os beneficiarios finais son os produtores e produtoras de produtos agroalimentarios galegos e, en particular, os de produtos de calidade amparados por denominacións de orixe, indicacións xeográficas protexidas e produtos ecolóxicos, na medida en que do que se trata é de mellorar a comercialización destes produtos. Non se conta con datos específicos desagregados por xénero sobre a titularidade destas explotacións, aínda que o seu elevado número, próximo aos 25.000, fai supoñer que son unha mostra representativa do total de explotacións agropecuarias galegas, polo que a porcentaxe de mulleres titulares será similar á total e as medidas de fomento destas producións afectarán positivamente a todas, sen que sexa factible establecer fórmulas de discriminación positiva dado o carácter indirecto do apoio.

Porén, entre as actividades que se financian neste programa son de gran incidencia as relacionadas con campañas de promoción dos produtos agroalimentarios de calidade. É frecuente que nas campañas publicitarias de calquera ben de consumo se utilicen estereotipos que asignan roles diferenciados aos homes e ás mulleres. Nas accións promocionais realizadas con financiamento deste programa velarase porque isto non suceda, de xeito que se transmita unha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	

Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS

Revisión das accións de divulgación dos beneficiarios de axudas para evitar calquera mensaxe sexista.

Conseguir que ningunha acción publicitaria relativa aos produtos agroalimentarios financiada con este programa poida ter mensaxes discriminatorios para as mulleres.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias

Axencia Galega da Calidade Alimentaria

III.1.14. PROGRAMA 713E - BENESTAR ANIMAL E SANIDADE VEXETAL

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

As persoas consumidoras esixen unha produción alimentaria de calidade, respectuosa co medio ambiente e co benestar animal, e suxeita a un sistema de control e trazabilidade. A Unión Europea está trasladando esta demanda da cidadanía á lexislación comunitaria en todas as súas vertentes produtivas, sanitarias, económicas, ambientais e sociais, de tal xeito que os requirimentos en materia de seguridade alimentaria se converten en referencias de obrigado cumprimento. Por outra parte, a sanidade animal non só implica garantir a seguridade alimentaria, senón que resulta un elemento básico tanto na defensa da saúde pública como na rendibilidade das producións gandeiras.

Co fin de obter alimentos seguros, protexer a saúde pública fronte a enfermidades zoolóxicas e promocionar un sistema agrario sustentable, cómpre garantir un nivel axeitado de protección da sanidade animal entendida amplamente (identificación de explotacións e animais, programas de control e erradicación de enfermidades, etc.) e da cadea alimentaria (residuos, hixiene da produción primaria, calidade do leite cru, xestión de subprodutos, pensos, etc.).

Un dos principios nos que se basea a política da UE é que non se deben causar aos animais danos ou sufrimentos innecesarios. Isto desenvólvese nunhas normas sobre o benestar dos animais que establecen as condicións nas que se poden criar as galiñas, os porcos, as vacas, así como as restantes especies de animais destinados á produción e nas que se poden transportar e sacrificar estes animais.

O programa trata de incrementar a rendibilidade das explotacións mediante a loita contra os axentes nocivos, o control da calidade e a seguridade alimentaria das producións e reducindo ao mínimo o seu impacto no medio de tal xeito que sexan debidamente tratados os residuos e se garanta unha calidade sanitaria para as persoas consumidoras. Sendo o subsector gandeiro o primeiro aporte á produción final agraria galega, razóns de tipo socioeconómico e sanitario obrigan a poñer en marcha programas que permitan diminuír as perdas económicas causadas polas enfermidades animais, protexendo a saúde pública e evitando a transmisión destas enfermidades, tanto ás persoas que conviven cos animais como ás consumidoras e consumidores dos produtos de orixe animal. O obxectivo final é acreditar o estado sanitario da totalidade da cabana de vacún, ovino e cabrún e a extensión dos programas sanitarios ao porcino, aves, sector apícola e visóns.

Neste contexto, resulta fundamental manter as explotacións gandeiras libres das enfermidades que se consideran erradicadas en Galicia, ou detectalas precozmente se apareceran, para tomar as medidas de control necesarias e, ao mesmo tempo, rematar a erradicación daquelas enfermidades animais obxecto de control oficial que aínda persisten na nosa gandería.

Por outra banda, é necesario reforzar os programas sanitarios desenvolto polas agrupacións de defensa sanitaria gandeiras e incrementar o número de explotacións integradas nelas, como vía fundamental para o control doutras enfermidades que afectan económica e comercialmente ás nosas ganderías.

A sanidade vexetal constitúe igualmente un eixe fundamental na política sanitaria agraria. A prevención das pragas vexetais por medio das campañas de prospección obrigatoria e a loita contra pragas coa destrución do material vexetal afectado conforman o primeiro grupo de accións, que se completa co apoio ás agrupacións de produtores para obter servizos de asesoramento cara a sistemas agrarios sustentábeis na mellora da sanidade dos seus cultivos e no cumprimento e certificación dos estándares existentes.

Nos últimos anos en Galicia, tense detectada a aparición de pragas de declaración obrigatoria, coñecidas como pragas de corentena, contra as que é obrigatoria tomar medidas para impedir a súa entrada no territorio da Unión Europea e a súa completa erradicación. Segundo a lexislación comunitaria e nacional, supón a toma de medidas relacionadas en Decisións comunitarias, Reais decretos e Plans de continxencia que é obrigatoria aplicar naquelas zonas nas que se ten detectadas e que supón un reto para os servizos oficiais de sanidade vexetal que teñen que velar polo cumprimento das mesmas e evitar a propagación a outras zonas do territorio nacional ou mesos comunitario. As pragas máis destacadas son as que afectan á pataca, ao kiwi ou aos cítricos, así como ás palmeiras.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As actuacións no marco deste programa apuntan como beneficiarias últimas ás persoas agricultoras e gandeiras galegas con actividade produtiva a tempo completo ou parcial.

As medidas de apoio canalízanse fundamentalmente en colaboración coas asociacións de produtoras/es, que se converten en catalizadores e protagonistas do proceso de consolidación económica da gandería.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

O notable éxito da evolución da sanidade animal de Galicia demostra a eficacia dos criterios aplicados de maneira continuada nos últimos anos.

Os programas obrigatorios de erradicación, loita e control de enfermidades animais no gando bovino (tuberculose e brucelose bovina) permitiron diminuír a incidencia destas enfermidades a uns límites próximos a valores de erradicación. Así, Galicia xa foi declarada rexión libre da brucelose bovina no ano 2016, e ven de ser declarada libre da tuberculose bovina a finais do ano

2021. Igualmente, as prevalencias de brucelose ovina e cabrúa permitiron acadar a declaración de Galicia como rexión libre desta enfermidade xa no ano 2013. Nesta mesma liña flúen a práctica totalidade dos programas sanitarios en vigor: erradicáronse as encefalopatías esponxiformes bovinas e ovinas e cabrúas; Galicia é libre de Leucose Enzoótica Bovina e Perineumonía Bovina; e tamén é libre da enfermidade de Aujeszky porcina. Estas circunstancias colocan á sanidade animal galega nun status referencial no ámbito estatal, que compre perpetuar e sistematizar en modelos epidemiolóxicos baseados na prevención. E, ao mesmo tempo, resulta fundamental establecer sistemas de vixilancia e detección precoz respecto a enfermidades que aínda non afectaron á nosa comunidade, pero que terían unha enorme repercusión económica se apareceran (peste porcina, influenza aviaria...).

De feito, no marco destes sistemas de vixilancia, no ano 2023 detectáronse en Galicia casos de lingua azul e de enfermidade hemorráxica epizootica (EHE), procesos que levan tempo afectando ás cabanas gandeiras doutras Comunidades. Tanto no caso da lingua azul, no que a normativa esixe a vacinación das especies sensibles (bovino e ovino), como no caso da EHE, compre a administración adopte todas aquelas medidas necesarias para erradicar canto antes estas enfermidades, e minimizar o seu impacto no noso sector gandeiro.

Sen embargo, as explotacións que desenvolven programas sanitarios voluntarios a través das agrupacións de gandeiros son aínda escasas, cando se considera que a situación sanitaria respecto ás enfermidades animais que abordan será fundamental no futuro para evitar trabas comerciais, ademais da importancia das notables perdas económicas que provocan no sector.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

En tanto que Galicia ten competencias exclusivas en materia de gandería, o marco normativo responde ás esixencias comunitarias en materia de axudas de estado e aos condicionantes da normativa sectorial comunitaria e estatal de carácter básico, así como tamén ao marco normativo comunitario e estatal de sanidade vexetal e de seguridade alimentaria.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

No eido da gandería, o programa pretende consolidar o estado sanitario da cabana gandeira galega e estender os programas sanitarios voluntarios, sendo as principais liñas de actuación o desenvolvemento dos programas sanitarios obrigatorios e o fortalecemento das agrupacións de defensa sanitaria gandeiras.

No marco da sanidade vexetal, o programa pretende previr e, no seu caso, loitar contra as pragas vexetais e apoiar ás agrupacións de produtores na mellora da sanidade dos seus cultivos e no cumprimento e certificación dos estándares existentes.

A estratexia do programa materialízase nas seguintes accións:

- Execución de programas obrigatorios de erradicación, loita, vixilancia e control de enfermidades animais (tuberculose e brucelose bovina) que teñen como base a normativa estatal enmarcada en programas para cada estado aprobados pola Unión Europea.
- Programa de erradicación e vixilancia da brucelose ovina e cabrúa.
- Programa de vixilancia da Leucose Enzoótica Bovina e da Perineumonía Contaxiosa Bovina.
- Programas de vixilancia, control e erradicación das encefalopatías esponxiformes transmisibles (EETs), EEB, Scrapie: neste proxecto de loita e control sanitario das encefalopatías inclúense os gastos derivados dos labores de diagnóstico, do seguro da calidade inspectora nas explotacións gandeiras e das axudas ao sector por sacrificio e destrución de animais e os seus produtos.
- Plan sanitario do sector porcino e programa de control e erradicación da enfermidade de Aujeszky.
- Plan sanitario avícola: plan de control e erradicación de salmoneloses aviáres, plan de vixilancia e control da influenza aviar.
- Plan de vixilancia da Febre do Nilo Occidental.
- Programa de loita contra as enfermidades apícolas: enmarcado no Programa nacional de axudas á apicultura desenvolvido mediante un Real decreto estatal en aplicación do previsto no correspondente regulamento comunitario que recolle as distintas liñas de axuda a este sector cofinanciadas con fondos Feaga.
- Programa de vixilancia e erradicación da Lingua Azul, neste caso coa vacinación dos animais das especies susceptibles (bovino e ovino).
- Plan de vixilancia e control da Enfermidade Hemorráxica Epizoótica.
- Programas sanitarios facultativos: impulso, adaptación normativa e consolidación das agrupacións de defensa sanitaria gandeira en Galicia (ADSG) co obxecto de acadar niveis sanitarios superiores aos esixidos polos programas obrigatorios.
- Plan de vixilancia sanitaria na fauna silvestre, pola súa repercusión na sanidade dos animais de produción.
- Programa de vixilancia entomolóxica na comunidade autónoma de Galicia, destinado ao coñecemento da presenza de vectores transmisores de enfermidades animais e humanas.
- Plans de control da aplicación da normativa de benestar dos animais.
- Implementación da estrutura e medios necesarios nos servizos veterinarios oficiais para optimizar os procedementos de inspección e afrontar situacións de alertas sanitarias.
- Control da seguridade alimentaria das producións gandeiras mediante o mantemento dos programas actuais de alimentación animal, PNIR, medicamento veterinario, control de subprodutos de orixe animal, inspección da calidade do leite cru nas explotacións e a aplicación da normativa europea de hixiene.

- Estruturación, dentro dos servizos veterinarios oficiais, dunha Rede de epidemio-vixilancia que poña en valor a información dos programas sanitarios en funcionamento e que reduza o tempo que os produtores dedican a cumprimentar rexistros e declaracións oficiais.
- Adaptación das explotacións ás novas normas comunitarias de sanidade animal e de rastrexo das producións.
- Medidas para o fomento de métodos de produción compatibles co medio ambiente, como a agricultura e gandería ecolóxica, coa protección das persoas consumidoras e co obxectivo de facilitar o mantemento das rendas das produtoras e os produtores, asegurando a conservación do espazo natural. Para isto cómpre o desenvolvemento dun marco normativo que favoreza a obtención dun produto de calidade sanitaria, diferenciada en zonas determinadas (etiqueta de control de calidade de “produción integrada” ou “agricultura ecolóxica”).
- Prevención e loita contra pragas dos diferentes organismos nocivos para os vexetais.
- Programas de vixilancia, control e erradicación das pragas de corentena de declaración obrigatoria producidas por *Bursaphelenchus xylophilus*, *Epitrix*, *Tecia Solanovora*, *Trioza eritreae*, *Pseudomona Siryngae* e *Arvicola Scherman*.
- Control de residuos nas producións vexetais.
- Revisión da maquinaria fitosanitaria.
- Posta en marcha dunha unidade móbil de atención no rural que realice funcións propias dunha oficina agraria comarcal.
- Programa de hixiene da produción primaria agraria.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias

III.1.15. PROGRAMA 713F - REGULACIÓN DAS PRODUCCIÓN AGRARIAS E APOIO Á RENDA DOS AGRICULTORES

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O programa 713F ten por obxecto a realización das accións previstas nos diversos réximes de apoio establecidos na Política Agraria Común (PAC), no marco da reforma do PE PAC 23-27.

No marco da PE PAC 23-27 tense instrumentado un novo modelo de axudas directas da Política Agrícola Común que veu a substituír ao modelo do denominado pagamento básico. O modelo artículase en torno á axuda básica á renda (apoio á renda do agricultor activo baseado en dereitos de pago que se deben activar sobre unha superficie admisible), o pago redistributivo da axuda básica, os ecorreximenes (pago por realizar prácticas beneficiosas para o clima e o medio ambiente), pago a persoas agricultoras mozas e outros pagos acoplados.

As principais actuacións que se realicen son as seguintes:

- Pagamentos desacoplados da produción (axuda básica á renda, pago redistributivo, ecorreximenes e pago a persoas agricultoras mozas).
- Pagamentos acoplados á produción no sector lácteo e cárnico.
- A concesión dunha axuda para a subministración ao alumnado de centros escolares de leite de determinados produtos lácteos transformados e de froitas e verduras.
- Novas políticas públicas para un mercado de traballo dinámico, resiliente e inclusivo, emprego xove, ao abeiro do Mecanismo de Recuperación e Resilencia 2021-2026.
- Os pagamentos directos permiten estabilizar a renda dos agricultores así como compensalos pola prestación de servizos públicos dun valor moi elevado: benestar dos animais, protección do medio ambiente, produtos alimenticios de calidade etc.
- Este servizos adquiren maior relevancia nun contexto no que as normas europeas configúranse como as máis estritas. Así, permiten aos agricultores europeos competir cos de terceiros países e atender ás demandas cada vez máis esixentes dos consumidores españois.
- Axudas complementarias ao sector cárnico, sobre todo en especiais dificultades económicas, como a orixinada polo conflito bélico en Ucraína.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Agricultores e agricultoras, gandeiros e gandeiras, alumnado de centros escolares no referente ao consumo de leite e froitas.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Os réximes de axudas previstos na Política Agrícola Común (PAC) prevén as axudas directas á renda, para contribuír á mellora do nivel de vida da poboación agraria, así como ao mantemento do tecido socioeconómico das zonas rurais. Aínda que estas axudas alcanzan no sector agrario galego unha magnitude relativa inferior á media europea e estatal, a súa adecuada implementación e xestión ten unha incidencia crecente na renda das persoas agricultoras galegas e na estabilización dos ingresos en períodos de especial volatilidade.

DEFINICIÓ DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

No marco do Regulamento (UE) nº 2021/2115 do Parlamento Europeo e o Consello, no que se establecen normas en relación coa axuda aos Plans Estratéxicos que deben elaborar os Estados membros no marco da PAC, financiada con cargo ao Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga) e ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e de toda a normativa nacional que desenvolve o Plan Estratéxico da PAC de Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Garantir tanto ingresos xustos ás persoas agricultoras, así como o benestar na sociedade rural en xeral, contribuíndo ao equilibrio e á estabilidade nos mercados agrarios. Avanzar no obxectivo da seguridade alimentaria coa mellora das condicións sanitarias dos animais, garantindo o seu benestar e a plena garantía da trazabilidade da produción. Fomentar a compatibilidade da produción agraria coa protección do medio ambiente. Fomentar hábitos de vida saudable entre o alumnado de centros escolares.

A xestión de alegacións, solicitudes de modificación e outras actuacións para a actualización do Sistema de Información Xeográfica de Parcelas Agrícolas (Sixpac) como medio de xestión e control eficaz dos réximes de axudas da PAC baseados nas superficies das parcelas agrícolas.

Coordinación do control do cumprimento da condición reforzada establecida no PE PAC 23-27.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Nos informes realizados non se detectou ata o momento ningunha situación de partida considerada discriminatoria no que se refire á igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Por outra banda, no documento do FEGA –“Análisis de la edad y el sexo de los perceptores, a nivel nacional y por comunidades autónomas”– amosa que no exercicio 2020 as mulleres que recibiron axudas directas da PAC foron 12.739, o que representa máis do 55,3 % do total de 23.027 beneficiarias/os.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	

Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	X
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS

Debido á participación maioritaria das mulleres no programa, non son precisas actividades explicitamente relacionadas coa promoción da igualdade entre mulleres e homes.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Prevese que as mulleres sigan a ser as principais beneficiarias das axudas directas da PAC en Galicia.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Fondo Galego de Garantía Agraria

III.1.16. PROGRAMA 741A - APOIO Á MODERNIZACIÓN, INTERNACIONALIZACIÓN E MELLORA DA COMPETITIVIDADE, INNOVACIÓN E PRODUTIVIDADE EMPRESARIAL

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A industria agroalimentaria galega está formada por mais de 1.700 empresas, cunha facturación superior a 4.500 millóns de euros, dando ocupación a cerca de 18.500 persoas. Dentro dela hai arredor de 1.000 establecementos que corresponden a industrias de transformación de materias primas agrarias principalmente galegas, así como a industrias de elaboración de produtos de alimentación animal, sendo todas elas de importancia estratéxica para o sector agrario galego.

Esta importancia das industrias no desenvolvemento agrario de Galicia é debido a que as instalacións de transformación e comercialización de produtos agrarios son necesarias normalmente para visualizar e dar valor engadido ás producións do campo, favorecendo a supervivencia e ao desenvolvemento das explotacións agrarias e de todo o tecido económico que as rodea nas zonas rurais. Por iso, o apoio a esas instalacións constitúe un relevante instrumento da política agraria das diferentes Administracións Públicas e, en particular, da Unión Europea mediante diferentes programas de actuación.

Igualmente, a actual situación climática e ambiental mundial require diminuír o consumo de enerxía, promover o aforro e a mellora a eficiencia enerxética, así como aumentar a autosuficiencia enerxética a través das enerxías renovables.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Empresas do sector.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A pesares dos avances na mellora do sector agroindustrial nos últimos anos, continúa existindo un potencial sen desenvolver ao respecto da modernización do noso tecido agroindustrial e do incremento da valorización das producións agrarias galegas a través da industria agroalimentaria galega.

A forte competitividade dos mercados esixe ademais unha permanente adaptación ás novas demandas.

Por todo isto, cómpre apoiar con carácter xeral os procesos de transformación e comercialización dos produtos agrarios e, en particular, aqueles que contribúen á adaptación ao cambio climático.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco normativo básico a respectar é o Programa de Desenvolvemento Rural 2014-2020 e o Plan Estratéxico da PAC 2023-2027, ambos cofinanciados polo Feader.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A estratexia do programa vai dirixida ao cumprimento das seguintes finalidades:

- Mellorar a orientación ao mercado e aumentar a competitividade das explotacións agrícolas a curto e longo prazo, tamén mediante unha maior atención á investigación, a tecnoloxía e a dixitalización.
- Mellorar a posición dos agricultores na cadea de valor.
- Promover o emprego, o crecemento, a igualdade de xénero, incluída a participación das mulleres na agricultura, a inclusión social e o desenvolvemento local nas zonas rurais, entre elas a bioeconomía circular e a silvicultura sustentable.
- Incrementar a competitividade e sustentabilidade a longo prazo das explotacións agrarias e das empresas transformadoras agrarias e agroalimentarias con especial atención a aquelas nas que esta competitividade atópase máis comprometida mediante o fomento e o apoio de investimentos individuais e colectivos e ferramentas que permitan optimizar os custos de produción (competitividade e sustentabilidade).
- Contribuír á adaptación ao cambio climático e a súa mitigación, tamén mediante a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro e a mellora da captura de carbono, así como promover a enerxía sustentable.
- Apoiar a creación de novas industrias agrarias, fomentando os investimentos que teñan un beneficio para os produtores galegos, así como aqueles que teñan por obxecto a incorporación de innovacións e melloras tecnolóxicas, prioritariamente en zonas con procesos de despoboamento e zonas desfavorecidas, co obxecto de crear emprego e potenciar os sectores da industria e os servizos.
- Axudar ás empresas para a mellora da comercialización dos produtos agrarios e agroalimentarios galegos.
- Fomentar e apoiar investimentos realizados por empresas de base asociativa para que reverta nos propios produtores o valor engadido que achega a transformación industrial agroalimentaria.

- Apoiar investimentos dirixidos á obtención de produtos ecolóxicos.
- Apoiar investimentos encamiñados a unha mellora da competitividade das industrias agroalimentarias xa existentes, favorecendo a mellora da calidade, a diversificación produtiva e o valor engadido das producións.
- Apoiar a participación do sector produtor na transformación e comercialización de produtos agrarios.
- Fomentar e apoiar investimentos con obxectivos ambientais en transformación, comercialización e/ou desenvolvemento de produtos agroalimentarios.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

O programa está destinado a financiar investimentos en instalacións industriais agroalimentarias, co obxectivo final principal de facilitar a saída comercial ás producións agrogandeiras galegas, polo que é unha medida de gran relevancia para o desenvolvemento rural. Ese é o seu obxectivo fundamental, aínda que, obviamente, este tipo de instalacións tamén son xeradoras de emprego directo e contribúen ao desenvolvemento socioeconómico do territorio onde se sitúan. Non se conta con datos desagregados por sexos sobre ocupación nas industrias agroalimentarias galegas nin sobre a titularidade destas empresas. Como en calquera programa deste tipo, pode haber un impacto diferenciado entre homes e mulleres na medida en que a porcentaxe de homes titulares de explotacións agropecuarias e de instalacións agroindustriais é superior ao de mulleres, pero non é posible establecer medidas de discriminación positiva. No primeiro caso –o das explotacións agropecuarias–, por ser beneficiarias indirectas da medida, e no segundo –o das instalacións industriais– porque os criterios de priorización están xa predeterminados no PDR de Galicia e non contemplan ningún tipo de priorización para as empresas de titularidade feminina.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias

IV. CADROS DE OBXECTIVOS POR PROGRAMA

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Programa: 422L CAPACITACIÓN E EXTENSIÓN AGROFORESTAL	
Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento	
Prioridade de Actuación: PA05 - Aproveitar as potencialidades de Galicia cara a un sector primario moderno e competitivo	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E05 - Mellorar a calidade e resultados do ensino relacionado coas actividades agroforestais e marítimo-pesqueiras para facilitar a incorporación ao mercado laboral e mellorar a profesionalización	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
O003 - Plan de Formación Profesional para o sector agroforestal e gandeiro. Reciclaxe profesional e formación continua.	
O004 - Establecemento de accións de intercambios en explotacións agroforestais ou agroalimentarias fóra da nosa comunidade autónoma.	
Indicador	Valor Previsto
P227.H - Participantes en accións de formación. Homes	50
P227.M - Participantes en accións de formación. Mulleres	50
Programa: 422M ENSINANZA SECUNDARIA , FORMACIÓN PROFESIONAL E OUTRAS ENSINANZAS	
Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento	
Prioridade de Actuación: PA05 - Aproveitar as potencialidades de Galicia cara a un sector primario moderno e competitivo	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E05 - Mellorar a calidade e resultados do ensino relacionado coas actividades agroforestais e marítimo-pesqueiras para facilitar a incorporación ao mercado laboral e mellorar a profesionalización	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
O003 - Plan de Formación Profesional para o sector agroforestal e gandeiro. Reciclaxe profesional e formación continua.	
Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial	
Prioridade de Actuación: PA02 - Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E02 - Impulsar a inclusión social e laboral das persoas en situacións de vulnerabilidade, pobreza ou exclusión social e loitar contra calquera forma de discriminación ademais de garantir a igualdade de oportunidades e o acceso aos servizos públicos da poboación retornada e inmigrante	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
O002 - Diseñar e desenvolver de programas especificamente dirixidos a atender factores de vulnerabilidade e a súa interseccionalidade en persoas e grupos desfavorecidos	
Programa: 551A INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS NO MEDIO RURAL	
Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento	
Prioridade de Actuación: PA05 - Aproveitar as potencialidades de Galicia cara a un sector primario moderno e competitivo	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E06 - Contribuír ao desenvolvemento económico e social en zonas rurais e costeiras. Mellorar as condicións de vida no territorio rural galego, especialmente a través dunha mellora das infraestruturas, mellora no acceso aos servizos básicos e creación de emprego	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
O001 - Mellora das Infraestruturas e equipamentos no medio rural, mantemento e conservación de camiños e das zonas de concentración/reestruturación parcelaria	
O004 - Recuperación e posta en valor das terras e reordenación das mesmas a través dos procesos de reestruturación parcelaria e das novas figuras (aldeas modelo, polígonos agroforestais...)	
Indicador	Valor Previsto
P00046 - Camiños rurais construídos e/ou mellorados	90
P00319 - Zonas de concentración parcelaria con actuacións desenvolvidas	246
Programa: 551B ACCIÓNES PREVENTIVAS E INFRAESTRUTURA FORESTAL	
Eixe: E2 - Eixe 2. Galicia verde e sostible	
Prioridade de Actuación: PA03 - Garantir unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, incluídos os efectos do cambio climático, e aumentar a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E02 - Xestión dos riscos ocasionados por incendios forestais mellorando a defensa contra os mesmos e aumentando a resiliencia a través dunha adecuada planificación e prevención	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento) 0001 - Defensa e prevención contra incendios forestais asentada na actuación concertada de todas as administracións reforzando as estruturas de extinción e de prevención dos incendios forestais (facendo fincapé en tratamentos preventivos e silvícolas e de vixilancia). 0002 - Campañas de educación, sensibilización e disuasión. 0003 - Prevención dos danos causados por incendios forestais, así coma outros desastres naturais no ámbito forestal (por exemplo secas).	
Indicador	Valor Previsto
P00299 - Superficie de mellora forestal	29.838
P00371 - Lumes	1.765
P01004 - Número de efectivos	2.516
Programa: 561A PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA	
Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento	
Prioridade de Actuación: PA01 - Mellorar as capacidades de investigación e innovación e a adopción de tecnoloxías avanzadas Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Fomentar o investimento en I+D+i no sector empresarial, dinamizar a transferencia de coñecemento ao mercado reforzando a colaboración entre os axentes do ecosistema de I+D+i, avanzar na especialización a través da priorización en ámbitos estratéxicos para Galicia, impulsando o liderado empresarial, especialmente das PEMEs, na transformación das ideas innovadoras en produtos e servizos de alto valor engadido, xeradores de crecemento, emprego e benestar. Apoiar o talento emprendedor en todos os ei	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento) OI03 - Transferencias internas 0003 - Reforzar as estruturas de transferencia de coñecemento e tecnoloxía a través da capacitación, adestramento e especialización dos seus profesionais (xestores de I+D+i). 0005 - Difusión e colaboración no ámbito da I+D+i 0006 - Atraer e manter o talento innovador 0008 - Actividades de I+D+i no sector primario (agro gandeiro, forestal, minería, pesca e acuicultura)	
Indicador	Valor Previsto
DOC001 - Número de empresas que reciben axudas	100
DE021H - Investigadores/ano participando en proxectos cofinanciados.Homes	8
DE021M - Investigadores/ano participando en proxectos cofinanciados.Mulleres	2
P00102 - Investimento público mobilizado en proxectos de I+D+i	3.946.199
P0076A - Entidades beneficiadas en proxectos de I+D+i	1
Programa: 581A ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA	
Eixe: E5 - Eixe 5. Gobernanza	
Prioridade de Actuación: PA01 - Unha boa administración, que avance na prestación de servizos e xeración de valor engadido á cidadanía, baseada na planificación e a avaliación das políticas públicas. Empregando procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E02 - Xestión orientada a resultados, transparencia e rendición de contas. Unha administración centrada na cidadanía, próxima, áxil e eficaz, que xera confianza baseada na transparencia e rendición de contas	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0002 - Impulso da estatística oficial a través das operacións estatísticas.	
Programa: 711A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DO MEDIO RURAL	
Eixe: E2 - Eixe 2. Galicia verde e sostible	
Prioridade de Actuación: PA03 - Garantir unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, incluídos os efectos do cambio climático, e aumentar a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E02 - Xestión dos riscos ocasionados por incendios forestais mellorando a defensa contra os mesmos e aumentando a resiliencia a través dunha adecuada planificación e prevención	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento	
Prioridade de Actuación: PA05 - Aproveitar as potencialidades de Galicia cara a un sector primario moderno e competitivo Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Aumentar a rendibilidade e a competitividade dos sistemas produtivos das explotacións agro gandeiras e fomentar a súa modernización e diversificación ao tempo que se reduce a pegada da agricultura e gandaría no eido medioambiental	

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0007 - Actuacións de fomento da calidade dos produtos procedentes da actividade agro-gandeira de Galicia.	
0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico	
Indicador	Valor Previsto
P227.H - Participantes en accións de formación. Homes	8
P227.M - Participantes en accións de formación. Mulleres	8
Programa: 712A FIXACIÓN DE POBOACIÓN NO MEDIO RURAL	
Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento	
Prioridade de Actuación: PA01 - Mellorar as capacidades de investigación e innovación e a adopción de tecnoloxías avanzadas	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Fomentar o investimento en I+D+i no sector empresarial, dinamizar a transferencia de coñecemento ao mercado reforzando a colaboración entre os axentes do ecosistema de I+D+i, avanzar na especialización a través da priorización en ámbitos estratéxicos para Galicia, impulsando o liderado empresarial, especialmente das PEMEs, na transformación das ideas innovadoras en produtos e servizos de alto valor engadido, xeradores de crecemento, emprego e benestar. Apoiar o talento emprendedor en todos os ei	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0008 - Actividades de I+D+i no sector primario (agro gandeiro, forestal, minería, pesca e acuicultura)	
Prioridade de Actuación: PA05 - Aproveitar as potencialidades de Galicia cara a un sector primario moderno e competitivo	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E06 - Contribuír ao desenvolvemento económico e social en zonas rurais e costeiras. Mellorar as condicións de vida no territorio rural galego, especialmente a través dunha mellora das infraestruturas, mellora no acceso aos servizos básicos e creación de emprego	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0001 - Mellora das Infraestruturas e equipamentos no medio rural, mantemento e conservación de camiños e das zonas de concentración/reestruturación parcelaria	
0002 - Posta en marcha de proxectos produtivos dinamizadores e xeradores de autoemprego e emprego (perruquerías, talleres, bodegas, etc...).	
0003 - Posta en marcha de actuacións que melloren a resiliencia ambiental no rural. Xestión máis eficaz e eficiente do capital natural das zonas rurais	
0004 - Recuperación e posta en valor das terras e reordenación das mesmas a través dos procesos de reestruturación parcelaria e das novas figuras (aldeas modelo, polígonos agroforestais...)	
0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico	
Indicador	Valor Previsto
DOC001 - Número de empresas que reciben axudas	124
P00046 - Camiños rurais construídos e/ou mellorados	330
P00103 - Investimento privado que acompaña á axuda pública	5.080.675
Programa: 712B MODERNIZACIÓN E DIVERSIFICACIÓN DO TECIDO PRODUTIVO RURAL	
Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento	
Prioridade de Actuación: PA05 - Aproveitar as potencialidades de Galicia cara a un sector primario moderno e competitivo	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Aumentar a rendibilidade e a competitividade dos sistemas produtivos das explotacións agro gandeiras e fomentar a súa modernización e diversificación ao tempo que se reduce a pegada da agricultura e gandaría no eido medioambiental	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0001 - Axudas a investimentos produtivos nas explotacións agrarias para adaptarse ás novas necesidades e lograr a modernización integral das explotacións.	
0003 - Acceso a seguros agrarios.	
0006 - Actuacións de fomento das razas e especies autóctonas	
0009 - Agroambiente e clima: potenciación da produción ecolóxica, que sexa respectuosa co medio ambiente e garanta a continuidade dos recursos e aproveitamento dos subprodutos da agricultura e gandería	
0015 - Actuacións de apoio ao sector leiteiro	
0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico	
Indicador	Valor Previsto
DOC001 - Número de empresas que reciben axudas	36

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

P00088 - Explotacións agrarias e/ou gandeiras que se acollen a medidas de mellora en investimentos produtivos	1.387
P180.H - Persoas mozas que se acollen a medidas de incorporación comotitulares en explotacións agrarias. Homes	425
P180.M - Persoas mozas que se acollen a medidas de incorporación comotitulares en explotacións agrarias. Mulleres	265
Programa: 712C FOMENTO DO ASOCIACIONISMO AGRARIO E DIVULGACIÓN DA TECNOLOXÍA AGRARIA	
Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento	
Prioridade de Actuación: PA05 - Aproveitar as potencialidades de Galicia cara a un sector primario moderno e competitivo	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Aumentar a rendibilidade e a competitividade dos sistemas produtivos das explotacións agro gandeiras e fomentar a súa modernización e diversificación ao tempo que se reduce a pegada da agricultura e gandaría no eido medioambiental	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0013 - Axuda a agrupacións profesionais agrarias	
Indicador	Valor Previsto
P00386 - Organizacións profesionais agrarias acollidas	6
Programa: 713B ORDENACIÓN DAS PRODUCCIÓNS FORESTAIS	
Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento	
Prioridade de Actuación: PA05 - Aproveitar as potencialidades de Galicia cara a un sector primario moderno e competitivo	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E03 - Aumentar a produtividade dos montes galegos e fomento da xestión forestal sostible. Optimizar a gobernanza do monte e a mobilidade das terras, para lograr unha mellora na sostibilidade e eficiencia das explotacións	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0001 - Fomentar a ordenación, a xestión sostible e o aproveitamento dos montes e impulsar a certificación da xestión forestal sustentable. Inversións forestais e fomento da silvicultura.	
0002 - Fomentar sistemas de xestión forestal conxunta con especial atención ás SOFOR e outras agrupacións de propietarios.	
0003 - Manter e recuperar sistemas silvopastoris en montes veciñais en man común.	
0004 - Recuperar o potencial forestal danado por incendios forestais e outras catástrofes.	
0005 - Manter e conservar a saúde e vitalidade dos ecosistemas forestais.Loita contra pragas e enfermidades que afectan aos montes galegos	
0007 - Silvicultura preventiva para evitar incendios e outras catástrofes	
0008 - Fomentar a mellora xenética forestal.	
0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico	
Indicador	Valor Previsto
P00103 - Investimento privado que acompaña á axuda pública	75.000
P00297 - Superficie de actuación	33.663
Programa: 713C IMPLANTACIÓN DE SISTEMAS PRODUTIVOS AGRARIOS SUSTENTABLES	
Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento	
Prioridade de Actuación: PA05 - Aproveitar as potencialidades de Galicia cara a un sector primario moderno e competitivo	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Aumentar a rendibilidade e a competitividade dos sistemas produtivos das explotacións agro gandeiras e fomentar a súa modernización e diversificación ao tempo que se reduce a pegada da agricultura e gandaría no eido medioambiental	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0001 - Axudas a investimentos produtivos nas explotacións agrarias para adaptarse ás novas necesidades e lograr a modernización integral das explotacións.	
0005 - Desenvolvemento do Plan de Mellora Xenética do Frisón de Galicia.	
0006 - Actuacións de fomento das razas e especies autóctonas	
0007 - Actuacións de fomento da calidade dos produtos procedentes da actividade agro-gandeira de Galicia.	
0008 - Actuacións de apoio ao sector do viño. Axudas para a reconversión e reestruturación do viño	
0009 - Agroambiente e clima: potenciación da produción ecolóxica, que sexa respectuosa co medio ambiente e garanta a continuidade dos recursos e aproveitamento dos subproductos da agricultura e gandeiría	
0015 - Actuacións de apoio ao sector leiteiro	

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Indicador	Valor Previsto
P00088 - Explotacións agrarias e/ou gandeiras que se acollen a medidas de mellora en investimentos produtivos	111
P00381 - Explotacións gandeiras beneficiadas	16.613
P01080 - Lactacións válidas certificadas	155.000
P01083 - Reprodutores (mamíferos) inscritos no Libro Xenealóxico	57.200
Programa: 713D MELLORA DA CALIDADE NA PRODUCCIÓN AGROALIMENTARIA	
Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento	
Prioridade de Actuación: PA05 - Aproveitar as potencialidades de Galicia cara a un sector primario moderno e competitivo	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Aumentar a rendibilidade e a competitividade dos sistemas produtivos das explotacións agro gandeiras e fomentar a súa modernización e diversificación ao tempo que se reduce a pegada da agricultura e gandería no eido medioambiental	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
O007 - Actuacións de fomento da calidade dos produtos procedentes da actividade agro-gandeira de Galicia.	
O008 - Actuacións de apoio ao sector do viño. Axudas para a reconversión e reestruturación do viñado	
O011 - Investimentos directos da Xunta de Galicia relacionados con actividades de promoción.	
Indicador	Valor Previsto
DOC001 - Número de empresas que reciben axudas	1.013
P0045E - Axudas concedidas aos sectores agrario e agroalimentario	540.054
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E02 - Garantir a prevención, defensa e control da sanidade animal e da protección dos cultivos	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
O001 - Potenciación e control da seguridade e calidade alimentaria dos produtos e desenvolvemento de programas sanitarios	
Indicador	Valor Previsto
P00209 - Número de proxectos de utilización conxunta desenvolvidos neste período	17
P0045E - Axudas concedidas aos sectores agrario e agroalimentario	16
Programa: 713E BENESTAR ANIMAL E SANIDADE VEXETAL	
Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento	
Prioridade de Actuación: PA05 - Aproveitar as potencialidades de Galicia cara a un sector primario moderno e competitivo	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Aumentar a rendibilidade e a competitividade dos sistemas produtivos das explotacións agro gandeiras e fomentar a súa modernización e diversificación ao tempo que se reduce a pegada da agricultura e gandería no eido medioambiental	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
O007 - Actuacións de fomento da calidade dos produtos procedentes da actividade agro-gandeira de Galicia.	
O010 - Fomento do sector da apicultura	
O014 - Axuda a agrupacións de produtores legalmente constituídas	
Indicador	Valor Previsto
P00381 - Explotacións gandeiras beneficiadas	46.055
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E02 - Garantir a prevención, defensa e control da sanidade animal e da protección dos cultivos	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
O001 - Potenciación e control da seguridade e calidade alimentaria dos produtos e desenvolvemento de programas sanitarios	
O002 - Fortalecemento das Agrupacións de Defensa Sanitaria Gandeiras.	
O005 - Prevención, vixilancia e loita contra pragas e organismos nocivos para os animais e vexetais	
Indicador	Valor Previsto
P01004 - Número de efectivos	822
Programa: 713F REGULACIÓN DAS PRODUCCIÓNS AGRARIAS E APOIO Á RENDA DOS AGRICULTORES	
Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento	
Prioridade de Actuación: PA05 - Aproveitar as potencialidades de Galicia cara a un sector primario moderno e competitivo	

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Obxectivo Extratécnico /Obxectivo Instrumental: E01 - Aumentar a rendibilidade e a competitividade dos sistemas produtivos das explotacións agro gandeiras e fomentar a súa modernización e diversificación ao tempo que se reduce a pegada da agricultura e gandaría no eido medioambiental	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0014 - Axuda a agrupacións de produtores legalmente constituídas	
Indicador	Valor Previsto
P00379 - Centros educativos que participan	330
Programa: 741A APOIO Á MODERNIZACIÓN, INTERNACIONALIZACIÓN E MELLORA DA COMPETITIVIDADE, INNOVACIÓN E PRODUTIVIDADE EMPRESARIAL	
Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento	
Prioridade de Actuación: PA03 - Impulsar o crecemento e competitividade das PEMES, a transición industrial e o emprendemento	
Obxectivo Extratécnico /Obxectivo Instrumental: E01 - Impulsar a creación de novas empresas, a consolidación e crecemento das existentes, a súa internacionalización e fomentar decididamente o espírito emprendedor. Garantir o cumprimento das condicións de seguridade das instalacións no que atinxe á seguridade industrial e de equipamentos industriais e a defensa das persoas consumidoras e usuarias, protexendo a seguridade, a saúde e os seus lexítimos intereses económicos	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0001 - Promoción e desenvolvemento de instrumentos de apoio á constitución, crecemento, fortalecemento e consolidación empresarial, especialmente importante en sectores tradicionais e emerxentes. Xerar elementos que promovan o emprendemento e reduzan a aversión ao risco e incentiven o investimento privado nas pequenas empresas.	
Prioridade de Actuación: PA05 - Aproveitar as potencialidades de Galicia cara a un sector primario moderno e competitivo	
Obxectivo Extratécnico /Obxectivo Instrumental: E01 - Aumentar a rendibilidade e a competitividade dos sistemas produtivos das explotacións agro gandeiras e fomentar a súa modernización e diversificación ao tempo que se reduce a pegada da agricultura e gandaría no eido medioambiental	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0001 - Axudas a investimentos produtivos nas explotacións agrarias para adaptarse ás novas necesidades e lograr a modernización integral das explotacións.	
Indicador	Valor Previsto
DOC001 - Número de empresas que reciben axudas	5

V. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

Programas	Servizos				
	01	02	03	04	05
551B-Accións preventivas e infraestrutura forestal		181.588			
711A-Dirección e servizos xerais do medio rural	35.451				
712B-Modernización e diversificación do tecido produtivo rural				98.647	
712C-Fomento do asociacionismo agrario e divulgación da tecnoloxía agraria				700	
713B-Ordenación das producións forestais			82.880	3.690	
713C-Implantación de sistemas produtivos agrarios sustentables				15.178	
713D-Mellora da calidade na produción agroalimentaria				11.126	
713E-Benestar animal e sanidade vexetal				76.367	
713F-Regulación das producións agrarias e apoio á renda dos agricultores					495
741A-Apoio a modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial				22.068	
Total	35.451	181.588	82.880	227.776	495

(Orzamento axustado) (Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos (continuación)

Programas	Servizos				
	06	80	A1	A2	Total
422L-Capacitación e extensión agroforestal				8.213	8.213
422M-Ensinanza secundaria, formación profesional e outras ensinanzas				543	543
551A-Infraestruturas e equipamentos no medio rural	25.912				25.912
551B-Accións preventivas e infraestrutura forestal					181.588
561A-Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica				23.382	23.382
581A-Elaboración e difusión estatística				150	150
711A-Dirección e servizos xerais do medio rural					35.451
712A-Fixación de poboación no medio rural			55.143		55.143
712B-Modernización e diversificación do tecido produtivo rural		38.853			137.500
712C-Fomento do asociacionismo agrario e divulgación da tecnoloxía agraria					700
713B-Ordenación das producións forestais					86.570
713C-Implantación de sistemas produtivos agrarios sustentables					15.178
713D-Mellora da calidade na produción agroalimentaria				10.055	21.181
713E-Benestar animal e sanidade vexetal					76.367
713F-Regulación das producións agrarias e apoio á renda dos agricultores		10.718			11.213
741A-Apoio a modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial					22.068
Total	25.912	49.571	55.143	42.343	701.160

(Orzamento axustado)(Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

Programas	Capítulos							
	I	II	III	IV	VI	VII	IX	Total
422L-Capacitación e extensión agroforestal	5.639	1.216			1.358			8.213
422M-Ensinanza secundaria, formación profesional e outras ensinanzas				28	515			543
551A-Infraestruturas e equipamentos no medio rural	5.775				18.837	1.300		25.912
551B-Accións preventivas e infraestrutura forestal	91.894				53.489	36.205		181.588
561A-Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica	11.249	1.685	3	592	5.948	3.904	1	23.382
581A-Elaboración e difusión estatística					150			150
711A-Dirección e servizos xerais do medio rural	16.670	6.930			11.538	313		35.451
712A-Fixación de poboación no medio rural	4.046	795		50	7.170	43.083		55.143
712B-Modernización e diversificación do tecido produtivo rural				22	2.700	134.778		137.500
712C-Fomento do asociacionismo agrario e divulgación da tecnoloxía agraria				700				700
713B-Ordenación das producións forestais	28.632				18.275	39.663		86.570
713C-Implantación de sistemas produtivos agrarios sustentables		119		150	2.157	12.751		15.178
713D-Mellora da calidade na produción agroalimentaria	3.268			540	5.443	11.930		21.181
713E-Benestar animal e sanidade vexetal	39.957	558		2.292	19.606	13.954		76.367
713F-Regulación das producións agrarias e apoio á renda dos agricultores	6.063	484	3		3.541	1.122		11.213
741A-Apoio a modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial						22.068		22.068
Total	213.192	11.789	6	4.373	150.727	321.072	1	701.160

(Orzamento axustado)(Miles de Euros)

DISTRIBUCIÓN ORGÁNICA

01 SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	15.973	16.670	4,4
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	6.930	6.930	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	10.094	11.538	14,3
Cap. VII - Transferencias de capital	100	313	212,8
Total	33.097	35.451	7,1

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

02 DIRECCIÓN XERAL DE DEFENSA DO MONTE	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	81.314	91.894	13,0
Cap. VI - Investimentos reais	50.646	53.489	5,6
Cap. VII - Transferencias de capital	30.550	36.205	18,5
Total	162.510	181.588	11,7

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

03 DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORDENACIÓN FORESTAL	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	27.102	28.632	5,6
Cap. VI - Investimentos reais	20.572	14.585	-29,1
Cap. VII - Transferencias de capital	34.134	39.663	16,2
Total	81.808	82.880	1,3

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

04 DIRECCIÓN XERAL DE GANDARÍA, AGRICULTURA E INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	41.763	42.852	2,6
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	647	677	4,6
Cap. IV - Transferencias correntes	3.064	3.164	3,3
Cap. VI - Investimentos reais	23.102	28.153	21,9
Cap. VII - Transferencias de capital	141.159	152.930	8,3
Total	209.734	227.776	8,6

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

05 DIRECCIÓN XERAL DA PAC E DO CONTROL DA CADEA ALIMENTARIA	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	490	495	1,1
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	23	0	-100,0
Total	513	495	-3,4

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

06 DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	5.594	5.775	3,2
Cap. VI - Investimentos reais	18.417	18.837	2,3
Cap. VII - Transferencias de capital	7.721	1.300	-83,2
Total	31.731	25.912	-18,3

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

80 FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	5.459	5.568	2,0
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	484	484	0,0
Cap. III - Gastos financeiros	3	3	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	2.711	3.541	30,6
Cap. VII - Transferencias de capital	45.939	39.975	-13,0
Total	54.597	49.571	-9,2

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

A1 AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	3.752	4.046	7,8
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	783	795	1,6
Cap. IV - Transferencias correntes	35	50	42,9
Cap. VI - Investimentos reais	10.361	7.170	-30,8
Cap. VII - Transferencias de capital	48.677	43.083	-11,5
Total	63.608	55.143	-13,3

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

A2 AXENCIA GALEGA DE CALIDADE ALIMENTARIA	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	16.803	17.260	2,7
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	2.975	2.902	-2,5
Cap. III - Gastos financeiros	3	3	13,0
Cap. IV - Transferencias correntes	1.109	1.159	4,5
Cap. VI - Investimentos reais	11.734	13.414	14,3
Cap. VII - Transferencias de capital	8.773	7.604	-13,3
Cap. IX - Pasivos financeiros	11	1	-91,8
Total	41.407	42.343	2,3

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

SERVIZOS	2024	2025	% Var.
01 SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	33.097	35.451	7,1
02 DIRECCIÓN XERAL DE DEFENSA DO MONTE	162.510	181.588	11,7
03 DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORDENACIÓN FORESTAL	81.808	82.880	1,3
04 DIRECCIÓN XERAL DE GANDARÍA, AGRICULTURA E INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS	209.734	227.776	8,6
05 DIRECCIÓN XERAL DA PAC E DO CONTROL DA CADEA ALIMENTARIA	513	495	-3,4
06 DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL	31.731	25.912	-18,3
80 FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA	54.597	49.571	-9,2
A1 AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL	63.608	55.143	-13,3
A2 AXENCIA GALEGA DE CALIDADE ALIMENTARIA	41.407	42.343	2,3
Total	679.005	701.160	3,3

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

Consellería, Organismos Autónomos, Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento e Axencias Públicas Autonómicas

	Consellería		00.AA , EE.CC.AA. e Axencias		Trans. Internas		Consolidado	
	2024	2025	2024	2025	2024	2025	2024	2025
Cap. I - Gastos de persoal	172.234	186.318	0	26.873	0	0	0	213.192
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	7.600	7.607	0	4.182	0	0	0	11.789
Cap. III - Gastos financeiros	0	0	0	6	0	0	0	6
Cap. IV - Transferencias correntes	34.675	33.227	0	1.209	0	30.063	0	4.373
OPERACIÓNS CORRENTES	214.510	227.153	0	32.270	0	30.063	0	229.360
Cap. VI - Investimentos reais	122.830	126.602	0	24.125	0	0	0	150.727
Cap. VII - Transferencias de capital	357.020	345.112	0	90.661	0	114.701	0	321.072
Cap. IX - Pasivos financeiros	0	0	0	1	0	0	0	1
OPERACIÓNS DE CAPITAL	479.851	471.714	0	114.787	0	114.701	0	471.800
Total	694.360	698.867	0	147.058	0	144.765	0	701.160

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

Medios Persoais

Cons. Medio Rural	2025
Altos Cargos	7
Persoal Funcionario	2.429
Subgrupo A1	568
Subgrupo A2	313
Subgrupo C1	762
Subgrupo C2	756
Agrupacións profesionais	30
Persoal Laboral	2.076
Grupo I	56
Grupo II	24
Grupo III	263
Grupo IV	486
Grupo V	1.247
TOTAL	4.512

Medios Persoais

Fondo Galego de Garantía Agraria	2025
Persoal Funcionario	94
Subgrupo A1	33
Subgrupo A2	33
Subgrupo C1	14
Subgrupo C2	10
Agrupacións profesionais	4
Persoal Laboral	18
Grupo II	9
Grupo III	2
Grupo IV	6
Grupo V	1
TOTAL	112

Medios Persoais

A. G. de Desenvolvemento Rural	2025
Persoal Laboral	66
Grupo I	27
Grupo II	8
Grupo III	27
Grupo IV	4
TOTAL	66

Medios Persoais

Axencia Galega de Calidade Alimentaria	2025
Altos Cargos	1
Persoal Funcionario	212
Subgrupo A1	65
Subgrupo A2	59
Subgrupo C1	24
Subgrupo C2	43
Agrupacións profesionais	21
Persoal Laboral	142
Grupo I	19
Grupo II	2
Grupo III	48
Grupo IV	49
Grupo V	24
TOTAL	355

Entidades Públicas Empresariais, Consorcios, Sociedades Mercantís e Fundacións do Sector Público Autonómico

Fundacións do sector público autonómico	Explotación	Capital
Fund. Centro Tecnolóxico da Carne	2.148	256
Sociedades mercantís públicas autonómicas	Explotación	Capital
Emp. Públ. de Servizos Agrarios Galegos	27.550	960
Xenética Fontao, S.A.	4.369	334
Total	34.068	1.550

(Miles de Euros)

I. ESTRUCTURA ORGÁNICA E COMPETENCIAS

I.1. ESTRUCTURA ORGÁNICA

Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG nº 73, do 14/04/2024).

Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das Consellerías da Xunta de Galicia (DOG nº 81 do 24/04/2024).

A Consellería do Mar estrutúrase nos seguintes órganos:

1. O/a conselleiro/a.
2. A Secretaría Xeral Técnica.
3. A Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica.
4. A Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

Quedan adscritos a esta consellería os seguintes entes públicos:

1. O ente público Portos de Galicia.
2. O ente público Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño.

I.2. COMPETENCIAS

I.2.1. DA CONSELLERÍA

De acordo co disposto no artigo 1 do Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar, modificado polo Decreto 210/2022, do 1 de decembro e polo Decreto 149/2024, do 20 de maio, esta é o órgano da Administración galega á que lle corresponde propor e executar as directrices xerais do Goberno en relación a ordeación pesqueira en augas interiores, marisqueo, acuicultura, confrarías de pescadores e demais organizacións e asociacións dos/as profesionais do sector, industrias pesqueiras e conserveiras, establecementos de almacenamento, manipulación, vendas e transformación do peixe e ensinanzas marítimo-pesqueiras, náutico-deportivas e mergullo, cooperación pesqueira interinstitucional e co exterior, salvamento marítimo, loita contra a contaminación e planificación e actuacións portuarias, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía de Galicia e segundo os termos sinalados pola Constitución española.

Por outra banda, o Estatuto de Autonomía de Galicia dispón que lle corresponde á Comunidade Autónoma Galega a competencia exclusiva nas seguintes materias:

- A pesca nas rías e demais augas interiores, o marisqueo, a acuicultura, a caza, a pesca fluvial e lacustre. (art.27, apartado 15).
- Réxime das fundacións de interese galego (art. 27, apartado 26).
- Confraría de Pescadores, Cámaras de Propiedade, Agrarias, de Comercio, Industria e Navegación e outras de natureza equivalente, sen prexuízo do que dispón o artigo 149 da Constitución (art. 27.apartado 29).
- Ademais de acordo co artigo 28 do Estatuto de Autonomía de Galicia é competencia da Comunidade Autónoma de Galicia o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado en materia de ordenación do sector pesqueiro e portos pesqueiros. Por outra parte, o artigo 29.4 establece que é competencia da Comunidade Autónoma de Galicia a execución da lexislación do Estado en materia de salvamento marítimo.
- Asemade, Galicia asumiu a competencia exclusiva en materia de cooperativas en virtude da transferencia feita pola Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, ampliando a recollida no artigo 28.7 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

Os reais decretos polos que se aprobaron os traspasos de funcións e servizos producidos ata o momento en materia competencia da consellería son os seguintes:

- Real decreto 1634/80, do 31 de xullo, sobre transferencias da Administración do Estado á Xunta de Galicia en materia de traballo, industria, comercio, sanidade, cultura e pesca. Polo que á pesca se refire, traspasáronse as competencias relativas á xestión do Plan de Explotación Marisqueira de Galicia, así como as relativas ao outorgamento de licencias individuais ou colectivas para o exercicio da pesca marítima de recreo.
- Real decreto 3318/1982, do 24 de xullo, sobre o traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de agricultura e pesca. No que á pesca se refire, transferíronse as competencias, funcións e servizos en materia de pesca en augas interiores, marisqueo e acuicultura, así como en materia de confraría de pescadores.
- Real decreto 4189/1982, do 29 de decembro, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de agricultura e pesca. No que á pesca se refire, transferíronse as competencias, funcións e servizos en materia de ensinanza profesional náutico-pesqueiras.
- Real decreto 1283/1987, do 2 de outubro, polo que se amplía o traspaso de servizos e medios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ensino profesional náutico-pesqueiro.
- Real decreto 89/1996, do 26 de xaneiro, polo que se traspasan funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ensinanza náutico-deportivas e subacuático-deportivas.

- Real decreto 1377/1997, do 29 de agosto, sobre traspasos de funcións e servizos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de mergullo.
- Real decreto 1378/1997, do 29 de agosto, sobre ampliación de funcións e servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia polo Real decreto 1283/1987, do 2 de outubro (ensino profesional náutico-pesqueiro).
- Real decreto 1749/1999, do 19 de novembro, sobre ampliación de servizos e funcións da Administración do Estado traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia polos Real decreto 1283/1987, do 2 de outubro, e 1378/1997, do 29 de agosto, en materia de ensinanzas profesionais náutico-pesqueiras.

Indícanse a continuación as competencias distribuídas en cada órgano superior e de dirección en que se estrutura a consellería:

O CONSELLEIRO

Como titular do órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia é a superior autoridade da consellería e con tal carácter está investido das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e a súa Presidencia.

Ademais, con dependencia directa do/a conselleiro/a atópase:

- A Subdirección Xeral de Gardacostas de Galicia, a cal lle corresponde: a coordinación das competencias en materia de salvamento marítimo e loita contra a contaminación marítima; a elaboración do plan de continxencias por contaminación mariña accidental; a prevención da contaminación mariña e as función de programación, planificación e control das accións de vixilancia e inspección, sen prexuízo das competencias doutros departamentos da Xunta de Galicia, tanto no sector extractivo como nos centros de comercialización e establecementos de produción, transformación e consumo, así como no transporte dos produtos en xeral.
- A Subdirección Xeral de Planificación, Seguimento e Verificación do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, a cal lle corresponde: a planificación, seguimento e control na execución do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, en coordinación e colaboración cos organismos intermedios xestores deste fondo na Comunidade Autónoma de Galicia, así como, a realización das actuacións de verificación sobre as operacións financiadas con este fondo, de conformidade cos regulamentos comunitarios e coa restante normativa de aplicación.

A SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

Como órgano de dirección da Consellería do Mar, a Secretaría Xeral Técnica exercerá as competencias e funcións establecidas no artigo 29 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, así como no Decreto 119/1982, do 5 de outubro, e todas aquelas que lle sexan encomendadas pola persoa titular da consellería.

A DIRECCION XERAL DE PESCA, ACUICULTURA E INNOVACION TECNOLÓXICA

Correspóndelle exercer a dirección e a coordinación das competencias e funcións en materia de ordenación pesqueira en augas interiores e acuicultura; das industrias de transformación, comercialización e almacenamento dos produtos da pesca, o marisqueo e a acuicultura; a elaboración de estatísticas e rexistros nas materias de pesca, marisqueo e acuicultura; da promoción da competitividade dos produtos pesqueiros, marisqueiros e da acuicultura e o fomento da súa calidade; de conservación, protección e xestión sustentable dos recursos mariños; de coordinación da sanidade dos animais acuáticos e dos establecementos de acuicultura; da cooperación pesqueira interinstitucional e co exterior, de acordo coa política pesqueira galega e máis as regulamentacións básicas da Unión Europea e da Administración xeral do Estado.

A DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Correspóndelle a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro a ordenación do marisqueo, o establecemento das condicións para o exercicio da actividade marisqueira e a conservación, protección e xestión sustentable dos recursos marisqueiros. Así mesmo, terá ao seu cargo o fomento da organización sectorial, a ordenación, dirección e coordinación das atribucións que ten asumidas a Consellería en materia de extensión pesqueira, ensino e titulacións náutico-pesqueiras e de lecer, así como a investigación mariña, que se desenvolverá en coordinación coa consellería competente en materia de investigación e desenvolvemento tecnolóxico e a programación e coordinación das infraestruturas e equipamentos portuarios pesqueiros.

1.2.2. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA (INTECMAR)

A Lei 3/2004 do 7 de xuño (DOG núm. 116, do 17 de xuño de 2004), de creación do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (INTECMAR), deu lugar no

ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e ao amparo do seu Estatuto de Autonomía, á creación dun ente de dereito público con personalidade xurídica e patrimonio de seu e con plena capacidade e autonomía para o cumprimento dos seus fins, que asumiu as competencias atribuídas ao Centro de Control do Medio Mariño.

Pola súa banda, o Decreto 41/2005, do 17 de febreiro (DOG núm. 49 do 11 de marzo de 2005) establece o regulamento do INTECMAR.

De conformidade co disposto no apartado 5º da Disposición Transitoria Terceira da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, o INTECMAR pasará a ter a figura de axencia pública autonómica, logo de que as normas de organización e funcionamento e os estatutos do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia, se adecúen ao disposto na lei para as axencias públicas autonómicas.

O INTECMAR constitúe o instrumento da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio das funcións de control da calidade do medio mariño, da aplicación das disposicións legais en materia de control técnico sanitario dos produtos do mar e de asesoría técnica científica sobre pesca, marisqueo e acuicultura no ámbito das zonas de produción en augas competencia da Comunidade Autónoma Galega.

En consecuencia, ten como obxectivo xeral e prioritario desenvolver un estrito e intensivo sistema de control sobre as características do medio mariño para dar cumprimento formal a lexislación vixente en canto a produción de moluscos e outros invertebrados mariños, contribuír a desenvolver novas estratexias de explotación e comercialización baseadas en ofertar produtos de óptima calidade con absoluta garantía sanitaria, desenvolver estudos de carácter científico-técnicos destinados a facilitar os coñecementos necesarios para a correcta xestión dos recursos mariños e protexer e mellorar a calidade das augas.

Dentro das competencias da Administración autonómica, e sen prexuízo das competencias atribuídas a outros organismos, correspóndenlle ao INTECMAR, entre outras, as seguintes potestades administrativas:

- a) Aplicación da normativa sobre calidade das augas e da produción de moluscos bivalvos e outros organismos procedentes da pesca, o marisqueo e a acuicultura. En concreto, o control das condicións oceanográficas, bioxeoquímica mariña e poboacións fitoplanctónicas, das biotoxinas mariñas, da contaminación química e da contaminación microbioxica, tanto no referente aos organismos coma ás zonas de produción.
- b) A investigación para o coñecemento e control das patoloxías dos organismos mariños sometidos á explotación comercial mediante a pesca, o marisqueo e a acuicultura.
- c) Decretar a apertura e o peche do exercicio da actividade pesqueira, de marisqueo e acuicultura en función do resultado dos controis que se realicen sobre a calidade das augas e os produtos, en aplicación da normativa vixente.

- d) Aquelas funcións que regulamentariamente se lle atribúan na loita contra a contaminación mariña.

Neste senso, no Decreto 135/2016, do 6 de outubro, régúlese a estrutura e organización do Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental da Comunidade Autónoma de Galicia (Plan Camgal), e no mesmo se establecen as funcións do Comité Técnico Asesor, do que forma parte persoal técnico de INTECMAR. Ademais dentro das Unidades de Apoio encargadas de proporcionar soporte específico tanto ao Centro de Coordinación Operativa (CECOP) como aos diferentes grupos operativos figuran a Unidade de Observación Próxima, cuxa dirección técnica recae no Xefe de Unidade de Modelado Oceanográfico de INTECMAR e a Unidade de Documentación e Apoio Científico do INTECMAR.

- e) O cumprimento dos Programas de Control do Medio Mariño que, no ámbito das funcións que establece a lei de creación do INTECMAR, determine a Xunta de Galicia en función da lexislación vixente na materia e das súas propias necesidades para a xestión do medio mariño.
- f) Aquelas funcións que, no ámbito das competencias da comunidade autónoma, poidan serlle atribuídas pola Xunta de Galicia en materia de control das características do medio mariño e dos seus recursos sometidos a explotación comercial.
- g) Ao abeiro do disposto no artigo 12.5 da Lei 4/2023, do 6 de xullo, de Ordenación e Xestión Integrada do Litoral de Galicia (LOXILGA) correspóndelle ao Intecmar, “no marco das competencias da comunidade autónoma, o control da calidade do medio mariño, e en particular o control do cumprimento dos obxectivos ambientais nas augas costeiras do litoral de Galicia”.

1.2.3. DAS ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIAS

PORTOS DE GALICIA

O ente público Portos de Galicia creouse pola Lei 5/1994, do 29 de novembro, correspondéndolle, nos termos previstos da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, que derogou aquela Lei 5/1994, o proxecto, construción, conservación, mellora, ordenación, administración e explotación das obras, instalacións, servizos e actividades portuarias, así como a planificación das zonas de servizos e as súas futuras ampliacións.

A dita Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, establece que Portos de Galicia é unha entidade pública empresarial das reguladas na sección 4ª do capítulo II do título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, fixando que aos efectos do desenvolvemento e cumprimento do seu obxecto e función, o ámbito territorial de cada porto será o comprendido dentro

dos límites da súa zona de servizo. As augas de cada porto serán as adscritas pola Administración do Estado.

Conforme ao artigo 8 da dita Lei 6/2017, dentro do seu obxecto, correspóndelle a entidade pública empresarial Portos de Galicia as seguintes funcións:

- O proxecto, construción, conservación, mellora, ordenación, administración e explotación das obras, instalacións, servizos e actividades portuarias, así como a planificación das zonas de servizo e as futuras ampliacións destas, nos termos previstos na presente lei.
- A efectos do desenvolvemento e cumprimento dos ditos fins, o ámbito territorial de cada porto será o comprendido dentro dos límites da súa zona de servizo.
- Poderá realizar coa iniciativa pública ou privada cantas operacións comerciais e industriais considere convenientes e xestionará todas as obras, instalacións e servizos, podendo celebrar, para estes efectos, calquera clase de negocios xurídicos.

Asumirá igualmente as funcións que, no ámbito de competencias da comunidade autónoma, poidan serlle atribuídas pola Xunta de Galicia en materia de xestión e actuacións no dominio público marítimo-terrestre.

Dentro das súas funcións o artigo 9 da referida lei portuaria 6/2017, establece que:

- Dentro da esfera de actividades encadradas no seu obxecto Portos de Galicia xestionará a explotación das instalacións portuarias e dos demais bens adscritos ao seu patrimonio.
- O fomento global da actividade económica no ámbito dos portos que dependen da Administración da comunidade autónoma, das actividades industriais ou comerciais directamente relacionadas co tráfico portuario e o fomento da investigación e desenvolvemento tecnolóxico en materias relacionadas coa explotación e construcións portuarias.

Para o desempeño das súas funcións Portos de Galicia estruturase nos seguintes órganos:

- a) De goberno:
 - A Presidencia.
 - O Consello Reitor.
- b) Executivo:
 - A Dirección.

1.2.4. DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

CENTRO TECNOLÓXICO DO MAR

O Centro Tecnolóxico do Mar é unha fundación pública de interese galego que nace no ano 2001 pola iniciativa da Consellería do Mar e a Dirección Xeral de I+D+i da Xunta de Galicia e do Ministerio de Ciencia e Innovación.

O obxectivo fundamental do Centro Tecnolóxico do Mar é levar a cabo todas as accións necesarias para unha conservación e aproveitamento responsable do medio mariño e os seus recursos, en especial no que respecta ao litoral galego.

Todas as accións que se realizan teñen o obxecto de impulsar a cooperación entre institucións, centros de investigación e sector marítimo-pesqueiro, así como fomentar a implicación dos sectores dependentes do mar en actividades de I+D+I e favorecer a eficiencia de todas as actividades relacionadas co uso e explotación do medio mariño.

As accións do Centro Tecnolóxico do Mar esténdense ao ámbito nacional, europeo e internacional, e son beneficiarias da súa actividade todos os sectores públicos e privados relacionados co mar e os seus recursos, e o medio mariño en xeral.

II. PRINCIPAIS LIÑAS DE ACCIÓN

II.1. DA CONSELLERÍA

O sector marítimo-pesqueiro ten un valor fundamental para Galicia. Se tivésemos que definir un trazo diferencial da economía galega sobre a europea, este sería a importancia na nosa economía da pesca, do marisqueo e da acuicultura, ao que habería que engadir toda unha importante cadea mar-industria. Unha actividade estratéxica e vital que constitúe o epicentro de todas e cada unha das políticas públicas postas en marcha desde a Xunta de Galicia.

Non existe ningún país europeo no que as actividades primarias do sector pesqueiro e a súa capacidade de indución de actividade industrial teñan un peso tan relevante no PIB, acadando o complexo mar-industria o 4,8 % (o sector extractivo chega ao 2,1 %) e englobando a nivel laboral a máis de 50.000 persoas con empregos directos. Este conxunto de datos leva a que o Valor Engadido Bruto que xera a pesca e a acuicultura sexa en Galicia 25 veces superior ao da Unión Europea e máis de seis veces superior ao de España.

As últimas 'Táboas Input-Output da Pesca-Conserva Galegas 2019' certifican que desde 2011 o valor da produción do sector ascendeu preto dun 50 % e que a suma da actividade da cadea extractiva, do mar-industria e do comercio exterior pesqueiro de Galicia roldou os 9.000 millóns de euros en ingresos, acadando a cifra máis alta na historia. Ademais, certifícase que nove de cada dez actividades económicas na comunidade relaciónanse coa pesca e a cadea mar-industria.

Neste contexto ten, pois, especial relevancia contar cunha ferramenta orzamentaria que capaz de dar pulo constante a esta actividade e ás súas potencialidades. A este respecto, a forma fundamental da mesma ha de ser consecuente e coordinada co definido na Política Común de Pesca, xa que é a liña estratéxica marcada por esta quen define tamén as contempladas no novo fondo económico que o acompaña xa con plena vixencia este ano, o Fondo Europeo Marítimo e da Pesca e a Acuicultura - FEMPA.

Xa que logo, ter conseguido que esta estrutura normativa e o seu acompañamento orzamentario se achegase aos postulados de Galicia trae aparelado unha mellor e maior capacidade de investimento orientado ás necesidades do noso sector marítimo-pesqueiro e da súa cadea mar-industria.

Cómpre, pois, aplicar as posibilidades económicas do FEMPA e as propias en desenvolver potencialidades e corrixir aspectos que lastran a nosa competitividade, facendo, asemade, unha boa aplicación doutros fondos económicos de xeito que se complementen e supoñan un afondamento na busca de sinerxías a prol do sector. Ademais, acompasar actuacións xurídico-administrativas e planificacións suporá ter o mellor taboleiro sobre o que desenvolver a aposta financeira que nos da o orzamento.

Avanzar na consecución de maior valor engadido polos produtos da pesca toda vez que as posibilidades de captura son limitadas; conseguir unha redinamización da acuicultura como fórmula de xeración de emprego e riqueza nas zonas costeiras non urbanas; e despois dos sucesos meteorolóxicos adversos sufridos neste inverno pasado, recuperar a potencialidade produtiva do marisqueo e consolidar a súa capacidade de integración de modelos de traballo asociativo.

Ademais, hai que sumar que o eido marítimo-pesqueiro acubilla aínda moitas posibilidades de diversificación e complementación económica e laboral que deben seguir sendo exploradas e explotadas. Tamén constitúe un dos obxectivos estratéxicos e irrenunciabes a remuda xeracional no sector: mellorar a formación e as condicións de traballo a bordo para mostrar á xente nova que a pesca é unha opción de futuro á que Galicia non vai renunciar. Tamén se seguirán a traballar na mellora das condicións de traballo tanto no mar coma en terra.

O 2025 será o terceiro ano de programación do marco financeiro do FEMPA 2021-2027. Isto supón para moitas medidas do período 2014-2020 unha continuidade, aínda que tamén unha ampliación para novas actuacións.

Entre os próximos fitos que se pretende acadar con este marco de accións está o reforzo do compromiso co equilibrio ambiental, social e económico como motor do futuro do mar de Galicia, que se articulará a través da súa propia Estratexia de Economía Azul orientada aos sectores con vantaxes competitivas e coordinando as actividades tradicionais, como a pesca, coas emerxentes, como o naval e o turismo costeiro.

A totalidade das manifestacións culturais (construcións, obxectos e creacións inmateriais) é o que se considera como un sistema ou conxunto de gran valor histórico e patrimonial a preservar e no que avanzar ao futuro. Un patrimonio ligado ao mar que explica a transformación do territorio e do modo de vida da xente do mar, da súa construción social e cultural ao longo do tempo, e da evolución dos seus oficios e técnicas.

Neste sentido e partindo do documento base Plan da cultura marítima de Galicia-Horizonte 2030, durante o ano 2025 darase continuidade ao plan no relativo á información, seguimento e realización das accións prioritarias avanzando no obxectivo 2030. O que se pretende é que o traballo feito non quede no papel empece a dar froitos tanxibles para a cidadanía.

Outro dos grandes retos que enfrontar é facer que se escoite a voz de Galicia ante Bruxelas, como primeira rexión pesqueira que é da Unión Europea, co obxectivo de articular unha fronte común co sector ante o marco decisorio europeo que permita evitar que se tomen decisións prexudiciais, en moitos casos sen consulta previa e sen aval científico, que ameazan o futuro do mar galego.

Amais, e ante o importante desafío que supón a variación de axuste dos datos de consumo de produtos do mar entre a sociedade, dotarase de importante pulo a articulación dunha estrutura de medidas dirixidas a promover a valía dos alimentos mariños, ampliando a busca de

mercados no exterior e afianzando a difusión do seu consumo entre os máis novos, especialmente nos centros escolares.

Tendo en conta este contexto e estas premisas de actuación, a continuación detállanse as principais liñas de acción da consellería para o ano 2025.

No marco da xestión do eido marítimo – pesqueiro, a progresiva incorporación das diferentes variables que poden afectar ao sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola galego han de ter necesaria imaxe nas accións administrativas desenvolvidas desde as entidades de Goberno autonómico. Así, vese con especial interese, en canto a que esa é tamén a liña que marca o FEMPA, a adopción de liñas de actuación que leven á consecución e mantemento dunha actividade marítimo–pesqueira que sexa social, económica e ambientalmente sostible, para o que se deben dispor as ferramentas normativas, administrativas e financeiras axeitadas e especialmente dedicadas.

Neste senso, a variación progresiva das posibilidades de pesca e a importancia nas contas dos custos de explotación fan que sexa imposible adecuar a actividade pesqueira a marxes de sostibilidade e rendibilidade polo aspecto de aumento das capturas, levándonos á necesidade de manter esta viabilidade a través de medidas que afiancen e aumenten a valorización dos produtos e consigan un valor engadido mediante o seu procesado.

Neste eido, o papel preponderante que a pesca artesanal ten nas nosas costas fai que sexa necesario apostar pola súa valía como elemento de dinamización económica e emprego. De aí a adecuación ás novas demandas da situación actual e á orientación do novo FEMPA a executar medidas dirixidas principalmente a incrementar o emprego, á mellora da comercialización e a adecuación dos sistemas de organización da actividade pesqueira, permitindo que esta flota teña preeminencia na dedicación dos fondos que se achegan a Galicia desde a UE.

Do mesmo xeito, o progresivo avance na profesionalización do sector marisqueiro permite agora abordar outras medidas que leven a dispor a plena sostibilidade desta actividade, de forma que se afirme sobre un sistema de semicultivo, que complemente as liñas de ascenso produtivo, equilibre as posibilidades de extracción e reforte as tarefas de expansión das zonas de traballo levadas a cabo nos últimos tempos na busca da recuperación produtiva e no aumento da capacidade de xeración laboral e económica do marisqueo. Ao mesmo tempo, débese avanzar na liña de recuperación produtiva establecendo mecanismos que permitan a restauración da normal actividade en áreas nas que, por diversos motivos, non se podía exercitar. Adequouse ao FEMPA o Plan de Competitividade e Sostibilidade do Marisqueo en Galicia 2024-2025 co obxectivo de garantir a explotación sostible e conservación dos recursos marisqueiros, integrando aspectos biolóxicos, sociais, de emprego, económicos e medioambientais. Especificamente, encamiña este plan en liñas orientadas a unha xestión sostible e á conservación dos recursos; á protección e recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas mariños; ao desenvolvemento socioeconómico e do emprego; ao apoio á comercialización dos produtos; e á gobernanza.

De forma coincidente cos eidos anteriores, a acuicultura debe recuperar e afianzar a capacidade de promoción económica e laboral que tivo e ten en numerosas zonas da nosa comunidade, facéndoo dunha maneira harmónica e compatible coa sostibilidade ambiental dos emprazamentos onde se localiza. Neste senso, débese traballar de maneira coordinada a prol de establecer unha planificación axeitada que se vexa acompañada das medidas legais, administrativas e económicas que permitan executala para conseguir o obxectivo do relanzamento da actividade acuícola en Galicia en 2025 e en anos vindeiros.

Neste senso, as novas pautas tecnolóxicas permiten avanzar na produción sostible, feito que, unido a unha axeitada disposición de fondos para o apoio de melloras na estrutura produtiva, facendo máis competitivo ao sector acuícola galego.

Ademais, soster e dotar de plena competitividade ao sector mitilicultor é unha cuestión imprescindible. Neste senso, hai que ter en conta que foi esta actividade a principal destinataria do apoio orzamentario dos últimos anos, devindo nunha progresiva mellora das súas estruturas produtivas e comerciais. O mantemento das liñas de apoio a este sector dentro do FEMPA constitúe un dos feitos máis importantes á hora de orientar este orzamento e as liñas principais do mesmo neste eido.

No eido transformador e comercial, recóllese neste orzamento a base para a posibilidade de adoptar medidas que lle permitan ao sector marítimo-pesqueiro e á súa cadea mar-industria axearse ás circunstancias provocadas por crises como foi a da pandemia ou a guerra en Ucraína. O obxectivo non é outro que facer que consiga unha recuperación que lle permita seguir sendo competitivo, especialmente nos mercados, que teñen mudado profundamente tralo descenso da canle HORECA e a dinamización dos sistemas dixitais de compra. De aí a vontade de reforzar os apoios económicos para adecuar as estruturas produtivas, adecuar as campañas promocionais e avanzar na dixitalización das canles comerciais, facilitando a chegada e adecuación dos produtos aos consumidores.

O sector produtivo pesqueiro e acuícultor ten que reforzar a introdución de novas ideas e procesos que incrementen a eficacia e eficiencia da súa actividade e deben adaptarse ás demandas e innovacións que melloren a calidade dos produtos e garanten un subministro de alimentos sans ao consumidor, polo que o incremento de I+D+i é unha das principais necesidades do sector. Por iso, no 2025 incrementaranse as actuacións de desenvolvemento de actividades innovadoras coa participación en novos proxectos e accións de investigación fomentando o incremento das actuacións de desenvolvemento tecnolóxico de colaboración empresarial con centros tecnolóxicos e de investigación e o impulso da transferencia tecnolóxica.

Neste contexto durante o ano 2025 continuará o desenvolvemento do Programa de Ciencias Mariñas dentro dos plans complementarios de I+D+i do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, en colaboración coa Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas, M.P. (CSIC), a Fundación Pública Galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (CESGA), o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño (INTECMAR), a

Fundación Centro Tecnolóxico do Mar (CETMAR), a Universidade de Santiago de Compostela (USC), a Universidade de Vigo (UVIGO), a Universidade da Coruña (UDC). Este programa contempla tres grandes obxectivos: a observación e monitorización do medio mariño e litoral co fin de obter a información necesaria para garantir un mellor e máis sostible uso dos seus recursos; promover unha acuicultura sostible, intelixente e de precisión (desenvolvemento de investigacións avanzadas en xenómica para a mellora dos cultivos, desenvolvemento de ferramentas para o abastecemento sostible de semente na acuicultura de moluscos bivalvos, mellora das estratexias de diagnose, prevención e control das patoloxías e a xeración de novos sistemas de cultivo sostibles baseados na acuicultura multitrófica integrada); e, como terceiro gran obxectivo, promover a transformación social e económica, a transferencia, a formación e a capitalización do coñecemento cara unha economía azul realmente sostible, con máis capacidade de proposta de transformación para adaptarse aos retos que se derivan da transición ecolóxica e dixital nun contexto de cambio global.

No mesmo senso, a atención a aqueles aspectos de eminente actuación proactiva da Administración autonómica han de ir dirixidos cara a adopción de medidas que permitan dispoñer das mellores situacións posibles para o desenvolvemento das actividades ligadas ao mar, con dedicada atención ás infraestruturas portuarias, onde a operatividade e plena capacidade loxística debe ser apuntalada, e á seguridade da vida humana no mar e á loita contra a contaminación, onde o adecuado proceso de dotación de medios técnicos e humanos ha de ser referendado cunha planificación exhaustiva da coordinación e cooperación en caso de darse eventos nestes ámbitos.

En particular, dáse cabida neste orzamento á posibilidade de desenvolvemento de proxectos contidos nos servizos contratados para a redacción de estudos marítimos, ambientais, de patrimonio, de solo e estudos de alternativas, anteprojectos e proxectos construtivos para obras en portos. Estas actuacións, que darán resposta ás necesidades dos usuarios dos portos e que foron trasladadas polo sector ao ente público, superan, entre dragaxes e melloras portuarias, as 80 accións. Con esta previsión, e tendo en conta que estes contratos de servizo dotan de maior axilidade á tramitación dos traballos, poderanse ir acometendo, con previsións orzamentarias específicas ou xenéricas, as actuacións portuarias pertinentes, unha vez rematen as súas tramitacións como proxectos.

De especial relevancia son tamén os aspectos sociais e a atención á interrelación que estes teñen coa actividade marítimo-pesqueira e acuícola, que cobran forza neste orzamento. Unha vez máis poñen de relevo a importancia de outorgar axudas de emerxencia (de pago único) para as familias de mariñeiros de buques galegos ou embarcados en barcos doutros portos base que falezan ou desaparezan en accidentes no mar. Nesta liña, ante as posibles ineficiencias que poda ter o sistema de control de toxinas, contéplase a promoción da subscrición dun seguro para a cobertura daqueles casos nos que exista unha perda económica pola retirada de produto do mercado e a falla de ingreso por tal medida, cando sexa a consecuencia de peches imprevistos da actividade marisqueira por causas de toxinas ou contaminación mariña accidental.

Tamén se perfilan neste orzamento continuidades de liñas clave de aposta que se ven recollidas no FEMPA, que achega 366 millóns de euros a Galicia no período que vai ata 2027. A programación orzamentaria integrou as liñas actuais que se demandan no novo instrumento, coma a relativa a que o 30 % dos fondos se destinen á acción climática, no marco do Pacto Verde Europeo.

No sentido exposto, as liñas de actuación desta consellería, perseguirán, fundamentalmente, os seguintes obxectivos:

- A xestión eficaz e eficiente dos fondos económicos, especialmente dos comunitarios. Neste contexto e co fin de incrementar o impacto e a efectividade do apoio do FEMPA ás empresas, emprendedores/as, profesionais autónomos/as, organizacións e demais entidades do sector, a Consellería do Mar puxo en marcha no ano 2024, e que continuará cando menos ata o ano 2026, un servizo de asesoramento a posibles beneficiarios/as das axudas á pesca, á acuicultura e á transformación e comercialización dos produtos da pesca e da acuicultura xestionadas pola Consellería do Mar e financiadas polo FEMPA. Este servizo de asesoramento aos potenciais destinatarios/as das axudas préstase de forma “híbrida”: mediante unha rede de oficinas para asesoramento presencial (sete oficinas en diferentes puntos da Comunidade Autónoma de Galicia) e unha oficina virtual que permita o asesoramento telemático.
- A xestión responsable e sostible dos caladoiros e da nosa costa, con especial fincapé na aplicación racional das obrigas de desembarque de todas as capturas e dun aproveitamento exhaustivo e rendibilización máxima das posibilidades de pesca, sempre desde a óptica do Rendemento Máximo Sostible.
- O desenvolvemento da acuicultura no noso litoral en harmonía co medio ambiente, dunha forma estruturada e planificada, de acordo coas tendencias instauradas en Europa e coa coordinación e compatibilidade con outras actividades preexistentes.
- A recuperación do medio mariño e de zonas aptas para a reprodución dos moluscos bivalvos, así como a volta á actividade produtiva normal naqueles bancos onde se perdeu por diferentes motivos.
- A mellora dos rendementos do sector da pesca, do marisqueo e da acuicultura.
- A potenciación das industrias de transformación e comercialización e da súa integración como parte fundamental da estrutura de continuidade social e económica do eido marítimo-pesqueiro.
- O desenvolvemento das zonas costeiras, con especial atención a diversificación das actividades e á complementación económica das actividades marítimo-pesqueiras.
- O desenvolvemento e consolidación dun sistema de coñecementos aplicados ao mundo do mar que permitan avanzar nos obxectivos de sostibilidade enunciados. En especial:
 - A investigación mariña aplicada á pesca, ao marisqueo e á acuicultura tendo en conta a importancia do eido ambiental, fomentando a biodiversidade e a mellora dos ecosistemas mariños.

- O continuo seguimento de biotoxinas, tanto as presentes como as emerxentes, dando asesoramento e soporte aos programas de control do medio mariño.
- A determinación de novas liñas de investigación nos campos sociais da actividade, con dedicada atención aos aspectos normativos e políticos do eido europeo e mundial no contexto da reforma da Política Común de Pesca.
- Elaboración dunha liña de xestión dos portos conforme a unha progresiva especialización destes, con proxectos individualizados para cada un, atendendo ás súas necesidades específicas e ao mantemento da operatividade diaria dos mesmos.
- O desenvolvemento dunha liña de mellora da operatividade e eficacia e da eficiencia dos fondos destinados ás funcións de loita contra a contaminación e seguridade da vida humana no mar, para o cal se atenderá:
 - ás medidas para mellorar e adecuar a coordinación e a planificación da loita contra a contaminación mariña accidental e o salvamento marítimo.
 - á dotación de medios e medidas para a inspección pesqueira, con especial atención ao disposto para o control hixiénico-sanitario dos produtos mariños á venda.

As actuacións referidas concrétanse na adopción das seguintes medidas:

- Desenvolvemento da actividade acuícola, con especial énfase no tinxinte aos emprazamentos e á súa adecuación ambiental, social e ambiental e apoio económico para o seu desenvolvemento, así como da expansión e mellora produtiva da actividade mitilicultora.
- Intensificación do apoio ás industrias de transformación do sector, con especial orientación cara ao fortalecemento da súa competitividade e a internacionalización da súa produción.
- Reforzamento dos equipamentos nos portos pesqueiros, con especial atención a aqueles que facilitan a operatividade e loxística diaria a eficiencia enerxética e as dirixidas a facilitar o cumprimento da obriga de desembarque de todas as capturas.
- Actuacións de recuperación das zonas improdutivas e da restauración da normal actividade extractiva naquelas áreas onde non se permitía por diversas causas.
- Formación dos traballadores e traballadoras do sector, co fortalecemento inducido do proceso de relevo xeracional.
- Mellora da comercialización dos produtos da pesca, especialmente no tinxinte á promoción como fórmula de valorización dos produtos do mar.
- Diversificación de actividades da poboación activa do sector pesqueiro sen perda de contacto e relación coas actividades tradicionais, a quen complementarán na súa xeración económica.
- Potenciación dos cultivos mariños, incrementando a súa produtividade e modernizando a súa tecnoloxía.
- Medidas tendentes a procurar a mellora da calidade dos produtos así como a dos procesos da súa elaboración.

- Adaptación do sistema formativo e da investigación para atender as novas demandas sociais, económicas e técnicas.
- Reforzamento das liñas de investigación e iniciación de novos proxectos.
- Mantemento dos sistemas de información avanzados nas lonxas e nas confrarías de pescadores.
- Apoio ao desenvolvemento racional dos espazos portuarios, da súa mellora como espazos loxísticos e da integración porto-vila ou porto-cidade.

No eido marítimo-pesqueiro, compre atender dúas cuestións que, conforme ás novas liñas marcadas pola nova Política Común de Pesca e coa situación actual do sector, se revelan fundamentais, como son o afondamento na capacidade produtiva e comercial e a diversificación da estrutura económica das zonas costeiras non urbanas. Para tal fin contamos co apoio do FEMPA, que reedita o apoio ás dúas cuestións sinaladas. Revalidarase tamén a aposta polos GALP como elementos vitais para a dinamización das zonas costeiras.

Xa que logo, cómpre avanzar na disposición de maiores dispoñibilidades de pesca mediante un avance no coñecemento do estado dos recursos, e na adecuación da flota aos mesmos mediante unha mellora da súa competitividade, alén de buscar un maior valor engadido aos produtos, especialmente a aqueles que hoxe non contan cun mercado amplo ou coñecido. Ademais, debemos seguir gañando capacidade produtiva no eido marisqueiro, traballando pola súa conversión nunha labor de semicultivo ou cultivo, e aproveitando as sinerxías que a estrutura acuícola galega pode achegar neste senso. Por último, nesta liña de avance da capacidade produtiva, a acuicultura debe relanzar a súa potencialidade para achegar riqueza e emprego desde unha óptica de complementariedade coa actividade extractiva.

No mesmo senso, o mercado dos produtos do mar atende hoxe en día a unha globalización plena que xera unha competitividade importante. Isto fai que sexa necesario avanzar de forma continua para atender as demandas dos consumidores e as novas tendencias de comercialización. Para tal fin cómpre tamén avanzar en materia de apoio á transformación e comercialización, promovendo liñas de acción que conteñan unha aposta polo fomento do consumo de produtos do mar entre a poboación xuvenil, unha dixitalización das vendas de cara a fomentar a competitividade na demanda e a xerar maior valor engadido e a complementación da planificación da estrutura e actividade transformadora que permita abordar todos os aspectos da produción do conxelado, tanto nos eidos empresariais como laborais e de fomento de materia prima.

No que atinxe á segunda liña, o desenvolvemento local participativo DLP como instrumento de desenvolvemento territorial centrado en zonas, demostrou, ao longo dos dous precedentes períodos de programación, a súa capacidade para fomentar o desenvolvemento das zonas costeiras e dar resposta aos desafíos concretos do desenvolvemento económico e social das comunidades. Os grupos de acción local, nos que está moi involucrado o sector pesqueiro, son un motor de dinamización dos territorios e un recurso de desenvolvemento local para as persoas e entidades situadas nas zonas costeiras. A través das estratexias das DLP implementadas polos

grupos, abordaranse os retos da Política Pesqueira común (PPC), do crecemento azul e o cambio climático, e a creación de emprego.

No relativo ás medidas á adoptar no eido económico e para apoio da estrutura produtiva e transformadora do eido marítimo-pesqueiro, cómpre afondar na adopción de medidas recollidas no orzamento e que levan a:

- **SOSTIBILIDADE:** A recuperación operativa e a dinamización económica da actividade marítimo-pesqueira terán moito que ver coa reactivación pausada e coordinada entre os diferentes ámbitos que a conforman, e destes coa recuperación da actividade social e económica xeral, polo que se deberá prestar especial atención á LIQUIDEZ e á SOLVENCIA do sector.
- **REORIENTACIÓN E ADECUACIÓN:** Galicia debe poñer en marcha unha reorientación do seu sistema económico-comercial pesqueiro para adecuarse á situación social que esta pandemia nos deixa, con medidas dirixidas á adecuación da estrutura a corto e medio prazo (flexibilidade laboral, axustes impositivos, etcétera) e ofrecendo alternativas e estímulos de investimento atractivos e motores de cambio comercial que sustenten a necesaria transición cara a un obrigado novo modelo comercial e de actividade.
- **COMPETITIVIDADE:** A reactivación e dinamización do sector marítimo-pesqueiro e da cadea mar-industria debe levar consigo accións e medidas a medio e longo prazo que melloren, con carácter xeral, a competitividade das empresas e o seu marco operacional nun contexto mundial, promovendo para tal fin o investimento das empresas marítimo-pesqueiras e transformadoras na propia comunidade.

II.2. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA (INTECMAR)

As principais liñas de acción de INTECMAR no ano 2025 son as seguintes:

- Control da calidade do medio mariño:
 - Desenvolvemento do programa de control da calidade do medio mariño en canto ás condicións oceanográficas e á bioxeoquímica mariña.
 - Aplicar a normativa vixente sobre calidade das augas e da produción de moluscos bivalvos e outros organismos procedentes da pesca, o marisqueo e a acuicultura, en concreto no desenvolvemento dos seguintes programas:
 - Programa de control da calidade do medio mariño en canto ás biotoxinas mariñas.
 - Programa de control da calidade do medio mariño en canto á contaminación química (metais pesados, compostos organoclorados e hidrocarburos).

- Programa de control da calidade do medio mariño en canto á contaminación microbiolóxica.
- Programa de control da calidade do medio mariño en canto ao fitoplancto.
- Desenvolvemento do programa de control zoosanitario: control patolóxico de moluscos.
- Apoio ao desenvolvemento da rede de oceanografía operacional en Galicia nas súas vertentes de observación, predición e diseminación de datos oceanográficos.
- Adecuación e asunción de novos cometidos que se lle poidan encomendar no eido das súas competencias e labores.
- Plan territorial de continxencias e loita contra a contaminación mariña accidental:
 - Dar cumprimento ás asignacións que o Plan Territorial de Continxencias pola contaminación mariña en Galicia reflicte para INTECMAR. (Decreto 135/2016, polo que se regula a estrutura e organización do Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental da Comunidade Autónoma de Galicia).
 - Revisión e actualización dos capítulos do Plan Camgal.
 - Revisión de plans de continxencia interiores e locais.
- Exercicio das funcións derivadas da designación do Intecmar, mediante resolución da Dirección Executiva de AESAN, como Laboratorio Nacional de Referencia para Toxinas Mariñas, asumindo as funcións como laboratorio Nacional que se describen no Artigo 101 do Regulamento (UE) 2017/625 do Parlamento.
- Exercicio das funcións necesarias para o control do cumprimento dos obxectivos ambientais nas augas costeiras do litoral de Galicia, atribuídas ao INTECMAR pola Lei 4/2023, do 6 de xullo, de Ordenación e Xestión Integrada do Litoral de Galicia (LOXILGA).
- Outras liñas de acción:
 - Continuarase a colaboración con Augas de Galicia para un mellor coñecemento da incidencia dos puntos de vertidos que afectan ao litoral na contaminación microbiolóxica das augas para abordar e optimizar as accións de mellora que garantan a calidade das mesmas.
 - Continuarase co traballo, de análise de mostras procedentes doutras Comunidades Autónomas e outros clientes.
 - Levar a cabo o acordo de colaboración entre a Consellería de Sanidade e o Intecmar, no tocante á transmisión de información sobre as zonas de produción de moluscos e a realización de análises de biotoxinas mariñas dentro do programa de control de salubridade de moluscos, que a Dirección Xeral de Saúde Pública desenvolve e no marco da Rede Integrada de Laboratorios de Interese en Saúde Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (REDGALICIA).
 - Continuarase co control técnico-sanitario do sistema de reinstalación para os moluscos bivalvos vivos recollidos nas zonas de produción clasificadas como de clase C.

- Continuar co avance na constitución da Infraestrutura de Datos Espaciais (IDE) do INTECMAR, que da servizo as diferentes aplicacións empregadas para a implementación das aplicacións do visor de INTECMAR en soporte SIX.
- Continuar coa participación nos Grupos de Traballo técnicos tanto a nivel autonómico, nacional e internacional: GT de Desenvolvemento e Tramitación do Regulamento e XIS Corporativo; GT Fitoplancton (DG SANCO).
- Fomentar a observación en tempo real das condicións océano-meteorolóxicas da costa galega a través da rede de observación "Observatorio RAIA" na que participa, co obxectivo de consolidar a oceanografía operacional na marxe Ibérica para axudar, entre outros, ao desenvolvemento de ferramentas para a prevención dos desastres naturais e dos episodios de contaminación.
- Continuar coa participación en proxectos de investigación de ámbito nacional e internacional.
- Continuar coa colaboración con centros educativos facilitando a realización de prácticas, tanto de ciclos medios e superiores de Formación Profesional como de grao universitario.
- Continuar ca implantación da administración electrónica.

II.3. DAS ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIAIS

PORTOS DE GALICIA

A xestión de Portos de Galicia durante os últimos continúa a súa anterior evolución, dando servizos nas infraestruturas nas que se apoia, buscando a prestación das súas actividades de acordo coa súa lei de constitución, sobre a base de criterios de eficiencia económica, buscando a máxima rendibilidade e procurando a mellora no nivel de prestación dos servizos e a atención ás necesidades dos seus usuarios e das diversas empresas que realizan a súa actividade no dominio público portuario. Ademais, como medida complementaria e, dentro das disponibilidades orzamentarias, continuou o desenvolvemento da construción, ampliación e mellora das infraestruturas portuarias.

Todo isto para a consecución de servizos máis eficientes, mellorando as condicións de traballo e de seguridade dos usuarios e buscando unha economía máis competitiva nos momentos que se están a dar dende o punto de vista do comercio e da actividade en xeral.

Para isto establecéronse estratexias de crecemento, aumentando a competitividade co incremento da produtividade, da mellora da xestión, da valorización do seu capital humano e recursos materiais así como da implantación de novas tecnoloxías; e todo iso con total respecto aos principios do desenvolvemento sostible, ademais de afrontar as melloras das infraestruturas

portuarias existentes ou a creación de novas que resulten necesarias para o axeitado desenvolvemento das actividades portuarias, adecuándose ás novas dotacións orzamentarias.

Toda esta xestión foi recollida na Lei 6/2017, de Portos de Galicia, aprobada o 12 de decembro de 2017 e que entrou en vigor o 14 de xuño de 2018. Desta maneira, a administración portuaria ten un novo marco regulador máis adaptado á realidade dos seus portos e das actividades que neles se realizan.

No sector da náutica deportiva, Portos de Galicia continúa a facer un esforzo conxunto coa Axencia Turismo de Galicia, a Secretaría Xeral para o Deporte e cos operadores privados tanto para a promoción do deporte e do turismo náutico, cos que mellorar as cifras de negocio destas instalacións e para a modificación substancial das concesións en aras de garantir e mellorar a estabilidade destes títulos. Neste senso, dende Portos de Galicia, para o vindeiro ano 2025 vaia a destinar unha partida específica para a ampliación e mellora das instalacións náutico deportivas en atención a crecente demanda de prazas de amarre.

Este escenario fixo que Portos de Galicia afrontase durante os derradeiros exercicios unha rexeneración do espazo económico, social e deportivo dos portos e das súas zonas de influencia fronte a crise económica a través de catro liñas estratéxicas de actuación: crecemento, sustentabilidade, eficiencia e TIC.

Deste xeito preténdese crear máis valor con menos impacto, o que se reflectiría na redución do consumo dos recursos e do impacto no medio natural, así como no incremento do valor dos produtos de xeito sostible.

Dentro da liña estratéxica de crecemento, entendida como xeración de negocio e de recursos económicos, actuarase para o vindeiro 2025 en:

- Afianzar os portos como centros de traballo cada vez máis seguros, de forma que se favoreza a actividade económica intrínseca ao porto.
- Integrar os portos nas redes portuarias que permitan desenvolver as súas complementariedades ao tempo que se procura unha relativa especialización.
- Transformar os portos en plataformas para a localización de novos procesos, aumentando o valor engadido das mercadorías e da pesca e contribuíndo ao desenvolvemento económico e á creación de emprego.
- Favorecer a interrelación porto-cidade mediante acordos de colaboración coas diferentes administracións, desenvolvendo a planificación urbanística que permita que os cidadáns vexan os portos como entes xeradores de desenvolvemento nun ámbito compatible coa actividade cívica.

Dentro da liña estratéxica de sustentabilidade actuarase en:

- Estimular a mellora continua do medio portuario e a súa xestión ambiental co obxecto de facilitar unha mellor comprensión do papel dos portos e o seu esforzo para chegar a un desenvolvemento sostible.
- Asegurar o máximo respecto ao medio ambiente e á paisaxe.
- Incrementar a conciencia de seguridade, tanto dende o punto da prevención de riscos laborais como da seguridade e protección dos portos e das súas instalacións de acordo coa normativa internacional en vigor.

Dentro da liña estratéxica de eficiencia actuarase en:

- Estimular a realización dos procesos dos servizos portuarios con eficiencia.
- Fomentar a comunicación entre a administración portuaria e os actores locais relevantes (usuarios, clientes, público,...).
- Mellorar e modernizar os servizos prestados nos portos.
- Xestionar de forma áxil e eficaz as actividades portuarias.
- Adoptar medidas eficaces para mellorar a calidade ambiental e a paisaxe.

Dentro da liña estratéxica de TIC actuarase en:

- Consolidar novos sistemas de xestión que faciliten ao máximo a relación dos usuarios coa administración portuaria, dotándoa dunha nova plataforma dixital e renovando o seu centro de proceso de datos.
- Afondar na mellora dos procesos administrativos internos.

Coa consecución destes eixos búscase, por unha banda, integrar aos portos galegos nunha rede que permita a súa coordinación nun sistema portuario competitivo, podendo así desenvolver as súas complementariedades; e, por outra banda, fomentar a coordinación entre os portos e as vilas en que se sitúan, máxime tendo en conta a idiosincrasia do asentamento da poboación galega na costa en forma dunha malla urbana con incidencia na actividade económica local.

En particular, recóllese a posibilidade de ir dando forma e execución aos proxectos que vaian tendo rematada a súa tramitación administrativa dependente doutras administracións en 2024. Neste senso, a disposición de servizos contratados para a redacción de estudos marítimos, ambientais, patrimoniais, de chan, anteprojectos e proxectos construtivos permitirán ir dando resposta progresiva ás necesidades que foron trasladadas polo sector e polos usuarios ao ente público.

As actuacións programadas para este exercicio e os anos vindeiros superan, entre dragaxes e melloras portuarias, as 50 actuacións. Así, e tendo en conta que estes contratos de servizo dotan de maior axilidade á tramitación dos traballos, poderanse ir acometendo, con previsións orzamentarias específicas ou xenéricas, as actuacións portuarias pertinentes.

II.4. DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

CENTRO TECNOLÓXICO DO MAR-CETMAR

O Centro Tecnolóxico do Mar-Fundación CETMAR é unha Fundación consolidada do Sector Público de Galicia con máis de 20 anos de traxectoria.

CETMAR é unha fundación pública sen ánimo de lucro, cuxo patrimonio está afecto de modo duradeiro á realización dos fins de interese xeral propios da Institución, que en xeral son todos aqueles fins que promovan unha explotación responsable do medio mariño e os seus recursos, xunto co desenvolvemento social, económico e tecnolóxico dos sectores implicados.

As accións do Cetmar abarcan todas as áreas de coñecemento relacionadas coa investigación, desenvolvemento e innovación marítimo pesqueira, tanto en produtos como en servizos e procesos, nun marco xeográfico local, nacional e internacional. Tal é así, que dende a súa creación, o Cetmar traballou con 900 institucións en máis de 70 países, onde é recoñecido como un centro internacional de referencia gracias a súa alta capacidade relacional, a súa eficiencia na xestión dos recursos na maximización dos resultados dos traballos.

Entre as características da Fundación está a súa estrutura de rede. CETMAR orixínase como un centro de coordinación interinstitucional na contorna da investigación mariña e pesqueira e por iso as seguintes institucións participan no principal órgano reitor da entidade:

- Xunta de Galicia, a través das Consellerías con competencias nas áreas do Mar, Economía Empresa e Innovación, Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e Cultura, Educación e Universidade.
- O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.
- O Centro Superior de Investigacións Científicas.
- O Instituto Español de Oceanografía.
- A Universidade de Santiago de Compostela.
- A Universidade da Coruña.
- A Universidade de Vigo.
- Anfaco- CECOPESCA.
- A Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición (AESAN).
- A Asociación Española de Almacenistas, Importadores, Transformadores e Exportadores de Produtos da Pesca e Acuicultura, CONXEMAR.

Esta estrutura fundacional permitiu que a entidade desenvolva a súa actividade en estreita colaboración coas institucións que forman parte do seu padroado.

CETMAR defínese como un centro capaz de conseguir unha coordinación interinstitucional e unha integración interdisciplinar de todos os recursos de investigación e tecnoloxía mariña

dispoñibles en Galicia, tratando de constituírse como un recurso explotable en si mesmo, de fácil acceso para todas as empresas dos sectores implicados a escala galega, nacional e internacional.

En cumprimento dos obxectivos fundacionais, Cetmar seguirá desenvolvendo proxectos de investigación e innovación aplicada para o complexo mar-industria e a prestación de servizos tecnolóxicos a empresas, institucións e administracións públicas.

A Fundación CETMAR ten por obxecto o desenvolvemento das actividades seguintes:

- Optimizar o rendemento dos equipos e infraestruturas dedicadas á investigación por medio da colaboración interinstitucional e a actuación interdisciplinar.
- A recompilación e análise dos sistemas de información dispoñibles en relación co estado de coñecemento de cada área incluíndo bases de datos técnicos, bibliografías e documentais.
- A análise de prospectiva científico-técnica nos diferentes ámbitos de actividade nacional e internacional.
- A formulación de propostas e recomendacións aos axentes activos do sector (tecnoloxías emerxentes, recomendacións de organismos internacionais, novidades nas distintas áreas, etc.).
- A realización de accións executivas concretas fronte ás demandas puntuais (análises, informes, asesoramento, axuda nas propostas e realización de actividades de investigación e desenvolvemento tecnolóxico, transferencia de tecnoloxía, formación e programas de cooperación nacional e internacional).
- O desenvolvemento destas accións formalízase a través de encomendas de execución ou xestión realizadas pola Administración da Xunta de Galicia ou dos organismos da Administración do Estado representados no Padroado da Fundación CETMAR. Considerándose para estes efectos á Fundación como ente instrumental ou medio propio das referidas administracións no ámbito competencial das mesmas.
- A realización de actividades de promoción, asesoramento e apoio ás empresas para a súa dinamización, incorporación e participación no ámbito da I+D+i.
- A colaboración con institucións, empresas e persoas sobre calquera materia relacionada co mar e os seus recursos nos termos que se establezan nos correspondentes acordos ou convenios de cooperación.
- A promoción, colaboración e organización de cursos, grupos de traballo e reunións técnicas e científicas.
- A divulgación e difusión daqueles traballos e resultados de investigación que se considere de interese.
- Desenvolvemento de proxectos e prestación de servizos tecnolóxicos no ámbito das tecnoloxías mariñas.
- A procura e obtención de recursos para o desenvolvemento das súas actividades.

- Calquera outra actividade que se considere de interese para o obxecto da Fundación.

Todos estes obxectivos realízanse a través das Áreas de especialización:

- Promoción e Transferencia de Tecnoloxía.
- Tecnoloxía dos Produtos Pesqueiros.
- Control e Xestión do Medio Mariño.
- Formación.
- Socioeconomía da Pesca.
- Unidade de Tecnoloxía Mariña.
- Cooperación Internacional.

Cetmar consolidou o seu carácter internacional desde hai varios anos, sendo o organismo da Xunta de Galicia en innovación marítima pesqueira con máis proxección internacional en este ámbito, promovendo cando menos 20 proxectos con financiamento internacional no exercicio 2023.

As licitacións e os proxectos nos que participa e pretende seguir traballando son de diferente ámbito:

- Por unha banda proxectos de carácter europeo, ámbito no que desenvolve innovación punteira en colaboración con outros países: fronteirizos (POCTEP), do arco atlántico (INTERREG), outros países pertencentes a UE ou asociados con fachada marítima (Horizonte Europa, Erasmus +, ...).
- Neste sentido hai que destacar o esforzo realizado por CETMAR durante todo o exercicio 2021, 2022 e 2023 para a consecución para Galicia dos fondos 'Next Generation', nos que CETMAR debe exercer nos próximos anos un papel estratéxico clave na súa xestión e execución (Programa de Ciencias Mariñas, Rede de Espazos de Coñecemento).
- Por outra banda, desenvolvemento de Proxectos de cooperación con terceiros países, axudando á implementación de ferramentas básicas de desenvolvemento sustentable e autosuficiencia.
- Finalmente, desenvolveranse proxectos de formación e asistencia técnica a institucións e empresas, mediante servizos especializados no ámbito mariño e dentro das Áreas especializadas detalladas anteriormente.

A actuación da Fundación CETMAR para o ano 2025 enmárcase nos grupos 2 e 3 do Plan 2021-2030, poñendo en marcha medidas para mellorar a competitividade baseadas na investigación e o desenvolvemento tecnolóxico no sector marítimo pesqueiro, nas seguintes liñas de actuación: Xestión sustentable do medio e dos recursos mariños; xestión da innovación, divulgación e transferencia de coñecemento no mundo do mar; dinamización e diversificación do tecido

social e produtivo das industrias vinculadas á economía do mar; gobernanza, marco regulatorio e políticas públicas e o seu impacto ao sector marítimo pesqueiro; seguridade alimentaria dos produtos do mar; impacto económico do complexo mar-industria; cambio climático en ecosistemas mariños e litorais; estudos e análises sobre comercialización de produtos pesqueiros.

III. ORZAMENTO DE GASTOS POR PROGRAMA

III.1. PROGRAMAS DE GASTO

III.1.1. PROGRAMA 422K - ENSINANZAS PESQUEIRAS

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Con este programa perséguese o obxectivo de garantir o funcionamento básico e a continuidade da oferta pública de calidade das ensinanzas náuticas e marítimo-pesqueiras nas súas diversas modalidades de formación non regrada marítimo-pesqueira e dos seguintes ciclos regrados de formación profesional específica: ciclo medio en navegación e pesca de litoral, ciclo superior en transporte marítimo e pesca de altura, ciclo medio en mantemento e control da maquinaria de buques e embarcacións, ciclo superior en organización do mantemento de maquinaria de buques e embarcacións, ciclo medio en cultivos acuícolas, ciclo superior en acuicultura e ciclo medio en operacións subacuáticas e hiperbáricas.

Por outro lado, o tránsito á vida laboral é un dos aspectos máis relevantes nos novos enfoques da formación profesional. Dentro das iniciativas que se teñen revelado como máis eficaces para producir con éxito ese tránsito está o modelo de empresa tutelada. Este modelo facilita un período de práctica laboral nun ámbito de empresa simulada, no cal se reproducen os medios e procesos de produción e xestión reais, pero en que a titularidade dos medios de produción é da Administración responsable do proceso de formación. Isto tamén é unha necesidade que atende este programa mediante a convocatoria de bolsas de formación para os/as titulados/as en ciclos formativos de acuicultura a realizar no IGafa.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Este programa ten carácter sectorial. As actuacións van dirixidas as persoas interesadas en acceder a unha actividade profesional relacionada co actividade económica da pesca, marisqueo e acuicultura. Tamén se realizan actuacións para a reciclaxe e actualización de profesionais relacionados coa actividade marítimo pesqueira.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A situación de partida é fomentar e potenciar a formación da poboación mariñeira, e daquelas persoas que queiran acceder ao mundo laboral do mar, tamén o acceso a formación náutico

e marítimo-pesqueira, con especial incidencia na formación permanente de persoas adultas e dos ciclos formativos profesionais de grao medio e superior.

Estas accións formativas desenvólvense nos portos e confrarías do litoral galego e nos centros de formación profesional pesqueira e de acuicultura dependentes desta consellería, situados en Ferrol, Ribeira, Vigo e a Illa de Arousa.

DEFINICIÓ DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os devanditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados. (DOUE de 30 de xuño de 2021).

Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello do 7 de xullo de 2021 polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/1004. (DOUE do 13 de xullo de 2021).

Programa Operativo plurianual de Galicia do Fondo Europeo Marítimo de Pesca e de Acuicultura (FEMPA 2021-2027).

Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro (DOG do 15 de decembro).

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A formación náutica e marítimo-pesqueira, impartida nos portos, confrarías e nos centros de ensino da Consellería do Mar, ten como finalidade a adecuación das ensinanzas as necesidades demandadas polo mercado laboral, a obtención dun emprego estable e de calidade e o aumento das condicións de acceso aos distintos sectores de produción, de extracción e servizos que xera o mundo da pesca, da acuicultura e do mergullo, alén de apoiar o relevo xeracional no mundo marítimo-pesqueiro.

A estratexia desenvolvida para acadar a finalidade deste programa baséase nas seguintes medidas:

- Dotación de equipamentos didácticos.

- Acondicionamento dos centros docentes.
- Accións de apoio e divulgación das actividades náuticas.
- Accións de apoio á formación profesional náutico e marítimo-pesqueira, a través, entre outras, da convocatoria de ordes de axudas para accións formativas (PE610A) que contribúan ao desenvolvemento da formación profesional, das novas competencias e da formación permanente do sector pesqueiro.
- Convocatoria de bolsas de formación para os/as titulados/as en ciclos formativos de acuicultura para a realización de prácticas tuteladas no IGAFA.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc.)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

As mulleres distan de atoparse en situación de igualdade cos homes no ámbito profesional do sector marítimo-pesqueiro. A poboación traballadora do sector do mar é eminentemente masculina, polo que a maioría de persoas que acceden á formación regrada e non regrada son homes. É preciso seguir reforzando esta traxectoria para ampliar as oportunidades de acceso das mulleres á formación da familia marítimo-pesqueira.

Informar que as mulleres teñen unha bonificación do 25 % nas taxas dos prezos públicos na matrícula dos cursos de especialización en materia de seguridade, supervivencia e loita contra incendios, impartidos na Aula de Seguridade e Salvamento do centro de Ferrol, co obxecto de fomentar a igualdade de mulleres e homes no ámbito da formación da familia marítimo-pesqueira.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

As actividades formativas prográmanse para realizarse en horarios que permitan a conciliación da vida familiar coa formación, fomentando deste xeito a participación dun maior número de mulleres.

Os horarios programados para a formación específica en marisqueo e cursos relacionados co tema, sector no que as mulleres son o grupo maioritario, establécense en horario de tarde.

Con esta medida conséguese que poidan exercer a súa actividade profesional e tamén familiar que é pola mañá, adaptándose a formación as súas necesidades.

Emprego de linguaxe non sexista nos itinerarios formativos regrados e non regrados e desagregación por razóns de xénero dos indicadores de seguimento utilizados.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

A ampliación da oferta formativa da familia marítimo-pesqueira, tanto nos centros de ensino dependentes desta consellería (EONP de Ferrol, EONP de Ribeira, IPMP do Atlántico de Vigo e IGAFA), como da formación impartida nos portos galegos na que se inclúe tamén a formación para a obtención de certificados de mariscador/a, percebeiro/a e recolector/a de recursos específicos con técnicas de mergullo debe dar continuidade á traxectoria seguida ata hoxe, ampliando as oportunidades de acceso das mulleres á formación da familia marítimo-pesqueira e deste xeito reducir a brecha de xénero no emprego.

Nesta mesma liña seguirase actuando, é dicir, maior oferta de cursos, para adaptarse as necesidades laborais da xente do mar e flexibilización de horarios na formación para adaptarse as xornadas de traballo do sector pesqueiro-marisqueiro e acuicultor.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

No ano 2018 impartíuse formación a 2.378 persoas das que un 35,5 % foron mulleres, observándose un aumento na porcentaxe respecto o ano 2017 que foi dun 23 %.

Indicar que no ano 2019 se formaron unhas 4.290 persoas das que un 25 % foron mulleres, observándose un descenso no porcentaxe feminino en canto o ano 2018, que puido deberse a un aumento no número de persoas que accederon a formación e que foron maioritariamente homes.

No ano 2020 impartíuse formación a 2.037 persoas das que un 30,91 % foron mulleres, observándose un aumento na porcentaxe respecto o ano 2019 que foi dun 25 %.

No ano 2021 impartíuse formación a 2.107 persoas das que un 25,8 % foron mulleres. Indicar que neste ano 2021, debido a que o contrato de formación previsto para esta anualidade quedou deserto, as persoas que se formaron foron menos das previstas inicialmente.

No ano 2022 formáronse un total de 3.343 persoas, representado as mulleres un 25,1 %.

En 2023 impartíronse 190 cursos nos diferentes portos galegos, nos que se formaron 2.750 persoas, sendo o porcentaxe de mulleres dun 28 %. Tamén dicir que nos ciclos regrados de Formación Profesional que se imparten nos centros de ensino da Consellería do Mar participaron 483 alumnos/as.

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN. EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.

Si. Nas ordes convocadas pola Consellería do Mar de axudas para accións formativas (procedemento PE610A) fináncianse entre outras, as accións formativas orientadas a promover a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, promover o papel da muller nas comunidades de pescadores/as e promover os grupos infrarrepresentados que participan na pesca costeira artesanal e no marisqueo.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

III.1.2. PROGRAMA 513A - CONSTRUCCIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN PORTUARIA

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Financiar parte dos investimentos que realiza a EPE Portos de Galicia, adscrita á Consellería do Mar, xustificando na cobertura de bonificacións recollidas na lexislación e amparadas na necesidade de apoiar a diversos sectores portuarios tales como o uso do dominio público para actividades relacionadas coa extracción e primeira venda da pesca, institucións e corporacións públicas sen ánimo de lucro, actividades de interese social e cultural, ensinanza náutica ou embarcacións tradicionais entre outras.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Os destinatarios finais dos fondos que financia este programa son os usuarios e usuarias das instalacións portuarias destinadas ao tráfico comercial, pesqueiro, pasaxe e das instalacións náutico deportivas, titularidade da comunidade autónoma.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Infraestruturas portuarias con necesidades de actualización e modernización de equipamentos e servizos xerais.

Necesidades puntuais de novos pantaláns para atraque de embarcacións mixtas.

Perda de calado en múltiples dársenas.

Necesidade de integración no territorio dende o punto de vista do paisaxe.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

A xestión portuaria autonómica fundaméntase, tal e como recolle a Lei 6/2017, do 22 de decembro de portos de Galicia, na construción, conservación, mellora, ordenación, administración, e a explotación das obras, instalacións, servizos e actividades portuarias, así como a planificación das zonas de servizo que ten adscritas e as súas futuras ampliacións, de acordo cos criterios e obxectivos de modernización e mellora permanente das instalacións e servizos portuarios procurando a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico en materias relacionadas coa explotación e a construción portuaria, a mellora do sector pesqueiro e da actividade náutico deportiva, o fomento das actividades industriais e comerciais relacionadas co tráfico portuario, a integración dos portos na contorna municipal e social dinamizando a actividade portuaria e a cultural do mar, en xeral o fomento da actividade económica no eido dos portos en beneficio da comunidade concentrada na súa zona de influencia; todo elo baixo principios de equilibrio económico-financeiro da súa explotación, de xeito que as taxas por servizos portuarios cubran os custos dos servizos. A estes efectos esta xestión poderá instrumentarse a través de plans, incluso directores de infraestruturas en materia de servizo a actividade pesqueira, comercial, náutico-deportiva, atendendo tamén a integracións desta planificación coa cadea de transporte e loxística.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Co financiamento que recibe Portos de Galicia prevese conseguir estes obxectivos:

- Ampliación e mellora das infraestruturas marítimas.
Actuacións encamiñadas ao desenvolvemento e potenciación do transporte marítimo, a mellora da seguridade na operativa, atracción de novo tráfico e desenvolvemento do transporte intermodal. Deste xesto pretendemos que exista un transporte sostible alternativo á estrada e a potenciación do desenvolvemento das comarcas que favoreza a explotación dos recursos naturais que producen un maior volume de mercadorías.
- Mellora e modernización do desenvolvemento das actividades portuarias.
Actuacións destinadas a facilitar as operacións portuarias tanto marítimas como terrestres, no incremento da calidade do valor engadido dos produtos, tanto mercadorías como pesca, manipulados nos portos, fomento da acuicultura e a mellora das actividades pesqueiras. Inclúense tamén as de almacenaxe, loxística e distribución, pasaxe e reparación.
Iso redundará na execución das operacións en condicións de seguridade e máis rendementos levando a un maior desenvolvemento do entorno máis próximo e, en consecuencia, á xeración de máis emprego.
- Incremento do atractivo do litoral galego e mellora da calidade paisaxística e medioambiental das instalacións portuarias.
Para poder potenciar o uso das actividades turísticas, de lecer e deporte nas zonas onde se sitúan os portos e desa maneira desenvolver a industria auxiliar correspondente.
Actuacións para a implantación nos portos das infraestruturas, equipamentos e procedementos necesarios para unha xestión medioambiental e paisaxística eficaz.
Elaboración dunha guía de boas prácticas nos portos en colaboración co Instituto de estudos do Territorio dependente de la consellería de medio ambiente, territorio e vivenda.
- Ordenación xeral das zonas de servizo dos portos, mellora e modernización dos servizos xerais dos mesmos.
Deste xeito intentase facilitar o desenvolvemento de distintas actividades portuarias, evitando as interferencias entre as mesmas, e ao mesmo tempo incrementar a seguridade das instalacións portuarias tanto na lámina de auga como nas superficies portuarias.
Ademais para ampliar, mellorar e modernizar as redes de servizos xerais dos portos, tales como abastecementos de auga, saneamento, subministro de enerxía eléctrica, combustible, telefonía e transmisión de datos, etc. Deste xeito, ademais de mellorar a calidade da prestación dos servizos e optimización dos consumos, perséguese a diminución dos gastos de explotación e, con iso, a optimización da xestión económica. Por iso estanse desenvolvendo iniciativas en diferentes portos para a ampliación, mellora e modernización das redes de servizos.
Xunto a isto, o estudo do clima marítimo, medicións do comportamento do medio mariño (ondas, correntes,...), a instalación de equipamento do medio mariño complementada co

equipamento tecnolóxico para o coñecemento de factores climáticos, de marea,... e coa implantación de novas tecnoloxías de control de información. Neste aspecto, levaranse a cabo investimentos para o desenvolvemento de enerxías renovables, a mellora das redes de servizos portuarios e o equipamento tecnolóxico que permita o procesamento de datos técnicos, climáticos e medio ambientais nos portos, que se complementará coa xa existente nos de Interese Xeral galegos.

- Mellora da xestión organizativa do porto e adaptación as novas TIC.

Para poder conseguir o incremento da eficacia e da eficiencia dos portos e do propio sistema portuario, favorecendo unha relación áxil e cómoda dos clientes e usuarios coa administración portuaria e o uso das novas tecnoloxías da comunicación e información. Para elo levarase a cabo a instalación dunha plataforma dixital especializada así como a renovación do centro de proceso de datos que permita modernizar e ampliar os actuais sistemas de información.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc.)	X
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica.

III.1.3. PROGRAMA 514A - INFRAESTRUTURAS PESQUEIRAS

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

As necesidades de dotación de equipamentos pesqueiros dos portos coa finalidade de modernizar e desenvolver os portos e fondeadoiros de pesca para mellorar os servizos ofrecidos e así convertelos nunha vantaxe competitiva.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Ao sector pesqueiro galego, con especial incidencia nos pescadores/as e mariscadores/as. Tamén atende necesidades doutros colectivos ligados ao sector pesqueiro como redeiras/os.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

O sistema portuario pesqueiro galego presenta na actualidade un aceptable nivel de equipamento e unha ampla dotación que en xeral se atopa en bo estado de funcionamento, contando a practica totalidade cos servizos básicos e naqueles máis relevantes con servizos máis especializados. Aínda así hai deficiencias das instalacións ben sexa pola súa antigüidade e/ou por presentar problemas de obsolescencia tecnolóxica que obriga a súa modernización.

Da revisión das instalacións dos portos aparecen como elementos máis críticos o sistema informatizado de poxa nun estado de obsolescencia tecnolóxica avanzada e por outro as instalacións frigoríficas e de iluminación que presentan unha alta ineficiencia enerxética.

Existe unha moderada deficiencia de algúns equipamentos en especial nos adaptados a pequenas lonxas (frío, xeo) así como na dotación de clasificadoras de produto, tanto de bivalvos como de cefalópodos.

Un problema singular é a deficiencia no ancho de banda para o acceso a internet para a prestación dos servizos informatizados. Hai moitos portos onde os servizos se prestan a través da rede móbil cos problemas que isto presenta. Noutros ó acceso é por liña telefónica convencional e noutros aínda con fibra óptica o ancho de banda é reducido. A modernización do sistema de rastrexabilidade das notas de descarga e da poxa informatizada están condicionadas en gran medida por esta situación.

Polo indicado faise necesario realizar investimentos novos nas seguintes liñas de actuación:

- Operatividade portuaria: Comprende aquelas actuacións ou dotacións relacionadas coas operacións de atraque dos buques, descarga da pesca e ao movemento de cargas dentro do porto tanto sexan produtos pesqueiros como elementos auxiliares da pesca e outros.
- Primeira venda: Comprende aquelas actuacións ou dotacións implicadas no proceso de posta no mercado dos produtos pesqueiros dentro do ámbito portuario.
- Servizos portuarios: Comprende aquelas actuacións vinculadas á prestación de servizos ás actividades pesqueiras en calquera das súas fases e necesidades.
- Rastrexabilidade: Comprende aquelas actuacións implicadas no seguimento e control da actividade e a prestación de servizos administrativos informatizados.
- Servizos ás persoas: Agrupa a aquelas instalacións e servizos que melloran a calidade das condicións de traballo dos colectivos do mar e promoven a igualdade de xénero.
- Descartes, residuos e refugallos mariños: Comprende as actuacións dirixidas á eliminación de residuos e refugallos da actividade pesqueira e aquelas dirixidas a dar cumprimento ao establecido no artigo 15 do Regulamento (UE) nº 1380/2013 e no artigo 8, apartado 2, letra b), do Regulamento (UE) nº 1379/2013.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os devanditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados. (DOUE de 30 de xuño de 2021).

Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello do 7 de xullo de 2021 polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/1004. (DOUE do 13 de xullo de 2021).

Programa Operativo plurianual de Galicia do Fondo Europeo Marítimo de Pesca e de Acuicultura (FEMPA 2021-2027).

Plan de Equipamentos nos portos pesqueiros de Galicia 2030.

Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A modernización e adecuación dos portos pesqueiros de Galicia as necesidades que demandan, por un lado, as garantías de calidade organoléptica e sanitaria, a rastrexabilidade do produto, a adecuación ás novas tecnoloxías e formas de comercialización, a xestión intelixente e dixitalizada no portos, a mellora da protección do medio ambiente e por outro, a mellora das condicións de traballo e de seguridade nos portos, así como a mellorar as infraestruturas para facer fronte aos eventos meteorolóxicos provocados polo cambio climático.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc.)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

O programa financia gastos xerais en bens, servizos, proxectos e infraestruturas accesibles a toda a poboación.

Ata hai unha década as condicións nas que as mulleres desenvolvían a súa actividade non eran as máis axeitadas, sendo un obstáculo a superar para favorecer a incorporación ao sector pesqueiro en igualdade. Na actualidade están censadas moitas mulleres no sector extractivo da pesca e do marisqueiro; xunto con este colectivo débese ter en conta a aquelas mulleres que se dedican á compra de produtos pesqueiros, das que se carece estudos que permitan cifrar a súa presenza nas lonxas dos portos pesqueiros.

Respecto ás actividades previstas, é difícil determinar con exactitude a situación de partida no que se refire ás cuestións de xénero sobre o que se desenvolverá este programa; non contando, no momento actual con datos estatísticos relativos á realidade obxecto do programa.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

As actividades previstas comprenden a todos/as os/as usuarios/as do porto pesqueiro onde se realizan as actuacións. Os proxectos que se financian, non teñen beneficiarios directos afectando indistintamente a mulleres e homes; aínda que o número de mulleres que se poden ver afectadas por estas actuacións non está claro, a súa posta en marcha pode ter impacto no seu traballo e na súa xornada laboral.

A mellora das condicións de acceso aos equipamentos portuarios fomenta a participación das mulleres na actividade da primeira venda, ao mellorar as condicións de traballo e incorporar servizos que facilitan o desenvolvemento do traballo polas mulleres (vestiarios e servizos, locais de traballo con mellor acceso, equipos de manipulación de cargas e outros).

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Sendo difícil determinar, o número de mulleres que se poden ver afectadas por estas actuacións non está claro, a súa posta en marcha pode ter impacto no seu traballo e na súa xornada laboral.

Agárdese que ao contemplar a presenza de mulleres como usuarias no deseño dos equipamentos portuarios e ao incorporar nestes recintos servizo que facilitan o desenvolvemento do traballo realizado por mulleres, se contribúa á redución da brecha de xénero.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

III.1.4. PROGRAMA 541C - PROTECCIÓN, CONTROL TÉCNICO-SANITARIO DOS PRODUCTOS DO MAR, MELLORA DO MEDIO NATURAL MARIÑO E SALVAMENTO MARÍTIMO

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Protección e seguridade das persoas e dos recursos do medio natural marítimo como espazo no que se desenvolve a actividade pesqueira, marisqueira e acuícola, de xeito que constitúe non só o marco xeográfico común a estas actividades senón tamén o seu obxecto principal, posto que a conservación do medio e a preservación fronte a malas prácticas é o fundamento para a rendibilidade e a continuidade deste sector estratéxico.

Lograr unha explotación sostible dos recursos de interese pesqueiro, establecendo medidas de protección específicas e áreas delimitadas dos caladoiros tradicionais. Estas áreas en cuxa selección tense en conta o seu estado de conservación, reúnen determinadas características que permiten a mellora das condicións de reprodución das especies de interese pesqueiro e a supervivencia das súas formas xuvenís.

O interese, entre outros, é a promoción dun equilibrio sostible entre os recursos e a capacidade de pesca, o fomento da protección e mellora do medio ambiente e dos recursos naturais e promover o desenvolvemento na mellora da calidade de vida en zonas con actividades no sector da pesca.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Traballadores/as do sector pesqueiro e marisqueiro, consumidores e en xeral a todo o sector en cuxo ámbito territorial se produzan as condicións nos bancos marisqueiros que permitan establecer zonas protexidas das reservas mariñas.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Existencia dun risco permanente para a seguridade das persoas do mar e para a estabilidade do medio mariño, entre os que cobran especial importancia os accidentes no mar, a contaminación das augas e as malas prácticas e accións ilegais na actividade extractiva.

Na actualidade os espazos delimitados con especial protección estanse consolidando como zonas de interese pesqueiro ao permitir unha explotación sostida dos recursos mariños.

Por outro lado os espazos delimitados como de protección integral nos que unicamente se permiten actividades para a toma de mostras de flora e fauna con fins científicos e expresamente autorizados, están a achegar información valiosa que indican a consolidación.

Pártese de caladoiros tradicionais e desde o ano 2007 estanse pedindo investimentos que xeren sensibilización ambiental entre a poboación, o control e vixilancia das zonas protexidas que faciliten a rexeneración, conservación e protección da flora e da fauna do medio marítimo e da súa diversidade e a explotación controlada e planificada que permita a sostibilidade económica da poboación. Así mesmo establécese un protocolo científico que permite ir avanzando na consolidación da zona como de interese pesqueiro.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Plan de continxencias mariñas e loita contra o furtivismo.
- Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia.
- Lei 6/2009, do 11 de decembro, de modificación da Lei 11/2008 de pesca de Galicia.
- Decreto 87/2007, do 12 de abril, polo que se crea a reserva mariña de interese pesqueiro "Os Miñarzos".
- Orde do 27 de novembro de 2007 polo que se regula o uso e xestión da reserva mariña de interese pesqueiro "Os Miñarzos".
- Decreto 28/2009, do 29 de xaneiro, polo que se crea a reserva mariña de interese pesqueiro "Ría de Cedeira".
- Orde do 26 de febreiro de 2009 pola que se modifica a Orde do 27 de novembro de 2007 polo que se regula o uso e xestión da reserva mariña de interese pesqueiro "Os Miñarzos".
- Lei 4/2023, do 6 de xullo, de Ordenación e Xestión Integrada do Litoral de Galicia (LOXILGA)

Requírese a colaboración do Centro de Investigacións Mariñas e do Instituto Galego de Formación en Acuicultura.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

O litoral de Galicia ten un grande valor estratéxico derivado do feito de albergar espazos de grande importancia ecolóxica, cultural, social e económica.

A utilización intensiva dos espazos costeiros xera unha serie de desequilibrios ambientais que inciden directamente sobre os recursos pesqueiros e consecuentemente sobre a actividade

económica e profesional o que depende deles. Isto deriva na necesidade de xestionar de forma coherente a pesca e demais actividades con incidencia no litoral, e de adoptar medidas específicas de protección das especies e hábitats asociados, en especial o control da actividade e a loita contra a contaminación.

Para iso establecemos espazos naturais no medio mariño con distintos niveis de protección que afectan a bancos mariños naturais e nos que se establecen vedas de reserva que permitan a recuperación das especies.

Esta estratexia mantida no tempo facilitará a sustentabilidade económica, ata a consolidación definitiva a partir do cal estas zonas serán xestionadas polo propio colectivo que estea directamente afectado, a sustentabilidade social e ambiental do contorno.

A dita conservación e preservación non pode facerse fronte ao sector, senón ao contrario, da súa man e coa súa implicación activa. Este convencemento está na base da creación e posta en marcha de reservas mariñas de interese pesqueiro, co obxectivo de conservar a riqueza natural das áreas mariñas e dotar ao sector de mecanismos específicos de conservación e de xestión pesqueira compartida.

Existen factores de risco para a estabilidade do medio mariño, e máis concretamente para a conservación dos recursos de interese pesqueiro, entre os que cobran especial importancia a contaminación das augas e as malas prácticas na actividade extractiva. Por iso resulta imprescindible contar cos suficientes mecanismos de control e prevención que garantan a detección e a reparación de posibles danos.

Así, os principios que inspiran este programa son os seguintes:

- Evitar os danos producidos por episodios de contaminación.
- Prevención e control das actividades que poidan afectar negativamente á sustentabilidade dos recursos mariños, especialmente os de interese pesqueiro, así como dos seus hábitats.
- Aplicación da normativa sobre calidade das augas e da produción de moluscos bivalvos e outros organismos procedentes da pesca, o marisqueo e a acuicultura. En concreto, o control das condicións oceanográficas, bioxeoquímica mariña e poboacións fitoplanctónicas, das biotoxinas mariñas, da contaminación química e da contaminación microbioxica, tanto no referente aos organismos coma ás zonas de produción.
- A investigación para o coñecemento e control das patoloxías dos organismos mariños sometidos á explotación comercial mediante a pesca, o marisqueo e a acuicultura.
- A recompilación de toda clase de información técnica, científica e operacional, elaborando e mantendo bases de datos ao respecto cara a afondar na observación oceanográfica ao obxecto de proporcionar respostas a situacións de emerxencia no mar (contaminación mariña accidental, seguimento de obxectos á deriva,...).

- Asesoramento e apoio ao sector para a definición e establecemento de novas figuras de protección e xestión de áreas mariñas de interese pesqueiro, e a mellora dos seus mecanismos de xestión.

Actividades:

- Prevención e control da contaminación do medio natural mariño.
- Dotación de medios á inspección pesqueira e ao salvamento marítimo.
- Control da actividade pesqueira.
- Mellora no control das accións ilegais na explotación dos recursos.
- Contribuír á seguridade da vida humana no mar, participando en tarefas de rescate e salvamento.
- Aplicación da normativa sobre a calidade das augas e da produción de moluscos bivalvos e outros organismos procedentes da pesca, o marisqueo e a acuicultura (Regulamento UE 2017/625).
- Seguimento e control das patoloxías dos organismos mariños sometidos a explotación comercial mediante a pesca, o marisqueo e a acuicultura.
- Decretar a apertura e o peche do exercicio da actividades pesqueira, do marisqueo e da acuicultura en función do resultado dos controis que se realicen sobre a calidade das augas e dos produtos.
- Mantemento das dúas reservas mariñas de interese pesqueiro existente e outras figuras de preservación dos recursos mariños.
- Transferencias de financiamento da consellería da actividade do Intecmar.
- Control da calidade do medio mariño, e en particular o control do cumprimento dos obxectivos ambientais nas augas costeiras do litoral de Galicia.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	

Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc.)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Este programa configúrase como un instrumento para fomentar sistemas de xestión e ordenación pesqueira baseados nun modelo de explotación sostible, de xeito que se garanta a pesca e a preservación dos recursos e dos hábitats, harmonizando os intereses dos/as diversos/as usuarios/as. Estas figuras de protección e xestión quedan sometidas a un réxime específico de usos permitidos e condicións de acceso.

Dentro do desenvolvemento deste programa contéplase unha actividade de monitoreo social, concibido como un método de análise para a identificación e valorización de indicadores sociais no escenario da Remip (usuarios/as directos/as e poboación local). En todos os indicadores está implantada transversalmente a variable de xénero.

Respecto das actividades previstas, polas súas características e diversidade, máis ben orientadas a actuacións sobre o medio mariño nas reservas mariñas, é difícil determinar con exactitude a situación de partida no que se refire a cuestións de xénero. Precisamente unha vez realizadas as avaliacións dos indicadores sociais é probable que se obteñan datos relevantes sobre a igualdade de oportunidades de mulleres e homes.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	

Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Fomentar a participación da poboación afectada polas zonas de reserva mariña (usuarios/as directos/as e poboación local) no respecto e na conservación do ecosistema mariño; respectando o principio de igualdade na formulación de propostas sobre a xestión destes espazos.

Contemplan a paridade de xénero na composición do órgano de xestión, seguimento e control (OXESCO), tanto nos/as representantes das consellerías, como nos/as representantes do sector pesqueiro.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Fomentar a participación da poboación afectada polas zonas de reserva mariña (usuarios/as directos/as e poboación local) no respecto e na conservación do ecosistema mariño; respectando o principio de igualdade na formulación de propostas sobre a xestión destes espazos.

Contemplan a paridade de xénero na composición do órgano de xestión, seguimento e control (OXESCO), tanto nos/as representantes das consellerías, como nos/as representantes do sector pesqueiro.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

O desenvolvemento das accións incluídas neste programa que corresponden ao Intecmar, non teñen impacto dende o punto de vista do xénero, porque son accións dirixidas sobre o medio mariño.

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN. EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.

As accións levadas a cabo polo Intecmar, por mor das funcións que este organismo ten encomendadas, de control da calidade do medio mariño, non permiten desenvolver estratexias para a incorporación da perspectiva de xénero na xestión.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica.

Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia.

III.1.5. PROGRAMA 561A - PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Este programa ten como finalidade desenvolver as actividades de I+ D+I no sector pesqueiro, marisqueiro e da acuicultura mariña no ámbito marítimo no que desenvolve as súas competencias a Consellería do Mar. O sector produtivo pesqueiro ten que reforzar a introdución de novas ideas e procesos que incrementen a eficacia e eficiencia da súa actividade e deben adaptarse ás demandas e innovacións que melloren a calidade dos produtos e garanten un subministro de alimentos sans á cidadanía, polo que o incremento de I+D+I é unha das principais necesida-

des do sector. Por iso, no 2025 incrementaranse as actuacións de desenvolvemento de actividades innovadoras coa participación en novos proxectos e accións de investigación fomentando o incremento das actuacións de desenvolvemento tecnolóxico de colaboración empresarial con centros tecnolóxicos e de investigación e o impulso da transferencia tecnolóxica.

A labor de investigación busca solucionar os problemas concretos que presenta o sector relativos aos aspectos biolóxicos que mediatizan o seu desenvolvemento (taxas de mortalidade, plans de cultivo, explotación de novas especies).

Así mesmo, deben achegar innovación ao sector produtivo a través da transferencia de coñecementos e a tecnoloxía asociada a estes, adquiridos por medio da investigación (produción de semente, cultivo en minicriadoiros, protocolos de actuación, identificación de toxinas, detección de procesos patolóxicos, etc.).

Doutra banda, o programa contribúe á formación de persoal investigador, tanto técnico como titulados e tituladas superiores, para acadar unha masa crítica que garante unha maior optimización e utilización dos recursos mariños.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Estas accións de investigación van dirixidas aos principais colectivos que realizan aproveitamento dos recursos mariños vivos a través da pesca, do marisqueo e da acuicultura de moluscos bivalvos, peixes e algas; que se agrupan tanto nas confrarías de pescadores como nas agrupacións de produtores ou organizacións de produtores pesqueiros ou da acuicultura. Esta investigación tamén vai dirixida cara ás empresas do sector pesqueiro e á colaboración con outros centros tecnolóxicos e de investigación tanto de nivel autonómico, nacional ou internacional.

Gran parte do coñecemento xerado a través da actividade investigadora adquire carácter universal por medio da publicación dos traballos e dos logros alcanzados en revistas científicas de maior reputación mundial.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Cómpre consolidar os centros tecnolóxicos e de investigación dependentes da Consellería do Mar para que contén cos medios e co persoal cualificado para desenvolver este tipo de actividades, e de incentivar o aumento da competitividade empresarial coa mellora tecnolóxica, a formación e a innovación que son prioridades sinaladas polo Plan Estratéxico de Galicia.

A estrutura produtiva actual de Galicia caracterízase polo reducido tamaño das empresas e unha especialización sectorial na que non destacan as actividades de alta tecnoloxía. Os sec-

tores da pesca e da acuicultura non escapan a esta caracterización e faise necesario un cambio de cultura empresarial, para que se pase a considerar I+D+i como un factor estratéxico para o futuro. Co fin de non hipotecar a independencia científica e tecnolóxica, e competir no desenvolvemento do noso tecido económico, é moi importante apostar por unha investigación básica suficiente e de calidade.

Na execución deste plan xogará un papel moi importante toda a comunidade científica galega, sen exclusión de ninguén, coa necesaria coordinación por parte deste departamento, na procura de optimizar o capital humano co que conta Galicia, implicándoos no desenvolvemento das distintas accións programadas, evitando que os técnicos traballen sen coordinación e sen coñecemento das distintas iniciativas que se pretenden desenvolver. No desenvolvemento deste plan xogará un papel moi importante o Centro de Investigacións Mariñas da Consellería do Mar, nas súas sedes de Ribadeo e Vilanova de Arousa, así como o Cetmar.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O programa participa nas convocatorias europeas de I+D: INTERREG Europe, Horizon Europe programme.

Así mesmo, determinadas accións enmárcanse no convenio asinado entre a Consellería do Mar e a Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas, M.P. (CSIC), a Fundación Pública Galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (CESGA), O Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño (INTECMAR), a Fundación Centro Tecnolóxico do Mar (CETMAR), a Universidade de Santiago de Compostela (USC), a Universidade de Vigo (UVIGO), a Universidade da Coruña (UDC) para a realización do Programa de ciencias mariñas dentro dos plans complementarios de I+D+i do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A labor de investigación busca solucionar os problemas concretos que presenta o sector relativos aos aspectos biolóxicos que mediatizan o seu desenvolvemento (taxas de mortalidade, plans de cultivo, explotación de novas especies).

Así mesmo, búscase transferir ao sector produtivo a tecnoloxía acadada (produción de semente, cultivo en minicriadoiros, protocolos de actuación, etc.).

Doutra banda, o programa contribúe á formación de persoal investigador, tanto técnico como titulados e tituladas superiores, para acadar unha masa crítica que garante unha maior optimización e utilización dos recursos mariños.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc.)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Este programa leva a cabo accións de investigación, desenvolvemento e innovación no sector pesqueiro. Os beneficiarios son a sociedade galega en xeral, no caso de demanda pública de investigación, ou empresas que demandan colaboracións ou servizos en proxectos de I+D+i. Non é doado afrontar estas tarefas dende unha perspectiva de xénero cos beneficiarios potenciais, pero si ter en conta esta dende o punto de vista dos actores do programa.

Dende unha perspectiva de xénero, os actores executores destas accións son investigadores, tecnólogos e persoal de apoio á I+D+i, que ou ben forman parte dos cadros de persoal dos centros de investigación ou ben son contratados ex profeso para realizar ou colaborar nestes proxectos.

Neste último caso, os procesos selectivos de persoal laboral temporal incorporan nas súas bases previsións legais que garanten unha perspectiva de xénero. Tal é o caso das Comisións de selección dos candidatos que son constituídas seguindo o principio de paridade entre homes e mulleres, nos termos establecidos no artigo 48 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

E tamén que en caso de empate, este resolverase a favor da muller no suposto de infra-representación do sexo feminino (entendendo por tal, cando exista unha diferenza porcentual de, polo menos vinte puntos entre o número de mulleres e o número de homes), de conformidade

co disposto no artigo 49 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Como obxectivo en materia de igualdade que pode ser de aplicación no desenvolvemento das accións deste programa pode ser acadar, de ser o caso, unha representación equilibrada de homes e mulleres en todas as categorías profesionais do persoal que leva a cabo o programa.

Este obxectivo xa é cumprido en moitas categorías profesionais onde tradicionalmente as mulleres teñen demostrado unha cualificación media superior, como é o persoal de laboratorio (analistas e auxiliares de laboratorio) e recentemente no persoal investigador, pola mellor competencia no proceso formativo académico respecto aos varóns.

Aínda que as series publicadas polo INE mostran unha lenta pero constante mellora das condicións cara a igualdade, é necesario reforzar esta traxectoria para ampliar as oportunidades das mulleres na sociedade do coñecemento.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	

Outros (especificar)	
----------------------	--

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

As actividades previstas comprenden inicialmente a todo o sector pesqueiro e da acuicultura, aos que se deben sumar todos os integrantes da cadea de valor asociada ao desenvolvemento destas actividades (transformación, comercialización, estaleiros, abastecemento de subministros e servizos de reparacións), e por extensión pódese considerar que poden afectar a toda a sociedade.

Convocatoria de acceso a financiamento de proxectos de investigación nos que se contemple a igualdade de oportunidades para ámbolos dous xéneros; eliminando aqueles requirimentos que poidan establecer situacións discriminatorias por este criterio.

Uso de linguaxe inclusivo nas convocatorias e desagregación dos indicadores de seguimento empregados.

Nas convocatorias de bolsas para a incorporación de persoal nos distintos equipos investigadores, procurarase introducir, sempre que legal e temporalmente sexa posible, requisitos e cláusulas dirixidas a fomentar a igualdade de oportunidades entre ámbolos dous xéneros.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Respecto dos programas de investigación financiados co programa 56 I A é difícil determinar con exactitude a situación de partida desde a perspectiva de xénero.

En calquera caso, o I+D+i constitúe un factor estratéxico para coñecer o impacto da investigación no desenvolvemento do noso tecido económico, apostando por unha participación paritaria de mulleres e homes cara a alcanzar un sociedade do coñecemento saudable e igualitaria.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

Este programa non tivo efectos salientables dende o punto de vista do xénero.

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN. EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.

Neste centro directivo, non.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica.

Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

III.1.6. PROGRAMA 721A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE POLÍTICAS PESQUEIRAS

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Este é o programa de soporte do funcionamento dos servizos administrativos da consellería, distribuídos nos seus diferentes centros xestores: servizos centrais, departamentos territoriais en Celeiro, Vigo e A Coruña, e as xefaturas comarcais localizadas en Ferrol, Ribeira, Pontevedra e Camil, así como á mellora de infraestruturas nos citados centros administrativos co fin de conseguir unhas mellores condicións de traballo para o persoal ao servizo da consellería e en xeral os investimentos asociados ao funcionamento dos servizos administrativos.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Persoal da Consellería do Mar así como as persoas usuarias dos seus servizos.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A consellería, nos seus servizos centrais, ten centros xestores situados en diferentes edificios e lugares da cidade. Na necesaria coordinación, esta dispersión provoca un incremento de gastos, tanto correntes, como de investimento asociado ao funcionamento operativo dos servizos. Dispón, así mesmo, dunha importante flota de vehículos asociados ás súas funcións básicas.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Disposicións legais: Na execución deste programa veranse afectadas as principais leis de dereito administrativo (procedemento, persoal, xestión orzamentaria, contratación...).

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

As actividades nas que se concreta a estratexia deste programa son as seguintes:

- Xestión do persoal da Consellería do Mar.
- Tramitación do gasto corrente e investimentos asociados ao funcionamento dos servizos administrativos, tanto centrais como periféricos, así como a realización de tarefas de xestión económico-administrativa.
- Implantación da tramitación electrónica nos procedementos de axudas e autorizacións da Consellería do Mar.
- Realización de estudos e traballos técnicos en temas xerais da consellería e demais actividades de apoio que lle sexan encomendadas.
- Coordinación dos servizos e centros administrativos dependentes da consellería.
- Tramitación de toda a produción normativa no eido do mar da Xunta de Galicia.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc.)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica.

III.1.7. PROGRAMA 722A - PROMOCIÓN SOCIAL E DIVULGACIÓN DA TECNOLOXÍA PESQUEIRA

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A extrema dependencia dalgunhas áreas da costa da actividade pesqueira e a crecente limitación nas capturas fai necesario crear as condicións para diversificar as actividades do sector pesqueiro e das comunidades litorais. Isto fai necesario o contar con programas que favorezan esta diversificación tanto a través da formación como do fomento de actividades alternativas.

Por outra banda, a contorna na que se desenvolve o traballo da pesca presentan esta actividade como unha profesión coas condicións de traballo máis difíciles, o que contribúe á falta de atractivo entre a xente nova, dificultando o relevo xeracional e a modernización do sector.

Tamén resulta moi importante implementar medidas para fomentar o acceso da muller ó sector pesqueiro marisqueiro e da acuicultura , fomentar o asociacionismo entre ese colectivo e o acceso os cargos directivos dos órganos reitores das Confrarías de pescadores.

Este programa recolle actuacións dirixidas á formación do colectivo que lles permita acceder e explotar axeitadamente as tecnoloxías precisas para unha mellor explotación, xestión e comercialización dos recursos mariños , a emprender novas actividades que complementen os seus ingresos e fomentar a participación das mulleres nestas actividades.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Este programa ten un carácter sectorial e vai dirixido aos traballadores e traballadoras do sector pesqueiro e marisqueiro.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Aínda existindo amplas actuacións dirixidas a formación formal, non se atopan cubertas por estas todas as necesidades de formación e información dos activos do sector pesqueiro cando se trata de poñer en marcha actividades de diversificación na pesca e nas comunidades pesqueiras. Para que isto non supoña un lastre ao seu desenvolvemento e de cara a afianzar todas as accións de diversificación e ampliación da base económica costeira, hai que manter e fomentar as actividades mediante actuacións de fomento e divulgación das novas tecnoloxías e de reciclaxe e posta o día dos coñecementos e no apoio a colectivos sociais que actúan na defensa da cultura e o saber facer da pesca de Galicia. Resulta igualmente necesario o través de xornadas divulgativas fomenta la participación da muller nas actividades extractivas e a participación nos órganos directivos das entidades asociativas do sector en especial no seo das confrarías de pescadores.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 9/1993, do 8 de xullo de Confrarías de pescadores de Galicia.
- Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia.
- Lei 6/2009, do 11 de decembro, de modificación da Lei 11/2008 de pesca de Galicia.
- Decreto 8/2014, do 16 de xaneiro, polo que se regulan as confrarías de pescadores de Galicia e das súas federacións, modificado polo Decreto 64/2018, do 7 de xuño.
- Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao

Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os devanditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados. (DOUE de 30 de xuño de 2021).

- Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello do 7 de xullo de 2021 polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/1004. (DOUE do 13 de xullo de 2021).
- Programa Operativo plurianual de Galicia do Fondo Europeo Marítimo de Pesca e de Acuicultura (FEMPA 2021-2027).

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

O obxectivo marcado é fomentar a diversificación de actividades do sector pesqueiro mediante a posta en marcha de programas de formación, de actuacións de demostración e de apoio ás iniciativas de novas actuacións. Apoio aos colectivos que promoven a defensa do saber facer da pesca de Galicia. Outra liña de actuación é o prestar asesoramento e asistencia técnica ás confrarías de pescadores en colaboración coas súas Federacións, e a outras organizacións sectoriais. E outra e o asesoramento as mulleres para fomentar a súa participación nas actividades extractivas e no goberno das entidades representativas do sector en colaboración coas súas asociacións representativas ou ben directamente a través de xornadas informativas realizadas pola propia Dirección Xeral.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc.)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Non se coñece, nas actuacións realizadas en anos anteriores, ningunha situación de partida que poida considerarse discriminatoria no que se refire á igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Respecto das actividades previstas, polas súas características e diversidade, non é posible determinar a situación en canto a cuestións de xénero.

Procurarase introducir sempre que legal e temporalmente sexa posible, nos contratos, convenios e demais figuras contractuais utilizadas para o desenvolvemento das actividades, cláusulas dirixidas a fomentar a igualdade. Tamén se procurará a realización de actividades dirixidas ó fomento dunha participación moito mais activa e relevante da muller no sector extractivo e fomentar a súa participación nos procesos electorais para a elección dos órganos de goberno das entidades representativas dos intereses do sector mediante a constitución de candidaturas formadas exclusivamente por mulleres ou ben mixtas pero cunha preponderancia nas candidaturas das mesmas.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	X
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	

Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

As actividades previstas comprenden inicialmente a todo o sector pesqueiro e pódese considerar que son para toda a sociedade.

Desagregación por sexo dos indicadores en todas as actuacións.

Realización de actuacións para mulleres nos plans e prioridades do programa.

Fomentar a creación de empresas relacionadas co sector pesqueiro e as actividades relacionadas directamente coa pesca nas que se valore favorablemente a presenza de mulleres ou que sexan creadas a iniciativa de mulleres.

Impulsar a participación das mulleres no funcionamento das confrarías de pescadores, adaptando a normativa reguladora das mesmas; así como promover a paridade de xéneros na composición dos órganos reitores das ditas entidades.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

As intervencións a través da diversificación de actividades do sector pesqueiro e o apoio ás iniciativas de novas actuacións pode proporcionar datos relevantes sobre a presenza da muller no entorno pesqueiro; a avaliación dos indicadores será básica e necesaria para contar con datos relativos á realidade das intervencións acometidas.

A posta en funcionamento de iniciativas públicas que promovan o emprendemento por parte do conxunto de persoas que viven da actividade pesqueira, que axuden a completar os seus ingresos e que fomenten una participación máis activa e comprometida das mulleres, redundará nunha mellor calidade de vida e na construción dunha sociedade máis xusta e igualitaria.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

III.1.8. PROGRAMA 723A - COMPETITIVIDADE E MELLORA DA CALIDADE DA PRODUCCIÓN PESQUEIRA E DA ACUICULTURA

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Este programa do novo fondo europeo FEMPA constitúe unha continuidade do programa do FEMP aínda que ten matices, pero como ata agora, neste programa encádranse actuacións a fomentar a pesca sostible e a recuperación e conservación dos recursos biolóxicos acuáticos.

No programa inclúense as medidas para fomentar as actividades sostibles de acuicultura contribuíndo así á seguridade alimentaria na Unión.

Este programa acolle tamén o apoio ás actuacións dirixidas a permitir unha economía azul sostible nas zonas costeiras, insulares e interiores, e fomentar o desenvolvemento das comunidades pesqueiras e acuícolas; así como reforzar a gobernanza internacional dos océanos e permitir que os mares e océanos sexan seguros, protexidos, limpos e estean xestionados de maneira sostible.

Por outro lado, para este ano 2025, hai dúas actuacións, coa súas correspondentes partidas orzamentarias, no ámbito da acuicultura relacionadas con Plan de recuperación, Transformación e Resiliencia.

Apoiaranse medidas que favorezan a recompilación de datos e a mellora da xestión responsable e sostible das zonas de produción que garantan a viabilidade económica do sector sen prexudicar ao medio mariño; así como medidas que favorezan a protección, conservación e sustentabilidade dos recursos mariños.

Neste marco cobran especial importancia as actividades realizadas en colaboración cos profesionais dirixidas á mellora da calidade dos recursos marisqueiros por mor do status sanitario das augas de produción, que non son aptos para unha explotación comercial rendible.

As tendencias de desenvolvemento deste sector veñen marcadas polo fomento de medidas de creación de grupos locais que dinamicen económica e socialmente as poboacións dependentes da pesca que humanicen e confiran atractivo á actividade, así como pola necesidade de

impulsar métodos respectuosos co medio e medidas que incrementen o valor de mercado das especies capturadas.

No FEMPA 2021-2027 tamén se dará cabida á iniciativa do sector pesqueiro no establecemento de novos mecanismos de xestión dos recursos, promovendo plans e proxectos de xestión, impulsando o coñecemento científico do medio, facilitando o asesoramento técnico na explotación ou participando no control responsable, por citar exemplos de actuacións tendentes ao obxectivo último de acadar o desexable equilibrio entre explotación e conservación, é dicir, a explotación sustentable.

Por outra parte o establecemento de medidas de seguimento científico e de control de acceso as zonas e recursos pesqueiros e marisqueiros contribúen a obter uns produtos de calidade.

Aquí inclúense tamén as accións de preparación, xestión, seguimento, avaliación, control e auditoría do FEMPA 2021-2027. Estas actuacións constitúen o apoio técnico aos organismos intermedios da autoridade do FEMP para poñer en marcha e xestionar as operacións subvencionables con cargo a este fondo comunitario.

A través do programa xestionaranse os seguintes obxectivos do Programa FEMPA 2021-2027:

- Reforzar as actividades pesqueiras que sexan económica, social e medioambientalmente sostibles.
- Aumentar a eficiencia enerxética e reducir as emisións de CO2 mediante a substitución ou modernización dos motores dos buques pesqueiros.
- Promover o axuste da capacidade de pesca ás posibilidades de pesca en caso de paralización definitiva das actividades pesqueiras e contribuír a un nivel de vida axeitado en caso de paralización temporal das actividades pesqueiras.
- Promover no sector pesqueiro un control e unha execución da normativa eficientes, incluída a loita contra a pesca INDNR, e a obtención de datos fiables que permitan tomar decisións baseadas no coñecemento.
- Contribuír á protección e recuperación da biodiversidade e ecosistemas acuáticos.
- Promover actividades acuícolas sostibles, especialmente reforzando a competitividade da produción acuícola, garantindo ao mesmo tempo que as actividades sexan medioambientalmente sostibles a longo prazo.
- Promover unha economía azul nas zonas costeiras, de interior e das illas, e perseguir o desenvolvemento das comunidades pesqueiras e acuícolas.
- Fortalecemento da xestión sostible dos mares e os océanos mediante a promoción do coñecemento do medio mariño, a vixilancia marítima ou a cooperación entre garda-costas.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Carácter sectorial: poboación do sector pesqueiro e marisqueiro e da acuicultura.

Por sector pesqueiro debe entenderse que están incluídas a pesca extractiva, a acuicultura, o marisqueo.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A flota pesqueira con porto base en Galicia supón, aproximadamente, un 50 % da flota nacional e o 5,72 % da flota europea. A maioría destes barcos son de pequeno tamaño, o que implica unha grande presión sobre os recursos que viven nas augas interiores. Hai unha grande variedade de especies capturadas moitas delas cun valor económico alto, non só nas capturas realizadas en augas de competencia autonómica senón tamén nas capturadas noutras augas.

A costa galega é un lugar idóneo para a acuicultura, tanto para a produción de moluscos como para a de peixes, para o que se require a utilización de diferentes métodos de produción segundo o tipo de cultivo de que se trate e a zona onde se localice. A acuicultura mariña representa, aproximadamente, o 84,74 % da produción total española e, aproximadamente, o 31,60 % da europea. As forzas que impulsan a sostibilidade da acuicultura galega son a alta calidade dos seus produtos, as condicións oceanográficas, alén de ser unha alternativa á limitada capacidade da produción da pesca extractiva.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Regulamento (UE) nº 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 11 de decembro de 2013 sobre a Política Pesqueira Común, polo que se modifican os Regulamentos (UE) nº 1954/2003 e (CE) nº 1224/2009 do Consello, e se derrogan os Regulamentos (CE) nº 2371/2002 e (CE) nº 639/2004 do Consello e a Decisión 2007/585/CE do Consello.

Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro (DOG do 15 de decembro).

Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello do 7 de xullo de 2021 polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/1004. (DOUE do 13 de xullo de 2021).

Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de

Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os devanditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados. (DOUE de 30 de xuño de 2021).

Cadro financeiro para Galicia do Programa do FEMPA 2021-2027.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

En xeral, a través deste programa tratarase de conseguir as grandes liñas de prioridade de actuación indicadas no Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2022-2030 e. Estas son:

- Fomentar una pesca sostible.
- Fomentar unha acuicultura sostible.

Para lograr estas finalidades, preténdense poñer a disposición do sector pesqueiro as actuacións correspondentes ao novo período 2021-2027 a través do FEMPA.

Ademais a través deste programa trátase de proporcionar ao sector pesqueiro mecanismos que melloren a súa competitividade, mellorando o coñecemento sobre as artes de pesca para optimizar a súa efectividade e asesorándoo na adopción de medidas de xestión axeitadas.

Entre estes obxectivos atópanse o de por a disposición do sector ferramentas telemáticas que permitan axilizar e facilitar tanto o proceso de presentación de plans de xestión dos recursos mariños como o de aprobación pola Consellería do Mar así como o seguimento e avaliación científica dos recursos pesqueiros.

Igualmente as ferramentas telemáticas irán dirixidas á xestión administrativa que axilice a xestión dos fondos europeos para o sector pesqueiro.

Inclúe tamén medidas para a recuperación da comercialización dos recursos procedentes de zonas con potencialidade marisqueira que por diversos motivos ven minorada a súa produción. Neste marco destácase a realización de medidas en colaboración cos profesionais, dirixidas á mellora da calidade dos recursos marisqueiros que, por mor do status sanitario das augas de produción, non son aptos para unha explotación comercial rendible. Inclúese, dentro destas medidas, o fomento de reinstalación dos moluscos bivalvos procedentes de zonas de produción declaradas como clase C no litoral da Comunidade Autónoma de Galicia.

Ao abeiro do FEMPA tamén se dará cabida ás iniciativas no establecemento de novos mecanismos de xestión dos recursos, promovendo plans para rexenerar zonas improdutivas, proxectos de xestión, impulsando o coñecemento científico do medio, facilitando o asesoramento técnico na explotación ou participando no control responsable, actuacións todas elas tendentes

ao obxectivo último de acadar o desexable equilibrio entre explotación e conservación, é dicir, a explotación sustentable.

Os obxectivos deste programa permitirá acadar os obxectivos do Programa do novo período de programación 2021-2027 que, para 2025, centrarase na diminución dos efectos da pesca, investimentos para a frota pesqueira para mellora da eficiencia enerxética e condicións laborais (ambas con incremento de capacidade) e tamén sen incremento de capacidade, mellora de valor engadido, compra de buque para pescadores novos, motores, paradas temporais e innovación no sector pesqueiro. Tamén centrarase no sector acuicultor para investimentos produtivos e innovación así como tamén para neutralidade climática, sanidade e benestar animal, compensación por eventos inesperados e asesoramento todas destinadas ao sector da acuicultura.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc.)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

As mulleres desempeñan un importante papel no sector pesqueiro. Os seus oficios inclúen a pesca extractiva, o marisqueo, a acuicultura, o procesamento e a comercialización de peixe, a reparación e creación de redes, así como a administración e a xestión das empresas pesqueiras. A súa presenza nas diferentes actividades do sector pesqueiro é moi heteroxéneo.

A través do programa 723A procurarase promover a igualdade no acceso ao emprego, nas condicións de traballo e a incorporación de mulleres ás actividades de conservación, protección e sustentabilidade da explotación dos recursos mariños.

Tamén se deseñarán e construírán ferramentas informáticas para facilitar a tramitación dos plans de xestión, nas que se terá en conta adaptación das mesmas ao xénero feminino; ademais procurarase que se empregue linguaxe non sexista.

Tal e como establece o Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello do 7 de xullo de 2021 polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/1004 e o Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns relativas a varios fondos, entre eles ao FEMPA, promoverase a igualdade entre homes e mulleres, a xeneralización da consideración do xénero e a integración da perspectiva de xénero ao longo da preparación, a execución, o seguimento, a presentación de informes e a avaliación do programa do FEMPA 2021-2027.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	X
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	

Outros (especificar)	
----------------------	--

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

O marco do FEMPA e o seu Programa Operativo contempla facer unha valoración e partida da visibilidade das mulleres nas estatísticas do sector, debido a insuficiencia de datos desagregados por sexo e a ausencia de indicadores en materia de igualdade.

Durante o período de programación do FEMPA, continuarase adoptando medidas que permitan reforzar a toma de conciencia e incremento do interese das mulleres por asociarse, a nivel autonómico. Fomentarase a súa participación nas organizacións profesionais.

Tamén é unha liña estratéxica incluír ás mulleres no fomento do emprendemento, así como, establecer un marco de formación axeitado, para que sexan impulsoras da cohesión territorial en zonas altamente dependentes da pesca. Fomentarase especialmente a formación das mulleres en novas tecnoloxías I+D+i.

Concederanse axudas a entidades de interese colectivo, asociativas de profesionais do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola, co obxecto de desenvolver proxectos que melloren a capacidade produtiva das zonas improdutivas, que no caso dos bancos marisqueiros situados na zona intermareal inciden nas mariscadoras.

Continuarase coa colaboración na protección dos recursos mariños mediante operacións de salvagarda e control de acceso ás zonas de marisqueo.

Tamén se deseñarán e se construírán ferramentas informáticas para facilitar a tramitación dos plans de xestión, nas que se terá en conta a adaptación das mesmas ao xénero feminino; ademais procurarase que se empregue unha linguaxe non sexista.

Unha das ferramentas fundamentais nesta materia son os plans de igualdade.

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación publicou o Plan para a Igualdade de Xénero no Sector Pesqueiro e Acuícola 2021-2027, o cal se configura como una ferramenta de programación e orientación, tanto ás administracións pesqueiras como a los diferentes axentes sectoriais e sociais implicados na implantación da igualdade, a hora de definir as súas políticas e

accións para combater a desigualdade entre mulleres e homes no ámbito da pesca e da acuicultura.

O plan estrutúrase en torno a tres eixos prioritarios de actuación, que se dividen en 11 obxectivos estratéxicos y 43 medidas específicas. Así, a estratexia de igualdade céntrase en tres temáticas fundamentais: a consecución da plena incorporación das mulleres ao sector, a mellora das condicións laborais que afectan aos profesionais do mar e a participación efectiva das mulleres nos órganos e procesos de toma de decisión a través do reforzo do seu asociacionismo e liderado.

Esta nova planificación da continuidade ao anterior plan para o período 2015-2020 e introduce novidades como a aposta pola concentración temática e por un maior grado de concreción nas accións propostas. Na formulación dalgunhas medidas tivéronse en conta as posibilidades de financiamento del Fondo Europeo Marítimo, de la Pesca y de la Acuicultura (FEMPA) 2021-2027.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

En consonancia co artigo 9 do Regulamento 2021/1060 de Disposicións Comúns dos fondos europeos para este período é un principio horizontal a erradicación das desigualdades, o fomento da igualdade entre homes e mulleres e a integración da perspectiva de xénero, así como a loita contra a discriminación por razón de sexo, raza ou orixe étnica, relixión ou conviccións, discapacidade, idade ou orientación sexual. Este programa non deben apoiar accións que favorezan calquera tipo de segregación ou exclusión e, cando financie infraestruturas, debe garantir a accesibilidade para as persoas con discapacidade.

Por outro lado, os órganos xestores deste programa xa utilizaron o período anterior para promover a igualdade de xénero no sector. Con esta conxuntura e desde esta perspectiva, preténdese que este programa siga diminuindo a brecha de xénero entre homes e mulleres de xeito que no sector da pesca a muller teña un papel que estea en consonancia co que desenvolve actualmente na sociedade. O programa inclúe accións que poden dirixirse para promover a presenza da muller no tecido empresarial pesqueiro mediante a mellora da súa formación desde unha perspectiva empresarial ou o seu acceso á creación de empresas.

Por outra parte a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro prevé que coa mellora da conservación e xestión das zonas marisqueiras se producirá un incremento nas rendas das mulleres. Esta rendas estaban en alza ata o ano 2009, como consecuencia da crise económica estas rendas diminuíron, e a través destas actuación débense de recuperar.

Así mesmo a creación de máis zonas produtivas redundará nunha maior oferta de prazas e polo tanto no incremento de empregos.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

As diversas actuacións que se establezan co fin de executar o orzamento de 2025 terán en conta criterios que promovan a igualdade de xénero como xa aconteceu en anos anteriores, e valorarán positivamente que as empresas teñan un plan de igualdade ou a Certificación Galega de Excelencia en igualdade, de acordo ca Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia. Noutros casos, valórase a presenza de mulleres enroladas a bordo, dirixido a fomentar a presenza feminina no mundo do mar, entre outras.

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN. EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.

A principal estratexia empregada é a de incluír nos criterios de selección das operacións a subvencionar que as empresas contén cun plan de igualdade ou outras medidas que contribúan á incrementar o papel da muller no eido da pesca e, polo tanto contribúa á igualdade de xénero.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica.

Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

III.1.9. PROGRAMA 723B - REGULACIÓN DAS PRODUCIÓNS E DOS MERCADOS DA PESCA

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A cadea de comercialización de produtos pesqueiros, marisqueiros e acuícolas presenta na actualidade unha grande complexidade derivada dos profundos cambios acontecidos no sector. O desenvolvemento da loxística do transporte posibilitou un acceso global á oferta destes

produtos, eliminou as limitacións xeográficas e redebuxou o papel que os diversos actores da comercialización tiñan ata ese intre.

Por outra banda, o impacto da crise económica en todos os sectores púxose tamén de manifesto no mercado dos produtos do mar con importantes variacións nos prezos, creando tensións entre os axentes da cadea de comercialización. A COVID-19 e a guerra de Ucraína supuxeron un hándicap para todo o sector e tamén para o comercializador. Finalmente as novas esixencias dos consumidores finais veñen a completar un novo panorama no que destaca a complexidade da cadea de comercialización neste sector.

Polo tanto, unha das principais liñas a levar a cabo é o apoio ás medidas de interese público, a través do fomento de todas aquelas actividades que repercutan favorablemente na transformación e no consumo de produtos da pesca, do marisqueo e da acuicultura e polo tanto, que repercutan na mellora da súa comercialización que valoricen esta actividade.

Este programa ampara accións como a busca de novos mercados que permitan gañar cota de comercialización ás empresas, mellorar a imaxe dos produtos da pesca e da acuicultura e aplicar unha política de calidade e valorización, así como a certificación da calidade mediante a creación dunha marca referente aos produtos da pesca artesanal e do marisco, para garantir uns estándares de calidade. Igualmente, continuarase apoiando e fomentarse a mellora nos procesos de certificación de produtos pesqueiros.

Así mesmo, dentro deste programa preténdese fomentar a cultura do consumo dos produtos pesqueiros para facer fronte á crecente preocupación por parte das autoridades sanitarias sobre a dieta alimenticia da sociedade actual, e con maior preocupación cando se refire ás etapas infantil e xuvenil. Preténdense levar a cabo accións de fomento de consumo de produtos pesqueiros nas dietas infantís e xuvenís dos nenos galegos, creando ao mesmo tempo unha cultura de consumo dos produtos pesqueiros que, convén destacar, pode constituír un aporte de proteína de alta calidade e polo tanto, unha vantaxe de cara ao futuro na nosa poboación e tecido produtivo. Nestas accións de promoción e fomento, sobre todo as dirixidas á xente moza, tense en conta cada vez máis a importancia do papel das redes sociais.

Por outra banda, no relativo á trazabilidade dos produtos da pesca e da acuicultura este programa pretende desenvolver os mecanismos que aseguren un sistema coherente que permita seguir o rastro dos produtos en todas as fases das cadeas de produción, transformación e distribución.

Finalmente, as organizacións de produtores de produtos da pesca e as organizacións de produtores de produtos da acuicultura («organizacións de produtores») desempeñan unha función fundamental para garantir que os seus membros exerzan as actividades pesqueiras e de acuicultura de forma sustentable e melloren a comercialización dos produtos. Polo tanto é obxecto deste programa apoiar á creación destas entidades estratéxicas para o sector así como reforzar ás súas accións a través do apoio aos Plans de Produción e comercialización. Facer notar

que para as organizacións de produtores, a modificación do Regulamento (UE) nº 508/2014 do FEMP, incorporou cambios de cara a paliar os efectos da COVID-19.

A través deste programa trátase de atender as seguintes medidas do Programa FEMPA 2021-2027 que se atopan dentro do obxectivo específico de promover a transformación, comercialización, a calidade e o valor engadido dos produtos da pesca e da acuicultura:

- Mellora da organización do sector. Plans de produción e comercialización.
- Mellora da comercialización mediante campañas de promoción dos produtos pesqueiros e acuícolas.
- Fomento da comercialización no marco da calidade e o valor engadido dos produtos, envases e presentacións dos produtos pesqueiros e acuícolas.
- Axudas destinadas a investimentos para pemes do sector transformador dos produtos da pesca e da acuicultura.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Persoas consumidoras de produtos pesqueiros e acuícolas.

Sector da pesca, do marisqueo e da acuicultura, incluída a transformación dos produtos da pesca e da acuicultura, a súa comercialización e as actividades conexas.

Organizacións de Produtores Pesqueiros e da acuicultura.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Os prezos en primeira venda en certos produtos, aínda tendo unha tendencia xeral positiva, continúa a ser baixa. A crise económica actual derivada da pandemia covid e da subida da enerxía e dos combustibles fai que os marxes de beneficio dos produtores se vexan cada vez máis reducidos.

A presentación dos produtos frescos amosa unha escasa adecuación ás demandas que están adoptando os consumidores.

Actualmente, segue sendo escasa e pouco clarificadora a información á persoa consumidora.

No relativo aos produtos certificados, conséntase unha existencia minoritaria dos mesmos e unha dificultade, con tendencia a diminuír, na identificación de produtos ao longo da cadea comercial.

Con relación á trazabilidade dos produtos pesqueiros e acuícolas, é necesario afondar nos procesos telemáticos na procura dunha mellora da información en todos os elos da cadea comercializadora.

As Organizacións de Produtores necesitan un novo impulso que lles permita acadar os seus obxectivos.

Por outra banda é importante destacar:

- A alta calidade e seguridade dos produtos.
- A experiencia do sector.
- Importantes niveis de consumo.
- Uns bos controis sanitarios e apertura de novos mercados.

Por outra banda, a industria de transformación e comercialización dos produtos procedentes da pesca en Galicia ten un peso específico importante, pois constitúe un dos seus sectores estratéxicos. Estas industrias, que tradicionalmente forman parte do tecido socioeconómico galego, teñen que afrontar grandes retos debido ás condicións de competitividade dentro do mercado internacional.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello de 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para devanditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados.

Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello de 7 de xullo de 2021 polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/1004

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Os obxectivos deste programa preténdense lograr a través da realización das seguintes actividades:

- Programa de fomento do consumo de produtos pesqueiros frescos nas dietas infantís e xuvenís dos nenos e nenas galegos.
- Programa de fomento do consumo de produtos pesqueiros en conserva nas dietas infantís e xuvenís dos nenos e nenas galegos.
- Campañas dirixidas a mellorar a imaxe dos produtos da pesca, realización de campañas de promoción de produtos da pesca e de estudos de mercado.
- Certificación da calidade, incluída a creación de etiquetas e a certificación de produtos capturados.
- Accións de promoción e fomento das figuras de calidade diferenciada.
- Programa de mellora da trazabilidade dos produtos da pesca e da acuicultura.
- Programa dirixido á busca de novos mercados que permitan gañar cota de comercialización ás empresas.
- Axudas á creación de organizacións de produtores e asociacións de organizacións de produtores.
- Axudas aos Plans de produción e comercialización das organizacións de produtores.
- Incentivar os investimentos nos sectores da transformación e da comercialización.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc.)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Especificamente, nos procedementos de contratación dáselle preferencia ás empresas que teñan implantado un plan de igualdade ou, se é o caso, obtiveran Certificación Galega de Excelencia en igualdade, de acordo co Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade (neste caso, durante o ano natural seguinte ao da súa obtención), sempre que a súa proposición iguale nos seus termos á máis vantaxosa desde o punto de vista dos criterios obxectivos que serven de base para a adxudicación.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Redacción de materiais e documentación nos que se inclúan valores de igualdade, pluralidade de roles e corresponsabilidade entre mulleres e homes.

Na elaboración dos materiais utilizaranse termos xenéricos e fórmulas que faciliten a lectura e eviten a utilización de palabras con connotacións de xénero: linguaxe non sexista.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Todos os materiais, imaxes e documentación creados evitarán por completo calquera imaxe discriminatoria da muller, e fomentarán valores de igualdade, pluralidade de roles e corresponsabilidade entre mulleres e homes.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

Durante o ano 2024, nos procedementos de contratación e de conformidade co establecido no Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, non se produciu ningunha circunstancia de empate entre os licitadores, polo que non se aplicou a cláusula de preferencia ás empresas que teñan implantado un plan de igualdade ou, se é o caso, obtiveran a Certificación Galega de Excelencia en igualdade. Nas feiras alimentarias realizouse unha discriminación positiva a favor da muller para amosar as bondades da cociña galega, contratando preferentemente a cociñeiras.

No caso do programa de fomento do consumo de produtos pesqueiros frescos nas dietas infantís e xuvenís dos nenos e nenas galegos non é posible establecer resultados referente á igualdade de xénero, xa que logo vai dirixido á poboación escolar na que non se pode establecer esa diferenza. En todo caso os materiais editados seguen as pautas indicadas anteriormente.

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN. EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.

Ao tratarse dun programa non especificamente orientado á igualdade seguiremos a realizar actividades tendentes a fomentar valores de igualdades entre homes e mulleres. É por iso que non se implementan novas estratexias dirixidas á igualdade de xénero.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica.

III.1.10. PROGRAMA 723C - DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE DAS ZOAS DE PESCA

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Os principais retos son combater as dificultades de zonas pesqueiras do litoral marítimo entre os retos aos que debe facer fronte o programa son: Despoboamento (hoxe Galicia é fundamentalmente urbana, segundo a clasificación sobre o grao de urbanización proposta polo Instituto Galego de Estatística, en 2013 o 51,8 % da poboación vive en zonas densamente poboadas ou en zonas intermedias pero cun grao de urbanización alto), avellentamento (a maioría das zonas elixibles teñen un nivel de avellentamento moi superior á media de España, pola dispersión territorial, inestabilidade económica, propensión á degradación ambiental polo abandono do territorio, dificultades de reposición laboral ou paro e déficit de servizos públicos en relación á aparición de novas demandas nestes. As necesidades inclúen mellorar a competitividade das pequenas e medianas empresas do sector da pesca e da acuicultura, promover o emprego, promover a inclusión social reducindo a pobreza, investir en educación, na promoción da aprendizaxe permanente e o intercambio de experiencias e cooperación, promover a promoción, diferenciación e incremento do valor engadido dos produtos da pesca e da acuicultura.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Poboación das zonas pesqueiras e acuícolas seleccionadas para o desenvolvemento dunha Estratexia de Desenvolvemento Local (EDLP). Nas zonas pesqueiras e acuícolas a desenvolver unha EDLP a unidade mínima de selección serán os municipios, podendo levarse a cabo naqueles do litoral incluídos en algún grupo de acción costeira, así como os municipios de Ferrol, A Coruña, Pontevedra e Vigo polo seu nivel significativo de emprego no sector pesqueiro nos que ao tratarse de zonas urbanas densamente poboadas, contabilizarase como poboación tan só a integrante do sector pesqueiro e as súas familias. Se considerará poboación obxecto para as actividades de formación, cooperación e intercambio de experiencias a todos os/as profesionais do sector.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

O programa enmarcase no Programa para España do Fondo Europeo Marítimo de Pesca e de Acuicultura 2021-2027.

A posta en marcha das accións previstas comezaron coa publicación do Acordo de Asociación de España 2021-2027 en abril de 2022 e a elaboración do Programa proseguindo no ano 2022 coa publicación do proceso de selección dos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) para a elaboración das estratexias de desenvolvemento local participativo. No ano 2023 foi asinado o convenio de colaboración e publicada a orde de bases reguladoras das axudas.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Programa operativo 2021-2027 do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA)
- Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello do 7 de xullo de 2021 polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/1004 (DOUE do 13 de xullo de 2021).
- Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os devanditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados (DOUE de 30 de xuño de 2021).
- Prioridade 3 do FEMPA: "Permitir unha economía azul sostible nas zonas costeiras, insulares e interiores, e fomentar o desenvolvemento das comunidades pesqueiras e acuícolas".

- Este programa está enmarcado no obxectivo político 5 da Unión: Unha Europa máis próxima aos seus cidadáns, fomentando o desenvolvemento integrado e sostible de todo tipo de territorios e iniciativas locais.
- Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Promover unha economía azul sostible nas zonas costeiras e dar resposta aos desafíos concretos do desenvolvemento económico e social das comunidades das zonas de pesca, mellorar a competitividade de pequenas e medianas empresas cun enfoque importante no sector pesqueiro, sen prexuízo de que tamén se dirixan á diversificación das comunidades locais e abordar outros retos da Política Pesqueira común (PPC) como poden ser o cambio climático ou creación de emprego.

Os obxectivos deste programa preténdese lograr a través da realización das seguintes actividades:

- Convocar anualmente unha orde de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias aprobadas para o desenvolvemento local das zonas pesqueiras.
- Mellorar a competitividade de pequenas e medianas empresas.
- Promocionar os produtos da pesca e acuicultura.
- Fomento do benestar social e do patrimonio cultural e medioambiental. A súa valorización e explotación sostible.
- Mellorar a formación e promover o intercambio de experiencias e cooperación.
- Reforzo do papel das comunidades pesqueiras no desenvolvemento local e da gobernanza dos recursos pesqueiros e actividades marítimas locais.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X

Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc.)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

En todas as fases de execución do FEMPA, estableceuse como obxectivo promover a igualdade de xénero, a inclusión a igualdade de oportunidades e a non discriminación.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Promoción de proxectos por parte de mulleres vinculadas co sector da pesca.

Creación e mantemento de emprego feminino nas zonas pesqueiras.

Mellora da formación das mulleres do sector da pesca.

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN. EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.

Non se implantaron.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

IV. CADROS DE OBXECTIVOS POR PROGRAMA

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Programa: 422K ENSINANZAS PESQUEIRAS	
Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento	
Prioridade de Actuación: PA05 - Aproveitar as potencialidades de Galicia cara a un sector primario moderno e competitivo	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E05 - Mellorar a calidade e resultados do ensino relacionado coas actividades agroforestais e marítimo-pesqueiras para facilitar a incorporación ao mercado laboral e mellorar a profesionalización	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
O001 - Desenvolver os cursos e os módulos profesionais náutico e marítimo-pesqueiro nos portos e nos centros de ensino oficiais	
O002 - Impulsar accións complementarias á formación dentro do Plan Integral de Formación Marítimo-Pesqueiro de Galicia	
Indicador	Valor Previsto
P033.H - Alumnado beneficiario por bolsas. Homes	2
P033.M - Alumnado beneficiario por bolsas. Mulleres	2
P227.H - Participantes en accións de formación. Homes	1.885
P227.M - Participantes en accións de formación. Mulleres	1.845
Programa: 513A CONSTRUCCIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN PORTUARIA	
Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento	
Prioridade de Actuación: PA04 - Promover as infraestruturas produtivas e as de rede	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Asegurar que unha alta porcentaxe da poboación se sitúa a 15 minutos ou menos do acceso á rede de Vías de Altas Prestacións. Mellorar a calidade da rede viaria para aumentar a súa funcionalidade e seguridade viaria e adaptala á evolución da mobilidade e da tecnoloxía. Modernizar e mellorar as infraestruturas produtivas e de rede así coma a produtividade e desenvolvemento sostible dos portos de Galicia.	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI03 - Transferencias internas	
Programa: 514A INFRAESTRUTURAS PESQUEIRAS	
Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento	
Prioridade de Actuación: PA04 - Promover as infraestruturas produtivas e as de rede	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Asegurar que unha alta porcentaxe da poboación se sitúa a 15 minutos ou menos do acceso á rede de Vías de Altas Prestacións. Mellorar a calidade da rede viaria para aumentar a súa funcionalidade e seguridade viaria e adaptala á evolución da mobilidade e da tecnoloxía. Modernizar e mellorar as infraestruturas produtivas e de rede así coma a produtividade e desenvolvemento sostible dos portos de Galicia.	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
O013 - Mellora da calidade das instalacións portuarias e equipamentos pesqueiros	
Indicador	Valor Previsto
P00131 - Nº de portos con actuación.	50
P00135 - Proxectos en materia de infraestruturas e equipamentos en portos pesqueiros, lugares de desembarque, lonxas e fondeadore	20
Programa: 541C PROTECCIÓN, CONTROL TÉCNICO- SANITARIO DOS PRODUTOS DO MAR,MELLORA DO MEDIO NATURAL MARIÑO E SALVAMENTO MARÍTIMO	
Eixe: E2 - Eixe 2. Galicia verde e sostible	
Prioridade de Actuación: PA03 - Garantir unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, incluídos os efectos do cambio climático, e aumentar a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E03 - Deseño dunha estratexia medioambiental dotada de ferramentas para loitar contra o cambio climático e consolidación dunha estrutura de redes de observación. Aumentar a capacidade en investigación e innovación en materia de cambio climático. Sensibilización da sociedade sobre as consecuencias das súas actuacións no medio. Impulsar a gobernanza climática	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
O004 - Adquisición, calibración e mantemento de equipos das redes de observación ambiental (calidade do aire, calidade das augas, meteorolóxicos, oceanográficos...) para garantir a calidade técnica dos datos subministrados.	
O005 - Desenvolvemento de ferramentas de detección precoz relacionadas coa prevención e xestión de riscos, incorporando técnicas de Big Data e intelixencia artificial.	
O099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico	
Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento	

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Prioridade de Actuación: PA05 - Aproveitar as potencialidades de Galicia cara a un sector primario moderno e competitivo Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E04 - Potenciación da xestión sostible, eficiente e competitiva da pesca e a acuicultura que minimize os impactos do cambio climático e garanta o posicionamento actual do sector. Garantir a calidade e a seguridade alimentaria dos produtos do mar	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento) 0003 - Equilibrar as capacidades pesqueiras ás posibilidades de pesca e fomento dunha pesca e acuicultura con elevado nivel de protección do medio ambiente, sostible e que garanta a seguridade dos produtos do mar 0011 - Levar a cabo actuacións de apoio técnico relacionadas coa promoción do desenvolvemento das zonas pesqueiras 0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico	
Indicador	Valor Previsto
P00001 - Análises de control alimentario	87
P00009 - Inspeccións pesqueiras realizadas	15.500
Programa: 561A PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA	
Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento	
Prioridade de Actuación: PA01 - Mellorar as capacidades de investigación e innovación e a adopción de tecnoloxías avanzadas Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Fomentar o investimento en I+D+i no sector empresarial, dinamizar a transferencia de coñecemento ao mercado reforzando a colaboración entre os axentes do ecosistema de I+D+i, avanzar na especialización a través da priorización en ámbitos estratéxicos para Galicia, impulsando o liderado empresarial, especialmente das PEMEs, na transformación das ideas innovadoras en produtos e servizos de alto valor engadido, xeradores de crecemento, emprego e benestar. Apoiar o talento emprendedor en todos os ei	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento) 0008 - Actividades de I+D+i no sector primario (agro gandeiro, forestal, minería, pesca e acuicultura)	
Indicador	Valor Previsto
P00102 - Investimento público mobilizado en proxectos de I+D+i	716.260
P00213 - Número de proxectos financiados no eido da explotación dos recursos mariños vivos.	10
P0076A - Entidades beneficiadas en proxectos de I+D+i	10
Programa: 721A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE POLÍTICAS PESQUEIRAS	
Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento	
Prioridade de Actuación: PA05 - Aproveitar as potencialidades de Galicia cara a un sector primario moderno e competitivo Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E04 - Potenciación da xestión sostible, eficiente e competitiva da pesca e a acuicultura que minimize os impactos do cambio climático e garanta o posicionamento actual do sector. Garantir a calidade e a seguridade alimentaria dos produtos do mar	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento) OI03 - Transferencias internas 0009 - Cooperación e intercambio de experiencias, promoción do patrimonio e dos produtos da pesca e acuicultura, dinamización, mellora da competitividade empresarial e en xeral, para promover o desenvolvemento local das zonas pesqueiras	
Programa: 722A PROMOCIÓN SOCIAL E DIVULGACIÓN DA TECNOLOXÍA PESQUEIRA.	
Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento	
Prioridade de Actuación: PA05 - Aproveitar as potencialidades de Galicia cara a un sector primario moderno e competitivo Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E04 - Potenciación da xestión sostible, eficiente e competitiva da pesca e a acuicultura que minimize os impactos do cambio climático e garanta o posicionamento actual do sector. Garantir a calidade e a seguridade alimentaria dos produtos do mar	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento) 0001 - Apoio e asistencia técnica ás organizacións sectoriais. 0005 - Apoiar a consolidación do desenvolvemento tecnolóxico, a innovación, incluída a transferencia de coñecemento. 0009 - Cooperación e intercambio de experiencias, promoción do patrimonio e dos produtos da pesca e acuicultura, dinamización, mellora da competitividade empresarial e en xeral, para promover o desenvolvemento local das zonas pesqueiras	

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico		
	Indicador	Valor Previsto
P0045N - Axudas concedidas a entidades do sector pesqueiro		
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E05 - Mellorar a calidade e resultados do ensino relacionado coas actividades agroforestais e marítimo-pesqueiras para facilitar a incorporación ao mercado laboral e mellorar a profesionalización		
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental		
0001 - Desenvolver os cursos e os módulos profesionais náutico e marítimo-pesqueiro nos portos e nos centros de ensino oficiais		
Programa: 723A COMPETITIV. E MELLORA DA CALIDADE DA PROD. PESQUEIRA E DA ACUICULTURA		
Eixe: E2 - Eixe 2. Galicia verde e sostible		
Prioridade de Actuación: PA01 - Fomento dunha economía baixa en carbono baseada en fontes de enerxía máis limpas e menos agresivas co medio ambiente, dando prioridade as fontes de enerxía renovables. Potenciar a eficiencia enerxética en todos os sectores: público, industrial e doméstico		
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Mellorar a eficiencia enerxética na edificación, nas infraestruturas e servizos públicos. Avanzar na avaliación e mellora da eficiencia enerxética das empresas, incidindo no que atinxe á intensidade enerxética		
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental		
0001 - Promoción de proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas empresas, administración e particulares. Apoio á realización de auditorías enerxéticas e a implementación de equipos de medida e monitorización de consumos enerxéticos que contribúan a unha mellor diagnose e unha mellor da xestión da enerxía nos distintos ámbitos de consumo.		
Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento		
Prioridade de Actuación: PA01 - Mellorar as capacidades de investigación e innovación e a adopción de tecnoloxías avanzadas		
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Fomentar o investimento en I+D+i no sector empresarial, dinamizar a transferencia de coñecemento ao mercado reforzando a colaboración entre os axentes do ecosistema de I+D+i, avanzar na especialización a través da priorización en ámbitos estratéxicos para Galicia, impulsando o liderado empresarial, especialmente das PEMEs, na transformación das ideas innovadoras en produtos e servizos de alto valor engadido, xeradores de crecemento, emprego e benestar. Apoiar o talento emprendedor en todos os ei		
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental		
0008 - Actividades de I+D+i no sector primario (agro gandeiro, forestal, minería, pesca e acuicultura)		
	Indicador	Valor Previsto
P00213 - Número de proxectos financiados no eido da explotación dos recursos mariños vivos.		
Prioridade de Actuación: PA05 - Aproveitar as potencialidades de Galicia cara a un sector primario moderno e competitivo		
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E04 - Potenciación da xestión sostible, eficiente e competitiva da pesca e a acuicultura que minimize os impactos do cambio climático e garanta o posicionamento actual do sector. Garantir a calidade e a seguridade alimentaria dos produtos do mar		
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental		
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)		
0001 - Apoio e asistencia técnica ás organizacións sectoriais.		
0002 - Mellora das condicións laborais e de seguridade na pesca		
0003 - Equilibrar as capacidades pesqueiras ás posibilidades de pesca e fomento dunha pesca e acuicultura con elevado nivel de protección do medio ambiente, sostible e que garanta a seguridade dos produtos do mar		
0004 - Fomentar a competitividade e viabilidade das empresas do sector da pesca e acuicultura.		
0005 - Apoiar a consolidación do desenvolvemento tecnolóxico, a innovación, incluída a transferencia de coñecemento.		
0006 - Protección e restauración da biodiversidade acuática e a potenciación dos ecosistemas e fomento dunha acuicultura eficiente		
0008 - Mellorar a organización dos mercados dos produtos da pesca e da acuicultura.		
0011 - Levar a cabo actuacións de apoio técnico relacionadas coa promoción do desenvolvemento das zonas pesqueiras		
0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico		
	Indicador	Valor Previsto
P00339 - Proxectos de apoio á xestión de recursos		
P00340 - Proxectos de mellora de capacidade produtiva		
P0045H - Axudas concedidas ao sector pesqueiro e acuícola		
P0045N - Axudas concedidas a entidades do sector pesqueiro		

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Programa: 723B REGULACIÓN DAS PRODUCCIÓN E DOS MERCADOS DA PESCA		
Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento		
Prioridade de Actuación: PA05 - Aproveitar as potencialidades de Galicia cara a un sector primario moderno e competitivo		
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E04 - Potenciación da xestión sostible, eficiente e competitiva da pesca e a acuicultura que minimize os impactos do cambio climático e garanta o posicionamento actual do sector. Garantir a calidade e a seguridade alimentaria dos produtos do mar		
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental		
0007 - Incentivación dos investimentos nos sectores da transformación e a comercialización.		
0008 - Mellorar a organización dos mercados dos produtos da pesca e da acuicultura.		
	Indicador	Valor Previsto
	P00340 - Proxectos de mellora de capacidade produtiva	11
	P0045H - Axudas concedidas ao sector pesqueiro e acuícola	165
Programa: 723C DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE DAS ZOAS DE PESCA		
Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento		
Prioridade de Actuación: PA05 - Aproveitar as potencialidades de Galicia cara a un sector primario moderno e competitivo		
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E04 - Potenciación da xestión sostible, eficiente e competitiva da pesca e a acuicultura que minimize os impactos do cambio climático e garanta o posicionamento actual do sector. Garantir a calidade e a seguridade alimentaria dos produtos do mar		
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental		
0009 - Cooperación e intercambio de experiencias, promoción do patrimonio e dos produtos da pesca e acuicultura, dinamización, mellora da competitividade empresarial e en xeral, para promover o desenvolvemento local das zonas pesqueiras		
0010 - Posta en marcha de iniciativas participativas para a recollida de residuos nas zonas costeiras		
0011 - Levar a cabo actuacións de apoio técnico relacionadas coa promoción do desenvolvemento das zonas pesqueiras		

V. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

Programas	Servizos				
	01	02	03	A1	Total
422K-Ensinanzas pesqueiras	7.942		3.371		11.313
513A-Construción, conservación e explotación portuaria	12.292				12.292
514A-Infraestruturas pesqueiras			11.150		11.150
541C-Protección, control técnico-sanitario dos produtos do mar, mellora do medio natural mariño e salvamento marítimo	30.697			5.342	36.039
561A-Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica	4.771		1.394	1	6.167
721A-Dirección e servizos xerais de políticas pesqueiras	12.242				12.242
722A-Promoción social e divulgación da tecnoloxía pesqueira	2.416		1.003		3.419
723A-Competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura	3.404	48.969	14.371		66.745
723B-Regulación das producións e dos mercados da pesca		40.993			40.993
723C-Desenvolvemento sostible das zoas de pesca			20.420		20.420
Total	73.765	89.963	51.709	5.343	220.780

(Orzamento axustado)(Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

Programas	Capítulos					
	I	II	IV	VI	VII	Total
422K-Ensinanzas pesqueiras	7.942	1.461	47	1.013	850	11.313
513A-Construción, conservación e explotación portuaria					12.292	12.292
514A-Infraestruturas pesqueiras				350	10.800	11.150
541C-Protección, control técnico-sanitario dos produtos do mar, mellora do medio natural mariño e salvamento marítimo	15.349	988		19.702		36.039
561A-Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica	3.455	313	78	1.005	1.316	6.167
721A-Dirección e servizos xerais de políticas pesqueiras	8.199	1.594	814	1.630	6	12.242
722A-Promoción social e divulgación da tecnoloxía pesqueira	2.416		483	372	148	3.419
723A-Competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura	4.696	20		15.930	46.099	66.745
723B-Regulación das producións e dos mercados da pesca			65	20.414	20.514	40.993
723C-Desenvolvemento sostible das zoas de pesca				20	20.400	20.420
Total	42.057	4.375	1.487	60.436	112.426	220.780

(Orzamento axustado)(Miles de Euros)

DISTRIBUCIÓN ORGÁNICA

01 SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	36.610	37.970	3,7
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	1.743	1.837	5,4
Cap. IV - Transferencias correntes	788	814	3,2
Cap. VI - Investimentos reais	19.530	19.530	0,0
Cap. VII - Transferencias de capital	13.219	13.614	3,0
Total	71.890	73.765	2,6

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

02 DIRECCIÓN XERAL DE PESCA, ACUICULTURA E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	456	800	75,3
Cap. IV - Transferencias correntes	40	65	62,5
Cap. VI - Investimentos reais	20.991	31.835	51,7
Cap. VII - Transferencias de capital	66.117	57.263	-13,4
Total	87.605	89.963	2,7

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

03 DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	0	492	0,0
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	1.732	1.793	3,6
Cap. IV - Transferencias correntes	544	608	11,7
Cap. VI - Investimentos reais	8.237	7.269	-11,8
Cap. VII - Transferencias de capital	39.637	41.548	4,8
Total	50.150	51.709	3,1

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

A1 INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	2.707	2.795	3,2
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	745	745	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	1.683	1.803	7,1
Total	5.135	5.343	4,0

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

SERVIZOS	2024	2025	% Var.
01 SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	71.890	73.765	2,6
02 DIRECCIÓN XERAL DE PESCA, ACUICULTURA E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA	87.605	89.963	2,7
03 DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO	50.150	51.709	3,1
A1 INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA	5.135	5.343	4,0
Total	214.780	220.780	2,8

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

Consellería, Organismos Autónomos, Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento e Axencias Públicas Autónomas

	Consellería		00.AA , EE.CC.AA. e Axencias		Trans. Internas		Consolidado	
	2024	2025	2024	2025	2024	2025	2024	2025
Cap. I - Gastos de persoal	37.066	39.262	0	2.795	0	0	0	42.057
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	3.474	3.630	0	745	0	0	0	4.375
Cap. IV - Transferencias correntes	4.745	4.939	0	0	0	3.453	0	1.487
OPERACIÓNS CORRENTES	45.286	47.831	0	3.540	0	3.453	0	47.918
Cap. VI - Investimentos reais	48.758	58.633	0	1.803	0	0	0	60.436
Cap. VII - Transferencias de capital	120.657	114.228	0	0	0	1.803	0	112.426
OPERACIÓNS DE CAPITAL	169.415	172.861	0	1.803	0	1.803	0	172.861
Total	214.701	220.693	0	5.343	0	5.256	0	220.780

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

Medios Persoais

Cons. Mar	2025
Altos Cargos	4
Persoal Funcionario	681
Subgrupo A1	242
Subgrupo A2	157
Subgrupo C1	167
Subgrupo C2	61
Agrupacións profesionais	54
Persoal Laboral	101
Grupo I	6
Grupo II	5
Grupo III	42
Grupo IV	29
Grupo V	19
TOTAL	786

Medios Persoais

Inst. Tecnolóxico control do medio mariño	2025
Altos Cargos	1
Persoal Laboral	55
Grupo I	20
Grupo III	18
Grupo IV	17
TOTAL	56

Entidades Públicas Empresariais, Consorcios, Sociedades Mercantís e Fundacións do Sector Público Autónomo

Entidades públicas empresarias	Explotación	Capital
Portos de Galicia	20.450	14.604
Fundacións do sector público autónomo	Explotación	
Fundación Centro Tecnolóxico do Mar	4.476	
Total	24.926	14.604

(Miles de Euros)

